Boletín da Real Academia Galega



Antonio Fraguas Fraguas

NÚMERO 380 | A CORUÑA | ANO 2019

Boletín da Real Academia Galega



NÚMERO 380 | A CORUÑA | ANO 2019

Boletín da Real Academia Galega

Consello de Redacción:
Víctor Fernández Freixanes
Henrique Monteagudo
Marilar Aleixandre
Fina Casalderrey
Andrés Torres Queiruga

Secretaria técnica:
Nélida Cosme

Editoras científicas:
Marilar Aleixandre
Fina Casalderrey

Edita:
Real Academia Galega

https://doi.org/10.32766/brag.380

Foto cuberta:
Museo do Pobo Galego

Deseño:
Xosé Díaz / Imago Mundi

Maquetación:
Real Academia Galega

ISSN: 1576 - 8767
ISSN-e: 2605 - 1680
Depósito Legal: C-743/2000

© REAL ACADEMIA GALEGA

Rúa Tabernas, 11
Apartado 557
15001 A CORUÑA
Tlf. 981 20 73 08

www.academia.gal
publicacions@academia.gal

REAL ACADEMIA GALEGA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

COMITÉ CIENTÍFICO

Fernando Bouza Álvarez	Universidade Complutense- Madrid
Isabel Burdiel	Universidade de Valencia
Jose V. Capela	Universidade do Minho
Ivo Castro	Universidade de Lisboa
Fernando Devoto	Universidade de Buenos Aires
Pilar García Negro	Universidade da Coruña
Javier Gómez Montero	Universidade de Kiel
Taina Hämäläinen	Universidade de Helsinki
Johannes Kabatek	Universidade de Zürich
Take Kazu Asaka	Universidade Tsudajuku de Toquio
Xabier Kintana	Euskaltzaindia / Real Academia de la Lengua Vasca
Rosa María Lojo	Universidade del Salvador / Universidade de Buenos Aires
Arcadio López-Casanova	Universidade de Valencia
Basilio Losada	Universidade de Barcelona
Ana M.ª Martins	Universidade de Lisboa
Marina Mayoral	Universidade Autónoma de Madrid
Miriam Halpern Pereira	ISTCE- Instituto Universitário de Lisboa
Gabriel Rei Doval	Universidade de Wisconsin-Milwaukee
Borja de Riquer	Universidade Autónoma de Barcelona
Guillermo Rojo	Real Academia Española / Universidade de Santiago de Compostela
John Rutherford	Universidade de Oxford
Joan Veny	Institut d'Estudis Catalans / Termcat
Darío Villanueva Prieto	Real Academia Española / Universidade de Santiago de Compostela
Helena Zernova	Universidade de San Petesburgo

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, p. 5-6
© 2019. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680

LIMIAR

Unha vez máis a celebración do Día das Letras, e, sobre todo a elección do persoeiro a quen a Real Academia Galega dedica a onomástica, conforman a base de traballos que reunimos nestas páxinas. Cando o plenario da RAG escolle a figura homenaxeada a corporación ten en conta por unha banda a biografía da persoa elixida, xunto coa calidade da súa obra, e por outra banda a súa proxección ou significación social: o que esa figura ou esa obra representa nun momento determinado.

Cada vez é máis participativa a celebración do Día das Letras. O que nos primeiros anos, dende 1963, era un acto case exclusivamente académico, hoxe é un acontecemento social, con extraordinaria capacidade de mobilización, que atinxe practicamente todo o ano. Xa non falamos do Día das Letras Galegas senón do Ano dedicado a unha personalidade ou unha obra, neste caso a personalidade e a obra de Antonio Fraguas (Insuela, Loureiro de Cotobade, 1905 - Santiago de Compostela, 1999).

Un neno da aldea. Así se definía a si mesmo cando, en 1919 e ata 1924, cursaba estudos de bacharelato no Instituto de Pontevedra. Un neno nacido e criado na aldea, fillo ademais da emigración. O seu pai Manuel Fraguas Rodríguez, canteiro de oficio, foi un de tantos galegos que nos primeiros anos do século XX buscaron nas Américas unha saída económica para si e para os seus, neste caso no Estado de Rio Janeiro (Brasil), na vila de Niteroi, traballando na construción do ferrocarril. Cos diñeiros de don Manuel, a vontade da súa nai Tereixa e mais da que el chamaba "mamá Antonia", unha muller que servía na casa e que contribuíu de xeito moi determinante á formación emocional primeira do neno Antonio: contos populares, lendas, historias do lugar, tradicións, cantigas…, forxouse a personalidade daquel rapaz que, especialmente dotado para os estudos, coñeceu nas aulas pontevedresas algunhas das grandes figuras do galeguismo da época: Antón Lousada Diéguez, Castelao…, ou relacionadas coa cultura e a estima da lingua galega: Alfredo de la Iglesia…

Nos traballos que constitúen o núcleo do *Boletín* fálase demoradamente da traxectoria biográfica de Antonio Fraguas: os seus primeiros estudos, fortemente enraizados na Galicia rural daquel tempo, a formación académica posterior, ou o seu interese dende o primeiro momento polo coñecemento e a dignificación dos vencellos populares que conforman o patrimonio histórico da nosa cultura, tamén da nosa lingua. Cando a RAG elixiu a figura e a obra de Antonio Fraguas

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 5-6
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

propoñía á sociedade galega non só unha biografía, que exemplifica unha parte importante do galeguismo do século XX, senón un campo de estudo moi específico: as esencias da cultura rural, a cultura popular, a memoria histórica do pasado, o patrimonio que explica o que arestora somos (tanto no aspecto material coma no inmaterial).

Na personalidade de Fraguas conflúen aspectos moi diversos. Tanto nas alocucións académicas do 17 de maio, que se pronunciaron na carballeira de Famelga, en Cotobade, diante da escola rural na que o neno dera os primeiros pasos para descubrir o mundo, como nas intervencións máis especializadas do Simposio que se celebrou contra finais do mes de novembro na Coruña (sede da Real Academia Galega) e en Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego), contando asemade coa participación do Consello da Cultura Galega, abordouse esa diversidade: a súa dimensión docente, que deixou pegada en varias xeracións, os traballos como etnógrafo, arqueólogo, xeógrafo, historiador, investigador e, ao mesmo tempo, publicista divulgador en libros e publicacións diversas, referencia obrigada na creación e consolidación de institucións como o Museo do Pobo Galego, un dos seus grandes soños, que presidiu ata o seu falecemento, sen esquecer o seu carácter afable, incluso e conciliador.

O *Boletín* 380 inclúe outras achegas de interese relacionadas coa memoria histórica das nosas letras. No ano 2019 cumpríronse sete décadas da aparición en Pontevedra do primeiro título da colección de poesía Benito Soto, unha iniciativa precursora e, en certa medida, rupturista do espazo editorial galego (en lingua galega) fortemente condicionado pola ditadura resultante da guerra civil. No catalogo de colección, breve pero intenso, podemos acceder a títulos de Manuel María, Álvaro Cunqueiro, os irmáns Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, Ricardo Carballo Calero, Luís Pimentel…, entre outros, títulos que nalgúns casos levaban tempo agochados e noutros casos foron incentivados polos directores da colección: Sabino Torres, Álvarez Negreira, Cuña Novas e Celso Emilio Ferreiro. A conmemoración celebrouse no Museo de Pontevedra. Cumpría facelo.

Completan este número dous traballos de estudo e investigación: un de carácter lingüístico-literario, centrado no cambio lingüístico no galego-portugués nos séculos XIII e XIV (Henrique Monteagudo) e outro de carácter crítico-literario no que Juan Félix Neira descobre e comenta un poema inédito de Eduardo Pondal.

VFF

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 5-6
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

I

Simposio Antonio Fraguas



Antonio Fraguas Fraguas / Museo do Pobo Galego

I

Simposio Antonio Fraguas

Antonio Fraguas na cultura galega

Antonio Fraguas, de Insuela á Real Academia Galega /
/ María Xosé Fernández Cerviño

A Galicia máxica de don Antonio Fraguas /
/ Antonio Reigosa Carreiras

A paisaxe na obra de Antonio Fraguas /
/ Francisco Díaz-Fierros Viqueira

A xeografía e o seu ensino antes e despois de Antonio Fraguas

Os estudos de xeografía na primeira metade do s. xx en Galicia /
/ Francisco R. Durán Villa

A xeografía de Galiza con e após Fraguas /
/ Valerià Paül Carril

Antonio Fraguas. O profesor / Camiño Noia Campos

A arqueoloxía galega antes e despois de Antonio Fraguas

Os antecedentes e o papel de Fraguas
na arqueoloxía do Seminario de Estudos Galegos /
/ Francisco Calo Lourido

Fraguas e a arqueoloxía galega na segunda metade do s. xx /
/ Felipe Arias Vila

A etnografía antes e despois de Antonio Fraguas

A Galicia de Fraguas / Manuel Mandianes Castro

Antonio Fraguas, etnógrafo / Clodio González Pérez

Etnografía e antropoloxía no contexto galego do século XXI. Situación e perspectivas de futuro

Antropoloxía(s) en Galiza na actualidade /
/ Cristina Sánchez-Carretero

A patrimonialización e a musealización
dos bens etnográficos en Galicia.
Pasado, presente e porvir /
/ Xosé Carlos Sierra Rodríguez

Os vínculos entre as antropologias galega e portuguesa:
perspetivas para a colaboração no século XXI /
/ Xerardo Pereiro

Antonio Fraguas na cultura galega

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 13-22
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.757

ANTONIO FRAGUAS, DE INSUELA Á REAL ACADEMIA GALEGA

ANTONIO FRAGUAS, FROM INSUELA TO THE ROYAL GALICIAN ACADEMY

María Xosé Fernández Cerviño
Museo do Pobo Galego

Resumo: Como chega un rapaz da aldea a ser membro dunha institución académica? A senda que conduciu a Antonio Fraguas desde o seu lugar nativo no concello pontevedrés de Cotobade á cadeira que Castelao deixara vacante na Real Academia Galega é un modelo de tesón, de humildade e de fidelidade á terra e á cultura que vai impregnando o espírito dun home desde o berce.

Abstract: How does a village boy become a member of an academic institution? The path that led Antonio Fraguas from his native place in the council of Cotobade (Pontevedra) to the chair left vacant in the Royal Galician Academy by Castelao is a model of determination, humility and loyalty to the land and to the culture that permeates the spirit of a man from the cradle.

Palabras chave: Antonio Fraguas, Cotobade, cantigueiro, Real Academia Galega, ruada.

Key words: Antonio Fraguas, Cotobade, *cantigueiro*, Royal Galician Academy, spree.

Agora que estamos por dar cabo ao ano elixido pola Real Academia Galega para rememorar a figura e a obra de don Antonio Fraguas, despois de tantas homenaxes e publicacións que desde todos os sectores, oficiais e civís, se lle levan dedicado, apenas será necesario lembrar algunhas referencias básicas para perfilar a súa biografía: o nacemento en Insuela, parroquia de Santiago de Loureiro, Cotobade, o 28 de decembro de 1905; o bacharelato en Pontevedra, onde tivo a fortuna de contar con profesores como Losada Diéguez e Castelao, que resultarían de influencia decisiva na súa traxectoria; a licenciatura en Compostela e

a vinculación ao Seminario de Estudos Galegos, ás Irmandades da Fala e ao Partido Galeguista; as conseguintes represalias cando se produciu a rebelión militar de xullo de 1936; a etapa de ostracismo interior e a súa vindicación en 1950; os nove anos de docencia en Lugo e os seguintes vinte e seis en Compostela, ata a xubilación en 1975; e cinco lustros máis de fecunda actividade e de recolleita dos froitos do seu labor en forma de recoñecementos, premios e condecoracións que lle foron atribuídos desde os sectores máis diversos, ata o seu falecemento o 5 de novembro de 1999. No longo periplo que o conduciu desde o berce na aldea pontevedresa ata a tumba do cemiterio compostelán de Boisaca onde lembramos o 20° cabodano do seu pasamento, desenvolveuse un frutífero itinerario vital no que compartiu sesenta e catro anos con Teresa Martínez Magariños e no que o noso protagonista foi deixando, alí por onde pasou, unha imaxe de persoa amable, intelixente, leal e benemérita.

A BONDADE ESENCIAL

Tense dito e repetido de forma anecdótica que, nacendo o día dos Inocentes, o carácter de Antonio Fraguas estaba marcado. Non está claro que el o asumira sen máis porque nas súas notas persoais deixa dito que, segundo escribira seu tío Santiago Ogando nun cartón que estivo cravado na súa habitación, "El niño Antonio Fraguas Fraguas nació a la una de la mañana el día 29 de Diciembre de 1905". A discrepancia non é relevante, pero é unha mostra do puntilloso que era o noso personaxe respecto aos seus sinais de identidade, igual que fixo sempre co seu nome; aínda que asinou algúns traballos como Antón Fraguas, e mesmo o usaba como hipocorístico na correspondencia, sempre aclaraba que o seu padroeiro era santo Antonio de Padua ou de Lisboa, e o seu apelativo familiar invariable foi ese, Antonio.

Hai dous aspectos da biografía dos seus primeiros anos nos que poden atoparse trazos precursores do seu destino: a tradición oral e a xeografía. Cun pai emigrado no Brasil, ao que non coñeceu ata os sete anos cumpridos, criouse como fillo único nun ambiente feminino, entre súa nai Teresa Fraguas, a avoa paterna Goriña Rodríguez, que vivía no lugar próximo da Costa, da mesma parroquia, e a criada da casa, Antonia Pérez Estraviz, mamá Antonia, que era como da familia, unha muller que "non sabía ler nin escribir pero tiña unha memoria feliz e sabía cantigas, refráns, ditos, oracións, contos e lendas que eu aprendín". As primeiras letras aprendeunas nun silabario que a nai mercara, e na correspondencia de seu pai albiscou nocións incipientes do ancho mundo na xeografía da construción do ferrocarril brasileiro.

Desde alí, Manuel Fraguas insistía en que a nai mandase o neno á escola en canto fose posible. O mestre da Costa –"home canijo, Don Celestino Veiga que

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 13-22
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

axiña casaría coa miña tía María irmá de meu pai díxolle que tiña moito apuro"– terminou por aceptalo cando aínda non fixera os seis anos, dando inicio unha etapa escolar que non foi feliz, pola incompetencia e rudeza do mestre:

> había días que lataba, quedaba mirando como un paxariño ía dar de comer ós paxariños pequenos. […] Faltar era librarse da malleira, pois sen razón ningunha mallábanos coa regra que eu marchei da escola estimando sempre que a regra era instrumento de castigo.

Máis adiante relata que desde o seu posto ocasional a única vez que asistiu á efémera escola que puxera o crego da parroquia,

> por unha fenestra vía as polas con verdes follas que se movían compasadamente. […] Atraído polo feitizo da brisa deixaba a monótona lectura e disfrutaba vendo aquel inquedo vaivén. O crego dixo en voz alta: Antonio lee. Con respectuoso acatamento reanudei a miña lectura pero a gracia do castiñeiro era poderosa e gardei novo silencio.

O lugar de Insuela ten tres barrios ou quinteiros. No de Baixo, no número 3, está o fogar natal de Antonio. Nas lembranzas da súa infancia conviven os recordos doces e agres. Todas eran casas labregas e tiñan na horta, entre cebolas, repolos e verzas, rosas e flores. Participaba, como calquera outro rapaz, nos traballos da casa e camiño do muíño da Ponte iría contemplando aquelas flores que, como veremos, se imprimiron de forma indeleble na súa memoria. Alternaban estas ledicias coa tristura de ser un fillo único que, na súa soidade, fantasiaba coa idea de "ter un paraugas vello pra abrilo e falar eu ao lado dicíndolle onde loitaban as vacas no Monte Calvo". Tamén evoca as

> horas tristes polas trasnadas que me facían os outros collendo os paxaros en niños que eu topara. Eu nunca lle fixen a eles ningunha trasnada [...] Eu comprendía que a falsidade era pra min unha parvada e endexamais pensei na vinganza.

No Quinteiro do Medio, próximo á súa casa, estaba xogando aos acochos unha noitiña de 1913 cando o viñeron chamar para anunciarlle que chegara o pai e que o fose coñecer. O retorno de Manuel supuxo un cambio radical na vida cotiá. Pareceulle home serio, mesmo severo, moi preocupado polo seu aproveitamento escolar. O primeiro coidado foi, como era natural nun canteiro que xuntara algúns cartos na emigración, transformar a casa, que mellorou considerablemente en

amplitude e comodidade. Pero, aos poucos anos, o afán por recuperar as ganancias do traballo no Brasil fíxolle pensar en volver para alá, levando a familia canda si.

Por entón, un profesor despedido da escola de Covelo puxera escola en Famelga. Cando Antonio o coñeceu, un domingo despois da misa, pareceulle locuaz e instruído e interesáronlle moito as cousas que contaba: como se transmitía o son da campá, como chegara á torre a semente dunha silveira, cousas das que na Costa nunca lle falaran e que estimularon a súa natural curiosidade. Por iso lle pediu ao pai que o deixara ir á nova escola os meses que faltaban para marchar. Alí abríuselle unha luminosa fiestra de coñecemento e xa non perdeu o interese por aprender, foi adiantando postos na aula e chegou un día en que o mestre lle dixo:

> — Dile a tu padre que venga a hablar conmigo.
> Meu pai moi asustado preguntoume:
> — E logo ti, que fixeches?
> — Nada, respondín eu.
> Meu pai tiña tal susenia, que non durmiu ren, cavilando no que faría eu. Moi cedo foi a Famelga e don Antonio díxolle:
> — Señor Fraguas: no se marche con el chico, dele usted una carrerita.
> A resposta de meu pai, foi a verdade: Non temos medios económicos. Don Antonio, gaboume moito e díxolle que a carreira custaría pouco, e doulle unha explicación de como faría a carreira de mestre comenzando polo bacharelato e pasando o maxisterio. Cando chegou a casa e cando contou o de darme unha carreira, miña nai dixo:
> — Ai, pois, si.
> Eu levei o recado:
> — Mire, se ve que vallo para o estudio que quedo e senón vou pró Brasil.

Grazas á suxestión do mestre e á decisión da nai, o pai desistiu da nova emigración para lle dar estudos ao fillo.

O ESPERTAR DO IDEAL

O 14 de abril de 1919 Antonio Fraguas Fraguas, de 13 anos, dirixe unha instancia ao director do Instituto General y Técnico de Pontevedra solicitando ser admitido, por libre, ao exame de ingreso na convocatoria de xuño. Aproba o primeiro curso e en setembro o segundo; de terceiro matricúlase xa por oficial. Vémolo nas fotos de grupo como un mozote, máis vello ca a maioría dos seus condiscípulos, entre os que era alcumado "o da aldea", cousa que, segundo declara, nunca o anoxou. Os seus dotes intelectuais fixeron que gañase a estima dos seus profesores

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 13-22
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

e compañeiros, e mesmo é posible que o seu coñecemento das plantas e os minerais, inherente á crianza rural e á familiaridade coa cantería, lle procurase certo predicamento entre os seus condiscípulos urbanos. Con Sebastián González García-Paz había compartir máis tarde o itinerario na Universidade de Santiago e só se separarían cando este, concelleiro polo Partido Galeguista en Compostela, tivo que exiliarse en 1936. A Sebastián débeselle, probablemente, o impulso que levou á fundación da Sociedade da Lingua, de vida efémera naqueles tempos inquedos da ditadura de Primo de Rivera. Don Antonio relata así este episodio:

> O grupo de amigos que nos xuntabamos pra buscar minerais acordamos fundar a Sociedade da Lingua sen saber que en Santiago fundaban o Seminario de Estudos Galegos. Tiñamos unha insignia, un triángulo de prata con tres letras, S. da L. Tiñamos certo segredo pero don Antonio Losada preguntou a un se era algo deportivo polo seu espírito deportivista e ao dicirlle que un grupo de individuos preocupados polos estudios das cousas galegas, e ao saber tal cousa díxolle que había que recoller todo o que se estaba perdendo. O que queriamos era facer un Diccionario galego, os escudos de Pontevedra, comenzáramos cun debuxo bastante ben feito do mellor escudo de Pontevedra e dous máis; pero como alguén dixo que ter o debuxo era pra matar os da casa, os debuxos foron queimados e a insignia foi pola alcantarilla.

SABER E COMPRENDER AO SERVIZO DE GALICIA

A chegada a Compostela, en setembro de 1924, abriulle un mundo de novas expectativas. Estaba entusiasmado cos estudos, que seguía con aproveitamento, como todas as oportunidades que se lle presentaron de irse introducindo da man dos seus profesores nas bibliotecas e na investigación. Era un estudante de recursos modestos que achegaba algunhas pesetas vendendo os seus pulcros apuntes de fonética, e así puido adquirir a anhelada *Historia de la S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela*, de López Ferreiro. Remata a carreira puntualmente en 1928, simultaneando os cursos co servizo militar e, sobre todo, coa adhesión ás actividades do Seminario de Estudos Galegos (SEG), no que ingresa como socio en novembro seguinte. O contacto asiduo con Cuevillas, Risco e Pedrayo, e o traballo en fraternal colaboración con Sebastián González e Xaquín Lorenzo foron elementos definitivos para a configuración da súa ulterior traxectoria intelectual.

Ao ano seguinte de ingresar no SEG aparece n'*A Nosa Terra* –subtitulada "Idearium das Irmandades da Fala"– a súa primeira peza literaria: "Unha serán na catedral" (1929). Cómpre subliñar o de literaria porque na súa extensa bibliografía non imos atopar moitas obras desta índole. Aínda que comeza como unha

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 13-22
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

narración directa das súas frecuentes visitas á basílica xacobea, temos a sensación de que logo se abre paso a evocación dos versos de Rosalía cando se pregunta pola natureza dos personaxes do Pórtico da Gloria. Nesta breve crónica ou relato, con humor e devoción aparellados, van cobrando vida, primeiro, o rei David que, por un momento, deixa de tocar provocando a alarma dos pobres esmoleiros da porta das Praterías, e continuando polos profetas e apóstolos aqueloutrados polas palabras de certo rapaz atrevido que ten que ser reprendido polo mestre Mateo para que deixe de dicir disparates. Por fin volve a calma e "David continúa tocando na viola con mais ledicia, ollando chegar logo o día da redenzón en que âs portas da eirexa compostelán ouvirase o Himno da Nosa Terra".

Xunto ao retorno periódico a Insuela, as estadías no lugar de San Miguel de Armeses, parroquia de Listanco, no concello ourensán de Maside, de onde era natural súa nai, contribuíron a afianzar o seu interese innato polo mundo rural e a cultura do pobo, ata o punto de que un dos seus primeiros artigos llo dedicou ao folclore daquel lugar (1931). É un traballo aínda de novizo, "unhas cantas notas" sobre o muíño, ilustradas con dez figuras, outro apartado dedicado ás crenzas nas bruxas, seguido por cinco relatos breves, dous trabalinguas e, finalmente, 49 cantigas.

MESTRE VOCACIONAL E COMPROMETIDO

Nada máis licenciarse, Fraguas reparte a súa actividade docente entre o Instituto de Segunda Ensinanza e a Facultade de Filosofía e Letras, e mesmo unha academia privada na que imparte pasantías. En 1933 senta praza no Colexio Subvencionado Estatal da Estrada, logo Instituto Elemental de Segunda Ensinanza. No entanto, non renuncia á participación activa na esfera política e aínda ten tempo para intervir como locutor na recentemente creada emisora Unión Radio Galicia, que tanto apoio prestou á campaña a prol do Estatuto de Autonomía. Por este tempo, nos seus traballos e publicacións, vai ampliando o espectro temático do folclore á etnografía, á arqueoloxía e á historia.

En marzo de 1936, na convocatoria da Fronte Popular para constituír as corporacións municipais interinas, Fraguas renuncia a formar parte do Concello estradense en representación do Partido Galeguista. Aínda así, a súa ideoloxía era notoria e cando, en setembro de 1936, se presenta na Estrada para examinar é prendido por membros da Falanxe local, que o someten ás consabidas vexacións, preámbulo dun doloroso período de inhabilitación e fustrigamento, no que de pouco lle valen os testemuños favorables dos seus exalumnos e veciños ante a saña dos xerarcas do novo Réxime. Coa axuda de Teresa, con quen casara en 1932, e cos ingresos obtidos da docencia na academia Menéndez Pelayo, foi

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 13-22
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

capeando o temporal. Quizais nesta loita pola subsistencia se atope a explicación do único episodio que coñecemos no que participa nun certame literario, os Xogos Florais que se celebran en 1945, organizados polo Círculo Mercantil e Industrial compostelán, no que recibe o segundo premio dotado con cincocentas pesetas (González 2006).

Os catorce anos que decorren ata que é rehabilitado e gaña de novo a cátedra de instituto non son tempo perdido, porque Fraguas é un traballador infatigable e, en canto ten ocasión, retorna á faena. Aínda que entre 1935 e 1943 non atopamos ningunha entrada na súa bibliografía, en 1942 ingresa como correspondente na Real Academia Galega e un ano máis tarde empeza a publicar de novo, contando co apoio de Xaquín Lorenzo, que por entón estaba encargado do *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*. En 1944 incorpórase ao novo Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, adscrito ao C.S.I.C. Alí aceptará o cargo de bibliotecario, que xa desempeñara no Seminario de Estudos Galegos, coa satisfacción de poder recuperar parte dos fondos que, ao ser expulsada a institución de Fonseca, foran entregados á Universidade de Santiago.

En 1942 é readmitido na Universidade de Santiago de Compostela como profesor auxiliar de clases prácticas de Xeografía e, alentado pola mellora na súa situación, vai finalizar a súa tese sobre o Colexio de Santiago Alfeo ou de Fonseca que, despois de facer os cursos de doutoramento en Madrid, le en 1948. Por fin, en 1950 logra o éxito nas oposicións, que ata entón se lle negara polos seus "antecedentes desfavorables", e é destinado ao novo Instituto Masculino de Lugo, onde permanecerá ata 1959, en que obtén o traslado ao Feminino de Santiago de Compostela. É unha década feliz na que Fraguas acada pleno recoñecemento polos seus valores docentes e humanos.

A REAL ACADEMIA GALEGA

En 1951 é elixido numerario da RAG, asignándoselle a cadeira vacante desde o pasamento de Castelao. No único artigo en galego que publica –en Portugal– na década precedente, "Dous romances de Galicia" (1946), anticipaba o tema que ía desenvolver no seu discurso de ingreso, o dos seráns á lus do candil co canto acompañado polo repenique da pandeireta. Trátase de dúas pezas populares, unha incompleta, o "Romance de Xuliana", e outra titulada "A morte da namorada", ambas procedentes do Brasil e recollidas na súa parroquia, nunha daquelas ruadas nas que a mocidade acollía as modas que traían os emigrantes retornados:

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 13-22
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Este cantarciño novo
quen o trouxo a esta terra?
Trouxérono os barrosiños
cando viñeron a ela.

Copla que tiña a súa variante feminina:

Trouxérono as barrosiñas
envolto na súa lera.

Desde a perspectiva de xénero, interesa observar que, nunha categoría literaria na que son frecuentes as expresións discriminatorias, cando non denigrantes, verbo das mulleres, nos repertorios de Fraguas o ton predominante nas relacións entre sexos é o respecto. Non é de estrañar nunha comunidade onde a ausencia dos homes era habitual e as mulleres eran as garantes do benestar e da seguridade do fogar e da familia.

Tamén fai alusión ás ruadas ou seráns, por afinidade, no artigo "Fiestas populares de Galicia. Fiadeiros" (1949). É de notar que, se ben non prescinde das citas de elementos compilados por el noutras partes de Galicia ou publicados por outros investigadores, a gran maioría das referencias que achega foron recollidas en Cotobade, tal a copla que dá a benvida aos mozos que se suman á xuntanza:

Ben venido, ben venido,
ben venido de chegada,
esa vosa ben venida
érache ben deseada.

O seu concello natal foi, para Fraguas, berce, refuxio e universo vital. Pódese considerar, en termos musicais, como o *leitmotiv* de toda a súa vida e de gran parte da súa obra, encamiñada cara a un obxectivo que non perdía de vista, pero que non chegou a culminar: a ansiada monografía dedicada á parroquia de Santiago de Loureiro, da que no seu arquivo se conservan numerosos avances manuscritos, algúns publicados en parte.

O compendio do capítulo do folclore que estamos a considerar atópase nas *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade*, antoloxía editada en 1985, cando recibe o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo. Na introdución especifica que o traballo de compilación o fixera "hai máis de sesenta anos, cando era escolante no Instituto de Pontevedra", e deixa constancia dos nomes das súas informantes, veciñas das parroquias de Loureiro e lindeiras, en primeiro lugar a xa amentada

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 13-22
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Antonia Pérez Estraviz, mamá Antonia. Tamén aclara que a procedencia dalgunhas delas non é popular, senón que se debe a poetas como Rosalía de Castro, Antonio Noriega, Ramón Cabanillas e Marcial Valladares. E fai unha advertencia que axiña volveremos ver: "son reflexo de tempos pasados, de episodios do século XIX. Cantáronse todas, pero non volverán cantarse máis". Esta advertencia sobre os cambios que se van producindo no vivir aldeán e que deixan paso a novos xeitos e métodos que arromban para sempre as tradicións repítese, como un refrán, nas páxinas de Fraguas.

O 8 de maio de 1956 comparece diante desta douta corporación como un "home de poucas letras a quen a arte lle foxe como foxe o vento que canta nas ripas dunha cancela", para presentar o seu discurso de ingreso, "o noso pasatempo: Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán", que abre cunha tan fermosa como breve descrición biográfica de Castelao e da súa obra, modelo de síntese intensa de admiración e humildade, na que non elude a evocación dos álbums da guerra, *Galicia mártir*, *Atila en Galicia*, *Milicianos*. Cando entra en materia, vai debullando un conxunto de coplas que teñen todo o engado da poesía galante e están cargadas da intención que impregna as relacións entre xéneros. É a modo dun rosario no que as doas van unidas con parágrafos de natural resonancia poética, sen desbotar o ocasional recurso aos autores queridos; as referencias aos oficios e aos tres reinos da natureza son constantes, como parte esencial da existencia das persoas que participaban na reunión rememorada. Para concluír, unha lembranza nostálxica, unha elexía pola viga que caeu co tempo, o farol que escorrentou a luz da electricidade, todo aquilo que xa é "historia de xeracións desaparecidas".

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Fraguas, Antonio (1929): "Unha serán na catedral", *A Nosa Terra* 261, 9-10.

———— (1931): "Do folk-lore de Armeses-Listanco", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 96, 221-227.

———— (1946): "Dous romances de Galicia", *Revista de Guimarães: publicação da Sociedade Martins Sarmento* 56 (1-2), 117-121.

———— (1949): "Fiestas populares de Galicia: fiadeiros", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 4 (14), 397-427.

———— (1985): *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade*. Trasalba (Ourense): Fundación Otero Pedrayo.

———— (1998): *Cancioneiro de Cotobade*. A Coruña: Ediciós do Castro. [Reed.: *Cantigueiro de Cotobade*. Vigo: Galaxia, 2019].

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 13-22
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

González Pérez, Clodio (2006): "Antonio Fraguas Fraguas. Vida e obra, 1905-1999", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, [24]-89.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 13-22
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 23-42
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.758

A GALICIA MÁXICA DE DON ANTONIO FRAGUAS

THE MAGICAL GALICIA OF MR. ANTONIO FRAGUAS

Antonio Reigosa Carreiras
Museo provincial de Lugo

Resumo: Recreamos en síntese algunha das moitas e importantes achegas de don Antonio Fraguas ao coñecemento e interpretación da mitoloxía popular galega a través dunha extensa e valiosa obra. Un quefacer de etnógrafo que anota e describe, que ordena con criterio, que dá preferencia á divulgación máis que á análise, todo canto considera de interese para a salvagarda e o coñecemento global da nosa cultura popular. Para este propósito, centrámonos só naquelas publicacións en que a materia de estudo principal xira arredor da mitoloxía popular, entendendo como tal toda a información relacionada co rico repertorio de mitos, ritos e figuras sobrenaturais da nosa cultura popular tradicional.

Abstract: In this essay, we create a synthesis of some of the Mr. Antonio Fraguas' many important contributions to the knowledge and interpretation of Galician popular mythology, through an extensive and valuable work. An ethnographer's work who writes down and describes in detail, who arranges with good judgement, who prefers divulgation rather than analysis, everything which he considers interesting for the protection and global knowledge of our popular culture. In order to fulfil our purpose, we focus only on those publications in which the main subject of study is popular mythology, especially what it has to do with the information related to the rich catalogue of myths, rites and supernatural creatures of our traditional popular culture.

Palabras chave: Antonio Fraguas, mitoloxía popular, morte, augas, demo, lume, animais.

Key words: Antonio Fraguas, popular mythology, death, waters, demon, fire, animals.

> a miña fusión coa terra e outras circunstancias permitíronme dende neno ir descubrindo os mundos do trasmundo...
>
> Antonio Fraguas Fraguas

Antonio Fraguas Fraguas (Cotobade, 1905 - Santiago de Compostela, 1999) foi o sabio que soubo achegar o saber da aldea na que veu ao mundo, no lugar de Insuela da parroquia de Loureiro, en Cotobade, ata as máis altas institucións da cultura do seu país, Galicia. No transcorrer do seu longo e convulso periplo vital participou activamente do quefacer do Seminario de Estudos Galegos, no do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, no da Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega, e, obviamente, no do seu benquerido Museo do Pobo Galego.

Aquel neno criado entre dúbidas e escaseza de oportunidades, aínda que sempre con agarimos, soubo trazar unha excelente ruta biográfica na que destacou, a pesar das pexas, sempre con humildade e discreción, como un curioso e metódico investigador que gastou practicamente toda a súa vida entre a docencia e o rescate e a divulgación das esencias daquel mundo no que se criou. Amais, foi un extraordinario promotor de iniciativas de todo tipo e un eficaz xestor dalgúns proxectos fundamentais para a salvagarda do patrimonio material e inmaterial de Galicia.

Probablemente teñan moito que ver nesas angueiras ás que dedicou a vida, ademais do pai e da nai, os anos de aprendizaxe compartidos con Mamá Antonia, aquela muller analfabeta pero douta, acollida na casa patrucial, co mestre don Antonio, que foi quen de lle abrir os ollos ao coñecemento da contorna, e incluso con Rosiña, a moza de bo porte que tiña consulta de meiga en Mirón (Ponte Caldelas) e coa que bailou un agarrado cando mozo.

Nas súas publicacións hai constantes referencias aos días e aos traballos, ás xentes e aos oficios, ás crenzas e aos ritos, ás festas e feiras. A todo prestaba atención e de todo fixo xenerosa divulgación coa ansia de quen non quere para si nada do que sabe que é saber común. Fraguas foi un cronista fidedigno dunha cultura que tamén lle tocou ver esmorecer baixo a presión dos novos tempos.

FRAGUAS E A MITOLOXÍA POPULAR

Para don Antonio Fraguas os seres "que tienen realidad dentro de la fantasía de las gentes" son produto do misterio que rodea as sombras da noite. A inmensa maioría son almas do outro mundo, ánimas que penan as súas supostas culpas entre os vivos coa esperanza dunha oración ou dun alivio. Outros son seres que andan nos camiños para distraer con mil e unha astucias aos camiñantes, e queda

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

un terceiro grupo, aínda que Fraguas non os trate como seres máxicos senón sagrados, conformado por santos, santas, virxes e outras figuras da relixión oficial.

Distingue don Antonio, polo tanto, tres grandes categorías de seres míticos ou criaturas sobrenaturais. Unha inzada de figuras demoníacas, na que se inclúe o propio Demo Maior xunto a outros demos menores, bruxas, meigas e un longo censo de seres herdados do mundo chamado pagán xunto cos enredantes que incomodan aos humanos con falcatruadas e bromas. Unha segunda caste ou categoría, composta por un exército de seres e manifestacións fantasmais relacionadas coa morte, e unha terceira, da que apenas imos falar, que trata de santos, santas e outros personaxes, xunto aos lugares onde se lles rende culto, que conforman o imaxinario popular de orixe sacra.

Aínda que as referencias a estes seres da mitoloxía popular galega aparecen en numerosos artigos e publicacións da súa autoría mesturados con outros temas, imos centrar a nosa atención naqueles textos que tratan preferentemente sobre estes mitos populares arredor da vida e da morte, das augas e dos aires, de astroloxía e meteoroloxía popular, mesmo de animais como o lobo e as serpes, bestas singularizadas no sistema mítico popular galego.

Non debemos esquecer as súas recolleitas da cultura oral de carácter mitolóxico nas que aparecen seres como as mouras e os encantos, referencias a tesouros asociados a xacementos arqueolóxicos ou personaxes relacionados con algunhas festas do ciclo anual como as representacións da Coca, San Xoán, Nadal e Entroido.

> Don Antonio céntrase especialmente no campo que os investigadores do SEG denominan *cultura espiritual*, é dicir, o universo das crenzas, festas e literatura oral, sendo mínimas ou indirectas as súas achegas a cuestións como a sociedade e a tecnoloxía tradicional. (González 2006: 103).

Unha boa parte dos textos foron recuperados e actualizados polo mestre Fraguas para elaborar as moitas entradas que preparou para a *Gran Enciclopedia Gallega* ou para ensaios como *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*, un libro con intención divulgativa que gozou de enorme éxito comercial, tanto na primeira edición de 1973 como nas sucesivas reimpresións a cargo de Ediciós do Castro (Fraguas 1973, 1990).

Nas seguintes páxinas comentamos superficialmente algunhas das contribucións do mestre a un mellor coñecemento da nosa mitoloxía popular.

MITOLOXÍA SOBRE A VIDA

Manter a vida desde o nacemento ata que se suspende coa chegada da morte xerou numerosos rituais apotropaicos[1], xeralmente sustentados en crenzas moi antigas, nuns casos aceptadas ou acomodadas á ortodoxia da igrexa e noutros combatidas con variable éxito.

Segundo se nos conta (Fraguas 1990: 21-22) a orixe dos humanos, consonte a tradición cristiá, está no Paraíso, cando Deus fabricou de arxila un home e logo creou, da súa costela, unha muller. A nota curiosa que confirmaría a crenza consiste en observar os homes cando se lavan pois sempre deixan a auga emporcada.

A necesidade de perpetuar a especie pode estragarse coa esterilidade, por iso quen ten ese problema acode a determinadas "camas" de pedra ou, sobre todo, a tomar os nove baños de mar na praia da Lanzada ou noutras localizacións costeiras, case todos lugares xa cristianizados desde antigo mediante a erección dun santuario.

Para que a criatura non se malogre practícase o bautismo prenatal, que consiste en que a muller embarazada acuda a unha ponte ás doce da noite e alí solicite da primeira persoa que pasa que lle faga de padriño botando auga collida no río por enriba da barriga, imitando o rito do bautizo cristián.

Abonda o mestre nas diferentes notas sobre este asunto, con referencias ás distintas prácticas para que a criatura se logre ou non naza con defectos, así como na descrición das precaucións que hai que tomar cando se produce o parto.

Citando a Pérez Constanti, comenta Fraguas como se prohibiu, por parte do Concello de Santiago, o costume chamado toque de parto, argumentando que, se ben se facía para pedir oracións e pregarias á veciñanza en auxilio da parturiente,

> Esta costumbre [...] produce en el ánimo de otras que se hallan en igual lance o a él próximas un cierto terror que, abatiendo su ánimo, tal vez hace difícil lo que suyo era sencillo o acarrea complicaciones de funestas consecuencias. (Fraguas 1973: 23-24).

Xunto a outros moitos ritos para protexer o neonato das malas fadas[2] no momento do parto, destaca a información que nos ofrece sobre unha figura capital nese momento inicial da vida. Trátase do estreleiro, persoa entendida en estrelas que aconsellaba o momento exacto en que debía nacer o neno, instante que tiña que coincidir co paso dunha boa estrela sobre a casa da parturiente. Considérase

1 Rito, sacrificio ou fórmula de carácter máxico que se emprega para afastar o mal e propiciar o ben.

2 Entendido aquí por A. Fraguas como ser mítico con poderes extraordinarios, capaz de facer o ben ou o mal.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que a estrela, boa ou mala, coa que nace unha persoa marca toda a súa vida (Fraguas 1975).

Tamén comenta unha práctica completamente esquecida, a chamada covada, que consiste en que, unha vez consumado o nacemento, o home métese na cama e laia como se tivese el as dores do parto. Aclara Fraguas, e esta interpretación é interesante, que isto se explica porque así o home atrae para el os malos espíritos e evita que prexudiquen a nai ou a criatura.

MITOLOXÍA SOBRE A MORTE

Sobre o culto aos mortos fornécenos don Antonio Fraguas de moitos relatos e dunha serie de interesantes consideracións sobre as nosas crenzas arredor da morte e sobre o destino póstumo das ánimas.

Nun artigo sobre o culto ás animas en Loureiro de Cotobade (Fraguas 1987) describe a preparación para a morte, a cerimonia do enterro e os sucesivos intentos da xerarquía eclesiástica por corrixir costumes que consideraban irrespectuosas ou irreverentes.

Recrea a opinión estendida entre galegos e galegas de que tras a morte hai outra vida, distinta da terreal e de duración eterna, que pode ser leda ou de sufrimento segundo os merecementos obtidos pola persoa antes morrer (Fraguas 1931a).

Unha disposición habitual nos testamentos era o desexo expresado por parte do moribundo de que se lle ofrecesen misas, pois o máis probable é que acabase condenado a pasar unha temporada no Purgatorio. Esas obrigas non sempre se atendían por parte dos herdeiros, polo que as ánimas residentes no Purgatorio se vían na obriga de idear sistemas de comunicación eficaces para lembrárllelo aos vivos. Xustifícase así a extensa e elaborada listaxe de visións, agoiros, fantasmas ou ánimas que conforman un sistema mítico preciso e coherente relacionado coa morte.

Fraguas é plenamente consciente, desde os seus traballos iniciais sobre o tema, de que este tipo de crenzas se asemella moito ás doutras culturas veciñas e que o tipo de relato condiciona a intención didáctica, quer banal, caso dos contos que tratan a morte mesmo con humor, quer transcendente. Aínda que os datos e relatos que achega son preferentemente obtidos en Cotobade, non difiren no substancial dos recompilados noutros lugares de Galicia.

Son de moito interese as casuísticas que achega sobre as maneiras de presentárense ou de dárense a coñecer as ánimas entre os vivos, como a de daren golpes en distintas partes da casa (portas, tellados, ventás...), laiar ou berrar polos camiños, arrastrar cadeas, simular luciñas etc. Comenta a opinión xeneralizada de que os espectros tamén visitan as casas onde moraron en vida, sobre todo nas noites de Nadal e na do día de Defuntos. Por iso é recomendable deixar esas noites un bo lume aceso para que se quenten, e non varrer a cociña, non sexa que

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

as varramos tamén a elas. O lume da Noiteboa considérase sagrado e non se pode deixar morrer (Fraguas 1953).

O da necesidade de quentárense as almas considera Fraguas que ten relación coa crenza na existencia dun inferno frío, semellante á que atopou Castelao na Bretaña.

Unha das figuras que escollen as ánimas para facerse ver é a de paxaro, preferentemente de corvo:

> Un home ollou un paxaro desta crás que a cotío berraba nas ponlas dun piñeiro perto da sua casa; un día canso de tanto ouvir, zorregoulle un tiro e caieu o paxaro ó chan zapateándose. Durante tres días con tres noites estivo o corvo laiandose e trasteando o corpo. Aquelo non parescía cousa boa i-o home foise confesar, traguendo encarrego do cura de ir arrequerirlle por si sería cousa do outro mundo. Foi e resultou ser unha alma que viña ó mundo penar algúns pecados. (Fraguas 1931a: 44).

Tamén se poden presentar en figura de sapo ou de réptil, como as ánimas que fan o camiño a santo André de Teixido, pois así quedou mandado por Deus cando lle ordenou ao santo: "Quédate aí, Senandrés, que de mortos ou de vivos, todos te viremos ver".

O dito non revela detalles sobre esa querenza por reptar que parece que teñen as ánimas que fan a peregrinación que non fixeron en vida, pero así é segundo consta en numerosos testemuños.

As ánimas cando se presentan aos vivos case sempre pregan que se lles axude a resolver algunha promesa que o morto ou morta fixera en vida e non quixo ou non puido cumprir. Cando nos atopamos cunha ánima hai que saber como actuar e se a vemos intranquila, hai que calmala e "arrequerila" dicíndolle:

> – En nombre de Dios, de San Pedro e San Pablo se es alma do outro mundo fala e di o que pides!

E tamén hai ocasións nas que debe ser o vivo quen acuda á sepultura para resolver unha dúbida. Conta don Antonio o caso do mozo que cando marchou ao servizo militar lle deixou á moza en custodia uns aforros. Cando regresou da milicia, a moza xa estaba morta e enterrada. Entón, o mozo sentiu que unha sombra andaba con el dun lado para o outro. Foillo contar ao crego (os cregos son os mellores avogados para resolver estes asuntos) e este preguntoulle se lle morrera alguén querido e se tiña obrigas con el.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Entón acordouse dos cartos e díxollo, e o crego recomendoulle ir ao día seguinte ás doce da noite ao camposanto onde estaba a moza soterrada e chamar tres veces por ela. Así o fixo e á terceira chamada a moza respondeu e díxolle onde agochara os cartos que lle deixara. Xa non volveu ver aquela sombra endexamais.

As ánimas, como se acaba de comprobar, falan e responden as preguntas que lles fagamos pero tamén, de incomodarse, se alporizan e poden mallar nun vivo sen contemplacións.

As contribucións de don Antonio ao imaxinario da morte son moi rigorosas e resultaron transcendentais para moitos investigadores posteriores mais, dado que é imposible reproducir aquí toda a casuística que nos achega, ofrecemos a seguir unha mostra das figuras descritas por Fraguas que poden tomar as ánimas.

O Guapo das medias brancas

É o nome que tiña de vivo o morto. Un que foi ao camposanto onde estaba soterrado chamou por el tres veces:

> – Guapo de las medias blancas?
> E á terceira chamada, a ánima respondeu:
> – Agoarda que las estoy poniendo!

E sen saber de onde lle viñan os paus, o ousado levou unha malleira considerable.

A Compañía

A descrición que nos ofrece Fraguas sobre a Compañía é fantástica (1990: 54-64) e adornada de infinidade de testemuños.

Tamén chamada Santa Compaña ou Estadea, é unha procesión de ánimas que saen de ronda nocturna. A Compañía conta sempre cun coxo e cinco figuras indispensables: o que porta a cruz, o que leva o estandarte, o que leva o caldeiro de auga bendita, o do farol e o da campaíña. A estes séguenlles outros en número variable formando un cortexo fúnebre e interpreta Fraguas que poden ser espíritos de vivos que deixan o corpo na cama. Sábese quen vai morrer porque se ve a súa figura tras o cortexo, portando unha vela máis cativa que as do resto. Este en principio sentenciado pode librarse da morte por un tempo se alguén que o ve o avisa.

As candeas que portan os da procesión non son de cera, senón ósos de defunto e non hai vento que as apague. Hai maneiras de protexerse da Compañía. Unha, ter as mans cerradas cando nos cruzamos con ela. Outra, facer un circo no chan e meterse dentro. Outra máis, botar ao camiño por onde pasa un can cun farol e

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

unha campaíña ao pescozo. A partir dese momento é o can o que pasa a formar parte da Compañía, e ademais serve de avisador, por iso lle poñen a choca.

Outra información interesante é a do convite funerario. Conta Fraguas como os da Compañía poñen unha mesa con moitos manxares e convidan a comer aos que pasan. Se o camiñante acepta comer canda eles, queda para sempre entre eles. A mellor maneira de librarse é rexeitar o convite, aínda que se aconsella comer, por iso é conveniente levar sempre algo comestible no peto.

Raposa de Morrazo (da Morraza ou de Morillas)

Ánima que anda penando. Ten figura de raposa común que anda ou voa e percorre grandes distancias, xeralmente de noite, que berra e oulea e bota bafaradas de lume pola boca. Para acalmala dinlle "Deus te leve a porto salvo!".

Fraguas, que cita a visión desta figura en varios dos seus traballos, deduce que é unha ánima que anda penando porque as ánimas dos condenados ao inferno tamén botan lume pola boca cando falan. Sería, pois, a representación da ánima dun individuo malvado, condenado a penar con moito padecemento. Ilustra esta opinión co relato da visión da ánima dun suicida que tamén bota lume pola boca cando fala (Fraguas 1931a). Considera esta crenza de orixe mariñeira.

Urco

Deste "feroz animal", tamén chamado "can do inferno" ou "can de ultratumba", escribe Fraguas nun artigo publicado n'*O Correo Galego* o 25 de febreiro de 1996 (2006: 241-244) a propósito dos entroidos de antano. Descríbeo como un can xigante que non ladra nin rastrexa, que arrastra cadeas, de ouveo longo, con laios, e que pasaba todas as noites por diante do muíño da Portapresa ás doce en punto. Este personaxe recuperouno Andrés Muruais para o Entroido de Pontevedra en 1876.

A operación de rachar o hábito

Fraguas describe a operación de "rachar o hábito" que solicitan os fantasmas dos que foron malvados en vida e que, como consecuencia, foron condenados ao inferno. Resulta que non poden entrar nel por teren sido amortallados cun hábito ou cousa bendicida.

Estas ánimas, ao non poder entrar no inferno vestidas desa guisa, teñen que regresar ao mundo dos vivos, aos que se lles aparecen en encrucilladas e camiños polas noites para solicitarlles que lles rachen o hábito.

Para ilustrar esta crenza transcribe un poema de Francisco Añón, que describe esta operación e tamén un caso concreto con todos os detalles de prevención que

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

debe tomar o vivo, como proverse de amuletos relixiosos e dunha fouce para realizar a operación (Fraguas 1931b).

Para non afundirse co fantasma por un burato de lume que se abre na terra, co conseguinte olor a xofre, quen realiza a operación de rachar o hábito do condenado debe facelo de abaixo a arriba.

É moi interesante tamén a reflexión de Fraguas sobre o momento en que a alma se separa do corpo. Pregúntase se o fai antes ou despois da morte ou se o abandona momentaneamente para escoitar a sentenza sobre o destino que lle toca e volve ao corpo. As preguntas quedan sen resposta, pero deron e dan para pensar.

As ánimas que coidan os vivos

Sobre se as ánimas volven convivir cos vivos, incluso botar unha man cando é necesario, conta un sucedido que fala dun pai viúvo con varios fillos.

O pai marcha de mañá cedo aos campos para adiantar labores, mentres aos fillos non lles chega a hora de erguerse. Cando regresa á casa para lavalos, peitealos e darlles o almorzo, ve que xa están vestidos e aseados.

Pregúntalles entón aos fillos por quen os atendeu e dinlle que foi a súa nai. O pai non o pode crer e axexa para comprobalo. E cando ve cos seus propios ollos que, efectivamente, é a defunta da súa muller quen os prepara, fálalle para darlle as grazas pero ela dille que xa que a viu, non pode volver atendelos e desaparece para sempre.

Ademais, trátase dun caso pouco común de visión dunha ánima a pleno día, cando as ánimas adoitan dicirlles aos vivos cos que se atopan: "Anda de día que la noche es mía" .

MITOLOXÍA SOBRE O MUNDO DO DEMO

O Demo, como xa se dixo, é o outro deus, o adversario necesario para que os mundos do ben e do mal se sustenten e xustifiquen.

Bruxas e meigas

Nos traballos de Fraguas aparece indistintamente a denominación bruxa ou meiga, incluso a de feiticeira, como sinónimos ou nomes ambivalentes para un mesmo ser, a muller que serve e executa os rituais en honra do Demo Maior. Son mulleres asociadas sempre ao lado escuro, ao do Demo, que teñen grandes coñecementos de maxia e doutras artes pero que entran en competencia directa e radical coa ortodoxia cristiá.

En *La Galicia insólita* (1990: 69-90) temos detallada unha ampla casuística sobre estas mulleres, desde as maneiras nas que adquiren a condición de bruxas,

as múltiples fórmulas para descubrilas e desactivalas e incluso comentarios sobre o seu aspecto físico característico. Vénselles nos ollos patas de sapo e as cellas pintadas de amarelo azafrán. Viaxan polo aire alumando en tres ringleiras (1931b: 222).

Como é sabido, as mulleres acusadas de seren bruxas ou meigas foron sometidas a xuízos sumarísimos a cargo da chamada Santa Inquisición, asunto este que desenvolve con amplitude Fraguas na devandita publicación. A Santa Inquisición, institución creada pola igrexa católica para combater as herexías, serviu tamén para perseguir todo tipo de persoas, desde homosexuais ata mulleres acusadas de bruxas, delito descrito nunha bula papal de finais do século XV.

Como consecuencia dese método cruel de represión, moitas mulleres foron torturadas, desposuídas das súas propiedades, condenadas a prisión, desterradas ou queimadas na praza pública baixo a acusación de teren pauto co Demo.

Grazas precisamente a eses documentos que transcriben os interrogatorios ás mulleres sospeitosas de seren bruxas ou meigas, popularizouse unha extensa e detallada casuística que favoreceu a difusión da crenza na existencia de bruxas en todos os recunchos do país. Aínda hoxe se dá creto á posibilidade de existiren mulleres con esas características.

MITOLOXÍA SOBRE AS AUGAS

Sobre a importancia da auga como elemento simbólico e máxico, vital para o ser humano, escribiu Fraguas en numerosas ocasións. De todas as augas, sexan as nacidas nas fontes, as dos ríos e do mar, a das lagoas ou a da chuvia.

Na introdución ao texto "As lêndas da Fonte Pormás" publicado no nº 108 de *Nós, Boletín Mensual da Cultura Galega*, en 1931, fai unha extensa reflexión sobre a posible orixe das lendas relacionadas coas fontes, sobre o seu vencello con seres do sobrenatural, sexan estes santos, mouras, mouros ou "fadas", e tamén sobre os seus usos para esconxurar, purificar e bendicir casas e terras. Repara na relación constante entre nacentes de auga e a existencia de haberes ou tesouros, o "anceio máis vivo que latexa na fantasía popular diante o ouro fabuloso das lendas milenarias" (Fraguas 1992b: 33).

Nun extenso artigo (1996) dedicado ás crenzas arredor da auga, achega datos tan sorprendentes como que a auga de noite dorme, e quen queira beber de noite antes debe remexela ben para espertala.

E outra precaución:

> Na miña infancia cando se ía beber e se tiña unha luz acesa na man –candil, farol ou unha vela–, alguén debía termar dela mentres se bebía dun tanguerolo de auga porque non é bo beber cunha luz na man (Fraguas 1996: 13).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Tamén hai que ter coidado cando se bebe polo día. Para que non faga mal a auga se está fría "méteselle un tizón ardendo sen deterse para que non colla o sabor á madeira".

As lagoas e tamén algunhas pozas gardan no interior cidades e vilas asolagadas, normalmente afundidas porque foron maldicidas por algún ser sobrenatural.

A mitoloxía arredor das fontes é vizosa. Moitas veces, o manancial ten a orixe nun milagre obrado pola Virxe ou por Santiago Apóstolo, outras predín o casamento ou axudan a recuperar a saúde. As fontes son o oráculo das xentes máis devotas do país.

As lendas da fonte Pormás

Abondarían estes tres relatos lendarios para elaborar un opúsculo sobre os ritos de encantamento e desencantamento, así como das crenzas sobre a existencia de tesouros nalgunhas fontes, como é o caso desta Fonte Pormás que se atopa na parroquia de Castañeda no concello de Arzúa. O informante de don Antonio, Manuel Cardelle Conde, coñecía perfectamente o lendario da fonte e o dos arredores, e forneceuno dunha información sobre seres e ritos que hoxe é practicamente imposible de conseguir (Fraguas 1932).

Son tres lendas, a cal máis interesante. A primeira fala do intento dun vello e un rapaz por conseguir o tesouro agochado na fonte. Levaban o libro de San Cipriano e comezaron a ler. Cando xa andaban pola metade da lectura aparecéuselles un xigante vestido de militar e cunha enorme espada coa que fendeu un gran penedo pola metade. O rapaz viu como se abría un burato na pena e como aló dentro había unha morea de santos de ouro. O rapaz non tivo medo e botoulle a man a un, xusto no momento en que se pechaba o burato. Aínda así turrou canto puido e quedou cun brazo dun dos santos que venderon a un reloxeiro de Santiago por moitos cartos.

A segunda conta como un mozo de por alí viu chegar cabo da fonte un fidalgo da veciñanza na compaña da súa filla e de varios criados que levaban un adival e varios sacos ao lombo. Ao chegar, o fidalgo despediu os criados mentres a filla choraba pois sabía o que lle ía pasar.

O pai comezou a ler nun libro, cuxa lectura provocou que a filla entrase sen resistencia polo ollo da fonte. A seguir entraron os sacos e pouco despois o adival, que xa se transformara en serpe. E dixo o pai: "El que te desencantare, nove veces detrás del cachazo te ha de besare!".

O fidalgo foise e o rapaz atreveuse a probar fortuna. Cando se achegou á fonte presentóuselle a rapaza para dicirlle: "Se non tes valor, non me desencantes!".

Pero o rapaz tivo valor, agardou a que saíse a serpe e deulle os tres bicos "detrás del cachazo" A serpe volveu entrar na fonte, e así sucedeu outras dúas veces ata

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que á terceira a serpe se reconverteu en adival. E despois, precedido dun estrondo enorme, saíu a moza cos sacos cheos de ouro. Seica casaron polo rito católico e apostólico.

A terceira lenda conta un caso arquetípico de desencantamento. Unha muller castelá encantara na fonte tres fillas. E cando xa lle chegaba a vellez, parece que arrepentida, comentou o caso cun mozo de Arzúa que andaba por alá, deulle tres bolos de pan e díxolle que os fose pousar á fonte, que non llo dixese a ninguén, e que, cando os pousase, dixese: "Oureíña, Oureana; Toma este boliño que che manda túa ama!". A cambio recibiría un gran tesouro.

Mais a cousa fracasou. O mozo, aínda que non dixo nada na casa, foi sometido a espionaxe pola muller, que nun descoido encetou un dos bolos. De maneira que cando foi á fonte, pousou os bolos e dixo o que tiña que dicir, primeiro saíu unha moza da fonte, e despois outra pero a terceira non puido saír (era a do bolo encetado) e díxolle desde dentro da fonte: "Por culpa da túa muller a min dobróuseme o encanto. Toma este xustillo e ponllo á túa dona!".

Mais o rapaz, que non era torpe de todo, antes de chegar á casa pousou o xustillo sobre un castiñeiro para ver como era de bonito, momento no que a peza estoupou nunha enorme laparada. Seica quedou de mostra por moito tempo o tronco chamuscado da árbore.

Dinos don Antonio que a moza cumpriu o encantamento ata que un serán de moito trono saíu da fonte pero en figura de fusil, imaxe que viron moitos veciños do lugar, por iso se sabe que foi así e non doutra maneira.

MITOLOXÍA SOBRE O LUME

É considerado un ser vivo, que vive e morre. Para que non faga dano invócase a san Bartolomeu Infante.

Non se lle pode cuspir endexamais, e moito menos ao lume do magosto e ao que se fai nas casas en Noiteboa, pois neses lumes quéntanse as ánimas.

No lume quéimase todo o sagrado que non se debe tirar: a auga coa que se limpa o crego tras administrar o Viático ou os algodóns dos Santos Óleos. Tamén se botan ao lume os primeiros dentes dos nenos cando lles caen para que non os coman as galiñas, pois se os comesen, o dente que vén despois nacería torto (Fraguas 1953: 402).

MITOLOXÍA SOBRE OS ASTROS E OS METEOROS

Son moitos os datos que nos achega don Antonio Fraguas sobre a influencia dos astros nas xentes ou nos fenómenos atmosféricos que tanto condicionan a vida dos seres vivos (Fraguas 1975). Fixémonos só brevemente na lúa, nas estrelas e

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

nalgúns fenómenos atmosféricos causados polos astros, cuxa influencia se considera determinante na vida dos humanos. Pero antes, deixamos aquí un apuntamento curioso, non mítico senón práctico, para diferenciar con exactitude o día da noite:

> Pra distinguir día e noite nos muíños pra botar a tempo ou para tornar a agua onde a parcelación é día ou noite, facíase con dous fíos branco e negro: o día diferenciaba os colores e a noite facíaos iguales (Fraguas 1975: 262).

Lúa

Á lúa e á súa relación directa ou indirecta con case todo o quefacer do ser humano dedícalle don Antonio varias páxinas (1975: 259-261). A lúa, segundo as fases que a xente sabe ler e interpretar, o que se reflicte moi ben no refraneiro popular, rexe o tempo e as colleitas e inflúe no nacemento e pasamento das persoas.

A lúa pode ser unha muller casada co sol, pero tamén se nos di, curiosa achega de don Antonio, que pode ser un home casado con dúas mulleres; unha manteno para que engorde, a outra maltrátao para que adelgace.

A luz da lúa é mala; pon amarelas as persoas e a algunhas plantas failles coller a mera (enfermidade parasitaria causada por fungos) e agrelar fóra da sazón. Tamén son perigosas as eclipses de lúa: "Non venta boa cousa".

E tamén provoca desconfianza o chamado "luar pardo", que é o reflexo da lúa nos camiños cando se vai pondo. A crenza da influencia negativa da lúa sobre certos comportamentos ou trastornos que afectan a algúns humanos exprésase ben claramente na denominación que se lles dá; lunáticos ou aluados.

Estrelas

Hai moitas crenzas arredor das estrelas, sobre todo das principais. O luceiro vese ao amencer e ao anoitecer. Ao da tarde tamén se lle chama Estrela da Fartura.

As estrelas con rabo, os cometas, cando aparecen sempre se cre que anuncian desgrazas de todo tipo, incluída a inminente fin do mundo. As estrelas fugaces, tamén chamadas Carreiras de San Lourenzo en Cotobade, considéranse almas do outro mundo que viaxan camiño do Ceo.

E as estrelas da constelación Vía Láctea, que comunmente se denominan Camiño de Santiago, en Cotobade e no sur de Galicia reciben o nome de Camiño de Santo André. Dise que o camiño de estrelas a Santo André remata sobre a capela do santo, en Teixido, e que ten a misión de alumar as ánimas que peregrinan alí.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Arco da Vella

"Amparador de chuvias e pasos do vento é o Arco da vella" (Fraguas 1975: 258). O Arco da Vella é misterioso, por debaixo del pasan os ventos e por el soben as augas ata as nubes, augas que bebe polos extremos nos regos ou nos ríos para que despois chova.

Unha copla que alude ao Arco da Vella como raptor de nenas avisa dos seus perigos, por iso se lle di: "Arco da Vella vaite de aí, que as nenas bonitas non son para ti".

Nubeiros e nubeiras

Dos nubeiros e nubeiras, escoleres ou tronadores, os seres capaces de subir ata as nubes e organizar as temidas tormentas, achega datos determinantes para describir este ser mítico (Fraguas 1969).

Das informacións que lle facilitan en Palas de Rei parece quedar confirmado que os nubeiros son humanos que teñen poderes máxicos para causar dano cos torbóns e coa sarabia das treboadas. O que non queda claro é se o fan voluntaria ou involuntariamente, e se chegan a selo por maldición ou por fado. Só os poden derrotar tres cregos que saiban esconxurar, que deben estar colocados en cadansúa porta da igrexa parroquial. O nubeiro vese obrigado a descender da nube en coiros e co poder completamente anulado. Conta Fraguas o caso dun nubeiro que baixou en figura de asno e tivo que andar diante da procesión durante un tempo ata que recuperou a figura humana.

En caso de non haber máis ca un cura disposto a esconxurar, o nubeiro non cae senón que marcha e descarga a súa torboada nun monte calvo ou ermo.

Tamén son moi eficaces contra o trono algunhas campás que se tocan antes de que comece a tormenta, mentres se di: "Tente trono, tente en ti, que Dios manda máis ca ti".

A técnica que os nubeiros usan para ascender ata as nubes, recollida do mesmo informante, consiste en facer un montón de po nun camiño, mexar nel e poñerse enriba do remuíño que se forma para levitar.

Pero non sempre son masculinos os nubeiros, tamén hai nubeiras que provocan tronos femias, "os que meten o cu no mar", que son máis chuviosos que os masculinos. Dise incluso que hai matrimonios de nubeiro con nubeira aínda que, ao parecer, nunca actúan en comandita.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

MITOLOXÍA SOBRE ALGÚNS ANIMAIS

Lobo

O refrán "Quen ve o raposo enrouquece e quen ve o lobo enmudece", recollido por Fraguas en Cotobade, xa é indicativo da influencia máxica do lobo nas persoas. Como o é a crenza xeral que di que o lobo acompaña de noite as persoas e que só se evita que tal cousa suceda arrastrando unha corda ou acendendo uns mistos.

Menciona dúas figuras míticas relacionadas co lobo: a pieira e o lobishome.

A pieira é unha muller que se ve obrigada a andar canda os lobos por culpa dunha maldición, por ser a sétima filla dun matrimonio sen fillo varón interposto. Dedícase a gardar e a gobernar os lobos e pide esmola para darlles de comer. Anda cunha vara de ferro e coa roupa esbandallada, a causa das poutadas que lle dan as feras cando teñen fame.

Dános noticia do lugar por onde andou a última pieira das terras de Cotobade, que pedía polos lugares dicindo: "Non me dan unha limosniña para os meus bichiños?".

Do lobishome, que pode ser home ou muller, escribe na *Gran Enciclopedia Gallega* (1974) cun coñecemento preciso do mito. O nacemento por fada, ser sétimo ou noveno fillo do mesmo sexo, ou por maldición paterna, o ritual nocturno de transformación de humano en animal e a duración da fada. A súa capacidade hipnótica ou de provocar fascinación nas persoas. Dedica un amplo espazo a comentar o caso de Manuel Blanco Romasanta, acusado de matar a varias persoas, asasino que nos momentos de transo dicía andar convertido en lobo.

Serpe

De extraordinarias podemos cualificar as achegas de Fraguas arredor das serpes (1992: 87-97). Chama a atención a descrición de como foxen, enroscadas, mordendo o rabo e formando unha roda como de bicicleta, que describe por tela visto cando neno. As serpes, antes de cazalas, hipnotizan as súas vítimas coa mirada e poden matar co alento. E cando se meten na auga, deixan o veleno pousado nunha pedra, que semella un cuspe que logo recuperan.

Hai serpes que saben asubiar e algunhas teñen crista. De serpes xigantes tratan as lendas sobre as covas onde aniñan estes réptiles xigantes, capaces de papar ovellas e crías do gando maior. Estas serpes xigantes, como a da Cova da Serpe (Friol), sempre acaban derrotadas por intrépidos heroes.

Algunhas variantes das serpes son o basilisco e o dragón. O basilisco é unha serpe que nace do ovo que pon un galo cando vai vello; mata coa vista e a moita distancia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Ás serpes xigantes e vellas tamén se lles chama dragóns. Parece que teñen unha cuncha na cabeza, asubían con moita potencia e viaxan cara a Babilonia pois hai quen lles escoitou dicir mentres voaban: "Pra Babilonia vou, malia quen me veu, que non me matou".

E xa que tratamos de animais, aproveitamos para lembrar que Fraguas conta da existencia do lagarto de tres colas, un réptil raro e escaso, extinguido xa seguramente, pois foi moi buscado porque axudaba a coñecer de antemán o número que ía tocar na lotaría. Metían o lagarto nunha caixa cubrindo o fondo con fariña de centeo, e despois duns días quen soubese ler os signos que escribira o lagarto cos seus tres rabos podía descifrar o número exacto que ía coincidir co premio gordo da lotaría. Para este propósito, ou iso dá a entender don Antonio (1992: 95), tamén nos serviría atopar unha lagarta; iso si, con tres rabos.

Merecería moito a pena deterse a comentar as interesantes achegas sobre as capacidades máxicas e augurais doutros animais como galiñas, galos, raposos, carrizos, cucos, pegas, gatos, andoriñas ou moscas, pero imos rematar este apartado lembrando a lenda que nos conta como morreu o cabalo de Almanzor. E foi que cando Almanzor arrasou o antigo mosteiro de San Pedro de Fóra, en Compostela, de oufano que estaba puxo a beber o cabalo na pía de auga bendita, unha ousadía que pagou vendo como o animal morría instantaneamente diante dos seus fociños (2006: 119).

OUTROS ENREDANTES

Os biosbardos

Os *viosbardos*[3] (tamén son coñecidos como alpabardas, gazafellos, cocerellos, panchos e outros nomes) son seres especializados en transfigurarse. Entre as figuras que escollen para presentarse poden simular ser mozos con boa presenza e tamén paxaros; neste caso, quen os consiga engaiolar atraerá a sorte á súa casa. Tamén é certo que a quen ande aloulado por mor de amores se lle di que "anda aos biosbardos".

Os biosbardos aseguran beneficios para quen os posúe, por iso hai moita xente que fai o que sexa para facerse con un. Para conseguilo debe ir de noite a un camiño estreito e afastado de lugares habitados, onde non se escoite galo cantar nin home falar.

A técnica de caza consiste en levar un saco grande, termar ben del coa boca (do saco) aberta e dicir:

3 Segundo o dicionario da RAG 'biosbardo'.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

– Biosbardo vente ao saco que alpabarda por ti agarda!

Como case todo o mundo sabe, agás quen non experimentou estas cazarías, trátase dunha burla que se lles gasta a persoas de poucas luces.

Os demiños

Non describe estes seres. Di que se cazan como os biosbardos e que lle dan moito poder a quen os ten, que os debe gardar en bolsas como se gardan os furóns ou outros animais dese tamaño.

O zángano

Parece que ten figura de mozo moi "paripuesto" e que enreda as mozas cando andan traballando nos campos. Aparece e desaparece sen que se saiba por onde nin cando. Apunta don Antonio que o dano que pode causar nas mulleres é de imprevisibles consecuencias e que por iso anda na boca da xente unha copla que lle pide á morte que axude a desfacerse del:

Morte que andas polo mundo
vinde buscar o zángano;
se habes de vir, vinde logo,
antes que faga máis dano.

O zarronco

Aínda que o cita no artigo dedicado ao culto aos mortos (1931a), noutro lugar (1969) refírese a este ser como un coco que asusta os nenos e as nenas. É unha especie de fantasma que anda de noite e que pode aparecerse en figura dun insecto grande ou de home moi feo que anda cun saco ás costas. Non fala, pero brúa e ronca polo mal xenio que ten. Asusta pero non fai dano.

Pedro Chosco

Ser que imita a figura de home con barba branca, con querenza por aparecerse ás crianzas, ás que trata con moito agarimo. Pero tamén se presenta nas casas onde hai rapazas de servizo, ás que entretén co seu falar doce e gracioso ata que consegue adormecelas.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Negrumantes

Son demos feiticeiros con figura humana e de aspecto desagradable, ás veces presentan deformidades. Causan sempre dano e incluso a morte das persoas.

Trasno

É un demo traveso que enreda e se transmuta de mil maneiras. Pode meterse dentro nas casas, onde é bo remedio para desfacerse del deixar unha cunca de millo miúdo que derramará de contado. Váiselle a noite contando "un, dous", non sabe contar máis, e volta a empezar; e como está entretido esa noite non fai trasnadas.

Cando aparece nos camiños adoita facelo en figura de año e sempre se lles aparece a mozas que van para o muíño ou para o baile. Tenas entretidas ata o amencer e ás veces estoupa e desaparece dicindo "Jujurujú, as nenas do muíño quentáronme o cu".

Comenta don Antonio que unha vez entrou o trasno na corte da súa casa en figura de cordeiro branco, e que cando o viron os outros animais comezaron a golpear o chan coas patas. Ao día seguinte, ao abrir a porta da corte, o trasno fuxiu a todo correr polo medio dos campos (1990: 98-99).

Fadas

Deixamos estes seres femininos para o final pois cremos que neste caso concreto don Antonio confundiu o que na tradición galega é o fado (destino, fortuna, sino), termo do que derivan expresións como "ter a fada", "estar fadado", "ter boa ou mala fada", coas *hadas*, *fées* ou *fairys* doutras tradicións culturais. No texto no que describe estes personaxes da nosa mitoloxía popular (Fraguas 1969), amais das dúbidas que el mesmo expresa pola súa semellanza coas mouras (as mouras fiadoras que tecen o destino das persoas), pon exemplos cos que parece evidente que se refire á fortuna que nos acompaña na vida. Por exemplo: "Non duren máis as malas fadas".

A MODO DE CONCLUSIÓN

Don Antonio Fraguas describe o corpus mitolóxico popular desde unha concepción dualista, propia das relixións monoteístas, que entenden que, fronte a unha divindade creadora e omnipotente, existe necesariamente un lado escuro e malvado. O bo e o malo, o fermoso e o feo, o amor e o odio... e así ata confluír nunha dobre cúpula que coroan as figuras sobranceiras de Deus e o Demo. O papel que lles corresponde ás criaturas mitolóxicas desde esa óptica é o dunha

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

especie de corte de palacianos do ben ou do mal, que serven a un ou a outro poder e que entrambos conforman o Mundo Sobrenatural. Mais a correlación de forzas entrambos os mundos contrapostos vese alterada por un suceso biolóxico inevitable, a morte, que ocupa o espazo do Inframundo. No centro deses mundos imaxinarios poboados de criaturas con capacidades máxicas, estamos nós, os humanos, que somos os creadores de todas elas e deses espazos cos que tentamos dar cabida e sentido, e algunha posible resposta ás eternas interrogantes: de onde vimos?, que somos? e a onde imos?

A isto contribuíu decisivamente co seu esforzo, co seu saber e curiosidade, bendicido por ese don de seu natural para comunicar con sinxeleza a enorme complexidade dun mundo inmaterial que se expresa simbolicamente e que afecta ao profundo do ser humano. Grazas a estes e a outros moitos traballos arredor de múltiples materias, don Antonio Fraguas contribuíu decisivamente e con grande entusiasmo a afirmar a nosa identidade.

Só nos queda expresar aquí o noso desexo de que, de aquí en diante, se lle engada á enumeración das disciplinas que atendeu con tanta eficacia e mestría, ademais de antropólogo, etnógrafo, etnólogo ou folclorista, a de extraordinario mitólogo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Cajaraville, Héctor (2019): *Antonio Fraguas. O bo mestre, o mestre bo*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Fernández Cerviño, María Xosé (2019): *Antonio Fraguas Fraguas. Estancias vitais dun mestre sabio*. Biblioteca Gallega. A Coruña: La Voz de Galicia.

Fraguas Fraguas, Antonio (1931a): "O culto ós mortos", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 87, 42-46.

———— (1931b): "Do folk-lore de Armeses-Listanco", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 96, 221-227.

———— (1932): "As lêndas da Fonte Pormás", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 108, 218-221.

———— (1945): "El lobo en las tierras de Cotovad", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 15 (3), 129-137.

———— (1953): "Notas sobre el fuego en Galicia: la farsa 'Dulcinea' o la quema de la Pascua", *Zephyrus* 4, 401-415.

———— (1969): "Algunos seres fantásticos de nuestra tierra", *Revista de Etnografía* 12 (2, 24), 371-377.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1973): *La Galicia insólita. Tradiciones Gallegas.* A Coruña: Librigal.
———— (1974): "Lobishome", en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, t. 19, 107-108.
———— (1975): "Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular", *Boletín Auriense* V, 257-269.
———— (1986): "As almas do Purgatorio", *Encrucillada* 49, 22.
———— (1987): "El culto a las ánimas en Loureiro de Cotobade", *Gallaecia* 9-10, 271-278.
———— (1990): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas.* Cadernos do Seminario de Sargadelos 51. Sada: Ediciós do Castro.
———— (1992a): "O que eu sabía das serpes", *Boletín Auriense* XXII, 87-97.
———— (1992b): *Galicia máxica.* El Correo Gallego. Biblioteca 114; 49. Santiago de Compostela: Editorial Compostela.
———— (1996): "A mitoloxía da auga", en Francisco Díaz-Fierros Viqueira (coord.), *As augas de Galicia.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 9-40.
———— (2006): *Polas catro témporas. Colaboracións en* La Voz de Galicia *e* O Correo Galego (1992-1999). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición de Xosé López, Rosa Aneiros e Daniel Salgado.
González Reboredo, Xosé Manuel (2006): "O etnógrafo Antonio Fraguas", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 91-117.
Villanueva Gesteira, Malores (2019): *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*. Vigo: Galaxia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 23-42
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 43-53
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.759

A PAISAXE NA OBRA DE ANTONIO FRAGUAS

THE LANDSCAPE ON ANTONIO FRAGUAS' WORK

Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Real Academia Galega

Resumo: Os traballos de Fraguas sobre a paisaxe realízanse fundamentalmente na década dos cincuenta do pasado século. Neles amósase como un fiel seguidor das teorías de Otero Pedrayo como xeógrafo, pero presentando tamén características propias ben diferenciadas. Destacarían a preocupación polas pegadas do home na paisaxe, sobre todo nos ambientes campesiños, a recreación dos pequenos detalles e as ilustracións literarias que as acompañan. Tamén mostra unha curiosa preocupación pola contemporaneidade nos seus traballos sobre as novas paisaxes das cidades e industrias, así como no cine.

Abstract: Fraguas' works on landscape are mainly carried out in the 1950's. In these works, he follows Otero Pedrayo's geographic theories, although he shows his own differentiated features. These would include his concern about the human print on the landscape, particularly on the rural environment, his recreation of small features and the literary citations accompanying them. His works on the new urban and industrial landscapes also show a particular concern about contemporaneity, which can be seen as well in the cinema field.

Palabras chave: Antonio Fraguas, paisaxe, literatura, Ramón Otero Pedrayo.

Key words: Antonio Fraguas, landscape, literature, Ramón Otero Pedrayo.

A obra de don Antonio Fraguas Fraguas, ollada xa coa perspectiva que nos está a deixar este ano das Letras Galegas a piques de rematar, móstrase como un entrañable e extraordinario monumento á cultura popular galega. Desde o seu primeiro texto "O Entroido nas terras do sul de Cotobade", publicado en 1930 cando tiña vinte e cinco anos, ata "As augas misteriosas" de 1999, ano do seu pasamento, a maioría da súa produción literaria foi unha continua pescuda e

descrición da vida nas aldeas, nos seus máis íntimos devezos e ocupacións. Foi un antropólogo do miúdo que descubriu, enxalzou e, sobre todo, rescatou dun seguro esquecemento.

Pero tamén foi un historiador que investigou episodios singulares da nosa historia e de quen Eiras Roel (2006) afirmou que cos seus traballos de etnohistoria e, sobre todo, de historia das mentalidades podería ser considerado como un adiantado desta disciplina para o seu tempo. Tamén foi un xeógrafo, e a esta materia dedicoulle, como encargado de curso, os seus primeiros anos de profesor na Universidade de Santiago de Compostela (1930-1939 e 1948-1949) e, sobre todo, como profesor de ensino medio de xeografía e historia na Estrada (1933-1936), Lugo (1950-1959) e Santiago (1959-1975), vilas nas que foi deixando nos seus institutos unha agarimosa e inesquecible lembranza como docente. Porén, agás o meritorio traballo de Guitián (2006), non existen estudos comprensivos sobre esta faceta da súa produción e moito menos acontece cos relativos á paisaxe. Sobre todo, cara a unha paisaxe tal como hoxe se concibe, a partir dunha permanente interacción entre os factores obxectivos do medio e os subxectivos da súa percepción por parte do home, que a Convención Europea da Paisaxe (2000) deixou acertadamente definida como:

> Calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, de tal xeito que o seu carácter sexa o resultado da acción e da interacción de factores naturais e/ou humanos.

Nesta definición hai dúas frases que conviña salientar no que atinxe á obra paisaxística de Fraguas. Por unha parte, o feito de que as paisaxes poden referir a "calquera parte" do territorio, polo que non é necesario que teñan unha singularidade ou espectacularidade especial como foron, por exemplo, as paisaxes do Romanticismo. Deste xeito, unha sinxela bisbarra pode ser xa unha boa paisaxe. Por outra parte, cómpre salientar que, aínda que a interacción dos factores naturais e antrópicos sexan os que lle dean carácter, vai ser a ollada do ser humano ("tal como a percibe a poboación") a que, en definitiva, cree a paisaxe. Desta maneira, un mesmo territorio pode ser "mirado" de diferentes formas por un home do campo ou por un da cidade, polo que teriamos neste caso, de acordo coa Convención de Florencia, dúas paisaxes diferentes. Estas dúas singularidades da concepción actual das paisaxes van estar moi presentes na obra de Fraguas: nesa dedicación especial ás formas sinxelas e humildes do territorio e nesa ollada xenuinamente campesiña que sempre as acompaña.

Estas connotacións de actualidade das descricións paisaxísticas de Fraguas flúen espontaneamente polos seus traballos, mesmo se diría que case inconscientemente.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 43-53
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Pero, ao mesmo tempo e ao seu carón, existe un elemento consciente que unha e outra vez Fraguas nos lembra, que é a súa dependencia das formulacións teóricas sobre a paisaxe de Otero Pedrayo. Cítao repetidamente como "o seu mestre", dedícalle a súa *Geografía de Galicia* e, unha e outra vez, volve sobre os seus escritos e as súas conversas.

Coñecera a Otero Pedrayo a finais dos anos vinte no estudio que Díaz Baliño tiña na rúa das Hortas, en Compostela, a onde fora levado polo seu amigo e compañeiro no Seminario de Estudos Galegos, Ramón Martínez López. Alí atoparon tamén a Risco e Cuevillas, que estaban a falar de política, xeografía histórica e toponimia. Pero axiña don Ramón derivou a conversa cara aos temas xeográficos e, sobre todo, dos sentimentos e descricións da paisaxe galega, que tiñan na aldea, na parroquia e no medio campesiño a súa cerna esencial. Segundo o seu propio testemuño, foi a primeira vez que escoitou falar da nova ciencia xeográfica e, sobre todo, que coñeceu dun xeito convincente e atraente "o estudo sistemático da paisaxe".

Na ampla obra de don Antonio Fraguas o tema da paisaxe ocupa un espazo cronolóxico relativamente curto no tempo, aínda que non tan limitado nos seus contidos. Comeza coa publicación da súa *Geografía de Galicia* en 1953, na que lle dedica un capítulo a "El paisaje", e continúa con case vinte artigos na revista *Vida Gallega*, o último deles publicado no comezo dos anos sesenta[1]. Son algo menos de dez anos de colaboracións onde amosa a súa mestría na percepción dos trazos fundamentais da natureza e o espazo humanizado de Galicia, coa expresión xenuína das súas finas, agarimosas e penetrantes verbas. É magoa que, dadas as características destas publicacións, non fosen escritas en galego, pois deste xeito privouse a nosa lingua de páxinas inesquecibles sobre as paisaxes destas terras. Aínda así, hai que recoñecer que nelas latexa un fondo e inquebrantable sentimento de amor ao país e que xorden, espontáneas e vizosas, dese humus matricial que teñen todos aqueles que, como Fraguas, construíron a súa personalidade nun contacto íntimo e directo coas xentes e costumes campesiños.

Seguidor de Otero, desenvolveu todos os seus traballos sobre as paisaxes galegas co esquema conceptual dos tres tempos da paisaxe: o "cósmico", relativo á xeoloxía e ás formas do relevo que representan o marco invariable no tempo; o "biolóxico", sobre a vida vexetal e animal, moito máis cambiante co ritmo lineal da evolución e o cíclico das estacións; e, finalmente , o "histórico", representado polos trazos que a actividade humana vai imprimindo na contorna e que, pola súa propia natureza, teñen unha velocidade de muda aínda moito maior. Foi, de

1 En 1978 publica dous traballos, "A Xeografía no Seminario de Estudos Galegos" e "Geografía de un lugar", que teñen máis carácter conmemorativo que de creación literaria, como foron os anteriores.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 43-53
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

todas as maneiras, un discípulo bastante particular, que interpretou moi ao seu xeito esta teoría oteriana dos tempos da paisaxe, xa que do cósmico quedou basicamente cos vales, do biolóxico, co xogo cromático estacional de carballeiras, soutos e bidueirais, e do histórico, cos pequenos recantos construídos co traballo calado e teimudo do labor campesiño. En definitiva, todo aquilo que tiña máis que ver coa humanización do espazo natural. Ímolo ver cun certo vagar.

Así como houbo poetas, como Novoneyra, que concentraron a súa mirada na montaña, ou como Pondal, que o fixo sobre esas formas "heroicas" do relevo que son as rochas e penedos, Fraguas, ao xeito de Rosalía, considerou os vales e as augas que os regan como o marco fundamental da súa ollada paisaxística. Neles afiánzanse as estampas típicas que recolle o cancioneiro popular e neles a vida campesiña transcorre baixo os ritmos e cadencias que lle imprimen as estacións e as horas do día. Agudo observador do cotián, soubo enmarcalo con mestría no escenario das agras e cortiñas e imaxinar vidas e relatos que enchían de significado o transcorrer das horas no abeiro das lareiras, no paso polos camiños e vereas ou nos rebumbios das muiñadas. No seu ensaio sobre "Paisaje de valle y de ribera" (1959c) lémbranos que a mirada paisaxística non debe ser nunca estática senón que require sempre unha valoración do cambio estacional e, sobre todo, ter capacidade para poder apreciar os diferentes momentos de luces e sombras que se descobren nos recantos da campiña. Crea atrevidas metáforas, como aquela que nos fala do "sol perseguido polos fríos", para describir eses momentos das mañanciñas en que un sol, aínda morno, non é quen de desbotar a friaxe da noite, e, sobre todo, declárase devoto das primeiras horas do día para comezar a valorar as paisaxes dos vales. E así como outros escritores son máis inclinados a gozar da nostalxia dos atardeceres e os momentos do pór do sol, Fraguas, sempre optimista, defínese, sobre todo, como home de abrentes e alboradas.

Segundo o seu entender, o que poden percibir os ollos non é o único xeito de apreciar as paisaxes dos vales e ribeiras xa que tamén os sons do campo, como pode ser o do millo abaneado polo vento, ou os recendos da terra mollada despois das primeiras chuvias do outono son sensacións que ninguén debería esquecer. A comuñón do ser humano coa natureza, que é o mellor xeito de valorar as paisaxes, debe de realizarse con todos os sentidos ben espertos e dispostos a enchouparse de todas as mensaxes de intimidade e grandeza que nos chegan dela; mensaxes sutís e silandeiras como neses abrentes neboeiros onde toda a contorna amosa os perfís desdebuxados e o ambiente respira paz e misterio, ou broncas e destemidas, como cando se desatan as treboadas, o vento zoa impoñente e as augas bravas se revolven en imparables enxurradas.

Pero se hai algo que distingue as súas descricións paisaxísticas dos vales e ribeiras galegos son as ilustracións literarias que normalmente as acompañan

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 43-53
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

e que Fraguas recolle do cancioneiro popular ou dos poetas máis intimamente identificados co mundo campesiño, como Noriega:

> Nas follas novas das abedoeiras
> tremelucen doíñas de rocío,
> florescendo as urces, i o bravío
> cardo soña igualarse coas roseiras

Neste sentido, amósase de total actualidade, pois hoxe todos os atlas ou catálogos das paisaxes, seguindo as recomendacións do Convenio Europeo, como son o español de Mata (2003), ou o catalán de Nogué (2010), levan sempre, ao par das descricións xeográficas, as pegadas que a súa percepción estética deixou na literatura ou na pintura.

O tempo biolóxico é o que define para Antonio Fraguas o cromatismo da paisaxe galega. Nega con rotundidade que Galicia poida ser representada por esa tonalidade verde que os incipientes axentes turísticos da época ou escritores de improvisadas sínteses tentaban difundir: Galicia "esquina verde", "rincón verde" etc. A paisaxe, como ben di, "non é un concepto simple amparado nunha constante de cor con uniformidade total que poida expresar pola súa característica a interpretación fiel dunha terra". É, máis ben, un conxunto de formas moi variadas, cada unha coa súa expresión cromática propia, que ademais teñen un ciclo que vén definido polas estacións e o tempo atmosférico. Cada relanzo de cor ten a súa propia vida que, segundo a súa persoal valoración, debería comezarse a ollar nos outonos, cando as follas das árbores antes da súa definitiva caída adquiren eses tons cálidos, breves pero intensos, que matizan as cores máis apagadas da montaña e os vales interiores. O inverno, coas árbores espidas, os matos no seu repouso vexetativo e as terras de labor baleiras, crea perfís austeros que se recortan sobre os fríos horizontes das penechairas, agardando unha primavera que, a maioría das veces, se anuncia nas humildes flores do mato que, precursoras, recrean unha rica paleta de cores cos amarelos, brancos e violetas das urces, toxos e carqueixas. O verán, finalmente, abrolla coas árbores todas preñadas de follas; agora si, verdes, pero con todos os matices posibles que a imaxinación convoca, mentres nos vales, os amarelos do cereal se axitan ao lonxe, en ondadas de fartura.

As pegadas humanas na paisaxe galega son continuas e persistentes, e de poucos espazos, se é que hai algún, se pode dicir que non foron traballados e modificados polo calado e continuo tesón dos homes galegos. Para Fraguas, o centro do seu interese atópase nesas pequenas construcións que os etnólogos e

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 43-53
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

arquitectos definen como "adxectivas" polo seu carácter vicario e subordinado a outras edificacións de maior porte e prestancia. Son eses sendeiros de...

> porfiadas estreitezas que cruzan as hortas e bordean as casas do lugar, ou eses pontillóns sobre os regatos, os muíños aliñados nas pendentes e, mesmo, as xestas que no fondo do labrado constitúen esa estampa alegre e sempre emotiva dos recantos aldeáns.

O traballo nos campos e nas casas con elementos e trebellos que tradicións de séculos foron deseñando con exquisito primor e agarimo define o continuo ir e vir da vida aldeá que, coma sempre, debería de ollarse e describirse desde as primeiras horas da mañá:

> Galicia, no seu poboado e caserío, debe sorprenderse ao amencer. Coa alborada os horizontes son por todas partes maxestosos e o espertar campesiño ten sinalada repercusión na paisaxe. A presenza do luceiro e o canto do galo, animan as corredoiras aldeás. O fume madrugador do fogar érguese para procurar a dirección do vento, que lle sinala ao labrego a confianza inicial da xornada.

No ano 1802 o filósofo alemán Karl Schelle publicaba *A arte de pasear,* onde discorre sobre as sensacións estéticas vencelladas ao paseo, chegando mesmo a definir as particularidades diferenciais que ten a paisaxe para unha persoa en movemento fronte a outra que practica unha mirada estática e pasiva da natureza. Esta estética do camiñante, tan propia, por exemplo, do peregrino a Santiago, foi tamén considerada por Antonio Fraguas, nese dinamismo que sempre envolveu as súas consideracións da paisaxe. Os camiños que nos levan dun lugar a outro son protagonistas excepcionais desa sucesión de ambientes e paisaxes nos que Fraguas centrou unha boa parte das súas descricións paisaxísticas de Galicia deseñando rutas onde o país se facía encontro e sorpresa. Camiños que van ao monte e ao subir fanse "corredoiras estreitas e findas, e os carrexos desde as leiras serán mais traballosos que nunca onde os carros precisan da solada para subir", ou camiños lixeiros que baixan ata o val, múdanse en estradas e "traen un novo senso do camiño e do camiñar".

Tamén coa muralla de Lugo (1958g) describe un xeito moi particular de camiño circular, no que a rolda polas antigas defensas se fai atalaia excepcional desa volta de horizonte que nos achega e que o gran paisaxista literario que foi Luís Manteiga define como "la más hermosa galería de paisajes de toda Galicia" que permite esa mirada única e singular de "armonía de forma y de color, de luz y de

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 43-53
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

lejanía, de riqueza y austeridad". Este xeito de paisaxe total, que ten como límites a bóveda do ceo e os catro puntos cardinais, Fraguas recomenda contemplalo a calquera hora do día, non se decide pola mañá como noutros moitos casos, senón que valen todos os momentos, e recomenda que "como a lectura dun verso, a rolda ten un valor emotivo e debe ser descuberta persoalmente e mesmo con algo de sorpresa". E, ao final do paseo, conclúe:

> Antes de abandonar os muros que deron tranquilas horas ao vivir lugués, volvemos á estampa da cidade, á praza de San Froilán, ao sabugueiro corpulento que dá a súa flor para borrar o feitizo da noite de San Xoán, ao conxunto da costa de Recatelo que bordea o Parque, á Fervedoira, o barrio que garda en espazos curtos o saudoso rumor dos piñeiros… Sexan, agora as horas do serán, as do pór do sol. Sobre o horizonte urbano as torres catedralicias despiden a xornada coa luz que declina cara aos cumios, ao lonxe.

Pero hai que sinalar tamén que Fraguas, malia ser amante e defensor das tradicións que sempre tentou estudar e recuperar, non foi alleo ao mundo moderno. Aínda que resulte mesmo paradoxal que un home tan inclinado cara ao pasado poida ter unha mirada atenta e curiosa sobre o porvir, iso foi o que fixo en diversos traballos. No relativo á paisaxe, ten un traballo sobre "La mutación del paisaje" (1959a), onde trata por extenso as novas paisaxes que as actividades económicas modernas están a crear en Galicia. Comeza falando das repoboacións forestais de Pontevedra e o nome de La Sota tráelle resonancias especiais, suxeridas pola contemplación do seu monumento "nun recanto do cumio onde resoa a voz do vento polos compases mareiros, para lembrar o estadista ilustre que soubo valorar a cobertura das montañas pontevedresas". Tamén describe as explotacións xeolóxicas que, desde épocas inmemoriais, aproveitaron os recursos mineiros que "gardan as súas montañas", como o ouro, estaño ou ferro, que deron orixe a mil lendas que perduraron no tempo, mentres que os xacementos foron esquecidos, agochados hai moitos anos baixo os matos e as árbores que sobre eles medraron. Nos últimos tempos, o volframio, ese ouro negro dos galegos,

> modificou o rostro de amplas extensións de terra, entre as que destacan Carballo e Agolada. A estrada da mina, os depósitos, celas e almacéns transforman a paisaxe e a concepción da riqueza e dos valores da terra.

Fala tamén das novas avenidas e peiraos, así como dos encoros que se están a erguer por moitos dos ríos galegos e faino, como nos casos anteriores, cunha certa neutralidade que non deixa entrever cal sería a súa persoal valoración destas

mutacións na paisaxe. Só ao remate do artigo, deixa correr a nostalxia, nunha procurada ambivalencia, e lembra a desaparición das antigas lagoas de Antela e Cospeito, fogar de fermosas lendas, que nas...

> fértiles terras de aluvión […] deixan ouvir a hora do serán, no suco do tractor, as vellas e moi sonoras campás que unha vez ao ano, anunciaban a festa, e que no novo poboado enraizarán as impresionantes tradicións que saian, como o canto do galo, coa brisa que antecede a alba.

Outra chiscadela do entrañable don Antonio cara á contemporaneidade é un curioso artigo que publicou sobre "Posibilidades del paisaje gallego. El paisaje en el cine" (1958a). Nel, despois dunha introdución ás lembranzas que tiña de neno do cine mudo e das paisaxes artificiais que creaban os escenógrafos, pasa a valorar a importancia que a paisaxe real foi adquirindo no cine moderno, como elemento constitutivo de valores estéticos, que mesmo podían chegar a transformarse na "razón de ser" de moitas películas. Nese sentido, considera que as paisaxes da nosa terra ofrecen, como ningunha, motivos abondo, expresivos e variados para servir de tema ou marco de historias de todo tipo.

E, como un guionista experto, pasa a continuación Fraguas a suxerir algúns temas que poderían ter como base a paisaxe galega. Comezando polo mar, do que poden nacer relatos cheos de agarimos e saudades, nos que, ao fondo sonoro das notas da salve dos mercedarios de Poio, poderían sumarse, como marco necesario, as paisaxes da ría de Marín, perfilada polos piñeirais da beiramar e a illa de Tambo ao lonxe. Aínda que tamén poden xurdir do mar outros temas, como o do contrabando, as perdas de rumbo, a procura de tesouros… que se resolven dramaticamente cos efectos das rompentes sonoras e o impresionante asubío do vento travesío.

Nas terras do interior, a recreación histórica, con episodios da Guerra da Independencia, pode saír ao encontro nos recantos dos camiños da Xesteira en Ponte Borela ou, mellor aínda, por seren máis de actualidade, as historias e aventuras dos buscadores de volframio, que terían unha "admirable perspectiva nos coutos ergueitos sobre a media montaña de Cotobade". Tamén as Antas sería un "lugar óptimo para darlle realce ao drama, ao conto sinxelo ou aos romances vellos de séculos, que de cando en vez cantaruxan as xentes sabidas e letradas". As beiras e relanzos dos ríos, os amenceres cubertos de rosada, os vales sombríos onde alternan milleirais, carballeiras e vieiras, as encostas medio cubertas polos cultivos e mesmo os impresionantes barrancos son outros tantos espazos que están a agardar as súas particulares historias.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 43-53
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Pero tampouco se poderían esquecer, neste reconto de imaxinarios relatos cinematográficos, as vilas e cidades galegas.

> Pensamos nos múltiples guións que nun día se poderían impresionar na silueta das vellas arcadas do peirao ou nos ledos soportais que amosan os espazos monumentais, nos recantos agachados das rúas e dos muros e nas torres que nos levan do pasado ao porvir.

Rematamos coa única escrita en galego sobre a paisaxe de Fraguas. Corresponde a unha colaboración na homenaxe que a comunidade galega de Caracas lle dedica ao mestre ourensán en 1958 e, nela, don Antonio, sen as limitacións e medos que aínda naquela altura lle supoñían o escribir en galego, deixa que as súas lembranzas e sentimentos voen en liberdade e poidan describir con emoción as conversas que el e un grupo de amigos tiveran no Pazo de Trasalba (1958h).

> Deixamos à dreita un lugar, e, para outra banda, a serra; agora temos camiño amplo, camiño carreteiro que tén no seu lecer as corgas raizosas dos carballos e os treipeiros do souto…

Describía así Antonio Fraguas a paisaxe da contorna do sendeiro que o levaba cara ao pazo onde os estaba a agardar don Ramón Otero Pedrayo na periódica visita coa que desexaban expresarlle o seu respecto e consideración. Pero, sobre todo, ían tamén escoitar a voz emocionada do mestre, nunha conversa que para Fraguas era sempre "a espigada colleita de formas culturaes feitas vida por un mestre do pensamento, poeta e xeógrafo". Atendían con devoción e gusto todas as maxistrais leccións sobre a xeografía, historia e cultura de Galicia, que en repousados e maxestáticos parlamentos debullaba o patricio ourensán. Como tamén escoitaban con renovado interese, como se fose a primeira vez que as ouvían, as sentidas descricións das paisaxes que se ollaban desde as ventás do pazo: piñeiros bravos a medrar entre as penas graníticas que ruben polas encostas do val e perfilan os horizontes xeórxicos de vellas videiras e novos milleirais.

Alí, na solaina do pazo de Trasalba, Antonio Fraguas e os seus compañeiros escoitaban con devota atención o mestre e, alí, diante daquela paisaxe, daquela contorna, entrañable e baril, grandiosa e achegada, feita emoción e transcendencia polas verbas de don Ramón, comprendeu Don Antonio, e así o deixou escrito:

> que foi, certamente, **onde por primeira vez percibiu a presencia de Galicia**, e alí adeprendeu a amala deica o estremo de lle adicar todo o seu ser. Alí, nos

soutos que hai acarón da súa casa, nos penedos de Rodeiro, nos piñeiraes da costa de Santa Cruz, nas viñas que se meten polas costas que baixan para as ribeiras, na aira do día da malla, nas adegas no tempo das vendimias, nas lareiras nos meses de xiadas ou das chuvias, decatouse da existencia do noso ser peculiar; deuse de conta dista verdade que os galegos temos que escoitar dentro de nós mesmos, xa que nin na escola, nin no Instituto, nin na Universidade se coida de nos falar dela… Terras dos chaos de Amoeiro, monte de San Trocado, serra de Martiñá, Faro de Avión, paisaxe trasalbeira.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Consello de Europa (2000): *Convenio europeo da paisaxe. Florencia 20.X.2000*. Strasbourg: Éditions du Conseil de l'Europe. Dispoñible en https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016802f3fab

Díaz-Fierros, Francisco (2019): "A xeografía de Galicia de Antonio Fraguas", en Luís Cochón e Justo Beramendi (eds.), *Antonio Fraguas: laboris causa. Trigo limpo candeal.* Cadernos Ramón Piñeiro XXXIX. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 171-181.

Eiras Roel, Antonio (2006): "O profesor Antonio Fraguas e as súas achegas á historiografía galega do século XX ", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, [118]-145.

Fraguas, Antonio (1953): *Geografía de Galicia.* Santiago de Compostela: Porto y Cía.

———— (1957): "El paisaje del Ribero", *Vida Gallega* 728/32, 4-5.

———— (1958a): "El paisaje en el cine. Posibilidades del paisaje gallego", *Vida Gallega* 730/34, 20-21.

———— (1958b): "La perla de la ría", *Vida Gallega* 732/36, 16-17.

———— (1958c): "El Miño y Orense", *Vida Gallega* 735/39, 16-17.

———— (1958d): "De Lugo a Vigo por Lalín", *Vida Gallega* 736/40, 20-23.

———— (1958e): "En torno a las rías de El Ferrol, Ares y La Coruña", *Vida Gallega* 737/41, 8-11.

———— (1958f): "Caminos de Pontevedra", *Vida Gallega* 738/42, 9-11.

———— (1958g): "La ronda por la muralla", *Vida Gallega* 739/43, 8-9.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 43-53
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1958h): "Paisaxe e historia nas conversas de D. Ramón Otero Pedrayo", en *Ramón Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra. Homaxe da Galicia Universal.* Caracas: [Centro Galego], 15-17.
———— (1959a): "La mutación del paisaje", *Vida Gallega* 742-743/46-47, 38-39.
———— (1959b): "Al comienzo de la Ría", *Vida Gallega* 744/48, 20-21.
———— (1959c): "Paisaje de valle y de ribera", *Vida Gallega* 745/49, 16-17.
———— (1959d): "De Bayona a Tuy por La Guardia", *Vida Gallega* 746/50, 7-9.
———— (1959e): "Hacia el paisaje de las cumbres orensanas", *Vida Gallega* 747/51, 7-9.
———— (1959f): "En torno a la Costa de la Muerte", *Vida Gallega* 749/53, 15-17.
———— (1959g): "Tierras de Portugal", *Vida Gallega* 752-753/56-57, 42-43.
———— (1960a): "El litoral lucense", *Vida Gallega* 757/61, 4-5.
———— (1960b): "De Orense a Viana por Verín y La Gudiña", *Vida Gallega* 758/62, 9-11.
———— (1960c): "En el noroeste galaico", *Vida Gallega* 760/64, 20-21.
———— (1978a): "Geografía de un lugar", en *Miscelánea de Geografía de Galicia en homenaje a Otero Pedrayo*. Santiago de Compostela: Universidade, 85-102.
———— (1978b): "A xeografía no Seminario de Estudos Galegos", en *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Ediciós do Castro, 39-46.
Guitián Rivera, Luis (2006): "A obra xeográfica de Don Antonio Fraguas", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 146-151.
Manteiga, Luis (1989): *Lugares y caminos. Paisaje en Galicia*. Sada: Ediciós do Castro.
Mata Olmo, Rafael e Concepción Sanz Herráiz (2003): *Atlas de los paisajes de España*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
Schelle, Karl Gottlob (1802): *Die spaziergänge, oder Die Kunst spazieren zu gehen*. Leipzig: Martini Zerbst Kramer. (*L'Art de se promener*. Paris: Payot et Rivages, 1996. Trad. ao francés de Pierre Deshusses).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 43-53
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A xeografía e o seu ensino antes e despois de Antonio Fraguas

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 57-78
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.760

OS ESTUDOS DE XEOGRAFÍA NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX EN GALICIA

GEOGRAPHY STUDIES OF THE FIRST HALF OF THE 20TH CENTURY IN GALICIA

Francisco R. Durán Villa
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: O proceso de institucionalización da xeografía foi tardío en España e particularmente en Galicia. O desenvolvemento do paradigma rexional estivo á marxe da Universidade. Na década de 1920 o Seminario de Estudos Galegos, con Otero Pedrayo, Fraguas e Risco, iniciou os estudos de xeografía de Galicia nun contexto de interdisciplinariedade e de consolidación do nacionalismo galego. A paisaxe fortemente humanizada, a parroquia, base da organización territorial, a raza e a lingua propia serán os principais elementos para definir Galicia como nación. O profesorado non universitario iniciou a renovación pedagóxica, apoiado na década de 1930 polos formadores dos mestres que procedían da Escola Superior de Maxisterio de Madrid, precursora dos estudos de pedagoxía.

Abstract: The institutionalization of Geography as a discipline occurred relatively late in Spain, and particularly in Galicia, as regional studies stayed on the side-lines of the university. In the 1920's, the Seminary of Galician Studies, with Otero Pedrayo, Fraguas and Risco, founded the first centre of geography in Galicia, highlighting its interdisciplinary nature and using it as a way of consolidating Galician nationalism. The strongly cultivated landscape, the settlement structure which was founded on parishes as the basis for territorial organization, the ethnicity and the regional language will be the main elements that will define Galicia as a nation. Pedagogical innovation was initiated by non-university teaching staff and was supported in the 1930's by teacher trainers who came from the Teacher Training College in Madrid, the forerunner of pedagogical studies.

Palabras chave: xeografía, Galicia, xeografía rexional, rexión, paisaxe, identidade, ensino da xeografía.

Key words: geography, Galicia, regional geography, region, landscape, identity, teaching geography.

Celebro e agradezo a oportunidade que se me brinda de participar no Simposio Antonio Fraguas organizado pola Real Academia Galega e polo Museo do Pobo Galego, no relatorio que se dedica ao seu labor como xeógrafo, baixo o título "A xeografía e o seu ensino antes e despois de Antonio Fraguas". E celébroo porque con iso podemos recoñecer e facer visible a súa obra xeográfica, ensombrecida no marco dunha abundante e variada produción bibliográfica, na que destacan os seus traballos sobre etnografía. Con todo, o Fraguas xeógrafo é, xunto con Otero Pedrayo e Río Barja, un dos mestres que van consolidar unha tradición científica secular en Galicia, aínda que a súa institucionalización universitaria foi tardía, en comparación co acontecido nos países europeos da contorna e noutras universidades centenarias españolas.

Foi en 1950 cando se ocupou por primeira vez unha cátedra de Xeografía na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, case medio século despois da creación da de Xeografía Política e Descritiva –a primeira en España– na Universidade Central de Madrid en 1907, destinada fundamentalmente á preparación dos catedráticos de instituto. Con todo, cabe matizar respecto diso que Compostela conta só coa sección de Historia desde 1922, grazas ao impulso de Luís Rodríguez de Viguri, despois de que os estudos de Filosofía e Letras fosen excluídos do distrito por Real Decreto do 13 de agosto de 1880, aínda que os precedentes dos mesmos, asociados ás cátedras de artes, se retrotraen ás orixes da nosa institución.

En virtude das sucesivas disposicións aparecidas no *Boletín Oficial do Estado*, a cátedra compostelá –xunto coa de Zaragoza– foi convocada a oposición, por quenda libre, por Orde do 17 de xaneiro de 1942. Tras dous sucesivos prazos de ampliación para a admisión de solicitantes, os opositores foron emprazados o 29 de maio de 1944, quedando a praza de Santiago deserta. Convocada de novo a concurso de traslado, de acordo coa normativa vixente, a falta de aspirantes impediu a súa provisión. Catro anos máis tarde, por Orde do 9 de febreiro de 1948, publícase unha nova convocatoria á que concorren sete opositores, quedando Ramón Otero Pedrayo excluído "por falta de toda a documentación"[1]. Sorprende pois, ao non atoparmos ningunha mención do sucedido, que o 11 de marzo do ano seguinte, o Ministerio abra un novo prazo de dous meses para que os aspirantes poidan formalizar a solicitude e presentar a documentación esixida no anuncio de convocatoria antes mencionada. De novo figuran como admitidos os mesmos candidatos da convocatoria anterior[2] e apartados provisionalmente

1 "Declarando admitidos definitivamente los aspirantes que se indican como opositores a la cátedra de "Geografía" de la Facultad de Filosofía y Letras de Santiago" (BOE 21/XI/1948).

2 Isidoro Escagües Javierre, Justiniano García Prado, Evelio Teijón Laso, José Luis Martín Galindo, Demetrio Ramos Pérez, José Ibáñez Cerda e Salvador Llovet i Reverter, quen anos máis tarde gañaría a cátedra

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Antonio Fraguas –que antes non figuraba–, por "falta de presentación de traballo científico", e Otero Pedrayo, "por presentar a documentación fóra de prazo e faltarlle, ademais, o certificado firme de adhesión aos principios fundamentais do novo Estado, expedido pola Secretaría Xeral do Movemento e certificado de depuración"[3]. Interpostas as reclamacións correspondentes, foron admitidos definitivamente e convocados para facer a súa presentación o 6 de marzo de 1950.

Terminados os exercicios, o tribunal, presidido por D. Eloy Bullón Fernández[4], propón por unanimidade a Otero Pedrayo para a súa provisión, a pesar dos comentarios e manobras que parece existiron durante o proceso (Casas 1978: 36). Tras a súa toma de posesión iníciase unha nova etapa na xeografía en Galicia, tanto no ensino como na investigación[5], que, despois do paso fugaz dos catedráticos Mensua Fernández e Higueras Arnal, cristalizará nun departamento universitario –unidade homoxénea de coordinación de docencia e investigación–, en virtude da reforma do ministro Lora Tamayo, da man de Miralbés Bedera e Torres Luna no curso 1967-1968, dez anos despois da xubilación do señor de Trasalba. Nunha etapa caracterizada pola forte interinidade, a docencia e a dirección na investigación[6] foi cuberta polos seus discípulos máis directos: Fraguas[7] e Río Barja[8], ata a súa dedicación en exclusiva nas súas respectivas cátedras do Instituto Rosalía de Castro e da Escola de Maxisterio de Santiago en 1974[9]. Volverán de novo á Facultade, convertida xa en Xeografía e Historia, nos oitenta, a participar

de Xeografía da Universidade de Barcelona.

3 "Declarando admitidos definitivamente los aspirantes que se indican como opositores a la cátedra de "Geografía" de la Facultad de Filosofía y Letras de Santiago" (BOE 24/VII/1949).

4 Eloy Bullón foi nomeado catedrático numerario de Historia de España da Universidade de Santiago o 3 de febreiro de 1906 (*Gaceta de Madrid* 9/II/1906).

5 Ademais da tese de Río Barja (1953), figuran baixo a súa dirección a de M.ª del Rosario Castells Vila, *La comarca natural de Viana del Bollo (algunos factores físicos y humanos)*, e unha terceira elaborada por Prieto Rodríguez en 1959 (Hernández 1999: 729).

6 O labor de apoio á investigación nestes anos recóllese na dirección das teses de licenciatura de Florentino Rodríguez Rúa, *Geografía humana de la comarca de Carballino*, e a de Jesús J. Blanco Alvite sobre a *Planificación agrícola de la Tierra de Lemos*, defendidas en 1960 e 1961.

7 Aínda que non foi discípulo directo de Otero Pedrayo, o profesor de Trasalba así o considera e manifesta, como o fixo na resposta ao discurso de Fraguas no seu ingreso na Real Academia Galega, en 1956: "Teño a ilusión de se quizais a miña adicación á ciencia e mais o espírito dos vellos mestres da paisaxe traballando no empeitizo do xove Fraguas axudou á formación e florecemento do perfecto xeógrafo que hoxe se senta na nosa Academia".

8 Doutorouse en Madrid en 1953 coa tese intitulada *La comarca natural de la Tierra Llana de Castro de Rey*. Foi director da tese de Rogelio Ferrín Martínez, *La vivienda en las zonas rurales del litoral de la Ría de Vigo: estudio geográfico*, defendida en 1962.

9 Debemos deixar constancia de que Río Barja, cando marchou da Facultade de Filosofía e Letras, xa era profesor adxunto numerario de "Geografía General de España y Universal" –o primeiro de xeografía en Santiago– por concurso-oposición nacional restrinxido (Resolución 5/X/1972, BOE 26/X/1972), na que acadou a máxima puntuación de todos os concursantes de xeografía. Conxuntamente con el, e seguindo unha orde decrecente, figuran na resolución: Gutiérrez Elorza, Castañeda Delgado, Gil Bermejo, Villegas

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

como membros de tribunais de tesiñas de licenciatura e teses de doutoramento, coincidindo con cambios académicos e tamén coa nova realidade sociopolítica autonómica, que lles recoñecerá o seu labor e compromiso con Galicia durante a longa noite de pedra.

Paradoxalmente, os anos composteláns de Otero, a pesar do abundante da súa produción bibliográfica, non se caracterizan por unha grande achega xeográfica, aínda que se introduce en novos ámbitos de estudo ao compás dos cambios que comezan a producirse na sociedade galega, como son os traballos sobre *Las ciudades gallegas* (1951) e *Santiago de Compostela*[10] (1953); o decisivo ensaio sobre a nosa paisaxe *Ensaio sobor da paisaxe galega* (1955); e a súa participación nas obras colectivas, *Geografía Universal* (1953) e *Geografía de España. Presencia y potencia del suelo español* (1956), concibidas como manuais universitarios.

Á importancia simbólica da dotación da cátedra e do acceso a ela de Otero Pedrayo, representante senlleiro do exilio interior, súmase a publicación da *Geografía de Galicia*[11] de Antonio Fraguas en 1953. Trátase dunha obra que emprega de novo unha escala territorial que foi abandonada polos plans de estudo, coas reformas introducidas polo Ministerio de Educación Nacional de Pedro Sainz Rodríguez[12], ata a súa recuperación en todos os niveis de ensino coa democracia. Consciente diso, o autor só pretende con este "manual[13] […] informar al lector de los principales problemas geográficos de nuestra tierra" (Fraguas 1953: 9).

Coincidindo coa publicación desta monografía rexional clásica, de corte vidaliana, na que se combinan factores físicos e humanos, sae á luz o artigo de Fred K. Schaefer titulado "Exceptionalism in Geography" (1953), que supón a ruptura coa xeografía tradicional de herdanza francesa e alemá, no que critica con dureza:

> o seu punto de vista "excepcionalista" da liña de Kant, Hettner e Hartshone; a idea de que a xeografía é totalmente distinta de todas as ciencias, de que é única na súa metodoloxía porque estuda fenómenos únicos –rexións– e de que

Molina, Bielza de Ory, Calvo-García Tornell e García Silva, mestres no saber xeográfico que deixaron unha profunda pegada nas xeracións de egresados.

10 A primeira edición, como *Guía de Santiago de Compostela*, é de 1945.

11 As citas de Fraguas e Otero Pedrayo mantéñense segundo a lingua empregada na edición. Agradezo as achegas e suxerencias realizadas polo profesor López Andión.

12 Como ministro foi o responsable da creación dunha Oficina Técnico-Administrativa, con carácter de Sección, especialmente encargada da tramitación dos expedientes, incidencias e recursos, o que deu lugar á depuración do persoal dependente do seu Ministerio (BOE 19/III/1938).

13 Aínda que o substantivo manual alude ao libro en que se compendia o máis substancial dunha materia, como é o caso, o emprego do termo por un docente "rehabilitado" naquel contexto non deixa de ser provocador. Evidentemente o obxectivo a acadar era que se fixese "un libro popular de Xeografía galega", pois con el chegaba "a obra de sciencia" esperada por Otero (1926).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> é, doutra banda, unha disciplina máis idiográfica que nomotética (Holt-Jensen 2012: 115-116).

A partir deste momento no que se cuestiona a concepción idiográfico-rexional, iníciase unha nova etapa nesta disciplina, unha "nova xeografía" de acordo cos postulados das filosofías analíticas asociadas ao atomismo lóxico e ao Círculo de Viena. Fronte ao excepcionalismo, as investigacións xeográficas debían ter como finalidade a procura de leis e regularidades de carácter espacial e insistir nos aspectos xerais máis que nos únicos e específicos de áreas concretas. A descrición era insuficiente para un mundo que saía da segunda guerra mundial, a xeografía tiña que ser explicativa, homologable ao resto das ciencias positivas. A lóxica e as matemáticas van ser a partir de agora o alfabeto da natureza (Russell 1976: 295).

A TRADICIÓN REXIONAL E PAISAXÍSTICA EN GALICIA

O desenvolvemento das ciencias especializadas da natureza no século XVIII trae como consecuencia o paulatino abandono da xeografía ao estudo da Terra no seu conxunto, para centrarse na análise da súa superficie (Schaefer 1953). Disciplinas que hoxe consideramos afíns, tales como a xeoloxía, a astronomía ou a cartografía, restáronlle contidos e relegaron a profesión do xeógrafo á descrición de continentes, países e rexións cun carácter enciclopédico que a afastaron cada vez máis da posición científica de vangarda en que antes se atopaba (Capel/Urteaga 1984: 13). Con todo, neste contexto de cambio Kant senta as súas bases filosóficas outorgándolles, do mesmo xeito que á historia, un carácter idiográfico e excepcional, e caracterízaas por estudar fenómenos únicos no espazo ou no tempo. A forma e os contidos científicos serán o legado de Alexander von Humboldt e de Carl Ritter, os pais da xeografía institucionalizada, con preponderancia dos físicos e humanos respectivamente, consonte á súa formación.

> Humboldt abriu a porta a un paisaxismo xeográfico moderno, de novo cuño, conectado coa sensibilidade romántica do seu tempo e coas maneiras de entender a orde natural a ela asociadas, interesado ao tempo en explicar a paisaxe e en comprendela, en achegarse ao que a paisaxe é e ao que significa, atento en todo momento, sen disocialas, á dimensión natural e á dimensión cultural da paisaxe. (Ortega 2000: 27).

A diferenza do seu contemporáneo, a formación filosófica e histórica de Ritter fai que saliente os procesos sociais e históricos do ser humano na Terra, concibida como morada, como teatro e escenario da vida humana no seu camiñar cara a Deus. "A iso hai que engadir a tradición que interpreta as características sociais

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

e a variabilidade histórica a partir do medio físico" (Capel/Urteaga 1984: 57). En base a iso, os seus traballos presentan un acusado determinismo ao considerar que "a natureza, baixo o influxo das leis cósmicas superiores determina o destino dos pobos, predestina a uns ao triunfo e ao dominio e a outros ao inmobilismo e a submisión" (Capel/Urteaga 1984: 58).

O proxecto levado a cabo por estes autores para incorporar a xeografía no ámbito das ciencias empíricas non ten continuidade como escola, aínda que tradicionalmente se fai deles "a clave dunha xeografía rexionalista e da paisaxe" (Ortega 2000: 133). Así o fai Otero Pedrayo: "estos nacen [as paisaxes xeográficas] con la geografía moderna, con Humboldt, Ritter y su escuela. Son paisajes de naturalista los del primero, de historiador filósofo los del segundo; ambos buscan la acción del medio sobre los seres" (1928: 21-22).

Con todo é de recoñecer que adiantaron algunhas propostas para o desenvolvemento do que coñecemos como xeografía moderna a partir do último cuarto do século XIX, unha "ciencia de coordinación de los fenómenos naturales y sociales en la superficie del planeta" (Otero 1928: 17), entendidas, en principio, segundo Ortega (2000), como as influencias do solo sobre o ser humano, un ser que acaba identificándose con el. As relacións entre ambos e os vínculos entre a xeografía física e a humana constitúen o proxecto que Ratzel denominou como "antropoxeografía". Os efectos do medio sobre o ser humano e as sociedades, alimentados polo positivismo, o ambientalismo e os principios do evolucionismo de Darwin, conduciron a uns posicionamentos deterministas nalgúns autores. A influencia deste determinismo xeográfico atopámolo, entre outros, no nacionalismo organicista-historicista de Vicente Risco, baixo expresións tales como "nación natural" ou "comunidade determinada pola natureza" (Risco 1920).

Fronte a este paradigma, a finais do século XIX, coincidindo coa crise das formulacións positivistas –e en particular coa crítica do ambientalismo de Lucién Febvre– e coa difusión do historicismo diltheiano –que nega o axioma determinista–, comeza a desenvolverse a escola xeográfica francesa de concepción rexionalista, que postula que a natureza condiciona pero non determina as actividades humanas. Simplemente ofrece posibilidades –de aí o concepto de posibilismo– que se materializan en alternativas e respostas variadas en consonancia co carácter continxente do ser humano, na súa actuación individual ou colectiva. A renuncia á procura de leis xerais e ao encadeamento causal dos feitos e a aposta pola defensa da unidade da xeografía fan que Vidal de La Blache atope na rexión, no espazo habitado concreto e nun tempo determinado, a garantía de unidade da xeografía. Unha ciencia corolóxica, unha xeografía dos lugares, das rexións, dedicada á organización do espazo na superficie terrestre, segundo a formulación de Hettner, fundador da escola rexional en Alemaña.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> A través da paisaxe a rexión ía adquirir unha dimensión social e histórica: identificou a área dunha cultura e a través dela a área propia da colectividade histórica que xerou. A paisaxe supón a decantación de valores e atributos propios dunha nación. A xeografía rexional imbrícase e implícase así nun discurso ideolóxico, o da personalidade nacional, o do nacionalismo (Ortega 2000: 179).

Así, o nacionalismo galego proclama que "Galicia é unha entidade natural, xeográfica, étnica e histórica, que ten unha personalidade propia e inconfundible, e quer que esta personalidade sexa recoñecida" (Risco 1923: 123). E é esa personalidade propia, expresión acuñada por Vidal de La Blache na súa obra *Tableau de la géographie de la France*, a que vén dada por uns xéneros de vida –*genre de vie*– que o ser humano foi desenvolvendo ao longo da historia na súa relación co medio. Rexión e paisaxe identifícanse e esta á súa vez defínea. Un bo exemplo da paisaxe como expresión da identidade nacional atopámolo en Otero Pedrayo (1928: 189-190):

> Hay pueblos que aparecen postizos y apenas aceptados en su medio físico; otros desde antiguo, profundamente identificados con él. A este grupo pertenece Galicia con su paisaje humanizado y su alma llena de paisaje […] Intensamente labrador y pescador, se incorporó entrañablemente al paisaje, hasta el punto que sólo alguna corta extensión de montaña no guarda la huella humana, y ni aun ofrece obstáculo definitivo, por lo menos al paso de los hombres.

Polo tanto, na definición histórica de nación e na configuración dos trazos identitarios, manifestados na paisaxe, é determinante o contacto directo e constante entre o "pobo" e a "terra":

> el pueblo, trabajador y sensitivo, alejado de la contemplación mística y de la doctrina teológica, anima la naturaleza, la personifica, la siente como un conjunto de presencias reales, amigas o enemigas, y a veces transporta a sus creaciones artísticas una viva expresión del paisaje (Otero 1928: 187).

Creacións artísticas que non deixan de ser máis que unha expresión ou resultado desa profunda relación.

A identidade colectiva constitúe, pois, unha das claves que nos permiten comprender e interpretar esta concepción oteriana da paisaxe, pero a esencial, segundo o autor,

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> consiste en comprender el paisaje como un dinamismo en dos sentidos: el juego de los agentes de erosión, de la luz y del calor en su acción sobre el relieve, el tapiz vegetal y los establecimientos humanos, juntamente con la acción de éstas en sus variadas formas y por otra parte los diferentes aspectos que reviste el paisaje según el ritmo de las estaciones (Otero 1928: 22-23).

A aprehensión dos xogos cromáticos da luz sería imposible sen entrar en contacto co territorio obxecto de investigación, sen saír ao encontro con esa luz que matiza as paisaxes co paso das estacións e as horas a modo de pinceladas impresionistas.

> El cromatismo es una nota que forma parte del amplio conjunto de matices estacionales dentro de las líneas de relieve y de las actividades humanas […] El paisaje cambia […] también con la luz y los fenómenos atmosféricos. Los contrastes de color se aprecian lo mismo que el relieve a determinadas horas de la mañana. (Fraguas 1953: 227, 230).

Os xeógrafos da paisaxe comprenderon que o coñecemento xeográfico do territorio esixe velo para comprendelo, de aí o valor que lle outorgan ás saídas ao campo e aos itinerarios para apreciar os matices. E para analizalo e comprendelo é necesario ademais engadir aos métodos empíricos unha carga de intuición e sensibilidade. E o método de Otero caracterizábase polo predominio da intuición de raíz bergsoniana que lle permitiu acceder á experiencia, ao temporal, ao sensible. Percorreu tamén os camiños da intuición guiado polas achegas dunha importante formación autodidacta máis que polo legado da academia (Villares 2008:160).

Seguindo a obra do xeógrafo de Trasalba, a paisaxe para Fraguas responde a dous grandes factores: as forzas –cósmicas, vitais e humanas– e os tempos –cósmico, vital e histórico–, cuxa acción combinada xera os catro tipos de paisaxe individualizados. A serra e a montaña son herdeiras do cósmico, mentres que o vital (vexetativo) e o histórico conforman os de "ribeira", "bocarribeira" e de "mariña" (Lois/Trillo 2017). Con todo, agora vanse presentar contrastes entre a montaña, "cuya configuración expone en su relieve formas de evolución diferente", e a costa, "que alcanza las formas del litoral abrupto de los rompientes y los playales". Entre ambos aparecen os recantos soidosos do val e da ría (Fraguas 1953: 227-230).

Como Vidal de La Blache, Otero partía da realidade percibida, e por iso aprendeu a axustarse ao concreto, é dicir, ao mapa e á paisaxe (Capel/Urteaga 1984: 345). E o mapa era o de Domingo Fontán, a *Carta xeométrica de Galicia*, elaborado de acordo coa nova división do Estado aprobada en 1833. Un rostro de Galicia,

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

por tanto, rexuvenecido na forma e nos seus atributos. Un Reino que ademais de verse reducido en extensión dende comezos da época moderna, aparece agora desmembrado en catro provincias nas que subxacen tanto aspectos físicos como criterios de territorialización[14].

A reivindicación da antiga provincia –o Reino de Galicia– serviu de alimento ás teses provincialistas, das que o cartógrafo se sentía partícipe. De feito prescinde das delimitacións dos concellos, erixidos a partir de 1835, mentres que consigna a totalidade de parroquias rurais sobre as súas follas. Fontán e, anos máis tarde, Otero comprenden a organización do territorio galego ao redor da parroquia, definida como "una unidad social, la de mayor realidad en Galicia que, indiferente a los cambios, permanece como célula vital de la organización humana enérgicamente adaptada al suelo" (Otero 1928: 96).

Para a elaboración da *Carta*, ademais dos coñecementos matemáticos e astronómicos, Fontán utiliza o legado cartográfico e documental de Tomás López, fonte imprescindible para o coñecemento parroquial, e o de Tofiño no referente ao trazado costeiro. Tampouco é alleo ao esforzo modernizador e sistematizador de Isidoro de Antillón, cuxo método de observación segue e recolle nos seus cadernos, que foi o introdutor dos traballos de Philippe Buache relativos á división do territorio francés por medio das dorsais orográficas e de bacías hidrográficas, fundamentos do que coñecemos como "rexión natural". O seu mapa de España publicado en 1808 recolle, aínda que de maneira elemental, as principais aliñacións montañosas, esbozando con iso as grandes bacías hidrográficas peninsulares. Sorprende aínda hoxe comprobar como se ignora a obra de Domingo Fontán no marco dos avances da cartografía e da xeografía no XIX. A escala rexional dilúese no marco dun Estado liberal, centralista, en proceso de construción, no que os traballos dos xeólogos contribúen a avalar a existencia dunha "meseta central" como núcleo primitivo e fundamental de todo o territorio (Dantín 1912: 35). En base a esta unidade "central" organizarase durante moitos anos o relevo peninsular desde coordenadas dicotómicas, baseadas na oposición interior-exterior, interior-periferia ou meseteñas-alleas[15], coas connotacións e a instrumentalización

14 "La Constitución de Bayona dividía Galicia en cuatro Departamentos, cuyos nombres se vinculan a las arterias fluviales del Tambre, Miño y Sil. Departamento del Tambre, capital en La Coruña; Departamento del Miño Alto, capital Lugo; Departamento del Sil, capital Orense, y Departamento del Miño Bajo, capital Tuy" (Fraguas 1953: 310).

15 O paso de Cordilleira Carpeto-Vetónica a Sistema "Central", que acompaña á presentación da meseta como a primeira unidade peninsular, tamén ten un significado que vai alén da súa posición e dirección. De feito, mentres que a denominación de "Vetones" lévanos mentalmente cara ao oeste, o concepto "central" fai que se desvincule mentalmente esta aliñación orográfica do ámbito occidental peninsular, cando é parte integrante do dominio xeolóxico varisco, formado pola maior parte das rocas da metade occidental da Península, desde a rexión de Galicia/Trás-os-Montes ata Sierra Morena. O vello Macizo

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que iso supón. A linguaxe cartográfica non é neutra, ten importantes implicacións ideolóxicas, por iso é polo que xogou un papel fundamental na construción dos estados nacionais.

Os naturalistas, e dun modo especial os xeólogos, en España foron enriquecendo o concepto de "rexión natural", coa incorporación de novas variables de análise. Os traballos de Dantín Cereceda[16] e de Hernández Pacheco[17] son fundamentais para entender a concepción mesetaria e para o desenvolvemento das formulacións rexionalistas, que tanta influencia van ter na xeografía española en xeral e na galega en particular. Os compoñentes da "rexión natural" para Dantín (1912) son o relevo, o clima, a vexetación, a agricultura, a fauna e o "home" (ser humano), considerado desde o punto de vista naturalista, sendo o criterio xeolóxico o principio da unidade superior que as envolve e determina.

A pesar da ruptura conceptual que supón a aparición da "rexión xeográfica" ou "rexión paisaxe" de corte vidaliano, o novo concepto entronca directamente coa "natural" dos naturalistas-ambientalistas, por ser os primeiros que contemplaron as relacións do home co medio como factor de organización rexional. De feito, nun principio estiveron tan identificados que a rexión natural contemplábase como o "escenario" sobre o que se desenvolve a actividade humana e o marco no que se producen as súas relacións co medio (Solé 1984), relacións que no transcurso da historia fundamentan a súa personalidade xeográfica. O territorio delimítase polo xeral por medio de criterios físicos ou por trazos paisaxísticos globais, en ocasións cos métodos intuitivos e autópicos, ou ben en base a circunscricións históricas de fortes lazos solidarios, as "rexión históricas"[18], "sentidas por el pueblo, expresadas en la toponimia y aceptadas en el uso corriente" (Otero 1928: 53), como son os criterios que concorren no territorio de Otero (1928)[19]. Mentres que Fraguas (1953) se cingue ao concepto de rexión político-administrativo *sensu stricto*, aínda que introduce como contrapunto evocador a derradeira división do Reino en xurisdicións, coutos e partidos (Fraguas 1953: 311-326). Un Reino que

Hespérico de Hernández Pacheco. Mesmo podemos comprobar como a orla montañosa setentrional –periférica ou exterior– é "ata no clima algo aparte, diferente do resto da península" (Dantín 1912: 241).

16 "Resumen fisiográfico de la península Ibérica" (1912), "Concepto de la región natural" (1913) e "Ensayo acerca de las regiones naturales de España" (1922).

17 "El paisaje en general y las características del paisaje hispano" (1929) e "Síntesis fisiográfica de España" (1932).

18 "El paisaje ostenta la huella de la historia desde las manifestaciones primitivas de los castros a las hondas composiciones de los grandes siglos" (Otero 1926: 135).

19 "Galicia, comprendiendo en este nombre la integridad del territorio geográfico, roto por fronteras políticas y administrativas, es decir, el Norte de Portugal, hasta el Duero, y las tierras incorporadas a Asturias y León, aparece geográfica y étnicamente como la región más meridional de Celtia" (Otero 1928: 48-49).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

queren manter no imaxinario colectivo coa elaboración do magno proxecto da *Geografía general del Reino de Galicia* dirixida por Carreras Candi en 1928.

En relación coas delimitacións das unidades espaciais e ao establecer as diferenzas de criterios entre os artistas[20] e os xeógrafos, Otero (1928: 22) considera que:

> El paisaje geográfico, al contrario del pictórico, se fija primeramente en el horizonte que limita el trozo grande o pequeño de superficie terrestre que considera. Vidal de Lablache había exigido para substituir al vocablo horizonte un neologismo, *scenerie*, sacado del inglés.

Non obstante, este neoloxismo que traducimos como "escenario" ou "teatro" agocha un matiz que pode pasar inadvertido e que vai alén do lugar onde ocorren as circunstancias e as posibilidades que existen no marco da relación entre os seres humanos e o medio. A consulta do *Oxford Advance* remítenos aos elementos do medio natural, aínda que cargados dun forte compoñente estético: "the natural features of an area, such as mountains, valleys, rivers and forests, when you are thinking about them being attractive to look at"[21].

Xustificada a delimitación, e seguindo o método rexional, establécese unha secuencia progresiva partindo dos elementos físicos ata os propios da xeografía humana, que van desde a poboación e as formas de asentamento ata a análise das actividades económicas, pasando, en ocasións, por elementos político-administrativos e históricos. A modo de conclusión afróntanse, segundo recolle Ortolani (1962) "algúns problemas finais: a articulación interna da rexión en espazos menores [as comarcas]; o recoñecemento do tipo ou tipos de paisaxe dominantes; a comparación con outras rexións" (Ortega 2000: 292). O cadro que segue a continuación, co método aplicado a diferentes escalas e a súa evolución, é moi elocuente:

20 A pesar de que aínda se tardaría uns anos en traballar a imaxe subxectiva do medio natural e en desenvolver os estudos de xeografía cultural, tanto Otero como Fraguas percibiron a importancia do tratamento da paisaxe por parte dos escritores e pintores, pois é un tema que apaixona os artistas. "Literatos y pintores estiman en todo su valor el escenario natural que presenta Galicia" (Fraguas 1953: 232). "En la manera de sentir el paisaje residen algunos de los rasgos propios de cada época del arte" (Otero 1928: 18). En relación cos artistas, non debe pasar desapercibido que D. Antonio recolla na obra os nomes de figuras da contorna do nacionalismo galego no exilo: Castelao (falecido en Bos Aires en 1950), Colmeiro e Laxeiro; Díaz Pardo, que iniciara a experiencia ceramista do Castro e que dous anos máis tarde da publicación da *Geografía de Galicia* partirá tamén para América; e Maside, depurado e marxinado do mundo da creatividade.

21 https://www.oxfordlearnersdictionaries.com/definition/english/scenery?q=scenery

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Síntesis xeográfica de Galicia, 1926	*Guía de Galicia*, 1926
Xeoloxía	**Geología**
Releve	**Relieve**
Litoral	**Litoral**
Crima e vexetación	**Clima y vegetación**
Xeografía Humán	**Geografía Humana**
Xeografía Económica	
Paisaxe	
De Montesía	
Da Costa Brava	
De Val	
	Regiones naturales
	Geografía Administrativa
	Estética del Paisaje

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Geografía de Galicia, 1953	
I. Límites y situación	XV. La Industria
II. Extensión	XVI. Energía Eléctrica
III. Geología	XVII. Vías de Comunicación
IV. Orografía	XVIII. La Gente. El traje. Diversiones. Costumbres y creencias. La lengua[22]
V. Hidrografía	XIX. La Población: sus características. La emigración
VI. El Litoral	XX. La casa. El Hórreo. El Molino
VII. El Clima	XXI. El Paisaje
VIII. Biogeografía: La Vegetación. La Fauna	XXII. Comarcas Naturales
IX. Agricultura	XXIII. La Enseñanza
X. El Trabajo del Campo	XXIV. División Eclesiástica
XI. Los Riegos	XXV. División Administrativa
XII. Ganadería. El pastoreo del ganado	XXVI. Cartografía
XIII. La pesca	XXVII. Notas Bibliográficas
XIV. Riquezas naturales: La minería. Aguas Minerales	Apéndice: Ferias

22 Este capítulo é moi significativo pois retoma elementos clave do galeguismo (Beramendi 2007): a lingua e a cultura xogaron un papel decisivo ao explicalo en clave cultural, antropolóxica e étnica ("El pueblo galaico, de filiación celta", Fraguas 1953: 196).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O mesmo ocorre cos estudos comarcais[23], nos que a unidade territorial se define por un...

> conjunto de características […] relieve, clima, vegetación, agrupación humana, formas de vida, etc., explican la desigual extensión que comprenden las diferentes comarcas y las zonas de transición y contrastes limítrofes, dominio de valle o de montaña entre las regiones que se estudian (Fraguas 1953: 235).

O método rexional aplícase a esta escala exactamente igual que para Galicia na súa totalidade, a partir da temperá división realizada por Dantín Cereceda no *Ensayo acerca de las regiones naturales de España* publicado en 1922. Traballos que se irán enriquecendo coa difusión de novas fontes e coa aplicación de novas metodoloxías, que acabarán por cristalizar nunha división comarcal de Galicia por Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal. Fraguas, en 1953 individualiza 70 unidades territoriais comarcais, vinte máis que as propostas por Juan Dantín tres décadas antes, mentres que Otero (1958) as reducirá a 25 segundo avanzan as investigacións. Na súa individualización a dicotomía val-montaña é determinante e na súa denominación o topónimo, só en oito ocasións ten a suficiente entidade e calado para definilas –O Ribeiro ou As Mariñas por exemplo–, por iso vai precedido polo xeral polos conceptos físicos de val (24), veiga (3), ría (1), e chaos (1), seguidos de comarca (1), país (1) –termo de clara resonancia rexional francesa– e Terra (31), en alusión a elementos físicos, pero que tamén en ocasións alude a vellas xurisdicións e dominios señoriais, fortemente imbricados no pobo.

23 Non nos detemos no longo e interesante proceso de comarcalización nin no estudo da paisaxe pois vai ser obxecto de estudo neste mesmo exemplar polo profesor Paül Carril.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Ramón Otero Pedrayo ***Terra de Melide*, 1933**	Salvador Parga Pondal ***Comarca natural de Bergantiños*[24], 1950**	Gonzalo Paz López ***Portomarín*[25], 1953**
Posición e demarcación	Demarcación geográfica	Emplazamiento y paisaje
Idea xeral do relieve	Geografía física	Paisaje geológico
Zona sub montana		Clima
Penichán		El Miño
Ribeira e bocarribeira ullán		Fitogeografía
Rexión do sistema do Iso		La vid
	Fitogeografía. Zoogeografía. Paisaxe.	Zoogeografía
		Notas históricas
		Determinación geográfica del orígen
	Geografía económica	
Os pobos	Geografía humana	
Paisaxes xeográficas		
Os camiños antigos		
		La villa de Portomarín
		Geografía urbana
		La villa y la comarca
		La vida económica
		La población
		La vivienda
		El arte

A práctica totalidade dos avances no coñecemento xeográfico de Galicia fíxose nesta etapa á marxe da Universidade. A docencia da xeografía ata mediados do século XX estivo en mans de profesorado con formación de historiador ou eclesiástico. A Fraguas correspondeulle nos anos posteriores á Guerra Civil ser o primeiro que se incorpora como axudante cunha certa bagaxe xeográfica, grazas á formación que obtivo no Seminario de Estudos Galegos da man de Otero Pedrayo, responsable do Seminario de Xeografía, e de Risco, discípulo de Beltrán e Rózpide na antiga Escola Superior de Estudos de Maxisterio en Madrid. Durante estes anos, os avances tamén son debedores da creación do

24 Este traballo constitúe a tese de Salvador Parga, director da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela nos anos 1952-1965, que foi dirixida por Santiago Montero Díaz en 1948 e publicada no ano 2009.

25 O traballo de Gonzalo Paz Lopéz, *Portomarín. Monografía geográfica de una villa medieval*, premio Menéndez Pelayo de investigaciones científicas 1953, prologado por Amando Melón en 1961, constitúe o inicio do tratamento xeográfico das vilas galegas dende o paradigma rexional.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Instituto Xeográfico e Estatístico, coa elaboración de fontes estatísticas e cartográficas que permiten, ademais da mellora do coñecemento, introducir técnicas cuantitativas, por impulso do krausopositivismo. Non menos importantes foron o establecemento da Sociedade Xeográfica de Madrid (1876), que testemuña tanto o interese do coñecemento xeográfico como a apertura ás novas concepcións xeográficas na contorna europea inmediata, e o Instituto Xeolóxico e Mineiro[26] en 1910, que puxo ao dispor da comunidade de xeógrafos un importante material cartográfico-xeolóxico e estudos estratigráficos e paleontolóxicos, que supuxeron un grande avance para o coñecemento da Península Ibérica desde o punto de vista da xeografía física. É de sinalar que, en ocasións, os avances no coñecemento da xeografía humana viñeron da man de naturalistas. Así, o primeiro estudo sobre poboación de Galicia e a elaboración dun mapa de densidades débense a Juan Dantín, discípulo e colaborador de Hernández Pacheco no Instituto Xeolóxico, en 1925. No ámbito do profesorado de ciencias que contribuíu decisivamente aos avances da xeografía física está Joaquín Gómez de Llarena, a quen Fraguas utiliza á hora de explicar as rías, aínda que non o recolle na bibliografía (1953: 102). Gómez de Llarena, catedrático no antigo Instituto republicano Pérez Galdós, coincide naqueles anos con Pura Lorenzana, profesora no tamén desaparecido Instituto Calderón de la Barca, e con quen mantén relación a través da Irmandade de San Isidoro de Doutores en Ciencias e Letras, e ambos co presidente da mesma Ibáñez Martín. Probablemente, a vella amizade entre Fraguas e Pura Lorenzana[27] dende os tempos do Seminario de Estudos, e esta á súa vez co entón ministro de educación, permitise a incorporación daquel na Facultade de Filosofía e Letras na década de 1940, e pode ser unha das fontes de provisión, xunto con Parga Pondal, da importante bibliografía que utiliza e recolle na *Geografía de Galicia*.

O ENSINO DA XEOGRAFÍA: RENOVACIÓN PEDAGÓXICA, CONCEPTUAL E METODOLÓXICA

A pesar da antigüidade da xeografía, o seu proceso de institucionalización non se levará a cabo nas universidades europeas ata mediados do século XIX. E este proceso é debedor do incremento da presenza desta disciplina nos programas de ensino anteriores aos universitarios. A demanda nos primeiros anos impulsará, en

26 A pesar de figurar no parnaso do Paraninfo da USC, o compostelán Casiano de Prado, que acompañou os primeiros pasos do Instituto Xeolóxico e formou parte da comisión encargada para a realización da *Carta geológica de Madrid y general del Reino* en 1849, é o gran descoñecido para as novas xeracións de xeógrafos.

27 Pura Lorenzana encargouse da materia de xeografía no plan inmediatamente posterior ao termo da Guerra Civil, coñecido polo alumnado como Plan Matamoros polas súas dúas reválidas, segundo a testemuña dunha antiga alumna, M.ª Teresa Val Dávila, a derradeira desa promoción.

principio, a formación do profesorado de primaria e, co transcorrer dos anos ,acabará na dotación de cátedras nas universidades para a formación do profesorado dos institutos de segundo ensino, creados en virtude da Lei de Instrución Pública –Lei Moyano– de 9 de setembro de 1957. Entre os contidos da mesma atopámonos con que o ensino elemental compleméntase, entre outras, con xeografía, especialmente de España (art. 4) e no segundo ensino introdúcese Elementos de xeografía (art. 14) e Ampliación de elementos de xeografía (art. 15). Nos cursos universitarios introdúcese a xeografía física e matemáticas nas Facultades de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais (art. 34); nas Escolas de Comercio a xeografía e estatística industrial e comercial (art. 64); en Náutica a xeografía física e política (art. 65) e en Maxisterio (art. 68) uns Elementos de xeografía, en consonancia coa formación inicial do alumnado.

Por iso, ao ser un proceso gradual de implantación, vai afectar, en primeiro lugar, ás entón chamadas Escolas Normais, destinadas á formación de mestres e mestras. A incorporación desta materia nos seus plans de estudo responde, como acabamos de ver, a necesidades de tipo pedagóxico e, tamén, a argumentos de conciencia patriótica e cidadanía nos estados nacionais: "Ningún estudo é máis digno da atención dos españois que o estudo da xeografía da súa patria" (Antillón 1815: VII). Ao socairo das motivacións políticas, están os intereses dunha burguesía en alza cuxa demanda de coñecemento vai alén da erudición, pois afecta os seus propios intereses económicos. A súa incorporación ao currículo de mercantís aválao e contrasta coa súa ausencia nos propios de Filosofía e Letras (art. 68).

O cambio máis notable prodúcese coa reforma do plan de maxisterio en 1914, baixo a influencia do entón subsecretario de Instrución Pública, Eloy Bullón –o catedrático de Xeografía da Universidade Central–, que motiva a separación da antiga cátedra de Xeografía e Historia e senta as bases para a introdución do paradigma posibilista no ámbito das Normais. O novo currículo de xeografía, a desenvolver en catro anos, disponse de forma gradual e continua ao longo dos cursos: Nocións de xeografía, xeografía rexional, xeografía de España, xeografía universal e Ampliación da xeografía de España.

Esta modificación encádrase nun proxecto de máis longo alcance, que comeza coa creación da Escola Superior de Maxisterio en 1909, destinada á preparación do profesorado normalista e inspectores de ensino primario co fin de "formar mestres cultos e de vocación comprobada que, baixo a acción de inspectores tan capaces como celosos, realicen a magna obra de difundir os beneficios da educación e instrución primarias por todo o territorio nacional"[28]. No plan de estudos

28 "Real Decreto creando en esta Corte una Escuela Superior del Magisterio. Preámbulo" (*Gaceta de Madrid* 155, 4/VI/1909).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

contémplase a xeografía en 3º curso (primeiro da especialidade da sección de letras), que se completará con seminarios pedagóxico-científicos especializados a partir de 1917, pois na...

> Escola Superior non só se dan os medios de adquirir os modernos coñecementos científicos […] senón que se transforman e especializan os estudos pedagóxicos, reforzando os exercicios prácticos, dando a cada unha das súas ramas os fundamentos en que estriba o seu valor e solidez e incorporando a elas […] estudos tan importantes como a fisioloxía, psicoloxía e psiquiatría do neno. (*Gaceta de Madrid* 155, 1395)

Esta nova concepción na formación dos aspirantes a mestres responde ao interese por mellorar o carácter profesional dos estudos para un mellor desenvolvemento das tarefas educativas na escola e na sociedade.

Neste novo contexto educativo, destacan os profesores de xeografía, Ricardo Beltrán Rózpide, autor de *El ideario geográfico y los progresos de la geografía* (1908) e Luis de Hoyos Sainz, de formación en ciencias, impulsores ambos os dous da investigación en xeografía a partir da aplicación do método indutivo, por medio das coñecidas como "monografías de aldea" (Vilá 1989: 91), que eran en realidade unha memoria de fin de estudos, elaborada cunha metodoloxía semellante á das teses de doutoramento.

O labor realizado polos profesores que acabamos de mencionar tivo unha importante repercusión en todo o territorio español por medio dos seus discípulos, iniciados baixo as súas direccións na análise rexional, na xeografía humana e en cuestións de índole conceptual, metodolóxica e didáctica. Entre outros podemos destacar a Pedro Chico Rello, co seu estudo sobre *La enseñanza de la Geografía en las Escuelas Normales según el Plan de 1914* e a súa posterior *Metodología de la Geografía*, de 1934; en Cataluña a Miquel Santaló –coa monografía sobre *El gironès i Banyoles*, en 1923– quen atopou na obra de Dantín as bases para a comarcalización, e a Pau Vila con *La Cerdanya*, en 1926; e en Galicia a Vicente Risco co seu traballo sobre *O Castro de Caldelas: monografía xeográfica*, presentado en 1914 (Rodríguez 1997). Na medida en que o campo de coñecemento da propia xeografía se ía ampliando, a investigación didáctica atopou nesta materia un dos seus grandes aliados desde os temperáns traballos de Rafael Ballester, a quen se debe a elaboración e defensa dunha tese sobre metodoloxía xeográfica en 1907, nun contexto de renovación educativa no que conflúen as correntes da Institución Libre de Enseñanza; as de carácter confesional coa obra de Andrés Manjón, ás que se sumarán Ángel Ayala e Pedro Poveda; e a de tendencia anarquista postulada por Ferrer Guardia (Pericacho 2014: 48-50). Os principios da "escola nova"

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ou "escola activa", que acabamos por asociar á Institución Libre de Enseñanza, fundaméntanse nas achegas da psicoloxía do desenvolvemento infantil, que conducen a unha educación máis personalizada; nunha relación próxima entre o docente e o discente, allea aos postulados condutistas; en facer chegar a vida á escola e a escola á vida, tendo a contorna como fonte de estudo e aprendizaxe (de aí que a xeografía adquira unha importancia inusitada na docencia e no campo experimental); e nun método activo que se opón ao tradicional memorístico e repetitivo. Os traballos de pedagogos como Adolphe Ferriére, María Montessori, Ovideo Decroly, Celestin Freinet ou John Dewey, súmanse aos precursores Rousseau, Pestalozzi e Fröebel, cuxa influencia se deixou sentir no proceso de desenvolvemento da xeografía moderna.

Aos poucos meses do triunfo da república, o denominado "decreto Llopis", do 29 de setembro de 1931, iniciaba a reforma das Escolas Normais, para incorporalas no rango dos estudos universitarios. O novo plan de estudos de Maxisterio adquire un carácter profesionalizante, que aparece reflectido nun deseño que minora os contidos a favor da metodoloxía e as prácticas. A Metodoloxía da xeografía, impartida en Santiago por Mercedes Martínez Álamo –alumna de Rózpide– como titular numeraria de xeografía, no segundo ano da carreira, ten como finalidade capacitar o alumnado nos métodos utilizados na investigación xeográfica e a súa aplicación no ensino, así como na utilización de fontes e recursos didácticos. En Galicia atopámonos cun nutrido grupo de profesorado procedente da Escola Superior de Madrid, no que destacan as irmás Martínez Álamo; Sara Leirós Fernández, pensionada con Julia Martínez pola Junta de Ampliación de Estudios en Francia, Bélxica e Suíza; M. Paz Cantón Salazar. Contamos co precedente de José María Crespo Rodríguez, que publicou *Compendio de geografía especial de Galicia*, en 1921 e o elaborado posteriormente con carácter propedéutico que leva por título *Elementos de Geografía* (Durán 1990). Foron moitos os autores que se preocuparon por elaborar textos e cartillas como complemento aos novos modelos de ensinanza-aprendizaxe: O *Compendio de geografía general* de Sara Leirós, de 1934; as *Lecciones de geografía e historia* de Otero Pedrayo, de 1936. Despois do temperán precedente de *Galicia. Geografía descritiva* de Ángel Rubido, de 1891, recupérase a escala rexional e aparecen obras en galego para as escolas. A máis significativa é a *Nova xeografía de Galicia pras escolas*, de Luis Barreiro Paradela (1936), cuxa redacción pona en relación co descoñecemento "absoluto" de Galicia coa evolución da didáctica e a pedagoxía (1936: 7). Ofrécella ao profesorado...

> pra levar â conciencia d'o neno ao senso da galeguidade, pol'o coñecemento total d'a sua Terra, para abrirlle os ollos sobre a nosa economía, a nosa natureza, a nosa cultura e o noso porvir […] nunha escola aitiva (Barreiro 1936: 6).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

De acordo cos principios esgrimidos, a metodoloxía proposta parte da contorna, do método da "Xeografía local" (Vilá 1989: 88), ao amparo dos traballos de Azpeurrutia, (1925) e de Sainz (1924), e da pedagoxía vivida de Charrier (1929), para quen as "leccións de lugares […] son apropiadas para iniciar o neno no estudo da Xeografía e para facerlles amar este ensino" (1929: 582). Fraguas tamén era partidario da xeografía dos lugares e deste xeito facía que o método indutivo fluíse nos seus traballos a través da explicación das diferentes escalas do territorio:

> pretendemos hoy hablar, casi como un recuerdo, de un lugar, el de Insuela, de la parroquia de Loureiro en el Ayuntamiento de Cotobad […] La agrupación más sencilla es la vivienda solitaria: un casal, el grupo de viviendas agrupadas en un solo núcleo y en número variable, forma el lugar, que pues estar dividido en varios sectores con denominaciones especiales con arreglo a la posición o bien por los grupos de casas, y el conjunto de lugares constituye la parroquia (Fraguas 1978: 85).

O programa proposto para o alumnado vai secuencialmente desde a escola a Galicia no seu conxunto, pasando polo lugar, a parroquia, o concello, o partido xudicial e a provincia, traballando por medio de esbozos, planos e mapas, seguindo para os últimos o método xeométrico de Guillaumé (Barreiro 1936: 98-99). Excursións, itinerarios e misións pedagóxicas complementan todo un programa de renovación que se interrompe bruscamente en 1936 e non renacerá, salvo tentativas illadas como a Sociedade Galega de Xeografía, ata a creación da Nova Escola Galega, en 1983. Nace coa finalidade xeral de impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galicia, por medio da agrupación e cooperación de todos aqueles ensinantes galegos de calquera nivel educativo e de todas as persoas socias e colaboradoras que pretenden contribuír coa súa acción e reflexión á construción dun sistema educativo galego, público e democrático.

Como colofón a un proceso gradual que vai conducir á institucionalización da xeografía na Universidade de Santiago a mediados do século XX, o labor de Otero e de Fraguas, a pesar dos atrancos políticos, serviu de nexo de unión entre dúas etapas moi diferenciadas nos contextos políticos, conceptuais, metodolóxicos e didácticos. Porén, foron quen de manter unha xeografía de Galicia e para Galicia, unha xeografía que seguiu estando alimentada polo ideal nacionalista, baseado na etnicidade, na cultura, na lingua e na terra, sendo a parroquia e as paisaxes de bocarribeira as que lle confiren os maiores vínculos de identidade territorial. Río Barja, dende o Departamento de Didácticas das Ciencias Sociais, creado baixo o seu impulso, mantivo viva a herdanza da renovación pedagóxica, procurando

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que os deseños curriculares dos plans de maxisterio dende 1950, pensados para métodos dedutivos e memorísticos, non se instalaran no descoñecido. Sería bo que lembrásemos aquelas palabras que lle dirixiu Otero a Fraguas no momento de ingreso na Real Academia Galega, en 1956, e que llelas legásemos aos xeógrafos máis novos:

> Ser mestre na Xeografía non significa, sabédelo mellor do que a min, domear greas de feitos novos e impacientes e ordenalos nos tempos de carreira e hipódromos de cursos, libros e conferencias. Quer dicir ser dono do espírito, da chave dos tempos e segredos da paisaxe. E nisto Fraguas é mestre perfecto con emocionado senso de estudante. Pois só quen non teña perdido a saudosa e insatisfeita arelanza do estudante pode ser merecente diante da xuventude do título de mestre. (Fraguas 2019: 34).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Antillón, Isidoro de (1815): *Elementos de Geografía de España*. Valencia: Imp. de Estévan.

Azpeurrutia, José Manuel (1925): *Orientaciones para el estudio de la Geografía*. Madrid: Magisterio Español.

Barreiro Paradela, Luis (1936): *Nova Xeografía de Galicia pras escolas*. Santiago de Compostela: Publicaciones Actuales Gallegas.

Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación: historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Capel, Horacio e Luis Urteaga (1984): *Las nuevas geografías*. Barcelona: Salvat.

Carreras Candi, Francesc (dir.) (1928-1936): *Geografía general del Reino de Galicia*. Barcelona: Alberto Martín, 5 v.

Casas Torres, José Manuel (1978): "Don Ramón en el afecto y en el recuerdo", en *Miscelánea de Geografía de Galicia en homenaje a Otero Pedrayo*. Santiago de Compostela: Universidade, 33-38.

Charrier, Charles (1929): *Pedagogía vivida. Curso completo y práctico*. Madrid: Ed. Estudio.

Dantín Cereceda, Juan (1948 [1912]): *Resumen fisiográfico de la península Ibérica*. Madrid: Centro Superior de Investigaciones Científicas.

———— (1913): "Concepto de la región natural en Geografía", *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural* XIII, 507-514.

———— (1922): *Ensayo acerca de las regiones naturales de España*. Madrid: J. Cosano.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1925): *Distribución geográfica de la población en Galicia*. Madrid: Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas.
Durán, Francisco Ramón (1990): "O ensino da Xeografía na Escola Normal de Santiago durante a Segunda República", *Adaxe* 6, 33-40.
Fraguas, Antonio (1953): *Geografía de Galicia*. Santiago de Compostela: Porto.
———— (1978): "Geografía de un lugar", en *Miscelánea de Geografía de Galicia en homenaje a Otero Pedrayo*. Santiago de Compostela: Universidade, 85-102.
———— (2019 [1956]): *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán* [Discurso de ingreso]. A Coruña: Real Academia Galega. https://doi.org/10.32766/rag.342
Hernández Borge, Julio (2009): "Cuarenta años de tesis doctorales de Geografía en la Universidad de Santiago de Compostela (1959-1998)", *Estudios geográficos* 60 (237), 727-739.
Hernández Pacheco, Eduardo (1929): *El paisaje en general y las características del paisaje hispano.* Madrid: Academia de las Ciencias Exactas, Físicas y Naturales.
———— (1932): *Síntesis fisiográfica y geológica de España*. Madrid: Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas.
Holt-Jensen, Arild (2012): *Geography. History and Concepts*. London: SAGE.
Lois, Rubén Camilo e Juan Manuel Trillo (2017): "O fundamento de Galicia como territorio nacional. O labor do Seminario de Estudos Galegos e a figura de Ramón Otero Pedrayo", en Justo Beramendi *et al.* (eds.): *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Museo do Pobo Galego, 527-545.
Marco, Aurora e Serafín Porto (2000): *A Escola Normal de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade.
Ortega Valcárcel, José (2000): *Los horizontes de la Geografía*. Barcelona: Ariel.
Otero Pedrayo, Ramón (1926): *Síntese xeográfica de Galicia*. A Coruña: Lar.
———— (1927): *Problemas de xeografía galega. Notas encol das formas de poboazón labrega*. A Coruña: Nós.
———— (1928): *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*. Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones.
———— (1933): *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*. Santiago de Compostela: Nós.
———— (1953): *Geografía Universal*. Barcelona: Gallach.
———— (1955): "Ensaio sobor da paisaxe galega", en *Paisaxe e cultura: ensaios*. Vigo: Galaxia, 11-57.
———— (1956): *Geografía de España*. Barcelona: Gallach.
———— (1958): "Paisajes y comarcas gallegas", en Manuel de Terán (coord.), *Geografía de España y Portugal*. Barcelona: Montaner y Simón, t. IV, 46-92.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1965): "A aldea no seu decorrer histórico", *Grial* 8, 113-150.
———— (1971): *Santiago de Compostela*. Barcelona: Noguer.
———— (1980 [1926]): *Guía de Galicia*. Vigo: Galaxia.
———— (1983 [1932]): "Morte e resurreición", en *Obra Selecta, II. Ensaios*. Vigo: Galaxia 27-55.
———— (1999 [1969]): *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*. Vigo: Galaxia.
Paül, Valerià (2019): "Catro breves hipóteses na interface entre paisaxe e nación en Galicia", en Juan Manuel Trillo e Rubén Camilo Lois (eds.), *Paisaxes nacionais no mundo global.* Santiago de Compostela: Grupo ANTE GI-1871, 83-109.
Paz López, Gonzalo (1961): *Portomarín. Monografía geográfica de una villa medieval*. Zaragoza: Elcano.
Pérez Alberti, Augusto (1987): "A xeografía en Otero", *A Nosa Terra* 25, 65-69.
———— (2001): "A paisaxe xeográfica en Otero Pedrayo", *Raigame* 12, 49-53.
Pericacho, Francisco Javier (2014): "Pasado y presente de la renovación pedagógica en España (de finales del siglo XIX a nuestros días). Un recorrido a través de las escuelas emblemáticas", *Revista Complutense de Educación* 25, 47-67.
Risco, Vicente (1920): *Teoría do Nacionalismo Galego*. Ourense: La Región.
———— (1995 [1923]): "Esto é o que é o nacionalismo galego", en Francisco Fernández del Riego (ed.), *Pensamento galeguista do século XX.* Vigo: Galaxia, 122-125.
Rodríguez, José Antonio (1997): "La Geografía en la Escuela Superior del Magisterio (1909-1932)", *Eiría* 42, 89-106.
Rubido, Ángel (1891): *Galicia: Geografía descriptiva*. Santiago de Compostela: Escuela Tipográfica del Hospicio.
Russell, Bertrand (1976): *La evolución de mi pensamiento filosófico*. Madrid: Alianza.
Sainz Ruiz, Fernando (1924): *El programa escolar.* Madrid: Publicaciones de la Revista de Pedagogía.
Schaefer, Fred K. (1971 [1953]): *Excepcionalismo en Geografía*. Barcelona: UBA.
Solé, Luis (1984): "Sobre el concepto de región geográfica y su evolución", *Didáctica Geográfica* 10-11, 3-81.
Vilá, Joan (1989): *El conocimiento geográfico de España.* Madrid: Síntesis.
Villares, Ramón (2008): "La contribución de Ramón Otero Pedrayo a la historia agraria", *Revista de Agricultura e Historia Rural* 44, 157-178.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 57-78
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 79-104
© 2019. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.380.761

A XEOGRAFÍA DE GALIZA CON E APÓS FRAGUAS

GALICIAN GEOGRAPHY IN FRAGUAS' TIME AND AFTERWARDS

Valerià Paül Carril
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Analizamos tres cuestións centrais presentes na *Geografía de Galicia* de Antonio Fraguas (1953). Asemade, propomos unha interpretación diacrónica deses aspectos desde 1953 cara adiante, na que subliñamos o rol exercido pola xeografía académica da Universidade compostelá a partir de finais da década de 1960. En primeiro lugar, abordamos as comarcas como escala territorial chave de Fraguas; xeógrafos posteriores reelabóranas en termos distintos, nomeadamente ao redor do proceso de comarcalización oficial culminado en 1996-1997. En segundo lugar, revisamos a relevancia da óptica rural na interpretación do territorio galego por parte de Fraguas e como a xeografía foi transitando paseniño cara a unha maior atención polos espazos urbanos de Galiza. Finalmente, discutimos o papel concedido por Fraguas á paisaxe no seu discurso territorial acerca de Galiza; co paso do tempo, tendeuse a omitir a concepción paisaxística do autor, neste punto e no resto moi debedor de Otero Pedrayo.

Abstract: In this article, three central issues present in Antonio Fraguas' (1953) *Geografía de Galicia* are analysed. Likewise, these issues are diachronically interpreted from 1953 onwards, underlining the role exerted by academic geography at the University of Santiago de Compostela since the late 1960's. Firstly, the *comarcas*, a sub-national Galician territory, are approached as a key territorial scale for Fraguas; subsequent geographers have re-elaborated the *comarcas* in different terms, namely with the process around the setting of an official *comarcas* governance and map, passed in 1996-1997. Secondly, the relevance given by Fraguas to a rural approach in the interpretation of the Galician space is highlighted. We also evidence how geography has progressively moved towards greater attention to the urban areas of Galicia. Finally, the role granted by Fraguas to the landscape in his spatial discourse

about Galicia is discussed; increasingly, the author's landscape conception, indebted to Otero Pedrayo, has been omitted.

Palabras chave: Antonio Fraguas, xeografía, Galiza, xeografía rexional, rexión, rural, paisaxe.

Key words: Antonio Fraguas, geography, Galicia, regional geography, region, rural, landscape.

INTRODUCIÓN

A *Geografía de Galicia* de Antonio Fraguas, publicada en 1953, constitúe un fito relevante na historia da xeografía de Galiza. Con anterioridade, apareceran xa algunhas outras obras rexionais[1] a escala do país galego[2]. Por exemplo, corografías[3] como a *Descripción del Reyno de Galizia* do Licenciado Molina (1550 [ed. 1998]), mais tamén se podería catalogar como tal a breve *Verdadera descripción del Reyno de Galicia* de Hernando de Ojea (1603), analizada por Bouza (2009), e, sen dúbida, a obra que xa se denomina precisamente así de Frei Martín Sarmiento (1762? [ed. 1996]): *Problema chorográfico para describir a Galicia con un nuevo* método. Coa xeografía moderna que xorde no século XIX, publícanse verdadeiras monografías rexionais[4] de Galiza, por exemplo *Galicia: Geografía descriptiva* de Rubido (1891), as *Nociones de Geografía de Galicia* de Rodríguez González (1918) ou a *Síntese xeográfica de Galicia* de Otero Pedrayo (1926a). Tamén nesa época de eclosión xeográfica previa á Guerra Civil destaca a *Geografía general del Reino de*

1 Neste texto, entendemos *rexión* nun sentido xeográfico, é dicir, calquera retrinco da superficie terrestre que se individualiza en relación con outros. Participamos, en particular, da visión da chamada "nova xeografía rexional", en cuxo seno autores como Paasi (1986) defenden a *rexión* como unha construción socioterritorial dotada de límites, que acada uns determinados contidos (símbolos, identidade etc.) e que se pode institucionalizar. Así, non se debe entender aquí *rexión* como unha escala territorial prefixada que coincide cunha entidade política subestatal, a cal pode gozar, supostamente, de certa autonomía.

2 *País galego* era unha denominación presente na linguaxe habitual antes da Guerra Civil. Por exemplo, durante a II República varios proxectos estatutarios foron dirixidos, sen estridencias, "ao país galego" (García/Lois/Fernández 1986).

3 As *corografías* foron un xénero xeográfico asimilábel á xeografía rexional contemporánea, aínda que sen as convencións acadadas coa xeografía moderna, consistente na descrición dunha área (χώρα/*chora* en grego). A súa orixe sitúase no mundo helenístico e chega até o século XVIII, cun especial desenvolvemento no Renacemento (Vilà 1982; García Álvarez 2006).

4 Reservamos a expresión *monografía rexional* para a chamada "xeografía rexional clásica", en especial da primeira metade do século XX e en moitas ocasións resolta desde unha perspectiva académica como unha tese doutoral, cunha estrutura moi marcada, indefectibelmente iniciada con aspectos de xeografía física, seguidos polos de xeografía humana (Buttimer 1971; García Álvarez 2006; Lencioni 2009).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Galicia, dirixida por Carreras Candi (1928-1936), que segue o método das tamén enciclopédicas xeografías xerais comandadas polo mesmo autor para Cataluña, o País Vasco-Navarro (así chamado) e o Reino de Valencia.

Existe, pois, unha historia do estudo xeográfico rexional de Galiza, na que se insire Fraguas (1953). Porén, encontramos motivos para considerala unha achega singular en relación cos seus antecedentes. En primeiro lugar, polo seu carácter compacto, que o individualiza de obras previas de varios volumes ou de traballos máis breves, como a *Síntese* de Otero Pedrayo (1926a), necesariamente esquemática. En segundo lugar, pola vontade declarada de elaborar un manual, propósito só presente até entón na *Síntese* e en Barreiro Paradela (1936). A pesar de que o libro se intitule *Geografía de Galicia*, no limiar Fraguas (1953: 9, 12) denomínao "manual". Manuais xeográficos habíaos dispoñíbeis a esgalla nesas alturas, mais sempre para España e normalmente cun contexto escolar, é dicir, preocupados pola docencia e inscritos na escala do estado-nación (Paül 2016, 2020), o "contedor" de todo, en acertada expresión de Taylor (1994). Que Fraguas propuxese un *manual*, alén de ser atrevido, expresa a vontade de chegar a un público amplo, de xeito que a xeografía de Galiza se dese espallado como tal –nas circunstancias, claro está, da década de 1950–. En terceiro lugar, nas obras precedentes achamos un esquema de interpretación disperso e, en cambio, Fraguas (1953) pasa por ser o primeiro que, sen demasiadas digresións, segue o método vidaliano[5] aplicado para o conxunto do país. En fin, Fraguas (1953) achega unha interpretación xeográfica propia de Galiza, aínda que, por suposto, non se poida desvencellar da tradición, en concreto de Otero Pedrayo, a quen lle dedica o libro como "amigo y maestro", e cuxas pegadas, como veremos, se manifestan ao longo das páxinas.

Este artigo pretende analizar o fundamental libro de Fraguas (1953) cunha perspectiva que privilexia a súa lectura diacrónica cara á contemporaneidade. Deste xeito, partimos da imprescindíbel monografía do xeógrafo de Insuela para revisar a evolución experimentada pola xeografía ao longo dos anos. Este enfoque responde á demanda da Real Academia Galega no outono de 2019, que nos propuxo a dous xeógrafos da Universidade de Santiago de Compostela encargarnos da análise da *Geografía de Galicia* desde ópticas complementarias: unha inseríndose nos seus antecedentes e outra vencellándoa cos desenvolvementos ulteriores[6]. Este traballo desenvolve a segunda orientación. Seleccionamos tres temas que entendemos centrais en Fraguas (1953), xustificando de entrada a súa

5 Vidal de La Blache é o representante máis coñecido da xeografía rexional clásica desenvolvida en Francia a inicios do século XX, que se desenvolveu decote mediante monografías rexionais como as indicadas.

6 O primeiro relatorio estivo a cargo do Prof. Francisco Durán e o segundo, do autor. As presentacións realizáronse o 27 de novembro de 2019 no Museo do Pobo Galego en Compostela, no marco do Simposio Antonio Fraguas.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

transcendencia na obra e o sentido conferido polo autor e, deseguido, en cada un dos apartados, trazamos unha breve explicación que tenta levar cara adiante os argumentos presentes no libro. Os tres temas son: as comarcas, o rural (mais no desenvolvemento da xeografía galega *a posteriori* abordamos o mundo urbano) e a paisaxe. Sexa como for, estas páxinas non desexan de xeito ningún indicar un suposto "atraso" (sic)[7] de Fraguas en relación coas achegas posteriores, senón amosar como evoluciona a xeografía desde as formulacións de 1953. Evítase, en definitiva, sinalar unha "superación" (sic) de Fraguas e óptase por tecer unha xenealoxía desde el.

Alén disto, tamén cómpre matizar que non se procura tanto determinar se o territorio de Galiza mudou nas últimas sete décadas, que abofé que mudou, senón como a xeografía (disciplina) de Galiza foi variando de enfoque. Neste senso, hai que recoñecer a débeda co construtivismo en ciencias sociais, que profunda na (re)construción discursiva do mundo (Ruiz 1999). Como tamén subliña este autor, cómpre non perder de vista que calquera artefacto cultural, e unha obra xeográfica éo, debe ser analizado tendo en conta que a lectura "é unha construción social e política ela mesma, na que intervén, non só o creador orixinal do artefacto cultural, senón o investigador que o le posteriormente e interpreta" (Ruiz 1999: 123)[8].

1. AS COMARCAS

Fraguas (1953) achega o primeiro mapa e a primeira listaxe de comarcas de Galiza. Con matices, poderíase entender Otero Pedrayo (1926b, 1928) como precedente desta tarefa, pois cita corónimos comarcais a esgalla[9]. Porén, Fraguas (1953) vai un paso alén e distingue 71 comarcas e 18 subcomarcas, cuxa delimitación ensaiamos no Mapa 1. Desde a nosa perspectiva, cómpre salientar tres propiedades deste mapa comarcal: non cobre a totalidade do territorio galego; os límites comarcais resultan indefinidos, de xeito que só se poden trazar de forma aproximada e existen zonas ambiguas; e a dispersión de tamaños comarcais é patente, desde ámbitos como As Mariñas ou A Terra Chá, de proporcións enor-

7 O uso do termo *atraso* é consciente, na liña do debate sobre este vocábulo existente na historiografía galega (Fernández Prieto 2016).

8 Tradución ao galego propia desta e das outras citas que se achegan de linguas distintas. No entanto, non traducimos os textos de Fraguas nin os de Otero.

9 De feito, Precedo (1987: 287-290) cartografa un mapa comarcal oteriano. En verdade non se trata dun mapa elaborado polo xeógrafo de Trasalba, senón desenvolvido a partir da análise da súa obra. Fraguas (1953: 237), en cambio, achega un, o primeiro da súa natureza en Galiza. Por outra banda, naquelas mesmas décadas Dantín Cereceda (1942: 390-391) lista 50 comarcas naturais en Galiza, no seo dun ensaio de rexionalización natural realizado para o conxunto de España.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

mes (bastante máis de 1 000 km^2 cada unha), até o Val de Vea, conformado por unhas poucas parroquias do occidente do actual concello da Estrada, que escasamente suman uns 20 km^2 [10].


A denominación que emprega Fraguas (1953) para o apartado obxecto de estudo é *comarcas naturais*. Non hai que confundilas con territorios individualizados pola xeografía física en base ao seu medio natural, aínda que polo xeral os treitos físicos, en particular o relevo, xoguen un papel importante, polo que non resulte estraño que moitas das comarcas do noso autor sexan *vales*. O propio Fraguas (1953: 235) déixao claro cando, logo dunha disquisición sobre a dificultade de comarcalizar Galiza coa que abre o capítulo XXII –dedicado monograficamente á cuestión–, indica que as *comarcas naturais* se basean en "relieve, clima, vegetación, agrupación humana, formas de vida, etc.". En efecto, as rexións (e as comarcas non son máis ca unha rexión)[11] consideráronse *naturais* en xeografía desde o século XVIII e até o xurdimento da escola vidaliana (Solé 1975). *Rexión natural* entendíase daquela como un ámbito cunhas condicións ecolóxicas singulares que condicionan, determinan, posibilitan, dificultan, favorecen… a ocupación humana. Hai autores que sosteñen que a *rexión natural* só se encontra en ámbitos sen intervención humana (sic)[12], mais en xeral consiste na "realidade xeográfica tal e como se presenta diante dos ollos" (Solé 1975: 423), con elementos e factores naturais, por suposto, mais tamén humanos. Neste sentido, Vilà Valentí (1993) explicou que, cando se fala de *comarca natural* en Cataluña –alí até inicios do século XX–, se quere significar basicamente que resulta espontánea, formada de xeito "natural", sen imposicións.

10 Resulta evidente que esta comarca aparece polo coñecemento persoal desas terras. De feito, no mapa que ensaiamos se percibe unha densidade de pequenas comarcas entre Santiago e Pontevedra, pola bacía do Ulla toda, e comprendendo a Terra de Montes entendida *sensu lato*. Tamén se observa un minifundismo comarcal ao redor de Ourense, que pode deberse máis a Otero Pedrayo que a Fraguas mesmo.

11 Véxase a primeira nota ao pé deste artigo.

12 En xeografía, desde o axioma de Sauer (1925 [trad. 2006]: 12) sobre as *paisaxes naturais* –"non existen xa de forma integral" –, o debate está bastante pechado. De todos os xeitos, non se poden obviar os procesos actuais de construción ideolóxica de *rexións* ou *paisaxes naturais* (Ojeda 2006; Paül 2017).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680



Mapa 1. Distribución comarcal de Fraguas.
Elaboración de Alejandro Otero Varela. Fonte: Fraguas (1953).

Revisar algunhas pasaxes comarcais do noso autor pódenos valer para ilustrar o que se vén de contar. Así, queremos percorrer a bacía do Arnoia da súa man. Preto do seu nacemento, estabelece a Terra de Maceda, "una gándara cultivada procedente de antigua cubeta deshidratada" (1953: 263), nunha descrición que expresa á perfección a interrelación, inextricábel, do natural e do cultural. Acerca desta comarca, cómpre salientar que a circunscribe estritamente ao val do río Maceda, tributario do Arnoia, pois a parte alta do curso deste último é "semejante a la comarca anterior" (1953: 263), isto é, á Limia, de xeito que non a

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

considera macedá senón limiá[13]: a bacía *per se*, polo tanto, non determina a identidade comarcal. De todos os xeitos, afirma Fraguas que Maceda e A Limia gardan relación, de aí que se adoite chamar Maceda da Limia[14]; ese vencello non pode ser "natural" (relativo ao medio físico), senón humano.

Augas abaixo, nomea a Terra de Allariz, "comarca de pastizales, abundante ganadería y huertos con gran cantidad de árboles frutales, entre los que sobresalen los almendros" (1953: 264), do que infire a sona dos doces allaricenses de améndoa (sic.). Obviamente, sinala que a Terra de Allariz pertence ao val do Arnoia, mais con esta cita resulta probado que a atribución de identidade comarcal provén das características humanas que el lle confire. A seguinte comarca que acha no percorrido do río está "articulada también con el Arnoya" (1953: 264). O val é, de novo, compartido; a diferenza introdúcea a vila reitora: "[e]l centro es la villa de Celanova", mentres que no anterior caso "su centro es la villa de Allariz" (1953: 264). Tamén emprega a paisaxe para individualizar a terra celanovesa, pois conta con "jugosos verdes con horizontes de sierra. […] [Trátase dunha] comarca rica, de extensos patatales, huertas y bosques, donde se encuentran corpulentos castaños" (1953: 264)[15]. Outra vez, os elementos naturais e humanos aparecen intricados e a paisaxe ponse ao servizo da fixación da singularidade comarcal.

A orixinalidade da proposta de Fraguas (1953) acerca do mapa comarcal contrasta, no mesmo volume, coa xeografía administrativa de Galiza en provincias, partidos xudiciais, concellos e parroquias (capítulo XXV). Dedícalle de feito o dobre de páxinas aos segundos contidos en relación cos primeiros (150 fronte a 70). Prodúcese, nesoutro apartado, unha sucesión monótona de descricións básicas de carácter locativo e listaxes toponímicas que lembran moito Rubido (1891) e Carreras Candi (1928-1936) e que se apartan, polo tanto, do modelo vidaliano. Presenta interese que aparezan nomeadas todas as parroquias de Galiza, nunha tarefa que retomará a xeografía académica pouco despois[16], e que se apunte ao

13 Tomamos sempre os xentilicios de Costas (2016).

14 Cómpre indicar que esta mesma idea aparece en Otero Pedrayo (1926b [ed. 1965]: 239): "Se llamó […] Maceda de Limia por la denominación de Limia alta, aplicada a su comarca y relaciones históricas". En efecto, a fonte principal da que bebe o texto de Fraguas (1953) semella evidente.

15 Neste fragmento a xenealoxía oteriana aínda resulta máis patente, pois as palabras que o xeógrafo de Trasalba lle dedica á bisbarra celanovesa son case idénticas: "El paisaje, verde, regado, rico –patatas, huertos, frutales, bosques–[,] dominado por el monte Leboreiro, y a lo lejos por grandes sierras" (Otero Pedrayo 1926b [ed. 1965]: 413). En todo caso, Otero Pedrayo (1926b) non tiña por obxectivo individualizar comarcas, senón que as ía apuntando de forma dispersa a medida que as percorría. En cambio, coidamos que a vontade sistemática de Fraguas (1953) si que consiste en comarcalizar, isto é, dotar Galiza dun mapa comarcal.

16 Un primeiro fito sería Casas/Miralbés/Torres (1976), coa localización das parroquias galegas nun mapa, debedor, loxicamente, do de Fontán de 1834 (gravado en 1845); logo viría o primeiro mapa parroquial (Miralbés/Torres/Rodríguez 1979). Alén daqueles anos, a cuestión reaparece en parte no libro de García Pazos (2009), que analizamos en Paül (2010), mais logo semella que volve decaer.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

comezo desta longa sección xeoadministrativa que as divisións territoriais variaron ao longo do tempo, cunha velada defensa do mapa do Antigo Réxime. Sexa como for, cómpre insistir que o acento singular de Fraguas (1953) radica no seu mapa comarcal, de indubidábel valor seminal no país galego.

Logo de Fraguas (1953), propuxemos en Otero Varela e Paül (2020) a sucesión de tres xeracións de estudos comarcais en xeografía. A primeira é impulsada a partir da chegada de Miralbés como catedrática de Xeografía na Universidade compostelá en 1967, como ela mesma relata no limiar a Miralbés (1984), unha das publicacións nas que achega a súa proposta comarcal. Queda fóra do noso obxectivo valorar o papel desta profesora na evolución da xeografía de Galiza, mais non se pode deixar de mencionar, pola súa transcendencia na historia que aquí nos ocupa, que Fraguas e Miralbés se sitúen na antítese ideolóxica, tal e como salientan Santos (1999) e Constenla (2005). A irrupción de Miralbés no escenario universitario compostelán débese á repartición de cátedras de Xeografía producida durante o franquismo no conxunto de España entre Casas Torres (Zaragoza) e Terán (Madrid): o primeiro, vencellado ao Opus Dei e engarzado no réxime; o segundo, en coordenadas ideolóxicas opostas, xurdido ao abeiro da Institución Libre de Enseñanza (Capel 1976). Á Universidade galega destínase unha discípula do primeiro, o que motiva "[a] conformación dunha xeografía feita en Galicia pero escasamente galega. Supuxo o asentamento definitivo do nacionalismo español no contexto da nosa disciplina" (Santos 1999: 1349).

En canto aos estudos comarcais, Miralbés e mais a súa escola publican desde finais da década de 1970 propostas de mapas comarcais distintos aos de Fraguas (1953). Así, delimitan axiña comarcas para todo o país, sen áreas indefinidas, e baséanse sobre todo nun factor inmanente en Fraguas (1953), que agora acada un valor determinante e aplícase de forma sistemática: a xerarquía dos asentamentos en función das súas relacións funcionais. Como vimos, Fraguas (1953) distinguía nalgunhas comarcas as súas cabeceiras, mais desde a década de 1970 o criterio funcional devén absoluto. Esta forma de traballar débese á aterraxe en Galiza, dúas décadas despois do seu nacemento, da chamada xeografía teorética, cuantitativa ou sistemática, tamén "ciencia espacial" (Capel 1981; Unwin 1992; Philo 2008), na cal a rexionalización se realiza en función das polaridades que artellan os territorios e sempre co recurso á cuantificación (Solé 1975; García Álvarez 2006; Lencioni 2009). Se para Fraguas (1953) as comarcas eran rexións "naturais" no sentido discutido arriba –baseadas nunha paisaxe, espontáneas etc.–, cuxa determinación era relevante para a identidade galega, neste momento as comarcas pasan a estabelecerse como "unidades espaciais, socioeconómicas e funcionais que respond[an], o máis axeitadamente posíbel[,] á realidade actual, para achegar así un criterio útil […] á Administración á hora de reestruturalas e

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

dotalas dos necesarios órganos de xestión" (Miralbés 1984: 15). É dicir: a comarca en xeografía convértese nun obxecto tecnocrático, suponse que neutro, identificábel mediante métodos matemáticos e que se pon ao servizo dunha eventual reforma administrativa.

A segunda xeración de estudos comarcais galegos empéñase en materializar ese obxectivo declarado por Miralbés (1984). É protagonizada por Precedo e ábrese co seu libro de 1987, editado pola Xunta, que, polo que sinala no limiar, apoiara xa a súa investigación na década de 1980 (1987: 11). Esta obra culmina a etapa precedente, pois dominan nel os criterios funcionais; asemade, recolle comarcalizacións anteriores, como a de Fraguas (1953), que considera asistemática, debedora de Otero Pedrayo e de Dantín Cereceda e, en definitiva, unha "achega […] limitada" na historia da división comarcal de Galiza (1987: 291). Logo deste libro, Precedo, xa catedrático de Xeografía Humana da Universidade compostelá, pasa a formar parte do goberno de Fraga en 1990, con distintos cargos relacionados co proceso de comarcalización oficial (Hernández 2017). Nese rol e mesmo despois da súa volta á academia en 2003, despreg a un amplo elenco bibliográfico no que defende as opcións políticas tomadas e, en particular, o mapa aprobado de forma oficial en 1997[17]. Para Precedo, e facendo unha síntese da súa copiosa produción, as comarcas debían ser: un organismo de coordinación interadministrativa entre distintos niveis gobernamentais e entre as consellarías da Xunta para cada territorio comarcal, a escala da ordenación territorial e mais o ámbito da implantación de estratexias de desenvolvemento local endóxeno a través, en boa medida, dos chamados "centros de desenvolvemento comarcal" (Otero/Paül 2018). Malia unha lei que se supuña que implantaba este modelo[18], as 53 comarcas de 1997 acaban por ser un mero mapa empregado a efectos estatísticos e incorporado, ás veces, nos libros de texto escolares e nalgunhas publicacións (Otero/Paül 2020).

A terceira xeración de estudos xeográficos comarcais caracterízase por unha crítica á comarcalización precediana. Trátase dunha liña de pensamento que abre ben cedo Lois (1992), ironicamente o profesor que substitúe a Precedo no Departamento de Xeografía nos primeiros anos de servizos especiais na Xunta (Hernández 2017). Lois (1992: 136) acha que as comarcas son a escala territorial interna de Galiza por excelencia –"auténticas unidades de relación social" dotadas de "raizame"–, o que conecta coa tradición xeográfica previa a Miralbés e coa xeografía

17 "Decreto 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia", *Diario Oficial de Galicia* 63 (3/IV/1997), 3005-3011.

18 "Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal", *Diario Oficial de Galicia* 142 (19/VII/1996), 7007-7014.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que se desenvolve a nivel internacional a partir da década de 1970[19], mais advirte que a súa delimitación precisa "en unidades comarcais pechadas semella unha opción excesivamente precipitada". En traballos máis recentes, Lois (2004, 2015), alén de seguir a amosarse crítico coa comarcalización da década de 1990, recoñece a débeda da idea de comarca co galeguismo, no cal se sitúan Otero Pedrayo ou Fraguas. Asemade, Lois (2004, 2015) expresa a necesaria adaptación de calquera comarcalización ao proceso urbanizador, en particular ás áreas metropolitanas xa existentes, *de facto* mais non *de iure*, no país galego; e insiste na importancia de que as comarcas se contemplen como escala para a ordenación territorial, tan necesaria como inexplorada en Galiza. Alén de Lois, outros autores revisados en Otero Varela e Paül (2020) reproban a comarcalización das décadas de 1990 e 2000, con avaliacións severas do proceso desenvolvido. En xeral, demostramos que a preocupación xeográfica polas comarcas diminúe na década de 2010, talvez por canseira cun tema sobresignificado na historia da disciplina.

A xeografía crítica coa comarcalización precediana afástase de todos os estudos comarcais elaborados desde Fraguas (1953) en algo moi significativo: a ausencia dun mapa inequívoco. Instálase, dalgún xeito, unha deconstrución posmoderna privativa da xeografía posterior aos anos 70 (Unwin 1992; Philo 2008; Lencioni 2009) que invalida a consecución de divisións territoriais perfectas e pechadas e, máis ben, pon a énfase nos procesos. Baixo unha lóxica xeográfica posmoderna, a pretensión galeguista manifestada en Fraguas (1953) de desenvolver un mapa comarcal para Galiza –materializada décadas despois baixo coordenadas ideolóxicas opostas– é unha especie de espellismo produto da era da modernidade[20]. Alén disto, a reconfiguración das tres bisbarras identificadas por Fraguas (1953: 263-264) na bacía do Arnoia é un feito: por exemplo, nin están rexidas por cadansúas vilas como no pasado –a reestruturación territorial é marcada, cunha inserción no ámbito de influencia directa de Ourense e cun baleirado demográfico agudo, excepción feita da vila de Allariz–, nin en ningunha das tres hai case xa cultivos, aínda menos singulares de cada unha. Que oficialmente aí se estabelecesen dúas comarcas en 1997 (unha para Celanova e outra, seica confederal, para Alla-

19 Philo (2008: XXIV) expresa graficamente a creba producida na década de 1970 coa división do tronco común xeográfico en tendencias dispersas que se afastan as unhas das outras. Aos efectos do aquí explicado, algunhas das posturas que emerxen a partir dese momento coinciden en concederlles ás persoas, como individuos ou en grupo, un papel chave no estabelecemento de divisións territoriais, como, por exemplo, testemuña o xa citado Paasi (1986). Deste xeito, ábrese camiño unha abordaxe das rexións (e as comarcas, de novo hai que lembralo, sono) baixo postulados fenomenolóxicos –"a rexión como espazo vivido" de Frémont (1976)–, na que as dimensións ideolóxica, identitaria, cultural, histórica, social etc. atinxen un papel central (García Álvarez 2006; Lencioni 2009).

20 Tomamos a xerga de Soja (1989), obra chave das chamadas "xeografías posmodernas". En verdade, non se trata dunha linguaxe que se empregue demasiado na xeografía galega actual, mais consideramos que permite inscribir algunhas das lecturas máis recentes adoptadas sobre as comarcas.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

riz-Maceda) non pasa de ser continxente. O debate comarcal segue, pois, aberto na xeografía actual. En todo caso, coidamos que Fraguas (1953) debe ser dignificado na súa xenealoxía.

2. O RURAL E O URBANO

Unha análise pormenorizada de Fraguas (1953) permite inferir a relevancia que lle atribúe ao rural. Dos seus 25 capítulos, sete son rurais de cheo, tanto referidos a actividades económicas primarias (agricultura, gandaría, pesca etc.) como a elementos da paisaxe que se asocian ao rural (levadas, hórreos, muíños etc.). Mais a preponderancia rural non se esgota nunha lectura epidérmica do índice, senón que enchoupa os capítulos todos. Xa vimos de que xeito nas comarcas, unha a unha na detección do seu carácter singular mediante motivos rurais que se inscriben na paisaxe. Alén diso, tamén o capítulo da xente galega (apartado XVIII), de carácter etnográfico, resulta rural (o traxe, os lugares de encontro etc.); e o mesmo se pode dicir dos capítulos XIX, demográfico (a aldea, o lugar, a parroquia etc.), ou do VIII, bioxeográfico, este último con consideracións relativas ás árbores froiteiras ou as videiras. Esta primacía rural pode deberse ao feito, evidente, de que Galiza na década de 1950 era rural. Mais achamos que hai dous motivos explicativos máis, que van alén desa obxectividade aparente e intérnanse en cuestións de carácter epistemolóxico e ontolóxico. O primeiro é que o método vidaliano resulta ruralista (Buttimer 1971), pois nas paisaxes rurais considera imprentadas as relacións entre as persoas e o medio –o *posibilismo*, na historia da xeografía– e é quen de atribuírlles un valor identitario, tal e como Ortega Cantero (2005) demostrou coa obra máxima de Vidal (1903), o *Tableau de la géographie de la France*. O segundo é estritamente galego: Fraguas (1953) opera no seo do "canon paisaxístico rosaliano"[21], tal e como o definimos en Paül (2019), do cal Otero Pedrayo é un expoñente máximo, de xeito que non se pode agardar do noso autor unha expresión xeográfica distinta ao enxalzamento da ruralidade.

Mais Fraguas (1953) aborda tamén as cidades. Significativamente, estas aparecen encadradas en cadansúa comarca, de xeito que uns ámbitos definidos pola súa idiosincrasia rural enmarcan de forma indefectíbel as sete urbes galegas[22], coa

21 As súas propias palabras transmítennolo na Maía: "Tierras de suave ondulación, de muy intensa actividad agrícola. Ortoño, Los Ángeles [sic] y Basta[v]ales son lugares rosalianos que encierran en su conjunto un matiz poético que supo valorar la mejor cantora de las vegas gallegas" (Fraguas 1953: 279).

22 Non é este o lugar para referirse ao espiñento asunto de que asentamentos galegos se consideran *urbanos*. No censo de 1950, os sete núcleos urbanos mencionados, agás Pontevedra –faríao no censo de 1960–, superaban os 50.000 habitantes. Ningún outro concello, agás A Estrada por pouco, acadaba daquela a metade dese limiar, o que amosa unha diferenza clara do primeiro chanzo do sistema urbano. Vigo e A Coruña excedían xa os 130.000. Fonte dos datos: www.ine.es.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

orde na que aparecen no libro: na Terra Chá, Lugo; no val do Barbaña, Ourense; nas Mariñas, Ferrol e A Coruña; na Maía, Santiago de Compostela; no val do Lérez, Pontevedra; e no val de Fragoso, Vigo. Así, resulta rechamante que a principal cidade galega se introduza no relato mediante a descrición "de tierras graníticas y quebradas formando un sistema de terrazas encajadas por donde corren una serie de regatos que, al unirse, forman el río Lagares" (Fraguas 1953: 297). O mundo urbano galego inscríbese sempre nas lóxicas rurais, preponderantes e permanentes, expresadas mediante as comarcas. Logo, caracteriza as cidades a través dunhas poucas ideas que bosquexan os seus trazos fundamentais: situación, emprazamento, historia, morfoloxía urbana (nomeadamente rúas principais e barrios antigos) e datos de carácter turístico (monumentos). Só no caso de Lugo menciona os crecementos recentes[23]. En xeral, predomina unha narrativa que subliña as permanencias, vencelladas ás características do rural próximo, ao emprazamento urbano (onde semella ancorarse a orixe de cada cidade) e a unha historia que se adoita retrotraer á Idade Media e mesmo á antigüidade. En varias pasaxes urbanas as correspondencias oterianas resultan patentes; para Ourense, de feito, Fraguas (1953: 266-267) reproduce dúas páxinas de Otero Pedrayo, entre aspas. En definitiva, a forma de aproximarse ás cidades do noso autor lembra moito o paradigma vidaliano, no sentido que estas ocupan un lugar discreto no relato[24], e tamén ao seguir o seu método canónico de estudo urbano: situación, emprazamento e evolución histórica (Blanchard 1922).

A chegada de De Torres no curso 1968-1969 á Universidade compostelá –canda Miralbés, a quen substituirá na Cátedra en 1981 (Hernández 2017)–, implica profundar no acento rural da xeografía galega, cunha práctica omisión dos estudos urbanos até máis dunha década despois (Lois 1992). A énfase rural nótase tanto nas teses doutorais coma nas memorias de licenciatura defendidas até ben entrada a década de 1980, cunha predilección pola xeografía agraria mediante monografías de escala local ou comarcal que en varias ocasións foron publicadas por concellos ou deputacións (Torres/Lois 1999; Hernández 1999, 2017). Trátase da persistencia en Galiza dun xénero xeográfico, o da monografía rexional co protagonismo da agricultura e do gando, que nas décadas de 1970 e 1980 xa se consideraba desfasado, non só polo propio esquema analítico herdado de comezos do século XX[25] senón, tamén, pola mutación estrutural experimentada polo agro galego a partir dos anos 60. Tampouco estas obras poden ser adscritas á xeografía

23 Desde 1950, Fraguas vivía en Lugo, onde exercía como catedrático de Instituto.

24 O *Tableau* vidaliano exemplifícao. En efecto, das máis de 530 páxinas de edición manexada, só sete se dedican a París (Vidal 1903 [ed. 1994]: 214-220). E, na época na que foi escrito, a capital xa contiña unha décima parte da poboación francesa (uns catro millóns nun país de 40 millóns de habitantes).

25 Véxase Paül/Tort/Sancho (2011) ao respecto.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

cuantitativa, antes aludida, malia incorporaren estatísticas provenientes dos censos agrarios e ás veces xeraren datos propios mediante enquisas a explotacións; amais, esta tendencia xeográfica comezou tamén a ser cuestionada na década de 1970 (Capel 1981; Unwin 1992; Philo 2008; Lencioni 2009). Neste senso, cómpre indicar que nestas décadas as interpretacións relevantes sobre a agricultura e o rural galego comezan a ser feitas desde outras disciplinas, en particular desde a economía e a historia. A xeografía galega devén en boa medida debedora das análises rurais doutras ciencias sociais, cando tiña unha tradición de estudo relevante neste eido protagonizada por autores como Fraguas.

Na década de 1980 agroma a xeografía urbana en Galiza. De acordo coa nómina de teses doutorais de Hernández (1999), deféndense xa nesa década tres deste eido no Departamento de Xeografía compostelán: dúas sobre rede urbana e outra sobre Vigo. Lois (1992) considera que estes primeiros estudos urbanos se poden clasificar en: relativos ao sistema urbano (sobre todo orientados a determinaren a organización comarcal do país, tal e como xa se viu), monografías urbanas e análises de vilas. Na década de 1980 publícase tamén a *Xeografía humana* de Souto (1987); trátase, para nós, da primeira monografía rexional de Galiza que supera o esquema vidaliano, ao elidir a compoñente do medio físico para centrarse na demografía e na articulación do territorio exercida polos asentamentos, na que subxace unha tese, atrevida nuns anos nos que a xeografía en Galiza seguía dominada polo discurso rural: Galiza xa é urbana. Logo de citar xeógrafos internacionais de referencia que protagonizaran a revolución disciplinar dos anos 70, como Harvey[26], Souto (1987: 154) afirma que "asistimos a unha gradual urbanización que racha co anterior ruralismo da sociedade galega". Cómpre subliñar que esta obra acada certo eco en Galiza, acaso máis cós libros precedentes mencionados, xa que se insire na Biblioteca Básica da Cultura Galega da Editorial Galaxia, patrocinada polas catro deputacións galegas, e espállase arreo aqueles anos.

A pesar dos notábeis desenvolvementos en materia de xeografía urbana da década de 1980, e aínda máis da de 1990, a persistencia da interpretación ruralista de Galiza resulta notábel, até o punto que tres profesores galegos de xeografía aínda reclaman no cambio de século literalmente "desbotar" a idea de que Galiza é rural (Aldrey/Lois/Somoza 2000: 273). Dúas publicacións da década de 2010 expresan o status acadado polos estudos urbanos dentro da disciplina xeográfica. En primeiro lugar, a última das monografías rexionais de Galiza publicadas, coordinada por Piñeira e Santos (2011), recupera en parte o esquema vidaliano, mais

26 O recurso a Harvey, así como a Lefebvre, constitúe unha *rara avis* nunha xeografía galega pouco receptiva aos desenvolvementos teóricos internacionais. De feito, aínda hai unha década, Lois (2009: 31) denunciaba, e concordamos, que na xeografía española "[s]eguimos ensimesmados no estudo do concreto, con exceso de empirismo e ausencias teóricas importantes".

resulta revelador que sitúe o capítulo dedicado á rede urbana e o proceso de urbanización nun lugar que antecede as consideracións sobre a "economía clásica", así chamada, referidas ao mar e ao agro; curiosamente, non se achega un capítulo explícito sobre o rural[27], o que contrasta co estudo monográfico, moi detallado, do fenómeno urbano. En segundo lugar, o volume *A Galicia urbana*, tamén colectivo, coordinado por Lois e Pino (2015) e que recolle 33 capítulos, presenta un elenco de temas moi amplo que reborda a axenda de estudos urbanos apuntada por Lois (1992) dúas décadas antes; por exemplo, aparecen con claridade os contidos sociais dentro do espazo urbano ou os relativos á imaxe da cidade, aspectos ausentes na década de 1980 mais que foran obxecto de pescudas *a posteriori*. Resulta importante subliñar que Lois e Pino (2015) ofrecen lecturas multidisciplinares, mais 13 das 33 contribucións teñen autoría xeográfica, o que demostra o protagonismo acadado por esta disciplina nos estudos urbanos de Galiza. Isto contrasta, como se dicía máis arriba, cos estudos rurais. Así, neste punto, Fraguas (1953) semella ficar como un antecedente remoto dunha abordaxe en chave rural que xa case non forma parte da axenda xeográfica galega.

Un aspecto concreto percorre a interface da xeografía urbana e rural de Galiza, desde Fraguas (1953) até a actualidade: as vilas. Para Fraguas (1953), como vimos, artellan as *comarcas naturais*; son, polo tanto, os centros rurais por antonomasia, coas súas feiras e nas que adoitaba describir algúns monumentos. Porén, desde as investigacións sobre as vilas galegas que Lois (1992) xa menciona, e en especial desde Rodríguez González (1999), síntese da súa tese defendida tres anos antes, queda asentado que hai que lelas en clave urbana. Con este último autor, consolídase unha liña de pescuda tanto do papel das vilas no sistema urbano galego, nos seus chanzos máis baixos, como do espazo interno vilego interpretado como urbano. Recentemente, Barreiro/López/Lois (2019) elaboran unha tipoloxía específica para as vilas galegas, que consideran por norma "pequenas cidades", e reconceptualízanas, abranguendo non só as tradicionais cabeceiras comarcais senón núcleos periurbanos inseridos en dinámicas metropolitanas que eles consideran vilegos. Estes avances, nunha materia na que a investigación está a ser protagonizada case en exclusiva pola xeografía, demostran até que punto a disciplina responde ás reconfiguracións territoriais experimentadas no país galego desde Fraguas (1953).

27 Neste punto, convén facer unha precisión terminolóxica. Tradicionalmente, non se distinguiu entre xeografía rural e xeografía agraria, até o punto de usárense como sinónimas, cando se supón que manteñen unha relación de sinécdoque. De forma progresiva, a xeografía rural estase a afastar da agraria (Paül 2015) e mesmo esta última parece transitar cara á xeografía económica. No libro de Piñeira e Santos (2011) achamos unha análise da agricultura e da pesca, mais non o rural como suxeito.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

3. A PAISAXE

O discurso de Fraguas (1953) é totalmente paisaxístico. A súa obra está tinguida do uso desta palabra e de consideracións que son, sen lugar a dúbidas, paisaxísticas. Un caso particular, xa revisado, é o recurso á paisaxe como mecanismo para individualizar comarcas, *pays* no caso francés, moi habitual na tradición vidaliana (Buttimer 1971; García Álvarez 2006; Lencioni 2009). Amais, na *Geografía de Galicia* estudada achamos un apartado específico de paisaxe, o XXI, que será unha das últimas veces, se non a última, que apareza de forma autónoma nunha monografía rexional acerca de Galiza. Neste punto, e de novo, a débeda de Fraguas (1953) co persoeiro de Trasalba é máxima. De feito, das escasas seis páxinas do apartado (1953: 227-233), dúas son unha cita entre aspas de Otero Pedrayo extraída da *Guía de Galicia* (1926b [ed. 1965]: 190-192), da que xa vimos que Fraguas bebe decote. Neste fragmento, achega, como tamén aparece ao final do apartado de xeoloxía e relevo (1953: 28-29), unha distribución de Galiza en cinco grandes paisaxes, que se reproducen na Táboa 1.

Tipos de paisaxe	Forzas	Tempos
Mariña (cidades e vilas) Ribeira Bocarribeira	Humanas	Histórico
	Vitais (flora e fauna)	Vital ou vexetativo
Montañas Serras	Cósmicas (xeolóxicas, astronómicas, atmosféricas)	Cósmico, planetario ou xeolóxico

Táboa 1. Tipos de paisaxe en Otero Pedrayo, cos seus factores (forzas e tempos) correspondentes. Fonte: Lois/Trillo (2017: 536), a partir de Otero Pedrayo (1955).

Interésanos profundar no sentido concedido á paisaxe por Otero Pedrayo e, en consecuencia, Fraguas. No seo do "canon rosaliano" (Paül 2019), a paisaxe elevada a símbolo do país é a rural/agraria, como xa vimos que no noso autor se manifesta nas distintas paisaxes comarcais que vai tecendo. Nunha frase axiomática, Otero Pedrayo (1955: 57) afírmao sen deixar marxe para a interpretación: "Nosa cultura é cultura de ribeira ou de bocarribeira". Neste punto, podería semellar vidaliano no senso detectado por Ortega Cantero (2005): no xeógrafo francés, o discurso nacional susténtase na construción paisaxística ruralista. Porén, en Vidal este proceso é disimulado, en tanto que non declara deliberadamente a dimensión intanxíbel e discursiva da paisaxe; nel, esta preséntasenos como "obxectiva". En troques, en Fraguas (1953), e xa non digamos na copiosa produción oteriana,

a compoñente subxectiva da paisaxe resulta indisimulada. Para comezar, polas referencias poéticas, mais tamén polos comentarios relacionados coa experiencia persoal[28] e cos costumes da vida tradicional, tan do gusto do noso autor:

> En el valle se afianzan las estampas típicas desgranadas en la melodía del cancionero popular. El camino en remansos que ganan la pendiente, las *porteleiras* de las fincas, cierre sencillo en contraste con los muros fuertes y capeados, la caída del agua en los prados al cauce común y los senderos de porfiadas estrecheces que cruzan las huertas y bordean las casas del lugar ofrecen al observador la visión de un paisaje dinámico con amplias relaciones humanas. No es posible determinar todas las características de un paisaje humanizado. (Fraguas 1953: 229).

Estas concesións á linguaxe expresiva, tan denotativa e chea de significados imbuídos, non son o estilo vidaliano, nin tampouco propias de Sauer (1925)[29], o seu homólogo nos Estados Unidos que tanto éxito terá nos países anglosaxóns. Baixo o noso punto de vista, a prosa de Fraguas, como a oteriana, retrotráese a Humboldt e, polo tanto, aos albores da xeografía moderna, no século XIX (Paül/Tort/Sancho 2011). Esta aproximación á paisaxe será varrida desde a xeografía académica instaurada no departamento homónimo a finais da década de 1960, pois debía considerala caduca e acientífica e, desde logo, non devecía precisamente por vencellarse coa literatura, coa lingua popular e coa identidade galegas. De feito, a longa nómina de monografías rurais que xorde sobre todo da dirección de De Torres (Torres/Lois 1999; Hernández 2017) fala arreo de *paisaxe*, mais nun sentido en aparencia obxectivo e, en moitas ocasións e como xa dixemos, recorrendo a estatísticas que se supón que non poden ser cuestionadas. Nunha confusión bastante habitual todos aqueles anos, semellan empregarse de forma intercambiábel *paisaxe*, *estrutura* ou *sistema* aplicados ao agro (Paül/Tort/Sancho 2011).

A principal novidade en materia de paisaxe en xeografía da década de 1990 é a recepción do enfoque ecoxeográfico de Tricart, e aproximacións concomitantes

28 "Galicia, en su poblado y caserío, debe sorprenderse al amanecer. Con el alba los horizontes son en todas partes majestuosos y el despertar campesino tiene notoria repercusión en el paisaje. La presencia del lucero y el canto del gallo animan las corredoiras aldeanas. El humo del hogar madrugador se levanta para buscar la dirección del viento, que señala al labrador la confianza inicial de la jornada" (Fraguas 1953: 232-233).

29 Con todo, non se pode perder de vista que Sauer (1925 [ed. 2006]: 21) achega un breve apartado constituído por un só parágrafo, denominado "Alén da ciencia" (o título xa é significativo), no que rapidamente confesa que "[a] mellor Xeografía nunca desbotou as calidades estéticas da paisaxe, para as cales non coñecemos outra abordaxe que a subxectiva"; como era agardábel, cita a Humboldt como exemplo desta forma de concibir e traballar a paisaxe. Esta curta parentética é anecdótica en Sauer (1925) e para o método saueriano, que na práctica rexeita esta aproximación que menciona cal descoido.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

(xeosistema de Bertrand, ciencia da paisaxe soviética etc.), pola xeografía física galega, a cal comeza a desenvolverse nesa etapa. Non é allea a esta acollida que Tricart fose o director de tese de Pérez Alberti, quen devén catedrático de Xeografía física en 1999 (Hernández 2017). Así, na década de 1990 aséntase na Universidade galega unha forma de ver a paisaxe igual de obxectivista cá devandita, mais desde a perspectiva da xeografía física. Detectamos cando menos tres publicacións colectivas editadas pola Xunta de Galicia onde dominan estas coordenadas: Pérez/Guitián/Ramil (1993), Valcárcel *et al.* (1993) e Guitián/Lois (1996). Nestas obras non achamos mencións á tradición xeográfica previa, mais, en cambio, si que se observa unha preferencia pola bibliografía proveniente das ciencias naturais próximas á xeografía (xeoloxía, edafoloxía, botánica etc.) e unha dominancia de contidos xeomorfolóxicos e bioxeográficos.

Con estas dúas formas de achegarse á paisaxe desde fundamentos sempre obxectivistas e unha marcada teima pola realidade material –unha máis ancorada á xeografía rural rexional e outra á xeografía física– pecha a xeografía galega o século XX. Desde unha perspectiva teórica (Paül/Tort/Sancho 2011; Paül 2017), ambas as dúas resultan insuficientes ao desbotaren a dimensión intanxíbel, discursiva e subxectiva sen a cal non se pode entender a paisaxe e, desde logo, parciais ao fixárense só en determinados elementos concretos. Na xeografía internacional producíronse movementos para superar estas fendas, como por exemplo o ensaio de Bertrand (2000), un dos teóricos da paisaxe como construción central dunha xeografía física pechada sobre si mesma que, logo de máis de tres décadas mantendo esa postura, ábrese á forma de ver a paisaxe por parte da xeografía humana e, tamén, á consideración do eido intanxíbel conformado polas representacións sociais, culturais e persoais. Reaparece, deste xeito, un enfoque global acerca da paisaxe que se pode vencellar de novo con Humboldt (Paül/Tort/Sancho 2011; Paül 2017) e, no caso galego, con Otero Pedrayo e Fraguas.

En Galiza á xeografía cústalle arreo volver ver a paisaxe de forma máis holística, menos cinguida aos límites estritos de determinadas subdisciplinas e sen renunciar a aspectos intuitivos, estéticos etc. Cremos que dúas teses doutorais, curiosamente ambas as dúas de fóra da disciplina, amosan como se vai progresando nesta liña no país: desde a historia da arte, López Silvestre (2005), que logo se publicará en distintos volumes; desde a teoría da literatura, López Sández (2008), edición, gañadora dun coñecido premio ensaístico, da súa tese doutoral dous anos anterior; non resulta estraño que o primeiro teza potentes lazos coa xeografía académica e que a segunda sexa obxecto dunha concienciuda recensión escrita por un xeógrafo (Vila 2009). Sobre todo durante a década de 2010, e non sen resistencias ás veces amargas, a xeografía académica vaise (re)imbuíndo desta ollada abranguente que aborda a paisaxe na súa integridade. As razóns do

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

rexurdimento paisaxístico son diversas, mais a aplicación do Convenio Europeo da Paisaxe de 2000, convertido axiña en lei en Galiza[30], obriga a (re)conceptualizar a paisaxe na disciplina (Paül/Tort/Sancho 2011). En Paül (2017, 2019) tentamos achegar xa un balance nesta dirección, de momento modesto. Resulta, en todo caso, unha tarefa urxente por varias razóns; entre elas, para dar dialogado, desde a disciplina que lle é propia, con Fraguas (1953), cuxa linguaxe paisaxística segue preterida na nosa contemporaneidade.

A XEITO DE CABO

Comezabamos este percorrido indicando que a intención de Fraguas (1953) consiste en espallar a xeografía de Galiza. No contexto do franquismo, trátase dun obxectivo de difícil consecución. A través da súa monografía rexional, tenta que Galiza sexa unha escala territorial de seu, como antes o pretenderan outros xeógrafos, en particular Otero Pedrayo, o seu referente indiscutíbel e co que discorre en paralelo. Porén, resulta dubidoso que se chegue a unha certa difusión social da xeografía de Galiza até despois da súa institucionalización definitiva na Universidade compostelá ao longo da década de 1970 e á creación da Administración autonómica nos anos 1980[31]. Tampouco se pode esquecer que esa institucionalización vén da man dunha escola que non ten intención de vencellarse a unha xeografía en clave galeguista como a que, de forma velada polas circunstancias, Fraguas (1953) abofé que pretendía contribuír a construír. Mesmo Miralbés (1984: 13) verbaliza escasa condescendencia pola súa pegada e, en relación con el e con Río Barja, afirma que "os seus coñecementos son relevantes mais […], evidentemente por razón da interinidade nese cometido [docente], non contaron cos medios necesarios para potenciaren a Xeografía na Universidade de Galiza". Tendo en conta o que sabemos vía Capel (1976), Santos (1999) ou Constenla (2005) en canto aos procesos de selección de persoal académico, esta frase semella estar escrita con retranca. Tamén resulta sarcástico que o obxecto ao que Fraguas (1953) lle dedica maior enerxía na súa obra, as comarcas, fose axiña apropiado e desposuído dos significados que el lle concedera; e, aínda por riba, implantado como se leva a cabo na década de 1990. Algo semellante acontece coa paisaxe, linguaxe central para Fraguas (1953), que case chega a perder todo o seu valor connotativo en xeografía até que, na década de 2010, volve aparecer na escena de xeito tímido.

30 "Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia", *Diario Oficial de Galicia* 139 (18/VII/2008), 13815-13821.

31 No que fai aos niveis escolares, expresamos as nosas dúbidas no actual contexto en Paül (2020).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

De acordo con Nogué (1991), o nacionalismo (re)elabora o material territorial mediante distintos mecanismos. Revisemos tres deles, para discutirmos até que punto podemos inscribir a Fraguas (1953) nun discurso galeguista, tendo en conta que Santos (1999) así o interpreta e que, por exemplo, o seu libro contén unha breve sección dedicada á lingua, valente no contexto histórico, que se esfuma nas xeografías posteriores[32]. O primeiro consiste na creación dunha división territorial que "ordene" internamente o territorio que considera "seu"; fíxoo o liberalismo estato-nacional español coa implantación das provincias aínda hoxe vixentes; Fraguas (1953) semella aceptalas co capítulo de xeografía administrativa, mais cómpre insistir na relevancia do seu mapa, e do seu discurso, comarcal. Unha segunda vía é a paisaxística; estamos persuadidos de que Fraguas (1953) se sitúa na xenealoxía rosaliana centrada na ruralidade, a máis rendíbel fixando unha identidade territorial para a nación (López Silvestre 2005; López Sández 2008; Paül 2019).


En terceiro lugar, Nogué (1991) refírese ao estabelecemento dunha delimitación territorial; Fraguas (1953: 13-17) dedícalle un capítulo enteiro, o primeiro, aos límites fronteirizos –primeiro polo leste, logo con Portugal–; así, semella preocupado por fixar ben o ámbito galego, en liña coas consideracións habituais presentes nunha monografía rexional[33]. Ironicamente, o estudo do sistema urbano galego desenvolvido sobre todo desde a década de 1990, e que aquí tivemos ocasión de revisar, pon de manifesto que a súa configuración non se esgota na fronteira galego-portuguesa. Así, emerxe o concepto de eixe urbano atlántico, verdadeira espiña dorsal galega, que une o aquén e o alén do río Miño (Lois 2004), de xeito que se produce unha continuidade cara ao Porto, metrópole de alcance internacional e *sensu lato* cunha poboación semellante á do conxunto de Galiza[34]. Dito sexa de paso, as relacións funcionais prodúcense agora a esa escala "eurorrexional", excedendo en moito os perímetros comarcais de Fraguas (1953). Estas conclusións deben evitar profundar nesta dirección, mais na actualidade abondan os mapas que, por exemplo, representan o Norte de Portugal e mais Galiza sen

32 Até Piñeira e Santos (2011: 33-64), cun apartado de lingua e territorio en Galiza a cargo de Valcárcel Riveiro, filólogo, que se realiza cos novos postulados da xeolingüística. Que este contido estea "desaparecido" nas monografías rexionais máis de medio século resulta revelador.

33 O nacionalismo galego defende unha relación privilexiada con Portugal, mesmo considerándoo referente de integración (Máiz 1997; García Álvarez 2002; Lois 2015; Lois/Trillo 2017). Esta arela aparece na xeografía de preguerra, por exemplo en Otero Pedrayo (1928). En Fraguas (1953: 253) só se expresa de forma sutil cando, por exemplo, no que fai á lingua, fala do noroeste peninsular, o que vai alén da actual Galiza estrita. Tamén na xeoloxía nos refire o "conjunto de tierras del NW peninsular" (1953: 26), o que reforza a entidade –sólida, tratándose dos fundamentos litolóxicos e tectónicos– con Portugal.

34 A área do Porto ten 2,3 millóns de acordo con Fernandes (2014), un volume demográfico equivalente a Galiza, que flutúa desde a década de 1940 entre os 2,6 e os 2,8 millóns de habitantes (limiar, este último, que só superou por pouco no censo de 1980). Fonte dos datos: www.ine.es.

solución de continuidade (Mapa 2), así como as análises que se fan a ese nivel ou a outras escalas territoriais transfronteirizas, xa sexan intermedias ou bi- ou tri-municipais, auspiciadas pola emerxencia da cooperación territorial europea (Trillo/Paül 2019). A xeografía actual debe ser quen de reconectar o mellor da tradición xeográfica en clave galega, por suposto incluíndo Fraguas (1953), coas novas dinámicas territoriais que rebordan os horizontes fronteirizos de Galiza.



Mapa 2. Distribución da poboación en Galiza e o Norte de Portugal, co eixe urbano atlántico (2015). Elaboración de Valerià Paül. Fontes: www.ine.pt e www.ine.es.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Aldrey, José Antonio, Rubén Camilo Lois e José Somoza (2000): "As novas pautas de distribución da poboación en Galicia", en Xoaquín Fernández Leiceaga (dir.), *Avellentamento demográfico e consecuencias socioeconómicas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 259-296.

Barreiro Paradela, Luis (1936): *Nova xeografía de Galicia pras escolas*. Santiago de Compostela: Publicaciones Actuales Gallegas.

Barreiro Quintáns, Daniel, Ramón López Rodríguez e Rubén Camilo Lois (2019): "Las villas gallegas: concepto y realidad", *Ería. Revista cuatrimestral de Geografía* XXXIX (3), 329-350.

Bertrand, George (2000): "Le paysage et la géographie: un nouveau rendez-vous", *Treballs de la Societat Catalana de Geografia* 50, 57-93.

Blanchard, Raoul (1922): "Une méthode de géographie urbaine", *La vie urbaine* 16, 301-319. [Tradución ao catalán: "Un mètode de geografia urbana", *Butlletí del Centre Excursionista de Catalunya* 428, 17-35, 1931. Dispoñíbel en https://ddd.uab.cat/pub/butcenexccat/butcenexccat_a1931m1v41n428.pdf].

Bouza, Fernando (2009): "Dar Galicia y el gallego a la imprenta. *As Galegadas* y *A História de Galicia* de Lobariñas Feijoo, la *Verdadera Descripción* de Ojea y algunas iniciativas historiográficas de la primera mitad del siglo XVII", *Obradoiro de Historia Moderna* 18, 9-44.

Buttimer, Anne (1971): *Society and milieu in the french geographic tradition*. Chicago: Rand McNally & Company.

Capel, Horacio (1976): "La geografía española tras la Guerra Civil", *Geocrítica. Cuadernos críticos de Geografía Humana* 1, 5-36. Dispoñíbel en http://www.ub.es/geocrit/geo1.htm

———— (1981): *Filosofía y ciencia en la Geografía contemporánea. Una introducción a la Geografía*. Barcelona: Barcanova.

Carreras Candi, Francesc (dir.) (1928-1936): *Geografía general del Reino de Galicia*. Barcelona: Alberto Martín, 5 v.

Casas Torres, José Manuel, María Rosario Miralbés e María Pilar de Torres (1976): *Galicia. Mapa e índices de localización geográfica de sus parroquias*. Santiago de Compostela: Universidade.

Constenla, Xosé (2005): "O Principiño e a Xeografía na Galiza", *Abalar. A Xeografía galega en construción* 3, 80-93.

Costas, Xosé-Henrique (2016): *Os xentilicios de Galicia e dos outros territorios de lingua e cultura galegas*. Vigo: Universidade.

Dantín Cereceda, Juan (1942): *Regiones naturales de España*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas / Instituto Juan Sebastián Elcano.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Fernandes, José Alberto Rio (2014): "Muitas vidas tem o centro e vários centros tem a vida de uma cidade", en Rubén Camilo Lois e Ángel Miramontes (eds.), *Reflexiones sobre las ciudades y el sistema urbano en tiempos de crisis*. Santiago de Compostela: Grupo de Análise Territorial, 131-146.

Fernández Prieto, Lourenzo (2016): "O atraso: o éxito dun falso mito. Imaxes contra os tópicos do mundo rural e os labregos", en Isidro Dubert (ed.), *Historias da historia de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 357-391.

Fraguas, Antonio (1953): *Geografía de Galicia*. Santiago de Compostela: Porto y Cía.

Frémont, Armand (1976): *La région espace vécu*. Paris: Presses Universitaires de France.

García Álvarez, Jacobo (2002): *Territorio y nacionalismo. La construcción geográfica de la identidad gallega.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (2006): "Geografía regional", en Daniel Hiernaux e Alicia Lindón (dirs.), *Tratado de Geografía Humana*. Iztapalapa / Rubí: Universidad Autónoma Metropolitana / Anthropos, 25-70.

García Cotarelo, Xosé Antonio, Rubén Víctor Lois e Xesús Fernández Jiménez (1986): *A autonomía galega (1846-1981)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

García Pazos, Fernando (coord.) (2009): *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Guitián, Luis e Rubén Camilo Lois (1996): *Actividad humana y cambios recientes en el paisaje*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Hernández Borge, Julio (2009): "Cuarenta años de tesis doctorales de Geografía en la Universidad de Santiago de Compostela (1959-1998)", *Estudios geográficos* 60 (237), 727-739.

———— (2017): "El Departamento de Geografía de la Universidad de Santiago de Compostela: 50 años de docencia e investigación (1967-2017)", *Revista de Investigación en Educación* 15 (2), 158-168.

Lencioni, Sandra (2009): *Região e Geografia*. São Paulo: Universidade.

Lois, Rubén Camilo (1992): "La ciudad de Vigo en el centro de los análisis de geografía urbana en Galicia", *Investigaciones geográficas* 10, 135-142.

———— (2004): "Estructura territorial de Galicia", en Román Rodríguez González (dir.), *Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e do goberno local*. Santiago de Compostela: Universidade, v. I, 101-160.

———— (2009): "La Geografía y el análisis territorial en España: argumentos para la reflexión", *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles* 50, 7-42.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (2015): "Apuntamentos para o estudo xeográfico (nacional) de Galicia", en Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (coord.), *Reflexións arredor da Galiza para o debate*. Santiago de Compostela: Fundación Moncho Reboiras, 9-35.

Lois, Rubén Camilo e Daniel Pino (coords.) (2015): *A Galicia urbana*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Lois, Rubén Camilo e Juan Manuel Trillo (2017): "O fundamento de Galicia como territorio nacional. O labor do Seminario de Estudos Galegos e a figura de Ramón Otero Pedrayo", en Justo Beramendi *et al.* (eds.), *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Museo do Pobo Galego, 527-545.

López Sández, María (2008): *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio*. Vigo: Galaxia.

López Silvestre, Federico (2004): *El discurso del paisaje. Historia cultural de una idea estética en Galicia (1723-1931)*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de douturamento.

Máiz, Ramón (1997): *A idea de nación*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Miralbés, María Rosario (dir.) (1984): *Galicia en su realidad geográfica*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de La Maza.

Miralbés, María Rosario, María Pilar de Torres e Rafael Rodríguez Martínez-Conde (1979): *Mapa de límites de las parroquias de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade.

Molina, Bartolomé Sagrario de (1550): *Defcripciõ del reyno de Galizia y delas coſas notables…* Mondoñedo: Agustín de Paz. [Edición: *Descripción del Reino de Galicia*. [A Coruña?]: Supervisión y Control, 1998].

Nogué, Joan (1991): *Els nacionalismes i el territori*. Barcelona: El Llamp.

Ojeda, Juan Francisco (2006): "Paseando por paisajes de Doñana de la mano de algunos de sus creadores contemporáneos", en Juan Francisco Ojeda, Juan Carlos González Faraco e Antonio López Ontiveros (coords.), *Doñana en la cultura contemporánea*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente, 171-204.

Ortega Cantero, Nicolás (2005): "Paisaje, historia y nación (a propósito del *Tableau de la géographie de la France*, de Paul Vidal de La Blache)", en Nicolás Ortega Cantero (ed.), *Paisaje, memoria histórica e identidad nacional*. Madrid / Soria: Universidad Autónoma de Madrid / Fundación Duques de Soria, 9-44.

Otero Pedrayo, Ramón (1926a): *Síntese xeográfica de Galicia*. A Coruña: Lar.

———— (1926b): *Guía de Galicia*. Madrid: Espasa-Calpe. [4ª edición: Vigo: Galaxia, 1965].

———— (1928): *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*. Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1955): "Ensaio sobor da paisaxe galega", en *Paisaxe e cultura. Ensaios*. Vigo: Galaxia, 11-57.

Otero Varela, Alejandro e Valerià Paül (2018): "The inception of the rural development paradigm in Galicia? The *comarcas* implemented in the 1990s under scrutiny", en Valerià Paül, Rubén Camilo Lois, Juan Manuel Trillo e Fiona Haslam McKenzie (eds.), *Infinite rural systems in a finite planet: bridging gaps towards sustainability*. Santiago de Compostela: Universidade, 439-448.

———— (2020, no prelo): "Geografía y debate comarcal reciente en Galicia: cuatro décadas entre el estudio académico, la intervención política y el análisis crítico", en Joaquín Farinós (coord.), *Desafíos y oportunidades de un mundo en transición. Una interpretación desde la Geografía*. Valencia: Tirant Humanidades.

Paasi, Anssi (1986): "The institutionalization of regions: A theoretical framework for understanding the emergence of regions and the constitution of regional identity", *Fennia* 164 (1), 105-146.

Paül, Valerià (2010): "¿Aún un espacio para las parroquias en Galicia?", *Ería. Revista cuatrimestral de geografía* 83, 343-349.

———— (2015): "Que espazos rurais nun país urbano? Dúas aproximacións xeográficas ao rural galego", en Lois/Pino 2015: 693-714.

———— (2016): "A Serra da Raia Seca nas geografias regionais galegas, espanholas e ibéricas de começos do século XX: entre montanha inventada e fronteira natural", en Juan Manuel Trillo e Iva Pires (eds.), *Fronteras en la investigación peninsular: temáticas y enfoques contemporáneos = Fronteiras na investigação peninsular: temáticas e abordagens contemporâneas*. Santiago de Compostela: Universidade, 197-215.

———— (2017): "A protección das paisaxes naturais galegas", en Concepción García García e María del Mar García Miraz (coords.), *Paisaxe e patrimonio. Un percorrido polo territorio a través do Arquivo de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 107-145.

———— (2019): "Catro breves hipóteses na interface entre paisaxe e nación en Galicia", en Juan Manuel Trillo e Rubén Camilo Lois (eds.), *Paisaxes nacionais no mundo global*. Santiago de Compostela: Grupo de Análise Territorial, 83-109.

———— (2020, no prelo): "Mimbres para repensar la tradición, la profesión y la educación geográficas", en Joaquín Farinós (coord.), *Desafíos y oportunidades de un mundo en transición. Una interpretación desde la Geografía*. Valencia: Tirant Humanidades.

Paül, Valerià, Joan Tort e Alexis Sancho (2011): "El marco conceptual de los paisajes de la agricultura", en Fernando Molinero, Juan Francisco Ojeda e Joan

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Tort (coords.), *Los paisajes agrarios de España. Caracterización, evolución y tipificación*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 9-38.

Pérez Alberti, Augusto, Luis Guitián e Pablo Ramil (eds.) (1993): *La evolución del paisaje en las montañas del entorno de los caminos jacobeos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Philo, Chris (2008): "Introduction", en Chris Philo (ed.), *Theory and Methods: Critical essays in Human Geography*. Aldershot: Ashgate, XIII-XLIX.

Piñeira, María José e Xosé Manuel Santos (2011): *Xeografía de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Precedo, Andrés (1987): *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Rodríguez González, José María (1918): *Nociones de Geografía de Galicia*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano.

Rodríguez González, Román (1999): *De aldeas a cidades. Urbanismo e xeografía das vilas galegas*. Vigo: Ir Indo.

Rubido, Ángel (1891): *Galicia: Geografía descriptiva*. Santiago de Compostela: Escuela Tipográfica del Hospicio.

Ruiz Olabuénaga, José Ignacio (1999): *Metodología de la investigación cualitativa*. Bilbao: Universidad de Deusto.

Santos, Xosé Manuel (1999): "Xeografía e nacionalismo en Galicia", en *Professor Joan Vilà Valentí. El seu mestratge en la geografia universitària*. Barcelona: Universitat, 1343-1356.

Sarmiento, Martín (1762?): *Problema chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método*. [Edición: "Problema chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método", en *Escritos geográficos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 29-81, 1996].

Sauer, Carl Ortwin (1925): "The morphology of landscape", *University of California Publications in Geography* 2 (2), 19-53. [Tradución ao español: "La morfología del paisaje", *Polis* 15, 2006. Dispoñíbel en http://polis.revues.org/5015].

Soja, Edward William (1989): *Postmodern geographies. The reassertion of space in critical social theory*. London / New York: Verso.

Solé Sabarís, Lluís (1975): "Sobre el concepte de regió geogràfica i la seva evolució", en *Miscel·lània Pau Vila*. Granollers: Montblanc-Martín, 413-477.

Souto, Xosé Manuel (1987): *Xeografía Humana*. Vigo: Galaxia.

Taylor, Peter (1994): "The State as a container: Territoriality in the modern world system", *Progress in Human Geography* 18 (2), 151-162.

Torres, María Pilar de e Rubén Camilo Lois (1999): "Lectura geográfica de los espacios rurales y el mundo campesino en Galicia. Estado de la cuestión", en

Professor Joan Vilà Valentí. El seu mestratge en la geografia universitària. Barcelona: Universitat, 851-863.

Trillo, Juan Manuel e Valerià Paül (2019): "¿Cooperación territorial alrededor de las fronteras interautonómicas? Algunas preguntas provocativas partiendo de la cooperación territorial europea", en Joaquín Farinós, Juan Francisco Ojeda e Juan Manuel Trillo (eds.), *España: geografías para un estado posmoderno*. Madrid / Barcelona: Asociación de Geógrafos Españoles / Geocrítica, 269-285.

Unwin, Tim (1992): *The Place of Geography*. Harlow: Longman.

Valcárcel Díaz, Marcos, Manuel Rodríguez Guitián, Antonio Martínez Cortizas e Augusto Pérez Alberti (1993): *As paisaxes do camiño francés en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Vidal de La Blache, Paul (1903): "Tableau de la géographie de la France", en Ernest Lavisse (ed.), *Histoire de France depuis les origines jusqu'à la Révolution*. Paris: Hachette, v. I. [Edición: *Tableau de la géographie de la France*. Paris: La Table Ronde, 1994].

Vilà Valentí, Joan (1982): "Veinticinco siglos de Geografía", *Revista de Geografía Norte Grande* 9, 3-10.

———— (1993): "Tres conceptes de «comarca» a Catalunya (1890-1935)", en *Professor Lluís Casassas. Geografia i territori*. Barcelona: Universitat, 143-153.

Vila Vázquez, José Ignacio (2009): "Paisaje, nación y literatura. Una lectura de *Paisaxe e nación: A creación discursiva do territorio*, por María López Sández", *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 55, 171-180.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 79-104
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 105-122
© 2019. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.380.762

ANTONIO FRAGUAS. O PROFESOR

ANTONIO FRAGUAS. THE TEACHER

Camiño Noia Campos
Universidade de Vigo

Resumo: O artigo traza o percorrido pola vida docente de Antonio Fraguas desde 1929, ó rematar a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, ata o ano 1963, como catedrático no Instituto Feminino Rosalía Castro de Santiago. Os datos dos primeiros centros nos que Fraguas imparte docencia, A Estrada e Lugo, están tomados, esencialmente, de biografías e artigos publicados. Mentres que os referentes ó Instituto Rosalía Castro, de 1959 a 1963, parten de lembranzas directas das súas alumnas e da documentación que garda o fondo *Antonio Fraguas* no Museo do Pobo Galego.

Abstract: This paper is a journey through the teaching life of Antonio Fraguas since 1929, year in which he finished his degree in Philosophy and Letters at the University of Santiago de Compostela, until 1963, time in which he was a professor in the feminine high school Rosalía Castro at the same town. The data of the first teaching centres in which Fraguas practises this profession, in A Estrada and Lugo, are essentially taken from biographies and published articles. Instead, those referring to the Feminine Institute, from 1959 to 1963, are based on direct memories of his students and data collected in the Fraguas's documentary archive kept by the Museum of the Galician People.

Palabras chave: Antonio Fraguas, profesor, oposición, xeografía, clases, A Estrada, Lugo, Universidade.

Key words: Antonio Fraguas, teacher, public examination, geography, lessons, A Estrada, Lugo, University.

Desde que, en outubro de 1929, Antonio Fraguas entra con 24 anos de profesor axudante de clases prácticas de xeografía na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e, en decembro, de profesor no Instituto de Santiago (na praza de Mazarelos), tamén como axudante de prácticas, non deixou de dar clase. E, sempre que lle foi posible, compaxinou a docencia universitaria coa do ensino secundario. Na súa biografía, M.ª Xosé Fernández Cerviño (2019: 37-38) sinala que:

> No curso 1932-33 figura como encargado da cátedra de Lingua e Literatura Españolas na Universidade, vacante por excedencia de Cotarelo Valledor, cargo ao que se engade no curso seguinte o de Xeografía, Numismática e Epigrafía como materias alternas.

O que mostra a variedade de materias que o novo profesor tivo que preparar no inicio da súa carreira de docente.

O 1 de outubro de 1933 o Ministerio de Instrución Pública da República convoca uns cursos de selección e perfeccionamento para os colexios subvencionados estatais que acababa de crear, e Fraguas preséntase e consegue unha praza de xeografía e historia, apadriñado por don Ramón Otero Pedrayo (Fernández 2019: 47; Abel 2019: 35).

Sorpréndeme por que, dado o seu interese pola investigación arqueolóxica e etnográfica, Fraguas non se centrou no traballo da Facultade para facer carreira universitaria e oposita, en cambio, a profesor de secundaria. A razón (el non a ten explicado) puido deberse ó escaso soldo que recibía o profesorado interino de universidade, onde tería que pasar varios anos ata facerse numerario. Fraguas ten daquela vinte e oito anos e acababa de casar; precisaba un salario suficiente para manter a familia.

PROFESOR ILUSIONADO

No outono de 1933, ocupa a praza de profesor de xeografía e historia no Colexio Subvencionado Estatal de Segunda Ensinanza da Estrada, un centro novo creado a iniciativa dos emigrantes da comarca estradense no Río da Plata que desde alá fan campaña a prol dun centro de ensino secundario para fomentar a educación superior. Facéndose eco das súas demandas, os pais e as nais máis interesados pola educación superior dos fillos apoian o alcalde no pedimento ó Ministerio de Instrución Pública dun Instituto de Secundaria. O concello comprométese a buscar un edificio onde situar as aulas e a sufragar os gastos, e o inspector de Ensino Secundario da zona, Luis Crespi, envía informes favorables ó ministerio. As xes-

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

tións de pais, políticos e mestres interesados polo centro, ademais da axuda "dos deputados de Acción Republicana, Osorio Tafall e Poza Juncal, e dos socialistas Gómez Osorio, Botana e Arbones [nas Cortes de Madrid], que foron sensibles a esta demanda popular" (Garrido 2019: 224), conseguen o obxectivo. O consello de ministros do Goberno da República concédelle á Estrada un dos colexios subvencionados que acababa de crear, no que a poboación en idade escolar podería facer o bacharelato elemental. O Colexio Subvencionado dependeu durante dous anos do Instituto de Pontevedra, onde tiña que examinarse o alumnado ó finalizar o curso, e en 1935 pasa a Instituto de Secundaria autorizado a examinar e a impartir o bacharelato superior (Maïssa 2012: 24-26).

Fraguas instálase na Estrada en decembro de 1933 pero segue ocupándose durante un ano da biblioteca do Seminario de Estudos Galegos en Santiago e colabora noutras actividades do Seminario de maneira esporádica. En abril de 1935, a Universidade de Compostela prorrógalle o contrato de profesor auxiliar por catro anos, mais renuncia á prórroga por non dar atendido tantas encomendas, na Estrada e en Compostela.

O xoven profesor, partícipe do entusiasmo popular creado polo novo centro de ensino, acepta o cargo de secretario e dedícase ilusionado ó labor docente, aínda frescas as leccións dos mestres do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Como confesa ó final da súa vida (Fraguas 1999) utilizará unha metodoloxía práctica: "Como mestre apliquei as teorías da Institución Libre de Enseñanza e ensinaba Xeografía sobre o terreo". Estaba convencido de que, completando as leccións da aula con prácticas de campo para observar a configuración orográfica, os ríos, as fontes naturais, os cadoiros... *in situ*, a percepción e comprensión do alumnado sobre a realidade sería máis proveitosa. Pois, á parte dos fenómenos xeográficos universais que explicaba nas aulas, o militante galeguista faláballe ó alumnado das características do territorio galego e das particularidades xeográficas da comarca de Tabeirós. Tamén nas clases de historia, ademais de referirse á de España, falaba da nosa prehistoria, dos petróglifos, dos dolmens e dos castros, animando os alumnos de máis idade a participar en escavacións organizadas polo SEG. Aquel mozo da aldea, que descubrira a riqueza do territorio e do noso pasado grazas ós seus mestres, quere transmitirlle ó alumnado que está formando a súa ilusión polo estudo e o coñecemento de Galicia. Ó longo da súa vida, don Antonio ten falado desta experiencia tan ilusionante, que deixou escrita nunha "Memoria docente"[1] redactada no verán do derradeiro curso como profesor na Estrada, xa durante a Guerra Civil. Na memoria fala da súa concepción da docencia, deixando claro que o Instituto ten que ser algo máis que un

1 A Memoria "son 22 cuartillas, escritas a man polas dúas caras, nas que fai unhas consideracións dos conceptos, métodos e procedementos que emprega para ensinar Xeografía e Historia ó seu alumnado, MPG carpeta 39" (Enríquez 2006: 161, nota 40).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

expendedor de títulos "a unos cuantos privilegiados", que deberá expandir a cultura ó conxunto dos habitantes da comarca. E explica o labor que tiña feito nas clases, completando as leccións teóricas coas prácticas de campo.

Mais, o profesor de Cotobade non se limita ó labor educativo das aulas, participará na vida cultural da Estrada organizando conferencias, fomentando a lectura coa creación dunha biblioteca e colaborando na creación dun museo de historia natural. De xeito que, coa súa pedagoxía e o seu carácter afable e xeneroso, axiña se converteu nun referente cultural na vila. Moitos anos despois, Alfonso Varela Durán (2012: 112), un exalumno do Instituto, fala do profesorado salientando o papel de Fraguas:

> Integráronse plenamente na Estrada e participaron en moitos aspectos da vida da nosa vila, organizando funcións teatrais e agrupacións musicais; realizando frecuentes excursións ós nosos pazos, castros, mámoas, igrexas e en xeral a toda a nosa natureza, impartindo leccións de etnografía, arqueoloxía e epigrafía, estando sempre na cabeceira D. Antonio Fraguas.

A non ser o primeiro ano, que viaxa todas as semanas a Santiago para atender a biblioteca do SEG, os outros dous anos e medio que residiu na Estrada irá pouco alá. Dedícase á docencia, a fomentar a cultura local e á militancia galeguista a prol do Estatuto. Non lle quedaba tempo para investigar nin escribir.

Mais pouco lle durou a ilusión ó profesor. O 18 de xullo de 1936 os fascistas que apoiaron a sublevación militar contra a República expediéntano e expúlsano do ensino público pola súa militancia galeguista, despois de humillalo e asustalo someténdoo a vexacións. Feitos que para a súa biógrafa Fernández Cerviño afectarían fondamente o seu comportamento posterior ante a política:

> Todo isto conxugouse para quebrantar de forma irreversible o ánimo de don Antonio, que se mantería afastado para sempre da política e con notoria aversión ás ideoloxías partidarias e a calquera mudanza que alterase a calma á que aspiraba. (2019: 61).

PROFESOR RESIGNADO

Sen a praza de profesor, Fraguas queda sen o salario familiar e moi amolado pola situación de represión que padece Galicia (amigos asasinados, exiliados, agochados...); sobreviven el e poucos máis do grupo de galeguistas. Quizais pensaría en marchar ó Brasil, para Niteroi onde seu pai deixara amizades, pero non o fixo. Refúxiase con Teresa na casa da súa cuñada en Compostela, onde lle quedan

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

algúns amigos. Un deles, Ramón Dávila, párroco de San Fiz de Solovio, axúdao a crear a Academia Menéndez Pelayo en 1938, na rúa da Troia[2], que dirixirá e na que imparte clases de materias diversas. Anos despois, Fraguas referíase á academia como "unha modesta pasantía", na que di Fernández Cerviño (2019: 64): "preparaba con éxito os aspirantes á reválida e ao ingreso na universidade".

Co seu bo facer na vida diaria e coa axuda de amigos ben considerados polo Réxime, en 1940 consegue que lle levanten a inhabilitación, manténdolle a suspensión de emprego e soldo durante dous anos máis. Deixa a casa da cuñada e vai con Teresa para unha vivenda na rúa do Franco. En novembro de 1942 solicita a readmisión na Universidade compostelá e fanlle un contrato de profesor axudante de clases prácticas de xeografía. Por eses anos, matricúlase na Universidade de Madrid nos cursos de doutoramento de xeografía e historia e comeza a preparar a tese. En febreiro de 1943 o Ministerio de Educación crea o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, dependente do CSIC, con parte do material incautado ó SEG e Fraguas colabora nas súas actividades exercendo de secretario. Ese mesmo ano preséntase á oposición de cátedras de xeografía e historia de ensino secundario pero non o aproban a causa dos "antecedentes desfavorables"; o que lle volverá suceder nos anos seguintes. Continúa dando clases na Universidade como profesor auxiliar de prácticas de xeografía e, no curso 1947-1948, fanlle un contrato de encargado de cátedra. En xuño de 1948 le a tese na Facultade de Filosofía e Letras de Madrid, coa máxima cualificación.

PROFESOR LIBERADO

No instituto masculino de Lugo

En 1950 Fraguas consegue por fin aprobar a oposición a unha praza de catedrático de xeografía e historia de ensino secundario e vai para o Instituto Masculino de Lugo. Tamén aí estrea un edificio habilitado para tal fin. Ser funcionario foi esencial na súa vida, séntese libre, rehabilitado dos atrancos sufridos e animado a traballar. "Lugo para min significou a liberdade. Foi a volta á miña vida académica, por iso nunca poderei esquecer Lugo", dixo. En opinión de Abel Vilela (2019: 96) foi "unha década que para Fraguas supuxo a liberdade, a normalización da súa vida académica, cultural e social, e para Lugo a etapa de ouro do seu desenvolvemento en sentido amplo".

Na cidade romana iniciaba unha nova etapa na súa vida docente cun pesado fardelo no lombo, que actuaba de disolvente ideolóxico sen diluír nunca os seus

2 Quizais pola falta de espazo, dado o número de alumnos que ten, a academia trasládase ó Pazo de Amarante na Algalia de Abaixo.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

principios. Neses anos exerceu sempre algún cargo de xestión no instituto, foi xefe de estudos, secretario e tivo outros fóra do centro, como o de vogal inspector do Tribunal de Exame de Grao Superior de Bacharelato, durante os anos 1953 e 1954; un tribunal creado pola Reitoría da Universidade de Santiago para examinar o alumnado libre que estudaba en colexios de secundaria. Fraguas irá examinar a varias localidades das provincias de Ourense e da Coruña e, en 1958 e 1959 participa nos cursos universitarios creados polo gobernador civil de Lugo, o catedrático de física Enrique Otero Aenlle. Ocupacións que non lle impediron ser membro de asociacións locais, laicas e eclesiásticas, implicándose nas súas actividades, ademais de dar ducias de conferencias por toda Galicia.

A información dalgúns exalumnos lugueses leva a pensar que Fraguas non cambiou nas clases a metodoloxía docente utilizada na Estrada. Julián Parga (1999), un deses antigos alumnos, glosando a figura do vello profesor di nun artigo de *El Progreso*:

> Non é doado esquecer a primeira clase, aló polo outono do ano 51, na que un recén chegado profesor de semblante serio expón aos alumnos de quinto de Bacharelato o seu propósito, o que el chamaba "aprender a aprender". Pregaba e premiaba a asistencia ás clases e non lle fixo falta esixir respecto, porque era a primeira causa coa que el nos agasallaba. Era mesmo o primeiro acto de xenerosidade, calidade esta que logo comprobaríamos era unha das súas virtudes.
> O seu sentido da docencia era por riba de todo vencellador, ausente da imposición e sanción ao uso. Ensinaba e convencía coa palabra; coa palabra sempre repleta de tenrura pero douta e rigorosa. Non era un profesor convencional de programa e libro, xa que disfrutaba agasallando cos seus saberes, que eran moitos, e sobre todo gustaba do estudio práctico. As saídas con el aos museos e aos castros, ás moas, ás igrexas, eran leccións de historia, xeografía, arte, etnografía e, sempre, Galicia. Coa súa natural simpatía convertía as clases en divertimentos adobiados con anécdotas, refráns e datos precisos.

De testemuños coma este, debeu recoller Clodio González (2019: 15), un dos seus biógrafos, a información para dicir que Fraguas:

> Seguiu o mesmo método pedagóxico que puxera en práctica case dúas décadas antes no Instituto da Estrada: saídas cos alumnos para coñecer e falar dos principais monumentos da cidade e contorna; ciclos de conferencias e cursos; publicacións.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Fernández Cerviño (2019: 70) refírese á súa docencia en Lugo mencionando coa expresión "experiencia sobre o terreo" as visitas culturais:

> En Lugo pon en práctica o seu método predilecto no estudo do medio a través dun ensino combinado da xeografía, a historia e a etnografía, simultaneando os coñecementos librescos coas experiencias sobre o terreo. Os seus dotes pedagóxicos serán recoñecidos formalmente pola dirección do centro, que lle confía sucesivamente a xefatura de estudos e a secretaría.

Non hai dúbida de que Fraguas foi un profesor entregado á súa profesión, que interesou os alumnos polas materias que explicaba e que fixo saídas culturais con eles. Con todo, a súa metodoloxía pedagóxica non puido ser a mesma da etapa republicana, na que se fomentaba a pedagoxía activa do Instituto Libre de Enseñanza. Na década dos anos cincuenta, as institucións educativas do Goberno da Ditadura obrigaban o profesorado a seguir o programa do libro de texto, elaborado por persoas da confianza do Réxime para poder controlar o que se ensinaba nas aulas. Así, nada máis tomar posesión da praza no instituto de Lugo, Fraguas recibe unha colección de libros de xeografía e historia do editor valenciano López Mezquida para utilizar nas clases dos primeiros cursos, e compañeiros do centro recoméndanlle outros para os cursos superiores. Os docentes podían escoller un libro de texto entre a escasa oferta que había –todos editados baixo a censura da Administración educativa–, mais non tiñan opción a renunciar ós textos. É lóxico pensar que o profesor Fraguas, convencido de que o desenvolvemento intelectual do alumnado non se conseguiría explicando e preguntando as leccións do programa dun libro para repetilo nos exames, tratase de presentar o contido das materias con explicacións amenas, facéndoo de doada retención para os alumnos. Di en 1989 Victor Basanta, outro exalumno seu: "Todos los libros de Historia permanecían casi nuevos a final de curso, porque con las explicaciones de don Antonio nos sobraba cualquier intento de aclaración o de ampliación" (Abel 2019: 95).

O profesor de xeografía e historia seguro que fixo visitas culturais, mais non no inicio da súa estadía no instituto, sería despois de ver as posibilidades de facelas que lle permitirían o claustro de profesores e as autoridades académicas. Non podía arriscarse.

Segundo consta na documentación do fondo *Antonio Fraguas* no Museo do Pobo Galego (caixa 40), a Secretaría do Centro de Orientación Didáctica (COD) do Ministerio de Educación envíalle, a fins do ano 1956, un cuestionario con dezaoito preguntas para interesarse polo tipo de docencia que impartía e por como lle gustaría facela, entre outras cousas. En carta anexa, o secretario do COD dille que eran "datos interesantes para los fines que se propone realizar en materia de

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

enseñanza la Dirección General de Enseñanza Media". Velaí outro control do COD, interesado en saber o que pensa o profesorado e, neste caso, o profesor galeguista da República. Fraguas responde con habelencia as preguntas, é prudente e mostra a súa humildade valorando o "material pedagógico" (non di 'libros de texto') elaborado polo Ministerio de Educación. Fai como que non atina a saber que tipo de método pedagóxico pode ser mellor:

> Es muy difícil hallar un sistema teórico, casi fórmula empírica, que nos permita estar en posesión del mejor método de enseñanza en una disciplina determinada. Al facilitar al profesor material pedagógico para desarrollar su labor docente, se le proporciona el medio para conocer la reacción de los alumnos, y según ella tiene que orientar su sistema expositivo para despertar el interés, hasta si se quiere, un poco afectivo, de grata preocupación por la asignatura.

Noutro apartado do cuestionario, Fraguas explica a conveniencia de que os alumnos visiten lugares de interese para completar a súa formación e, entre os castros, as ruínas romanas e as igrexas, di que proxecta visitar FRIGSA, "uno de los centros de preparación de carnes y derivados más importantes de Europa", apostila. As instalacións de FRIGSA, acrónimo de "Frigoríficos gallegos, sociedad anónima", que fora un matadoiro de animais, agora pertencían ó INI (Instituto Nacional de Industria) que ampliara as actividades da empresa; ademais de matar, preparaba a carne para exportala. As novas instalacións acababa de inauguralas Franco en setembro de 1956, coincidindo, practicamente, co envío do cuestionario do Centro de Organización Didáctica; e o noso profesor sabía ben o que debía dicir para ter contentas as autoridades educativas. En xaneiro de 1957 devólvelle á secretaría do COD o cuestionario cuberto. Este interesante documento faime supoñer que as excursións complementarias das explicacións na aula debeunas comezar a facer a partir de entón, vendo que non recibira a prohibición. E por descontado que, con anterioridade, puido levar os alumnos visitar museos, igrexas e restos romanos tan abundantes na cidade, en días non lectivos.

En 1959, o derradeiro ano de estadía como profesor en Lugo, Fraguas tiña gañada non só a estima dos seus alumnos, senón tamén a do claustro de profesores e de toda a xente coa que convivira na cidade. Na despedida do centro, o Director diríxelle palabras de agradecemento e afecto pola súa "competencia e laboriosidade [...] cordialidade e xenerosidade proverbiais na cidade, un valioso compañeiro que deixará un oco difícil de encher" (Fernández 2019: 73).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680


No Instituto Feminino de Compostela

No curso 1958-1959 quedara vacante a praza de xeografía e historia no Instituto Feminino Rosalía Castro de Santiago por traslado a Madrid da catedrática Pura Lorenzana, que nomearan inspectora de ensino medio. Fraguas, que traballara con ela no SEG, sábeo e quere esa praza para vivir en Santiago. Sospeita que a concesión do traslado non vai ser un simple trámite, desconfía de que lle dean a praza e pídelles a amigos influentes que lle boten unha man. Consegue o traslado e toma posesión da cátedra no Instituto Rosalía Castro o 1 de xullo de 1959 (Abel 2019: 120-129). Posiblemente axudaron as recomendacións, pero Fraguas tiña méritos abondo no seu expediente académico para poder trasladarse e bos informes do director do Instituto de Lugo. Non volverá facer cambios de centro, permanece aí ata a xubilación, ós setenta anos. Estar en Santiago permítelle dar clases na Universidade, e o 31 do mesmo mes de xullo asina un contrato de catro anos como profesor adxunto de xeografía. Unha vez máis don Antonio Fraguas compaxina os dous centros e duplica as horas de docencia.

Ata aquí, os datos que fun dando recollinos de biografías e artigos sobre Fraguas así como dos textos que nos deixou escritos e que se gardan no arquivo do MPG. O que direi de aquí en diante procede, esencialmente, das miñas lembranzas de alumna súa e das que me transmitiron as compañeiras da miña promoción no Instituto Feminino Rosalía Castro, no que el nos deu clase de dúas materias.

O curso de 1959-1960, o primeiro tras chegar ó instituto, don Antonio Fraguas encárgase das clases de historia moderna de España no grupo de cuarto B, onde estaba eu, e avergónzame dicir que non recordaba nada daquelas clases. Grazas á activación da memoria dalgunhas compañeiras fun recuperando a lembranza de certas anécdotas e vagamente de como se expresaba. Disque daba leccións cheas de erudición sobre os conflitos monárquicos, con datas e episodios domésticos, adobiadas de anécdotas sobre personaxes da realeza como un bo discípulo de frei Prudencio de Sandoval. Acabei por recordar que nos falara da fermosura coa que Deus dotara os Reis Católicos, que contara que Carlos V viñera a Compostela facendo o Camiño xacobeo polo Cebreiro e que dixera que a Felipe II lle cheiraban os pés. E parece que nós riamos a escachar con esas cousas, pero non o recordo. A xulgar polo que atopei entre as notas de clase de don Antonio que garda o seu fondo no MPG (caixa 416), as miñas compañeiras non falsearon a realidade. Hai dúas fichas entre os papeis de apuntamentos nas que está escrita a máquina a caracterización física de Isabel e de Fernando como persoas "ben compostas na proporción dos membros". A raíña "moi branca e loira, cos ollos entre verdes e azuis [...] A cara moi fermosa e alegre":

O rei Fernando cos ollos ledos e os cabelos bastos e lisos, era o mellor cabaleiro de todos os reinos.


Isabel.*De mediana estatura,bien compuesta en su persona
y en la proporción de sus miembros,muy blanca e rubia,los
ojos entre verdes e azules,el mirar gracioso e honesto,las
facciones del rostro bien puestas,la cara muy hermosa y
alegre,*

Fernando.*Hombre de mediana estatura,bien proporcionado en
sus miembros,en las facciones de su rostro bien compuesto,
los ojos rientes,los cabellos prietos e llanos...cabalga-
ba muy bien a caballo,justaba sueltamente e con tanta des-
treza que ninguno en todos sus reinos lo hacia mejor".*

Na mesma caixa 416 do Arquivo consérvase a conferencia de Fraguas "Estampas de la vida y de la muerte del Emperador Carlos I", que impartira na apertura do curso académico 1957-1958 do Instituto de Lugo, moi loada pola prensa local, "lleno de anécdotas y que presentó ante los oyentes la humanidad y grandeza de nuestro rey y emperador de Occidente", dixo *El Progreso* do 30 de xuño de 1957. Pois nesa conferencia aparece a viaxe de Carlos V a Compostela, que recorda oírlla contar a don Antonio unha das miñas compañeiras.

Da xestión como xefe de estudos do Instituto, cargo que aínda seguía ocupando en 1975 cando se xubilou, non recordo (nin recordan as compañeiras) ningún acontecemento significativo. Debía amañar os problemas en paz e con discreción, procurando poñer concordia e quizais ocultando as leas entre alumnas naquel centro gobernado por falanxistas. Era un grupo do profesorado composto por afiliadas á Sección Feminina e por profesores adscritos ó Réxime que, con poucas excepcións, nos parecían impresentables ás alumnas. E non pola nosa ideoloxía política, que non tiñamos, senón polo comportamento déspota e clasista que mostraban coa maioría das "del montón" e pola mala docencia que daban; en especial Pura Bardán e Maruja Carreira, que nos aprendían Enseñanza del Espíritu Nacional e cociña. Pero tamén don Hilario Saez, profesor de literatura española e universal, e M.ª Luisa García Rodejas, profesora de matemáticas e membro do Opus Dei. Tamén Francisco Carballo, que foi alcalde de Compostela por eses anos, pertencía a ese grupo, mais el era un bo profesor de debuxo;

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

tratábanos con respecto, explicaba as técnicas e atendía as nosas preguntas con amabilidade. Entre el e don Hilario ocuparon a dirección do centro practicamente os sete cursos que pasei alí. Só un ano, ou pouco máis, foi director don Gonzalo Anaya, un magnífico profesor de filosofía que se viu obrigado a dimitir polas presións do grupo de adeptos ó Réxime.

Durante a súa estadía en Lugo don Antonio gañara o respecto e a confianza das autoridades educativas da Ditadura, pola súa dedicación ó ensino e o seu bo facer na xestión, traballos que lle deran sona de profesional competente e leal. E, no ano 1962, o Centro de Orientación Didáctica dependente do Ministerio de Educación noméao catedrático-titor dos seminarios didácticos para a formación de novos profesores. Nese curso de 1962-1963, eu facía preuniversitario no Instituto Rosalía Castro e don Antonio dábanos clase de xeografía e historia das "Ciudades y plazas españolas en África: El Sáhara, Sidi Ifni, Ceuta y Melilla"; unha materia que no preuniversitario daqueles tempos cambiaba cada curso o tema de estudo. A decisión do Ministerio de Educación de programar un monográfico sobre as colonias españolas no norte de África daquel curso non fóra cousa do azar. Tiña, sen dúbida, o obxectivo de inculcar no alumnado dos institutos de España o encomiable labor do Goberno español en África, para inducilo a defender a ocupación deses territorios e contrarrestar a contestación ó colonialismo que se estaba iniciando no Sáhara encabezada polo exército Polisario.

Tiñamos un libro de texto obrigatorio titulado *Plazas y provincias africanas españolas*, escrito por José Díaz de Villegas, director do Instituto de Estudios Africanos do CSIC, en colaboración con dúas fillas. Villegas era un franquista convencido, autor de libros en defensa da sublevación militar do 36 e da alianza co nazismo, algúns con títulos tan significativos como *La paz española* e *La División azul en línea*.

No fondo *Antonio Fraguas* do MPG (caixa 45), que garda apuntamentos das clases do noso profesor, atopei uns folletos de dobre folio con catro páxinas a dúas caras, que conteñen "conferencias" sobre os diversos subtemas do programa. Cada folleto está escrito por un autor, aínda que hai dúas ou tres redactadas pola mesma persoa; o texto vai acompañado de fotografías, cadros comparativos, esquemas e debuxos. Estes son os títulos duns cantos folletos da caixa 45: *Plazas y provincias. Relaciones históricas entre España y África*, *El estrecho de Gibraltar*, *Geografía política de las provincias de Ifni y Sahara*, *Generalidades sobre geografía económica* e *La obra de España en Ifni y Sáhara*.

Era un material de uso obrigatorio para o profesorado que impartía docencia desta materia de preuniversitario no curso 1962-1963, enviado desde a Organización para el Fomento de la Enseñanza (OFE), un departamento dependente do Ministerio de Educación do Goberno da Ditadura para elaborar o contido dos programas de ensino.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

No folleto sobre *La obra de España en Ifni y Sáhara,* tanto na conferencia de Julio Alberich como no pé dalgunhas fotografías que a ilustran, pódense ler unha serie de expresións laudatorias para a xestión española neses lugares que recordan as do N.O.D.O. que precedía as películas nas salas de cine daquel tempo. Por exemplo:

> La acción civilizadora de España ha llegado a todos los rincones del Sáhara: comunicaciones aéreas y terrestres. El camello frente al avión, ayer y hoy en el África Occidental española. [...]
> De la famélica y lenta yunta, desesperación del sufrido indígena, se ha pasado a la más moderna maquinaria agrícola facilitada por España [...]
> La falta de agua ha constituido el principal factor restrictivo de la vida en el Sahara. Antes de la presencia española, esta se extraía de escasos y rudimentarios pozos. Ahora las autoridades españolas están construyendo por doquier magníficos aljibes de gran capacidad como el de Güera, que puede contener 1.000 toneladas de agua potable.


O contido dos folletos destinados ó profesorado, e mesmo algunhas fotografías que os ilustraban, coinciden cos contidos do libro de texto do alumnado, coa información resumida e moitas fotografías. Uns e outros están escritos por persoas afectas ó Réxime e controlados pola OFE.

Don Antonio viña á clase sempre ben traxeado, cunha carteira de coiro castaño na man. Entraba na aula chea de barullo dicindo "Buenos días, señoritas", frase que adoitaba acompañar dalgún comentario do estilo: "Hoy hace frío, eh! Las veo abrigadas" ou "¿Que les sucede? Están muy alteradas...". O barullo paraba, quedabamos caladas; don Antonio tiña *autoritas.* E, despois de sacar unhas follas de papel e libros da carteira, que utilizaba poucas veces (só para comprobar algún dato), comezaba a falar seguido cun discurso cheo de erudición que adoitaba deter de vez en cando para contar algunha anécdota ou preguntarnos se sabiamos ó que se estaba referindo. Preguntas que eran máis ben expresións fáticas para facernos manter a atención. Non recordo se lle respondiamos as preguntas, creo que non; e cando contaba algo simpático, daquela riamos. Tendo en conta o que aparece escrito nunha libreta que atopei no seu arquivo, o día que nos falou do Sáhara debeu comezar explicando a extensión do territorio saharauí e os tipo de grupos que o poboaban:

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> El Sáhara español tiene 297.600 kms. en la zona sur y 2 de libre ocupación. La población es de 140.000 habitantes (tribus guerreras, religiosas y 'moros de marea'[3]); Nómadas-pastores; Pescadores en Cabo Juby, Villa Cisneros y La Agüera.

Eses datos non os recordaba, pero si recordei o que dixo a continuación coa axuda dunha compañeira de boa memoria: "La población vive concentrada en El Aiún, Villa Cisneros y Smara. Así que, como ven, les sobra mucho espacio para tender la ropa a clareo".



Como aínda non tiñamos conciencia feminista, rimos como parvas imaxinando o deserto cuberto de roupa, de sabas e camisas brancas, sen percibir que o de botar a roupa a clareo dixérao don Antonio porque eramos mulleres as receptoras e supoñíase que iso formaba parte dos nosos labores. Sen dúbida, de dirixirse a un alumnado masculino diría que quedaba moito espazo para xogar ó fútbol.

Malia a súa afabilidade, non recordo velo entusiasmado nas clases, e non podo dicir que me motivase a aprender o que nos explicaba, aínda que eu tampouco estaba preparada para interesarme polas colonias de España en África; estaban moi afastadas do meu mundo. E posiblemente tampouco a don Antonio lle debía interesar o que tiña que explicar. Aprendín moi pouco daquela materia, á parte da grande extensión do deserto do Sáhara e que España librara da miseria e do atraso os pobos colonizados. Mais iso, sen dúbida, aprendino no libro, non recordo que don Antonio o dixera. Non debeu ser doado para el impartir esa materia na que tiña que dicir cousas coas que, supoño eu, non concordaba. Limitaríase a explicar as características xeográficas do norte de África e a súa historia e, sen negar as

3 O termo "moros de marea" foi utilizado pola primeira vez polo militar e cartógrafo Francisco Coello (1887), e logo polo xornalista Federico García Sanchiz (1943), de onde o collería Fraguas. Con esta denominación (tamén "moros de la costa") os colonizadores referíanse ós indíxenas que vivían nas zonas costeiras, máis miserables que os indíxenas do interior.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

afirmacións dos textos oficiais, evitaría as expresións a favor da colonización española ocultando o que pensaba.

Tampouco lle tivo que ser fácil agochar as súas ideas galeguistas e non dicirnos que a Real Academia Galega, da que el era académico, instituíra o 17 maio como Día das Letras Galegas, informándonos do que sucedera ese día en 1863. Hoxe, paréceme imposible que as alumnas do Instituto que levaba o nome da homenaxeada non tiveramos noticia de que ese ano se celebrara o centenario da publicación da súa obra, *Cantares gallegos*. Pero ningunha compañeira do curso ás que preguntei recorda que o profesor Fraguas, nin outro profesor nin profesora, fixese referencia a ese acontecemento, que falase de Rosalía de Castro ou da súa obra, nin nas clases nin fóra. Eran tempos de represión e había moito medo.

Tampouco recordo nos cursos en que me deu clase que don Antonio nos levase visitar ningún monumento da cidade, o cal non era necesario como prácticas complementarias do que explicaba na aula. Visitas que, segundo conta unha exalumna, parece que fixo en anos posteriores: "Lembro con especial agrado as visitas ou paseos que de cando en vez – máis ben de raro en raro polas poucas facilidades que permitía o sistema educativo do momento– faciamos da súa man polas rúas e monumentos composteláns", di M.ª Dolores Cabrera (Villanueva 2019: 116-117), que salienta "a súa afabilidade –tan pouco habituais naquela altura no ámbito escolar–", o que si comparto.

Fixemos, en cambio, unha estupenda viaxe cultural con el a Madrid e Salamanca, na excursión de final de bacharelato na Semana Santa de 1963.

A excursión adoitábase facer en sexto de bacharelato e nese curso traballamos, atendendo o bar do instituto, facendo actuacións de teatro e de baile e vendendo rifas, para conseguir financiamento para a viaxe. Non recordo por que non a fixeramos daquela e quedou para o curso seguinte, xa en preuniversitario. Tiña que ir algún profesor ou profesora con nós e pedímoslle a don Antonio que nos acompañase. El aceptou pero a dirección do instituto decidiu que fosen tamén: Pura Bardán, profesora de Formación del Espíritu Nacional, e Mª Luísa García Rodeja, de matemáticas. Recordo que cando nos deron os nomes das persoas que irían con nós, dixera unha compañeira: "Pobre don Antonio, ter que aturar esas bruxas...". Daquela, ninguén pensou que ían porque o director non se fiaba do que puidese dicirnos o profesor galeguista e que levasen a misión de vixialo. Pero estrañounos que elas tivesen interese en soportar unha semana un grupo de adolescentes que case non saíran de Santiago e moito menos sen a familia, e, ademais, ningunha delas tiña boa relación con nós. Don Antonio facía de guía e explicábanos os lugares que visitabamos, o Prado, o Escorial un día chuviñento e moi ventoso, a catedral de Salamanca... Fomos tamén ó Valle de los Caídos e recordo a impresión que nos causou a enorme cruz e a grandiosidade das figuras que cobren a gruta,

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

pero non recordo nada do que dixo alí don Antonio. Quizais calase e fose Pura Bardán a que explicase a historia do lugar coa súa visión. Don Antonio soubo entender as nosas ganas de diversión e aturounos con paciencia, aínda que houbo momentos en que se enfadou coas rapazas que marmulaban ou rían mentres el explicaba algo.

Naqueles anos da Ditadura a relación do profesorado masculino coas alumnas debía ser máis difícil que cos alumnos, e quizais fose esa a razón de que don Antonio percibise menos o cariño das súas alumnas de Santiago que o dos alumnos como para dicir poucos anos antes de morrer: "As rapazas do feminino queríanme moi ben, pero queríanme máis os rapaces do instituto de Lugo" (García/Tomé 2001: 32). Na miña idea, a percepción do cariño que tiña dos dous centros debíase, máis que ó alumnado, ó que lle mostrara o claustro, pois, polo menos, o do meu curso tíñalle afecto.

CODA FINAL A MODO DE CONCLUSIÓN

Despois do percorrido polas distintas etapas da docencia de Don Antonio Fraguas, a miña conclusión é que o profesor ilusionado e entusiasta que puxo en práctica a metodoloxía activa da Institución Libre de Enseñanza no Colexio Subvencionado-Instituto da Estrada, a partir de 1938, acepta resignado as novas directrices educativas e cambia de método pedagóxico. Galicia, que era o eixe central nas aulas dos galeguistas da República, desaparece dos programas da Ditadura. Os libros de texto co visto e prace da OFE non a contemplan e as clases fanse máis teóricas que prácticas. Mais, sen abandonar o obxectivo de espertar e manter vivo o interese do alumnado para estimular o seu pensamento, no instituto de Lugo, cun claustro favorable, o profesor Fraguas non se limita a informar e formular preguntas na clase, senón que sacrifica o seu tempo de lecer para levar os alumnos visitar monumentos históricos e a xeografía da contorna. No instituto de Compostela, quizais polo feito de ser feminino ou pola composición do claustro, limitouse a dar explicacións teóricas.

Con todo, mostrando o seu saber nas aulas e fóra delas, sendo un profesor afectuoso e xeneroso nas cualificacións (ben diferente da maioría do profesorado), don Antonio gañou a estima do alumnado, masculino e feminino, na posguerra civil. Sacaba poucas veces o xenio, aínda que cando o facía cambiáballe o carácter e mesmo se mostraba violento. Recordo a irada rifa que recibiu un grupiño de alumnas que viñeran facer Preu ó instituto de Santiago dun colexio de monxas de Vilagarcía e que mentres el daba a clase bisbaron rindo entre elas. Berroulles tan enfadado que o resto da clase ficamos impresionadas e deunos pena velo así.

Na universidade, Fraguas non me deu clase; a información que teño vénme das amigas que cursaron a licenciatura de xeografía e historia, e alí, con máis motivo que no ensino secundario, as súas clases eran maxistrais, cheas de erudición en datos e bibliografía actualizada. E así o recorda Luís Cochón (2019: 62) no Limiar do Caderno Ramón Piñeiro dedicado a el:

> Don Antonio aló andaba el cos seus alumnos da sección de Historia, puntual e sen présas. Moi querido polos seus alumnos aos que lle prodigou saberes e aprobados. Deu clase de case todo: Historia e Xeografía do universo mundo, Arte, Arqueoloxía, Epigrafía e Numismática, Paleografía, nunha universidade de provincias onde as cátedras ou non eran convocadas ou, se se cubrían, érano por catedráticos de paso, á espera do primeiro concurso de traslado. Os aprobados de Fraguas, como antes os do seu mestre Otero Pedrayo, non suporían ningún tipo de desgana ou desleixo, máis ben no fondo, "unha intelixente maneira de combater a lóxica de Franco" (recollendo a cita de Ramón Villares).

Esquécese Cochón de nomear a materia de historia da literatura española, que tamén impartiu.

Como coda final fago patente a miña estrañeza de que Fraguas non se presentase á cátedra de xeografía, que deixara vacante en marzo de 1958 Otero Pedrayo na Facultade de Filosofía e Letras. Está demostrado o seu interese por impartir docencia na Universidade, onde, a non ser nos dez anos en Lugo, tivo contratos de profesor interino e sabemos que, coa xubilación do mestre de Trasalba, algúns amigos lle aconsellaron que se presentarse. Un deles foi Ben Cho Shey que, en carta do 12 de xuño de 1959 desde Madrid, cando Fraguas se traslada de Lugo a Compostela, dille:

> Coido que debes facer a oposición á cátedra de Otero Pedrayo, pois ninguén coma ti ten títulos dabondo para sustituílo. Por a identificación coa súa laboura e o seu xeito de ser, por prestixio académico e científico, que o tes, e por preparación, que tamén a tes, debías facer esas oposiciós. (Abel 2019: 130-132).

Mais Fraguas, que non sabemos o que lle respondeu ó amigo, non seguiu o consello. Tamén Abel Vilela mostra a súa estrañeza de que non opositase dadas as condicións que tiña para facelo con estas palabras:

> En moitas cartas de felicitación de 1950 por ter conseguido a cátedra, e noutras posteriores cando se xubilou Otero, desexan que culmine a súa vida docente na Universidade, ao fin el sempre tivo docencia nela, pero ignoro cales foron as

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

causas por que non o fixo e rematou a súa carreira no Instituto Rosalía Castro de Santiago.

Fraguas nunca confesou a razón e quedou no misterio. Pero é estraño que ningún biógrafo se interesase por investigala mentres vivía. Francisco Durán, catedrático de xeografía da Facultade de Xeografía e Historia da USC, sostén que a razón está en que o profesorado do Opus Dei, que dirixía o Departamento de Xeografía, se opoñía a que un galeguista ocupase a cátedra, polo que tampouco querían a Francisco Río Barxa. Con eses datos, teño a sospeita de que Fraguas, amigo de Río Barxa, non quixo competir con el tendo máis méritos e o recoñecemento das autoridades académicas. Non pode haber outra razón de máis peso; ninguén podía impedirlle presentarse á oposición, aínda sabendo que tiña poucas posibilidades de que o aprobasen, pois, como lle dicía Ben Cho Shey, non tiña nada que perder, volvía ó Instituto. Unha decisión que engrandece máis a súa figura.

Lamento non saber o que hoxe sei sobre don Antonio cando convivín con el na década dos anos noventa, en xuntanzas e xantares, durante a miña pertenza ó Consello da Cultura como representante da Universidade de Vigo. Daquela descubrín que aquel vello galeguista fora represaliado por defender o Estatuto e non me cadraba nada coa figura do profesor Fraguas que eu recordaba, a quen nunca o oímos falar galego nin facer referencia á lingua nin á literatura de Nós.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Fonte documental

Antonio Fraguas Fraguas. AMPG: 01.03. MPG-Fondo Fraguas/Caixa 416. En especial a carpeta 45 de "Notas e apuntamentos das clases".

Lembranzas das alumnas do Instituto Femenino Rosalía Castro de Santiago de Compostela.

Publicacións

Abel Vilela, Adolfo de (2019): *Antonio Fraguas Fraguas. Lugo, a etapa da liberdade e do recoñecemento intelectual e social (1950-1059)*. T. I. Lugo: Concello.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2019): "Antonio Fraguas, grande historiador e gran bibliógrafo", en Cochón/Beramendi 2019: 109-119.

Beramendi, Justo (2019): "Perfil político-ideolóxico de Antonio Fraguas", en Cochón/Beramendi 2019: 121-131.

Cochón, Luís (2019): "Limiar", en Cochón/Beramendi 2019: 59-65.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Cochón, Luís e Justo Beramendi (eds.) (2019): *Antonio Fraguas: laboris causa. Trigo limpo candeal.* Cadernos Ramón Piñeiro XXXIX. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Enríquez Morales, M.ª Xosé (2006): "Don Antonio Fraguas: unha vida dedicada á docencia", en García/Fernández/González 2006: 152-179.

Fernández Cerviño, M.ª Xosé (2019): *Antonio Fraguas Fraguas. Estancias vitais dun mestre sabio*. A Coruña: La Voz de Galicia.

Fraguas, Antonio (1958): "El libro y la enseñanza", *Vida gallega* 734, 29.

———— (1999a): "O lugar e a casa onde nacín", *Grial* 144, 621-629.

———— (1999b): "Entrevista a Don Antonio Fraguas", *El Correo Gallego* 6/XI/1999.

García Liñeira, María e Amelia Tomé Cruz (2001): "Entrevista", *Xeada. Xornal do I.E.S. Antonio Fraguas Fraguas* [monográfico: *Antonio Fraguas. In memoriam*], 29-35.

García Martínez, Carlos, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.) (2006): *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

Garrido, Xoán Carlos (2019): "Fraguas Fraguas. O home que puido ser alcalde", en Cochón/Beramendi 2019: 223-234.

González Pérez, Clodio (1998): *Antonio Fraguas Fraguas, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben*. Vigo: Ir Indo.

———— (2006): "Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999. Vida e obra", en García/Fernández/González 2006: 24-89.

———— (2019a): "Antonio Fraguas Fraguas. Cronobiografía", en Cochón/Beramendi 2019: 23-53.

———— (2019b): *Antonio Fraguas Fraguas. Unha vida, un país. Días das Letras Galegas. Cadernos de Estudos Xerais* 15. Sada: Asociación Cultural "Irmáns Suárez Picallo".

Maïssa Rodrigo, Gisèle (2012): "O Instituto da Estrada nas súas fontes hemerográficas e documentais. Parte I (1933-1960)", *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* 15, 23-110.

Parga, Julián (1999): "Mestre exemplar", *El Progreso* 6/XI/1999.

Torres Queiruga, Andrés (1999): "Antonio Fraguas", *Encrucillada* 115, 505-507.

Varela Durán, Alfonso (2012): "Xuntanza homenaxe ós profesores do Instituto Nacional de Segunda Enseñanza. A Estrada, 30 de agosto de 1959", *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* 15, 111-117.

Villanueva Gesteira, Malores (2019): *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*. Vigo: Galaxia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 105-122
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A arqueoloxía galega antes e despois de Antonio Fraguas

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 125-144
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.763

OS ANTECEDENTES E O PAPEL DE FRAGUAS NA ARQUEOLOXÍA DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

BACKGROUND AND FRAGUAS' ROLE
IN THE ARCHAEOLOGY OF THE SEMINAR OF GALICIAN STUDIES

Francisco Calo Lourido
Real Academia Galega
Museo do Pobo Galego

Resumo: Faise un percorrido pola historia da arqueoloxía galega desde os inicios ata o Seminario de Estudos Galegos, destacando a importancia de autoridades como Sarmento e Cuevillas. Desenvólvese e analízase o papel de don Antonio Fraguas neste eido da investigación en Galicia.

Abstract: The article explores the history of Galician archaeology from its origins to the Seminar of Galician Studies, emphasising the importance of authorities such as Sarmento and Cuevillas. The role of Fraguas Fraguas in this field of the research in Galicia is developed and analysed.

Palabras chave: Antonio Fraguas, Florentino López Cuevillas, arqueoloxía, romanticismo, dolmen, castro, Seminario de Estudos Galegos.

Key words: Antonio Fraguas, Florentino López Cuevillas, archaeology, romanticism, dolmens, *castros*, Seminar of Galician Studies.

Talvez por ocupar o recuncho máis occidental de Europa, todas as xentes, as ideas, técnicas e coñecementos que nos chegaban procedían, necesariamente, dun oriente máis ou menos próximo ou afastado. Habitamos no territorio no que mellor se cumpre que *Ex Oriente lux*. A primeira nova que entrou aquí procedente do oeste foi, en 1493, cando os mariñeiros da Pinta comunicaron en Baiona que había terras e xentes máis alá do Mar Tenebroso; principiabamos a deixar de ser o Fisterra absoluto. Esta situación de *cul de sac* motivou que, aquí,

ata a globalización actual, todo chegase cun certo atraso, o que foi forxando nos galegos a idea, non sempre certa, de que fóra sabían máis e ían máis adiantados ca nós nas diferentes técnicas. Podo aceptar que en Galicia –e outro tanto podería dicir do norte de Portugal– non fomos pioneiros nin en coñecementos sobre a prehistoria europea, nin en metodoloxías, nin en métodos, nin en técnicas de escavación arqueolóxica. Non implica isto que non houbese, desde moi cedo, algún investigador curioso e esperto que, sempre á marxe das institucións académicas, coñecese os avances producidos alén dos nosos lindeiros e os empregase para ir debruzando o caos magmático que envolvía os nosos tempos máis recuados.

O feito de, noutras ocasións, me ter ocupado deste asunto foi a razón de ser invitado a participar nesta mesa redonda sobre "A Prehistoria e arqueoloxía galegas desde os tempos de Antonio Fraguas á actualidade. Novas orientacións", encargándoseme o título que encabeza esta colaboración. Obrígame iso a repetir unha serie de datos e argumentos, tendo que recorrer ás inevitables autocitas.

Hoxe, calquera cativo sabe que houbo unha Idade da Pedra, subdividida en Paleolítico e Neolítico, logo unha Idade do Bronce e, a continuación, outra do Ferro. E aí xa entra Roma. Sendo isto tan coñecido, todos temos a impresión de que xa se sabía desde "tempos inmemoriais", por empregar a fórmula xurídica da Idade Moderna, cando ata o tan próximo –para os historiadores– 1865 non se coñecía tal división, feita polo banqueiro e político inglés Lubbock, baseándose no "Sistema das tres Idades" (Pedra, Bronce e Ferro) enunciado en 1774, polo escandinavo Suhm. En 1881, Gabriel de Mortillet, ao tempo que comezou a dividir as pezas por semellanzas, foinas adscribindo a novas subdivisións, iniciándose así unha incipiente ciencia prehistórica que se deu en chamar "método comparativo".

Un ano antes, en 1880, este científico, o mesmo que os máis sobranceiros investigadores e anticuarios europeos (Henri Martin, Virchow, Guimet, Cartailhac etc.), participou na IX Sessão do Congresso Internacional de Antropologia e de Arqueologia Pré-históricas celebrada en Lisboa. Foi aí onde Émile Cartailhac, seguido por Mortillet, acusou de falsarios ao descubridor de Altamira, Marcelino de Sautuola, e ao seu defensor Juan Vilanova y Piera, catedrático de Paleontoloxía. Anos despois escribiría aquel o "*Mea culpa* d'un sceptique". Aproveitando a estancia en Lisboa, aceptaron a invitación de se trasladar a Guimarães para ver o que Martins Sarmento estaba a descubrir na Citânia de Briteiros e no castro de Sabroso. Quedaron impresionados aqueles sabios europeos, escribindo Cartailhac: "Je voudrais passer ici au moins une semaine" (Cardozo 1947: 72-73), publicando, uns anos despois, un longo traballo sobre Briteiros e Sabroso, no que aclara que só quere mostrar o enorme interese das descubertas de Sarmento nunhas escavacións "habilement

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

conduits", pois quen ten que publicalas, "dans un ouvrage digne d'elles e de lui", é o seu descubridor (Cartailhac 1886: 293).

Incide no mesmo Hübner, engadindo, na correspondencia que cruzou con Sarmento, que debería publicar os resultados "à la Schliemann e em Francês sendo possivel" (Cardozo 1947). Este ilustre profesor da universidade de Berlín xa publicara o tomo II do *Corpus Inscriptionum Latinarum* correspondente á Península Ibérica (Hübner 1869); en 1881, percorreu as provincias galegas e Portugal para completar materiais para o suplemento do CIL (Hübner 1892), aproveitando a ocasión para visitar a Sarmento e a Citânia, sobre a que, sen vela, xa fixera unha publicación (Hübner 1879), o que indica o impacto e o interese que as escavacións de Sarmento estaban a ter nos medios científicos europeos. Non esquezamos que Schliemann descobre Troia en 1871, os alemáns encetan as escavacións en Olimpia, Marcelino de Sautuola as de Altamira e Martins Sarmento as de Briteiros en 1875, tendo que agardar a 1880 para que Flinders Petrie inicie os traballos en Exipto e 10 anos máis para que Evans o faga en Cnossos (Calo 1993: 26). Hai unha coetaneidade no arranque das investigacións das grandes culturas e a castrexa vai xunto con elas, entrando de cheo no interese internacional, por dicilo con verbas de Cardozo (1930: 18-19). Xa moito antes, publicara Hübner un artigo sobre as estatuas de guerreiros galaicos, ás que, acertadamente, chamou así e non lusitanas, como aínda hoxe escoitamos e lemos a algúns (Hübner 1861).

Martins Sarmento foi un adiantado na práctica arqueolóxica, mais os seus traballos foron moitos anos ignorados pola comunidade científica galega. Nótese que nin á IX Sessão de Lisboa, nin á reunión científica de Guimarães, do ano 1880, asistiu ningún representante de Galicia. Cómpre non perder de vista que unha cousa é a historia e os que a ela se dedican e outra a arqueoloxía e os seus practicantes; en Galicia non houbo arqueólogos, *stricto sensu*, ata o século XX; antes houbo historiadores, cronistas... que constataron, nos seus escritos, a presenza de "monumentos" e de pezas indefinidamente antigas. O que non houbo foron arqueólogos, como foi Sarmento en Portugal, que procurasen estudar o pasado, escavando xacementos. Obviamente, non podemos incluír nesta categoría a depredadores de quiméricos tesouros ao estilo do licenciado Vázquez de Orxas, dedicado a estragar mámoas, con licenza do rei Felipe III, para extraer o ouro das tumbas dos "xentiles galigrecos". Aquí falamos de escavacións, máis ou menos científicas, conforme os métodos usuais das respectivas épocas.

Podemos enumerar unha serie de nomes de maior ou menor relevo que hai que considerar á hora de elaborar unha historiografía, mais repetindo que non se trata de arqueólogos, aínda que os seus escritos puideron influír, máis ou menos, nos escavadores iniciais. Eu mesmo teño manexado, hai ben anos, a obra de Mauro Castellá Ferrer de 1610 (cando as desfeitas de Vázquez de Orxas), ao

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ocuparme do castro de Francos ou Lupario (Calo 1991: 259-261). Xa no século XVIII, podemos citar os ilustrados Seguín, Sarmiento, Sobreira, Cornide, Huerta ou Flórez. Sobre eles escribín:

> Nos anteriores autores, moi na liña de todos os libros de viaxes e crónicas descriptivas de Europa e América, xerme da actual etnoloxía, hai xa unha tentativa de asignar pobos concretos e de procurar unha filiación aos monumentos que citan ou describen. E estes pobos van ser romanos, gregos e, en menor medida, púnicos, se ben xa se encomeza a apuntar a importancia do elemento céltico (Calo 1993: 31).

No século XVIII, temos a Ceán Bermúdez, quen, igual que Huerta y Vega, segue textualmente a Castellá.

No século XIX, ao ritmo que os exércitos napoleónicos espallan o neoclasicismo, desde Inglaterra e Centroeuropa esténdese, como reacción, o romanticismo. A rebeldía romántica levou á reivindicación do propio e/ou ao reforzamento do sentimento de nación, cuxa orixe se procura na Idade Media ou na Prehistoria, esforzándose por atopar uns antepasados míticos de renome. Galicia non foi allea a este sopro nacionalista e os historiadores que aquí tivemos no século XIX estaban inmersos nesa corrente, nesa concepción historiográfica que procuraba as raíces do noso pobo e que procedía daquela idea de Herder de que cada nación...

> ten un xeito de ser único e distinto. Hai algo que as distingue necesariamente, e ese algo, explícito, en 1774, no seu *Auch eine Philosophie der Geschichte der Menschheit* ("Outra filosofía da historia da humanidade") será o *Volksgeist*, que podemos traducir por espírito do pobo, por xenio nacional. Segundo Herder e o idealismo alemán, as nacións son un fenómeno inconsciente e involuntario, son algo obxectivo vivificado por esa alma, ese espírito que transita por elas ó longo dos séculos e mantén o corpo nacional. O *Volksgeist* maniféstase nas tradicións dos iletrados, no "saber do pobo", no *Volkskunde* ou folclore (Calo 2003: 14).

A influencia teórica alemá sobre a idea de nación entre os nosos devanceiros non deixa dúbida nas verbas de Vicente Risco, pai da Teoría do Nacionalismo, cando, describindo o *Sammlung für deutsche Volkskunde* (*Colección de folclore alemán*) no seu *Mitteleuropa*, conclúe que a alma rural é "protoplasma e protoforma a un tempo de toda cultura" (Risco 1984: 210).

Entre os primeiros que foron engaiolados pola procura duns antepasados míticos para o pobo galego temos que citar a José Verea y Aguiar, iniciador, en 1838, dunha

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

historiografía alicerzada nos dereitos históricos de Galicia, así como introdutor, cuns moi curiosos argumentos teóricos, do seu compoñente céltico. Foi seguido, sen crítica, por Martínez Padín e, xa cunhas invencións abraiantes, por Vicetto e, cunha explícita declaración de celtismo, por Fernando Alonso Fulgosio. E podemos seguir o relatorio con Saralegui y Medina, Barros Sivelo e mesmo Villaamil, formado na Escola Superior de Diplomática de Madrid e coñecedor, por tanto, da metodoloxía (romántica) da época. A este último hai que consideralo, xunto con López Ferreiro, "formado no mesmo centro madrileño, o introdutor en Galicia do método baseado na análise do documento escrito e da fonte arqueolóxica" (Calo 1993: 33). Malia o título, non debe confundirnos o manual *Lecciones de arqueología sagrada* que López Ferreiro, profesor, cóengo e historiador, publicou en 1889 para servir ao ensino dos futuros sacerdotes e que foi utilizado en diferentes seminarios españois, pois, para el, "Arqueología es aquella rama de la Historia que estudia, examina y describe los antiguos productos no solo de las Bellas Artes propiamente dichas, sino también los de la Industria en lo que puedan tener de artístico" (1889: 5-6). É, por conseguinte, unha historia da arte. O que el pretendía era facer o estudo da Igrexa compostelá, e para iso publicaría:

> miliarios, aras, cerámicas, laudas en estola, treitos de vías romanas, tentativas de localización de mansións, desde Asseconia a todas as da aínda hoxe incerta *per loca maritima*, así como canto considerou relacionado coa translación e co sepulcro do Apóstolo (Calo/Soeiro 2017: 493).

Nos autores citados:

> aparecen mesturados iberos e celtas, especialmente estes últimos, que o mesmo fan castros que túmulos, dolmens e menhires, aínda que as dúbidas que teñen os historiadores son tantas que unhas veces, seguindo ao P. Sobreira, son os romanos os que fan os dolmens, outras os castros, ou, se cadra, os primeiros foron feitos por xentes anteriores aos celtas e o mesmo eran tumbas como podían ser habitacións (Calo/Soeiro 2017: 492).

Manuel Murguía, encadrable na mesma corrente romántica que os anteriores, preocupouse de coñecer "la marcha de las ciencias históricas en Europa" e situouse "ó nivel da mellor historiografía española coetánea ou lixeiramente anterior (especialmente a de Modesto Lafuente)" (Beramendi 2007: 173). Manexaba Murguía a bibliografía europea e coñecía o que Sarmento andaba a facer en Sabroso e na Citânia, como vemos cando fala de "los trabajos de nuestros hermanos de allende el Miño" (Murguía 1888: 55), frase na "que amosa amor

e 'sentimento da terra' común a unha banda e outra do noso río" (Calo/Soeiro 2017: 494). Malia ser un celtista convencido, a súa honradez científica levouno a recoñecer, tras ler a Hübner, que as estatuas de guerreiros castrexos pertencen aos "primeros tiempos del Imperio a los cuales deben ser adjudicadas sin vacilación de ningún género" (Murguía 1906: 496, nota 1). Como dixo Fraguas, "Murguía quere ser un historiador imparcial, o máis imparcial que poida e quere que se lle xusgue así", pero tamén

> Murguía afirma entonces que él nunca creeu na imparcialidade da historia, porque o historiador é home e non pode sustraerse á influencia dos problemas do seu tempo. Desea buscar a verdade sen prevencións, e sacar dela a lección correspondente, pero sin ser frío espectador do pasado.

E máis adiante engade un editorial de Nós, que considera da autoría de Otero Pedrayo:

> Murguía fíxose historiador. Foi historiador por patriotismo; polo tanto historiador apaixoado, mais non infiel, mais non disimulador da verdade [...] Foi historiador por patriotismo e como historiador o combateron, os de fora e os de eiquí, que por disgracia, sempre tiveron entre nos os alleos mercenarios gratuítos, aduladores arrastrados e serviles, e desleigados sen concencia que dixeran co-iles (Fraguas 1979: 86 e 125).

Xa en 1844, se forman en España, por Real Decreto, Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos coa intención inicial da salvagarda de obras de arte e edificios que sufriran as desamortizacións. No seu traballo está tamén a base da formación dos museos provinciais, bibliotecas e arquivos, así como a promoción de escavacións arqueolóxicas. En 1898 creouse o Museo Arqueológico Provincial de Orense, así como o correspondente *Boletín Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos*, sendo o director Marcelo Macías, crego e tamén director do instituto, quen presidía un faladoiro –chamado despectivamente de "anticuarios"– na biblioteca da Comisión. En 1894, nace a Sociedad Arqueológica de Pontevedra, presidida por Casto Sampedro, coa finalidade de estudar e conservar o que hoxe chamamos arqueoloxía, así como arte, lingua, folclore, etnografía etc.

Contra o estendido complexo de inferioridade que leva a dicir que os investigadores galegos andaban sempre atrasados con respecto ao resto de Europa, podemos afirmar que aquí, o mesmo que entre os nosos irmáns de alén Miño, eran coñecidas e empregadas, nas derradeiras décadas do XIX e, xa no XX, entre os membros do Seminario de Estudos Galegos, as mesmas metodoloxías que fóra. En Calo (2005:

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

22) escribín: "Romanticismo alemán, comparativismo, evolucionismo, círculos culturais e difusionismo serán as diferentes metodoloxías actuantes nos investigadores ao longo do s. XIX e unha boa parte do s. XX". E non só se empregaban as mesmas metodoloxías, senón que os contactos ao máis alto nivel científico eran frecuentes, aínda que, o mesmo que hoxe e sempre, reducidos a un escasísimo número de investigadores. Temos un magnífico exemplo en Federico Maciñeira, o primeiro que, en Galicia, fixo escavacións sistemáticas en xacementos arqueolóxicos, sobre todo no campo do megalitismo. Publicou, xa na derradeira década do século XIX, en revistas de gran difusión e o propio Hübner se interesou polos seus traballos. Del dixo Maciñeira que foi un científico "que tanto me impulsó a estudiar la geografía antigua ortegalesa (a quien soy además deudor de un artículo crítico con el cual se dignó honrarme en sumo grado), al ocuparse en la disertación publicada en 1898 en el volumen homenaje a Kiepert" (1947: 343). En 1909, asistiu ao congreso de Arqueoloxía Prehistórica de París, trabando relación epistolar con Schulten, Salomón Reinach, Mélida, Bertrand, Rada y Delgado etc. Os contactos eran daquela abondosos e ao máis alto nivel (Calo 2016: 138-139). En Portugal coñeceu e tratou con maior ou menor intensidade a Mesquita de Figueiredo, Vieira da Silva, Consiglieri Pedroso, Gonçalvez Viana e, sobre todo, a Leite de Vasconcelos. Aproveitando que este gran sabio portugués estaba en Galicia, en 1902, recollendo materiais filolóxicos para el e arqueolóxicos para Hübner, foi agasallado na Coruña por Murguía, Carré e Martínez Salazar, entre outros, pasando logo a Ferrol, onde o agardaba Maciñeira para levalo a visitar a súa terra de Santa Marta de Ortigueira (Naya 1959: 111-113). De Vasconcelos, en carta a Bouza Brey, chegou a dicir: "A él debo lo poco que significo" (Bouza-Brey 1947: 11). Moitas máis relacións foráneas tiña Maciñeira, caso da correspondencia mantida con Leeds, conservador do Ashmolean Museum de Oxford, a quen lle facilitou material gráfico dos seus traballos (Armada 2012).

En 1922, Hugo Obermaier realiza unha viaxe a Galicia. Este crego alemán, con boa formación en xeoloxía e cuaternario, vive en Madrid, durante a Gran Guerra, dando clases de primaria e secundaria e celebrando misas. Créaselle unha cátedra de Historia Primitiva del Hombre, iniciando a Escola de Madrid. Rematou en Suíza, ocupando a cátedra de Prehistoria da Universidade Católica de Friburgo. A súa bibliografía, así como as conferencias que impartiu, en 1922, no Museo de Ourense, seguidas dun texto publicado no *Boletín da Comisión* (Obermaier 1923), influirían grandemente nos investigadores de Nós e o Seminario de Estudos Galegos. Outro alemán, Adolf Schulten, traballa en España entre 1905 e 1912, introducindo o coñecemento e o interese polas fontes clásicas e a etnoloxía. O seu estudo sobre o Periplo de Avieno, así como a consideración de que o noroeste peninsular é, na 2ª Idade do Ferro, a "civilización posthallstáttica do centro

occidental da Península Ibérica", o que foi aceptado sen discusión por Bosch, Martínez Santa-Olalla e García y Bellido, influiron grandemente nos arqueólogos galegos, como vemos xa no primeiro gran traballo de López Cuevillas e Bouza (1929).

Entrementres, en Barcelona funciona a escola fundada por Pedro Bosch Gimpera, que deberá abandonar a cátedra e o país para exiliarse en México desde 1939. Foi o máximo representante da Escola de Viena do Padre Schmidt en España, sendo comparada a súa *Paleoetnología...* (Bosch 1932) cos traballos de Gordon Childe, aínda que discrepando do seu *Ex Oriente lux* a prol dun occidentalismo europeo. Esta obra, reforzada pola presenza en Santiago de Pericot, influíu, sen dúbida, nos investigadores galegos, facilitándolles un bo coñecemento da metodoloxía difusionista.

Entre estes novos investigadores, brilla con luz propia Florentino López Cuevillas, quen, xunto con Otero Pedrayo e Vicente Risco, foi impulsado por Losada Diéguez a abandonar os estudos que andaba a facer sobre a Revolución Rusa (López Cuevillas 1917), e ingresar nas Irmandades da Fala, dedicándose, desde os anos vinte, a traballar intensamente no coñecemento de Galicia, primeiro dentro de Nós e, a partir de 1923, do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Se Otero ía dedicar a maior atención á xeografía e Risco á etnografía, Cuevillas ocuparíase preferentemente da arqueoloxía, se ben todos traballarían nos diferentes eidos, pois, como ben dixo Xosé Carlos Sierra,

> A epistemoloxía de Nós e do SEG non pechaba de xeito estanco os campos de estudo necesarios para interpretar a realidade cultural que lles preocupaba. Outra cousa é que nesa multidisciplinariedade (e non tanto interdisciplinariedade) que practicaron acontecesen accións e labores que levaban a uns e a outros cara a facianas relativamente especializadas (2019: 205).

En Daniel (1994: 125) lemos: "Lo mismo que la arqueología, su ciencia colateral, la antropología, nació en las dos décadas que se encuentran entre 1850 y 1870". É por iso que as dúas disciplinas sempre camiñaron xuntas e, como dixo Xaquín Lorenzo, discípulo e colaborador de Cuevillas, o que hoxe é etnografía mañá será arqueoloxía. Cando este discípulo e colaborador inmediato de Cuevillas nos falou da súa formación, dixo que este quería etnógrafos que fixesen traballo de campo e,

> Os que logrou, claro está, formados na súa escola, foron tamén arqueólogos, deprocatándose axiña de que antre a Prehistoria e a Etnografía esisten semellanzas que as convirten en ausiliares unha da outra, de un xeito especial en Galicia, de esprito conservador e arcaizante, que vive hoxe coas raíces afincadas

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> no pasado e que pode aínda acrarar, polo vivir actual, o segredo de moitos achádegos arqueolóxicos. E así Cuevillas xunguíu as dúas cencias nunha e atirou desta mistura interesantes ensinos (Lorenzo 1957: 136).

Debo facer notar que estas verbas proceden do cariño e devoción que Lorenzo profesaba ao mestre, pero, en realidade, a fusión de etnografía e arqueoloxía era a praxe investigadora de todas as escolas que os homes de Nós e o SEG seguiron, desde o historicismo aos círculos culturais de Viena (Calo 2003: 29).

Cuevillas foi un investigador excepcional cunha bagaxe teórica, adquirida en moi pouco tempo, impresionante. Manexa as obras de Sarmento, Leite de Vasconcelos, Sampaio, Fontes, amais dos que estaban a traballar nesa altura, como Serpa Pinto, Jalhay, Cardozo, Paço ou Santos Júnior, así como Déchélette, Cartailhac, Obermaier, Schulten, Leeds, Schuchardt, Mac White, Childe, Leisner, Breuil, Almagro, Santa Olalla, Bosch Gimpera etc. Entra en amizade con Pericot, escavan conxuntamente no castro de Troña e a relación e admiración mutua perduraron toda a vida de Cuevillas, como o profesor catalán deixou dito en 1953, con motivo da súa asistencia ao III Congreso Nacional de Arqueología, celebrado en Galicia. Despois de entristecerse pola escasa saúde do amigo, dixo que subiu en coche e sen a súa compañía a San Cibrán de Las, mais non foi a Troña: "donde ambos habíamos pasado algunos de los mejores momentos que la Arqueología nos deparó. Creo que el lugar me daría ahora demasiada tristeza sin él y fallidas muchas de las ilusiones que hace treinta años sentíamos ambos" (Pericot 1959). Segundo García Martínez (1974), Pericot sentiu "admiración polos traballos do galego, que serán discutidos no Seminario de Bosch na universidade barcelonesa, así como na Sociedade Catalá de Antropoloxía".

Podemos dicir que, con Cuevillas, a arqueoloxía galega naceu en plena madurez e incardinada nas correntes científicas da época. En canto a lecturas, amais das citadas, podería traer a Dottin, D'Arbois de Jubainville, Áberg, Hörnes, Schuchardt, Leeds, Le Rouzic, así como os coetáneos españois e portugueses. Contra o que algúns teñen dito, coñecía Cuevillas –o mesmo que para o século XIX comentei de Martins Sarmento– moi ben todo o que se estaba a facer en Europa e merecía a pena. Non admira que Pericot dixese del que "era un excelente expositor, conocedor de las modernas teorías y afortunado excavador". Sendo Cuevillas un verdadeiro xenio, o xefe indiscutible da nosa arqueoloxía, todos os demais (Fraguas Fraguas, Lorenzo Fernández, Ferro Couselo, Taboada Chivite etc.), en maior ou menor grao, xiraron na súa órbita ata o pasamento do mestre e mantiveron despois as súas ensinanzas, xunto co sentimento romántico da celticidade como alicerce da patria.

Don Antonio (Fraguas Fraguas), como o tratabamos os que tivemos a fortuna de recibir as súas ensinanzas e de sermos honrados coa súa amizade ao longo de moitos anos, coñeceu a Cuevillas, xunto con Risco e Otero Pedrayo, na casa de Camilo Díaz, sendo estudante de Filosofía e Letras (Historia); pero entrou en contacto fluído con eles cando foi aceptado no SEG en novembro de 1927, ingresando como socio activo o 5 de novembro de 1928. Para isto, era preceptivo presentar un traballo, optando el, entre todas as seccións que conformaban o Seminario, por un da rama de arqueoloxía: "O Castro de Soutolongo". No curso 1926-1927 entrara en contacto con esta materia, ao ser alumno do devandito profesor Pericot. Non me retrotraio ao bacharelato, onde foi alumno de Ramón Sobrino, naturalista e especialista en insculturas rupestres, pero que, como veremos na fin, nada lles debeu falar de cuestións arqueolóxicas. Nunha entrevista que Fátima Braña lle fixo a Fraguas, en 1997, contou:

> Estivo aquí de catedrático Pericot [curso 1926-1927] que foi o mellor prehistoriador que houbo en España, cando viviu foi catedrático noso, meu de Prehistoria, e daquela aprendera bastante prehistoria, paréceme que me deron *matrícula de honor*, non sei se me deron *matrícula de honor*, pero eu sabía bastante. Ademais aprendino moi ben, sabía catalogar un castro con todas as da lei e logo sabía tamén facer os debuxos (Braña 2019: 68).

Nótese o respecto de don Antonio polo profesor, pois daquela xa brillaba con moita luz desde Cataluña o mestre de Pericot, Bosch Gimpera. Na reprodución do seu expediente, feito público en González (2006: 46), vemos que, no citado curso, figura a materia de arqueoloxía (non de Prehistoria), que foi cualificada con sobresaliente.

A inclinación natural de don Antonio levouno a adscribirse á sección de Etnografía e Folclore, dirixida por Vicente Risco, participando tamén asiduamente na de Prehistoria, dirixida por López Cuevillas desde 1926 ata a desfeita do Seminario en 1936, así como na de Xeografía, dirixida por Otero Pedrayo, na de Historia, primeiro baixo a dirección de Portela Pazos, logo de Cabeza de León e a continuación de don Armando Cotarelo, e na de Arqueoloxía (na acepción que vimos en López Ferreiro) e Historia da Arte, dirixida por don Xesús Carro.

> Con eles colaborou en distintos traballos de investigación e exerceu unha enorme actividade. Como el mesmo ten dito, tiña que facer de todo: desde catalogar castros ata recoller cantigas ou estudiar unha ponte. Unha bolsa da *Junta para la Ampliación de Estudios* en 1928 permitiulle participar na catalogación dos

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> castros da zona de Lalín e tamén estivo nas campañas de arqueoloxía (Lorenzo 2000: 316).

O SEG decidiu traballar con equipos multidisciplinares, facendo o que chamaron "xeiras": as seccións escollían unha zona, comarca ou freguesía, e todos os membros dispoñibles ían, con maior ou menor dedicación, traballar a ela. Descríbeas moi ben un dos membros fundadores, Filgueira, no limiar da edición facsimilar de *Terra de Melide* (1978: VII). Don Antonio iniciouse na xeira de "terra de Deza, comezada en 1927 e, en particular, na catalogación dos xacementos castrexos de Lalín, seguindo o consello que Florentino López Cuevillas lle deu na IV Xuntanza Xeral do Seminario que se desenvolveu en Pontevedra en abril de 1928. Froito persoal deste traballo de catalogación foi a citada lección (infelizmente perdida) de ingreso no SEG baixo o título "O Castro de Soutolongo (Lalín)" (González 2006: 48). Para a publicación dos resultados destas prospeccións, Cuevillas encomendou a Fraguas que se ocupase dos castros, a Sebastián González (grande amigo de Fraguas desde o bacharelato e futuro escavador, en 1933, dos castros de Baroña e Borneiro) do megalítico e a arte rupestre, mentres que o propio Cuevillas "escribiría encol dos achados do Monte das Cabras e do tesouro de Agolada. Os tres asinarían o traballo" (Fraguas 1968: 347). Esta obra conxunta nunca chegou a ver a luz, publicando Cuevillas, posteriormente, varios artigos sobre xacementos e materiais.

Naquel mesmo verán de 1928, desprazáronse á terra do Saviñao para encetar unha nova xeira. Desta prospección si se fixeron publicacións, o que nos permite valorar non só o tipo de traballo de campo efectuado, senón tamén o seu tratamento, así como o dos obxectos recollidos e mesmo o coñecemento que tiñan, naquela altura, dos materiais arqueolóxicos, así como da relación entre os membros que conformaban o equipo de traballo. Cuevillas, xefe da sección, era o investigador xa curtido tanto en coñecementos teóricos, bibliográficos, como no traballo de campo, desde os seus inicios en San Cibrán de Las, polo que os demais participantes, como Fraguas, o respectaban e o trataban como mestre, mais á hora de publicar os resultados, o traballo era asinado polos compoñentes do grupo en pé de igualdade. Por iso Filgueira, falando do funcionamento do SEG, deixou dito: "E, tamén, foron caindo as muradelas da fachenda, do protagonismo, de afán polo descobrimento persoal e pola posesión escursiva do dato, negras chatas da erudición miúda. As xeiras fixeron do Seminario unha Hirmandade" (1978: VIII). Axiña publican os resultados do traballo de campo sobre o megalitismo da zona, no que non se limitan a describir e medir mámoas, senón que fan precisións e agudas observacións sobre técnicas prospectivas. Entre outras, fan notar que moitas mámoas, o mesmo que noutras zonas, están totalmente arrasadas, o que

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

non impide que poidan aínda conter moito espolio, como sucedeu na de Monte Albán (Rairiz) na Limia. No Saviñao, unha das de Monte Morá desapareceu, mais deixou unha pegada, un claro circular na vexetación, e por iso din que non chega coa prospección ocular, senón que hai que falar cos habitantes da zona. Estudan neste traballo os grupos de dolmens, dando conta dos que eles viron, así como daqueloutros dos que os informaron, mais tratando estes últimos cun cauto interrogante. En agosto do ano seguinte, fixeron "o eisame e mensurazón da anta de Abuime e a esprorazón compreta da necrópole de Monte Morá", do que realmente trata este artigo (López/Fraguas/Lorenzana 1930).

A lectura do traballo mostra, igualmente, unha gran meticulosidade no proceso de escavación, facendo notar que o traballo de exploración das mámoas galegas é "caro, fatiguento e de cativos resultados". A maiores, considerando que foron repetidamente saqueadas, hai que "rexistrar un por un os torróns que se erguen coa aixada, pra poder recoller os escasos restos de moblario salvados de anteriores catas i-esparexidos ô maquiarse a terra que antergamente enchía as antas". A maioría dos arqueólogos mandan facer datacións radiocarbónicas para ter cronoloxías absolutas, mentres semellan esquecer as datas dos traballos dos investigadores que os precederon, criticándolles os métodos. Os parágrafos anteriores estannos a falar da meticulosidade e finura coa que realizaban os traballos de exploración e de escavación, considerando que os facían na década de 1920. Máis dun terzo do artigo está dedicado a consideracións e a hipóteses. Comproban que a maioría das mámoas están "nas soás dos montes e nas gándaras abertas", aínda que fan notar que outras, como Axeitos, Cobas e Maus de Salas, foron erguidas en zonas baixas. A día de hoxe, as últimas están en zona elevada por seren trasladadas para evitar o asolagamento no encoro. Despois de pensar en visibilidades e mesmo en incidencia dos raios solares (notan que as entradas están orientadas cara ao nacente), baixan á realidade, dicindo: "Craro está que tal fenómeno pode aporse en parte, â destruzón conseguinte ôs traballos agrícolas, cuios efectos déixanse sentir con menor intensidade nas terras pouco magoadas pol-os cultivos, como son os montes e as gándaras". Constatan que as antas grandes teñen os chantos moi superficiais, indo tan profundos nas pequenas que deixan a tampa a rentes do chan.

Ao estudar os materiais, sinalan que a mestura de cerámicas con decoración castrexa, outras romanas e outras modernas, así como o feito de ter atopado un cravo dos que se empregan para facer os carros no fondo dunha das mámoas, fixeron "imposible o fixar nin aproisimadamente camadas ou niveis". Esta frase indica que, hai case cen anos, andaban na procura de estratigrafías, cando nos anos 70 aínda algúns dicían que nos castros eran estas inexistentes (Calo en prensa). Resulta impresionante a exhibición de coñecemento de paralelos na Península e

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

extrapeninsulares; examinan e comparan os materiais, como o dunha machada de serpentina verde clara, da que din que non existe na zona, sendo moi abondosa en Melide. Mencionan as cerámicas campaniformes e "dentro xa do noso circo do noroeste as do tipo Penha". É interesante e ben baseado na documentación o que din sobre as vías de chegada a Galicia das contas de "calaïta" que atoparon nestas antas: se entraron directamente desde Bretaña ou se foi subindo desde Portugal. Conclúen, con toda cautela, levando todo ao eneolítico "aunque debamos advertir que, en Galiza e no Minho, somentes unha sepultura con mobiliario lítico, deu un obxeto de cobre". Na fin do artigo hai unhas notas de folclore sen comentarios.

Fago, agora, uns saltos no tempo para que se vexa como Fraguas non funcionaba con ideas fixas, senón que estaba disposto a rectificar ante evidencias ou novos coñecementos. En 1950, trasladouse a Lugo para ocupar a cátedra de Xeografía e Historia de Ensino Secundario. Fará alí prospeccións arqueolóxicas cos seus alumnos e amigos, publicando uns "apuntes" sobre mámoas nos arredores da cidade, ás que dedicou un artigo periodístico (Fraguas 1957). Nunha mámoa á beira da estrada de Santiago (km 515, hm 8), amais de cerámica lisa, atopou un fragmento decorado que ilustrou cun debuxo na fig. 3. Coida que é castrexa e volve sobre a idea da publicación de 1930, xulgando "que descubre una vez más la presencia de los habitantes del castro en los monumentos dolménicos" (Fraguas 1953: 146). En 1962, volvendo sobre o tema que viña arrastrando desde o traballo do Sabiñao, fala da mámoa e mesmo chega a rectificar, cando di: "En ella encontramos un trozo de cerámica que estimábamos, por su decoración y pobreza, de la cultura castreña, pero acaso sea más exacto situarla en el tipo campaniforme" (Fraguas 1962a: 349). Os grosos grans de cuarzo da pasta, dos que falaba no anterior traballo, non eran precisamente indicativos de pertencer á cultura castrexa.

Noutro breve artigo, no que describe as antas dunha necrópole en Vilareda (Palas de Rei), dá novas dun petróglifo (que non ilustra) con círculos e unha cauda rematada nun rectángulo que os seus compañeiros de "excursión" (a verba é del), Losada e Seijas, atoparon (Fraguas 1955a). Noutro artigo, no mesmo volume, dá conta de dous novos petróglifos, neste caso no monte Pedreira, base do castro de Carballedo (Cotobade). Tan só os describe, achegando, agora si, os correspondentes debuxos, e indicando que están próximos aos que publica Sobrino no *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* (Fraguas 1955b). Nesta súa etapa de profesor en Lugo, fixo tamén dúas breves recensións (Fraguas 1952 e 1954-55).

Retrocedemos agora a outra importante xeira que o SEG fixo na terra de Melide, nos meses de xuño, agosto e setembro de 1929. Participaron moitos membros do Seminario, botando Fraguas os tres meses, o mesmo que Taboada Roca, de quen partiu a idea de facer o estudo. Catalogáronse os castros por medio

de papeletas, unha por castro, nas que constaba emprazamento, esbozo, defensas, medidas, particularidades observadas, folclore e bibliografía, mais unhas consideracións arqueolóxicas e folclóricas. O apartado teórico de Prehistoria é, obviamente, de Cuevillas, participando Fraguas na catalogación de 21 dos 39 xacementos castrexos rexistrados, ao tempo que "xoga un papel especial na recadádiva do folklore encol dos xacementos, que conforma un dos mellores repertorios do lendario castrexo" (García 2006: 212). Colaborou tamén na catalogación dalgunhas igrexas. O resultado destes intensísimos traballos foi a edición, en 1933, dun libro esencial no labor do Seminario: *Terra de Melide*.

Entre 1933 e 1936, foi profesor e secretario do Instituto da Estrada. Amais de ás súas clases, dedicouse a facer traballo de campo co alumnado (catalogacións, catas e mesmo escavacións de xacementos castrexos), recollendo materiais e montando con eles un "museo de historia" no propio centro, coa idea de incentivalos na investigación. No 36 a Guerra rematou con todo iso, sendo Fraguas represaliado e expulsado da docencia. Ao ver o que estaba a acontecer aos seus amigos e conmilitóns na loita a prol do Estatuto de Autonomía de Galicia, amais das graves ameazas na súa casa natal de Insuela de Loureiro de Cotobade, temeu que, como moi pouco, a súa vida investigadora rematara, decidindo entregar ao seu amigo e xuíz nesa vila da Estrada, Fermín Bouza Brey, todo o traballo de campo que alí fixera. Anos despois, este publicouno nun longo artigo (Bouza 1944), feito que, podo aseguralo, porque así mo confesou don Antonio, lle doeu moito. Cousa diferente foi a publicación dun asubío pétreo que, anos antes, don Antonio lle pasara para que o dese el a coñecer (Bouza 1935). Curiosamente, Fraguas publicará, moitos anos despois, outro asubío atopado, de xeito casual, nun predio do lugar de "Os Nogales" (Fraguas 1971). No Museo do Pobo Galego obran 88 pezas, a maioría fragmentos cerámicos, produto daqueles traballos de Fraguas cos seus alumnos (Rey/Rodríguez 2001: 146).

Da xeira do Saviñao só se publicaran as mámoas, tendo que agardar 25 anos ata que o estudo dos castros puido ver a luz (López/Fraguas 1955). Hai correspondencia de don Antonio na que presume que esta publicación seguirá a ir con atraso (Calo 2019: 33, nota 9), recoñecendo logo, no texto, que a demora "nos ha beneficiado notablemente", porque don Ramón Castro López, crego en Vilar de Ortelle, lles facilitou novas da freguesía e da comarca. Foi publicado aproveitando que o III Congreso Nacional de Arqueología se celebrou en Santiago en 1953, xusto o mesmo ano en que viu a luz a grande obra de Cuevillas *La civilización céltica en Galicia*. A madurez e calidade do mestre, xa rematando a súa vida, tiña, necesariamente, que se notar nesta obra conxunta, se ben a súa base estaba elaborada hai agora (2019) máis de setenta anos, o que non deixa de sorprendernos, pois estamos diante dunha investigación de moi grande altura e modernidade.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Inician o texto cunha ampla introdución xeográfica, xeolóxica e hidrográfica e dividen o territorio a estudar en Montaña, Media Montaña e Ribeira do Miño; ocúpanse dos cultivos, da demografía, das freguesías, dos tipos construtivos e da ocupación monástica desta Ribeira Sacra. Catalogan trinta castros seguros e dous máis posibles que sitúan nas tres zonas citadas, relacionándoos coas freguesías de cada unha delas e coa respectiva extensión en km^2, podendo comprobar que a poboación castrexa estaba distribuída dun xeito semellante ao actual, se ben hoxe hai un desprazamento cara á Ribeira, o que explican pola ocupación monástica, primeiro eremítica, xa desde os séculos VI, V e quizais IV. Tratan da toponimia e da colocación dos castros no territorio, comparándoa coa doutras zonas, ofrecen as medidas dos xacementos e fan un cálculo do posible número de habitantes, que eles consideran que podería ser duns 10 200, "algo más de la mitad de la población actual". Prestan atención ás captacións de auga e ás posibles prácticas funerarias, seguindo a idea da época, xa desde Sarmento, de que os fornos de Briteiros cumprían a función de incinerar os cadáveres. Foi, precisamente, nese mesmo volume do Congreso onde Conde-Valvís (1955) asegurou, con moi bo criterio, que o de Armeá era unha sauna. Tempo despois, Ferreira de Almeida (1974), curiosamente tamén no III Congresso Nacional de Arqueologia, mais neste caso de Portugal, daría unha datación precisa da do castro de San Fins. Comentan a ausencia de achados do Bronce, así como a escaseza de restos romanos atopados, falan do pobo (os lemavos) ao que pertencía aquela xente, comparan as lendas recollidas coa mitoloxía popular xermánica e rematan con 31 debuxos de plantas, alzados e un sartego e cinco fotos.

Tempo despois, Fraguas publica os castros da comarca lucense comprendidos nun radio dunhas dúas leguas, tomando como centro a capital, castros que percorreu "con los alumnos del Instituto en lección práctica". É un mero traballo descritivo, sen análise xeral nin conclusións (Fraguas 1962b).

Unha publicación que don Antonio fixo sobre Cuevillas destila todo o enorme respecto e admiración que sempre tivo polo mestre. Neste meu artigo deixei caer que os traballos que asinaron xuntos pertencían, para todos os efectos, aos dous por igual; pero ninguén ignora que a arqueoloxía foi para el algo moi secundario con respecto á etnografía e ao folclore, dedicándose con intensidade a ela unicamente no breve tempo das "xeiras" do SEG, mentres que Cuevillas foi o xenial arqueólogo que tivo Galicia. O discípulo, amais da súa humildade natural, era moi consciente disto e, no devandito traballo, deixou dito: "o meu nome figura ó lado do seu nos traballos que realizamos no Saviñao. Fago esta cita sin vanidade pero con profundo agradecimento" (Fraguas 1986). Coa derradeira publicación, aínda en vida, semella que está a pechar un círculo; é unha breve nota periodística na que lembra os seus inicios no Saviñao, nota que remata cun poema de Manuel

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

María dedicado a esa terra (Fraguas 1999). E xa a definitiva e póstuma é o prólogo da edición facsimilar do *Corpus* de Sobrino. Lembra aí as súas clases no Instituto de Pontevedra e as camiñadas con el polos montes na procura de minerais, sen mencionar que lles tivese falado de nada relacionado coa arqueoloxía. Cita tamén a relación que Sobrino tiña con Cerviño, secretario do concello de Cotobade e bo coñecedor de petróglifos, e destaca os arredores de Marín, "eloxiados por prehistoriadores como D. Luís Pericot e Hugo Obermaier". Aproveita para dicir que Pericot lles ensinou na facultade que, para lles dar vida ás figuras dos petróglifos para as fotografías, "o mellor é pór area na figura" (Fraguas 2000).

Foi a de don Antonio unha vida frutífera, mesmo no eido da prehistoria, aínda que, como é ben sabido, non fose ela o seu principal interese investigador.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Almeida, Carlos Alberto Ferreira de (1974): "O monumento con forno de Sanfins e as escavações de 1973", en *Actas do III Congresso Nacional de Arqueologia*. Porto: Ministério de Educação, vol. I, 149-172.

Armada, Xosé Lois (2012): "E. T. Leeds escribe a F. Maciñeira: notas sobre os vencellos galegos dun arqueólogo británico", *Adra* 7, 83-96.

Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Bosch Gimpera, Pedro (1932): *Etnología de la Península Ibérica*. Barcelona: Alpha.

Bouza-Brey Trillo, Fermín (1935): "A propósito de un objeto lítico del castro de Ribela", *Boletín de la Real Academia Gallega* 258, 137-140.

———— (1944): "Castros de la comarca de la Estrada", *Cuadernos de Estudios Gallegos* I, 7-38.

———— (1947): "Prólogo", en Maciñeira 1947: [9]-17.

Braña Rey, Fátima (2019): "Testemuña e custodio do patrimonio cultural galego. Entrevista con Antonio Fraguas", en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 60-75.

Calo Lourido, Francisco (1991): *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.

———— (1993): *A cultura castrexa*. Vigo: A Nosa Terra.

———— (1994): *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa*. 2 tomos. Catalogación Arqueológica y Artística de Galicia. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (2003): "Evocación e encadramento cultural de D. Xaquín", *Boletín Auriense* XXXIII, 9-35.
———— (2016): "E os da banda d'alá son máis estranxeiros que os de Madrí?", *Portugalia* 37, 131-147.
———— (2019): "A arqueoloxía nos traballos de don Antonio Fraguas", *Raigame* 43, 28-35.
———— (en prensa): "A cultura castrexa desde Guimarães (1980) ata Santa Maria da Feira (2018)", en *Congresso Internacional Cultura Castreja. Identidade e transições*. Santa Maria da Feira: Câmara municipal.
Calo Lourido, Francisco e Teresa Soeiro (2017): "En demanda das raíces. A arqueoloxía do Noroeste Peninsular nas primeiras décadas do século XX", en Justo Beramendi *et al.* (eds.), *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Museo do Pobo Galego, 491-508.
Cardozo, Mário (1930): *Citânia e Sabroso. Notícia Descritiva*. Guimarães: Sociedade Martins Sarmento.
———— (1947): *Correspondencia epistolar entre Emílio Hübner e Martins Sarmento (Arqueologia e epigrafia) 1879-1899*. Guimarães: Sociedade Martins Sarmento.
Cartailhac, Émile (1886): *Les* âges *prehistoriques de l'Espagne et du Portugal*. Paris: Ch. Reinwald.
Conde-Valvís Fernández, Francisco (1955): "Las termas romanas de la «cibdá» de Armea, en Santa María de Aguas Santas", en *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia 1953*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, C.S.I.C., 432-446.
Daniel, Glyn (1994): *Historia de la arqueología. De los anticuarios a V. Gordon Childe*. Madrid: Alianza.
Filgueira Valverde, Xosé (1978): "Limiar da segunda edición", en *Terra de Melide*. Sada: Ediciós do Castro, VII-XI. Ed. facsimilar.
Fraguas Fraguas, Antonio (1927): "Compostela al día. Un artista olvidado: Uxío Souto", *El Pueblo Gallego* 8/X/1927, 9.
———— (1929): "Un serán na catedral", *A Nosa Terra* 261, 9-10.
———— (1933): "Domingo de Ramos na aldea", *Cristal* 10, 23.
———— (1935): "Nos cantamos?", *Logos* 47, 95-96.
———— (1952): "Ferro Couselo, Jesús: *Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia*. Orense, Talleres Graf. de Miguel López. 1952. 266 pág. + 3 hoj. [Recensión]", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 5 (37-38), 127.
———— (1953): "Apuntes sobre mámoas lucenses", *Cuadernos de Estudios Gallegos* VIII, 142-146.
———— (1954-1955): "Vázquez Saco, Francisco y Vázquez Seijas, Manuel: Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto Padre Sarmiento

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

de Estudios Gallegos. –*Inscripciones romanas de Galicia, II, provincia de Lugo*. Santiago, 1954. – 157 páginas + 2 hojas + 10 hojas de láminas [Recensión]". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 6 (41-44), 106-107.

———— (1955a): "Grupo dolménico de Monte Orgoso", en *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia 1953*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, C.S.I.C., 409-410.

———— (1955b): "Petroglifos del monte Pedreira en Carballedo (Pontevedra)", en *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia 1953*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, C.S.I.C., 411-412.

———— (1957): "Las murallas de Lugo", *El Ideal Gallego* 23/VI/57.

———— (1962a): "Restos dolménicos próximos a la ciudad de Lugo", en *Homenaje al Profesor Cayetano de Mergelina*. Murcia: Universidad, 343-360.

———— (1962b): "Castros de la comarca lucense", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XVII, 307-328.

———— (1968): "Sebastián González García-Paz: notas da súa vida e de seu tempo", *Grial* 21, 334-357.

———— (1971): "Un silbato de piedra y otros objetos", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXVI, 117-119.

———— (1979): *Manuel Murguía, o Patriarca.* Hombres que hicieron Galicia. Vigo: Banco do Noroeste.

———— (1986): "Don Florentino López Alonso Cuevillas", *Outeiro* 23, 61-63.

———— (1999): "Ó lado de Don Juan López Suárez. Visita á comarca do Saviñao", *O Correo Galego* 31/X/1999.

———— (2000): "Prólogo", en Ramón Sobrino Buhigas, *Corpus Petroglyphorum Gallaecia*. Sada: Ediciós do Castro, XI-XII. Ed. facsimilar e traducida.

García Martínez, Carlos (2006): "Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 196-223.

———— (1974): "López Cuevillas, Florentino", en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañadas, t. 19, 141-147.

González Pérez, Clodio (2006): "Antonio Fraguas Fraguas. Vida e obra (1905-1999)", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 24-89.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Hübner, Emil (1861): "Statuen galläkischer Krieger in Portugal und Galicien", *Denkmäller und Forschunguen. Archäologische Zeitung* 154, 186-195.

———— (1869): *Inscriptiones Hispaniae Latinae*. Corpus Inscriptionum Latinarum, II. Berlín: Reimer.

———— (1879): *Citânia*. Archeologia Artística V. Porto: Imp. Litterario-Commercial. [Tradución ao portugués en Sarmento 1933: 448-462].

———— (1892): *Inscriptionvm Hispaniae Latinarvm. Svpplementvm*. Corpus inscriptionvm latinarvm II. Sup. [Berlín]: Georgivm Reimervm.

López Cuevillas, Florentino (1917): "Rusia y su revolución", *La Centuria. Revista Neosófica* 1, 12-14; 2, 14-17; 6, 11-15.

López Cuevillas, Florentino e Fermín Bouza-Brey (1929): *Os Oestrimnios, os Saefes e a ofiolatría en Galiza.* A Cruña: Nós.

López Cuevillas, Florentino e Antonio Fraguas Fraguas (1955): "Los castros de la tierra de Saviñao", en *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia 1953.* Zaragoza: Institución Fernando el Católico, C.S.I.C., 273-333 + láminas.

López Cuevillas, Florentino, Antonio Fraguas Fraguas e Pura Lorenzana (1930): "Mámoas do Saviñao. A anta de Abuime e a necrópole de Monte da Morá", *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* V, 67-90.

López Ferreiro, Antonio (1889): *Lecciones de Arqueología Sagrada*. Santiago de Compostela: Seminario Conciliar Central Compostelano.

Lorenzo, Ramón (2000): "Antonio Fraguas Fraguas", *Boletín da Real Academia Galega* 361, 316-324.

Lorenzo Fernández, Xaquín (1957): "Cuevillas etnógrafo", en *Homaxe dos amigos e discípulos do Petrucio da Prehistoria galega Florentino L.A. Cuevillas no LXX aniversario do seu nacimento*. Vigo: Galaxia, 134-[138].

Maciñeira y Pardo de Lama, Federico (1947): *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental.* Santiago de Compostela: IPSEG-CSIC. Edición de Fermín Bouza-Brey.

Murguía, Manuel (1888): *España. Sus monumentos y artes – Su naturaleza é historia. Galicia*. Barcelona: Establecimiento Tipográfico-Editorial de Daniel Cortezo y C.ª.

Murguía, Manuel (1906): *Historia de Galicia por Manuel Murguía. 2ª edición: Impresa á costa de "El Centro Gallego" de la Habana. Tomo Segundo*. Coruña: Librería de Don Eugenio Carré. [Ilustración IV: E. Hübner, "Estatuas de guerreros gallegos en Portugal y Galicia", 617-627].

Naya Pérez, Juan (1959): "Recuerdo de la visita a La Coruña del sabio lusitano Don José Leite de Vasconcelos", en *Actas do Colóquio de Estudos Etnográficos Dr Leite de Vasconcelos".* Porto: [s.n.], vol. 1, 111-113.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Obermaier, Hugo (1923): "Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 7 (148), 1-21; 7 (149), 25-47.

Pericot, Luís (1959-1960): "Algunos recuerdos personales de Cuevillas", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 20 (1-4), 45-48.

Rey Castiñeira, Josefa e Manuel Rodríguez Calviño (2001): "Novas imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 4, 141-167.

Risco, Vicente (1984 [1934]): *Mitteleuropa*. Vigo: Galaxia.

Sarmento, Francisco Martins (1933): *Dispersos. Colectânea de artigos publicados, desde 1876 a 1899, sôbre arqueologia, etnologia, mitologia, epigrafia e arte pre-histórica. Obra comemorativa do Iº Centenário do nascimento do Autor, ilustrada com 71 gravuras e realizada sob os auspícios da Sociedade Martins Sarmento*. Coimbra: Imprensa da Universidade.

Sierra Rodríguez, Xosé Carlos (2019): "Don Antonio Fraguas, referente intelectual e moral dos estudos etnofolclóricos en Galicia", en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 203-242.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 125-144
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 145-155
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.764

FRAGUAS E A ARQUEOLOXÍA GALEGA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX

FRAGUAS AND THE GALICIAN ARCHAEOLOGY
OF THE SECOND PART OF THE TWENTIETH CENTURY

Felipe Arias Vilas
Facultade de Humanidades (USC Lugo)

Resumo: O presente traballo realiza un percorrido resumido pola arqueoloxía galega na segunda metade do século XX, partindo dos traballos de Antonio Fraguas na zona lucense e analizando o papel fundamental da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, sobre todo nas décadas dos anos 70 e 80, en que promoveu traballos e investigacións aglutinando persoas de museos, da universidade e doutros ámbitos sociais.

Abstract: A summary tour of Galician archaeology is made in the second half of the twentieth century. It starts with the work of Antonio Fraguas in the Lugo area, analysing the fundamental role of the Section of Archaeology and Prehistory of the P. Sarmiento Institute of Galician Studies, especially in the 70s and 80s, years in which he promoted work and research by bringing together people from museums, from the university field and from other social spheres.

Palabras chave: Antonio Fraguas, arqueoloxía, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento IEGPS, museos, universidades, coordinación.

Key words: Antonio Fraguas, archaeology, Padre Sarmiento Institute of Galician Studies IEGPS, museums, universities, coordination.

Resaltouse varias veces o importante papel que algúns dos persoeiros da cultura galega, sobre todo vinculados en orixe ao Seminario de Estudos Galegos (SEG), xogaron na transmisión do pensamento, dos criterios de acción e dos coñecementos ás novas xeracións de investigadores e eruditos da década dos anos 60 e posteriores do século XX.

Antonio Fraguas Fraguas (para moitos e para sempre será "don Antonio") foi un daqueles persoeiros. Nesta colaboración queremos resumir esa transmisión, ese labor de enlace que el tivo desde os seus traballos sobre temas arqueolóxicos dos anos 50 ata o final do século, décadas estas nas que foi fundamental o papel desempeñado pola Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS), dependente daquela do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), ao que Fraguas tamén pertenceu e onde exerceu de investigador galego e galeguista.

FRAGUAS E A ARQUEOLOXÍA: A ETAPA LUCENSE

A relación de Antonio Fraguas coa arqueoloxía iníciase nos tempos do Seminario de Estudos Galegos, como ten resaltado o xa desaparecido García Martínez (2006) e como analiza Calo Lourido neste mesmo volume do *BRAG*, pero algún dos seus traballos de prospección e estudo de xacementos verían a luz con posterioridade á guerra civil e sobre todo a partir de 1950, cando don Antonio recupera o seu posto docente no Instituto Masculino de Lugo.

Será en Lugo, xa con certa estabilidade aínda que pendente sempre dun futuro traslado a Santiago de Compostela que conseguirá en 1959, onde realizará e publicará unha serie de traballos e artigos (Abel 2019) nos que se plasmarán de xeito evidente os criterios de entrega ao país, a transmisión "do sentimento da terra" e, ao cabo, a achega de coñecementos á arqueoloxía galega que é o que aquí nos ocupa.

Fraguas ("San Fraguas") aproveita e practica a docencia cos seus alumnos, facendo con eles viaxes e, sobre todo, andainas na procura de paraxes, sitios e mesmo materiais arqueolóxicos. Partindo dunha inicial intención didáctica, nada habitual naquela altura pero extraordinariamente útil e positiva, se facemos caso aos numerosos testemuños dos seus alumnos lucenses (poden verse en Regueiro 2019), el acabará convertendo estas saídas en investigacións e estudos publicados (1953, 1962a, 1962b, 1971, 1974), guiado sempre pola tripla intención didáctica, científica e social-cultural, que foron as teimas constantes do persoeiro que homenaxeamos en 2019.

Para exemplificar o antedito abonde citar algunhas das publicacións de tema arqueolóxico que viron a luz nese período 1950-1959 ou ben elaboradas a raíz da súa estadía na cidade lucense.

As prospeccións no Saviñao co Seminario de Estudos Galegos, realizadas co espléndido mecenado do lemavo Juan López Suárez (Xan de Forcados), son anteriores a aquel período e parte delas foi publicada xa nos anos 30 (López/Fraguas/Lorenzana 1930).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 145-155
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Foron realizadas tamén nos anos 20 e 30, aínda que publicadas posteriormente —por razóns obvias acontecidas no período entre 1936 e os anos 50—, as prospeccións sobre os castros do Saviñao, que deron lugar a unha publicación case monumental, malia estar incluída nunha obra colectiva, como son as actas do III Congreso de Arqueoloxía de ámbito estatal, celebrado en Galicia en 1953 (López/Fraguas 1955). Neste volume tamén publicará Fraguas unhas breves achegas sobre o grupo dolménico do Monte Orgoso e os petróglifos do Monte Pedreira, do seu Cotobade natal. No extenso traballo sobre os castros lemavos compróbase a intensidade e meticulosidade do sistema de prospección e dáse conta de máis de corenta xacementos castrexos da comarca do Saviñao e dalgunhas parroquias lindeiras de Monforte de Lemos e de Pantón. Achéganse planos e cortes esquemáticos de todos os sitios recollidos, cun sistema que se vai reproducir e utilizar ata tempos ben modernos, mesmo do século XXI, e inclúense sempre as notas do chamado daquela "folclore arqueolóxico" e hoxe patrimonio inmaterial ou intanxible, que xa nese momento era tan importante como urxente documentar. Hai que sinalar que para esta monumental achega científica, Fraguas e Cuevillas tiveron ocasión de utilizar o libriño do cura de Vilar de Ortelle, Ramón de Castro López, obra tan importante para a zona como de singular e expresivo título (Castro 1929).

O interese, e mesmo a ansia, por localizar, describir e dar a coñecer xacementos e en particular túmulos megalíticos levouno a continuar en Lugo, acompañado ou non dos seus alumnos, e quedou reflectido en achegas posteriores, nas que describe o estado de varias mámoas na contorna lucense (Fraguas 1953), especialmente as do antigo Campo de Tiro do monte de San Cibrao (con algún achado casual, e das cales hoxe queda unha medorra na veciñanza do Hospital Universitario Lucus Augusti) e outras medorras na zona das Arieiras (tamén con algún achado cerámico) e no val do río Mera, ao sueste da cidade de Lugo.

Anos despois o noso home volverá utilizar datos e informacións deste tipo de xacementos no ámbito lucense (Fraguas 1962b), pero quizais sexa máis salientable a achega que fai sobre castros da mesma comarca, sobre todo –pero non só– da banda occidental, de novo elaborando un artigo a partir das prospeccións feitas cos escolares do Instituto de Lugo, na súa maior parte na década dos anos 50.

Trátase dunha achega importante pois as súas informacións foron e son útiles ata hoxe mesmo, tendo en conta que se refiren a unha ducia de castros, con achados casuais en varios deles que semellan certificar a súa continuidade na etapa galaico-romana (como a Croa de Piugos, con tégulas, ao igual que o de Meilán, con varias terrazas sobre o Miño), ou cunha significación especial, como o de Corvazal ou Cabanas, a pouca distancia do monumento de Santalla de Bóveda,

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 145-155
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

relación que Fraguas xa intúe no seu artigo de 1962, moitos anos antes de se descubrir nel unha fonte ou arqueta similar á do dito monumento.

Tamén a raíz da súa permanencia en Lugo chega a publicar algún achado casual da zona da Ulloa (Fraguas 1971). Igualmente desa etapa proceden boa parte dos coñecementos e informacións que recollerá na súa útil obra monográfica dedicada a esta cidade (Fraguas 1974), na que evidencia un notable manexo da bibliografía arqueolóxica e histórica daquel momento, tanto da local como da foránea; unicamente deixou por citar *Five town-walls in Hispania Citerior* (1931), do inglés I. Richmond, na que estuda a muralla lucense, ou, por razóns cronolóxicas da recollida de datos (segundo información persoal do propio don Antonio), a monografía científica sobre o recinto publicada por nós en 1972.

Fraguas no Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento

O vínculo de Antonio Fraguas co Instituto Padre Sarmiento (IEGPS) fíxose efectivo sobre todo despois de xubilarse, pasando a ser o bibliotecario da institución, e converténdose no activo xefe da Sección de Etnografía, onde exerceu maxisterio sobre nomes como González Reboredo, Calo Lourido, García Martínez, Vázquez Varela, Clodio González e outros. Tamén tivo relación con temas de arqueoloxía, realizando algúns traballos esporádicos, como refire o propio Carlos García Martínez (2006).

Igualmente, eran habituais, e mesmo útiles e significativos, os obituarios dedicados a arqueólogos (non técnicos profesionais pero si no sentido de persoas que fixeron algún tipo de traballo e/ou estudos arqueolóxicos), como foron as súas lembranzas de Sebastián González García-Paz (un dos seus mellores amigos e compañeiro de teimas e andainas), de Manuel Vázquez Seijas ou do seu prezado Xaquín Lorenzo Fernández[1].

Coincidiu Fraguas no IEGPS con outros nomes, algúns deles vinculados directamente á Sección de Arqueoloxía, como foi o caso do prolífico erudito Xesús Taboada Chivite, xefe desta sección desde 1973 ata 1976.

Ademais deste persoeiro verinés, que desenvolveu un inmenso labor de prospección (e mesmo de escavacións) a nivel comarcal, acompañado de agudas intuicións interpretativas para todo o ámbito galego (v. *Boletín Auriense* 2007), cómpre citar, en primeiro lugar e a título de exemplo, os traballos de campo e, en menor medida, de gabinete de Manuel Chamoso Lamas (tamén vinculado ao IEGPS), que interveu en sitios arqueolóxicos que logo se revelarían como claves no estudo de varias etapas da arqueoloxía e historia galegas, como a catedral de

1 Fomos testemuñas dunha curiosa confusión de don Antonio respecto da morte de Xesús Ferro Couselo e o citado Vázquez Seijas, a quen deu por defunto antes de tempo.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 145-155
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Santiago, o castro de Viladonga, a vila e necrópole romana de Moraime, o complexo galaico-romano de Barbantes, o conxunto romano e medieval de Iria Flavia ou o núcleo de San Bartolomeu de Tui, entre moitos outros.

Tamén deben citarse os continuos labores de inventario e catalogación efectuados desde o Museo de Pontevedra baixo a dirección de Filgueira Valverde (que rexeu o IEGPS durante varios anos) e executados maiormente por Alfredo García Alén.

Outros exemplos dignos de mención, pero xa sen relación –polo menos directa– co IEGPS, aínda que si amigable e persoal con Fraguas, serían Xesús Ferro Couselo e Xaquín Lorenzo Fernández e os seus traballos no Castromao celanovés, ou Francisco Conde-Valvís e as súas descubertas na Cibdá de Armea en Augasantas[2] ou, en menor medida, Manuel Vázquez Seijas sobre temas lucenses.

A Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do IEGPS

Coincidindo coa presenza activa de Antonio Fraguas no IEGPS e en relación coa arqueoloxía galega da segunda metade do século XX, cómpre agora citar o papel da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria desta institución, particularmente a partir de finais dos anos 60 e comezos dos 70, resumindo a este respecto parte do sinalado por nós e Calo Lourido (Arias/Calo 2018) a propósito da homenaxe a Carlos García Martínez, outra figura vinculada tanto ao mesmo Fraguas como á devandita Sección, na que tamén participaron Acuña Castroviejo, Carro Otero, González Reboredo, Vázquez Varela e, co decorrer do tempo, moitos máis.

Aqueles mozos que en 1967 entraron en contacto con Fermín Bouza-Brey e acabaron movéndose no marco do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, por mor do interese do dito polígrafo galeguista pola transmisión de coñecementos e do amor polo país, seguramente estaban lonxe de saber que abrirían unha etapa fundamental no devir da arqueoloxía galega nas tres décadas finais do século XX.

Bouza-Brey dirixiu a Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do IEGPS ata o seu pasamento, en xuño de 1973, e nese período entregouse á formación e promoción daquela nova fornada de estudosos e investigadores, aos que se uniron outros entre 1971 (Felipe Arias Vilas) e 1976 (Francisco Calo Lourido, neste caso cunha bolsa de persoal investigador do CSIC).

Naquela etapa, ademais de iniciarse no mundo da investigación arqueolóxica, tanto de campo como de biblioteca, o grupo nucleado por Bouza-Brey asumiu a tarefa e a ilusión de recoller, conservar e transmitir tanto os saberes científicos en

2 Véxase, para os casos ourensáns, Rodríguez/Rodríguez 2016.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 145-155
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

temas de prehistoria e arqueoloxía como a herdanza galeguista que procedía do SEG dos anos 20 e 30, cando menos ata onde fose posible, considerando a dependencia orgánica e económica do IEGPS do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) central e, como se comprobou ao cabo do tempo, centralista.

A ese período corresponden unha serie de traballos sobre o megalitismo no Montouto (Teo), ou sobre o que logo sería o importante conxunto de Adro Vello de San Vicente do Grove, ou as prospeccións nas terras lucenses do Incio, do Buriz (Parga-Guitiriz) e de Lousada (Xermade), ou nas pontevedresas de Terra de Montes (Arias/Calo 2018).

Así mesmo, non estará de máis destacar que, nesa altura, se promoveron traballos en común con investigadores estranxeiros, como C. Borgna e R. Fontanini, para o caso do estudo da arte rupestre (como a de Campo Lameiro), ou con E. Shee para a decoración mural megalítica. A todo isto viñan unirse os numerosos contactos cos arqueólogos portugueses, xa tradicionais desde os tempos de Federico Maciñeira, Fermín Bouza-Brey ou Xaquín Lorenzo, e que logo se fortificarían con nomes como Carlos Alberto Ferreira de Almeida e os seus discípulos do norte portugués, sobre todo do Porto, Guimarães e Braga, forxándose así unha relación de amizade e traballo que chegou aos nosos días, representada, por exemplo, pola figura de Teresa Soeiro.

Sucedeu a Bouza-Brey na Sección de Arqueoloxía do IEGPS Xesús Taboada Chivite, ata a súa morte en 1976. Nese ano e no seguinte prodúcese unha ampliación e verdadeira refundación da Sección, coa dirección (en realidade como coordinador ou *primus inter pares*) de Felipe Arias Vilas, "estreándose" o renovado grupo cun manifesto público (estabamos na etapa chamada "Transición") no que se reclamaba xa a necesaria existencia dun organismo propio para a xestión do patrimonio galego (*La Voz de Galicia* 11/XI/1976). O dito manifesto aglutinou a moitas persoas con dedicación á arqueoloxía, de moi diversa adscrición institucional ou mesmo investigadores a título persoal, dando lugar á conformación da nova Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do IEGPS.

Os traballos e estudos realizados ao abeiro daquela Sección ou en colaboración con ela foron numerosos, tanto nas xeiras de prospección e escavación como no estudo de materiais ou mesmo na elaboración de sínteses (como exemplo, Acuña 1979), intervindo, a moi diversa escala, en sitios coruñeses como Baroña, Borneiro ou Elviña, lucenses como Viladonga ou O Courel (este promovido pola Universidade de Santiago de Compostela), ourensás como San Cibrán de Las ou Castromao, e pontevedreses como Porta de Arcos (Rodeiro) ou A Lanzada.

A maiores, a presenza pública da Sección fíxose notar tamén no ámbito da protección patrimonial, como foi o caso da entón incipiente arqueoloxía subacuática, debido ao constante traballo do seu membro colaborador Rafael Mejuto

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 145-155
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

García, desgraciadamente desaparecido sendo ben novo, chegándose incluso ao enfrontamento coa Armada española, sendo denunciados os feitos diante da administración central e, posteriormente, da nacente Autonomía galega.

Máis repercusión e transcendencia tivo aínda o episodio da construción de tres aparcadoiros soterrados no centro da cidade de Lugo, no outono de 1986, que deron lugar a unha aceda polémica na que varios membros da Sección denunciabamos que non facían falta tales aparcadoiros para saber que Lugo era un enorme xacemento romano, a cidade de *Lucus Augusti* (*La Voz de Galicia* 4/XI/1986), fronte á propaganda oficial que se facía nos medios das (forzadas) escavacións en área realizadas en varias superficies urbanas (algunha xa cos seus restos arqueolóxicos irremisiblemente derramados e perdidos) e fronte á "traída" de Italia dun vedraño arqueólogo paleocristián (M. Mirabella Roberti) para tratar de xustificar as desfeitas e as súas presuntas (e, de novo, forzadas) solucións.

Tamén pode ser indicativo do importante papel desempeñado pola Sección o feito de que as reunións periódicas e fixas que se celebraban en Santiago se fixesen deseguida itinerantes, ao xeito das que no seu tempo facía o SEG, o que favorecía o coñecemento e mesmo o traballo sobre zonas e sitios arqueolóxicos de todo o país. Abonde citar como exemplo destas reunións técnicas e científicas as da Terra de Melide, da Terra Chá e Serra do Xistral (abrigos paleolíticos e medorras), as de Ourense (Río Caldo, *Aquis Querquernis*, Salas, miliarios de Portela do Home) e Celanova (Castromao), Verín e terras raianas (San Millán da Xironda), A Coruña (Elviña), Pontevedra e Vigo etc., ademais, como diciamos, das reunións na propia sé compostelá do IEGPS, entre as que é digna de lembranza unha sesión maratoniana cunha lección maxistral sobre o megalitismo portugués de Luís Monteagudo García, recentemente desaparecido e que debe resaltarse como outro personaxe fundamental nas investigacións prehistóricas e protohistóricas pero tamén filolóxicas e históricas de Galicia (e non só) en toda a segunda metade do s. XX (poderase ver en Arias/Fariña e.p.).

Baixo a inspiración e o empeño de Carlos García Martínez, xa desde fins dos anos 70, a Sección actuou, durante varios anos, como xa se apuntou, como coordinadora das distintas intervencións arqueolóxicas en Galicia, primeiro de cara a Madrid (Ministerio de Educación y Ciencia, logo Ministerio de Cultura) e posteriormente tamén, pero só por algún tempo, de cara a Santiago de Compostela como capital autonómica, coas competencias correspondentes en Cultura. Esta programación conxunta das intervencións arqueolóxicas en Galicia, nucleada arredor da Sección do IEGPS, fíxose desde 1977 ata 1982 diante do Ministerio, e en 1983 e 1984 coa Xunta, se ben a programación de 1985 quedou xa sen resposta e mesmo se paralizaron algunhas das escavacións en marcha.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 145-155
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Outras actividades da Sección a salientar poderían ser algunha exposición dedicada a persoeiros da arqueoloxía galega como López-Cuevillas; a execución dun programa de fotografía aérea arqueolóxica, realizada sobre unhas rutas por todo o país, que se farían en 1994 cunha serie de voos efectuados por Gerardo Gil (ICONO S.L.) e que, entre outras utilidades, serviu de base para exposicións sobre este tema, algunha delas ben recente; ou mesmo o inicio da elaboración dun glosario de termos de arqueoloxía e prehistoria (comezando polo Paleolítico), que cos anos daría pé para unha publicación monográfica sobre o tema (Arias/Romero 1995).

Polo traballo realizado xa nos seus tres primeiros anos de funcionamento, a Sección recibiu o Premio Otero Pedrayo das Deputacións galegas, recollido en acto oficial en Ourense, en novembro de 1979. Mereceu tamén o Premio Adelpha-Lugo en outubro de 1987 polo seu labor en defensa do patrimonio cultural e natural.

A Sección foi medrando coa incorporación de novos membros de número e de colaboradores, e foise conformando un equipo que contaba cun forte compromiso galego e que, ao mesmo tempo, trataba de integrar tamén persoas doutras ideas ou sensibilidades, sempre cun respecto aprendido dos "vellos" patrucios da cultura galega, ligados ou non ao IEGPS (os xa entón desaparecidos, como López-Cuevillas ou Taboada Chivite, e Antonio Fraguas, Xaquín Lorenzo ou Filgueira Valverde, por citar só os que tiveran ou tiñan relación cos temas de arqueoloxía), predecesores que, ademais de facer ciencia, practicaron e inculcaron o que eles chamaban "sentimento da terra". Así, e sobre todo por impulso de García Martínez, coa anuencia doutros membros do grupo e coa estéril resistencia dalgúns, intentouse integrar na Sección persoas doutras entidades ou a título particular, integracións que non sempre deron resultado. En todo caso, mantívose sempre o circio criterio e a idea inamovible dunha arqueoloxía e prehistoria concibidas por e para unha Galicia global e enteira, coa súa ampla diversidade pero pensada como un país propio.

Por iso, causou forte impacto a importante perda do sentido galeguista desta institución, que acabou provocando que se desfixesen, de facto, as Seccións de Arqueoloxía e de Etnografía (onde estaban outros membros que tamén eran ou foran arqueólogos). Iniciouse outra etapa na que houbo intentos de herdar dalgún xeito aquel espírito da terra, na pretendida renovación do Seminario de Estudos Galegos promovida por persoas como Isaac Díaz Pardo e Ramón Martínez López, e, logo xa de modo decisivo, para servir de contacto e de transmisión co Museo do Pobo Galego, que xurdira en 1976.

A última (mellor sería dicir a derradeira) reunión da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do IEGPS celebrouse o 13 de xaneiro de 2001, precisamente no Museo

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 145-155
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

do Pobo Galego. Uns anos antes, en xuño de 1998, nunha xuntanza celebrada no Museo Etnolóxico de Ribadavia, analizárase a preocupante situación da entidade e concluírase que o xeito de facer unha arqueoloxía marcada pola colaboración e a coordinación de persoas e entidades, coa participación democrática de moitos dos investigadores da época, chegara ao seu fin.

A ARQUEOLOXÍA NOUTRAS INSTITUCIÓNS

Por último, cómpre citar tamén brevemente o papel doutras institucións como a/s universidade/s[3]. En primeiro lugar, por tradición e cronoloxía, o da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en solitario, para concluír que case nada ou moi pouco se fixo no ámbito estrito da arqueoloxía galega a partir dos anos 50. Pero si hai que salientar, como xa se fixo outras veces (Acuña 1991, Acuña/Casal 2009a), a enorme incidencia que tivo a estadía do profesor Alberto Balil Illana na formación e na actividade científica de varias xeracións de arqueólogos entre finais dos anos 60 e mediados dos 70, mesmo cando Balil xa tiña o destino na Universidade de Valladolid, o que potenciou enormemente o traballo e estudos arqueolóxicos galegos, sobre todo pero non unicamente, para as etapas castrexa e galaico-romana. As achegas profesionais de Fraguas na USC, antes e despois de 1950, cinguiríanse maiormente á disciplina de xeografía, sen prexuízo dalgunhas incursións eventuais e informais no tema arqueolóxico.

Porén, desde fins dos 70 e comezos dos 80, moitas das persoas vinculadas á USC tamén formaban parte da Sección de Arqueoloxía do IEGPS. Para exemplificalo abonden os nomes dos profesores Acuña Castroviejo, Caamaño Gesto, Casal García, Rodríguez Casal ou Vázquez Varela.

Igual vinculación co IEGPS tiñan, na mesma altura, a maioría dos arqueólogos destinados dalgunha maneira aos museos arqueolóxicos máis importantes: Ourense (con Fariña Busto, Rivas Fernández ou Sierra Rodríguez), A Coruña (López Gómez), Lugo (Arias Vilas) e, como xa se apuntou antes, o de Pontevedra a través de Alfredo García Alén e posteriormente con Antonio de la Peña.

Desde mediados dos 80 continuaron as achegas e traballos, cada vez máis "profesionalizados", desde a USC e, despois, tamén desde a Universidade de Vigo (campus de Ourense) e, en moita menor medida debido ás súas titulacións e disciplinas (máis orientadas ao mundo da historia antiga e outras humanidades como a documentación), desde a Universidade da Coruña. En calquera caso, nas tres universidades, así como nalgún outro centro de investigación vinculado directa ou indirectamente ao CSIC, na última década do século XX actuábase

3 Pode verse, a este respecto, Acuña/Casal 2009a e 2009b.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 145-155
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

cada vez máis con equipos integrados por profesores, alumnos, licenciados e/ou doutorandos, abarcando desde o Paleolítico ata a época medieval, debendo citarse unha crecente atención á chamada "arqueoloxía da paisaxe", nucleada arredor de F. Criado Boado (logo no CSIC), á "arqueometría" coordinada por J. Rey Castiñeira (USC), así como á investigación da prehistoria máis recuada arredor de R. Fábregas Valcarce (USC) ou ás escavacións no mundo castrexo e galaico-romano iniciadas por F. Pérez Losada (UVigo), sentando todos eles as bases do que se faría xa no século XXI.

Por último, non está de máis rematar lembrando tamén a vertente máis patrimonial da arqueoloxía, polo papel que, sobre todo por medio dos técnicos arqueólogos da administración autonómica, se empezaba a facer en Galicia xa entrando nos anos 90, conxugando ás veces o labor de protección e mesmo de difusión co da propia investigación de campo e de gabinete. Neste ámbito destacan os nomes de X. Carballo Arceo en Pontevedra, G. Meijide Cameselle en Lugo ou A. Seara Carballo en Ourense.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Abel Vilela, Adolfo de (2019): "A produción bibliográfica de Antonio Fraguas na súa etapa de Lugo (1950-1959)", en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 77-95.

Acuña Castroviejo, Fernando (dir.) (1991): *Finis Terrae. Estudios en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil.* Santiago de Compostela: Universidade.

Acuña Castroviejo, Fernando *et al.* (1979): *Prehistoria e arqueoloxía de Galicia. Estado da cuestión*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, Sección de Arqueoloxía e Prehistoria.

Acuña Castroviejo, Fernando e Raquel Casal García (2009a): "Vinte anos de arqueoloxía galaico-romana e medieval", *Minius* 17 (I parte), 121-143.

———— (2009b): "Luces e sombras na arqueoloxía galega: a arqueoloxía en Galicia no último decenio", *Galegos = Gallegos* 7, 184-187.

Arias Vilas, Felipe e Ana M.ª Romero Masiá (1995): *Diccionario de termos de Prehistoria e arqueoloxía.* Vigo: Ir Indo.

Arias Vilas, Felipe e Francisco Calo Lourido (2018): "Carlos García Martínez e o Instituto 'Padre Sarmiento': transmitindo paixón e facendo país", *Adra* 13, 45-55.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 145-155
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Arias Vilas, Felipe e Francisco Fariña Busto (en prensa): "Luis Monteagudo García. Bio-bibliografía", *150 años de una profesión: de anticuarios a conservadores. Actas de las Jornadas celebradas en el MAN.* Madrid: Ministerio de Cultura.

Boletín Auriense 37 (2007): *Taboada Chivite no centenario do seu nacemento (1997-2007)* [número monográfico].

Castro López, Ramón (1929): *Reseña histórico-descriptiva de la parroquia de Vilar de Ortelle y su comarca y de los monumentos protohistóricos del partido de Monforte de Lemos, con una relación de los principales santuarios, leyendas, supersticiones y otras curiosidades antiguas del país.* Monforte de Lemos: Imprenta F. Rodríguez.

Fraguas Fraguas, Antonio (1953): "Apuntes sobre mámoas lucenses", *Cuadernos de Estudios Gallegos* LXXXI, 142-146.

———— (1962a): "Restos dolménicos próximos a la ciudad de Lugo", en *Homenaje al Profesor Cayetano de Mergelina.* Murcia: Universidad, 343-350.

———— (1962b): "Castros de la comarca lucense", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XVII, 307-328.

———— (1971): "Un silbato de piedra y otros objetos", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXVI, 117-119.

———— (1974): *Lugo.* Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.

García Martínez, Carlos (2006): "Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 196-223.

López Cuevillas, Florentino e Antonio Fraguas Fraguas (1955): "Los castros de la tierra de Saviñao", en *III Congreso Nacional de Arqueología. Galicia 1953.* Zaragoza: Institución Fernando el Católico, C.S.I.C., 273-333 + láminas.

López Cuevillas, Florentino, Antonio Fraguas Fraguas e Pura Lorenzana (1930): "Mámoas do Saviñao. A anta de Abuime e a necrópole de Monte da Morá", *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* V, 67-90.

Redacción (1976): "Vintedous arqueólogos e prehistoriadores galegos piden a creación dun organismo propio", *La Voz de Galicia* 12/XI/1976, 16.

Regueiro Tenreiro, Manuel *et al.* (2019): *Os nove anos de Fraguas en Lugo*. Lugo: Colectivo Egeria.

Richmond, I. A. (1931): "Five town-walls in Hispania Citerior", *Journal of Roman Studies* 21 (1), 86-100.

Rodríguez González, Xulio e Avelino Rodríguez González (2016): *Na procura do pasado. Orixe e desenvolvemento da arqueoloxía en Ourense.* Ourense: Museo Arqueolóxico de Ourense-Xunta de Galicia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 145-155
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A etnografía antes e despois de Antonio Fraguas

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 159-164
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.765

A GALICIA DE FRAGUAS

THE GALICIA OF FRAGUAS

Manuel Mandianes Castro
Consello Superior de Investigacións Científicas

Resumo: Este traballo desenvólvese en tres apartados: en primeiro lugar percórrense os movementos intelectuais en voga na época de Fraguas: funcionalismo, estruturalismo, simbolismo, deconstrucionismo. A continuación analízase como o ambiente en que se desenvolveu Fraguas foi o das ideas de Nós. Por último reflexiónase sobre a Galicia e a identidade galega tal e como as concibe Antonio Fraguas.

Abstract: This paper falls into three sections. First, the intellectual movements in vogue during Fraguas's career are covered: Functionalism, Structuralism, Symbolism, Deconstruction Theory. Secondly, it is showed that the ideas of *Nós* shaped Fraguas's background. Finally, a reflection is made upon Galicia and Galician identity as conceived by Antonio Fraguas.

Palabras chave: Antonio Fraguas, cultura, etnografía, antropoloxía, Nós, Vicente Risco, Galicia.

Key words: Antonio Fraguas, culture, ethnography, anthropology, Nós, Vicente Risco, Galicia.

Don Antonio Fraguas, coa súa vida, coas súas obras, fixo gala daquilo que di: "Quen cre ser orixinal, con frecuencia, non é máis que ignorante". Evitou todas as determinacións xa ocupadas por semánticas conceptuais metafísicas, filosóficas, sociolóxicas ou antropolóxicas. Fraguas fai da vida unha etnografía e da etnografía unha vida. O espazo e o tempo, tal como el os describe, forman parte da casa, do hábitat, do galego.

MOVEMENTOS DA ÉPOCA

O funcionalismo manifesta unha gran reserva fronte aos contidos latentes e esquece o incomunicable da cultura; deixa de lado a historia e, por esta razón, mantén coa sociedade un diálogo intemporal e por riba dun contexto preciso. O funcionalismo interpreta a existencia do home en función do seu mundo social. A mitoloxía perde a súa autonomía quedando reducida ao social. A función da mitoloxía sería lexitimar a orde establecida.

O simbolismo establece unha relación de identidade cunha realidade, xeralmente abstracta, á que evoca ou representa. Figura retórica de pensamento por medio da cal unha realidade ou concepto, normalmente de carácter espiritual, se expresa por medio dunha realidade ou concepto diferente, entre os que se establece unha relación de correspondencia, de modo que ao nomear o concepto simbólico se suxire ou se evoca o concepto real. O signo é un operador; o símbolo é un indicador que abre a realidade dada á súa significación antropolóxica. Neste caso, a antropoloxía busca conceptualizar os símbolos, segundo diferentes enfoques relacionados coa comprensión do poder, as relacións sociais e a epistemoloxía.

Por estrutura social entendemos un conxunto de elementos relacionados formando unha unidade tal que os elementos poidan ser substituídos por outros sen que se altere o conxunto. Nada significa nada por si mesmo senón en relación formal de contraposición con outros mitemas. Segundo Levi Strauss, o estruturalismo é un estudo concreto da mitoloxía. De acordo con ela, os fenómenos sociais poden ser abordados como sistemas de signos ou símbolos, polo que o antropólogo debe ter coidado de non tratalos nin única nin principalmente como sucesos, senón como significacións. A variedade das culturas e da forma en que cada sociedade aborda problemáticas similares explicaríase pola diversidade de elementos que se atopan na súa contorna e, moi especialmente, polo valor e significado que lles son atribuídos socialmente.

O deconstrucionismo trata de atopar os factores determinantes da ideoloxía, dunha forma de vivir e de pensar mediante a deconstrución critica da súa estrutura social, política e cultural desde os cimentos na interpretación dos feitos, para denuncialos e así emprender bos camiños que liberen o home de todo tipo de determinismos e ataduras. As diferentes significacións dun texto poden ser descubertas descompoñendo a súa estrutura. O deconstrucionismo sostén que a fidelidade dunha interpretación non depende da súa conformidade cun suposto sentido hipotético senón, da fidelidade dos seus efectos. A deconstrución afirmará que a envoltura retórica é todo o que hai e que por iso a obra de arte literaria é irredutible a unha idea ou un concepto.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 159-164
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

NÓS E O SEMINARIO

Este período corresponde, dentro da historia máis ampla da etnoloxía, ao historicismo, ou historia da cultura, e ao difusionismo. É a época da catalogación dos castros, do estudo da Galicia castrexa. Estes autores levan a cabo grandes historias, fanse recompilacións de refráns, ditos, literatura popular; pensan que as formulacións evolucionistas do Rexurdimento son moi simples; teñen unha idea pluralista da historia e están convencidos de que os pobos que se subtraen ao contacto con outros pobos reducen ao mínimo toda situación que permite á historia facer irrupción no mundo. Eliminan os esquemas a priori e parten dos feitos consumados. Sen ser deterministas, conceden moita importancia á ecoloxía e á raza. Raza e ecoloxía son elementos decisivos da idiosincrasia galega. Adaptan como método de interpretación o dos círculos culturais que toman dos autores alemáns e aplican á historia as etapas spenglerianas: as culturas nacen, mestúranse e morren.

Todo o que existe vén de algo anterior, seguindo un ritmo determinado; sen crer no determinismo xeográfico e ecolóxico de maneira absoluta, danlle grande importancia e falan dos círculos culturais, do difusionismo e das supervivencias. Cren que moitas tradicións relixiosas precristiás se conservan camufladas ou superficialmente cristianizadas ata hoxe no medio campesiño. A xeración Nós é a Galicia o que a xeración do 27 é a España. Por etnografía entenden a ciencia auxiliar da Historia que estuda o conxunto de elementos culturais de tipo espiritual ou material dun pobo, as condicións de vida e a súa evolución, elaborados tradicional, popular e anonimamente. Antes de iniciar o estudo da difusión do tema da cantiga CIII na narrativa medieval, é preciso situalo no complexo das lendas escatolóxicas e ver a posición dun tema dentro dun determinado grupo ideolóxico, recibindo as suxestións de motivos próximos e irradiando á súa vez fórmulas que han de influír na elaboración de narracións próximas.

A declaración de principios do grupo Nós foi esta: temos unha fe cega, absoluta e inquebrantable na vitalidade e no xenio da nosa raza. Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pareza... con tal de que poñan por encima de todo o sentimento da terra e da raza, a orgullosa satisfacción de ser galegos. Nós ha de ser un estudo de todos os valores galegos, a afirmación para sempre do verdadeiro ser de Galicia, do *enxebrismo* que é a nosa orixinalidade específica, a nosa capacidade de creación, o noso autóctono dinamismo mental. Din: onde non hai cultura, non hai pobo. Identifican a capacidade creadora dun pobo co seu grao de desenvolvemento. Privilexian o factor cultural por encima de todo porque a vitalidade de calquera pobo e a súa capacidade de nacionalismo confúndese coa súa capacidade e co seu dinamismo culturais.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 159-164
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O historicismo máxico de Vicente Risco recrea o pasado en función dos seus intereses inmediatos; ofrece unha historia mediatizada polos seus intereses subxectivos. Talvez a súa visión da historia era algo moi persoal; máis afeccionado aos contrastes que aos matices, á subxugación efectista que á sedución polo rigor, prescinde frecuentemente das proposicións xerais ou ben actúa contradicíndoas. É máis un afirmador a priori que un empirista. A súa visión da historia, cuxo centro é o cristianismo, é providencialista. Neste sentido, adscríbese á teoría organicista alemá, baséase no *volksqeist*, ou espírito inconsciente dun pobo ou comunidade, alleo ás intencións ou pretensións dos seus membros, propio e distinto, produto do seu devir histórico e da súa contorna natural.

Segundo estes autores, o espírito galego, nas formas desinteresadas da súa actuación, adoptou varias culturas sucesivas, pero a cada unha delas impúxolle, polo menos, o seu sinal particular, o distintivo da súa alma, creada na época celta. Din que os galegos somos máis fillos da terra e do mar que do ceo; será que, en parte, o ceo é produto da terra e do mar. O pan e o viño dividen en mil anacos o carácter xeográfico e humano do chan galego, non separado senón penetrándose en complicadas figuras. Os labradores do pan e os do viño son moi diferentes. O ribeirao (viño) practica unha filosofía escéptica moi diferente á do montañés, que cre na eternidade das leis.

Os autores de Nós e o Seminario definen a nación galega baseándose na terra, na raza, na fala, na organización social. Establecen un íntimo lazo entre a relixión, a terra e o pobo galego, e sacralizan a natureza ata facer sentir un certo aroma panteísta. A terra é a fonte orixinal da vida. O carácter central, telúrico, do que quere dotar á Natureza-Terra, á Terra-Nai, halle de permitir a Risco formulala en termos tales que a vinculación relixiosidade-tradición-nacionalismo se presenta, á marxe do seu carácter intemporal, eterno, é dicir, ahistórico, cunha coherencia interna e un atractivo estético e emocional de grande eficacia. O sentimento da terra nai é o sentimento relixioso e pagán; tradúcese en apego á rexión e configura o sentido estético dos galegos de orixe celtoario.

A GALICIA DE FRAGUAS

Describe as bases da relación do ser humano co mundo, mundo que pode ser fiel no accidental, pero é o mesmo no tempo e espazo para todos: festas e santuarios. Saber manexar e manexar estes útiles forma parte do bo asentamento, da circunstancia, da adaptación do galego ao medio, á terra, ao mundo. Fraguas deixa que reine "o simple dos múltiples elementos" (Heidegger). Estudarei o mundo de Fraguas e a esencia do ser galego. Os santuarios, os santos, o Entroido fenden a orixinal e primixenia unidade da existencia e producen unha oscilación que a recorta en modalidades que xeran unha ulterior multiplicidade.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 159-164
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O mundo é un inmenso sistema de referencias en que se acha inmerso o home. Lendo, por exemplo, *A Galicia insólita* revívense os tesouros culturais, moitos deles caídos no esquecemento, ensinanzas que sitúan o lector máis aló de toda actualización práctica, diante do fenómeno e aí o deixan, non o interpretan. Non esmiúza nin destrúe o encanto das crenzas con análises confusas, senón que as mostra tal cal son. Neste sentido, Fraguas é un pensador do inicial, escoita as cousas simples. É un pensar a partir da razón e non unha reiteración de proposicións da crenza dunha escola ou teoría. Cando Fraguas fala de rituais relixiosos, fala de cousas que se realizan neste mundo e do castigo que a comunidade lle poida inflixir por non cumprilos, non fala de culpa no sentido moral e teolóxico. O galego cumpre sen considerar se cumprir ou non é mellor ou peor, bo ou malo. Fai o que sempre viu facer. O feito de ser quen é, e para seguir sendo, lévao a facer todo o que fai. E, se se vai, ao volver volve facer o que, por estar lonxe, deixara de facer. O tempo para Fraguas non é "o posible horizonte da comprensión do ser" senón, como para santo Agostiño, a sucesión de feitos, de romarías, a actualización das crenzas, o ritmo das estacións.

Estudando os santuarios e as festas relixiosas e a vida dos seus santos patróns, Fraguas non toma posición en materia de relixión nin teoloxía. Só trata de como devolver un sentido a estas palabras. Son o tempo e o espazo que remiten o home a unha contorna compartida con outros homes, con outros seres coma el. O mundo do ser humano é un mundo compartido. O acontecemento fai acontecer ao home. A experiencia e a vivencia sentidas ocorren, son diferentes dun simple proceso físico, neutro, sen relacións co eu que o vive e o experimenta. A verdadeira proximidade de Deus está ao lonxe. Moitos homes e mulleres achéganse ao sacro, ao santo, a Deus o día do patrón cando van á misa e visitan o seu santuario. Isto fai pensar naquilo do filósofo Heidegger e do poeta Hölderling: o máis próximo é o máis afastado e o máis afastado é o máis próximo. As referencias comúns son as que fan que os seres humanos se poidan atopar, comprender e falar.

Fraguas non considera cal é o fundamento de ser galego nin cando alguén está desprovisto deste fundamento. Para ser galego non é necesario estar inmerso neste tempo e neste espazo, pero estalo é selo. Non di en ningunha parte que o galego teña que ser tal como é o galego que estuda e describe; estuda as normas que cumpren unha serie de galegos. A preocupación de Fraguas é o como, non o que do seu contido, nin o quen da súa referencialidade. O acontecemento é a experiencia do límite do aparecer, a doazón ou apertura dos fenómenos en canto tales, é a manifestación da propia experiencia do mostrarse máis orixinario das cousas. Fraguas mostra a verdade das cousas en canto rectitude, non como rectitude que describe o comportamento e espiritualidade do interior do home. Fraguas non deconstrúe o home ata conducilo á desesperación, senón que mostra constantemente, ao longo

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 159-164
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

do ano, os elementos que constrúen a identidade galega. Poderíase dicir que Fraguas describe o galego ontolóxico, mais describe a maneira de ser do galego, de actuar; describe a presenza, non a existencia. Non analiza as estruturas da existencia senón o estar aquí temporal, o existir nun mundo e non un mero estar presente.

Antón Fraguas foi un etnógrafo galego que nin sequera se preguntaba se facía etnografía, etnoloxía, socioloxía ou antropoloxía. Para el a etnografía era ver e dar conta daquilo que os galegos practicaban. O ordinario da comunidade. Fai, escribe, investiga, ve, sente. Está á escoita do que é un galego, o galego, Galicia. Describe aquilo en virtude do cal o galego se define a si mesmo. A necesidade existe antes dos ismos e existirá unha vez pasados, existe prescindindo dos nomes. A descontinuidade narrativa non conduce a unha historia que debe ser "armada" polo lector, senón a un plano no que todo sucede desde sempre. Poucas accións se contan dúas veces; con todo, a circularidade insinúase con forza: todo instante é repetición. Ao referirse ao desenlace das aventuras. A morte acaba, pero a vida segue: nótese que non saberiamos.

Fraguas retrata unha Galicia de festas triunfais, autónomas e inconmensurables. Talvez Fraguas, como a maioría dos autores de Nós e do Seminario e do Instituto, tomou a etnografía, a historia e a xeografía máis que como un fin en si mesmo, como un medio, o vehículo para que as imaxes, dotadas da forza que lles imprimían os seus autores, máis aló deles mesmos, crecesen e levasen a realidade á dimensión da imaxinación. Todos estes autores estaban convencidos de que a imaxinación posuía medios que escapaban á razón para alumar a verdade cunha continua procura de imaxes que non eran simple reflexo da realidade, do cotián, senón iluminacións.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 159-164
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 165-183
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.766

ANTONIO FRAGUAS, ETNÓGRAFO

ANTONIO FRAGUAS, ETHNOGRAPHER

Clodio González Pérez
Museo do Pobo Galego
Fundación Antonio Fraguas Fraguas

Resumo: O propósito deste relatorio é contribuír ao coñecemento da obra de Antonio Fraguas Fraguas de contido etnográfico e/ou folclórico, dende os primeiros traballos de campo na parroquia natal de Loureiro (Cotobade), que comezou de bacharel por consello do profesor Antón Losada Diéguez, ata o pasamento en 1999. Cofundador da Sociedade da Lingua en 1924, membro do Seminario de Estudos Galegos, do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (director durante varios anos da Sección de Etnografía e Folclore), do plenario do Consello da Cultura Galega (coordinador algún tempo da Sección de Antropoloxía Cultural), director do Museo do Pobo Galego e presidente do Padroado do segundo. Académico numerario da Real Academia Galega (1951, o discurso de ingreso versou sobre as cantigas dos seráns da súa terra de Loureiro), premio de Investigación da Xunta de Galicia, Cronista Xeral de Galicia, premio Ramón Otero Pedrayo etc. Entre as publicacións etnográficas, sen ter en conta os artigos en revistas especializadas, sobresaen: *La Galicia insólita: Tradiciones gallegas*, *El traje gallego*, *Aportacións ao cancioneiro de Cotobade*, *Romarías e santuarios* e *A festa popular en Galicia*. Gran divulgador da nosa cultura tradicional, ameno conferenciante e colaborador en xornais e revista.

Abstract: The purpose of this report is to contribute to the knowledge of the Antonio Fraguas Fraguas' ethnological and/or folkloric work, since his first fieldworks in his home parish of Loureiro (Cotobade), in which he began as a bachelor following the advice of professor Antón Losada Diéguez, untill his death in 1999. Co-founder of the "Sociedade da Lingua" in 1924, member of the "Seminario de Estudos Galegos", "Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento" (head for several years of the Ethnological and Folklore section), of the Consello da Cultura Galega plenary (coordinator for some time of the Cultural Antropology section), director of the Museo do Pobo Galego,

and President of the Patronage of the last one. Member of the Real Academia Galega (1951, his introductory speech was about *cantigas* of his natal Loureiro), prize of Investigation of the Xunta de Galicia, General Chronicler of Galicia, prize Ramón Otero Pedrayo, etcetera. Among his ethnological publications are: *La Galicia insólita: Tradiciones gallegas*, *El traje gallego*, *Aportacións ao cancioneiro de Cotobade*, *Romarías e santuarios* and *A festa popular en Galicia*. He was a great promoter of our traditional culture, pleasant lecturer and contributor in newspapers and magazines.

Palabras chave: Antonio Fraguas Fraguas, Cotobade, patrimonio etnográfico, literatura oral.

Key words: Antonio Fraguas Fraguas, Cotobade, ethnological heritage, oral literature.

Antonio Fraguas nace o 28 de decembro de 1905 no seo dunha familia de labregos e canteiros. Sufriu a ausencia do pai durante os anos que este botou no Brasil, participou en todos os labores do campo, gozou das festas que se celebraban na parroquia e contorna, coñecía as necesidades polas que pasaban moitos veciños e tamén soubo das axudas e xenreiras que nunca faltan entre os que viven nun mesmo lugar. A súa vida, ata case os 14 anos en que empeza o bacharelato, transcorre o mesmo ca a de calquera neno de Loureiro, e aínda despois, durante as vacacións, traballa coma un máis de Insuela, a aldeíña onde naceu e se criou, e á que dedicaría o seu derradeiro artigo: "O lugar e a casa onde nacín" (1999).

Consciente de que a súa cultura estaba a ser substituída pola da vila e que, de seguir así, axiña remataría por desaparecer, empezou a compilar a sabedoría e as manifestacións herdadas dos devanceiros, convencido de que formaba parte das últimas xeracións que aínda vivían, cando menos durante a nenez e a mocidade, como dende había séculos, e tamén das que asistirían ao definitivo esmorecemento desta forma de vida.

Non se detivo en facer estudos de análise e comparativos con outras culturas, que ben podía, tendo en conta a súa bagaxe intelectual e coñecementos bibliográficos. Conformouse con exercer de notario e deixar constancia para o futuro de como se desenvolvía a vida na Galicia rural nas primeiras décadas do século XX e, en particular, na súa terra de Cotobade. Se cadra calou datos, pero as omisións compénsanse con outros moitos que mal chegaría a coñecer de non estar mergullado nesa cultura.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Cadroulle vivir nunha das épocas da historia en que os cambios socioeconómicos e técnicos se produciron a gran velocidade, de modo que a situación que coñeceu de neno era totalmente diferente á de maior, podendo comprobar ao longo de case 94 anos como se transformaban as comunicacións, a indumentaria, as diversións, os apeiros, a mantenza…

Polifacético, como a maioría dos compañeiros do Seminario de Estudos Galegos, presentía que dentro de pouco tempo o que achegase (fose publicado ou inédito) sería o único que se conservaría da memoria dos devanceiros, e do que ían poder tirar as xeracións futuras unha idea de como se desenvolvía a vida no rural había máis dun século, e non só contemplar as terras ermas, que deron noutrora abondoso froito, e as casas derrubadas de perpiaño ben labrado, ergueitas no seu día polos avezados canteiros da comarca.

PONTEVEDRA: O INSTITUTO E A SOCIEDADE DA LINGUA GALEGA

Ata que se matricula no instituto pontevedrés é un neno como calquera dos veciños, que vai á escola pública e no tempo libre participa nos labores agrícolas e gandeiros cotiáns; un membro máis dunha sociedade na que a axuda de todos, por pequena que fose, nunca se rexeitaba: "O meu traballo era ir botar a auga, partir a leña e andar co gando. Como tiña que ir á escola chamei poucas veces as vacas cando se labraba…" (Fraguas 1999: 627).

Na capital, cando vai cara aos 14 anos, descobre un mundo do que ata entón non coñecía máis que de ir á feira cos pais e a mercar algunha roupa. Cadroulle facer o ingreso e o primeiro curso co "ano da gripe", a pandemia de 1918-1919, da que unha das vítimas foi o pai do que sería en adiante un dos seus mellores amigos, Sebastián González García-Paz, "Tano", co que mantivo unha entrañable amizade que non serían capaces de truncar a sublevación franquista nin o exilio (Fraguas 1968)[1].

En terceiro matricúlase como alumno oficial e reside primeiro nunha pousada da rúa Progreso (a actual Benito Corbal) e logo noutra na rúa de San Román. Daquela eran tan poucos os nenos do rural que chegaban ao instituto (os que estudaban adoitábano facer nos seminarios), que como na clase había varios co mesmo nome, axiña empezou a ser coñecido por "Antonio o da aldea":

1 Sebastián González García-Paz, (Pontevedra, 1908-1967). Arqueólogo e historiador. Membro do Seminario de Estudos Galegos (algún tempo secretario) e correspondente da Real Academia Galega. Coa guerra civil tivo que exiliarse en Puerto Rico, onde chegou a decano da Universidade de Puerto Rico. Promoveu a fundación do museo da universidade, dun centro de escavacións e do seminario de estudos portorriqueños.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Eu, claro, era "un da aldea", un da aldea que non sabía falar castelán, e tiven que aprender ben o castelán […] Desde que entrei no instituto eu non deixei de ser "o da aldea". Houbo xa momentos en que presumía de que era "o da aldea" (González Reboredo 1997: 22).

E por iso non tiña a menos falar dos labores do campo e de como había que coidar o gando "porque un dos meus oficios era o de pastor" (González Pérez 1998: 12).

A predisposición era boa, só faltaba un pequeno pulo para comezar a tarefa que non abandonaría ata o pasamento, superando as vicisitudes e os atrancos polos que tivo que pasar do 18 de xullo de 1936 en adiante, que non foron poucos nin triviais. Como contaba decote, todo empezou no mes de abril de 1924 pola suxestión dun compañeiro e o consello dun profesor:

> Un día propuxo Sebastián que debíamos organizar un pequeno centro de estudio e comenzar a traballar. Surxío así unha pequena sociedade que chamamos: Sociedade da Língua, co seu reglamento e unha insignia formada por un pequeno triángulo de plata e as letras S. D. L. colocadas unha en cada vértice do triángulo […] Tiñamos como temas de estudio facer un Dicionario Galego, estudar os blasóns pontevedreses e facer un estudio da economía das repoblacións forestales feitas polos veciños das parroquias e lugares campesíos de Galicia. Este pequeno Seminario de Estudios surxía en abril do 1924 […] Foi Losada Diéguez, quen ó saber das nosas inquietudes nos alentóu a traballar e díxonos que había que recoller lendas, cantigas, contos e todo canto tivera que ver coa Historia de Galicia e coa sua cultura (Fraguas 1968: 337).

Deste xeito espertou o etnógrafo que levaba acochado dende neno, no último curso do bacharelato e grazas ao compañeiro "Tano" e ao profesor Losada Diéguez, "o mestre que máis influíu en moitos dos que fomos seus alumnos" (Fraguas 1968: 337).

A primeira angueira que se propuxo foi a de recompilar as cantigas da súa parroquia de Loureiro e, principalmente, as que a mocidade cantaba nas ruadas e nos seráns que se organizaban á noitiña en varias casas particulares (Fraguas 1930: 55; 2019):

> No seu comenzo, a recollida de cántigas e algún romance foi labor caseiro. Eran cousas moi sabidas de miña nai e da señora Antonia, mamá Antonia, e pensaba que irían na monografía adicada á parroquia de Santiago de Loureiro, pero foi aumentado a colección polas ruadas, dunha maneira especial na Rúa do coto, da parroquia de Aguasantas, sen dúbida a mellor festa desta natureza

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> de cantas se celebraban nas terras de Cotobade. A ela ían mozas de Aguasantas e Valongo, entonces xa non era soamente as de Loureiro. Entre as cántigas recollidas polo menos figuraban as do Sur de Cotobade que son as que agora damos a coñecer (Fraguas 1985: 21)[2].

O consello do profesor foi decisivo, pero tamén a sorte de lle cadrar por compañeiro Sebastián González, un rapaz da cidade máis novo ca el, galeguista, emprendedor e intelixente. Por iso non é de estrañar que, cando se tiveron que afastar ao remate do bacharelato –o pontevedrés foi para Santiago como alumno oficial no segundo curso–, don Antonio dixese:

> Sentiamos ter que separarnos porque xa comenzáramos a facer papeletas de palabras e de pedras de armas pontevedresas, traballos que viñan sustituir a outras labouras curiosas como un periódico de información deportiva feito na máquina de Sebastián, e no que eu non colaboraba por ser totalmente lego (Fraguas 1968: 337).

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: MESTRES E COMPAÑEIROS

O mozo de Loureiro chega a Compostela no mes de setembro de 1924, cando ía para os 19 anos, con "certa espranza na nosa S.D.L.", é dicir, coa idea de continuar o labor da Sociedade da Lingua que fundaran en Pontevedra pouco antes. Mais non sucedeu así. Ao pouco "alguén me deixóu sin folgos dando por desfeita a nosa Sociedade e máis as nosas preocupacións que tiñan unha estima especial" (Fraguas 1968: 344).

Achégase ao Seminario de Estudos Galegos (SEG), fundado en 1923, do que se cadra xa oíra falar antes, pero, repetindo as súas propias palabras, "paréceme

2 O mesmo fixo no traballo que publica en 1930 verbo do Entroido, como se verá máis adiante, que se limita ás terras do sur do concello, e, moitos anos despois, ao falar dos muíños, "O muíño nas terras do sul de Cotobade" (1997). O motivo de deixar fóra as catro parroquias do val do río Lérez (Santa María e San Xurxo de Sacos, Tenorio e Viascón) aclárao no primeiro: "comprende somentes a parte sul das terras de Cotobade […] na intelixencia de que o val do Lérez foron arrecadadas pol-o noso amigo o gran folklorista Xosé Núñez Búa" (Fraguas 1930: 55). Como se pode ver, non quixo interferir no traballo de investigación que dende algún tempo antes levaba a termo o oriundo de Tenorio Núñez Búa, que xa tiña inserido na revista *Nós* dúas achegas sobre este territorio, "Adeviñanzas" (1923) e "Conto de xaneiras" (1925), e descubrira un petróglifo en Tenorio cando andaba "pol-o val do baixo Lerez a recolleitar romances, conselladas e cántigas" (López Cuevillas 1928). Naceu en Pontevedra en 1897 e faleceu no exilio en La Plata (Arxentina) en 1981. Xurista, mestre, político e escritor, membro do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista. Non temos constancia de que chegase a publicar algo sobre o cancioneiro, o Entroido e os muíños de Cotobade.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que non asistín máis que a unha sesión", en parte debido a que non coñecía a ninguén, xa que tanto Losada Diéguez como Castelao residían en Pontevedra e cos demais non tiña trato. A situación cambiou no curso seguinte, 1925-1926, ao matricularse "Tano" en Filosofía e Letras como alumno oficial. Ambos os dous asisten entón a varias sesións por recomendación do profesor Losada e comezan a relacionarse con algúns dos que en diante serán mestres e compañeiros de angueiras. Entre os primeiros, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Castelao e Antón Losada Diéguez[3], sobresaíntes membros da xeración Nós, nados na década dos oitenta do século XIX e, polo mesmo, sobre vinte anos máis vellos ca el. Os segundos, Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza-Brey, Ramón Martínez López e Lois Tobío Fernández, case da súa mesma idade.

Ademais da relación persoal, o Seminario tamén lle ofrece libros e traballos de investigación non doados de conseguir de non habelos na biblioteca da Universidade. Quizais foi aquí onde tivo por primeira vez nas mans a revista *Nós,* que empezara a saír o 30 de outubro de 1920 (agás que consultase algúns números en Pontevedra por medio de Losada Diéguez), e varios dos libros que cita nos primeiros traballos etnográficos, como *Supersticiones de Galicia* de Jesús Rodríguez López e *O cancioneiro popular de Vila-Real* de Augusto César Pires de Lima.

O 15 de outubro de 1927 é proposto para socio activo, nomeamento que se fai efectivo o 5 de novembro do ano seguinte. Poucos días despois, o 24 do mesmo mes, xa o nomean encargado da biblioteca, de xeito que ademais de coñecer ben os fondos da institución, vai estar ao día de todas as publicacións que cheguen, ao que hai que engadir que en 1931 participe na catalogación de dúas importantes bibliotecas da Universidade, baixo a dirección do profesor José Mª. de Bustamante: a do arcebispo Manuel Lago González e a de "América", esta doada por Gumersindo Busto.

O SEG interesouse pola cultura tradicional dende a súa fundación, como amosa o feito de que entre as dez seccións que o compuñan estivesen a de etnografía e a de folclore, que tres anos despois se fusionaban nunha, etnografía e folclore, da que era director Vicente Risco. Con todo, o número de traballos de contido etnográfico que se presentaron foi pequeno, tendo en conta que durante os cursos 1926-1927 ao 1929-1930 só foron catro, fronte aos 17 dalgunhas das outras seccións, como a de historia (Mato 2001: 67 ss.)

3 Finou novo, aínda non cumprira os 46 anos: "Foi unha perda que non se pudo reparar, a morte de Antonio Losada ocurrida en Pontevedra o día 15 de Outono de 1929. O día do seu enterro subimos as escaleiras da súa casa: Don Xesús Carro García, Don Salvador Cabeza de León, Presidente do Seminario, Sebastián González, Ramón Martínez López e máis eu. Na entrada estaba Castelao chorando amargamente, foi abrazando a todos, e ó rematar, movendo a cabeza, dixo: «Alá vai o noso mestre»" (Fraguas 1968: 347). Só puido coñecer dous artigos curtos do que fora o seu alumno: "Compostela al día. Un artista olvidado", sobre o escultor Uxío Souto e as súas obras "A Druidesa" (1927) e "Unha serán na catedral" (1929).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Fraguas toma parte en todas as actividades ou asiste a elas, como a IV Asemblea que se celebra en Pontevedra os días 7, 8 e 9 de abril de 1928, na que Risco pronunciou a conferencia "Os nosos traballos de etnografía. A literatura popular galega". Nesta asemblea López Cuevillas ordenou que a catalogar os castros de Lalín, é dicir da Terra de Deza, "irán o Sebastián e máis o Fraguas" (Fraguas 1968: 347). En 1929 traballa na catalogación dos xacementos arqueolóxicos da Terra de Melide e participa, baixo a dirección de López Cuevillas e xunto con Pura Lorenzana, nas escavacións das mámoas do Saviñao, das que se publica o resultado en 1930, o mesmo ano en que dá a coñecer a súa primeira achega individual, "O Entroido nas terras do sul de Cotobade".

Imparte conferencias, entre as que destaca "O culto ós mortos", o 9 de maio de 1931 no Ateneo de Vigo, da que un retallo sae na revista *Nós*, ademais, ao mesmo tempo a correspondente separata. Tamén participa en varios cursos que organiza o SEG, como no de "Estensión escolar" en Pontevedra, entre o 28 de xullo e o 24 de agosto de 1935, en particular na sección Galicia e a súa cultura, na que houbo dous relatorios dedicados a "Folklore i Etnografía", dos que se encargaron Xaquín Lorenzo e mais el.

O primeiro de outubro de 1934 é nomeado conselleiro permanente do Seminario e deixa a biblioteca, por estar destinado no instituto da Estrada e non dispor de tempo para atendela. Pero, a pesar de só residir en Compostela os días non lectivos, continúa colaborando durante as vacacións, como a fins de xuño na "xeira" da Terra de Deza, esta vez como integrante da sección de Xeografía, da que era director Otero Pedrayo.

A súa relación co SEG non remata ata que é clausurado polos sublevados a partir do 18 de xullo de 1936, coa conseguinte represión que sufriron moitos socios e colaboradores: 19 asasinados, 27 exiliados dos que 17 faleceron fóra, e 32 detidos e/ou sancionados, dos que un foi el, vexado polos falanxistas na Estrada e expulsado do ensino público (Mato 2001: 233 ss; González Pérez 2006: 62 ss.).

PRIMEIROS TRABALLOS ETNOGRÁFICOS

Como queda dito, comezou o labor de campo en 1924, por consello de Losada Diéguez cando cursaba sexto de bacharelato, coa recolleita de cantigas para un cancioneiro que formaría parte da monografía da súa parroquia de Loureiro, obra que nunca chegou a rematar malia que recadase moitos datos[4]. O único que se

4 Descoñecemos a causa que o levou a non a concluír antes da Guerra Civil. Quizais influíse que varios membros do SEG non estivesen de acordo con tantas publicacións etnográficas, como se tira dunha carta de Xosé Filgueira Valverde a Felipe Cordero Carrete, o 24 de decembro de 1935: "[...] Pronóstico y diagnóstico del Melidismo. –El caso Vila de Calvos –Melide –Velle no es casualidad, es síntoma. El

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

editou como libro foi o cancioneiro, que non deixou de mellorar con novas contribucións ata que saíu do prelo, en 1985 (cando pasaba dos 80 anos), deixando constancia no limiar de que se trataba dunha compilación moi anterior:

> Corresponde indicar, para comprender algunhas manifestacións do Cantigueiro da terra de Cotobade, que estes centos de cántigas foron recollidas por min hai máis de sesenta anos, cando era escolante no Instituto de Pontevedra… (Fraguas 1985: 13).

A súa primeira publicación etnográfica data de 1930, "O Entroido nas terras do sul de Cotobade", dous anos despois de rematar Filosofía e Letras e cando xa era socio activo do SEG. Comezou coa celebración máis lúdica e vistosa do ano, que daquela aínda se mantiña ben malia que xa desapareceran algunhas manifestacións, como a dos *cichotos* cos que os rapaces se mollaban entre eles, aos veciños e, sobre todo, ás rapazas que ían á misa o domingo de sexaxésima (o segundo antes do mércores de cinza), verbo da que fai a seguinte advertencia: "ista manifestazón onde tivo mais forza, e onde mas tardou en desaparecer foi en Loureiro", do que se tira que nesta data xa non se facía pero el aínda lle dedica un apartado co fin de deixar constancia da súa existencia para o futuro (Fraguas 1930: 86).

A esta seguiron cronoloxicamente: "O culto ós mortos", resumo dunha conferencia pronunciada no Ateneo de Vigo (1931); "Do folk-lore de Armeses-Listanco", sobre a terra da nai (tamén 1931), e "As lendas da Fonte Pormás", un manancial que deita na freguesía da Castañeda no concello de Arzúa (1932). Todas denotan o método de traballo que vai seguir no futuro, no que predomina a descrición lineal e sinxela, case como lla contan os informantes, sobre o estudo teórico e comparativo.

Nos anos que median ata a Guerra Civil colabora con outros membros do SEG na obra colectiva *Terra de Melide* (1933), na catalogación dos xacementos castrexos e na recolleita de lendas (estivo en 21 dos 39 estudados). O resto das publicacións

Seminario padece etnografismo agudo. Diagnóstico: Hipertrofia folklórica. Causa: Exceso de trabajo de una sección. Remedios: Excitar la actividad de las otras. Y sustituir en esa colección por la publicación. Recuerda que en un año se rechazaron tres Velles: "Moreiras", "Cedeira" y "Lobeira", mas cuatro conatos que Fermín eliminó de *Arquivos*. La causa de esta superproducción no está sólo en el contagio portugués ni en la facilidad de trabajo, sin urgencia de preparación técnica. El tradicionista sabe que lo folklórico se va y que el momento queda. Se tiende a perpetuar lo mudable. Pero hay que cercenar ediciones y formar archivo e investigadores…" (IEGPS: SEG, 1935).

Sería a monografía de Loureiro un dos catro "conatos" que eliminou Fermín Bouza Brey? Fose ou non, o caso é que non a chegou a rematar, e na posguerra xa non era posible a publicación tal como el quería (en galego), polo que decidiu abandonar o proxecto e ir dando a coñecer diferentes partes en revistas, como "Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade" (1944), "El lobo en las tierras de Cotovad" (1945), "El culto a las ánimas en Loureiro de Cotobade" (1987) etc.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ata a sublevación militar cínguese a catro artigos curtos, dos que dous son de contido etnográfico: "Domingo de ramos na aldea" (1933) e "Nos cantamos?", sobre as panxoliñas das noites de Nadal, Aninovo e Reis (1935).

A PARÉNTESE DA GUERRA E A PRODUCIÓN POSTERIOR

Separado definitivamente do ensino, clausurado o SEG e asasinados ou fuxidos moitos compañeiros, non lle quedou máis saída que malvivir dedicándose ao ensino privado:

> O primeiro ano da guerra atureino. O segundo tamén. Pero o terceiro, vendo que ían as cousas así, procurei dar clases. Así, tiven unha academia no pazo de Amarante, no que hoxe son os xulgados [actualmente xa non están neste edificio], na que estiven ata o ano 50 (Latas 1995: 54)[5].

A única miga de esperanza durante este tempo de medo foi a fundación do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento en novembro de 1943, dependente do CSIC, convertido en herdeiro espurio do SEG, co que colaborou dende o comezo ordenando os fondos bibliográficos. Pero a situación persoal mantívose ata 1950 en que despois de se presentar varias veces, sempre rexeitado polos antecedentes políticos, supera as oposicións de catedrático de Xeografía e Historia e vai para o Instituto Masculino de Lugo, onde desenvolveu, nos nove cursos que botou nesta cidade, un labor cultural extraordinario (Abel 2019).

Durante esta longa tempada de ostracismo só deixou de publicar durante sete anos, ata que en 1944 comeza de novo con "Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade", un tema relacionado coa súa terra, tamén obxecto de estudo nos seguintes traballos, que poñen de manifesto a gran cantidade de información que levaba recadado dende mozo: "El lobo en las tierras de Cotovad" (1945), "Máscaras y sermones del carnaval en Cotovad" (case é a versión castelá de "O Entroido nas terras do sul de Cotobade", 1946), "Dous romances de Galicia" (o primeiro artigo en galego despois da guerra, pero publicado en Portugal, 1946), "El 'garotiño'" (1946), "Notas del folklor de boda en Galicia" (1948), "Fiestas populares de Galicia: fiadeiros" (1949), "Notas entorno al maíz" (1960), "Influencia de la emigración al Brasil en tierras de Galicia" (1965), "A Pena Cadeira e dúas pedras

5 Figuraba como director un crego, Ramón Davila García, e aínda tivo problemas: "tan pronto saleu o nome de «Academia Menéndez Pelayo»… paf!... chegou un inspector de Facenda ou non sei que. Rodearon aquelo. Veu cinco ou seis veces un policía a ver se eu era dono de non sei que cousas… Por fin, non sei que cousa veu polo xuzgado, e era Fermín [Bouza-Brey] o xuíz, e zanxou a cousa, e acabouse. A academia estivo alí ata que eu salín catedrático, e incluso un tempo máis" (González Reboredo 1997: 20).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

máis" (1983), "El culto a las ánimas en Loureiro de Cotobade" (1987), "Desde o Antroido á Pascua: vida e costumes a comenzo de século" (as súas lembranzas de mozo en Loureiro, no primeiro cuarto do século XX, 1993), "Insuela, un lugar antigo e os nomes da parroquia" (1996), "O muíño nas terras do sul de Cotobade" (1997) e "O lugar e a casa onde nacín" (1999), que saíu do prelo a comezos do ano 2000, cando xa falecera, no que, ademais de describir a vivenda, aproveita para facer unha autobiografía dende o nacemento ata o ingreso no instituto de Pontevedra.

Ademais dos traballos citados, limitándonos só aos de carácter etnográfico, son tamén de grande interese os seguintes, nos que en varios deles tampouco falta algunha alusión a Cotobade: "Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovo, Xaneiras y Reyes" (1947), "Contribución al estudio del 'columpio' en Galicia" (1948), "Farsas de carnaval en Touro (Coruña)" (1951), "Notas del fuego en Galicia: la farsa de Dulcinea o la quema de la Pascua" (1953), "La farsa de Casadenaya (Antas de Ulla)" (1956), "Aportación al estudio folklórico del castaño, la castaña y el magosto" (1957), "La Virgen en el cancionero popular gallego" (1960), "Algunos seres fantásticos de nuestra tierra" (1969), "Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular" (1975), "La condesa de Pardo Bazán y el folklore" (1975), "Literatura popular en torno al casamiento, embarazo y parto" (1976), "Algunas creencias sobre el mar" (1978), "Algunas cantigas del mar" (1979), "Las costumbres populares gallegas en la literatura de Rosalía" (1986), "As almas do Purgatorio" (1986), "Sinodales de Tui: notas antropolóxicas" (1990), "O que eu sabía das serpes" (1992), "Leyendas y tradiciones del Camino de Santiago" (1993), "Variantes de algúns contos" (1993), "Peregrinaxe a Santiago e as romarías de Galicia: Lendas e tradicións" (1995), "O cancioneiro popular nas Rías Baixas" (1995), "Dos Maios e dos San Xoáns" (1995), "O pantalón chamado cirolas" (1995), "Recuerdo del molino y moler: algo de las 'muiñadas'" (1998), "Antropólogos de comezos de século: Don Manuel Vidal Rodríguez e Don Francisco Potel Pardal" (1998), "As festas populares" (1999), "As augas misteriosas" (1999) etc.

Moi importantes son os libros, colaboracións en congresos, homenaxes etc., nos que resume a rica bagaxe de experiencias, vivencias e coñecementos adquiridos ao longo de tantos anos. Entre os primeiros sobresaen: *La Galicia insólita: Tradiciones gallegas* (1973), *El traje gallego* (1985), *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade* (1985, na segunda edición pasou a titularse *Cantigueiro de Cotobade,* 1998), *Romarías e santuarios* (1988) e *A festa popular en Galicia* (1995). Das colaboracións en obras colectivas: "Literatura oral en Galicia" (*Evolución cultural de Galicia,* 1980), "Antropoloxía" (*Galicia Eterna*, II, 1984), "Do cancioneiro á mesa posta" (*Ciencia y Humanismo en la Alimentación,* 1995), e "O traxe tradicional de

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Galicia" (*Galicia Antropoloxía*, XXV, 1997). En actas de congresos e homenaxes: "Aportación al estudio del teatro popular en Galicia: la farsa de Ribadulla" (*I Congresso de Etnografia e Folklore, Braga, 1956,* 1963), "Algunos dichos y creencias acerca de los animales" (*Actas do Congresso Internacional de Etnografia. Santo Tirso, 1963,* 1965), "Influencia de la emigración al Brasil en tierras de Galicia" (*V Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros,* 1965), "O cambio familiar" (*Actas do Congreso Internacional da Cultura Galega,* 1992), "Desde o Antroido á Pascua: vida e costumes a comenzo de século" (*Homenagem a J. R. dos Santos Júnior,* 1993), "Lembranza de D. Xaquín Lorenzo Fernández" (*Tecnoloxía tradicional: dimensión tradicional e valoración antropolóxica,* 1996), "O folclore na obra de Sarmiento" (*Actas do Congreso "O Padre Sarmiento e o seu tempo",* 1997), "Lenda e poesía popular nas nosas rías, no noso mar" (*Antropoloxía Mariñeira. Simposio Internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde,* 1998) etc. (Méndez/Gómez/Vázquez 2006).

Como remate, non se pode esquecer a súa faceta de gran divulgador: por medio da palabra, como ameno conferenciante que facía por acudir a onde chamasen, e con artigos en xornais e revistas. Das primeiras non sabemos o número, pero das colaboracións en prensa hai constancia de máis de 1.300 das que un tanto por cento grande son etnográficas, inseridas en *El Ideal Gallego*, *La Noche, El Correo Gallego, O Correo Galego*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Lar* (Buenos Aires), *Vida Gallega*, *Outeiro* etc. (González Reboredo 2019b).

FONTES DE INFORMACIÓN: ORAIS E ESCRITAS

Comezou a recadar información na adolescencia, basicamente procedente de dúas fontes: a herdada, por formar parte dende o nacemento da comunidade que máis estudou, e a adquirida por medio do traballo de campo e a lectura.

Segundo contaba, as primeiras informantes das que botou man foron as dúas mulleres da casa: a nai e "mamá Antonia". A segunda era unha señora que estaba de criada con eles dende cando vivían os tíos avós (os que deixaran a súa nai por herdeira), da que sempre falou con enorme cariño:

> Con amor de nai coidou da miña infancia, polo que eu en xusta compensación chameille sempre mamá Antonia. Sen saber ler nin escribir pero dotada de gran memoria, ensinoume oracións, ditos, refráns e cántigas, lendas de santos, de mouros, de ladróns e contos de xentes que van de camiño (Fraguas 1985: 13)[6].

6 Segundo don Antonio, Antonia Pérez Estraviz era natural de Sobrado dos Monxes, serviu algún tempo en Monterroso e foi logo para Mondariz, onde casou e quedou viúva sen fillos. Como non a trataban ben, decidiu marchar e ao pasar por Insuela pediulle ao tío avó se a quería de criada e el aceptou, pasando o

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Tamén lle fixeron importantes achegas dúas curmás que vivían na aldea da Costa (Loureiro), de onde era o pai, Tersila e Xulia Fraguas, María Rodríguez do Brixel, algúns veciños de Insuela (Digna e o pai Xosé Rodríguez e Amable Cabirta), Manuel Malvar, coñecido por "Manuel da Costa", "home de gran imaxinación facía coplas para desafíos de traballos, cinzarradas, e de fiadeiro" (Fraguas 1985: 13), varias mozas das que só di que eran das parroquias de Valongo, Aguasantas e Loureiro, a señora Pilara da Corredoira e a filla Virxinia e, por último, o seu mestre da escola de Famelga, que aconsellara os pais para que estudase, co que sempre mantivo unha excelente relación, non só por esta e outras colaboracións (Fraguas 1947: 443), senón tamén por ir con el e cos alumnos algunha vez ao castro de Famelga:

> Fai máis de medio século había unha escola instalada nunha casa situada no campo da feira e o mestre, Don Antonio Vidal Proenza, quixo facer unha leución práctica no castro e levoume de director da curta excursión. Explicado o valor do antigo poboado fixemos unha cala e apareceo cerámica mui pobre e dous pedazos de muíño de lavadoiro, que levou pra escola como material de ensino (Fraguas 1988).

Para o traballo "O Entroido nas terras do Sul de Cotobade" (1930), ademais da experiencia de seu de vivir dende neno na zona, contou coa axuda dalgúns veciños, como o autor do sermón que reproduce de Aguasantas e Valongo, do que non di a que ano pertence: "Todas estas composizóns de caraiter tan popular son debidas a un rapaz do Tevoello (parroquia de Augasantas) chamado Manuel Caramés encarregado de darlle leitura en varias momadas" (1930: 93), así como de persoas maiores que sabían como se desenvolvía a festa na súa mocidade, antes de desapareceren algunhas manifestacións, como a dos "cichotos" (1930: 86). Non cita ningunha bibliografía.

En "O culto ós mortos" deixou constancia de que non fixo máis que lembrar o que escoitara moitas veces de neno:

> Todos istes contos que imos referir proceden da terra de Cotobade onde os ouvín moitas veces e cando era pequeno facíanme arrepiar os cabelos e buscar o mellor acougo posibre pra ollarme fora do zarronco (Fraguas 1931a: 42).

resto da vida coa familia. Tamén contaba que nos últimos anos quedara cega e que caeu da solaina da casa, que aínda non tiña varanda, a causa do que faleceu. Non coincide exactamente co que consta no asento de defunción do rexistro civil de Cotobade, no que se di que Antonia Pérez Estravid (sic) faleceu o 10 de xuño de 1927 aos 80 anos, que era natural de Mondariz, que morreu a consecuencia de "insuficiencia válvula aórtica" e que estaba "viuda ignorándose de quien así como si le queda sucesión".

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Cala o nome dos informantes pero, a diferenza do anterior, insire as primeiras citas bibliográficas: "O Pantasma" de F. Añón, *Supersticiones de Galicia* de Rodríguez López, *As cruces de pedra na Bretaña* de Castelao, un fragmento do romance *A morte da namorada* e o *Cancioneiro de Vila-Real* de Fernando C. Pires de Lima (Porto, 1928).

O seguinte foi unha pequena homenaxe á terra da nai, "Do folk-lore de Armeses-Listanco" (1931). Neste caso todos os datos proceden da familia ourensá, para onde fora traballar de canteiro e onde casara o avó materno, Miguel Fraguas García, natural de Loureiro, coa masidá María Carme Vázquez Gómez, o 17 de xaneiro de 1873 (González Pérez 2006: 29). Non fixo máis que botar man dos parentes: Felisa Fraguas, supoñemos que tía, e os irmáns Luísa, Xesusa, Serxio e Xosé Fraguas, sobriños da anterior e, polo mesmo, curmáns seus. Ademais contou coa colaboración para os debuxos do "querido amigo X. Lourenzo" (Fraguas 1931b: 221). Noutras publicacións tamén hai algunha alusión a esta parroquia, como na dedicada ao estudo do Nadal en Galicia (1947: 402). Non dá bibliografía.

Para "As lendas da Fonte Pormás" (1931) dispuxo de dous informantes: o principal, que lle proporciona canto refire do manancial, Manuel Cardelle Conde, do que só aclara que é "home de corenta e cinco anos, ten certa esprencia do ouro soterrado, pol-os relatos que seus finados lle fixeron". Tampouco di onde nacera, aínda que como a fonte está na freguesía da Casteñada (Arzúa), suponse que sería natural dela ou residente. O segundo informante é Xosé Raxó, que debeu vivir en Famelga, non lonxe de Insuela e, polo mesmo, da súa casa, que lle conta que na fonte do castro deste lugar se xuntaban as bruxas os sábados (Fraguas 1932: 218-219). Cita varias publicacións: "Catálogo dos castros galegos. Terra de Celanova" (*Nós*, 1928 e 1929); Apeles Mestres: *Folklore catalá y tradicións* (o título correcto é *Tradicións* da colección "Folklore catalá"); C. Cabal: "Mitología Ibérica" en *Folklore y costumbres de España*; F. López Cuevillas e F. Bouza Brey: "Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza", t. II dos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos;* A. del Llano: *Del folklore asturiano*; "Catálogo dos castros galegos. Bisbarra de Melide" (traballo en proceso de redacción no que el participa, que sairía no libro *Terra de Melide* en 1933), e un artigo de José Diago publicado na *Revista Lusitana,* 1917, do que non dá o título.

Esta publicación, sen ter en conta o libro colectivo de Melide, foi a última anterior ao 18 de xullo de 1936 e á desaparición do SEG.

Das que saen na posguerra só analizaremos as tres primeiras: "Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade" (1943-1944), "El lobo en las tierras de Cotovad" (1945) e "Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovo, Xaneiras y Reyes" (1947).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Aínda que a titulou "Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade", non describe máis de catro, "como algo que ya pertenecen al pasado y vive como recuerdo en la mente de unos cuantos que ayer cifraron su ilusión en tal porfía" (Fraguas 1943-1944: 96): "a pedriña", "o zamanquiño", "lipe" e "a cachola". Non consta ningún informante nin tampouco bibliografía, por non seren máis que lembranzas da súa nenez.

A seguinte publicación tamén está relacionada con Cotobade. Describe como era a "corrida do lobo" do Foxo da Anta, na parroquia da Corredoira, na que ademais participaban os veciños das lindeiras, encargándose de asustar o animal e pechar as cancelas que había nos muros ou sebes, en particular os de Insuela a "cancela torta". Conta que quen máis sabía de lobos era Pedro de Terrafeita ou o Sr. Vidal de Terrafeita que vivían neste lugar, agora abandonado, da freguesía de Loureiro, que non debeu chegar a coñecer, pois o único informante sobre este tema –segundo un artigo publicado no *Faro de Vigo* en 1989–, foi Bernardino Raxoi, que tomara parte na derradeira corrida que rematou coa morte dun dos cazadores por un disparo da súa propia escopeta. Non dá a data, pero debeu ocorrer a fins do século XIX (Fraguas 1945, 1989).

Na terceira publicación, malia que boa parte da información procede do territorio de Cotobade (Almofrei, Borela, Carballedo, Caroi, Loureiro, Rebordelo, Valongo, Viascón…), tamén recadou moita doutras zonas de Galicia (Arzúa, A Estrada, O Pino, Ponte Carreira, Ponteceso, Rubiá, Villestro-Santiago, Vimianzo, Santa Comba, Santiago de Compostela, Sobrado dos Monxes, Tomonde-Cerdedo…). Algunha por medio dos alumnos que tiña na academia Menéndez Pelayo, outra por investigación propia e por diferentes persoas (entre elas, o mestre de Famelga, Antonio Vidal Proenza), e a restante procedente de publicacións. É un bo traballo de recompilación, para o que tamén procurou variantes de aquí e de Portugal, non doado de facer agora, cando xa case non quedan persoas maiores que saiban (e menos enteiras) as cantigas e panxoliñas que tradicionalmente cantaban os nenos e a mocidade polo Nadal, Aninovo e Reis. Ademais dos informantes, dos que dá os nomes en cada caso, insire abundante bibliografía.

As tres restantes que saen na década dos anos corenta, segundo o título refírense a toda Galicia, pero, como ocorre case sempre nas súas publicacións etnográficas, é raro que non haxa algún dato procedente da súa terra: "Contribución al estudio del 'columpio' en Galicia" (1948), "Notas del folklor de boda en Galicia" (1948) e "Fiestas populares de Galicia: fiadeiros" (1949).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

EPÍLOGO: O GRANDE ETNÓGRAFO DE COTOBADE

Xosé Manuel González Reboredo, que, ademais de alumno, conviviu con don Antonio en varias institucións, salienta del dous trazos: a bonhomía e o afán descritivo (2006: 92).

O primeiro podémolo testificar cantos o tratamos, e para o segundo está a súa obra en xeral e a etnográfica en particular, doada de comprender por calquera lector, non só os artigos xornalísticos, senón os libros e traballos de investigación. Como o cualifiquei cando aínda vivía, era unha persoa que "sabe unir a graza co saber e o maxisterio coa sinxeleza de expresión" (González Pérez 1998: 51). Dos varios membros da súa xeración que tratei, era, sen dúbida, o máis ameno e tamén un dos que mellor sabía chegar a todos con palabras chás –non sen certa retranca algunhas veces–, que lembraban as dos labregos e canteiros do seu Cotobade natal.

Partindo de que a etnografía é o primeiro chanzo na escala dos estudos antropolóxicos (Lévi-Strauss 1970: 317 ss.), que se circunscribe ao traballo de campo, á recolleita e á descrición dos materiais, atinou ben González Reboredo ao definir a Antonio Fraguas como "etnógrafo puro", xa que:

> nin por formación, nin por estilo persoal non practicou estratexias do discurso antropolóxico como a descrición etnográfica densa […] Pola contra, limitouse sempre a contar historias "sinxelamente", como el gustaba dicir, aínda que eran sempre historias debidamente documentadas (2006: 92).

Outro estudoso da súa obra, António Medeiros, afirma que, malia que un antropólogo actual o considere como "um homem da *velha escola*", un etnógrafo ou folclorista, non sempre é así, xa que:

> em muitas outras ocasiões poderia aparecer referido como antropólogo *tout court*, ou ainda antropólogo social ou antropólogo cultural, possibilidades de reconhecimento consolidadas apenas nos anos mais recentes (Medeiros 2005: 6; 2006: 141).

Por último, para Manuel Vilar a súa obra, como a doutros do seu tempo, está dentro do que agora chamamos antropoloxía, pois non pretendía sentar cátedra, nin sinalar teoricamente un camiño, senón traballar por Galicia e a súa cultura e internacionalizala. Os seus traballos:

> tamén trataban realidades que tiña diante dos seus ollos, afectaban á sociedade do seu tempo e produciron un coñecemento dirixido a un público. O que fixo

> puido ser folclore ou puido ser etnografía naqueles tempos. Hoxe chamámoslle, simplemente, antropoloxía (2019: 37-38).

A súa obra relacionada coa cultura tradicional encádrase nos eidos da etnografía e do folclore, que eran as denominacións predominantes na época en que empezou a publicar. Algunha vez, xa moi de maior, empregou a palabra antropoloxía, coidamos que por primeira vez na obra colectiva *Galicia Eterna* (1984), posiblemente por suxestión do editor. Con posterioridade, agora por influencia da Ponencia (logo Sección) de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, creada a fins de 1986 e da que foi membro e coordinador, volveuna usar varias veces: "Comentarios de Antropoloxía na obra de Xosé María Castroviejo" (1989), "Sinodales de Tui: notas antropolóxicas" (1990), e no prólogo da segunda edición de *La Galicia insólita. Tradiciones Gallegas,* (afirma que o libro "es una exposición de temas de antropología cultural", 1990: 7). Tamén ao falar dalgúns etnógrafos: "Alberto Vieira Braga: ilustre antropólogo" (1993) e "Antropólogos de comezos de século: Don Manuel Vidal Rodríguez e Don Francisco Potel Pardal" (1998).

Un percorrido pola súa cumprida biblioteca amosa que coñecía as obras dos grandes antropólogos e de síntese sobre teoría antropolóxica, agora ben, cómpre advertir que a maioría son edicións que cadran coas tres últimas décadas da súa existencia, polo que influíron pouco ou nada no labor que viña facendo dende mozo, centrado na descrición directa e sinxela dunha cultura que coñecía de sempre e que na última tempada da vida, en moitos aspectos, xa non era máis que unha sombra esvaecida do que fora. Nos andeis non faltan libros relacionados coa cultura tradicional (etnografía, folclore, antropoloxía), de autores norteamericanos, británicos, franceses, alemáns, portugueses, españois e das diferentes comunidades (González Reboredo 2019a: 107 ss.).

Como outros investigadores coevos, decidiu manterse na liña que trazara de mozo, considerando o seu traballo como unha achega para o futuro, para os antropólogos de agora, cando das manifestacións que recolleu non queden máis que as súas descricións, convencido de que pertencía a unha das últimas xeracións que viviu esa cultura, ese xeito propio de ser, traballar e divertirse, que se ía perder para sempre dentro de poucos anos engulido pola tecnoloxía e os medios de comunicación.

Sen o labor de Antonio Fraguas e doutros etnógrafos e folcloristas anteriores e posteriores, os antropólogos de hoxe en día carecerían de moitas fontes de información de grande interese, non posibles de recuperar cando as manifestacións e os que as practicaban xa desapareceron.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Bibliografía primaria

IEGPS: SEG (1935) = Instituto de Estudios Gallegos P. Sarmiento: Fondo *Seminario de Estudos Galegos: correspondencia*.

Bibliografía secundaria

Abel Vilela, Adolfo de (2019): *Antonio Fraguas Fraguas. Lugo, a etapa da liberdade e do recoñecemento intelectual e social (1950-1059)*. Lugo: Concello.

Fraguas Fraguas, Antonio (1927): "Compostela al día. Un artista olvidado. Uxío Souto", *El Pueblo Gallego* 8/X/1927, 9.

———— (1929): "Unha serán na catedral", *A Nosa Terra* 261, 9-10.

———— (1930): "O Entroido nas terras do sul de Cotobade", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 77, 84-94.

———— (1931a): "O culto ós mortos", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 87, 42-46.

———— (1931b): "Do folk-lore de Armeses-Listanco", *Nós* 96, 221-227.

———— (1932): "As lêndas da Fonte Pormás", *Nós* 108, 218-221.

———— (1933): "Domingo de ramos na aldea", *Cristal* 10, 23.

———— (1935): "Nos cantamos?", *Logos* 47, 95-96.

———— (1943-1944): "Juegos infantiles de Loureiro de Cotovade", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 14, 95-102.

———— (1945): "El lobo en las tierras de Cotovad", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* XV, 129-137.

———— (1947): "Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovos, Xaneiras y Reyes", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* 3(3-4), 401-446.

———— (1968): "Sebastián González García-Paz. Notas da súa vida e de seu tempo", *Grial* 21, 334-357.

———— (1985): *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade*. Trasalba (Ourense): Fundación Otero Pedrayo.

———— (1987): "El culto a las ánimas en Loureiro de Cotobade", *Gallaecia* 9-10, 271-278.

———— (1988): "O castro de Famelga", *Faro de Vigo* 13/II/1988.

———— (1989): "O derradeiro lobo no Foxo da Anta", *Faro de Vigo* 8/VIII/1989.

———— (1990): *La Galicia Insólita. Tradiciones Gallegas*. 2ª ed. Sada: Ediciós do Castro.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1997): "O muíño nas terras do sul de Cotobade", en *1as Jornadas Nacionales sobre Molinología: Santiago de Compostela, 22 a 25 de noviembre de 1995*. Sada: Ediciós do Castro, 13-17.

———— (1999): "O lugar e a casa onde nacín", *Grial* 144, 621-629.

———— (2019): *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*. A Coruña: Real Academia Galega. https://doi.org/10.32766/rag.342

González Pérez, Clodio (1998): *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben,* Vigo: Ir Indo edicións.

———— (2006): "Antonio Fraguas Fraguas. Vida e obra, 1905-1999", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, [24]-89.

González Reboredo, Xosé Manuel (1997): "Notas dunha conversa con Antonio Fraguas", *Revista galega do ensino* 17, 13-34.

———— (2006): "O etnógrafo Antonio Fraguas", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, [90]-117.

———— (2019a): "Antonio Fraguas. O profesor de xeografía e o etnógrafo de Cotobade", en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 97-129.

———— (2019b): "Antonio Fraguas, articulista divulgador da cultura galega", en Luís Cochón e Justo Beramendi (eds.), *Antonio Fraguas: laboris causa. Trigo limpo candeal.* Cadernos Ramón Piñeiro XXXIX. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 249-262.

Latas, Ramón (1995): "Antón Fraguas Fraguas, cronista oficial de Galicia", *Encrucillada* 95, 53-56.

Lévi-Strauss, Claude (1970): *Antropología estructural.* Buenos Aires: Eudeba, Editorial Universitaria de Buenos Aires.

López Cuevillas, Florentino (1928): "Prehistoria galega. Nota en col de unha inscultura inédita de Tenoiro", *Vida Gallega* 374, [sen paxinar].

Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento.* Sada: Ediciós do Castro.

Medeiros, António (2005): "Evocações: Um polígrafo galeguista, a etnografia e a presença da morte na Galiza contemporânea", *Adra* 0, 5-18.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 165-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (2006): *Dois lados de um rio. Nacionalismo e etnografias na Galiza e em Portugal,* Lisboa: Instituto de Ciências Sociais da Universidade de Lisboa.

Méndez García, Rosa M.ª, Patricia Gómez España e Sandra Vázquez Gómez (2006): "Bibliografía", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 258-267.

Vilar Álvarez, Manuel (2019): "Don Antonio Fraguas Fraguas na Antropoloxía", *Raigame* 43, 36-43.

Etnografía e antropoloxía no contexto galego do século XXI. Situación e perspectivas de futuro

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 187-197
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.767

ANTROPOLOXÍA(S) EN GALIZA NA ACTUALIDADE

CURRENT ANTHROPOLOGY(S) IN GALIZA

Cristina Sánchez-Carretero
Consello Superior de Investigacións Científicas

Resumo: O obxectivo deste artigo é facer unha cartografía da institucionalización da antropoloxía na Galiza actual en diferentes ámbitos, entre outros, universidades, organismos públicos de investigación, museos e empresas. Este percorrido presentarase a través do eixe da estabilidade-precariedade da antropoloxía, analizando os efectos desta tensión. Para poder facer a cartografía o artigo artéllase en tres partes. Primeiro preséntase a modo de contexto histórico unha selección de fitos que marcan o desenvolvemento da antropoloxía en Galiza. Segundo, preséntanse os ámbitos, institucións e escalas da(s) antropoloxía(s) na actualidade; e, por último, explícanse os proxectos asociativos de tipo profesional da antropoloxía través da Asociación Galega de Antropoloxía (Agantro) e a participación desta a nivel estatal cos cambios nos últimos anos producidos na Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAEE).

Abstract: The purpose of this article is to make a cartography of the institutionalization of anthropology in present day Galicia in different areas, among others, university, public research bodies, museums and companies. This mapping process will be presented through the axis of stability-precariousness of anthropology, while analysing the effects of this tension. To be able to do it, the article is structured in three parts. First, a selection of milestones that mark the development of anthropology in Galicia are presented as a way to introduce a brief historical context. Second, the article introduces current fields, institutions, and scales in which anthropology is practiced today. Finally, the article introduces the professional associative projects of anthropology in Galicia through the Galician Association of Anthropology (Agantro) and its participation at state level within the Spanish Association of Anthropology (ASAEE).

Palabras chave: antropoloxía, Galiza, cartografía, estabilidade, Agantro, ASAEE.

Key words: anthropology, Galicia, cartography, stability, Agantro, ASAEE.

INTRODUCIÓN

Grazas a que o Museo do Pobo Galego, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e a Fundación Antonio Fraguas decidiran facer un simposio como homenaxe a Antonio Fraguas, tiven a oportunidade de participar na mesa redonda "Etnografía e Antropoloxía no contexto galego do século XXI. Situación e perspectivas de futuro", coordinado por Luzia Oca. Recibín un encargo complicado, facer unha cartografía da institucionalización da antropoloxía en Galiza na actualidade. Neste artigo vou describir a situación da disciplina nun momento concreto, finais da segunda década do século XXI. Centrareime, entre outros, en ámbitos da universidade, organismos de investigación, museos e empresas na Galiza actual.

Antes de describir a situación actual, exporei un breve percorrido polos principais fitos da historia da disciplina, a modo de contexto. Non obstante, o propósito deste artigo non é facer unha detallada revisión histórica da antropoloxía en Galiza. Para iso temos traballos específicos deste tema, como por exemplo o recente traballo de Xerardo Pereiro (2018), a revisión do papel da antropoloxía galega incluída na investigación feita por Nieves Herrero sobre o ensino de antropoloxía en secundaria (Herrero 2015) e moitos outros traballos desta materia publicados desde a década de 1990 (Rodríguez 1991, 2007; Fernández 1992; González 1997; Pereiro 2001; Medeiros 2006; Cardesín 2009; Alonso /Roseman 2012).

1. BREVE PERCORRIDO POLO DESENVOLVEMENTO DA ANTROPOLOXÍA EN GALIZA

Poderíase facer unha descrición deste percurso atendendo a diversos factores: desde os marcos globais da xeopolítica da evolución das disciplinas, desde as persoas (como Antonio Fraguas, xa que formou parte da Sección de Etnografía do Seminario de Estudos Galegos, foi presidente da mesma sección no Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento e director do Museo do Pobo Galego, entre outros cargos), desde as dinámicas socias (papel das mulleres no desenvolvemento da antropoloxía, desde unha lectura de clases sociais, das loitas identitarias...). Simplemente vou ofrecer algúns fitos –de xeito case telegráfico– que marcan a liña do tempo da antropoloxía para poder centrarnos na actualidade.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

1.1. Século XIX: Protoantropoloxía

Concordo con Xerardo Pereiro en que un fito institucional importante para a antropoloxía foi a creación en 1884 da Sociedade El Folk-lore Galego, na Coruña, presidida por Emilia Pardo Bazán, seguindo o modelo das sociedades de folclore que comezaron coa británica Folklore Society, fundada en 1878 por William Thoms (promovida por Eliza Gutch). O modelo implantouse en Andalucía coa creación da sociedade El folk-lore Andaluz en 1881, fundada por Antonio Machado y Álvarez. Esta secuencia foi a base fundacional da antropoloxía na maioría dos países europeos e americanos e está tamén na orixe da antropoloxía no resto de España (Prat 1991; Herrero 2015: 21).

1.2. Fitos desde 1900 a 1975

Algúns dos principais fitos neste período relativos ao desenvolvemento da antropoloxía como disciplina son:

– Creación da Real Academia Galega na Coruña (1906).
– Creación do Seminario de Estudos Galegos (1923), coa Sección de Etnografía presidida por Vicente Risco e a súa revista asociada, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* (1927-1934), que inclúe artigos que xa van recollendo metodoloxías de traballo de campo, e onde os obxectos de investigación se van ampliando (relacións campo-cidade, relacións de xénero). Foi un período moi produtivo desenvolvido na mesma liña que o resto das tradicións antropolóxicas do contorno: moita influencia da visión de Herder de que o campesiñado era "a alma do pobo", visións evolucionistas da cultura e das teorías das supervivencias (en relación coa etnolingüística alemá e dos países nórdicos), centradas no estudo das bases "culturais" das nacións (Pereiro 2018: 59).
– A Guerra Civil marca profundamente o desenvolvemento de todas as disciplinas de pensamento crítico, como no resto do Estado.
– Creación do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS) do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), en 1944, coa Sección de Etnografía presidida por Vicente Risco, primeiro, e por Antonio Fraguas, despois.

Fago un inciso aquí porque penso que o tema da memoria democrática, vencellada aos materiais que forman parte do legado do Seminario de Estudos Galegos, precisa dun traballo entre institucións desde o punto de vista dos patrimonios incómodos e do conflito. É importante reflectir que facer e cal debe ser a institución que custodie, conserve e poña á disposición da cidadanía este legado. É

un tema que poño encima da mesa a título persoal e que necesita un profundo debate: é o CSIC a institución que os debe acoller na actualidade? Deberían estar nunha institución pública galega? No marco conceptual dos patrimonios disonantes ou incómodos é desde onde penso que é importante tratar o tema de que facer co patrimonio vencellado ao Seminario de Estudos Galegos depositado, en parte, no IEGPS. Formando parte deste legado, na biblioteca do IEGPS existen 27 caixas de materiais do SEG que inclúen, entre outras cousas, correspondencia e actas. Do mesmo xeito, pero sen estar vencellado ao SEG, tamén se custodian alí oito caixas cos materiais do "Pre-estatuto de Autonomía de Galicia" (1932-1936). Este é un debate importante, que precisa de diálogo e propostas concretas, aínda que sexa para decidir que permanezan no mesmo sitio.

1.3. Fitos desde 1975 ata o fin do século XX

Coa chegada da democracia asistimos a importantes fitos relativos á historia da antropoloxía:

– Creación do Museo do Pobo Galego en 1976.
– Creación do Consello da Cultura Galega en 1983, coa sección de Antropoloxía Cultural presidida por Xosé Manuel González Reboredo.
– Creación da Sección de Etnografía na Consellería de Cultura da Xunta.

A partir da década de 1970, publícanse moitos traballos de antropoloxía sobre Galiza, como os de Carmelo Lisón Tolosana, Javier San Martín, Marcial Gondar, José Antonio Fernández de Rota, Xaquín Rodríguez Campos, Raúl Iturra, Brian O'Neill, Xosé Ramón Mariño Ferro, Xosé Manuel González Reboredo, Fidalgo Santamarina, Manuel Mandianes ou Xosé Carlos Sierra Rodríguez (Pereiro 2018: 59).

Na década de 1990, tres fitos importes para o desenvolvemento da Antropoloxía galega son:

– A creación do doutoramento en Antropoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (1990-95).
– A creación, en 1993, da Asociación Galega de Antropoloxía (hoxe Agantro), que organizou dous congresos estatais: en 1997 o Congreso Ibérico de Estudantes de Antropoloxía, e no ano 1999 o congreso da Federación de Asociacións do Estado Español (FAAEE, actualmente a ASAEE).
– O premio de antropoloxía Vicente Risco, iniciado en 1994 pola editorial Sotelo Blanco.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A finais do século XX, como explica Pereiro,

> Sen diñeiro para investigar fóra de Galiza, abondaron os estudos de comunidades (aldeas, parroquias, vilas, comarcas rurais, barrios urbanos), os estudos temáticos de problemas sociais como a pesca, a saúde, o xénero, as migracións, as mudanzas socioculturais ou o interculturalismo (Pereiro 2018, 60).

Nas últimas décadas do século XX temos, de novo, moita investigación antropolóxica (teses doutorais, proxectos financiados polas administracións) e moita presenza da antropoloxía nas tres universidades galegas, que contan con profesionais como José Antonio Fernández de Rota, Marcial Gondar, Fidalgo Santamarina, Xaquín Rodríguez Campos, Nieves Herrero, Mar Llinares, José María Cardesín, Henrique Couceiro, Carmen Lamela, Antonio Garcia Allut, Luís Gárate Castro, Fátima Braña Rey, Elena Freire e moitas outras persoas.

Nesas décadas tamén se produce moita investigación antropolóxica sobre Galiza realizada desde fóra de Galiza. Quero mencionar nomes como António Medeiros, Sharon Roseman, Heidi Kelley, William Kavanagh, Juan Vicente Palerm, Joseba Zulaika, Humberto Martíns, Paula Godinho, Nancy Frey ou Staffan Mörling, e moitas outras persoas que fan de Galiza o seu campo de investigación antropolóxica.

1.4. Fitos no século XXI

No ano 2007 comeza no Estado español o primeiro ciclo universitario en Antropoloxía. Debido á ausencia dun grao específico en Galiza –exceptuando o grao da UNED–, moitas persoas fórmanse en universidades de diferentes comunidades autónomas. Outro logro importante para a disciplina é que desde 2009 a antropoloxía pasa a ser unha unidade curricular optativa no ensino secundario, cun manual específico escrito por Eva Garea Traba e editado por Xerais (2009).

A antropoloxía no século XXI ten tamén presenza noutros ámbitos, como os museos (Museo do Pobo Galego e Museo Etnolóxico de Ribadavia, entre outros), fundacións (como a Fundación Vicente Risco) e empresas (como MaOs, o AbOrigine ou Foot in Spain[1]); tamén temos presenza de especialistas en empresas asentadas en Galiza, como designthinking.gal. Outro fito importante para o desenvolvemento da nosa disciplina é a creación en 2010 do Instituto de Ciencias

1 maos.gal, antropoloxia.wordpress.com e www.onfootinspain.com, respectivamente.

do Patrimonio (Incipit) do CSIC, con sede en Santiago de Compostela e cunha especialidade de antropoloxía[2].

Un dos fitos importantes destes últimos anos é a celebración en Santiago de Compostela, en abril de 2019, do Congreso da Asociación Internacional de Etnoloxía (SIEF) organizado por Agantro, onde se xuntaron preto de 900 antropólogos e antropólogas. Participaron na súa organización todas as universidades galegas, o CSIC, a UNED e a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD).

2. CARTOGRAFÍA DOS ÁMBITOS, INSTITUCIÓNS E ESCALAS DA(S) ANTROPOLOXÍA(S) NA ACTUALIDADE

Despois de presentar o panorama dalgúns dos fitos que marcan o longo camiño da(s) antropoloxía(s) en Galiza, voume centrar no reto de proporcionar un bosquexo da situación actual da nosa disciplina, poñendo a dialogar estabilidade con precariedade, e analizando os ámbitos nos que esta tensión se desenvolve.

Dentro do ámbito de institucións académicas (universidades e organismos públicos de investigación), se cruzamos os datos desde a perspectiva laboral, atopámonos cunha situación bastante inestable:

– No ano 2019, na Universidade de Santiago de Compostela hai tres persoas estabilizadas na área de Antropoloxía social (nos campus de Santiago e no de Lugo), pero ningunha cátedra da nosa disciplina[3].
– Na Universidade da Coruña, hai tres persoas adscritas á área de Antropoloxía entre os campus de Ferrol e A Coruña.
– Na Universidade de Vigo hai unha persoa.
– No Incipit, CSIC, hai dúas persoas con prazas fixas en antropoloxía.
– Tamén temos un antropólogo galego traballando desde Galiza como profesor na UNIR, unha universidade privada en liña.

Outras institucións que tamén teñen persoal de antropoloxía estable e que ofertaron postos con este perfil son o Museo do Pobo Galego (unha persoa), e o Consello da Cultura Galega (outra persoa). En total, no territorio galego, somos doce persoas en sete institucións diferentes, tanto públicas como privadas, as que contamos con posicións estables adscritas a áreas de Antropoloxía. Dentro das

2 O CSIC ten dous institutos de investigación na área de ciencias humanas e sociais en Galiza: o IEGPS e o Incipit, centrado no estudo interdisciplinario do patrimonio como problema de investigación. O Incipit, dentro da especialidade de antropoloxía, desenvolve unha liña de estudos sobre patrimonio e conflito.

3 Sirva este artigo como recoñecemento ao labor de Xaquín Rodríguez Campos, que se xubilou en 2019 e ostentaba a única cátedra de Antropoloxía en Galiza.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

áreas de Cultura ou Patrimonio da Xunta de Galicia, até o de agora, non existen prazas con perfís de antropoloxía. Aínda que existen persoas formadas en antropoloxía desenvolvendo o seu traballo dentro das administracións públicas, as súas prazas non foron convocadas con perfís asociados á antropoloxía. Temos unha situación moi diferente á doutras comunidades autónomas, como Cataluña, País Vasco, Andalucía ou Madrid.

Son tempos difíciles porque, se non comezamos a desenvolver activamente estratexias conxuntas de política institucional, en poucos anos pode que case sexa anecdótica a presenza da antropoloxía nas universidades galegas. De feito, a única universidade que imparte un grao de Antropoloxía en Galiza é a UNED, que non conta aquí con persoal estable.

Pero, fóra dos ámbitos públicos e da estabilidade laboral, que temos? Ante todo, un gran desequilibrio entre a limitada estabilidade e a tremenda actividade dentro doutros ámbitos. No empresarial, como xa comentei entre os fitos do século XXI, contamos con varias empresas de antropoloxía que veñen desenvolvendo o seu labor: Ab-Origine e MaOs, e tamén persoas con formación en antropoloxía que están a traballar para empresas que as contrataron polo seu perfil (designthinking.gal) ou que parten de especialistas en antropoloxía como On Foot in Spain.

Dentro dun ámbito que poderiamos cualificar como "individual", moi vencellado á precariedade, temos moita xente moi ben formada, tanto en Galiza como en universidades onde se imparten graos, non só en España, senón tamén en Portugal e noutros países. Como exemplo, podemos mencionar algunhas das persoas que leron teses de doutoramento nos últimos anos: Miguel Martínez, Henrique Alonso Población, Diego Amoedo, Bibiana Martínez etc. Entre estes encontramos quen retorna a Galiza intentando crear espazos para o desenvolvemento da antropoloxía e outros que tiveron que marchar pola escasa estabilización laboral neste campo.

Vencellado a isto tamén está o ámbito da(s) antropoloxía(s) feita(s) por galegos/as emigrantes noutros lugares. Sirva como exemplo que na mesa redonda da que é froito este artigo, dedicada á "Antropoloxía no contexto galego do século XXI", dúas das tres persoas galegas que están nela, Luzía Oca e Xerardo Pereiro, están a desenvolver a súa profesión na UTAD, no norte de Portugal.

3. PROXECTO AGANTRO E ASAEE

Outro dos ámbitos de desenvolvemento da Antropoloxía é o marco asociativo. Voulle dedicar unha sección á Asociación Galega de Antropoloxía (Agantro), a asociación que vincula os profesionais da antropoloxía en Galiza e a novación que está a ocorrer a nivel estatal coa recente refundación da Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAEE), pero tamén quero mencionar outros proxectos

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

asociativos moi activos, como SAGA, dedicada ao desenvolvemento da antropoloxía (o seu presidente, Rafael Quintía, forma parte da directiva de Agantro).

Agantro creouse no ano 1993 como asociación profesional. Actualmente está completamente adaptada á nova lexislación de asociacións e continúa sendo, como foi desde o seu comezo, a interlocutora a nivel autonómico en temas de antropoloxía. O seu obxectivo, tal e como se menciona na web de Agantro, é:

> mellorar a profesionalización e desenvolver a Antropoloxía, abrindo canles de comunicación coas administracións, incidindo na inclusión da nosa disciplina naquelas actividades culturais e ofertas de emprego correspondentes á nosa formación. Mais tamén apoiar a posta en valor das múltiples ramificacións da cultura galega e xerar un foro de debate e comunicación no que teñan cabida os diferentes xeitos de entender e practicar a Antropoloxía alén da academia, tendendo pontes e fortalecendo as relacións co tecido asociativo que durante tantos anos mantivo viva a investigación e a divulgación (http://agantro.org).

Na actualidade Agantro traballa principalmente en tres liñas de actuación: (1) ampliación da oferta de traballos vencellados á antropoloxía; (2) organización de xornadas e congresos: ten un congreso anual que se vén desenvolvendo en diferentes lugares (Santiago 2017, Ferrol 2019, e Allariz 2020); (3) premios: hai un premio "Agantro" ao mellor audiovisual de contido antropolóxico no festival de cine etnográfico MICE do Museo do Pobo Galego.

Nos anos 2018 e 2019, a maior parte dos esforzos de Agantro concentrouse na organización do XIV congreso da Asociación Internacional de Etnoloxía (SIEF) en Santiago de Compostela en abril de 2019, cun impacto importante a nivel nacional e internacional. Ademais, conseguiuse unha axuda da Fundación Wenner-Gren, especializada en antropoloxía, de 20.000 dólares e puidéronse conceder máis de 150 bolsas de estudos e axudas de viaxe a estudantes de todo o mundo. Para a organización do congreso, Agantro firmou un convenio coa Xunta, e tamén obtivo axudas das diferentes universidades, CSIC, Deputación da Coruña e varias empresas. O impacto continuará nos vindeiros anos xa que no próximo congreso de SIEF en Helsinqui (2021) entregaranse as conferencias plenarias do congreso de Santiago[4].

Desde o primeiro momento da súa fundación, Agantro vén representando a antropoloxía galega a nivel estatal e ten un papel moi activo no conxunto das asociacións recoñecidas dentro do que fora a Federación de Asociacións

4 A información do congreso de SIEF en Santiago e os vídeos das plenarias pódense ver na URL: https://www.siefhome.org/congresses/sief2019 (acceso 20-12-2019).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

de Antropoloxía (FAAEE) que recentemente se transformou na Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAEE). Beatriz Santamarina, última presidenta da FAAEE e primeira da ASAEE, iniciou en 2014 un complexo proceso que culminou en outubro de 2017: poder ter unha voz máis forte e ter un dispositivo de interlocución coas estruturas supraautonómicas para o desenvolvemento da antropoloxía. A ASAEE recolle o testemuño da FAAEE que, a grandes liñas, foi o nexo de coordinación e comunicación múltiple entre as Asociacións de Antropoloxía existentes no Estado, desde os anos oitenta ata outubro de 2017.

As orixes da FAAEE hai que rastrexalas no II Congreso de Antropoloxía, celebrado en Madrid en 1981, cando se comezou a discutir a posibilidade de crear un mecanismo que permitise unha mellor comunicación entre as asociacións fundadas naquel momento, así como a idea de xerar novas asociacións naquelas comunidades autónomas nas que non as había[5]. En Santiago de Compostela celebrouse en 1999 o VIII Congreso FAAEE de Antropoloxía co lema *Las identidades y las tensiones culturales de la modernidad. Homenaje a la Xeración Nós*[6].

ASAEE tamén incorpora outros dous alicerces do desenvolvemento da Antropoloxía: a Comisión Estatal del Grado en Antropología (CEGA) e a Comisión de Profesionalización de la Antropología (CPA). No seu deseño, a ASAEE achega unha novidade estrutural fronte á antiga federación de asociacións territoriais xa que vencella as asociacións territoriais e profesionais aos departamentos universitarios, a outros organismos de Antropoloxía (museos, empresas e organismos públicos de investigación) e ofrece a posibilidade de asociarse de xeito individual. Está formada por tres comisións:

– Comisión de Asociacións: que reorganiza o traballo que antes se facía desde a FAAEE
– Comisión Académica: que incorpora os diferentes departamentos universitarios
– Comisión Profesional: que incorpora tamén empresas, museos e organismos públicos de investigación

A presenza e o dinamismo de Agantro dentro de ASAEE é importante, con dous museos na comisión profesional, dúas empresas e un organismo de investigación. A Universidade da Coruña xa confirmou a súa inclusión nesta estrutura e esperamos que a Universidade de Santiago, a Universidade de Vigo e a UNIR axiña estean representadas tamén.

5 A información desta sección está baseada na web de ASAEE, https://asaee-antropologia.org.

6 Pódese ver a información do congreso de 1999 en https://asaee-antropologia.org/congresos/viii-congreso-de-antropologia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

4. A MODO DE PECHE

O mapa da estabilidade profesional da antropoloxía en Galiza reflicte unha situación de vulnerabilidade grave, representada polo reducido número de postos estables vencellados a esta área –unicamente doce en 2019– e distribuídos en moitas institucións (sete). Esta situación implica unha dispersión moi difícil de artellar. Necesitamos de xeito urxente ter unha diagnose máis detallada da antropoloxía en Galiza, seguindo a liña do traballo que fixo a Asociación Portuguesa de Antropoloxía sobre "O perfil do Antropólogo en Portugal"[7]. Unha proposta de traballo coma esta necesitaría un claro apoio desde organismos públicos como, por exemplo, o Consello da Cultura Galega.

Neste sentido, o campo da antropoloxía necesitaría, polo menos, recuperar a presenza institucional que tiña nas décadas de 1980 e 1990, cando había unha Sección de Etnografía na Consellería de Cultura da Xunta e unha Sección de Antropoloxía no Consello da Cultura Galega, para poder garantir formas de reprodución do coñecemento antropolóxico. Temos que ter en conta que a antropoloxía, entre outras cousas, ten ferramentas para entender desde dentro as normas non escritas do comportamento social. Polo tanto, as nosas miradas críticas son esenciais para comprender a nosa sociedade e imaxinar cara a onde queremos ir. Temos moitos lumes que apagar ou ter máis controlados. Por esta razón, xuntar apoios é decisivo no fortalecemento da presenza social da nosa disciplina.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Poboación, Enrique e Sharon. R Roseman (eds.) (2012): *Antropoloxía das mulleres galegas. As outras olladas*. Vigo: Sotelo Blanco.

Cardesín, José María (2009): "Antropología e historia de Galicia", *Minius* 17, 167-190.

Fernández de Rota, José Antonio (1992): "La antropologia gallega a debate", *Anales de la Fundación Joaquín Costa* 9, 123-145.

Garea Traba, Eva (2009): *Antropoloxía. Bacharelato*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

González Reboredo, Xosé Manuel (coord.) (1997a): *Arquitectura. Economía*. Antropoloxía XXIII. A Coruña: Hércules de Ediciones.

———— (1997b): *Tecnoloxía agraria. Oficios*. Galicia. Antropoloxía XXIV. A Coruña: Hércules de Ediciones.

7 Pódense ver os resultados na web da APA, https://www.apantropologia.org/apa/pap-divulgacao-de-resultados. Agradecemos á APA o seu apoio a Agantro no proceso de revitalización da antropoloxía en Galiza.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1997c): *Mariñeiros. Creación estética*. Galicia. Antropoloxía XXV. A Coruña: Hércules de Ediciones.
———— (1997d): *Artesanía. Sociedade*. Galicia. Antropoloxía XXVI. A Coruña: Hércules de Ediciones.
———— (1997e): *Relixión. Creenzas. Festas*. Antropoloxía XXVII. A Coruña: Hércules de Ediciones.
———— (1997f): *Imaxinario. Literatura popular*. Galicia. Antropoloxía XXVIII. A Coruña: Hércules de Ediciones.
———— (1997g): *Historia da Antropoloxía. Patrimonio etnográfico*. Galicia. Antropoloxía XXIX. A Coruña: Hércules de Ediciones.
Herrero, Nieves (2015): "La antropología en la enseñanza secundaria en Galicia", *Quaderns-e* 20 (1), 20-36.
Medeiros, António (2006): *Los dos lados de un río. Nacionalismos y etnografías en Portugal y en Galicia.* Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
Pereiro, Xerardo (2001): "Reflexão sobre a antropologia na Galiza de hoje", *Etnográfica* 10, 117-127. http://hdl.handle.net/10348/4695
———— (2018): "A Antropoloxía e a cultura galegas", *Grial* 220, 57-63.
Prat, Joan (1991) "Historia. Estudio introductorio", en Joan Prat (ed.), *Antropología de los pueblos de España*. Madrid: Taurus, 13-33.
Rodríguez Campos, Xaquín (1991) "La etnografía clásica de Galicia: ideas y proyectos", en Joan Prat (ed.), *Antropología de los pueblos de España*. Madrid: Taurus, 99-111.
———— (2007): "Un ollar á Historia", *Revista das Letras* 670 (31/V/2007), 2.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 199-221
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.768

A PATRIMONIALIZACIÓN E A MUSEALIZACIÓN DOS BENS ETNOGRÁFICOS EN GALICIA. PASADO, PRESENTE E PORVIR

PATRIMONIALIZATION AND MUSEALIZATION OF GALICIAN ETHNOGRAPHIC GOODS. PAST, PRESENT AND FUTURE

Xosé Carlos Sierra Rodríguez
Museo do Pobo Galego

Resumo: Comeza o artigo percorrendo sumariamente os ensaios musealizadores do século XIX, vinculados ao nacemento en Galicia do folclore e da etnografía. Seguidamente transitamos polo itinerario musealizador do século XX e diferenciamos tres etapas: o primeiro terzo do século, o franquismo e, finalmente, a inflación museística do período democrático. Esta última etapa caracterízase pola multiplicación de museos locais e municipais. Boa parte destes museos carecen de criterios museolóxicos e non desenvolven a reflexión necesaria sobre o patrimonio cultural que lles afecta.

Abstract: This paper proposes an initial overview of the different musealization attempts that bind together the birth of ethnography and folklore in nineteenth century Galicia. Subsequently, we propose an analysis of the twentieth century musealization itineraries, distinguishing three different phases: the first third of the century, the years of Franco's dictatorship, and, finally, the museum inflation of the democratic years. This last stage is characterised by the multiplication of local museums, which tend to lack museological criteria and fail to propose a proper reflection upon the cultural heritage that affects them.

Palabras chave: folclore, etnografía, patrimonialización, musealización, exposición, identidade, mirada etnográfica, sistema arte-cultura.

Key words: Folklore, ethnography, heritagization, musealization, exhibition, identity, ethnographic view, art-culture system.

PERTINENCIA E ENCADRAMENTO DESTE RELATORIO

Non foi escrita aínda unha historia completa e detallada da institución museal en Galicia[1], pero si dispoñemos de numerosas achegas que nos permiten situar no tempo e no espazo o museo e o coleccionismo galegos. Tal historia precisa dun encadramento que contextualice o fenómeno no marco social, político e cultural, que outorgue pertinencia a cada museo e entenda procesualmente o dispositivo da musealización. Ao tempo, cómpre trazar as liñas dos diferentes procesos e relacionar a musealización coas figuras e entidades implicadas e interesadas na incorporación da figura museal á sociedade galega de cada momento. Cómpre igualmente establecer criticamente o encaixe de cada museo dentro dos campos disciplinares academicamente establecidos e examinar se os clixés que deles se derivan dan acomodo doado ás tipoloxías museísticas utilizadas entre nós.

Falar desta cuestión tendo a personalidade de Antonio Fraguas Fraguas como referente supón remitir a acción musealizadora e certas creacións museísticas á experiencia vital deste etnógrafo-folclorista, xeógrafo e historiador. Fraguas encaixa estritamente no século XX e a súa traxectoria é a de Galicia durante o pasado século. Nace en 1905 e falece en 1999, período secular tras o cal transcorre a experiencia musealizadora en Galicia e a asunción do patrimonio cultural como expresión moralizada na linguaxe académica, xurídica e mediática. Fraguas coñece a Pontevedra da Sociedad Arqueológica, a Compostela do Seminario de Estudos Galegos e, logo dunha década en Lugo, volve a Santiago en 1959 para residir na capital os últimos trinta anos da súa vida. Esta última fase liga a súa biografía ao Instituto Padre Sarmiento (IPSEG-CSIC), ao Museo Municipal de Santiago e, finalmente, ao Museo do Pobo Galego. Aínda que Fraguas coñeceu abondo as interioridades dos museos cos que tivo vínculos estreitos, ostentando en varios casos responsabilidades técnicas e xestoras, non desempeñou unha actividade profesional propiamente museolóxica, parella á desempeñada como docente. Na súa formación como investigador e na utilización do museo como lugar de coñecemento, Fraguas si percorreu os camiños da experiencia museística e foi cómplice necesario para a existencia, o desenvolvemento e o éxito de varias entidades de extraordinaria importancia para Galicia.

Nos tempos do bacharelato en Pontevedra (1920-1924), Fraguas participa dun ambiente cultural no que prevalece unha institución, a Sociedad Arqueológica, por aqueles anos xa nun proceso de devalo e presidida aínda polo seu promotor, D. Casto Sampedro y Folgar. Sampedro mantiña relacións con outras figuras relevantes na cidade do Lérez e, entre elas, o mestre Antón Losada Diéguez, organizador

1 Nós mesmos traballamos na elaboración dunha historia do museo etiquetado como etnográfico en Galicia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

no seu domicilio dunhas reunións académicas chamadas "Xuntanzas de Estudos", ás que tiñan acceso estudantes significados do ensino secundario da cidade. Fraguas, posible asistente ás ditas xuntanzas, crea en 1922 con outros compañeiros –Sebastián González García-Paz será un deles– a "Sociedade da Lingua", iniciativa inspirada polo maxisterio dos mestres que atopa no Instituto de Pontevedra, sinaladamente Losada e Castelao.

Como estudante universitario e xa licenciado en 1928, Fraguas, ligado ao Seminario de Estudos Galegos (SEG) desde 1927-1928, realizou tarefas decisivas e continuadas nesta institución, asumindo funcións de bibliotecario e de atención aos fondos documentais e bibliográficos, ligadas necesariamente as ditas tarefas ás esixidas pola creación do Museo Arqueolóxico-Etnográfico (Mato 2001: 105-107). Fraguas fíxose cargo e aceptou, por compromiso cultural, non por intereses profesionais, a dirección do Museo do Pobo Galego (1976) e a Presidencia do seu Padroado (1989) e, con anterioridade, a dirección do Museo Municipal de Compostela (1973), e alentou e promoveu sempre o traballo museal como compromiso, máxime cando as iniciativas estaban mediatizadas polo patrimonio cultural de interese etnográfico. Anos antes (1960) foi nomeado vogal da sección de Etnoloxía do Museo Municipal e, en Pontevedra (1963), participou, a raíz do pasamento de Risco, na iniciativa de creación dun "Seminario de Estudios Etnográficos Vicente Risco", que non logrou os apoios institucionais necesarios da Deputación provincial de Pontevedra[2].

Entre a súa numerosa produción investigadora nos campos da historia, da etnografía-folclore e da xeografía, resulta anecdótico atopar algún traballo sobre museos e son inexistentes os traballos sobre museoloxía. En 1960, de volta xa en Compostela procedente de Lugo, publica en *Vida Gallega* un artigo sobre a pintura nos museos e coleccións de Galicia, centrado soamente nos artistas, nas pinacotecas máis relevantes –de maneira destacada o Museo de Belas Artes da Coruña– e nalgunhas coleccións privadas. Un achegamento a cuestións alleas ao problema museolóxico e, tamén, á perspectiva etnolóxica observable en varias das obras que examina.

PATRIMONIALIZACIÓN E MUSEALIZACIÓN. CONCEPTOS INESTABLES

As manobras e dispositivos que configuran a noción de patrimonialización obedecen a procesos e circunstancias moi variados. Hai acordo na literatura escrita

2 Para un coñecemento detallado da vida e obra de Fraguas resulta obrigada a consulta de González Pérez (2006) e García Martínez (2006).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

a respecto desta noción: a patrimonialización ou a activación patrimonial, expresión equivalente, resulta dun proceso de selección que desemboca na concesión dun estatuto a un ben –lugar, obxecto, manifestación, idea ou crenza– que, en virtude da atribución deste estatuto, asume un novo significado adxectivado como "cultural" (Martinet 1987: 32-33). Tal atribución obxectívase mediante un repertorio de recoñecementos, xurídica, política, social e mediaticamente sancionados.

Esta invención da modernidade denominada *ben cultural* vai conquistando unha posición hexemónica na sociedade, a través dun proceso demorado no decurso do triunfo e da instalación do Estado liberal e burgués nos séculos XIX e XX. Os patrimonios, así denominados por canto o ben cultural estatutariamente recoñecido se asume como unha herdanza que pasa dunha xeración a outra, segméntanse en tantas variedades como áreas de coñecemento, ou disciplinas científicas, vai sancionando a modernidade.

As artes ocupan unha posición dominante no escenario de reparto de patrimonios, porque son elas as que representan o binomio poder-beleza e as que logran, desde o Clasicismo e, antes aínda, no Renacemento, achegar un valor engadido (material e económico) a uns bens fortemente cobizados e accesibles só para os que ocupan o cumio da pirámide social.

Logo mestúrase o mundo das antigüidades, que son obxecto de interese pola tradición ilustrada e de mitificación no romanticismo. O culto á antigüidade encamiña a converxencia entre o patrimonio artístico e o arqueolóxico, que comparten un recoñecemento académico e reciben os loureiros das esferas do saber. Este proceso, enormemente complexo e que non imos esmiuzar neste relatorio, explica boa parte das actitudes institucional e socialmente interiorizadas a respecto do valor de antigüidade conferido aos patrimonios culturais. Consecuentemente, cando os fragmentos da cultura popular ingresan nos salóns da patrimonialización e compiten na demanda dun estatuto cultural é o valor de antigüidade, de pasado, o que exhiben como mérito para intervir no reparto de patrimonios, lexítimos aspirantes, por tanto, á condición de bens culturais.

Aínda que a denominada cultura popular ten recoñecementos anteriores, é no romanticismo onde xorde con afouteza o interese e a curiosidade polos trazos e valores dos sectores sociais subalternos, depositarios das características más xenuínas do pobo, localizado en Europa no medio rural e representado polas comunidades campesiñas. O folclore (*folk-lore*) como obxecto e os estudos folclóricos como mirada conforman a base dun coñecemento etnolóxico e dos marcos de relación e comparación necesarios ás etnografías descritivas.

Neste escenario, o museo abrolla como espazo para situar os restos do patrimonio susceptibles de provisión e tesaurización, e como lugar de exhibición dos bens culturais dos que a sociedade, a través dos seus intermediarios institucionais e dos

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

seus representantes, se apropia. O museo constrúe a noción laica –e non sempre laica– de relicario, receptáculo de esencias que nos identifican co pasado e, por conseguinte, lugar de olladas cruzadas que configuran os marcadores identitarios. O pasado establece a distancia obrigada para que todos poidamos achegarnos aos bens culturais e facelos, simbolicamente, nosos. O "pasadismo" traza, aínda hoxe, o linde entre patrimonio cultural e presente e, significativamente, son as artes –pintura, escultura, arquitectura e, en menor medida, a música– as que foron quen de rachar esa fronteira, estendendo a noción de patrimonio cultural e de ben cultural musealizable ás creacións saídas dos obradoiros e estudios dos seus practicantes. Patrimonio subalterno, museo subalterno, discurso subalterno, os bens culturais etnográficos e os museos montados para acoller a cultura folclórica –dito no sentido etimoloxicamente estrito– evolucionan condicionados pola síndrome de antigüidade que os afectou e aínda os afecta.

O museo etnográfico, reificado na cousificación do seu patrimonio e atrapado nas contradicións da súa orixe e do devir que neutralizou a emancipación conceptual da musealización antropolóxica, resulta hoxe unha institución fondamente desorientada.

UN PERCORRIDO SUMARIO POLOS PRECEDENTES ETNOLÓXICOS E ETNOMUSEOLÓXICOS

Aínda que, segundo apuntamos xa no primeiro parágrafo, está pendente unha historia dos museos e dos procesos de musealización en Galicia, contamos con numerosos achegamentos parciais e parcelarios que nos proporcionan unha visión desta cuestión bastante doada e aproveitable. Recentemente, as orixes decimonónicas dos museos galegos, o enlace entre o museo-institución, tal como o concibimos hoxe, e certas accións, iniciativas e acontecementos socioculturais encadrados en estruturas complexas, permiten comprender mellor a evolución desta figura cultural.

Dúas son as institucións decimonónicas que están na orixe dos museos en Galicia. Unha, as Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos, pouco operativas respecto do logro de musealizacións efectivas, agás a de Ourense (Fariña, 2013), promotora do denominado Museo de Pinturas, aberto formalmente entre 1845 e 1852. A historia deste museo e dos fondos a el adscritos, así como os camiños accidentados e converxentes percorridos polo Museo de Pinturas e o Museo Provincial, decano hoxe dos Museos de Galicia, foron detalladamente estudados (Barriocanal/Fariña 1989). No que atinxe aos campos temáticos incluídos no Museo Provincial de Ourense (hoxe Museo Arqueolóxico Provincial), que comeza nova andaina baixo a titularidade do Estado en 1938

(Fariña 2013: 255ss.), os fondos acollidos a esta institución e os que ingresan nesa nova andaina definen o Museo de xeito análogo a boa parte dos museos provinciais do Estado, determinando as seccións que o constitúen. A arqueoloxía e a arte dominan o escenario da centenaria institución e a etnografía medra polo traballo de campo dos seus colaboradores, encadrados os máis relevantes –Cuevillas, Risco, Xaquín Lorenzo…– no Grupo de Colaboradores do Museo "Marcelo Macías", creado por Orde ministerial en decembro de 1941 e ostentando a dirección daquela Xesús Ferro Couselo.

A outra institución, as Sociedades Económicas de Amigos del País, entidades nacidas ao abeiro do espírito ilustrado nos momentos finiseculares do XVIII, que desenvolven unha intensa actividade no campo social, económico e educativo. A implicación destas entidades na promoción de museos en Galicia lévanos a tempos tan recuados como 1868, data en que na sede da Real Sociedad Económica de Santiago (RSEAPS) se debate unha proposta, coa participación de Murguía, dirixida a crear unha entidade para fomentar os estudos histórico-arqueolóxicos e de belas artes en Galicia, acción conxugada coa formación dunha colección de bens histórico-artísticos destinados a fundar un Museo Arqueológico de Galicia (Requejo 2001: 276-277). A idea non realizada retómase novamente en 1882, con meirande definición e falando dunha sección arqueolóxica e doutra de belas artes. En documento conservado e reproducido por Belén Requejo (2001: 281-282) destaca a precisión descritiva das seccións arqueolóxica e de arte, con criterios claros de periodización dos fondos previstos para aquel Museo[3]. A biografía desta iniciativa pasa por revisións e novas fórmulas en 1885 e 1915[4], unha para promover actividades expositivas puntuais –o que constitúe un exemplo de modernidade museística– e a outra para constituír ao abeiro do Museo unha sección de estudos histórico-arqueolóxicos que, segundo explicita a Memoria correspondente da RSEAPS, ten como tarefa habilitar os medios para un *museo central gallego* (Requejo 2001: 286-7). Anteriormente, Requejo (2001: 284) e Fariña (2017: 10-11) dan conta dunha nova idea de formar un "Museo Arqueológico central gallego", que, redactado o proxecto por José Villa-Amil y Castro en 1886, busca a implicación do Goberno central, con Montero Ríos como ministro de Fomento (Villa-Amil 1887). O interese e a novidade residía na unificación de coleccións, particularmente a do Museo da Sociedade Económica de Santiago e a capitular da catedral compostelá. Tal proxecto ficou nas gabetas das entidades e administracións implicadas.

3 Destaca a precisión dos campos de identificación administrativa no inventario das pezas, descritas técnica e tematicamente no tomo II de *Galicia Diplomática* por Bernardo Barreiro (Requejo 2001: 282).

4 O museo, ideado en 1882, ábrese en 1884, coincidindo co centenario da Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago (Requejo 2001: 283).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Francisco Fariña (2017:10) sinala a coincidencia da efeméride coa efervescencia rexionalista e co Rexurdimento e coida significativos os contidos do Programa do Museo da Sociedade Económica, que apuntan cara á homologación museolóxica con Europa (2017: 10). Tamén sinala Fariña a coincidencia coa difusión das teorías darwinianas na universidade, sinaladas por Alonso del Real, e coa andaina comezada pola sociedade El Folk-lore Gallego, que abre camiños inéditos orientados a considerar a cultura popular como un novo campo de documentación e interese, alleo ás preocupacións intelectuais das iniciativas patrimoniais e musealizadoras ditas.

A constitución da sociedade El Folk-lore Gallego ten unha incidencia dificilmente cuestionable para a historia dos museos e, fundamentalmente, para a sensibilidade musealizadora en Galicia. Novos actores, novas imaxes, novos obxectos entran no escenario da patrimonialización e no efecto desta, a musealización. Pero a aparición de novos axentes e de novas axencias non supón a desaparición dos protagonistas dos ensaios musealizadores do século XIX. En boa medida refórzanse certos imaxinarios, que converxen agora cos actores creados para reformular obxectos patrimoniais inéditos e para encamiñalos por itinerarios de musealizacións máis complexas e multidisciplinarias. As axencias vellas son as sinaladas, nomeadamente as Sociedades Económicas e, moi particularmente, a de Santiago. Moita menor presenza teñen as Comisións Provinciais de Monumentos, incluída a de meirande actividade, a de Ourense, ocupada estes anos en xestionar os patrimonios "clásicos", herdados do século XIX.

Outras entidades asoman para establecer o enlace entre os intereses intelectuais e patrimoniais herdados e as inquedanzas, curiosidades e elementos que se erguen, nos tempos finiseculares do XIX e nos comezos do século XX, como neófitos patrimoniais, definidos como entidades culturais e, por tanto, acredores do estatuto de ben cultural, logo das mensaxes e das ideas trasladadas polo novo saber popular e polos voceiros dunha nova área de coñecemento que vai abrindo sucos na segunda metade do século XIX. O folclore e a etnoloxía chegan para dialogar coa historia e coas distintas manifestacións do saber humanístico e, certamente, para ofrecer un predicado engadido a unha historia carente dun marco transitivo satisfactorio. O pobo non está representado soamente pola burguesía, pois tamén as camadas populares producen cultura, xeran saber e crean utensilios, prácticas sociais e universos simbólicos representativos das distintas sociedades distribuídas polo soar europeo. Pero non é intención deste relatorio afondar neste asunto, pertinente e ata necesario, pero obxecto doutras achegas.

O que resulta observable é que o coñecemento folclórico e os folcloristas, que podemos identificar cos antropólogos da *Volkskunde* centroeuropea, institúen un novo obxecto de interese, que se traduce intelectualmente e que se

mostra patrimonialmente. A retórica comunicadora insiste en dúas ideas chave. Unha, que a base social, identificada polos postulados tardorrománticos coa sociedade campesiña, posúe o tesouro da continuidade dos trazos culturais propios, xenuínos e incontaminados de cada territorio: lingua, capital simbólico e repertorio material e tecnolóxico manteñen no espazo rural un conxunto de imaxes transformadas ou parcialmente alteradas nos espazos urbanos e entre os sectores sociais emancipados dos marcos de produción e reprodución labrega. Outra, que os aspectos observados e identificados neste segmento maioritario da poboación constitúen o reflexo do substrato cultural historicamente conservado entre a xente secularmente asentada nos ecosistemas agrarios, ata hoxe inalterados.

Os cambios que se experimentan no tránsito do século XIX ao XX, caracterizados pola urbanización, pola industrialización e pola apertura e a extensión das novas comunicacións, rachan o illamento das comunidades rurais e modifican o que permaneceu demoradamente "intacto". A resposta ante isto é manifesta: cómpre recoller o que pode esmorecer e asignar un estatuto cultural á singularidade das comunidades que mantiveron pechado o relicario da tradición.

Esta mensaxe, contida na lección inaugural de dona Emilia Pardo Bazán[5] e no programa da sociedade El Folk-lore Gallego, promovida en 1883 e constituída formalmente en 1884, chega con forza aos sectores intelectuais da sociedade galega, sensibilizados xa coas correntes que en Europa e no conxunto da península ibérica difundían o interese pola cultura popular e traballaban por sistematizar a recolleita dos marcadores culturais que a facían visible. Fraguas prestoulle atención á figura da Pardo Bazán como inspiradora dos estudos folclóricos e como escritora que transmitía nos seus relatos potentes imaxes da sociedade rural e dos grupos sociais que a integraban. Salienta Fraguas a preocupación documental que se agochaba tras as chamadas da presidenta de El Folk-lore Gallego, e referendaba a recomendación da condesa, que dicía que o mellor folclorista "será el que menos ponga de su cosecha en los datos que recoge, el que respete las incorrecciones del lenguaje, las sencillas e ingenuas preocupaciones del vulgo y conserve más entero y desnudo el pensamiento popular".

Antes de 1880, a cultura popular vista coa mirada dos folcloristas daquel momento recibe a atención de Milà i Fontanals en Cataluña e de Murguía en Galicia, interesados fundamentalmente na literatura popular e determinante este último na identificación do horizonte paleoetnográfico que marcará a concepción histórico-arqueolóxica dos etnógrafos e folcloristas da xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Desenvólvese así un discurso identitario,

5 O discurso inaugural da condesa foi publicado na *Biblioteca de las Tradiciones Populares* de Sevilla (1984), dirixida por Machado y Álvarez (Fraguas 1975).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

politicamente articulado nas Irmandades da Fala (Beramendi 2007: 431ss) e culturalmente investido na articulación arqueoloxía-historia-folclore. González Reboredo sinalou repetidamente o enlace establecido entre os seguidores da liña marcada por Machado y Álvarez, o programa suxerido por El Folk-lore Gallego e as persoas e equipos que desembocan trinta anos despois no SEG[6]. A conexión entre Murguía e as figuras centrais de Nós radica na necesidade de interpretar a cultura popular, a cultura campesiña, como un factor de cohesión que, baseado na crenza da permanencia de trazos e características no decurso dunha historia prolongada, enuncia a idea dunha singularidade plurisecular (González Reboredo 1994: 26-27) que permite obxectivar unha identidade cultural definida.

Coida Reboredo (1994: 27) que a noción de substrato manifesta en Murguía constitúe un principio aceptado polos que parten da obra do patriarca[7]. Para a meirande parte dos autores que nos ocupan non é cuestionable a remisión ao pasado de moitas expresións do comportamento simbólico (crenzas e rituais) conservadas na esfera rural. Baixo o humus da estratigrafía histórico-arqueolóxica abrolla a estratigrafía moral que acumula crenzas e saberes populares, descritos e organizados en densos repertorios polos folcloristas. Isto mudaba a hipótese en fe, en idea sobrevida e concibida como crenza, parafraseando a Ortega. Buscábase a permanencia e prestábaselle menor atención ao cambio, porque o que permanecía fortalecía a convicción na continuidade das formas do pasado no presente. E as permanencias constituían imaxes hipotecadas polo principio identitario que se erguía como elemento hexemónico: a singularidade plurisecular como produto da permanencia e o horizonte etnohistórico como factor que determina tal permanencia.

Sinala Margarita Barral (2010: 131) que a febre das Exposicións internacionais chegou mesmamente a Galicia na segunda metade do século XIX, relatando a difusión destes eventos feita desde a *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, que promovía a participación dos axentes económicos locais nestes certames, animando a promoción dos produtos galegos. Priorizábase na publicidade a cuestión agrogandeira, perfectamente explicable no marco económico e social de Galicia. A publicación *Galicia*, dirixida por Martínez Salazar, prestáballe desde o seu comezo (1887) particular atención aos temas científicos, artísticos, literarios e folclóricos e a distintos certames expositivos; e a mestura de temas agropecuarios e de artes e oficios era relativamente habitual nestes eventos. Barral (2010: 133) establece a secuencia de exposicións rexionais, desde a celebrada en Santiago ata a montada tamén en Compostela en 1909, pasando por

6 As cuestións relativas ao desenvolvemento en Galicia das disciplinas folclórica e etnográfica foron tratadas por González Reboredo en numerosos traballos (destacadamente 1994, 1997, 2017) e por outros autores, sinaladamente Rodríguez Campos (1991, 2019).

7 Acode Reboredo (1994: 27) neste caso ao texto de Murguía (1982: I, 160).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

unha en Lugo (1879), outra en Pontevedra (1880) e, finalmente, outra na Coruña (1889). O protagonismo correspóndelle en todas elas ao mundo agrícola e gandeiro, pero na de 1909 entra en escena a produción industrial. Barral (2010: 189) sinala que, ante o espertar da industria en Galicia, naqueles anos, a mostra de 1909 dá entrada a expositores de Cataluña e doutras partes do Estado, así como a terceiros chegados do estranxeiro.

Coincidimos con Fariña (2017) na relevancia outorgada ás exposicións do XIX como espazos de ensaio expositivo e motores de movementos de renovación e afirmación social, independentemente do ámbito territorial do evento. Á parte da promoción das melloras técnicas para a agricultura e de serviren de taboleiro para os produtos agrogandeiros, constitúen lugares de afirmación rexional con manifesta connotación identitaria, derivada da promoción comercial do país e, conseguintemente, dos marcadores territoriais e dos imaxinarios topográficos asociados necesariamente ás prácticas mercantís. Por tanto, estas exposicións posúen en si mesmas un compoñente museográfico e abren camiños para os museos no eido comunicativo. Isto, segundo se ten destacado, acentúase na Exposición Regional de 1909, onde a sede do edificio de San Clemente acolle unha sección exclusiva de bens culturais diversos, agrupados baixo o nome de Sección Arqueolóxica (Fariña, 2010). Independentemente das eivas e carencias desta sección, a Exposición de 1909 asume a idea de *museo* e ensaia monograficamente a fórmula de *exposición cultural.* A proposta lanzada por Federico Maciñeira de aproveitar a Sección Arqueológica para montar, con autonomía temática, unha sección etnográfica constitúe unha novidade, sen dúbida produto da preocupación pola cultura popular labrega difundida pola sociedade El Folk-lore Gallego, promovida pola parente de don Federico Maciñeira y Pardo de Lama[8]. Maciñeira sintetizaba nun breve artigo todo un programa expositivo coa intención, por el explicitada, de manter permanentemente a sección etnográfica suxerida como engadido ao Museo da Sociedad Económica de Santiago (Sáenz-Chas 2010; Pérez Sampedro 2014)[9].

A lectura do artigo de Maciñeira déixanos apreciar varias cousas: enuncia a idea de "supervivencia" do pasado na sociedade labrega do momento, pero de xeito non tan definido como na obra dos etnólogos de Nós; defende, na liña de El Folk-lore Gallego, a necesidade dun programa de colleita, centrado nos elementos propiamente típicos e orixinais; avoga polo establecemento dunha liña divisoria entre o "arcaico" e o que denota cambios alleos ao mundo rural, e indica que unha

8 A dimensión etnográfica desta relevante personalidade foi recentemente examinada nun interesante traballo por Pérez Sampedro (2014), que bota luz sobre esta figura, engadindo uns textos inéditos do mesmo Maciñeira, de indiscutible importancia.

9 O artigo no que Maciñeira fai esta suxestión é "Para la exposición regional de Santiago" (1908).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

escolma do xenuíno debe prevalecer na desiderata museística demandada. Introduce a modernidade de propoñer un labor documental apoiado na imaxe, concretamente fotográfica, e fala de que a musealización suxerida ofrecería o "gran libro gráfico para el estudio de nuestra laboriosa población rural".

A reivindicación da institución museal vai ser unha constante entre diferentes autores a partir do chamado de Maciñeira. As musealizacións ensaiadas no campo etnográfico son poucas pero moi significativas antes de 1936. Filgueira Valverde (1948) publicou unha crónica precisa e detallada dos precedentes do Museo Provincial de Pontevedra, creado en 1927, iniciándose esta filiación na Sociedad Arqueológica de Pontevedra, fundada en 1894. O interese da entidade promovida por D. Castro Sampedro y Folgar radica na vocación documental e investigadora que consta no seu regulamento e, tamén, no obxectivo prioritario de asociar ás tarefas da Sociedad creada un museo. Museo incluído no artigo 2º da entidade, xuntamente coa formación dunha biblioteca humanística orientada aos fins documentais, investigadores e museísticos da Sociedad Arqueológica: "la Sociedad Arqueológica nació para establecer un Museo", salienta Filgueira (1948: 26).

Paralelamente aparece en Mondariz-Balneario, concretamente nas dependencias da granxa de Sanmil, en Pías, o que é considerado o primeiro museo etnográfico en Galicia que non rematou nun proxecto ou nun papel. Aínda que se coida creado anteriormente, as noticias sobre a existencia deste museo lévannos a 1903, data que fala dun Museo aberto e visitable cunha vida relativamente longa –fálase dos anos trinta (González Perez 1974)–, pero hai sospeitas non confirmadas de que as instalacións existían despois desta data (?). Os fondos musealizados responden nitidamente ao perfil canónico dun museo etnográfico, produto dos intereses dos propietarios, en todo canto ten relación coa cultura popular de Galicia (Pérez/Serrano/Vilar 1997). A concepción museolóxica responde ás liñas da ideoloxía rexionalista do fundador, Enrique Peinador, e dos seus sucesores, abertamente comprometidos coa causa galeguista. As noticias de prensa trasladan a concepción etnofolclórica difundida polos colaboradores de Emila Pardo Bazán, visitante asidua do balneario (Pérez Sánchez 2006), coincidente coa sensibilidade dos folcloristas do momento: unha visión "pasadista" da cultura rural, ancorada sempre nos vectores da historia e, ao tempo, nostálxica a respecto da perda das características que identifican a sociedade campesiña.

A última e decisiva musealización anterior a 1936 foi, sen dúbida, o Museo Arqueolóxico-Etnográfico do Seminario de Estudos Galegos, debidamente instalado en 1930 nos baixos do Pazo de Fonseca, logo dos labores de xestación e

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

organización durante os anos inmediatamente anteriores[10]. Este Museo constitúe, sen dúbida, o precedente do Museo do Pobo Galego, fondamente influído na súa creación en 1976 pola historia e a filosofía do SEG[11].

ACHEGAMENTO Á SITUACIÓN ACTUAL NO MARCO DUNHA REALIDADE HERDADA

Temos dito en varias ocasións que o museo é unha entidade serodiamente incorporada á vida sociocultural do país, observando que o censo histórico dos museos creados en Galicia mostra que esta figura non se xeneraliza aquí ata mediados do século XX e, de forma manifesta, ata o último terzo do século pasado.

Podemos trazar en 1970 unha liña para diferenciar as fases do traxecto musealizador en Galicia. Certamente, o museo emerxe como fórmula inserida nas prácticas patrimonializadoras de Galicia durante os últimos anos do franquismo e os tres primeiros lustros da transición democrática (Sierra 2015a: 20-21). O museo participa da efervescencia social e da mobilización cívica acontecida na década de 1970. Antes o museo, segundo observamos na epígrafe precedente, era unha entidade minoritaria, con percorridos accidentados, duracións limitadas, apoios institucionais episódicos e descontinuos e carente de visibilidade social. Non gozaba do favor "público" nin do interese do público, e tampouco aparecía ante a sociedade como un espazo cultural decote normalizado.

Os centros creados entre 1970 e 1980 (Sierra 1999, 2003) responden a unha reacción fortemente identitaria que acompaña o devalar do réxime franquista. Son entidades articuladas ao redor de figuras moi significadas na cultura galega, proxectadas e definidas baixo a tipoloxía das casas-museo: Rosalía de Castro, en Padrón (1971), Emila Pardo Bazán, na Coruña (1972) e Ramón Otero Pedrayo, en Trasalba (1976). Constitúense como pequenos universos nos que as figuras celebradas se sitúan nun marco *at home*, configurado como espazo de culto que, gradualmente, inaugura un circuíto complexo de reactivación e conmemoración continua da galeguidade contextualizada nun *feed-back* sucesivo. Ao tempo, institúense como focos de estudo, investigación e debate, mercé ao valor engadido de acoller, nas sedes respectivas, unha parte significativa dos fondos documentais e bibliográficos das –ou sobre as– figuras ás que as ditas casas-museo renden homenaxe. A perspectiva *at home* sinalada refórzase co patrimonio simbólico representado nas propias casas musealizadas e nos efectos conservados destas.

10 Unha noticia daba conta en 1926 deste proxecto, gabándose da iniciativa e solicitando os apoios institucionais e persoais, tan necesarios de seu ("Do Museo Etnográfico Galego", 1926).

11 Este vínculo entre o MPG e o SEG foi sinalado desde perspectivas distintas en varias achegas, entre elas: Calo e outros (2004), Braña (2008) e Arias e Sierra (2017).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Paralelamente, nun proceso substancialmente activado por estímulos semellantes, vaise encamiñar a musealización emblemática do país, encarnada nun fito referencial e decisivo: o Museo do Pobo Galego (1976). De particular interese resulta o feito de estaren activados estes patrimonios pola sociedade civil e non polas administracións públicas, independentemente de que estas acudan posteriormente á chamada dos promotores e xestores destas iniciativas para atender, en diferente medida, as súas necesidades económicas.

O sector da sociedade civil que move e dinamiza estas patrimonializacións e musealizacións, encadrado en postulados galeguistas e/ou nacionalistas, entende xa o museo como unha institución cultural inseparable da acción cultural contemporánea. Asume o museo como un logro da modernidade, aínda que chegue onda nós nun momento de crise da institución en territorios e sociedades próximas e veciñas[12], que asisten con diversas posicións ás críticas que os museos reciben, motivadas moitas delas polas reconversións produtivas e pola crise enerxética que ten lugar no mundo occidental (Rasse/Necker 1997) arredor de 1970. Ao cabo, estas accións mostran o fenómeno da extraculturalidade da patrimonialización (Prats 1997: 22ss), que analiza os procesos patrimonializadores como unha mediación entre os actores, os bens culturais, a sociedade e as institucións destinadas a producir unha iniciativa ou institución (o museo neste caso) mobilizando dispositivos de selección (Agudo 1997: 101) sustentados en criterios ou motivacións históricas (Clemente 1993: 15-16). Constrúese desta maneira un produto cultural lexitimado mediante discursos derivados da procura da emancipación social e cultural que se agocha tras as pulsións identitarias significadas nos protagonistas individuais –casas-museo– e colectivos –Museo do Pobo Galego (Braña 2008)– das distintas musealizacións. O concepto de mediación indicado explica para a antropoloxía reflexiva (Padiglione 1999: 213) que o marco que delimita e contextualiza un proceso funciona simultaneamente como un enlace que encadea o todo e as partes. Desta maneira, os museos reflexivamente creados na década dita non constitúen unidades autorreferenciais, senón mapas culturais que topografan pensamentos, historias e memorias que producen e reproducen significados tanto para os que se recoñecen neles como para os que os miran desde a distancia do observador-visitante.

Neste mesmo período xorden outras dúas musealizacións con enfoque distinto e características diferenciadas. Falamos do Museo de Arte contemporánea Carlos Maside do Castro, Sada (1970), e do Museo Etnográfico Olimpio Liste de Oseira (1972). O primeiro é unha afirmación das artes plásticas de Galicia a través

12 Os museos viviron directamente o impacto das crises e reconversións en Europa, dirixíndose daquela (1970-1980) as miradas cara aos patrimonios menores –agrarios e industriais– que prepararon o camiño ás novas museoloxías (Rasse/Necker 1997).

da óptica crítica e modernizadora dos seus promotores: Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, que dedican o Museo ao pintor Carlos Maside, nun marco innovador que mostra unha escolma significativa da plástica galega da Renovación (Real 2018). Tanto este museo como o de Olimpio Liste son o produto da vontade e a solución musealizada de prácticas de coleccionismo distintas, unhas depositarias dun legado moral asociado a un repertorio de documentos e obras traballosamente recuperadas, e as outras produto dun teimudo labor de campo para a recolleita de patrimonio material do "vello complexo agrario". Todos, no seu conxunto, museos fondamente comprometidos coa normalización de usos culturais que comezaban a homologar Galicia con Europa.

Os museos sinalados constitúen nesa altura, ata 1980, os exemplos máis significados dun mapa museal cativo e deficitario, que contaba tamén, antes de 1970, co labor exemplar dos provinciais de Ourense e Pontevedra e, con menor proxección daquela, co Museo de Belas Artes da Coruña, o Provincial de Lugo e o das Peregrinacións de Compostela.

Establecida a democracia, a paisaxe museística de Galicia experimenta un salto cuantitativo, cualitativamente notable nalgúns casos e só en contadas situacións. Se facemos contas, do total das entidades museísticas rexistradas no Censo oficial da Xunta de Galicia ata o ano 2015[13], o 78% foi creado despois de 1970, e estimado sobre o total censado, o 45% aparece no período de 1970-1993 e o 33% restante no período de 2003-2015. Excluídas as institucións formadas entre 1970 e 1980, un 16% do total, vemos que aconteceu unha inflación museística entre 1980 e 2015: o 62% do cómputo total do Censo[14]. Pero os datos do Censo resultan parcialmente enganosos para un achegamento histórico a esta cuestión, por canto o instrumento oficial da Xunta non ten en conta as entidades museísticas desaparecidas, boa parte das creadas antes de 1936, e tampouco reflicte a totalidade das creadas nos últimos anos, á marxe moitas delas do Censo oficial e da disciplina normativa da Xunta de Galicia (Sierra 2015a)[15].

A expansión musealizadora sinalada (Arias 1992; Sierra 2000), que afecta particularmente aos xestores das entidades locais, que coidan obrigada a creación de museos e a activación patrimonial dos monumentos menores para facer competitivos os seus territorios, é esporeada pola emulación que arrinca dun sistema de reparto de patrimonios condicionado polo esquema de relación e dependencia

13 Instrumento modificado polo novo proxecto de Lei de Museos de Galicia, que responderá agora á denominación de Rexistro Xeneral de Centros museísticos de Galicia. Os datos manexados neste relatorio proceden de pescudas propias e do Censo oficial ata 2015.

14 As porcentaxes constitúen un achegamento orientador, logo de redondear as cifras.

15 A secuencia fundadora de museos en Galicia tratámola noutros traballos (Sierra 1999; 2000; 2003) e tamén outros autores examinaron este asunto (Arias 1992; Fariña 2017).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

centro-periferia. O abandono do uso social produtivo do campo –a desagrarización/descampesinización– supón unha deterioración pasiva de espazos que se van precarizando ou marxinando a respecto das actividades económicas que representaron nun pasado relativamente recente a base do sustento e o fundamento da reprodución social de moitas familias labregas. Un proceso longo e gradual que ocasionou serios desaxustes na sociedade galega, expulsando moita xente nova do medio rural.

Como indica Alberto Melo (1999), prodúcese unha ofensiva que busca a xestión máis eficaz dos recursos locais. Baixo estas condicións e neste marco os responsables das administracións locais, situados nunha posición asimétrica fronte ás administracións maiores, exploran os recursos do seu territorio e descobren a patrimonialización cultural e a musealización como alternativa menor, pero (supostamente) efectiva, para manexar os ditos recursos como unha ferramenta adicional de desenvolvemento. Destaca que as iniciativas mellor orientadas de musealización local en Galicia se produzan entre 1980 e 1990 e que a teima musealizadora, certamente descontrolada, teña lugar posteriormente, cando hai posibilidade de acceder aos fondos europeos.

No reparto de patrimonios sinalado, o mundo local nos municipios rurais dispón dos chamados "patrimonios menores" que, mimetizando as fórmulas e recoñecementos aplicados aos patrimonios artísticos e arqueolóxicos, cómpre "monumentalizar" para obter o estatuto de bens culturais. Neste contexto opera como idea dominante a noción herdada e difundida –polos axentes culturais e académicos, polas institucións e polas canles mediáticas– de *patrimonio etnográfico*: os produtos da actividade agrogandeira, os enxeños das industrias rurais e as expresións da sociabilidade colectiva (festas e romaxes fundamentalmente). Neste escenario, a vella idea do folclorismo de finais do XIX e de comezos do XX reaparece, aínda que estaba, só aparentemente, agochada no imaxinario colectivo: o mellor apeiro é o máis vello, o mellor enxeño un muíño abandonado, a mellor "tradición" a etiquetada de "inmemorial".

O positivismo historicista –o feito, o dato, o documento–, tantas veces atribuído aos etnógrafos e folcloristas examinados nos epígrafes anteriores, transita polos vieiros da patrimonialización –documento/monumento– e polos itinerarios da musealización –obxectos autorreferenciados, sen mediatización discursiva e sen, lembrando a González Reboredo (2019: 116-117), interpretación/explicación–. A mesma estrutura descrita por Reboredo na análise que este antropólogo fai dos etnógrafos do SEG podémola extrapolar á museografía etnográfica xeneralizada en Galicia –e non soamente en Galicia!–. Pensamos naqueles museos que acumulan pezas que se mostran en si mesmas e por si mesmas, trasladando as imaxes da inmediatez da súa corporeidade observable. A explicación, ou a crenza,

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

circula fóra das pezas e fóra dos museos mesmos, porque o museo constitúe unha concreción tanxible daquilo que se coida dito e interpretado en medios e soportes externos ás museografías realizadas. Tal positivismo, porque tal cualificativo resulta procedente, impera decote nos museos arqueolóxicos e etnográficos que manexan os obxectos e os materiais expostos como feitos e documentos xustapostos carentes de relacións, ausentes de vínculos, esquecidos polas persoas (que non semellan estar presentes) e sen angurias, alegrías ou fracasos. A falta do que abusivamente denominamos contexto e que outros antropólogos teñen denominado marco (Padiglione 1999) redúcese en casos reiterados á ausencia de marcadores –non necesariamente textos– explícitos que conformen encadramentos comprensibles dos obxectos e documentos museografiados.

Posteriormente mercantilízase a nostalxia e os produtos agroalimentarios, afectados polo proceso indicado, son celebrados mediante a invención de festexos que enlazan mercado e nostalxia. Nostalxia novamente e captación de visitantes levan á invención das denominadas *festas históricas*, mellor neofestas (Sierra 2015b) creadas para celebrar unha historia esquecida, convertida agora en experiencia lúdica "desvestida" de problemas e contradicións.

TIPOLOXÍAS MUSEÍSTICAS. VISIÓNS ALTERNATIVAS E REFLEXIÓNS NECESARIAS

En traballos anteriores describimos e examinamos as tendencias das musealizacións en Galicia, atendendo fundamentalmente ás experiencias e realizacións definidas polas categorías académicas e normativas baixo a tipoloxía de museos etnográficos. Temos cuestionado, en varios achegamentos ao debate museolóxico, a solvencia crítica das ditas tipoloxías e suxerido que non procede a cualificación de "museo etnográfico", porque a etnoloxía e a antropoloxía, disciplinas ás que remiten estes museos, manexan como principal dispositivo metodolóxico a acción de observar. Por tanto, cómpre falar de mirada etnográfica e non de patrimonio etnográfico/etnolóxico, pois todo fenómeno social e cultural, as expresións artísticas incluídas, é susceptible de ser observado cun enfoque antropolóxico. Se unha función asignada ao museo etnoantropolóxico é intercambiar imaxes entre as identidades e as alteridades, non existe motivo suficiente para revisar, mediante os mecanismos teórico-metodolóxicos adecuados, o perfil identitario e as imaxes cruzadas de *nós/outros* que agochan os museos de artes plásticas e os museos arqueolóxicos.

Aludiamos antes ao Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside (Sada) e podemos reflexionar igualmente sobre o Museo-Fundación Liste de Vigo, herdeiro da primitiva musealización en Oseira. Tanto en Sada como en Vigo, o

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que se proxecta son imaxes en soportes diferenciados e con obxectos de moi distinta orixe de identidades reconstruídas polo papel activador e memorizador de cadanseu museo. Imaxes de momentos distintos e mediatizadas con obxectos creados ou fabricados por actores sociais dun mesmo país, pero posuidores de marcadores culturais diferentes. Para un observador que mira etnoloxicamente[16] o que mostra cada un destes dous museos –creatividade, experiencias, sentimentos e valores estéticos–, o espello de Rivière[17] opera con eficacia. O sinalado lévanos a considerar o sistema arte-cultura (Clifford 1995: 257 ss.) que explora outros camiños para os fenómenos sociais e tamén para o patrimonio cultural. Os procesos históricos de produción, utilización e mellora de ferramentas e o manexo de símbolos significativos –linguaxe, arte, rituais…– estableceron campos de intercambio e comunicación compartidos polas colectividades, aínda que procedan da creación/invención individual. O dito ten un encaixe doado, entre outros, nos dous museos escollidos como exemplos e permite cuestionar as entaladas tipoloxías museísticas.

O achegamento aos museos de arte e de arqueoloxía desde a perspectiva do sistema arte-cultura enunciado suxírenos abrir novas fiestras que consideren a musealización un dispositivo para recibir imaxes da cultura desde perspectivas diversas e conxugando varios planos. A verdade ou, expresado doutro xeito, o acerto das Exposicións universais, antes comentadas, residía na percepción calidoscópica da realidade empaquetada nas instalacións daquelas mostras. A mestura de patrimonios facilita a presentación destes como partes dun todo, e as disciplinas que fragmentan os patrimonios e inventan as tipoloxías museísticas fracturan os espellos do poliedro cultural. A recuperación analóxica do formato daquelas exposicións esixiría unha comprensión museolóxica dos seus contidos e, polo contrario, un cuestionamento obrigado das súas museografías e expografías. A concepción do museo etnográfico como taboleiro de identidades –concepción, por outra banda, incompleta– lévanos a mutilar as representacións explícitas e implícitas das persoas e dos grupos que as artes plásticas, os xacementos arqueolóxicos e os mesmos museos destas especialidades mostran e transmiten. Igualmente o patrimonio industrial (Carmona/Nadal 2005), esquecido como figura patrimonial e enormemente deficitario no mapa museal de Galicia, proporciona outro espello da realidade galega contemporánea no que asoman procesos sociais e construcións identitarias amplas e diversas. Fronte a un campesiñado idealizado, pero ausente nas musealizacións etnográficas, o patrimonio industrial déixanos

16 A mirada etnolóxica entendémola como unha ollada que capta os significados socioculturais dos fenómenos museografados e non necesariamente a mirada do experto ou especialista.

17 Referímonos á definición clásica de G.-H. Rivière do "museo como espello da súa sociedade".

ver unha sociedade operaria (coa súa propia tradición obreira e sindical) e unha burguesía mercantil e industrial promotora de arquitecturas urbanas e periurbanas que mostran facianas dunha Galicia alternativa, pero real. Unha sociedade que musealiza con moitas eivas a tradición agrocampesiña, pero que remite os seus marcadores identitarios a imaxinarios estritamente rurais, mostra un corpo mancado carente de partes constitutivas da modernidade. As novas salas de historia que proxecta o Museo do Pobo Galego corrixen sinteticamente semellante eiva, pero a Galicia contemporánea precisa un tratamento patrimonial e museolóxico ambicioso da tradición industrial.

Naturalmente as musealizacións no espazo local e nos concellos rurais demandan unha fonda revisión e un achegamento procesual á realidade rural, superadora da etnografía fósil que fixo de tantos museos, supostamente etnográficos, museos arqueolóxicos con panoplias de obxectos silentes e sen memorias vivas contadas polos veciños (residentes e ausentes) das poboacións onde radican os distintos museos.

A MODO DE CONCLUSIÓN, UNHA REFLEXIÓN FINAL

Galicia incorporou moi serodiamente o museo ás políticas de difusión do patrimonio cultural, carentes na meirande parte dos casos dunha investigación previa e de programas articulados sobre a conservación dos bens culturais musealizados/bles. Estes programas esixirían encadear as propostas musealizadoras saídas do ámbito local cun plan estratéxico debidamente artellado entre a administración competente en materia de patrimonio cultural e as administracións locais. O crecemento, cuantitativamente inédito na historia contemporánea de Galicia, da creación de museos e coleccións visitables desbordou as previsións dos departamentos de Cultura da Administración autónoma, configurando un mapa museal anárquico. Moitos destes centros rematan pechando ou desenvolvendo de maneira limitada, descontinua ou desorientada os fins que tanto o Consello Internacional de Museos (ICOM-UNESCO) como a lexislación aplicable coidan indisociables do quefacer museístico. Só unhas cantas iniciativas se achegan aos postulados museolóxicos básicos e as carencias que teñen obedecen á falta de asistencia técnica e económica. En traballos anteriores, distintos autores salientamos diversas experiencias museográficas ensaiadas con mellor fortuna (Arias 1992; Pereiro/Vilar 2002; Sierra 1999, 2000, 2015a), pero non corresponde a este relatorio enumerar e analizar polo miúdo os casos que camiñaron por itinerarios máis centrados e mellor definidos, configurando un escenario de boas prácticas

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

museolóxicas no mundo local, aínda que dispuxesen de recursos técnicos e orzamentarios insuficientes[18].

Os factores sociodemográficos e a paisaxe político-institucional de moitas zonas de Galicia condicionan e explican os itinerarios percorridos polas musealizacións efectuadas. Xorden numerosas interrogantes e numerosas dúbidas que demandan un debate cultural e institucional aberto, orientado a reflexionar criticamente sobre criterios, formas e enfoques das prácticas musealizadoras e patrimonializadoras aplicadas polas administracións nos últimos 35 anos. Cómpre abrir os ollos, enlazar o pasado co presente e reflexionar sobre o porvir da institución museística segundo farían os mestres do Seminario de Estudos Galegos e, entre eles, o lembrado Antonio Fraguas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Agudo Torrico, Juan (1997): "Patrimonio etnológico. Problemática en torno a su definición y objetivos", *Revista PH* 18(V), 97-108. https://doi.org/10.33349/1997.18.465

Anónimo [Vicente Risco] (1926): "Do Museo Etnográfico Galego", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 28, 14.

Arias Vilas, Felipe (1992): "Aspectos xerais e particulares do tema museolóxico en Galicia: os museos comarcais", en *Coloquios galegos de museos*. [Santiago de Compostela]: Consello Galego de Museos, 181-203.

Arias Vilas, Felipe e Xosé Carlos Sierra (2017): "Catro décadas dunha institución para o futuro de Galicia", *Adra* 12, 7-18.

Barral Martínez, Margarita (2010): "O espíritu expositivo na época contemporánea e a organización e desenvolvemento da Exposición Regional Gallega de 1909", en Carlos García Martínez e Rosa María Méndez García (eds.), *Exposición galega de 1909: conmemoración do 1º centenario Exposición Regional Gallega*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Museo do Pobo Galego / Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, 121-194.

18 Nesta escolma cómpre citar o Museo Etnográfico da Capela (1981), o Museo da Terra de Melide (1982), o Comarcal da Fonsagrada (1984), o Museo da Limia (Vilar de Santos, 1991), o Parque Etnográfico do Río Arnoia (Allariz, 1995), o Museo das Mariñas (Betanzos, 1983) e o Municipal de Ponteareas (1985). Recentemente iniciativas asociativas e veciñais activaron procesos de patrimonialización-musealización dinámicos como os da Ponte do Porto, en Camariñas, e o Museo Etnográfico Veciñal da Terra Chá. Algúns destes casos atravesan por situacións de parálise ou diminución da actividade pola escaseza de recursos e apoios.

Barriocanal López, Yolanda e Francisco Fariña Busto (1989): *El antiguo museo de pinturas de Ourense (1845-1852). Contribución a la historia de la pintura en Galicia*. Boletín Auriense, Anexo 13. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial.

Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Braña Rey, Fátima (2008): *O Museo do Pobo Galego. Contedor de valores.* [Santiago de Compostela]: Fundación Antonio Fraguas-Museo do Pobo Galego.

Cadernos A Nosa Terra de Pensamento e Cultura 30 (2004): *O Museo de Xaquín Lorenzo* [número monográfico].

Carmona Badía, Xosé e Jordi Nadal Oller (2005): *El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Clemente, Pietro (1993): "La ricerca nella prospettiva del 'patrimonio culturali' demo-etno-antropologici. Appunti per una discussione", en Llorenç Prats i Canals e Montserrat Iniesta i González (coords.), *El patrimonio etnológico. Actas del VI Congreso de Antropologia. Tenerife 1993*. Santa Cruz de Tenerife: Asociación Canaria de Antropología, 13-38.

Clifford, James (1995): *Dilemas de la cultura. Antropología, literatura y arte en la perspectiva postmoderna.* Barcelona: Gedisa.

Fariña Busto, Francisco (2013): *Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense 1844-1967. Aproximación histórica.* Boletín Auriense, Anexo 33. Ourense: Grupo Marcelo Macías / Museo Arqueolóxico Provincial.

———— (2010): "Notas arredor da Sección Arqueolóxica", en Carlos García Martínez e Rosa María Méndez García (eds.), *Exposición galega de 1909: conmemoración do 1º centenario Exposición Regional Gallega*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Museo do Pobo Galego / Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, 195-206.

———— (2017): "Encol das orixes dos museos e coleccións etnográficas en Galicia", *Raigame* 41, 7-17.

Filgueira Valverde, Xosé (1948): "Don Castro Sampedro y su Sociedad Arqueológica", *El Museo de Pontevedra* V, 16-49.

Fraguas, Antonio (1975): "La condesa de Pardo Bazán y el folklore", *Revista del Instituto José Comide de Estudios Coruñeses* 10-11, 55-96.

García Martínez, Carlos (2006): "Na rodeira do Seminario de Estudios Galegos", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 196-225.

González Pérez, Clodio (1974): "Museo de Pías", en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, t. 22, 76.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (2006): "Antonio Fraguas Fraguas. Vida e Obra 1905-1999", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu centenario.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 24-89.

González Reboredo, Xosé Manuel (1994): "Fermín Bouza-Brey etnógrafo e folklorista", en *Actas do Simposio de Antropoloxía: in memoriam Fermín Bouza Brey.* [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 25-40.

———— (1997): "Do nacemento do Folklore aos nosos días", en Xosé Manuel González Reboredo (coord.), *Historia da Antropoloxía. Patrimonio etnográfico*. Galicia. Antropoloxía XXIX. A Coruña: Hércules de Ediciones, 37-67.

———— (2017): "Notas sobre etno-antropoloxía de Galicia (1916-1936)", en Justo Beramendi *et al*. (eds.), *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia / Museo do Pobo Galego, 509-526.

———— (2019): "Antonio Fraguas. O profesor de xeografía e o etnógrafo de Cotobade", en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 97-129.

Maciñeira Pardo de Lama, Federico (1908): "Para la Exposición regional de Santiago", *La Voz de Galicia* 10/XI/1908, 1.

Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos.* Sada: Ediciós do Castro.

Martinet, Chantal (1987): "L'object ethnographique est un object historique", en *Muséologie et Ethnologie*. Paris: Editions de la Réunion des musées nationaux, 30-36.

Melo, Alberto (1999): "O local como polo de resistência ao totalitarismo economicista ou a necesidade de uma Nova Economia Política", en Xoán Bouzada (coord.), *O desenvolvemento comunitario local. Un reto da sociedade civil. Elementos teórico-metodolóxicos*. Vigo: Galaxia / IGESCO, 87-113.

Murguía, Manuel (1982): *Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Padiglione, Vicenzo (1999): "El efecto marco. Las relaciones del patrimonio y la competencia antropológica", en Encarnación Aguilar Criado (coord.), *Patrimonio etnológico. Nuevas perspectivas de estudio*. Sevilla: Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, 192-211.

Pereiro, Xerardo e Manuel Vilar (2002): "Autoimágenes y heteroimágenes en los museos etnográficos gallegos", en Esther Fernández Paz e Silvia Ventosa (coords.), *La imagen del otro en el museo. Actas del IX Congreso de Antropología del Estado Español*. Barcelona: Federación de Asociaciones de Antropología, sen paxinar.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Pérez, Yolanda, Nuria Serrano e Manuel Vilar (1997): "El desaparecido Museo de Pías en el Balneario de Mondariz", en *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía aplicada. Pontevedra 1996.* [Santiago de Compostela]: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, t. II, 145-168.

Pérez Sampedro, Fernando (2014): "Maciñeira, etnógrafo", en *Federico Maciñeira. Textos escogidos y estudios sobre su obra*. Ortigueira: Concello, 105-175.

Pérez Sánchez, Yolanda (2006): "La escritora en el balneario. Emilia Pardo Bazán y Mondariz", *La Tribuna* 4, 271-290.

Prats, Llorenç (1997): *Antropología y patrimonio*. Barcelona: Ariel.

Rasse, Paul e Éric Necker (1997): *Techniques et Cultures au Musée. Enjeux, ingénierie et communication des musées de société*. Lyon: Presses Universitaires.

Real López, Inmaculada (2018): *El museo gallego de Arte Contemporáneo Carlos Maside. Memoria, compromiso e identidad*. Gijón: Trea.

Requejo Alonso, Ana Belén (2001): "El Museo de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago y su relación con el nacimiento de los primeros museos de Galicia", *Boletín Auriense* XXXI, 273-296.

Rodríguez Campos, Xaquín (1991): "La etnografía clásica de Galicia: ideas y proyectos", en Joan Prat [*et al.*] (eds.), *Antropología de los Pueblos de España*. Madrid: Taurus, 99-111.

———— (2019): "As palabras e as experiencias máxicas na obra de Antonio Fraguas", en Nieves Herrero e María Xesús Nogueira (eds.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida*. Santiago de Compostela: Universidade, 191-201.

Sáenz-Chas Díaz, Belén (2010): "A presenza do patrimonio etnográfico na Exposición Regional Gallega de 1909", en Carlos García Martínez e Rosa María Méndez García (eds.), *Exposición galega de 1909: conmemoración do 1º centenario Exposición Regional Gallega*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Museo do Pobo Galego / Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, 221-231.

Sierra Rodríguez, Xosé Carlos (1999) "Experiencias de patrimonialización e musealización. Identidade local en concellos non urbanos", en Marcial Gondar (coord.), *O feito diferencial galego na antropoloxía.* Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, v. 2, 296-327.

———— (2000) "Patrimonio etnográfico en Galicia. Procesos de patrimonialización en Galicia", en Xosé Manuel González Reboredo (coord.), *Historia da Antropoloxía. Patrimonio etnográfico*. Galicia. Antropoloxía XXIX. A Coruña: Hércules de Ediciones, 379-471.

———— (2003): "Museos e desenvolvemento. Experiencias e itinerarios en Galicia", en *VII coloquio galego de museos. Museos: construíndo a comunidade.* [Santiago de Compostela]: Consello Galego de Museos, 211-246.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 199-221
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (2015a): "Imágenes y representaciones culturales en los museos de Galicia", *Revista Andaluza de Antropología* 9, 16-51.

———— (2015b): "A festa da Istoria de Ribadavia. Relato, invención, vivencia", *Portugalia* 36, 277-294.

Villa-Amil y Castro, José (1887): *Memoria sobre la creación de un Museo Arqueológico en la Ciudad de Santiago, que en cumplimiento de la Real Orde de 30 de junio de 1886, presenta al Excmo. Ministro de Fomento*. Madrid: Imp. del Colegio Nacional de Sordo-Mudos y de Ciegos.

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 223-235
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.779

OS VÍNCULOS ENTRE AS ANTROPOLOGIAS GALEGA E PORTUGUESA: PERSPETIVAS PARA A COLABORAÇÃO NO SÉCULO XXI

LINKS BETWEEN GALICIAN AND PORTUGUESE ANTHROPOLOGIES:
PROSPECTS FOR COLLABORATION IN THE 21ST CENTURY

Xerardo Pereiro
Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro

Resumo: Este texto apresenta uma reflexão sobre a colaboração entre as antropologias portuguesa e galega. O texto inicia com uma breve revisão histórica da institucionalização da antropologia portuguesa, para logo analisar alguns traços da antropologia no Norte de Portugal hoje. Finalmente, com base na experiência pessoal de trabalho transnacional entre o Norte de Portugal e a Galiza, apresenta-se uma proposta de colaboração para posteriores debates que integra três âmbitos: o ensino, a investigação e o campo cívico.

Abstract: This text presents a reflection on the collaboration between Portuguese and Galician anthropologies. The text begins with a brief historical review of the institutionalization of Portuguese anthropology, and then analyzes some features of anthropology in today's northern Portugal. Finally, based on personal experience of transnational work between the north of Portugal and Galicia, a collaborative proposal that integrates three areas (teaching, research and the civic field) is presented.

Palabras chave: antropologia, Portugaliza, cooperação eurorregional.

Key words: Anthropology, Portugaliza, Euro Regional Cooperation.

INTRODUÇÃO[1]

A diferença entre antropólogos e outros profissionais da ciência está menos no seu objeto de estudo e método do que no seu lugar no processo económico de produção. Neste texto realizamos uma reflexão sobre a institucionalização da antropologia em Portugal e na Galiza. A reflexão parte da minha própria experiência biográfica, articulada com uma análise documental e uma já longa carreira de investigação sobre a antropologia galega e portuguesa desde um olhar da Galiza do Sul (Norte de Portugal). A ótica de análise integrará as vertentes de docência, investigação e intervenção ou aplicação social. Pretendo ilustrar como diferentes processos institucionais conduzem ao desenvolvimento de diferentes antropologias, a uma maior ou menor centralidade da sua oferta académica e a diferentes papéis sociais públicos (Pereiro 2001, 2014). Considero a antropologia portuguesa e a antropologia galega como parte de uma "quinta tradição", isto é, uma história disciplinar abertamente cosmopolita, não regionalista nem localista, que se posiciona fora das grandes quatro tradições imperiais da antropologia dos séculos XIX e XX – a alemã, francesa, britânica e americana (Viegas/Pina-Cabral 2014) –, apesar de influenciar e se influenciar por estas.

BREVE HISTÓRIA DA ANTROPOLOGIA PORTUGUESA

A genealogia da antropologia portuguesa não é fácil e é assumidamente polissémica, oscilando entre uma antropologia localista, uma antropologia nacionalista e outras internacionalistas, universalistas, transnacionais, mundiais e pós-nacionais (Bastos/Sobral 2018). A sua divisão cronológica tem sido estabelecida por autores como João de Pina-Cabral (1991), para quem esta se pode dividir nas seguintes fases:

1ª A cultura burguesa e o interesse pelos "costumes populares"
2ª Os românticos
3ª A *Belle Époque* (1871-1920)
4ª O pós-guerra
5ª O pós 25 de Abril

1 Muito agradeço a Edgar Bernardo (UTAD) a revisão atenta a uma versão preliminar deste texto. Este trabalho é financiado por fundos nacionais através da FCT – Fundação para a Ciência e a Tecnologia –, I.P., no âmbito do projeto UID/SOC/04011/2019. "Este trabalho enquadra-se no projeto de I&D "Património cultural da Euro-região Galiza-Norte de Portugal: Valorização e Inovação. GEOARPAD", Programa operativo EP-INTERREG V A Espanha Portugal (POCTEP). Convocatória 1, Identificador 769-GEOARPAD (0358_GEOARPAD_1_E), financiado pelo Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional (FEDER) através do Programa de Cooperação INTERREG V-A Espanha-Portugal 2014-2020 (POCTEP)".

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

No geral, na primeira metade do século XIX, a cultura popular, considerada autêntica e nacional, era o objeto de estudo preferencial da antropologia. A cultura burguesa era vista como inautêntica e existia uma relação de amor-ódio entre a burguesia (investigadores) e o povo (estudados). O quadro conceitual da altura associava as seguintes categorias: o autêntico, o popular, o de longa existência, o primitivo, os costumes populares e o típico. O estudo da cultura popular foi uma forma de perpetuar o poder dominante (burguesia) e de reproduzir socialmente as suas estruturas de dominação. A antropologia portuguesa desta altura seguiu a onda do movimento romântico de inspiração nacionalista, que continuou durante a segunda metade do século XIX e que teve como autores mais representativos a Alexandre Herculano e a Almeida Garrett, grandes compiladores de literatura oral tradicional.

Nos finais do século XIX assistimos a uma intensa criatividade científica, para a qual também contribuiu a criação da Sociedade de Geografia de Lisboa, em 1875. A antropologia deste período foi protagonizada por uma geração que acompanhou a gestação da República já no século XX: Oliveira Martins, Adolfo Coelho, Teófilo Braga, Rocha Peixoto, Leite de Vasconcelos, Consiglieri Pedroso, etc. (Pina-Cabral 1991: 26-27; Leal 2006: 63-81). Todos eles entendiam o estudo da cultura popular como sobrevivência de crenças e tradições antigas. Os antropólogos, pertencentes à burguesia, procuravam na história e na cultura dita popular a grandeza perdida da nação.

Já em 1910 Portugal passa da monarquia à república e, do ponto de vista da institucionalização da antropologia, destaca-se a criação em Lisboa da Escola de Estudos Coloniais. O paradigma teórico que orientou esta antropologia era o primitivista, com influência da Biologia evolucionista de Darwin e também do difusionismo. O projeto etnológico da altura era, por um lado, de construção da nação, associado a um projeto antropológico mais ambicioso de construção do império, diferenciando-se assim de outras tradições antropológicas. Do ponto de vista do objeto, o interesse social e político desta antropologia era demostrar a origem lusitana ou celta da nação portuguesa através da literatura oral (ex. contos e lendas), estudando o que as pessoas narravam, recolhendo dados nas férias e nas viagens dos investigadores, centrando os seus estudos na aldeia, no rural, no comunitário e no pensado como "primitivo" ou sobrevivência de um passado remoto sempre ameaçado pela modernidade. Os informadores costumavam ser os mais velhos e não existia uma preocupação pela estrutura social, era sobretudo uma antropologia cultural e culturalista, que interpretava o passado como igualitário.

De 1926 a 1933 Portugal viveu sob uma ditadura militar e a partir de 1933, e com o Estado-Novo, o regime ditatorial instituiu o estudo das colónias, com o objetivo de elaborar mapas etnológicos destas. Em 1934 teve lugar no Porto

o primeiro Congresso Nacional de Antropologia Colonial, que teve em Mendes Correia um dos seus protagonistas, utilizador de métodos antropométricos de campo e seguidor da antropobiologia. No Estado Novo foram enviadas missões para todas as colónias portuguesas, nomeadamente para África. Entre os impulsores destas missões destaca-se Joaquim do Santos Júnior (Pereira 1988), natural de Barcelos e com o seu espólio hoje na Biblioteca Municipal de Torre de Moncorvo (Trás-os-Montes). Foi dos primeiros docentes de antropologia na Faculdade de Ciências da Universidade do Porto e também presidente da SPAE (Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia). Inicialmente esta antropologia colonial esteve ao serviço das tendências mais conservadoras das ideologias coloniais do regime salazarista, mas a partir de finais de 1950 produz-se uma nova antropologia colonial, protagonizada por Jorge Dias, que se distancia, cada vez mais, do grupo de Mendes Correia (Porto). Outros antropólogos que se distanciam dessa antropologia colonial são Manuel Viegas Guerreiro, Ernesto Veiga de Oliveira, Benjamim Pereira, Margot Dias e Fernando Galhano, que igualmente asseguravam o funcionamento do Centro de Estudos de Etnologia Peninsular (CEEP), criado em 1947. Nesse cenário, produziram-se etnografias de construção do império colonial e etnografias de construção da nação, etnografias ruralistas e etnografias indigenistas, definindo uma nação imperial transcontinental (Thomaz 2002: 165). Jorge Dias e o seu grupo mostraram a diversidade sociocultural de Portugal e também de Moçambique, numa primeira tentativa de sistematização das classificações etnológicas, especialmente de cultura material.

E já nos anos 1960 a institucionalização da antropologia portuguesa levou à criação de duas instituições importantes: a) o Centro de Estudos de Antropologia Cultural, em 1962; b) e o Museu de Etnologia de Ultramar, em 1965 (Godinho 2019) – que promoveria o primeiro curso universitário de antropologia do país, e que mostra as preocupações museológicas da antropologia portuguesa. Neste período o antropólogo Leite de Vasconcelos, que estudou a língua mirandesa (do tronco linguístico astur-leonês-mirandês), continuaria a sua grande obra intitulada *Etnologia portuguesa*, um mapa cultural e etnológico do país. Cabe destacar também como o Norte de Portugal foi alvo de investigações de terreno marcantes na antropologia portuguesa e também europeia. Rio de Onor foi o local dos famosos ensaios do Abade do Baçal (Alves 2000) e seria o segundo local de trabalho de campo de Jorge Dias (1981). Mais tarde, esta aldeia e lugares vizinhos foram revisitados por vários colegas como Brian Juan O'Neill (2007) e Joaquim Pais de Brito (1996), entre outros. Em 1971 aparece uma antropologia audiovisual com o, então inovador, documentário de António Campos sobre a barragem de Vilarinho das Furnas.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

De acordo com João Leal (2000; 2006), a cultura popular, em Portugal, foi entendida como ruralidade e testemunho do passado. A imagem que os trabalhos sobre esse tema trespassavam era textual e historicista (ex. literatura oral, rituais rurais, tecnologia, folclore…), mas, posteriormente, essa imagem converte-se em táctil e objetual (ex. tecnologias tradicionais). Nela, o povo era o guardião de textos criados anonimamente, em remotos tempos étnicos. Este era um olhar decorativista que se coreografou, no Estado Novo, com António Ferro, para legitimar o próprio Estado. Naquela altura, a cultura popular era entendida como um substrato da nacionalidade (Leal 2000), e a ideologia da perda e da necessidade de salvaguarda da cultura tradicional face à mudança dominaram o panorama antropológico da altura, assim o exemplifica este excerto de um texto de Jorge Dias (1990):

> Nós, portugueses, estamos não nas vésperas, mas em plena fase de perdermos toda essa riqueza do passado. Se não corrermos rapidamente a salvar o que resta, seremos amargamente acusados pelos vindouros, pelo crime indesculpável de ter deixado perder o nosso património tradicional, dando mostras de absoluta incúria e ignorância. Se não o fizermos, daqui a duas gerações podemos ser um povo descaracterizado e profundamente pobre.

Com a queda do Estado Novo e a chegada da democracia, a geração de antropólogos pós 25 de Abril abre novas linhas epistemológicas, teóricas e metodológicas na antropologia portuguesa. De uma antropologia de tinte nacionalista, imperialista, culturalista e ruralista passamos a uma antropologia mais social centrada nas pessoas, na estrutura social, nos grupos e nos processos sociais e culturais do que nos objetos e nas tradições pitorescas. Um autor e uma obra inauguram a antropologia sociocultural contemporânea em Portugal, José Cutileiro (1977). Formado em Oxford, introduz em Portugal os métodos modernos da antropologia social e uma abordagem sobre as desigualdades na estrutura social do Alentejo. Este situou-se, junto com outros como Joyce Riegelhaupt e Colette Callier-Boisvert, longe de uma interpretação romântica e idealizada da ruralidade. Outros autores consolidariam esse caminho de renovação: Brian O'Neill, João de Pina-Cabral, Joaquim Pais de Brito, Raúl Iturra, Jorge Crespo, Paula Godinho, Jill Dias, José Carlos Gomes da Silva, Robert Rowland, Adolfo Yañez Casal, Augusto Mesquitela Lima, João Leal, Jorge Freitas Branco e muitos outros que pertencem já à geração pós 25 de Abril, e que contribuíram decisivamente para a afirmação da antropologia no país e no mundo. Esta é já uma antropologia, uma antropologia social tematizante, com fortes influências internacionais e também influente nos debates internacionais da antropologia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A partir da Revolução de 25 de abril de 1974, a institucionalização académica e científica da antropologia intensificam-se com cursos nas universidades (ex. na Universidade Nova de Lisboa em 1978 e no ISCTE em 1982), uma intensa produção editorial (ex. Coleção Portugal de Perto da Editora Dom Quixote) e a abertura do Museu Nacional de Antropologia em Lisboa (Godinho 2019); para além disso abrem-se vagas para antropólogos nos museus e iniciam os financiamentos da Fundação para a Ciência e a Tecnologia (FCT) para a investigação científica. A antropologia expande-se enquanto ciência social pelo país fora. Novas perspetivas aparecem com força, como por exemplo o trabalho de Sally Cole (1994), com um estudo sobre o género na comunidade piscatória de Vila do Conde. Foi uma época de abandono da noção do "popular" pela antropologia, reconhecendo a inexistência de um universo simbólico autónomo. O que era definido como "cultura popular" converteu-se numa estratégia eficaz para legitimar uma região, cidade, vila, grupo profissional, estrato social, família, casa rural, etc. Assim, converte-se a denominada "cultura popular" em recurso estratégico do desenvolvimento local.

Nos anos 1980 Portugal entra na CEE (Comunidade Económica Europeia), atual União Europeia, e uma nova fornada de antropólogos se incorpora à profissionalização da disciplina (Miguel Vale de Almeida, José Manuel Sobral, Filomena Silvano, Ana Isabel Afonso, Susana Trovão Bastos, Graça Índias Cordeiro…). Em palavras da antropóloga Marina Pignatelli (2014):

> Eram tempos de ressurgimento da antropologia, de busca de novos rumos alternativos e de uma consolidação equilibrada e isenta da disciplina. Questionando e desbravando o próprio país "como o banal da vida corrente", ao mesmo tempo iniciava-se o tecer das teias da antropologia portuguesa com redes mais vastas, nomeadamente a europeia e a lusófona.

Uma data importante marcaria nesta altura o desenvolvimento da antropologia portuguesa: em 1989 é fundada a Associação Portuguesa de Antropologia (APA[2]). Desde então a antropologia portuguesa passa a ter uma organização corporativa que defende profissionalmente os seus interesses e que promove o intercâmbio científico entre os antropólogos portugueses, e não só.

Na década de 1990 a antropologia portuguesa experimenta uma forte internacionalização e um cosmopolitismo não hegemónico (Viegas/Pina-Cabral 2014; Godinho 2019). Já não é apenas uma antropologia ibérica como uma antropologia internacional pós-colonial, com novas abordagens em etnografias não europeias: Rosa Perez (Gujarati, Índia), Amélia Frazão Moreira e Clara Carvalho

2 http://www.apantropologia.org/apa/

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

(Guiné-Bissau), Maria Cardeira da Silva (Marrocos). A antropologia fundamentaria intelectualmente a nova identidade europeia, um exemplo do qual é a fundação da EASA (European Association of Social Anthropologists), na qual vários antropólogos portugueses, como Cristiana Bastos ou Miguel Vale de Almeida, tiveram um papel muito destacado. As preocupações epistemológicas, teóricas e metodológicas eram agora outras e diferentes dos antigos estudos de comunidade rural. A urbanização e a globalização de contextos serão marcantes e mais além dos discursos sobre cultura local, regional, nacional e imperial, a antropologia portuguesa recuperaria preocupações mais universalistas sobre a natureza da humanidade, entre o projeto científico de estudo da humanidade Boasiano (valores, significados, sentidos, narrativas) e o Durkheimniano (regras, normas, leis instituições), preocupações mais universalistas. Além de mais, assiste-se a uma especialização subdisciplinar da antropologia importante.

Após quase duas décadas de século XXI, a antropologia portuguesa vive alguma desilusão com o projeto europeu tal como estava sendo construído e também sofre a crise económica de 2008. Desde várias perspetivas críticas a antropologia portuguesa apresenta agora novas agendas de investigação e de ensino universitário, com baixa inserção e reconhecimento profissional. Não sem certo romantismo, estudar antropologia em Portugal continua a ser um plano vital contracorrente. Quanto aos terrenos do eixo identitário europeu assiste-se a uma certa viragem para o eixo identitário transatlântico e extra-europeu. Há um regresso às ex-colónias em tempos pós-coloniais agora com novas epistemologias. Os interesses temáticos são diversos, entre eles: culturas visuais, cultura material e consumo, turismo e património, cultura visual digital, direitos humanos e movimentos sociais ou migrações. Os interesses territoriais desta contribuem para os estudos islâmicos, estudos africanos, estudos indianos e estudos brasileiros.

Quanto à sua institucionalização, em 2008 foi fundado o CRIA (Centro em Rede de Investigação em Antropologia), avaliado internacionalmente pela FCT com a classificação de "muito bom". Nas universidades portuguesas trabalham à volta de 100 antropólogos, um número crescente deles trabalha em museus de antropologia, em publicações (revista *Etnográfica*, *Antropológicas*, SPAE, *Antropologia portuguesa*, *Análise social*…). A condição de Portugal como periferia geográfica de Europa não faz com que a antropologia portuguesa seja periférica no quadro global, pelo contrário, ela é central em muitos âmbitos, representa uma "quinta tradição" como afirmámos no início. Influencia e dialoga com outras antropologias como a espanhola, a britânica, a brasileira ou a estado-unidense, entre outras.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A ANTROPOLOGIA NO NORTE DE PORTUGAL HOJE

Com base no quadro apresentado anteriormente, nesta seção do nosso texto pretendemos mostrar alguns dos traços atuais da antropologia no Norte de Portugal. Entendemos por esta o conjunto de antropologias feitas com base em trabalho de campo antropológico no Norte de Portugal, por antropólogos de qualquer nacionalidade. O Norte de Portugal foi um contexto muito frequente nos trabalhos dos grandes antropólogos portugueses (ex. Leite de Vasconcelos, Jorge Dias, Brian O'Neill, João de Pina-Cabral…) e de antropólogos estrangeiros (ex. Sally Cole, Fabienne Wateau, William Kavanagh, Shawn Parkhurst…).

Na atualidade a antropologia feita no Norte de Portugal está representada nos campos do ensino e da investigação universitária na Universidade de Trás-os--Montes e Alto Douro (UTAD) – o 3º departamento com mais antropólogos do país – na Universidade do Minho (UMINHO), na Universidade Fernando Pessoa (UFP) e em menor medida na Universidade do Porto (UP), na Universidade Católica Portuguesa (UCP), no Instituto Politécnico de Viana do Castelo (IPVC), etc. Mas é um ensino de antropologia para não antropólogos, isto é, não existe neste momento uma formação académica universitária superior para formar antropólogos no Norte de Portugal. Já existiu uma licenciatura em antropologia na Universidade Fernando Pessoa, no Porto, e na Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, no seu antigo campus de Miranda do Douro, onde se formaram mais de 120 estudantes em antropologia aplicada ao desenvolvimento. Também existiu um mestrado conjunto entre o ISCTE e a UTAD em Vila Real, mas está em processo de extinção.

Por outro lado a institucionalização histórica da antropologia no Norte de Portugal teve uma longa história, que continua na existência da SPAE (Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia[3]) e a sua revista *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*[4], a mais antiga da antropologia portuguesa, iniciada em 1919. Também nos museus de antropologia, ou onde domina a representação antropológica, como os casos de Miranda do Douro, Bragança e Viana do Castelo. Para além disso há alguns antropólogos a trabalhar em agências de desenvolvimento (José Portugal na Quaternaire, ou Sandra Furtado Lopes na CORANE, Associação de Desenvolvimento dos Concelhos da Raia Nordestina).

Ao nível da investigação, muitos antropólogos trabalharam no Norte de Portugal, mas exercem a sua profissão fora da região. O Norte de Portugal foi objeto, terreno e problema de investigação da antropologia portuguesa. A região foi fonte de inspiração para a antropologia portuguesa e os trabalhos do Abade de Baçal,

3 https://sociedadeportuguesaantropologia.blogspot.com/

4 https://revistataeonline.weebly.com/

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Firmino Martins, Santos Júnior, Leite de Vasconcelos, Padre Fontes, António Mourinho, Jorge Dias, Benjamim Pereira, Brian O'Neill, João de Pina Cabral, Joaquim Pais de Brito, Paulo Raposo, Lurdes Piquito, Filipe Reis, Humberto Martins, Henrique Gomes de Araújo, Daniel Seabra, Luís Vale, Pedro Pereira, Paulo Castro Seixas, Paula Mota Santos, Álvaro Campelo, Jean Yves-Durand, Manuela Ivone Cunha, Luís Cunha, José Portela, etc.

Todos eles receberam influências intelectuais anglo-saxónicas, francesas, espanholas e brasileiras. Podemos também afirmar que a antropologia na região mudou de uma etnografia ruralista a uma etnografia urbana e cosmopolita, de uma etnografia da aldeia a uma etnografia do mundo e dos seus problemas em contextos globais. A diversidade de temas e enfoques desenvolvidos nas investigações antropológicas no Norte de Portugal são sumariadas na listagem abaixo, a modo de ilustração e não de recolha sistemática. Na listagem incluímos antropólogos de uma geração mais jovem e de outras emergentes e consolidadas no exercício da sua profissão:

– A fronteira com Espanha: Luís Cunha, Paula Godinho, Ana Isabel Afonso, Xerardo Pereiro, Humberto Martins, Octávio Sacramento, Luís Silva, António Medeiros, William Kavanagh (DEP),…
– Antropologia do urbanismo: Paulo Castro Seixas, Paula Mota Santos…
– Novas ruralidades: Luís Vale, Shawn Parkhurst (Universidade de Louville).
– Antropologia do desporto: Daniel Seabra.
– Antropologia patrimonial: António Fontes, Álvaro Campelo, Jean Yves-Durand, Xerardo Pereiro, José Afonso…
– Antropologia do turismo: Xerardo Pereiro, Paula Mota Santos, Edgar Bernardo, Pedro Azevedo, Octávio Sacramento…
– Antropologia do género: Luzia Oca, Vera Mendonça, Octávio Sacramento, Manuela Ivone Cunha…
– Antropologia da religião: Pedro Pereira, Mariana Pignatelli, Luís Vale…
– Antropologia ambiental: Humberto Martins, Pedro Silva, Paulo Mendes, Lurdes Piquito…
– Antropologia aplicada: Xerardo Pereiro, Paulo Mendes, Luzia Oca, Pedro Silva…
– Antropologia médica: Berta Nunes.
– Antropologia do desenvolvimento: Paulo Castro Seixas, Sandra Alves, Joana Rodrigues, Humberto Martins, Pedro Silva…
– Antropologia audiovisual: Gonçalo Mota, Humberto Martins, Catarina Alves Costa, João Sardinha…
– Antropologia e literatura tradicional: Alexandre Parafita…
– Antropologia da alimentação: Ricardo Almeida, Xerardo Pereiro…

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Em jeito de sumário, a antropologia no Norte de Portugal é uma antropologia diversa e dispersa, segmentada e minifundista, com uma institucionalização académica e organizacional fraca, sem oferta própria no ensino superior universitário. Os antropólogos do Norte de Portugal ensinam antropologia para não antropólogos, isto é, "antropologizam" outros profissionais da educação, do turismo, da arquitetura, da psicologia, do serviço social, da animação sociocultural, etc. Ao nível de investigação é uma antropologia importante, mas desagregada e pouco coordenada, ainda que com um impacto social nas políticas culturais, sociais e de desenvolvimento local de muitas comunidades.

Ao nível institucional, não existe neste momento uma colaboração formal entre a AGANTRO e a SPAE, as maiores associações de antropologia e as mais representativas da eurorregião. Existe apenas uma colaboração interinstitucional formal e intensa entre a AGANTRO e a APA, tendo esta última um papel decisivo na recente revitalização e dinamismo da AGANTRO. Sublinhar também que muita da antropologia produzida na eurorregião é feita fora das universidades, que por outro lado estão de costas voltadas e pouco viradas para uma cultura cooperativa real e eficaz. Há pouco interconhecimento e reconhecimento entre antropólogos na eurorregião, com exceções como o encontro organizado no Pólo da UTAD em Chaves a 8/XI/2007, o conhecimento entre antropólogos, da sua existência e trabalho é baixo, de aí também a sua desorganização como coletivo profissional.

UMA PROPOSTA DE COLABORAÇÃO ENTRE A ANTROPOLOGIA PORTUGUESA E GALEGA

Apesar de neste texto não termos falado da antropologia galega (Pereiro 2001, 2018, 2019), invocamos essas referências para sugerir uma proposta de colaboração entre as antropologias portuguesas e galegas, reaproximando-as como já ocorreu no passado, isto é, interligadas do ponto de vista intelectual e pessoal (ex. Vicente Risco e Santos Júnior). Não obstante, os entraves que temos para essa colaboração são os da diferente institucionalização de uma e outra, conformando identidades antropológicas diferenciais complexas. O diagnóstico pessoal apontado acima mostra a inexistência de um ensino universitário próprio em toda a eurorregião Norte de Portugal - Galiza, o que dificulta a presença pública e o liderado desta ciência social. Muitos antropólogos galegos foram "expulsos" simbolicamente da Galiza, "exiliados" intelectualmente ou migrados noutros países (México, Brasil, Portugal, etc.) que desfrutam do seu bom saber-fazer. Outro traço importante é a competência que os antropólogos encontram em folcloristas e outros cientistas sociais (sociólogos, politólogos, geógrafos, historiadores, economistas…), forçando os antropólogos a lutar pelo seu reconhecimento nos mesmos

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

espaços profissionais e num contexto de precariedade, especialmente para os mais jovens.

Em seguida, apresentamos um esboço de proposta de colaboração que destaca três âmbitos: o ensino, a investigação e o campo cívico. Começando pelo ensino, a universidade é o maior bem público da sociedade e os antropólogos universitários da eurorregião portugalega pelo que deveriam lutar pela criação de uma licenciatura em antropologia interuniversitária e/ou um mestrado integral, sem descurar o nível do doutoramento. Consideramos que não há antropologia sem antropólogos e que a reprodução do saber antropológico é essencial para a existência da antropologia enquanto saber científico e humanístico. Esta perspetiva corporativista fundamenta-se na necessidade de educar e formar profissionais para trabalhar em sociedades cada vez mais pluriculturais que devem aprender, compreender e lidar com as diferenças socioculturais. Além de mais, o ensino da antropologia não deve reduzir-se ao nível universitário, assim, devemos potenciar a participação de antropólogos no ensino secundário, um bom exemplo do qual é o trabalho e experiência de Eva Garea (2009). Neste sentido a antropologia é um instrumento educativo, político e descolonizador, que promove o anti-etnocentrismo o anti-racismo e o combate às exclusões sociais e todos os tipos de discriminação, seja de género, classe, idade, etc.

O segundo campo de colaboração é o da investigação. A antropologia é muito importante nas análises do fator humano, isto é, do fator social e cultural dos problemas humanos. Para isso precisamos de uma boa e profunda investigação antropológica. O antropólogo, enquanto especialista em cultura, algo mais do que um conjunto de letras, é o cientista social mais capaz de interpretar as diversidades, as diferenças e as desigualdades, e também as interculturalidades e mestiçagens, o respeito pela dignidade humana e a compreensão intercultural. Neste sentido o mundo precisa de ser interpretado e explicado na sua complexidade e a cooperação transnacional em investigação enriquece a todos. Assim, oportunidades de cooperação não faltam, como os programas Interreg (hoje POCTEP), Erasmus, Iacobus, H20200, etc. Um bom exemplo é prémio Vicente Risco de Ciências Sociais (eurorregional hoje), que protagonizado pela Fundação Vicente Risco, integra na sua organização os concelhos de Castro Caldelas, Alhariz e a UTAD (Portugal), aceitando trabalhos sobre o contexto eurorregional em galego ou português. Face aos problemas de escala, precisamos de lugares de encontro científico, para construir corpo, redes, parcerias e cumplicidades com o fortalecimento da disciplina no campo da investigação sociocultural. Sublinhar finalmente neste segundo campo da investigação, que a eurorregião e as suas identidades precisam de ser interpretadas pela antropologia e os antropólogos, pois desta forma poderemos criar melhores modelos de convivência.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Finalmente, o campo cívico, que em nosso entender tem como desafio comunicar melhor o que é a antropologia e para que serve. O Mercado não é a única solução, mas temos de ter a capacidade de adaptação sem deixar de ser críticos com as suas tiranias. Entendemos que os caminhos a percorrer são os de "antropologizar" a sociedade, numa antropologia mais missionária do que elistista, uma antropologia mais próxima da engenharia sociocultural (tecnologia sociocultural da mudança) e do etnomarketing sociocultural do que do antropólogo académico. Consideramos que a eurorregião precisa de uma antropologia pública, prática, em ação, aplicada e comprometida, que questione criticamente as sociedades nas que vivemos. Imaginamos uma antropologia para empresários, gestores e políticos, acabando com o sentimento de culpa da antiga antropologia colonial. Por outro lado, pensamos que a antropologia eurorregional precisa de novos públicos como os da mediação sociocultural e a resolução de conflitos interfamiliares (como nos gabinetes de advogados de família). Entendemos a antropologia como uma ciência reflexiva e também instrumental, que pode ajudar a orientar a mudança, questionar e satisfazer necessidades e desejos, servir a felicidade humana e o bem-estar coletivo. Imaginamos uma antropologia da esperança, reflexiva, crítica e comprometida, na qual pensamento e ação social eticamente enquadrados vão de mão em mão.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alves, Francisco Manuel [Abade de Baçal] (2000 [1908-1948]): *Memórias arqueológico-históricas do distrito de Bragança.* 11 vols. Bragança: Câmara municipal, Museu do Abade de Baçal.

Bastos, Cristiana e José Sobral (2018): "Portugal, Anthropology", em Hilary Callan e Simon Coleman (eds.), *The International Encyclopedia of Anthropology online*. London: Wiley Online Library, 1-14 https://doi.org/10.1002/9781118924396

Brito, Joaquim Pais de (1996*): Retrato de aldeia com espelho: ensaio sobre Rio de Onor.* Lisboa: Dom Quixote.

Cole, Sally (1994 [1991]): *Mulheres da praia. O trabalho e a vida numa comunidade costeira portuguesa*. Lisboa: Dom Quixote.

Cutileiro, José (1977): *Ricos e pobres no Alentejo. Uma sociedade rural portuguesa*. Lisboa: Livraria Sá da Costa.

Dias, Jorge (1981 [1953]): *Rio de Onor: comunitarismo agro-pastoril.* Lisboa: Editorial Presença.

———— (1990 [1963]): "A Etnografia como ciência" em *Estudos de Antropologia*. Lisboa: Imprensa Nacional Casa da Moeda, vol. I, 37-47.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Garea Traba, Eva (2009): *Antropoloxía. Bacharelato*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Godinho, Paula (2019): "Antropología portuguesa contemporánea: casi medio siglo desde abril", *Disparidades. Revista de Antropología* 74(2), 014. https://doi.org/10.3989/dra.2019.02.014

Leal, João (2000): *Etnografias portuguesas (1870-1970). Cultura popular e identidade nacional*. Lisboa: Dom Quixote.

———— (2006): *Antropologia em Portugal: mestres, percursos, transições*. Lisboa: Livros Horizonte.

O'Neill, Brian Juan (2007 [1987]): *Social inequality in a Portuguese hamlet: land, late marriage and bastardy, 1870-1978*. Cambridge: University Press.

Pignatelli, Marina (2014): "Antropologia em Portugal nos últimos 50 anos: introdução", *Etnográfica* 18 (2), 301-305. https://journals.openedition.org/etnografica/3680

Pereira, Rui (1988): *Antropologia aplicada na política colonial portuguesa*. Lisboa: Universidade Nova. Tese de mestrado inédita.

Pereiro, Xerardo (2001): "Reflexão sobre a antropologia na Galiza de hoje", *Etnográfica. Revista do Centro de Estudos de Antropologia Social –ISCTE* 10, 117-127. http://hdl.handle.net/10348/4695

———— (2014): "Da antropologia à antropologia aplicada ou a afirmação da antropologia no Norte de Portugal", *Etnográfica* 18 (2), 425-440. http://etnografica.revues.org/3776

———— (2018): "A antropoloxía e a cultura galegas", *Grial* 220, 57-63.

———— (2019): "A (in)utilidade da antropologia galega [Especial Antonio Fraguas]", *Sermos Galiza* 21/V/2019. https://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/in-utilidade-da-antropologia-galega/20190514203849079594.html

Pina-Cabral, João (1991): *Os contextos da antropologia*. Lisboa: Difel.

Thomaz, Omar Ribeiro (2002): *Ecos do Atântico Sul: representações sobre o terceiro império português*. Rio de Janeiro: UFRJ/Fapesp.

Viegas, Susana de Matos e João Pina-Cabral (2014): "Na encruzilhada portuguesa: a antropologia contemporânea e a sua história", *Etnográfica* 18 (2), 311-332. http://journals.openedition.org/etnografica/3694

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 223-235
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

II

Alocucións académicas sobre Antonio Fraguas no Día das Letras Galegas

Antonio Fraguas Fraguas:
fitos senlleiros dunha vida dedicada a Galicia /
/ Clodio González Pérez

O mestre que explorou a cara oculta da Lúa /
/ Fina Casalderrey

Sentimentos da paisaxe en Antonio Fraguas /
/ Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 239-248
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.769

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS: FITOS SENLLEIROS DUNHA VIDA DEDICADA A GALICIA

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS: SINGULAR MILESTONES OF A LIFE DEVOTED TO GALICIA

Clodio González Pérez

Nesta data sinalada do 17 de maio de 2019 dedicada á memoria de don Antonio Fraguas Fraguas, de estar hoxe aquí connosco, na súa querida carballeira de Famelga, seguro que nos contaría historias e lendas do concello de Cotobade, de como se desenvolvían antano as festas e os seráns e tamén faría lembranza de persoas e acontecementos que deixaron pegada para sempre na súa existencia: a nai, "mamá Antonia", o mestre don Antonio Vidal, Sebastián González García-Paz, o profesor Antón Losada Diéguez, os compañeiros do Seminario de Estudos Galegos (SEG), a ledicia do día que chegou ao instituto da Estrada… Aquí faría adrede unha paréntese, como se non existisen os feitos seguintes ao 18 de xullo de 1936, para, de novo, co sorriso nos beizos, recordar a estadía en Lugo, o regreso á sempre querida Compostela, a inauguración do Museo do Pobo Galego e, se cadra, ata a amizade espiritual que mantiña co Apóstolo Santiago dende que o bautizaron na igrexa de Santiago de Loureiro.

Non é doado resumir en poucas palabras toda unha vida. Quixera dispor de tempo abondo para poder repetir só parte do que me contou os días que pasei con el para redactar a súa biografía, a comezos dos anos noventa. Pero como non é posible, cinguireime entón a lembrar non máis que sete fitos senlleiros, dende a nenez ata o pasamento, aqueles que foron o lévedo de que medrase nel a pulos o compromiso e a lealdade pola Terra, por Galicia.

INSUELA E "MAMÁ ANTONIA"

Naceu o 28 de decembro de 1905 a curta distancia de onde estamos[1], en Insuela, unha aldeíña no seu tempo de seis casas vivendas, como el dicía, todas coñecidas

1 O acto celebrouse na carballeira da antiga feira de Famelga (Aguasantas-Cotobade), a uns 800 metros da súa casa natal.

polos nomes ou alcumes das mulleres: a da Rendeira, a de Manuela (que era a súa, por chamarse así a muller do tío avó Santiago Ogando), a de Susana, a de Anxela e a de Pilara. Non é de estrañar que nas denominacións predominase o matriarcado, tendo en conta que era unha terra onde moitos dos homes pasaban parte do ano fóra da casa traballando de canteiros.

A nai, María Teresa, nacera en Listanco, no concello ourensán de Maside, filla dunha moza dese lugar e dun canteiro de Loureiro, pero veu de nena para a parroquia do pai a herdar duns tíos sen descendencia. A infancia do fillo estivo marcada ata os sete anos polo estigma de que o pai, Manuel, emigrara a Brasil antes de casar, que o recoñeceu ao volver, o 7 de agosto de 1912.

Con eles vivía unha criada sen soldada (pola comida e o vestido), Antonia Pérez Estraviz, natural de Mondariz[2], que tiña 58 anos cando el naceu e que foi unha das persoas que máis sinalada pegada deixou nos primeiros anos da súa vida. Analfabeta, pero un manancial inesgotable de sabedoría popular, que espertou a curiosidade do neno por coñecer as crenzas e as diversións dos devanceiros, de tal xeito que logo abondaría o consello dun profesor do instituto para que comezase a tarefa que xa non deixaría ata o pasamento. Moitos anos despois, cando xa cumprira os 80 anos, aínda recoñecía o que supuxera para o seu futuro "mamá Antonia":

> Con amor de nai coidou da miña infancia, polo que eu en xusta compensación chameille sempre *mamá Antonia*. Sen saber ler nin escribir pero dotada de gran memoria, ensinoume oracións, ditos, refráns e cántigas, lendas de santos, de mouros, de ladróns e contos de xentes que van de camiño.

O MESTRE DON ANTONIO E A ESCOLA DE FAMELGA

Antes impartira clase no colexio de Covelo (A Lama), como lle adoitaban chamar para diferencialo da escola pública. Un centro, o máis soado da contorna, que mandara construír e que sostiña o benemérito mecenas Manuel Barreiro Cabanelas, alias o "Conde de Covelo" ou "de Cabanelas", título nobiliario que non posuía pero merecía ben máis que outros moitos.

Veu para Famelga e axiña acadou sona de que ensinaba moi ben. Cadrou que, por este tempo, a familia de Antonio Fraguas estaba decidida a emigrar a Brasil, e para que o neno aprendese algo máis (que na escola da súa parroquia foi ben

2 Don Antonio di natural de Sobrado dos Monxes e que casou en Mondariz, pero na partida de defunción consta como da segunda poboación, viúva e que se ignoraba se lle quedaba descendencia (Rexistro Civil de Cotobade: Defuncións: Antonia Pérez Estravid [sic]).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 239-248
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

pouco, malia que o mestre fose tío político), acordaron mandalo a esta escola ata a data de partir, coa idea de que chegase a maquinista das locomotoras que andaban polas vías que construíra o pai algúns anos antes.

Pasaron varios meses, e cando o mestre soubo que xa estaban cos preparativos, mandou vir o pai á escola, segundo dicía o 28 de marzo de 1919:

> – *Dile a tu padre que venga a hablar conmigo.* Meu pai moi asustando preguntoume: E logo ti ¿que fixeches? Nada, respondín eu. Fíxome así como un cento de veces a pregunta, e deille sempre a mesma resposta. Meu pai tiña tal susenia, que non durmeu ren, cavilando no que faría eu. Moi cedo foi a Famelga e Don Antonio díxolle: *–Señor Fraguas: no marche con el chico, dele una carrerita.* A resposta de meu pai, foi a verdade: Non temos medios económicos. Don Antonio, gaboume moito e díxolle que a carreira custaría pouco, e doulle unha explicación de como faría a carreira de maestro comenzando polo bachillerato e pasando ó maxisterio.
>
> Meu pai viña contento por os ditos e triste pensando que non sería maquinista no Brasil. Cando chegou á casa e cando contou o de darlle unha carreira, miña nai dixo: ai pois, si. Eu levei o recado: Mire se ve que vallo para o estudio que quedo e se non vou pró Brasil.

O seguinte 14 de abril asinou a solicitude para examinarse de ingreso de bacharelato no Instituto de Pontevedra, que remata en xuño de 1924.

O exalumno nunca deixou de relacionarse co mestre. Anos despois pediulle axuda para o cancioneiro de Cotobade, que comezou a recompilar cando cursaba sexto de bacharelato. E xa licenciado, un día foi a Famelga a impartir unha clase de arqueoloxía ao mestre e aos nenos no castro que queda preto da escola, onde fixeron varias catas e descubriron algúns restos de cerámica e anacos de muíño de lavadoiro.

PONTEVEDRA E A SOCIEDADE DA LINGUA

No mes de xuño de 1919 aproba o ingreso e no setembro seguinte o primeiro curso. Pero a estadía non foi máis que do tempo que duraron os exames, xa que aínda cursaría segundo por libre, non empezando a vivir en Pontevedra ata o comezo do curso 1920-1921.

Daquela eran tan poucos os alumnos do rural que ían ao instituto, que para os compañeiros dende o mesmo día que chegou sempre foi "Antonio, o da aldea". Alcume que non rexeitaba e que ata "houbo xa momentos en que presumía de que era 'o da aldea'". A influencia dalgúns profesores e compañeiros nesta tempada foi

decisiva: dos primeiros, Antón Losada Diéguez, e dos segundos, Sebastián González García-Paz.

Vai ser aquí onde esperte no mociño de Loureiro o interese por Galicia, pola cultura e a lingua. Non sabemos se xa fixeran algo antes, pero hai unha data moi sinalada, o mes de abril de 1924, en que con outros compañeiros acordan fundar a "Sociedade da Lingua", para a que redactan unhas "Regras e preceutos", dos que salientan dous: a defensa do galego, daquela marxinado de todo, e a recompilación dun dicionario ante a dificultade de consultar os poucos que había.

Crearon un distintivo, unha insignia para lucir na lapela da chaqueta, de forma triangular coas letras iniciais S. D. G. nos vértices, que chamou a atención dos demais alumnos e ata dalgúns profesores, como Losada Diéguez: "quen ó saber das nosas inquietudes nos alentou a traballar e díxonos que había que recoller lendas, cantigas, contos e todo canto tivera que ver coa Historia de Galicia e coa súa cultura".

O consello do profesor boborao foi decisivo: axiña empezou a recompilar as cantigas da súa terra, como diría moitos anos despois no limiar do libro *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade* (1985): "estes centos de cántigas foron recollidas por min hai máis de sesenta anos, cando era escolante no Instituto de Pontevedra".

COMPOSTELA E O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

A capital galega converteuse na súa segunda patria dende o día que chegou en tren a comezos do curso 1924-1925, mantendo dende entón casa aberta, así como tamén en Loureiro de Cotobade, ata nos anos que estivo fóra, na Estrada e en Lugo.

Cando chegou non tiña moito con quen relacionarse xa que Sebastián González García-Paz non veu de alumno oficial ata o segundo curso. Soubo entón dunha nova que non lle gustou, a desaparición da Sociedade da Lingua, da que tanto agardaba dende os consellos de Losada Diéguez.

En Compostela estaba o Seminario de Estudos Galegos, fundado en 1923 por un grupo de universitarios e algún profesor, como Armando Cotarelo Valledor. Segundo contaba, durante o primeiro curso só asistiu a un acto, pero non así no seguinte ao vir como alumno oficial o amigo "Tano" (Sebastián), en que se empezan a relacionar cos da súa idade, como Xosé Filgueira Valverde (un ano máis novo ca el pero que ía máis adiantado por cursar o bacharelato ao seu tempo), Fermín Bouza Brey, Lois Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Xaquín e Xurxo Lorenzo… e logo cos para eles xa respectables membros do grupo Nós, que se constituíra en Ourense en 1920 arredor da revista do mesmo nome: Otero Pedrayo, Risco, López Cuevillas e algúns dos seus profesores en Pontevedra, Castelao e Losada Diéguez.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 239-248
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Nos últimos anos da vida lembraba con señardade o día que ingresara como socio activo, o 5 de novembro de 1928, a participación nas xeiras das terras do Deza, de Melide e do Saviñao, de cando empezou a publicar en *Nós* (1929) e en *Arquivos* (1930), o primeiro traballo sobre Cotobade ("O Entroido nas terras do sul de Cotobade"), a conferencia que impartira no Ateneo de Vigo da que só saíu un "retallo" na revista e tamén se fixo separata ("O culto ós mortos"), a alegría dos parentes ourensáns ao verse citados en "Do folk-lore de Armeses-Listanco"…

Pasaron moitos anos, ocorreron durante este tempo arrepiantes sucesos que arramplaron co Seminario, pero nunca rexeitou do que alí aprendera e da sorte de ter por compañeiros a persoas unidas por unha causa común e altruísta: a mellora cultural, social e material de Galicia.

AS IRMANDADES DA FALA E O PARTIDO GALEGUISTA

Aos 18 anos, cursaba quinto de bacharelato, participa por primeira vez nun mitin político na súa parroquia de Loureiro a prol de Manuel Portela Valladares, promovido polas Sociedades Agrarias do Distrito, "un hombre ilustre cuyo solo nombre es una ejecutoria de triunfo", segundo a folla que se repartiu anunciando o acto, afirmando que o principal obxectivo era combater o caciquismo, un mal endémico do noso rural, que dende a capital chegaba cos seus tentáculos a toda provincia:

> Pontevedra era unha ciudade tranquila con grandes resoancias de políticos e da política, fartura de lendas de caciques e famosos pucheirazos celebrados con delicado sortilexio da picaresca electoral, a favor de algún candidato a Diputado a Cortes.

Se cadra tamén foi na vila do Lérez onde mantivo os primeiros contactos con membros das Irmandades da Fala, tendo en conta que a agrupación pontevedresa se constituíra en 1916, tres anos antes de el ir para a cidade. Pero máis seguro é que fose a finais de 1924, en que aparece o seu nome nunha relación de afiliados á delegación compostelá da Irmandande Nazonalista Galega. Justo Beramendi, referíndose en particular á súa participación na política, cualifícao atinadamente de "soldado fiel", por non figurar nunca en postos de resonancia, en polémicas ou publicando artigos de contido político.

En 1928, ou xa en xaneiro de 1929, intervén nunha xuntanza que celebran na casa de Camilo Díaz os representantes das Irmandades da Fala de Santiago, A Coruña e Ourense (F. Zamora, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas e Ramón Otero Pedrayo), na que acordaron fundar "unha organización nacionalista pura, sen parlamentarismo, nin regramentos, o máis segreda, rápida e eficaz posible", á vez que nomean presidentes locais a Francisco Abelaira na Coruña e

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 239-248
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

o crego Paulino Pedret en Santiago, o que non gustou ao sector republicano por pertencer ambos os dous á liña católica.

No mes de decembro de 1931 toma parte na fundación do Partido Galeguista. Nos anos seguintes participa en varios mitins, como nun en Maside, o 7 de maio de 1932, con Ramón Otero Pedrayo, Castelao, V. Casas e L. González Salgado, do que contaba que en adiante Don Ramón cando se dirixía a el adoitáballe dar o tratamento de "Deputado por Listanco", pola aldea masidá onde nacera a nai.

A súa época máis activa como político corresponde á de secretario na Estrada do devandito partido, en 1936: participa nas eleccións do 16 de febreiro nas que trunfa a Fronte Popular, e no mes de xuño do mesmo ano nas do plebiscito do Estatuto de Autonomía durante as que intervén en numerosos mitins, como o día 11 nas parroquias de Callobre e Tabeirós, o 13 na de Oca, o 14 nas de Codeseda e Rubín…, e o 26 no do remate da campaña na capital do concello, no que tamén falaron Castelao e Enrique Rajoy Leloup.

A sublevación fascista do 18 de xullo sinala a fin dunha época ateigada de ilusión e compromiso, e o comezo da persecución, da expulsión do ensino, do ostracismo, do silencio…

A REAL ACADEMIA GALEGA

O 13 de decembro de 1942 ingresa na Real Academia Galega como membro correspondente. O acto desenvolveuse no paraninfo da Universidade compostelá e debeu ser no que maior número recibiron tal distinción, en total 30, entre os que estaban Francisco Vázquez Saco, Xosé Trapero Pardo, Antonio Iglesias Vilarelle, Xaquín Lorenzo Fernández, Xosé Ramón e Fernández Oxea, Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Vilar Ponte… Foi o primeiro recoñecemento do seu labor como etnógrafo e arqueólogo no SEG, xa que dende 1936 non volvera a publicar nada.

Pouco máis de oito anos despois, o 19 de abril de 1951, a proposta de Salustiano Portela Pazos, Ramón Otero Pedrayo e Luís Iglesias Iglesias, é nomeado académico de número, aínda que o discurso de ingreso non o le ata o 8 de maio de 1956, unha lembranza dos seráns ou foliadas que organizaba a mocidade na súa parroquia de Loureiro que poeticamente titulou *Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*. Cadroulle a cadeira que ocupara Castelao, do que fixo ao comezo unha apaixonada loanza, atrevéndose ata a mencionar publicacións perseguidas polo réxime:

> Veño para o sitio dun home cuxo nome leva unha proxección universal de sincera grandeza e popularidade. Pasará o tempo, moito tempo, e na casiña máis apartada non se esquecerán as *Cousas da vida* por Castelao e para os artistas e para tódolos espíritos de fina sensibilidade, Castelao será sempre a luz acesa

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 239-248
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> nos infindos horizontes. O seu nome vai no encanto das paisaxes da terra e das preocupacións humanas. [...] Xenio superior, alto e lanzal, guiado coa máis pura sinxeleza, sentiu os pesares cedo e sentiunos sempre […] *Sempre en Galiza*, a mellor, máis nobre e máis sincera interpretación da terra […] O álbum *Nós* mereceu que nos xuízos críticos dixeran del que non se fixera nada igual dende Goya. (Máis tarde debuxou *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*).

O nomeamento significou moito para el, non xa polo recoñecemento do valor que se lle daba á súa obra, senón, como diría anos despois, por "ocupar o lugar de Castelao. Se fose outra persoa calquera sería moi importante, pero non suporía o orgullo e o compromiso de intentar continuar o labor que un home tan importante coma Castelao comezara".

UNHA VELLA ARELA: O MUSEO DO POBO GALEGO

O 29 de outubro de 1977 tivo lugar o acto de inauguración das primeiras salas do Museo do Pobo Galego (MPG), presidido polo entón ministro Pío Cabanillas Gallas, e coa asistencia, entre outros, de Xaquín Lorenzo e Antonio Fraguas, presidente do Padroado e director, respectivamente.

Nacía o museo de Galicia que trataran de crear medio século antes os socios do SEG, por iso os que aínda vivían acolleron con afervoamento a suxestión dos finados Carlos García Martínez e Rafael Baltar Tojo, e Justo Beramendi González e Manuel Gallego Jorreto, que contaron dende o comezo coa colaboración de María Xosé Fernández Cerviño.

O MPG ateigou de ledicia os últimos anos de Antonio Fraguas, ao ver como se materializaba un dos seus soños máis devecidos da xuventude, e o mesmo o doutros compañeiros de angueiras. Na Estrada, durante a estadía ao fronte do instituto como secretario, creou un pequeno museo centrado exclusivamente na zona, na Terra de Tabeirós, para o que desexaba como sede a torre de Guimarei, ilusión truncada pola sublevación militar do 18 de xullo, o mesmo que o do colexio de Fonseca, sede do SEG.

Desempeñou a dirección dende o 31 de xullo de 1976 ata o 16 de decembro de 1989, en que foi nomeado presidente do Padroado, ao finar Xaquín Lorenzo. Cargo no que se mantivo ata poucos días antes do pasamento, o 29 de maio de 1999, que renuncia por cuestións de saúde. O seguinte día 5 de novembro falecía na súa querida Compostela.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 239-248
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

EPÍLOGO A TODA UNHA VIDA

Don Antonio nunca deixou de ser aquel neno da aldea, de Insuela, que sabía dos labores do campo e do coidado do gando como calquera dos veciños que non tiveron a sorte de estudar, e tamén das diversións e das festas, non só de Loureiro, senón de todas as parroquias do concello cotobadés, como a de san Roque de Carballedo que amenizou varios anos o soado gaiteiro de Soutelo, Avelino Cachafeiro, do que dicían:

> O gaiteiro de Soutelo
> un raio de Dios o mate,
> non quere tocar a gaita
> se non lle dan chocolate.

O Entroido, ao que dedicou o primeiro estudo sobre a súa terra, publicado en 1930 na revista *Nós*, e os seráns que a mocidade organizaba á noitiña, aos que asistiu máis dunha vez, e logo dedicou o discurso de ingreso na Real Academia Galega, o 8 de maio de 1956, no que non faltan cantigas como esta, que recollera moito antes por consello de Losada Diéguez cando estudaba bacharelato:

> De Loureiro a Rebordelo
> todo é camiño chan,
> todas son rosas e flores
> postas pola miña man.

Don Antonio foise para sempre de Insuela o 5 de novembro de 1999, pero o corpo, pois o espírito, como o das ánimas das que tantas veces falou (dende que en 1931 publica "O culto ós mortos"), nunca deixou, nin o fará no futuro, o seu Cotobade, que percorre silandeiro dende entón, albiscando cos ollos do alén estas terras e estes montes tan queridos.

Tamén estará agora aquí entre nós, nesta carballeira de Famelga na que tantas veces xogou de neno á pedriña, ao zamanquiño, á billarda, á pita cega… E ao mesmo tempo en Pontevedra, lembrando os anos de estudante e os profesores Antón Losada Diéguez e Castelao; na Estrada, vendo como a torre de Guimarei segue abandonada; dando un paseo pola muralla de Lugo, e de animada conversa polas rúas de Compostela cos amigos Isaac Díaz Pardo, Fermín Bouza Brey, Xosé Filgueira Valverde, Sebastián González García-Paz…

Hoxe, 17 de maio, anda por toda Galicia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 239-248
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Poucos anos antes do pasamento, sen perder a ilusión de mozo, malia que o corpo xa feble presaxiaba a fin, resumía o seu labor, o seu compromiso de toda unha vida con estas sinceras e humildes palabras:

> Eu traballei sempre por e para Galicia. Unhas veces acertei, outras non; pero en todo canto levo feito puxen sempre toda a miña ilusión, todo o pouco que sei, sen esperar nunca nada a cambio. A miña modesta obra non é máis que un pequeniño gran de area no montón que foron facendo todos aqueles que, de moi distintas maneiras e cadaquén ó seu xeito, traballaron ó longo dos anos, traballan agora e seguirán traballando arreo no futuro, sempre desinteresadamente, non máis que polo ben de Galicia. Por amor á nosa Terra.

Que a memoria de don Antonio Fraguas Fraguas perdure ao longo dos séculos!

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Beramendi, Justo (2006): "O soldado fiel", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 180-195.

Fraguas Fraguas, Antonio (s.d.): "Notas da miña vida e do meu tempo", ms. Museo do Pobo Galego: *Fondo Antonio Fraguas Fraguas*.

———— (1959): "El Conde de Covelo", *Lar. Revista de la Asociación Gallega de Beneficencia y Mutualidad. Hospital Gallego* 302, 17-18.

———— (1968): "Sebastián González García-Paz. Notas da súa vida e de seu tempo", *Grial* 21, 334-357.

———— (1977): "O gaiteiro de Soutelo", *El Correo Gallego* 26/VIII/1977.

———— (1985): *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade*. Trasalba (Ourense): Fundación Otero Pedrayo.

———— (1988): "O castro de Famelga", *Faro de Vigo* 13/II/1988.

———— (1989): "O san Roque de Carballedo", *Faro de Vigo* 15/VIII/1989.

———— (1999): "O lugar e a casa onde nacín", *Grial* 144, 621-629.

———— (2019): *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*. A Coruña: Real Academia Galega. https://doi.org/10.32766/rag.342

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 239-248
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

García Liñeira, María e Amelia Tomé Cruz (2001): "Entrevista", *Xeada. Xornal do I.E.S. Antonio Fraguas Fraguas* [monográfico: *Antonio Fraguas. In memoriam*], 29-35.

González Pérez, Clodio (1998): *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben,* Vigo: Ir Indo.

———— (2019a): "Antonio Fraguas Fraguas: un dos bos e xenerosos", *Raigame. Revista de Arte, Cultura e Tradicións Populares* 43, 6-17.

———— (2019b): "Antonio Fraguas Fraguas. Cronobiografía", en Luís Cochón e Justo Beramendi (eds.), *Antonio Fraguas: laboris causa. Trigo limpo candeal.* Cadernos Ramón Piñeiro XXXIX. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 23-53.

González Reboredo, Xosé Manuel (1997): "Notas dunha conversa con Antonio Fraguas", *Revista Galega do Ensino* 17, 13-34.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 239-248
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 249-258
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.770

O MESTRE QUE EXPLOROU A CARA OCULTA DA LÚA

THE TEACHER WHO EXPLORED THE HIDDEN FACE OF THE MOON

Fina Casalderrey

Velaquí estamos, en Cotobade –moi preto da primeira escola na que o adolescente Antonio Fraguas Fraguas comezou a protexerse da intemperie en saberes académicos–, no marco que el mesmo sentía coma o "lugar no que se atopan as esencias de Galicia"[1], para honrarmos, no Día Grande das Letras, a memoria deste ilustre veciño, fillo predilecto do Concello. Famelga, a aldea de Insuela, xunto cos lugares onde exerceu a súa profesión como docente[2], foron o libro que máis lle ensinou a este investigador apaixonado do mundo rural[3], a este aldeán que xamais renegou das súas raíces, unhas raíces que estaban tan metidas na terra coma as desa árbore que chaman "dos pastores", capaz de buscar vida nas profundidades máis recónditas e permanecer ergueita. "Fun o máis distinguido da aldea e nunca me molestou e chegou a ser o meu garboso pseudónimo" (González Pérez 2006: 27); deste xeito se referiu a si mesmo este home afable, ateigado de humildade e sabedoría, entregado á causa galega sen rancores nin vinganzas. A pesar da dor na alma por aqueles días de represión sen acubillo que cambiaron a súa vida por completo, nunca perdeu a cripta dos soños, e continuou sempre fiel a un ideario cuxo ronsel continúa a capelexar no aire, a suscitar afectos e a romper ríos de distancia, malia viaxar xa por esa memoria que o Museo do Pobo Galego e a Fundación que leva o seu nome impediron que se consuma e que, este ano en especial, a Real Academia Galega, pon en valor.

Don Antonio foi ante todo un mestre. Un mestre cicerone que, na longa noite de bocas secuestradas que tantos anos durou, se entregara en amasar un

1 "Tanto Fraguas como Núñez Búa tiñan a Cotobade como lugar no que se atopan as esencias de Galicia que baixan co Lérez ata Pontevedra", escribe Isaac Díaz Pardo na súa introdución para a publicación que polo seu centenario editou o Museo do Pobo Galego (2006: 11).

2 42 anos, 1 mes e 2 días ata que, con 70 anos, o 28 de decembro de 1975, se xubilou.

3 Declaración feita por don Antonio Fraguas nunha entrevista da CRTVG (1/XI/1986).

pan de identidade que levedou naquela rapazada. Hoxe adultos, discípulos e discípulas continúan a escoitar o bisbar da súa pacífica rebeldía rachando o ceo daquel silencio imposto que nos mantivera adurmiñados nun berce bretemoso. O seu predicamento, que levaba o eficaz aval do exemplo do bo mestre, do mestre bo[4], abondoulles para enchouparen o peito de soños. Velaí as armas de resistencia deste "Indiana Jones das corredoiras" (Enríquez 2006: 155), que loitaba sen fusta nin revólver contra o esquecemento e que dedicou gran parte da súa vida a recompoñer a nosa historia cos pequenos tesouros que foi atopando, coma quen explora a cara oculta da lúa –esa na que ninguén adoita reparar–, convencido de que tamén a ela chega a luz. A luz da memoria colectiva, a maneira de vivir do pobo, é fundamental na construción da nosa identidade. O antropólogo Xosé Manuel González Reboredo –exalumno de don Antonio no Instituto de Lugo e, máis tarde, na Universidade de Santiago de Compostela– refírese a este "labrego de berce", coma un "etnógrafo puro" (2006: 98), que fuxiu das teorías e centrou os seus esforzos no traballo de campo, na urxencia da recollida dese patrimonio inmaterial co que termar da memoria de nós e na docencia.

Na súa condición estaba o se manter no camiño de ida, podando sombras, ergueito nas súas convicciónS coma esas canas indias polas que ruben ao ceo algúns deuses, coma "os fachicos e as estrelas da fonda noite aldeá galega" (Otero 2019: 31); afeito, ademais, a soportar as xeadas, pendente sempre dos coidados do que sementaba para ver medrar os froitos.

Contan que cando Antonio Machado finou aquel 22 de febreiro de 1939, na vila francesa de Colliure, exiliado como tantas e tantos outros, un amigo atopou nun dos petos do seu gabán un papel escrito á man co que, se considera, foron os derradeiros versos do xenial poeta. Nesas horas finais, cando só importan as cousas do principio, escribira Machado: "Estos días azules y este sol de la infancia"[5].

Figúraseme ver o neno de Quinteiro de Baixo descubrindo o universo das palabras neses días azuis nos que domina o tempo e aprende a ler no primeiro silabario que lle mercara súa nai, coa súa axuda e coa intuición pedagóxica de mamá Antonia adiantándose a métodos posteriores máis axeitados para ensinar a ler un neno: "d, acórdate polo dedo" (Fraguas 1999: 625). Véxoo explorando os cumes de Loureiro, emprendendo o voo cos brazos abertos cara a Caroi, cantando, baixando e subindo, de coto en coto, coma un pequeno merlo que andase a anunciar os fríos: Coto Grande, Coto Redondo, Coto do Carballal... mentres o monte do Seixo vixía as súas fantasías de cativo de aldea que apalpa cos dedos a

4 Así lle chama o propio autor en Cajaraville 2019.

5 "Estos días azules y este sol de la infancia", *Somos documentales* [blog] 19/ II/ 2014. Dispoñible en https://blog.rtve.es/somosdocumentales/2014/02/estos-d%C3%ADas-azules-y-este-sol-de-la-infancia.html

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 249-258
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

textura da liberdade. De camiño crúzase co "rabaño das cabras do señor Bernardino Raxó", que "baixan do Coto da Rula, moi cedo, para os Chans do Preiro, cerca do río" (Fraguas 2019a: 15). Daquela o rapaciño sabe interpretar o sinal e trata de se dar présa: vai vir a chuvia.

Xa onda a capela de Santa Mariña do Seixo contempla as tres rías e, dende alí –talmente o Migueliño de Castelao–, imaxina o mar que o achega a un pai do que só sabe por fotos e por cartas, mais do que pode esbozar unha imaxe idealizada. Está a piques de o coñecer en persoa! Dese xeito, contemplando horizontes abertos, o neno Antonio prende luces nos infinitos mares do cosmos e detecta a cor dos ceos que se reflicten no espello das augas. Asemade, Teresa, a súa nai, tanxe melancolías agardando novas amencidas de pan fresco. Manuel Fraguas, o pai, volve á fin. E o neno, que vive o privilexio de asistir ao casamento dos seus proxenitores –tal como prometeran na igrexa de Acibeiro (Forcarei) oito anos atrás, antes da partida–, comeza a gozar cun soño que Manuel lle pousa no maxín: o seu fillo será maquinista dun tren que percorrerá as vías de ferrocarril que el axudara a construír en Niteroi, alá no Brasil.

Fóra das aulas, enchoupado dunha curiosidade que estas non sacian, continúa a percorrer o mundo, a explorar a cara oculta da Lúa: as murallas do Foxo do Lobo, as ribeiras do Almofrei dende Loureiro, polo camiño de Cacharredo ata o Frade, o Coto da Rabadeira, a Carballeira do Rei, reserva de carballos que nos séculos XVI e XVII se utilizou na construción de barcos para a flota. E os nomes aprendidos vánselle metendo ata nos zocos.

Seu pai, canteiro de profesión, é un home moi serio e estrito que endexamais canta e que non dubida en utilizar o vimbio como material pedagóxico se for mester[6]. Mais o neno si, Antonio canta, el é quen de reproducir cantigas coma a que escoitou na boca dun canteiro de Famelga:

> Canta, miña pedra, canta,
> a compás deste punteiro,
> canta, miña pedra, canta,
> faille compaña ao canteiro.

A vida latexa fóra daquela escola rancia de Loureiro, cuxa pedagoxía nada ten que ver coas propostas innovadoras da época, e aínda hoxe vixentes, de Francisco Giner de los Ríos ou Andrés Manjón, fundadores de importantes institucións docentes a finais do século XIX. Naquela escola rural, os principios de autoridade e respecto ao mestre abondan para impoñer disciplina; as súas decisións son

6 Cóntao o propio Fraguas en "Notas da miña vida e do meu tempo" (s.d.).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 249-258
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

incuestionables. O propio Fraguas lembra o momento en que, con desgana, se ha de reincorporar a esa escola; alí, afirma con rotundidade, non aprendera nada, "absolutamente nada" (Fraguas s.d.). Sucede isto cando o crego da parroquia, Isidro Andión, o expulsa das súas clases particulares porque, en lugar de se aplicar na monótona lectura do silabario, e malia as reiteradas advertencias, se sente atraído polo movemento das follas das árbores que, ao compás da brisa, danzaban onda a ventá: "Con respectuoso acatamento reanudei a miña lectura pero a gracia do castiñeiro era poderosa e gardei novo silencio. Por segunda vez a mesma advertencia: *Antonio lee*" (s.d.). Na escola de Celestino Veiga, o seu tío político, á que ten que regresar o neno Antonio, non atopa máis utilidade de certa regra de madeira, numerada, que a de lle servir ao señor mestre para mallar nos rapaces: "A letra con sangue entra". Ese xamais sería o seu lema. Se un día el fose mestre, investigaría canda a rapazada a outra cara da Lúa, esa na que non reparan os seus escolantes, daría resposta a aquela enigmática frase que aparece gravada nunha pedra que se mantén en pé, pegada ao muro da igrexa de San Miguel: "y no se contienen los ojos de llorar a Florentina...". Faríalles sentir o respirar da terra, ensinaríalles a apoupiñar coas mans a xeografía galega.

Outro tanto acontece cando, grazas á visita dun Inspector de Educación, descobre o proveito que lle pode sacar a aquela lousa negra e a aquel garabullo branco que nunca tivera oportunidade de usar; quizais con aquel pauciño puidese escribir na lousa os nomes dos lugares que lle van sendo revelados nos arredores: carballeira da Portela, ponte da Rasa, ponte de San Xián, carballeira de Carbalinchán, río Cabanelas, muíño do Maio, muíño do Reboredo, ponte do Rexedoiro, muíños do Cachopo, coto do Ramalloso, portela das Laxes, carballeira da Capitana, muíños de Barbeitos, da Fonte Seca, do Río Grande... Esa realidade referenciada serviralle máis tarde para abrir a porta das aulas e ensinar a súa materia con auténtica sedución; e faino "coesa mesma adicación que non foron capaces de afogar as máis ruíns malquerenzas" (Fraguas 1985: 9), como diría Xaquín Lorenzo, referíndose ao momento en que Fraguas foi desposuído do seu labor como ensinante.

Preparándose para ser emigrante de proveito no país americano, por fin, con trece anos pode asistir ás clases de don Antonio aquí, en Famelga, na parroquia de Aguasantas. Dese mestre, aprende o adolescente a importancia do estímulo dun bo ensinante. Os soños de ser maquinista vanse esvaendo coma o resón dun instrumento de corda ao descubrir novos saberes e novas maneiras de os transmitir. Se algún día se dedicase á docencia, el nunca se limitaría a pendurar un mapa na parede para lles obrigar a memorizar unha restra de nomes de ríos e afluentes, de montes e cordilleiras, vilas, cidades e países que, quizais, nunca na vida ían ter oportunidade de visitar; nomes e máis nomes que non lles dirían nada. El explicaríalles a razón de por que os ríos van dar ao mar, de por que se forman as serras, por

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 249-258
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que unhas son aguzadas e outras suaves... Comezaría por espertar no alumnado a sede polo coñecemento e o gozo que empeza a saborear el mesmo; mostraríalles a contorna máis achegada para que, de maneira tanxible chegasen, logo, aos saberes universais, á cara oculta da Lúa. Camiñaría canda eles pola senda de San Xusto e as frondosas beiras do Lérez, beberían xuntos a paisaxe e a historia nun intento de rescataren o vello muiñeiro que, segundo a lenda, desapareceu de maneira misteriosa despois da primeira muiñada; descubrirían da súa man os petróglifos dos Fentáns, onde el se marabilla diante do diminuto guerreiro que porta unha espada desproporcionada, e a Laxe dos Cegos, o Outeiro do Morcego...

Xa no Instituto de Pontevedra vai transcorrendo a súa adolescencia. Imaxínoo imitando a Goethe na súa visita a Roma, invocando os deuses e as pedras: "Faládame que tamén tendes alma!". E o que lle é revelado prende nel cal buganvílea que rube louzá por un valo, ata ser quen de o saltar; grazas, en gran parte, a novos mestres de entusiasmo contaxioso, coma os que ten no bacharelato en Pontevedra: Ramón Sobrino Buhigas, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao —a quen substituíu en 1951, cando ingresou na Real Academia Galega— ou Antón Losada Diéguez. É entón cando, animado por este último, se converte nun explorador dos tesouros da fala, comezando pola das terras deste seu Cotobade natal: "... estes centos de cantigas foron recollidas por min hai máis de sesenta anos, cando era escolante no Instituto de Pontevedra" (1985: 13), afirma moitos anos despois. Con este traballo arredor da literatura popular, descobre que en cada mozo, en cada moza, hai un poeta e el farállelo saber cando comece a exercer como ensinante. "De poeta, médico e louco, todos temos un pouco". Enchoupado do maxisterio de Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas, así o fai dende os seus inicios como docente naquel Instituto Nacional de 2º Ensino de Santiago, exercendo de profesor interino no curso 1928-1929. Nese tempo ingresa no Seminario de Estudos Galegos e alí atopa o contexto propicio para desenvolver o seu interese polo estudo da cultura galega. Dende entón o ensino foi o impelente da súa existencia, como profesor axudante na Facultade de Letras primeiro, como profesor auxiliar de historia despois, logo como profesor de xeografía e historia (1933) no colexio Subvencionado da Estrada (de 1933 a 1936).

"Don Antonio desexa converter o instituto en núcleo dinamizador da inexistente vida cultural estradense organizando ciclos de conferencias e charlas de divulgación científica que redunden en beneficio do pobo", asegura María Xosé Enríquez Morales ex-alumna e investigadora da súa traxectoria como docente. O instituto non debe ser visto só como centro onde poden "adquirir un título uns cantos privilexiados", senón tamén un lugar de orientación e consulta para os que quixesen servirse del (Enríquez 2006: 161).

Figúraseme velo, cal explorador daquelas mentes adolescentes, organizando excursións os sábados pola tarde e os domingos para gañar ese afecto necesario, dialogando con eles, subliñando o interese dalgún elemento patrimonial a eles vencellado, tanto material como inmaterial, animándoos a preguntar, preguntándolles... "Coñecedes algún edificio románico? Como é?" Imaxínoo chantando un pau no medio e medio do patio para converter este na agulla dun gran reloxo de sol; seguindo a sombra do pau comezan as súas primeiras nocións de astronomía. Imaxino, outrosí, aquela rapazada, tomando notas do aprendido, debuxando o rudimentario reloxo, ou o hórreo máis próximo, ou o meandro do río no que van aprender a nadar polo verán, ou as constelacións do anaco de firmamento observado, ou tomando notas sobre o que cadaquén descobre arredor da astronomía popular, os refráns, os ditos, as lendas... ou mesmo as inquedanzas que perseguen na súa singradura. Todo cabe naquela sorte de caderno de bitácora que cada quen ha de ir cumplimentando durante a travesía do curso escolar e ao que don Antonio tanta importancia lle dá. Asemade, o mestre toma apuntamentos persoais de cada un deles no seu propio caderno: "Moi colaboradora, tímido, moi preparado, mostra moito interese...".

Esa súa entrega como ensinante non impide a súa destitución polo "perigo" que supuña a súa pertenza ao Partido Galeguista e por facer propaganda en prol do Estatuto. No calendario ruín do 12 de novembro de 1936 –o mesmo día que en Pontevedra son fusilados no monte da Caeira médicos, mestres, avogados... dez en total, por seren fieis aos seus ideais democráticos– recibe don Antonio, dende o Instituto da Estrada, a notificación, con data do día 4, de que queda suspendido de emprego e soldo. Coma se o presentise, no derradeiro curso redactou unha memoria de vinte e dúas cuartillas manuscritas, sen data, mais con pistas como "al cabo de los tres años que llevo en el Instituto..." que nos levan a deducir que foron escritas no verán de 1936. Esa memoria[7] permítenos coñecer a súa concepción do ensino. Nelas incide en que é moi difícil –se non, imposible– atopar unha fórmula infalible que nos permita dar co mellor método de ensino dunha materia; mais estaba convencido de que ensinar é crear unha relación afectiva cara ao que se ensina e que esa avaliación inicial –na que tanto se incide nos últimos tempos– resulta imprescindible para, partindo do coñecemento do alumnado, dos seus intereses, das súas reaccións, das circunstancias persoais de cada quen, da contorna máis próxima..., orientar a súa exposición como mestre.

Na lectura do prego de descargos que a Comisión de Depuración de Ensino da provincia de Pontevedra lle permite facer e que el envía o 17 de febreiro de

7 Conservada no Museo do Pobo Galego, carpeta 39, da que sabemos grazas ás pescudas de María Xosé Enríquez Morales (2006).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 249-258
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

1937, percíbese tan lóxico temor, tanta impotencia! Porén, eses sentimentos non lle impiden avogar polos seus compañeiros de partido.

Malia o inxusto ostracismo, o ensino continúa a ser a súa armadura para resistir e don Antonio segue ligado á docencia impartindo "pasantías" na Academia Menéndez Pelayo, na Algalia de Abaixo en Santiago, xunto co seu amigo e compañeiro de aventuras radiofónicas Xosé Mosquera Pérez, ata que –a partir de 1942– lle volven abrir as portas do ensino público, primeiro na Facultade de Filosofía e Letras como profesor axudante e máis tarde, tenaz diante dos moitos atrancos, ao poder presentarse a cátedras de Xeografía e Historia no Ensino Medio. En maio de 1950, á fin, toma posesión da súa cátedra no Instituto Masculino de Lugo (Lucus Augusti). Daquela, volve implicarse na vida cultural luguesa participando nos Cursos Universitarios de Primavera, asumindo responsabilidades directivas no centro... Acepta que el nunca será un intelectual de cadeira e despacho. Segue a ter claro que se non hai emoción non hai aprendizaxe. E a emoción lévao ao tesón, e este a empregar a súa vida en poñer en valor a cultura popular, "Agora xa é historia todo canto se diga do serán de Loureiro, pero historia de xeracións desaparecidas", tal dixo no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega (2019b).

Ese mesmo entusiasmo guiárao, aínda bacharel, a ser un dos tres socios fundadores da Sociedade da Lingua que, no artigo nº 13 do seu regulamento, esixe aos seus socios facer cantas investigacións científicas poidan para exploraren a cara menos recoñecida da cultura galega, a cara oculta da Lúa, ben referidas á historia de Galicia, ben á agricultura, á industria, á literatura popular etc. "Los fundadores de esta Sociedad desean que la armonía en ella sea tal que las vagas ilusiones juveniles de un día puedan llegar a ser realidades del mañana" (González Pérez 2006: 43).

Compostela chama por el e, en 1959, consegue praza no Instituto Rosalía de Castro onde demostrará que o seu entusiasmo permanece intacto. Don Antonio, ou San Antonio, como se refería a el o alumnado do instituto (González Pérez 2006: 154) –no que permaneceu ata a xubilación (1975)– posuía as calidades do bo docente: "afable, sinxelo, disposto a escoitar, sensato, de xuízos e opinións equilibrados"[8]. Incluso os sobriños e sobriñas, vían nel ese padriño adoptivo que acubilla e protexe, que se ocupa e preocupa por todos eles coma se fosen os seus propios fillos[9], do que lembran leccións de coherencia, vida e beleza. Os verdadeiros docentes levan nos xenes algo que lles impide negarse a facilitar o traballo

8 Así o define o seu sobriño e afillado José Carlos Martínez Cimadevila (2006: 13).

9 "Os doce mil fillos de don Antonio (e una manda de afillados)", así titula María Xosé Fernández Cerviño o seu ensaio sobre Antonio Fraguas como figura paternal e guieiro, durante 24 anos, do equipo de profesionais e colaboradores do Museo do Pobo Galego na publicación colectiva *Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999* (2006).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 249-258
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

a calquera que llo solicita, ou a defendelos coma un pai diante do que consideran inxusto, e Fraguas era un mestre vocacional. Manuel Dourado Deira –mestre, licenciado en Dereito– dá conta da súa talla ética ao relatar o momento en que, sendo secretario dun tribunal de reválida, en 1953, e considerando a inxustiza que se ía cometer coa súa persoa ao favorecer o fillo dun poderoso en detrimento seu, intervén con sabedoría:

> Señores: vostedes son varóns sabios e xustos. E eu estou certo de que van actuar coa equitativa xenerosidade que os honra. Aquí hai, en efecto, un alumno que non nos é tan coñecido coma o que vostedes propoñen; pero sácalle máis de medio punto na media global. Aínda que ninguén reclamará por el, clamarán as nosas conciencias o resto dos nosos días...

"E así foi como un servidor recibiu o cuarto premio extraordinario", conclúe o seu relato o protagonista dos feitos (*O Correo Galego* 17/VII/1994).

Figúraseme velo, restituído como ensinante, entrar nunha aula situando o alumnado na importancia da literatura popular deste xeito: "O mesmo que os canteiros, cantaban os carpinteiros, o ferreiro, o albanel, o zapateiro... e xastres e costureiras" (Fraguas 1985: 15):

> As señoras costureiras
> que andan polas aldeas,
> engordan como demonios
> co pan das casas alleas
>
> (1985: 35, cantiga 147).

Para continuar reflexionando en voz baixa, moi baixa: "Curioso o tema da literatura popular. Mais esta graza cantoral das máis variadas tonalidades rematou o mesmo día en que comezou a Guerra Civil: Dende ese día todo se volveu triste durante a guerra..." (1985: 15). E bórraselle de inmediato a expresión leda do comezo. Son as voces da crónica nocturna latentes na súa memoria e que tenta ocultar para fuxir da crueldade dos retornos. Así vainos levando, coma gamelas que fosen por un río con rápidos e remansos, pola paisaxe sentimental, comezan a tatuarse os primeiros mapas no seu rostro. Tal como dixo no seu día don Ramón Otero Pedrayo deste "deputado por Listanco"[10]:

10 Así lle chamaba don Ramón Otero Pedrayo despois da súa primeira publicación de carácter etnográfico: "Do folk-lore de Armeses-Listanco" (1931).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 249-258
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Ser mestre na Xeografía [...] quer dicir ser dono do espírito, da chave, dos tempos e segredos da paisaxe. E nisto Fraguas é mestre perfecto con emocionado senso de estudante. Pois só quen non teña perdido a saudosa e insatisfeita arelanza do estudante pode ser merecente diante da xuventude do título de mestre.
>
> Fraguas enxergando un rodopío de horizonte, unha estaxe ribeirá, o acudir das rúas ao chamamento da praza, debuxa a temática xeográfica e alenta na vaga néboa de traballos humanos, arelanzas e ecoares do Folclore. Entrambas disciplinas e métodos compleméntanse no xove mestre (Otero 2019: 34).

Podo, incluso, imaxinalo alá en Boisaca, na súa derradeira morada terreal, emprendendo novas viaxes por esa memoria que nunca se extingue, conversando co seu veciño don Ramón María del Valle-Inclán, que non pode conter a risa mentres don Antonio lle relata o momento en que, logo de lle axudar ao seu sobriño Carlos cunha composición na que tiña que describir unha casa da aldea, e inspirado o mestre na dunha veciña de Loureiro, lle fai o traballo e o profesor expresa a nota "Un 7 por ter copiado de Valle-Inclán" (Martínez 2006: 13).

En nome de todas e todos os ensinantes do meu tempo vinculados aos movementos de renovación pedagóxica, que dalgún xeito seguimos a súa estela de irmandade e tamén quixemos explorar a luz que ilumina a cara oculta da Lúa para cambiar o mundo, quero expresar a nosa gratitude a eses primeiros mestres e mestras que deixaron un pouso perenne da súa sabedoría e da súa ética en nós.

Grazas, don Antonio Fraguas, mestre de mestres.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Cajaraville, Héctor (2019): *Antonio Fraguas. O bo mestre, o mestre bo*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Díaz Pardo, Isaac (2006): "Relembranzas de D. Antonio Fraguas", en García/Fernández/González 2006: 11-12.

Enríquez Morales, María Xosé (2006): "Don Antonio Fraguas: unha vida dedicada á docencia", en García/Fernández/González 2006: 152-179.

Fernández Cerviño, María Xosé (2006): "Os doce mil fillos de don Antonio (e unha manda de afillados)", en García/Fernández/González 2006: 226-245.

Fraguas Fraguas, Antonio (s.d.): "Notas da miña vida e do meu tempo", ms. Museo do Pobo Galego: *Fondo Antonio Fraguas Fraguas*.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 249-258
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1931): "Do folk-lore de Armeses-Listanco", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 96, 221-227.
———— (1985): *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade*. Trasalba (Ourense): Fundación Otero Pedrayo.
———— (1999): "O lugar e a casa onde nacín", *Grial* 144, 621-629.
———— (2019a): *Do tempo e dos astros*. Vigo: Galaxia.
———— (2019b): *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*. A Coruña: Real Academia Galega. https://doi.org/10.32766/rag.342
García Martínez, Carlos, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.) (2006): *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia". Ofrenda no seu centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
González Pérez, Clodio (2006): "Antonio Fraguas Fraguas, 1905 - 1999.Vida e obra", en García/Fernández/González 2006: 24-89.
González Reboredo, Xosé Manuel (2006): "O etnógrafo Antonio Fraguas", en García/Fernández/González 2006: 90-117.
Martínez Cimadevila, José Carlos (2006): "[Presentación]", en García/Fernández/González 2006: 13-14.
Otero Pedrayo, Ramón (2019): "Resposta do excelentísimo señor don Ramón Otero Pedrayo", en Fraguas 2019b: 29-36. https://doi.org/10.32766/rag.342

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 249-258
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 259-263
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.771

SENTIMENTOS DA PAISAXE EN ANTONIO FRAGUAS

FEELINGS OF THE LANDSCAPE IN ANTONIO FRAGUAS

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

> Deixamos à dreita un lugar, e, para outra banda, a serra; agora temos camiño amplo, camiño carreteiro que tén no seu lecer as corgas raizosas dos carballos…

Deste xeito describía Antonio Fraguas a paisaxe da contorna do sendeiro que o levaba cara ao Pazo de Trasalba aló polos anos cincuenta, onde o estaba a agardar don Ramón Otero Pedrayo. Ía xunto a outros compañeiros renderlle a periódica visita coa que desexaban expresarlle o seu respecto e consideración. Atendían con devoción e gusto tódalas maxistrais leccións sobre a xeografía, historia e cultura de Galicia, que en repousados e maxestáticos parlamentos, debullaba o patricio ourensán. Como tamén escoitaban con renovado interese, como se fose a primeira vez que as ouvían, as sentidas descricións das paisaxes que se ollaban desde as ventás do pazo: piñeiros bravos a medrar entre as penas graníticas que ruben polas encostas do val e perfilan os horizontes xeórxicos de vellas videiras e novos milleirais. Antonio Fraguas coñecera a Otero Pedrayo había máis de trinta anos, no estudo que Díaz Baliño tiña na rúa das Hortas en Compostela, a onde fora levado polo seu amigo e compañeiro no Seminario de Estudos Galegos, Ramón Martínez López, e, segundo a súa propia testemuña, foi a primeira vez que escoitou falar da nova ciencia xeográfica e, sobre todo, que coñeceu dun xeito convincente e atraínte o estudo sistemático da paisaxe.

Na ampla obra de don Antonio o tema da paisaxe ocupa un espazo cronolóxico relativamente ben delimitado no tempo. Comeza coa publicación da súa *Geografía de Galicia*, en 1953, e continúa con case vinte artigos na revista *Vida Gallega*, ata finais da década dos sesenta. É unha magoa que, dadas as características destas publicacións, non foran escritas en galego, pois deste xeito privouse á nosa lingua de páxinas inesquecibles sobre as paisaxes desta terra. Aínda así, hai que recoñecerlles que nelas latexa un fondo e inquebrantable sentimento de amor ao país e que xorden, espontáneas e vizosas, dese humus matricial que

teñen todos aqueles que, como Fraguas, construíron a súa personalidade nun contacto íntimo e directo coas xentes e costumes campesiñas.

Seguidor de Otero, desenvolveu tódolos seus traballos sobre a xeografía galega co esquema conceptual dos tres tempos da paisaxe: o "cósmico", relativo á xeoloxía e as formas do relevo, o "biolóxico", sobre a vida vexetal e animal e o "histórico", representado polos trazos que a actividade humana, vai imprimindo na contorna. Foi, de todas maneiras, un discípulo bastante particular que interpretou moi ao seu xeito esta teoría oteriana dos tempos da paisaxe, xa que do cósmico quedou basicamente cos vales, do biolóxico, co xogo cromático estacional de carballeiras, soutos e bidueirais e do histórico, cos pequenos recantos construídos co traballo calado e teimudo do labor campesiño. En definitiva, con todo aquilo que tiña máis que ver coa humanización miúda do espazo natural.

E así como houbo poetas, como Novoneyra, que concentraron a súa mirada na montaña, ou como Pondal que o fixeron sobre esas formas "heroicas" do relevo que son as rochas e penedos, Fraguas, ao xeito de Rosalía, considerou os vales e as augas que os regan como o marco fundamental da súa ollada paisaxística. Neles afiánzanse as estampas típicas que recolle o cancioneiro popular e neles a vida campesiña transcorre baixo os ritmos e cadencias que lle imprimen as estacións e as horas do día. Agudo observador do cotián, soubo enmarcalo con mestría no escenario das agras e cortiñas e imaxinar vidas e relatos que enchían de significado o transcorrer das horas no abeiro das lareiras, no paso polos camiños e vereas ou nos rebumbios das muiñadas. Crea atrevidas metáforas, como aquela que nos fala do "sol perseguido polos fríos" para describir eses momentos das mañanciñas en que un sol, aínda morno, non é quen de desbotar a friaxe da noite e, sobre todo, declárase devoto das primeiras horas do día para comezar a valorar as paisaxes dos vales. E así, coma outros escritores son máis inclinados a desfrutar da nostalxia dos atardeceres e os momentos do solpor, Fraguas, sempre optimista, defínese, sobre todo, como home de abrentes e alboradas.

Segundo o seu entender, o que poden percibir os ollos non é o único xeito de apreciar as paisaxes dos vales e ribeiras, xa que tamén, os sons do campo, como poden ser o do millo abaneado polo vento ou os recendos da terra mollada despois das primeiras chuvias, son sensacións que ninguén debería esquecer. A comuñón do ser humano coa natureza, que é o mellor xeito de valorar as paisaxes, debe de realizarse con todos os sentidos ben espertos e dispostos a enchouparse de tódalas mensaxes de intimidade e grandeza que nos chegan dela. Pero se hai algo que distingue as súas descricións paisaxísticas dos vales e ribeiras galegos son as ilustracións literarias que, normalmente as acompañan e que Fraguas recolle do cancioneiro popular ou dos poetas máis intimamente

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 259-263
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

identificados co mundo campesiño, como Noriega Varela. Neste senso, amósase de total actualidade, pois hoxe tódolos atlas ou catálogos das paisaxes, seguindo as recomendacións do Convenio europeo[1], levan sempre ao par das descricións xeográficas, as pegadas que a súa percepción estética deixou na literatura ou na pintura.

O tempo biolóxico é o que define para Antonio Fraguas o cromatismo da paisaxe galega. Nega con rotundidade que Galicia poida ser representada só por esa tonalidade verde que os incipientes axentes turísticos da época ou escritores de improvisadas sínteses tentaban difundir: Galicia "esquina verde", "rincón verde" etc. A paisaxe, como ben di, "non é un concepto simple amparado nunha constante de cor con uniformidade total". É, mais ben, un conxunto de formas moi variadas, cada unha coa súa expresión cromática propia, que ademais teñen un ciclo que ven definido polas estacións e o tempo atmosférico. Cada relanzo de cor ten a súa vida particular que, segundo a súa persoal valoración, debería comezarse a ollar nos outonos, cando as follas das árbores antes da súa caída adquiren eses tons cálidos, breves pero intensos, que matizan as cores máis apagadas da montaña e os vales interiores. O inverno, coas árbores espidas, os matos no seu repouso vexetativo e as terras de labor baleiras, crea perfís austeros que se recortan sobre os fríos horizontes das penechairas, agardando unha primavera que se anuncia nas humildes flores do mato que, precursoras, recrean unha rica paleta de cores cos amarelos, brancos e violetas das urces, toxos e carqueixas. O verán, finalmente, abrolla coas árbores todas preñadas de follas; agora si, verdes, pero con tódolos matices posibles que a imaxinación convoca, mentres nos vales, os amarelos do cereal axítanse ao lonxe, en ondadas de fartura.

As pegadas humanas, na paisaxe galega, son continuas e persistentes e poucos espazos, se é que hai algún, se pode dicir que non foron traballados e modificados polo calado e continúo tesón dos homes. Para Fraguas, o centro do seu interese atópase nesas pequenas construcións que os etnólogos e arquitectos definen como "adxectivas" polo seu carácter vicario e subordinado a outras edificacións de maior porte e prestancia. Son eses sendeiros de "porfiadas estreitezas que cruzan as hortas e bordean as casas do lugar, ou eses pontillóns sobre os regatos, os muíños aliñados nas pendentes e, mesmo, as xestas que no fondo do labradío constituen esa estampa alegre e sempre emotiva dos recantos aldeáns". O traballo nos campos e nas casas con elementos e trebellos que tradicións de séculos foron deseñando con exquisito primor e agarimo, definen o continúo ir e vir da vida aldeá que, coma sempre, debería de ollarse e describirse desde as primeiras horas da mañá:

1 O *Convenio europeo da paisaxe*, aprobado polo Consello de Europa en Florencia o 20 de outubro de 2000.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 259-263
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Galicia –dínos– no seu poboado e caserío, debe sorprenderse ao mencer. Coa alborada os horizontes son por todas partes maxestosos e o espertar campesiño ten sinalada repercusión na paisaxe. A presencia do luceiro e o canto do galo, animan as corredoiras aldeás. O fume madrugador do fogar érguese para procurar a dirección do vento, que lle sinala ao labrego a confianza inicial da xornada.

A paisaxe para unha persoa en movemento, fronte a outra que practica unha mirada estática e pasiva da natureza, ten unhas características diferenciais propias. Esta estética do camiñante, tan particular, por exemplo, do peregrino a Santiago, foi tamén considerada por Antonio Fraguas, nese dinamismo que sempre envolveu as súas consideracións da paisaxe. Os camiños que nos levan dun lugar a outro son protagonistas excepcionais desa sucesión de ambientes nos que Fraguas centrou unha boa parte das súas descricións paisaxísticas de Galicia deseñando rutas onde o país se facía encontro e sorpresa.

Tamén coa muralla de Lugo describe un xeito moi particular de camiño circular, no que a ronda pola antigas defensas se fai atalaia excepcional desa volta de horizonte que, o gran paisaxista literario que foi Luís Manteiga, define como "la más hermosa galería de paisajes de toda Galicia". Este xeito de paisaxe total que ten como límites a bóveda do ceo e os catro puntos cardinais, Fraguas recomenda vivilo a calquera hora do día. Non se decide pola mañá como noutros moitos casos, senón que valen tódolos momentos, e recomenda que "como a lectura dun verso, a ronda ten un valor emotivo e debe ser descuberta personalmente e mesmo con algo de sorpresa". E, ao final do paseo, conclúe:

> Antes de abandonar os muros que deron tranquilas horas ao vivir lugués, volvemos á estampa da cidade, á praza de San Froilán, ao sabugueiro corpulento que dá a súa flor para borrar o feitizo da noite de San Xoan… Sobre o horizonte urbano as torres catedralicias despiden a xornada coa luz que declina cara cumios, ao lonxe.

Rematamos, volvendo ao principio, posiblemente na solaina do Pazo de Trasalba, onde Antonio Fraguas e seus compañeiros, están a escoitar con devota atención o mestre e, alí, diante daquela paisaxe, daquela contorna, entrañable e baril, grandiosa e achegada, feita emoción e transcendencia polas verbas de don Ramón, foi, e así o deixou escrito:

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 259-263
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

onde por primeira vez percibiu a presencia de Galicia, e alí adeprendeu a amala deica o estremo de lle adicar todo o seu ser. Alí, nos soutos que hai a carón da súa casa, nos penedos de Rodeiro, nos piñeiraes da costa de Santa Cruz,… nas adegas no tempo das vendimias, nas lareiras nos meses de xiadas ou das chuvias,… decatouse da existencia do noso ser peculiar; deuse de conta dista verdade que os galegos temos que escoitar dentro de nós mesmos, xa que nin na escola, nin no Instituto, nin na Universidade se coida de nos falar dela…Terras dos chaos de Amoeiro, monte de San Trocado, serra de Martiñá, Faro de Avión, paisaxe trasalbeira.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 259-263
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

III

Conmemoración do 70 aniversario da colección Benito Soto

Baixo o peito a ferida: da colección Benito Soto a *Olga* /
/ Ana Acuña

A aventura de editar na primeira posguerra e dalgunhas relacións de Aquilino Iglesia Alvariño cos homes da Benito Soto /
/ Patricia Arias Chachero

A colección Benito Soto, a primeira aventura poética na Galicia da posguerra (Pontevedra 1949-1950/1951-1952): sobre o seu inicial agaleguismo e outras notas /
/ Xesús Alonso Montero

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 267-274
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.772

BAIXO O PEITO A FERIDA: DA COLECCIÓN BENITO SOTO A *OLGA*

THE WOUND UNDERNEATH THE CHEST: FROM THE COLLECTION BENITO SOTO TO *OLGA*

Ana Acuña
Universidade de Vigo

Resumo: este artigo recolle a intervención pronunciada na celebración dos 70 anos da colección Benito Soto e nela preténdese relacionar a colección poética de 1949 coa colección Hipocampo Amigo (1992) e a revista *Olga* (2016) a través do fío común do editor. Neste sentido, consideramos que se pode extrapolar á colección Benito Soto unha frase de don Ramón Otero Pedrayo dedicada á revista *Nós*, pois esta foi o "camiño dunha xuventude" e os seus sucesores (Hipocampo Amigo e *Olga*) foron o "consolo dunha vellez". Por limitacións de tempo dedicarase máis atención á colección de 1949 con breves alusións á Pontevedra do momento, aos e ás poetas de Benito Soto, aos temas dos poemarios, á recepción dos orixinais...

Abstract: this article gathers up the intervention during the celebration of the seventieth anniversary of Benito Soto collection and the intention of relating the poetical collection of 1949 to Hipocampo Amigo's collection of 1992 and *Olga* magazine through the same editor. In this sense, a quotation said by Ramón Otero Pedrayo dedicated to *Nós* magazine can be extrapolated from Benito Soto's collection in the way that he was "the path of a youth" and his successors (Hipocampo Amigo e *Olga*) were "the comfort of the old age". Due to time limitations, more attention will be dedicated to the collection of 1949, with brief allusions to the Pontevedra of that time, to the poets of Benito Soto, to the themes of the collection of poems, to the reception of the original ones.

Palabras chave: colección Benito Soto, colección Hipocampo Amigo, revista *Olga*, Sabino Torres.

Key words: Benito Soto's collection, Hipocampo Amigo's collection, *Olga* magazine, Sabino Torres.

PRESENTACIÓN NECESARIA

Neste texto reproducimos a intervención pronunciada o 22 de novembro de 2019 con motivo da celebración dos 70 anos da colección Benito Soto. Como poderá comprobar a persoa lectora, máis que na pescuda hemerográfica, decidimos basearnos na análise do noso arquivo audiovisual[1], en concreto nas entrevistas mantidas co editor da colección Benito Soto, e na nosa observación participante nos anos madrigalegos e pontevedreses.

Tal e como recoñeceu Josefina Cuesta, somos conscientes de que a memoria é fráxil e manipulable, ademais preséntase:

> con la debilidad del cristal. Es frágil, borrosa y difusa por los mismos factores por los que es limitada y selectiva y, siempre, por la acción del presente sobre el pasado, para remodelar éste en función de unos objetivos, de una identidad o de los más variados intereses del presente" (2014: 33).

Tampouco esquecemos que a memoria engloba unha serie de operacións coñecidas como "traballos da memoria" entre os que están o recordo, o silencio, o esquecemento, o cambio, a nostalxia ou o mito (Cuesta 2014: 34). Por esta razón é necesario analizar e diseccionar os usos ou abusos da memoria nun grupo ou sociedade dada; con todo, este labor, xunto co cotexo hemerográfico, queda pendente para outra ocasión.

BAIXO O PEITO A FERIDA

Académicas e académicos, autoridades, amigas e amigos, moi boa noite e moitas grazas pola súa presenza. Grazas á Real Academia Galega por este acto que motivou o recordo e escoita das máis de vinte e catro horas de gravación co editor da colección que hoxe nos convoca. Grazas ao Museo que nos acolle porque aquí vai recalar o baixel do pirata Benito Soto e, 70 anos despois, rememorará as voces dos creadores da colección poética que leva o seu nome. Cúmprese así o anuncio esperanzador do editor na edición facsímile de 1991 (debida á Deputación de Pontevedra):

> Dende a varanda da miña casa da Caeira ollo polas mañás a boca da limitada ría que se encadra entre a Puntada e Salcedo, coa esperanza de ver aparecer,

1 Formado, sobre todo, por gravacións orais das conversas mantidas con Sabino Torres dende 1999 ata o seu falecemento en 2016. A autora tamén se beneficiou do arquivo gráfico de Manuel Pereira e doutras amizades, así como da consulta dos fondos das bibliotecas pontevedresas.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 267-274
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> calquera día, as velas esventoladas co bo vento do sur do baixel pirata de don Benito Soto. (Torres 1991: sen paxinar).

Permítanme que desenvolva a miña intervención arredor dunha hipótese en tres tempos, unha idea que vinculará, nun eterno retorno, a colección poética de 1949, con outra colección poética de 1992 e coa edición dunha revista de poesía de 2016 a través do fío común do seu editor. Ao meu ver, a ferida á que se alude coa frase da *Eneida* de Virxilio (e que campa baixo o pirata pintado por Portela para a colección Benito Soto, "baixo o peito a ferida") é a poesía. Considero os creadores de Benito Soto uns letraferidos, uns poesíaferidos que concibiron, en tres tempos da súa vida, diversas terapias de versos para sandaren esa ferida sempre aberta:

– nos anos 40/50 a colección Benito Soto,
– entre os anos 90 e os primeiros de 2000, Hipocampo Amigo,
– a partir de 2016 *Olga. Revista de Poesía Galega en Madrid*.

PRIMEIRO TEMPO: BENITO SOTO

A Pontevedra de 1949, onde naceu e se feriron os creadores da colección poética Benito Soto, era unha cidade que non esquecera o movemento cultural anterior ao golpe militar de 1936 cos seus periódicos e revistas literarias (como a lembrada *Cristal*), unha cidade na que fluían os versos, na que se falaba e se opinaba, ás veces con algún desgusto e a pesar do silencio imposto. En faladoiros como o de Ramón Peña (Savoy), o do Birimbao (Carabela) e o do Urquín recitábanse versos de memoria (sobre todo a poesía negra), improvisábanse textos de homenaxe a Machín e nacían proxectos artístico-literarios como o de *Pontevedra, boa vila* (1947).

Nesa Pontevedra na que aínda ecoaban os anos do medo (Álvarez 2013), e sen ningunha premeditación máis que a de publicar os versos dos amigos (a amizade é o "templo sagro de algo esencial"), coincidiron cinco mozos que compartían a ferida da poesía e a inquietude xornalística (sobre todo no semanario *Ciudad*). Os cinco eran ou artistas (Rafael Alonso) ou poetas (Sabino Torres, Emilio Álvarez Negreira, Manuel Cuña e José Ruibal); preto tamén estarían Suso de la Sota e Virxilio Nóvoa Gil.

A pesar de que dous deles vivían "a salto de tristeza" (Manuel Cuña e Emilio Álvarez Negreira) debido á fragmentación familiar provocada polo alzamento militar de 1936, entre todos irían descubrindo e aturando os tempos que lles tocara padecer. Uníaos a ferida da poesía, a poesía pura e non comprometida. Con

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 267-274
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

todo, o destino ofreceralles ocasións para o compromiso, como publicar versos de Alberti na revista *Litoral,* comprada por Domingo Dominguín (Acuña 2012).

Aquela ferida da poesía tivo doada cura na imprenta que posuía o pai dun dos cinco protagonistas, imprenta situada na rúa de don Filiberto. Nese lugar foi doado imprimir os libros dos amigos, primeiro obxectivo da colección Benito Soto. Refírome aos poemarios de Emilio Álvarez Negreira e o de Manuel Cuña Novás (este sería substituído polo de Sabino Torres por cuestións de saúde).

Tras o éxito destes dous primeiros libros da colección, a cantidade de orixinais recibidos obrigará a unha proxección fóra de Pontevedra e fóra do ámbito amical para acoller poemarios de autores noveis (ademais dos citados Emilio Álvarez Negreira e Sabino Torres, Emilio Álvarez Blázquez, Tomás Barros, Eliseo Alonso, Luís Pimentel, Manuel María, José Ruibal, Manuel Fabeiro) e non noveis (Xosé María Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carballo Calero, Augusto Casas, Juan Pérez Creus), nun total de catorce poemarios de formato semellante e dous extraordinarios (o de Manuel Cuña Novás e a tradución da poesía alemá ao galego). Permítannos que lembremos, por orde, títulos e autoría:

Madrigal de Emilio Álvarez Negreira, *Como el río* de Sabino Torres, *Poemas de ti e de min* de Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, *Dona do corpo delgado* de Álvaro Cunqueiro, *Gárgolas* de Tomás Barros, *Anxo de terra* de Ricardo Carballo Calero, *Cantos de cotovía* de Eliseo Alonso Rodríguez, *Triscos* de Luís Pimentel, *Muiñeiro de brétemas* de Manuel María, *El dios de los precipicios* de José Ruibal, *Cantigas da noite moza* de Augusto Casas, *Follas de un albre senlleiro* de Manuel Fabeiro Gómez, *Canciós dise amor que se diz olvido* de Juan Pérez Creus. Os extraordinarios foron *Fabulario novo* de Manuel Cuña Novás e *Musa alemá* de Antonio Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro.

Como acabamos de ler, non chegou a editarse poemario de ningunha muller, se ben estaba previsto editar un orixinal de Pura Vázquez (o destino permitirao no segundo tempo da ferida). Como tantas veces ocorre, as mulleres –mellor sería dicir unha muller– colaborarán na edición e estarán tras o labor imprescindible e menos visible. É o caso da nai do editor, que cosería os libros –outra María Miramontes do libro galego– e favorecería o uso da casa familiar como redacción.

Sobre o proceso de recepción dos orixinais, explicóusenos que algúns foran solicitados aos coñecidos ou familiares (caso dos irmáns Álvarez Blázquez), un chegou por correo postal (caso de Álvaro Cunqueiro), outro foi entregado en man polo seu autor antes de emigrar (Eliseo Alonso), outro chegou a través da relación literaria directa en Barcelona (Augusto Casas) ou indirecta en Galicia (Aquilino Iglesia Alvariño sería o transmisor dos textos de Luís Pimentel e de Manuel María) ou en Madrid no faladoiro do Gijón (Juan Pérez Creus). En canto aos prologuistas e debuxantes, estes formaban parte xa dos orixinais recibidos,

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 267-274
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

se ben o habitual era contar coa habilidade ilustradora de Agustín Portela e de Rafael Alonso, e nalgunha ocasión o editor tamén solicitou o prólogo (caso de *Fabulario novo*).

Os temas predominantes nos poemarios serán os universais: o amor e o desamor, a vida e a morte, ás veces baixo a forma das vangardas (hilozoísta e neotrobadoresca) anteriores ao alzamento de 1936 ou da poesía de tradición oral. Son rechamantes certos elementos presentes nalgúns dos catorce poemarios que os converten en libros únicos: a presenza da natureza como obxecto ou como suxeito (moi próximo ao que hoxe considerariamos ecocrítica[2]), elementos míticos e relixiosos (nomeadamente os anxos con valores moi diferentes), a crueza e a vontade de estrañeza.

É coñecida a importancia da colección poética e non lles diremos nada orixinal se repetimos que permitiu publicar o primeiro libro dunha serie de poetas novos, que nela están todos os poetas recoñecidos nese momento, que a lingua galega da que son "anovadores" aparece neles cun celme diferente (a través do dicionario de Antonio Puig Sanmartín), e que foi un milagre xurdido da necesidade de comunicarse, da ferida da poesía.

O recoñecemento foi contemporáneo da colección. Así, o tamén editor Luís Seoane dende Arxentina valoraba con estas palabras a colección nunha carta a Francisco Fernández del Riego (11 de abril de 1951): "la edición me pareció muy bien hecha y convendría que la colección prosperase". Non prosperou, a colección foi enterrada coma o tesouro do pirata que lle deu nome. Con todo, se temos en conta que na casa do editor puido ser encontrado o tesouro de Benito Soto, só podía renacer das súas cinzas nun segundo tempo.

SEGUNDO TEMPO: HIPOCAMPO AMIGO

A ferida da poesía volveu abrollar no ano 1992. Neste ano acontece a segunda xuventude de Benito Soto, ou do seu editor cando este ten 70 anos, coa creación da colección poética Hipocampo Amigo.

Un dos autores publicados expresaba como da ferida xa non manaba unicamente poesía pura, senón tamén comprometida: "Sabino Torres, o noso director, acollía na súa empresa editorial canta iniciativa fose útil para a estética e a ética da causa da palabra. Tamén sabía ser cómplice." (Alonso 2016: 12).

2 En cuxa liña de investigación se insire a autora deste texto grazas ao proxecto "El tropo animal: un análisis ecofeminista de la cultura contemporánea de Galicia e Irlanda" Ref. PGC2018-093545-B- I00 (Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades -MCIU- / Agencia Estatal de Investigación -AEI- / Fondo Europeo de Desarrollo Regional -FEDER-/ UE).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 267-274
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Hipocampo Amigo, como o avó Benito Soto, comezou publicando os libros dos amigos (Manuel Cuña, Emilio Álvarez Negreira, Sabino Torres, Virxilio Nóvoa Gil). A cámara da Burla Negra iría acollendo máis de dous libros ao ano. Alí o editor maquetaba, imprimía e cosía os textos de poetas máis ou menos noveis daquela (Elvira Riveiro, M.ª Isabel Pazos, Alexandre Vórtice, Xaquín Chaves, Cándido Duro...), da autora que quedara sen publicar na aventura anterior (Pura Vázquez), pero tamén de poetas recoñecidos (Manuel María, Manuel Pereira, César Cunqueiro, Antonio Tovar, Gregorio San Juan, Xosé Carlos Gómez Alfaro, Felipe Alcaraz, Daniel Pino, Xesús Rábade Paredes...), ata chegar a máis de vinte nomes.

Non podían faltar os volumes dedicados á obra de Borobó (algúns dentro do Corpus Boroborum) porque a liña da colección está moi vinculada ás amizades do editor. Mención especial tamén merecen o facsímile de *Musa alemá* (queimado na época de Benito Soto) e a obra de Antonio Machado que deu lugar á colección Manuel Leiras Pulpeiro de ensaios cívicos e á publicación de *23 poetas galegos cantan a don Antonio Machado* (edición e prólogo de Xesús Alonso Montero), ademais da edición de *Enrique Líster na voz e na admiración dos poetas (de Antonio Machado a hoxe)*.

Demasiada responsabilidade (editar, distribuír, buscar axudas institucionais, recoller os libros non vendidos, preparar presentacións...) para un editor que pasaba dos 80 anos.

TERCEIRO TEMPO: *OLGA*

En 2016, tras a desaparición de Hipocampo Amigo, a ferida da poesía transfórmase nun novo formato, ben querido para quen soñou sempre con editar un periódico: a edición dunha revista poética de nome *Olga*. Ademais de nome de muller, olga é a pegada na neve.

O ideólogo, o fundador de *Olga*, o editor da colección poética Benito Soto e Hipocampo Amigo, só chegou a ver en vida o primeiro número, correspondente a 2016. O número 2 da revista debía ser de homenaxe a Sabino Torres porque del fora a idea de

> que cumpría facer unha revista de verdade, un asunto de papel ben gramado, un choio con pé de editor e capa chamativa e contracapa lustrosa, un traballo de imprensa, un non sei que da vella escola que se puidese ulir e tocar e querer e pasear, e subliñar e –aínda– servir de estoxo, garda e protección a unha folla ventureira (Araguas 2016: 3).

Olga, xa que logo, naceu da "teimosía" de Sabino Torres, e así o recoñece o seu director, Vicente Araguas (2016: 5), dirixíndose ao editor falecido:

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 267-274
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Sen ti, ¿como cho digo? *Olga* non existiría. E, por iso, por ti e canto representas, *Olga* terá de vivir eses vinte anos [...] Con elegancia. Con paso sereno, como aquel teu, cando entrabas no Comercial, o pelo branco e grande, os ollos co brillo inxel que nos transmitías, e con *Olga* has vivir ti cada momento que fagamos. Porque seguimos a precisarte. Poisque sen ti, caro Sabino, apenas somos rosa branca e xasmín no medio do asfalto.

En efecto, *Olga* segue vivindo e van alá oito números monográficos, un deles dedicado ao editor que nos serve de fío entre os tres tempos: "O Grupo Bilbao no Café Comercial", "Sabino Torres. Baixo o peito a ferida", "Donas vintecatro", "Portugal resiste", "Mestre Ricardo Carvalho Calero", "Voces Ceibes: outra re-volta", "Esquío de Neda" e "Dous paxaros no arame: Cohen & Dylan".

Con *Olga* pechouse o círculo dun editor ferido pola poesía e que editaba, primeiro, os seus amigos. Os distintos efectos desa ferida poética (Benito Soto, Hipocampo Amigo e *Olga*) deixaron unha pegada na neve da beleza cotiá. Todas as súas creacións deixaron olga. Beizón.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Acuña, Ana (2012): "A revista *Litoral* e a autonomía do campo literario galego", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 15, 13-22.

Alcantarilla, Ricardo (2001): "Entrevista a Sabino Torres, poeta e editor", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 4, 183-190.

Alonso Montero, Xesús (2016): "Sabino Torres, Antonio Machado e Minerva Loureiro Alemparte", *Olga. Revista de Poesía Galega en Madrid* 2, 11-12.

Álvarez Negreira, Emilio (1991): "Evocación", en *La colección Benito Soto: Poesía*. Pontevedra: Deputación, sen paxinar.

Araguas, Vicente (2016): "Esta por ti, Sabino", *Olga. Revista de Poesía Galega en Madrid* 2, 3-4.

Cuesta, Josefina (2014): "Una aproximación a las memorias", en Ana Acuña (ed.), *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*. Berlin: Frank & Timme, 17-44.

Mejía Ruiz, Carmen (2014): "Sabino Torres Ferrer e a súa paixón polas coleccións: Benito Soto e Hipocampo Amigo", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 17, 173-175.

Otero Pedrayo, Ramón (1995): "A revista *Nós*", en *Homenaxe á Revista Nós no seu 75 aniversario*. Santiago de Compostela/Trasalba: Consello da Cultura Galega/

Fundación Otero Pedrayo. [Casete coa locución pronunciada por Ramón Otero Pedrayo en Ourense o 12 de novembro de 1970].

Seoane, Luís (1951): "Carta de Luís Seoane a Francisco Fernández del Riego", en Fondo Fundación Luís Seoane. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistola.php?id=340&epistolario=1651 [consulta en xaneiro de 2020].

Torres Ferrer, Sabino (1991): "Onde se conta como foi o nacemento da Colección «Benito Soto» e canto lle aconteceu ata a súa desaparición", en *La colección Benito Soto: Poesía*. Pontevedra: Deputación, sen paxinar. Tamén dispoñible en http://www.poesiagalega.org/uploads/media/torres_ferrer_1990_benito_soto.pdf [consulta en xaneiro de 2020].

———— (2000): "A colección Benito Soto", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 3, 105-112.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 267-274
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 275-290
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.773

A AVENTURA DE EDITAR NA PRIMEIRA POSGUERRA E DALGUNHAS RELACIÓNS DE AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO COS HOMES DA BENITO SOTO

THE ADVENTURE OF EDITING IN THE FIRST POST-WAR AND SOME CONNECTIONS OF AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO WITH BENITO SOTO'S MEN

Patricia Arias Chachero
IES Fermín Bouza Brey

Resumo: En 1947 publícase, en Vilagarcía de Arousa, *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño, considerado o primeiro libro galego relevante da posguerra. En 1949, o autor deste poemario trasládase, por motivos profesionais, a Pontevedra onde cadra con Celso Emilio Ferreiro e o grupo de mozos que organizan a colección Benito Soto, primeira colección poética en galego tras a Guerra Civil. Iglesia Alvariño colabora activamente con este grupo de intelectuais na edición de libros de poesía.

Abstract: In 1947 it was published, in Vilagarcía de Arousa, *Cómaros verdes* by the author Aquilino Iglesia Alvariño, considered the first relevant post-war Galician book. In 1949, the author of this collection of poems moved for professional reasons to Pontevedra, where he met Celso Emilio Ferreiro and the group of young people who organized the Benito Soto collection, the first poetic collection in Galician after the Civil War. Iglesia Alvariño actively collaborates with this group of intellectuals regarding to the edition of poetry books.

Palabras chave: poesía galega contemporánea, literatura galega de posguerra, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, colección Benito Soto.

Key words: poetry, Galician, contemporary, post-war galician literature, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Benito Soto collection.

Debo, antes de nada, agradecer a confianza que teñen depositado en min o presidente da Real Academia Galega, Víctor Fernández Freixanes, e, en especial, dous dos seus académicos, Marilar Aleixandre e Xesús Alonso Montero. Á súa amabilidade debo, fóra de toda dúbida, o privilexio de estar aquí hoxe. Debo, así mesmo, confesar que cando recibín o convite para participar nesta xornada, o primeiro que pensei foi que non tiña nada demasiado valioso que achegar. Que sabía eu da colección Benito Soto que non fose dito xa? Así, de primeiras, pouca cousa. Ocorréuseme despois que sería interesante afondar na pegada que a estadía pontevedresa de Aquilino Iglesia Alvariño e a súa relación con Celso Emilio Ferreiro e os restantes membros da Benito Soto tiña deixado nesta pioneira colección de poesía que hoxe tan xustamente homenaxeamos. Descubrín, case sen pretendelo, que Alvariño foi un home bastante máis próximo ó grupo de Sabino Torres do que eu sospeitaba nun principio.

1933-1949
AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO EN VILAGARCÍA DE AROUSA: O COLEXIO LEÓN XIII E A LIBRARÍA CELTA

Iglesia Alvariño ten pasado á historia da nosa literatura como o autor da primeira obra relevante escrita en galego tras o longo silencio imposto pola Guerra Civil. Como vostedes non ignoran, o poemario *Cómaros verdes* imprimiuse en 1947, nas máquinas da Celta, unha pequena libraría que abría as súas portas no número 5 da rúa Ramón y Cajal, en Vilagarcía de Arousa. Chegara o autor á vila arousá no verán de 1933 e alí residiu até o ano 1949 en que aprobou unha oposición a cátedras de ensino medio. Tras uns meses de docencia no instituto de Lugo, no outono do 49, trasladouse ó de Pontevedra, onde se reencontraría con Celso Emilio Ferreiro, compañeiro de inquietudes políticas antes da guerra, que traballaba na cidade desde 1941, cando chegara para ocupar un posto na Fiscalía de Taxas (Nicolás 2012: 107).

Cando Celso Emilio se fai cargo da dirección literaria da colección Benito Soto, a finais do 49 segundo relatou en diversas ocasións Sabino Torres, Aquilino e a súa familia acababan de instalarse en Pontevedra. Alí residirán até o verán de 1954, cando o poeta se incorpore ó Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela[1]. Tentarei demostrar que a circunstancia de que Aquilino Iglesia Alvariño e Celso Emilio Ferreiro se reencontrasen en Pontevedra naqueles anos,

1 A Orde Ministerial do 21 de febreiro de 1949, expón o ingreso no instituto de Lugo. A Orde Ministerial do 5 de maio de 1949, o traslado ao instituto de Pontevedra, hoxe Sánchez Cantón. O traslado ao Rosalía de Castro de Santiago de Compostela farase en virtude da Orde Ministerial datada o 9 de febreiro de 1954, o catedrático decide rematar o curso en Pontevedra e trasládase a Santiago o 2 de outubro dese ano.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

repercutiu de forma definitiva na colección literaria que tan acertadamente argallaban os mozos Sabino Torres, Emilio Álvarez Negreira e Manuel Cuña Nóvas. Para afondar nesa influencia, convén retrotraérmonos un pouco, recordando, sequera superficialmente, as circunstancias nas que se publicou o que pasa por ser o primeiro poemario galego de posguerra.

Cando *Cómaros verdes* saíu á rúa, pasaran once anos desde o inicio da Guerra Civil, pero en Vilagarcía de Arousa e no resto do país, estaba moi vivo o recordo do violento proceso de represión e férrea censura que comezara no verán do 36. Escuso lembrarlles que desde o inicio da guerra desmanteláranse imprentas, incautáranse bibliotecas e castigárase con severidade a todos cantos tiñan mantido posturas incorrectas a ollos dos sublevados. Seguramente mentres traballaba en *Cómaros verdes*, o magnífico poeta que era Iglesia Alvariño tiña moi presente a desaparición das organizacións políticas de preguerra, nas que el mesmo militara, e o feito de que moitos dos dirixentes e intelectuais que usaran a nosa lingua con lexitimidade e que defenderan en público a nosa identidade cultural, foran executados, encarcerados ou brutalmente represaliados. Nada de todo isto lle impediu embarcarse na aventura de imprentar un libro de versos en galego.

Como xa dixemos antes, en 1947, o poeta levaba catorce anos vivindo na Arousa. Chegara, sen vontade de permanecer, con apenas 24 anos, ó pouco de abandonar a carreira eclesiástica e os estudos no Seminario de Santa Catarina, en Mondoñedo, non moi lonxe do seu Abadín natal. Tras uns meses en Santiago de Compostela como director do xornal *A Nosa Terra*, instálase en Vilagarcía grazas á amizade que mantiña con Francisco Fernández del Riego, a quen coñecía desde rapaz. Foi el quen o puxo en contacto con Xosé Núñez Búa, militante do Partido Galeguista desde a súa fundación e propietario dun colexio privado, o León XIII, que herdara do seu tío, o pedagogo Joaquín Núñez de Couto.

Aquilino chega pois a Vilagarcía para dar aulas de latín nun colexio privado. Quixo a casualidade que entrase neste centro como substituto de Xosé Crecente Vega, outro dos grandes poetas do Seminario de Mondoñedo, a quen Alvariño coñecera meses antes en Ferrol, mentres realizaba o servizo militar. Durante anos traballou no León XIII como docente pero ó aceptar Xosé Núñez Búa postos de responsabilidade política, entre eles, o de vicepresidente da Deputación de Pontevedra, asume Iglesia Alvariño a dirección do centro. O inicio da guerra obriga a Búa e á súa familia a exiliarse e, pouco despois, véndelle, por poderes, o colexio a Iglesia Alvariño e a Xesús Garrido Álvarez, antigo secretario do Partido Galeguista vilagarcián.

Paga a pena que nos deteñamos, sequera minimamente, no claustro de profesores que, neses anos, impartiron docencia en tan singular centro educativo. Podemos comezar por Manuel Castelao, curmán de Castelao, asasinado o 23 de

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

abril de 1937 no Bou Eva; a seguir podemos mencionar a Celestino Noya Rodríguez, presidente da Deputación de Lugo antes da guerra, retido nun campo de concentración en Alacante ó remate da contenda, e liberado pouco antes de instalarse en Vilagarcía e facer do León XIII o seu medio de vida. Tamén cadraron nas aulas do colexio con Aquilino Iglesia Alvariño, Carlos Lessner, un enxeñeiro inglés, afillado de Karl Marx, propietario dunha primeira edición de *Das Kapital* asinada polo autor, seu padriño (Alonso 2007), ou Xosé María Díaz Castro, outro dos poetas do Seminario de Mondoñedo, que chega a Vilagarcía en 1940, sendo xa Aquilino o director e propietario do centro. Cónstanos ademais que en 1941 Iglesia Alvariño ofreceulle un posto no colexio a Francisco Lamas, alcalde republicano de Lugo, preso durante anos na terrible prisión de Ezkaba, en Pamplona, que ó ser excarcerado se instalará en Vilagarcía e que, andando o tempo, artellará a base do sistema sanitario público que desfrutamos hoxe. O León XIII convértese nestes anos nunha especie de acubillo no que algúns intelectuais republicanos represaliados atopan unha maneira digna de sobrevivir.

Fóra das aulas, Aquilino ten faladoiro diario cos seus amigos nunha elegante confeitaría que había na alameda vilagarciá. A ela asisten, ademais de Celestino Noya, Carlos Lessner e Francisco Lamas: Dámaso Carrasco, Ramón García Briones, o pintor Manuel Pesqueira, o consignatario José Buhigas, o xefe de Correos Gerardo Carregal, o párroco José Pérez Beltrán e o inspector de escola, Viñas Cortegoso. Achéganse, cando lles coincide, Borobó, Mariví Villaverde e Ramón de Valenzuela e, moitos días, antes de xantar, úneselles tamén Severino González Lazán, o propietario da Libraría Celta, en cuxas máquinas se imprimirá *Cómaros verdes*.

Era este Severino, un home de trato amigable, alegre e franco a quen todos coñecían en Vilagarcía pois era propietario dunha pequena libraría e unha céntrica imprenta na que se editaban desde facturas, tarxetas de visita e papeis comerciais, a postais e calendarios publicitarios. González Lazán tampouco era vilagarcián. Chegara no último ano da guerra desde Lugo, onde estaba empregado na libraría Celta que moitos de vostedes lembrarán na rúa de San Marcos, mesmo en fronte da Deputación. Da Celta de Lugo sabe moito don Xesús Alonso Montero pois alí imprimiu algún dos seus primeiros traballos e alentou a publicación doutros tan significativos como os primeiros versos de Fiz Vergara Vilariño. Nas máquinas da Celta lucense verán a luz tamén primeiras edicións de Manuel María, Crecente Vega, Arcadio López Casanova, Ricardo Carballo Calero, María Mariño, Luís Pimentel, Dora Vázquez e unha longa listaxe de autores representativos da nosa literatura.

O propietario da Celta de Lugo era Francisco Esteban González, militante falanxista que, a partir do verán do 36, fará moito diñeiro imprimindo, en exclusividade, todo tipo de impresos oficiais do goberno golpista. Este Francisco Esteban,

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

pese á súa ideoloxía, non tatexou á hora de axudar a Severino González Lazán que, antes da guerra, era subxefe da garda urbana en Lugo e que co inicio da contenda, foi represaliado e perdeu o seu traballo. Tras uns meses acompañando ás tropas franquistas cunha furgoneta cargada de material de libraría, que ía vendendo ós soldados que precisaban escribir para poñerse en contacto cos seus, González Lazán viaxa a Vilagarcía de Arousa porque o seu xefe, o señor Esteban, acaba de comprar as máquinas da rotativa do xornal agrarista *Galicia Nueva* (1907-1938) caído en desgraza coa chegada do novo réxime.

Galicia Nueva ocupaba o mesmo local que despois ocupará a Celta que imprimirá *Cómaros verdes*. E, inda que nos afastemos algo do tema, convén lembrar que nas súas páxinas publicou os seus primeiros versos Fermín Bouza Brey e que nel colaboraron plumas tan relevantes como a de Manuel Portela Valladares, Ramón Otero Pedrayo, Luís Peña Novo, Sofía Casanova, Ben-Cho-Shey, Rof Codina ou Gerardo Álvarez Gallego. Só un último apunte, nese mesmo local, o de *Galicia Nueva*, publicou Ramón Cabanillas *Da terra asoballada* (1917), o primeiro libro de versos tras regresar de Cuba.

Recapitulemos. Antes de chegar a Pontevedra en 1949 Aquilino Iglesia Alvariño é o copropietario, xunto co exsecretario do Partido Galeguista vilagarcián, dun colexio privado que lle serve para ofrecer un posto de traballo a algúns dos seus coñecidos antes da guerra, simpatizantes, gran parte deles, do ideario galeguista. En 1947 acorda editar, na imprenta dun represaliado lucense, un libro de versos que, tal e como ten estudado o profesor Xosé Manuel Dasilva (2008: 94-97), lle traerá non poucos problemas coa censura. Antes do 47, Iglesia Alvariño e González Lazán experimentaran xa coa impresión de versos galegos. En 1946 viu a luz, nas pouco preparadas máquinas da Celta, unha coidada tarxeta de cartolina que incluía o poema "Nascida d'un sono. Tríptico á groria da betanceira" co que Xosé María Díaz Castro gañara o Premio de Honor e a Flor natural nos Xogos Florais de Betanzos dese ano; e dese mesmo ano é unha tarxeta cos versos "Nenia. Finamento e natal de dous poetas namorados", do propio Aquilino Iglesia Alvariño.

Semella pois que o longo silencio literario imposto pola Guerra Civil comezou a quebrarse en Vilagarcía de Arousa, na libraría Celta, da man de dous bos amigos que compartían bastante máis que un trato profesional. Cónstanos ademais que este vínculo non se rompeu cando Alvariño abandona a Arousa, pois a partir daquel momento imprime anualmente felicitacións de Nadal con versos en galego na libraría de Severino González Lazán e os seus seguintes libros en galego. *De día a día* (1960) e *Leva o seu cantare* (1964) figuran baixo o selo da Celta de Vilagarcía, co mesmo deseño editorial, incluso cando os volumes non foron, en realidade, impresos nas pouco preparadas máquinas da libraría que rexentaba González Lazán na capital arousá.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

1949-1954
AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO, PROFESOR EN PONTEVEDRA. O REENCONTRO CON CELSO EMILIO FERREIRO E A ACTIVIDADE CULTURAL Ó REDOR DOS MOZOS QUE ALENTABAN A COLECCIÓN BENITO SOTO

Como dixemos ó comezo, a chegada de Aquilino Iglesia Alvariño a Pontevedra, dous anos despois da aventura de *Cómaros verdes*, fai que retome a amizade con Celso Emilio Ferreiro, firme cando menos desde os tempos de *Guieiros*, a revista que as Mocidades do Partido Galeguista imprentaron en Ourense entre novembro de 1935 e xullo de 1936. Sendo o mozo Celso Emilio director desta senlleira publicación, será Iglesia Alvariño un dos seus principais colaboradores. O trato fraternal entre ambos poetas era público naqueles anos e volverase explicitamente notorio cando o de Celanova lle escriba a Filgueira Valverde (2008), a respecto da *Escolma da Lírica Galega* que prepara por encargo do Seminario de Estudos Galegos, e lle diga que lle gustaría "ser situado –coma un irman pequeno– perto de Cunqueiro e Iglesia Alvariño".

O mesmo ano en que Aquilino se instala en Pontevedra e retoma a amizade con Celso Emilio comezan a publicarse os libriños da colección Benito Soto, que idearan, no outono do ano anterior, os mozos Manuel Cuña Novás, Emilio Álvarez Negreira e Sabino Torres Ferrer. Como vostedes non ignoran, foron un total de catorce volumes; trece se temos en conta que o dos irmáns Álvarez Blázquez, Xosé María e Emilio, é na realidade un só. Dos trece, oito están escritos en galego. Cronoloxicamente serían: *Poemas de ti e de min* dos mencionados Álvarez Blázquez, *Dona do corpo delgado* de Álvaro Cunqueiro, *Anxo da terra* de Ricardo Carballo Calero, *Cantos de cotovía* de Eliseo Alonso Rodríguez, *Triscos* de Luís Pimentel, *Muiñeiro de brétemas* de Manuel María, *Cantigas da noite moza* de Augusto Casas, *Follas de un arbre senlleiro* de Manuel Fabeiro e *As canciós d'ise amor que se diz olvido* de Juan Pérez Creus.

Sabino Torres (2014: 201), cabeza visible da senlleira colección, explicou en diversas ocasións a chegada de Celso Emilio a tan singular e importante proxecto literario:

> Cos libros nas mans, asustounos a audacia de saír á rúa sen permiso ningún, sen pasar pola censura, sen ningún dos trámites que obrigaban a calquera impreso. Foi miña a decisión de consultar aquela audacia xuvenil con Celso Emilio Ferreiro, que non coñecía o proxecto. Celso Emilio era para nós, malia ser máis vello, un bo camarada e para min en particular un irmán maior. Aprobou con grande entusiasmo a colección e a maneira de poñela na rúa, e coa súa "humanidade combatiente", como despois diría Emilio Álvarez Negreira, tomou o

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> leme da reencontrada *Burla Negra* –era o nome da nave de Benito Soto– e escribiu cartas, falou con amigos, publicou comentarios dos nosos libros, e deu a coñecer en faladoiros e coloquios este noso proxecto que era xa tamén seu.

Como moi ben ten estudado o profesor Ramón Nicolás (2012: 107-108), Celso Emilio era, naquela altura, un home ben considerado na cidade. Redactor xefe de *Finisterre* e colaborador habitual de *Sonata Gallega*, cun pasado militar no Rexemento de Infantería, ocupaba un posto de confianza na Fiscalía de Taxas e desde esa sólida e segura posición capitaneará o xiro lingüístico que Benito Soto lle imprime á súa colección poética, a partir do terceiro volume: *Poemas de ti e de min*, o primeiro que emprega o galego e o primeiro no que Celso Emilio aparece como director literario. Escuso recordarlles que os títulos iniciais, *Madrigal* de Emilio Negreira e *Como el río* do propio Sabino, están redactados en castelán.

Sabino Torres (2014: 204) explicou a postura idiomática da colección:

> Moitas veces me preguntaron por que Benito Soto publicou libros en galego. A época non era propicia para a poesía e moito menos en lingua galega, especialmente nas cidades, onde pouco se falaba, e polo tanto apenas tería lectores. Niso equivocábanse os que así pensaban, mais tampouco foi ese o motivo do noso bilingüismo editorial. A nós importábanos a poesía, e non se lle dixo a ningún poeta o idioma no que había de escribir. Cada un trouxo ata nós o que tiña, e nós aceptámolo ou non coidando unicamente da súa calidade.

"A nós importábanos a poesía", recoñece Sabino Torres. Será Xesús Alonso Montero (2009: 150) quen poña en valor o importante papel que o autor de *Longa noite de pedra* xogou na escolla idiomática dos volumes que se publicaban en Pontevedra:

> Lémbrese que Celso Emilio, nos anos de Benito Soto (1949-1951), vive en Pontevedra nun medio profesional (a "Fiscalía de tasas") que non suscita simpatías entre a intelectualidade non oficialista. O certo é que en Celso Emilio, aínda nestes anos, non esmorecera o espírito das Mocedades Galeguistas, que o leva nesta ocasión a reorientar, na medida do posible, a Colección Benito Soto, esa colección poética na que no "grupo fundacional" había destacados antigaleguistas, como o escritor José Ruibal e o pintor Rafael Alonso. Os outros, incluído Manuel Cuña Novás, agaleguistas, admitían sen problemas libros en lingua galega porque eles […] co que estaban comprometidos era coa poesía.

Grazas ó profesor Alonso Montero (2000: 196) sabemos, ademais, que unha das primeiras cartas que Ferreiro escribiu dando a coñecer o selo con nome de pirata pontevedrés ía dirixida ó gran patriarca das letras galegas, don Ramón Otero Pedrayo, especie de fito da cultura cuxa autoridade se invocaba naqueles anos case cada vez que se pretendía pór a nosa lingua en valor. Nesta epístola, datada o 28 de xullo de 1949, o de Celanova suplícalle "un orixinal para a nosa Colección" e dille ademais:

> Estou seguro de que ten material de abondo para un interesantísimo libro de versos. Busque e rebusque por queixóns e gabetas, xa verá como é certo o que digo. Sua firma respaldaría a Colección, que, dito sexa de paso, comenzou con dous libros, non os mais adecuados, que xa estaban no prelo cando eu comecei a intervir na tarefa. Si non lle é posível compracernos, entoncias agradeceríalle moitísimo fixera un artigo comentando a Colección recén nada.

Por enriba de todo o dito, cómpre non perder de vista que, neses anos, escribir na nosa lingua implicaba unha postura ideolóxica e denotaba un compromiso claro. Ademais, é importante non esquecer que Pontevedra era unha cidade pequena na que calquera xesto podía ser "malinterpretado". Neste contexto, o comprometido Celso Emilio dirixe a colección con nome de pirata. Repárese tamén que, neses anos, Ferreiro é poeta só en castelán e que desde a súa chegada a Pontevedra tiña dado á prensa dous libros de versos: *Al aire de tu vuelo*, en Gráficas Torres, a imprenta do pai de Sabino, ó pouco de chegar á cidade, e *Bailadas, cantigas y donaires*, baixo o selo Ediciones Céltiga, en 1947, xusto o mesmo ano que Aquilino Iglesia Alvariño publica os seus *Cómaros verdes* en Vilagarcía de Arousa.

Parece pois que a intervención lingüística de Celso Emilio na colección Benito Soto foi totalmente consciente e comprometida. O debate sobre a escolla lingüística dos libriños pontevedreses era tema de comentario entre o círculo de galeguistas da época e non todo o mundo se mostraba favorable ó selo do pirata. En carta de Eduardo Blanco Amor a Álvaro Cunqueiro (2014: 42), o 30 de xullo de 1949, este dille a aquel: "Has hecho muy bien en no enviar nada a Pontevedra. Es poco serio enrolarse en una bandera pirata. Está bien ser pirata, ser más fuerte que los demás, pero no hace falta agruparse o vanagloriarse".

O 7 de novembro de 1952 será Ramón Piñeiro quen lle diga a Fernández del Riego (2000: 70): "Eu estou ledo, pois penso que Heidegger pode falar en galego (que vén ser coma se falase Kant ou cousa así), xa non haberá motivos para que os da escola castelá-pontevedresa sigan dicindo que se trata dunha escola de labregos". A este respecto engade Xesús Alonso Montero (2009: 151) bo intérprete desta carta: "Se a "escola castelá-pontevedresa" pensaba así (e a min cónstame

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que ese era o seu pensar), isto confírelle unha especial importancia ó asesoramento de Celso Emilio, mercé ó cal, a Colección Benito Soto se abriu ós escritores en galego, non poucos e moi distintos".

O propio Celso Emilio recoñeceu que para manter a súa postura, foi determinante o maxisterio do seu compañeiro de inquietudes galeguistas na mocidade. Explica o poeta de Celanova (Alonso 2003: 78) confundindo algo as datas e os datos, pois nin foron tres os volumes publicados en castelán ó inicio da colección nin o libro de versos de Iglesia Alvariño é coetáneo á colección, senón anterior:

> Non se podía publicar en galego e de aí veñen os tres primeiros libros casteláns da colección ate que publica Iglesia Alvariño en Vilagarcía *Cómaros verdes*. Este é o primeiro libro que sae en galego daquela, pro non publicado por un editor, publicouno el mesmo. Entón decatámonos de que, se cadra, se podía publicar libros en galego e escomezamos a mandar á censura (que daquela se exercía na propia provincia cando eran libros de menos de cen follas).

Non podemos concluír o apartado dedicado a tan afortunada amizade, sen deixar constancia de que os dous poetas que nos ocupan chegaron a compoñer, cando menos, un par de poemas de forma conxunta; algo ben pouco frecuente nas nosas letras. Ata nós teñen chegado un total de 66 versos dos que, segundo Iglesia Alvariño (2011: 50), corenta e cinco son da súa autoría e vinte e un, da de Celso Emilio Ferreiro. A composición, presentada baixo o lema "Al-alimón", gañou un premio en Vigo, no verán de 1950, nos "Juegos Florales Hispano-portugueses en el Teatro Cine Fraga organizado por la Comisión de Festejos". Foi pois, redactada nos tempos pontevedreses que estamos describindo e non parece ter nada que ver co texto recollido por Alonso Montero no volume que reúne a obra completa de Alvariño (1986: 307). No apartado intitulado "Poemas soltos (sen data)" atopamos "Velas de son levado", escrito segundo reza tras o título "En colaboración con C. E. Ferreiro". Composición que comeza así:

> Un vento longo, escuro, amargues ondas
> e a vela sola, vouga mar sin nadia.
> Oco soar dos cons, voces de escumas
> nas laragasias praias alcendidas.
> A vela sola, noite desfiada,
> a noite grande, longa, sin coureles.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Adiantemos algo máis sobre o papel xogado por Aquilino Iglesia Alvariño no círculo ó que nos vimos referindo. De lle facermos caso a Sabino Torres (2000: 107) sería el quen se encargou de xestionar a obra dos poetas lucenses na colección:

> Como editor de Benito Soto viaxei por toda Galicia tomando contacto persoal con moitos poetas daquel tempo. Houbo unha excepción: Lugo. As miñas relacións coas xentes desa cidade e da súa provincia, foron sempre ou epistolares, ou a través de terceiras persoas. Lugo quedaba moi lonxe, para os medios de comunicación daqueles anos. Así de Manuel María, ou de Luís Pimentel, foi Aquilino Iglesia Alvariño, que trasladara a súa cátedra de Lugo a Pontevedra, quen trouxo as súas noticias e os seus libros.

O certo é que dos trece autores que publican na senlleira colección poética, un total de catro son de Lugo ou están vinculados á cidade. Tres deles teñen relación con Aquilino desde antigo: Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carballo Calero e Luís Pimentel; o cuarto, Manuel María, un mozo de apenas 19 anos, cadrou con Alvariño nas escasas semanas que este impartiu docencia en Lugo antes de trasladarse a Pontevedra.

A Álvaro Cunqueiro coñecíao o autor de *Cómaros verdes* desde os tempos en que era estudante en Mondoñedo. Cunqueiro ía procuralo polas tardes nos longos paseos que daban os seminaristas pola contorna de Santa Catarina. Ademais, sendo novos, ambos colaboraran nas páxinas de *Vallibria*, a revista que dirixía Xosé Trapero Pardo, e compartiran o interese polas aulas do mestre latinista Francisco Fanego Losada e os faladoiros na barbería de Ledo Bermúdez, "o Pallarego". Xuntos artellaron a "Oficina Lírica do Leste Galego" (1933-1936) e Cunqueiro (1948) non negou nunca a devoción que sentía por Alvariño:

> Si eu tivera agora sober da poesía en sí algunha que outra noción crara, dubido que deixara pasar ista ocasión sin decir todo o que, ao meu parecer, a poesía de Iglesia Alvariño é e sinifica, non sóio nas letras galegas, sinon nas letras universaes. Pro non ouso tal, e conténtome con decir que sigo nos meus trece como o Papa Luna nos seus; trátase dun crásico, do único, quizaves, que o sexa entre nós, e un dos máis puros e reveladores poetas que ao noso tempo en calisquer lingua ou lugar, lle sexa dado escoitar...

A quen dedicou, ademais, unha das composicións de *Mar ao norde* (1932):

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Sombra en presencia pura:
ár en ágoa parado.
Olla cal nace en coiros vivos
escoitándose.

Toda ela é invención das cousas:
tres espellos xustos
e tres escuridades,
nubre, sombra.

A Ricardo Carballo Calero (1982: 257) tratábao Aquilino desde que coincidira con el en Ferrol mentres facía o servizo militar. O noso homenaxeado nas Letras de 2020 publicara xa *Vieiros* (1931) e Iglesia Alvariño, *Señardá* (1930). Ambos os mozos, poetas e militantes galeguistas, intercambiaron lecturas de versos e proxectos literarios refuxiados nun pequeno estudo que Carballo Calero tiña na rúa Real de Ferrol. Daquela Aquilino traballaba en *Corazón ao vento* (1933) e Carballo en *O silenzo axionllado* (1934). A guerra separou os dous amigos durante anos pero quixo a casualidade que se volvesen atopar en Lugo, quizais nos poucos meses en que Aquilino impartiu docencia nesa cidade, que cadran ben co momento en que Ricardo Carballo Calero está poñendo a andar o Colexio Fingoy.

Sen dúbida de todos, o poeta de Benito Soto que máis agradecido se mostrou co papel xogado por Iglesia Alvariño, foi Manuel María. Un rapaz sensible e espelido, de pouco máis de 19 anos, a quen Alvariño tería escoitado nunha conferencia que pronunciara no Círculo das Artes. Moitos anos despois, en 1988, no prólogo que Manuel María (1988: 9-10) redacta para a reedición de *Muiñeiro de brétemas*, lemos:

> Con *Muiñeiro de brétemas* comencei, hay moitos anos, as miñas andaduras poéticas. O libriño pubricárase na pontevedresa colección "Benito Soto", facendo o volume XI no ano 1950, gracias ós bós oficios e ó interés xeneroso do gran poeta e inesquecíbel amigo Aquilino Iglesia Alvariño. Fora escrito un ano antes, polos meses de vrau, no meu Outeiro de Rei natal. Eu tiña entón dazanove anos, un bacherelato recén rematado, moi pouca cultura literaria, toda unha vida dediante de min ainda sen gastar e unha capacidade de entusiasmo case ilimitada […]
>
> Cando saiu á luz eu non sabía que a este meu primeiro libro lle cabía a honra e a responsabilidade de cumprir un papel histórico: servir de vencello entre a literatura galega de anteguerra e a de posguerra.
>
> Por eso lle teño un agarimo especial. E por eso mesmo, ó cabo de tantos anos, volta á saír novamente á luz.

Antes de concluír este pequeno percorrido, un último apunte. Dos poetas sinalados, tres, Pimentel, Cunqueiro e o propio Alvariño, colaborarán na efémera revista *Xistral* que o precoz Manuel María botara a andar en 1949[2]. Está claro que naqueles *anos escuros* que tan ben definiu Xosé Luís Franco Grande, o círculo investía as súas enerxías na recuperación literaria da lingua galega.

Este papel de mediador entre os membros da Benito Soto e os poetas lucenses non era, na época, segredo ningún. Ramón Piñeiro en carta datada o 7 de outubro de 1949, dille a Francisco Fernández del Riego (2000: 26-27):

> Mándoche dúas poesías para ese Suplemento de *La Noche* que estás a preparar. O autor é un rapaz de Outeiro de Rei que cumpriu onte 19 anos. Ten rematado un libro de versos –Muiñeiro de brétemas– que enviou ós de "Benito Soto" por mediación de Aquilino Iglesia Alvariño.

A temperá noticia –reparen en que a carta está datada en outubro de 1949– demostra que a actuación de Aquilino foi totalmente simultánea á incorporación de Celso Emilio como director do selo Benito Soto. Pero a implicación do autor de *Cómaros verdes* na colección de poesía que nos ocupa vai inda máis alá do exposto, pois prologou *Follas de un arbre senlleiro*, o volume que fai o número trece da colección, primeiro libro de versos de Manuel Fabeiro Gómez. Nese breve texto introdutorio atopamos, por certo, unha delicada reflexión sobre a lírica e sobre a condición galega da poesía:

> Teño fe na poesía cando a poido sacar pola fala; cando non ven encoberta, falando de fala mudada, vergonzoso rondador de empardeceres. Eu teño fe na poesía que se debate en loita de craridades contra o silencio pecho das cousas pra tornarse nova, mandado namorado, bágoa amiga, buscando quen a escoite […].
>
> Se me preguntades como é esta poesía, direivos que é poesía, direivos que é poesía galega e moza. É poesía galega porque ben galego é o arte de dar calor humán ás cousas.

O 29 de xaneiro de 1950 atopamos en *El Pueblo Galllego*, tras o título "De hoy para mañana", unha curiosa e breve entrevista na que Aquilino Iglesia Alvariño

2 Aquilino Iglesia Alvariño e Luís Pimentel publican no primeiro número os poemas titulados "Xunta ô Xistral" e "Saludo", respectivamente e Cunqueiro entrega "Orazón preto da cibdá de Mondoñedo" que se publica no segundo e derradeiro número da efémera revista.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

recoñece estar sopesando a posibilidade de publicar un volume de versos na colección Benito Soto:

> – ¿Está usted trabajando en alguna próxima publicación?
> – Estoy traduciendo al gallego las Odas de Horacio.
> – ¿En cuanto a obra propia?
> – Quizá mande, en breve, un libro de versos para a colección Benito Soto.

Poemario que debeu chegar a existir pois aparece anunciado de maneira reiterada na publicidade que se insire nos últimos títulos da Benito Soto baixo a epígrafe "Próximos volumes". Talvez fose un dos inéditos dos que Sabino Torres (2014: 226) deixou escrito: "Con moita amargura e desazón metín todos os libros do fondo editorial, os papeis, os orixinais sen publicar, que eran moitos […] e nun currunchо do Atlántico prendemos lume ao vello galeón e a tantos traballos e esperanzas".

En 1950, cando se publica a entrevista mencionada, Celso Emilio Ferreiro traballa en dous proxectos ben diferentes. Dunha banda, o ensaio sobre Curros Enríquez que lle publicará Moret en 1952, da outra na tradución ó galego, en colaboración con Antonio Blanco Freijeiro, do feixe de poemas alemás que finalmente levará por título *Musa alemá* e que tamén aparecerá baixo o logo do pirata pontevedrés, en 1951. Ambos os traballos contarán con prólogos de Aquilino Iglesia Alvariño, sen dúbida un dos grandes amigos e apoio incondicional de Celso Emilio naqueles anos pontevedreses.

Grazas a Luís Ferreiro, a quen debo por certo, parte importante da información exposta, sabemos que cando o autor de *Longa noite de pedra* marcha da cidade do Lérez, no outono de 1950, organízase unha homenaxe de despedida na Sociedade Liceo Casino, na que desempeña un papel importante o seu amigo desde a mocidade, Iglesia Alvariño. Será el quen lea o discurso de despedida (Nicolás 2012: 129) no que, tras loar o poeta, afirma:

> Celso Emilio es el más estupendo narrador de historias que nos queda en Galicia, privada en sus publicaciones de por vida de la gracia y el aliento de sus mejores hijos, atraídos como es natural por las grandes urbes que, de momento, dan más gloria y en cualquier caso, pagan mejor.
>
> Con todo ello, si Ferreiro no fuera más que esto, no estaría justificada esta despedida. El talento y el ingenio tienen el don de la ubicuidad universal. Desde Vigo o desde Madrid puede Ferreiro seguir alentando la publicación de revistas, periódicos y colecciones de poesía, como lo hizo hasta ahora, y como todos deseamos que lo siga haciendo.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Apenas catro anos despois, no outono de 1954, é Aquilino quen deixa Pontevedra. Os amigos organízanlle unha cea da que, pouco despois, se fai eco Manuel Cuña Novás (1954: 5) nun texto da revista *Litoral*, onde recoñece, sen físgoas, o importante papel xogado polo poeta de Abadín no círculo de intelectuais que artellaron a colección Benito Soto. Di así:

> A nuestro lado escribió el poeta sus versos, enseñó el catedrático, trabajo el lingüista, bebió en la tertulia el vaso del discurso, la taza de la charla; del vino amistoso que en torno a él apurábamos los demás. El poeta se nos va y nos quedamos más solos que de costumbre. Esto fue lo que dijo –a su modo– Sabino Torres. Quedamos más solos de lo que solíamos y separados unos de los otros, que Iglesia Alvariño sostenía la fe de la conversación, nos juntó alrededor de su mesa, hacía de la charla fruto. El poeta suplía en parte la escasez de manifestaciones artísticas y literarias, las fiestas del espíritu padecida por nuestra ciudad.

Dásenos por imaxinar que, naqueles anos, Galicia era, quizais, un pouco máis pequena e que os vencellos ideolóxicos entre os intelectuais facíanlles pechar filas nun trato fraternal e protector, que estreitaba relacións e favorecía o traballo de mans dadas. Quero rematar esta intervención co poema que Aquilino Iglesia Alvariño (1986: 270) leu a noite do 19 de xuño de 1954, na cea que se organizou para despedilo en Pontevedra. Titúlase "Nunha cena de amigos" e di así:

> Quero contar un por un meus amigos
> como se contan os mollos de trigo.
> Como se contan os mollos nas airas
> quero contar os meus bos camaradas.
> Quero contalos e recontalos
> como recontan os pobres os cartos.
>
> Quero contalos nas arcas da ialma
> como reconta os seus bes a calandra.
> Quero contalos nas nenas dos ollos
> como contámolos intres de gozo.
> Quero contalos, ben contadiños.
> Quero contar un por un meus amigos.
>
> Poucos ou moitos, quero contalos
> como se contan as peras nun ramo.
> Como se contan nas airas as medas,
> como se contan as horas pequenas.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Quero contalos e recontalos…
Poucos ou moitos, meus amigos son.
Quero contalos no meu corazón.

Os versos foron publicados en *Leva o seu cantare* (1964: 126) cunha nota final que puntualiza: "Leído po-lo autor nunha cena que lle ofreceron seus amigos en Pontevedra, no ano 1954". Publicouse nunha folla solta, modificándose o orixinal, que remataba deste xeito:

Como se contan as horas pequenas,
Portela e Madeiros, Alonso e Sabino,
e Caba, Odriozola, Quiroga e del Río,
Roxerius e os outros meus amigos son.
Quero contalos no meu corazón.

Son os mozos e non tan mozos, do círculo pontevedrés da colección Benito Soto. Os mesmos que retrata Sabino Torres nas páxinas d'*As tres columnas* (2008: 36-37), onde lemos:

> Esa furia do ouro negro cóntase moi ben na novela *Wolfram, Wolfram* de Carlos Caba Landa. O autor era subcomisario de policía e vivía tamén a vida literaria pontevedresa. Don Carlos, como así lle chamaban os novos poetas, tiña tertulia na Niña Bonita, taberna arrimada á capela do Nazareno , na rúa Tetuán […].
>
> Nesa taberna pontevedresa, reuníase don Carlos ao mediodía, a tomar unha cunca de viño do Ribeiro acompañada dunhas talladas de polbo, con Aquilino Iglesia Albariño, Agustín Portela, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Pesqueira, Ramón Peña e os novos poetas Manuel Cuña Novás, Emilio Álvarez Negreira e o autor desta crónica.

Os amigos de Aquilino Iglesia Alvariño, un home recto e serio, traballador e culto, autor de *Cómaros verdes*, o primeiro poemario galego relevante tras a Guerra Civil que, polo que parece, naqueles anos difíciles traballou con discreción, empeño e dedicación na recuperación da nosa cultura.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Girgado, Luís Alonso, Xosé Luis Cochón Touriño e Ramón López Vázquez (eds.) (2014): *Cunqueiro destinatario*. Cadernos Ramón Piñeiro XXVIII. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Alonso Girgado, Luís e Laura Piñeiro Pais (eds.) (2016): *Xistral. Revista de Poesía* (*Lugo, 1949)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Alonso Montero, Xesús (2000): *Oteriana*. Ourense: Fundación Otero Pedrayo.

———— (2003): *A batalla de Montevideo*. Vigo: Galaxia.

———— (2007): "Das Kapital en Vilagarcía", *La Voz de Galicia* 20/X/2007.

———— (2009): *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*. Vigo: Galaxia.

Blanco Freijeiro, Antonio e Celso Emilio Ferreiro (1951): *Musa alemá*. Pontevedra: Sabino Torres.

Carballo Calero, Ricardo (1982): "Epitafio para Aquilino", *Libros e autores galegos. Século XX*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 257-261.

Cunqueiro, Álvaro (1948): "Poesía de Iglesia Alvariño", *La Noche* 3/I/1948.

Cuña Novás, Manuel (1954): "La marcha del poeta", *Litoral* 23/IX/1954.

Dasilva, Xosé Manuel (2008): "Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego", *Grial* 179, 86-97.

Fernández del Riego, Francisco (2000): *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo: Galaxia.

Filgueira Valverde, Xosé Fernando (2008): "Celso Emilio Ferreiro", en Ana Acuña e Xesús Alonso Montero (eds.), *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

Iglesia Alvariño, Aquilino (1964): *Leva o seu cantare*. Vilagarcía de Arousa: Editorial Celta.

———— (1986): *Poesía galega completa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2011): *Poemas castellanos 1936-1937*. Seivane: Ediciós A Pedrosa. Edición non venal co gallo do cincoentenario do finamento do autor e en homenaxe a súa muller, Dolores Ferreirós Santos.

Manuel María (1988): *Muiñeiro de brétemas*. Sada: Ediciós do Castro.

Nicolás, Ramón (2012): *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Torres Ferrer, Sabino (2000): "A colección Benito Soto", *Madrygal* 5, 105-112.

———— (2008): *As tres columnas*. Vigo: Galaxia.

———— (2014): *Crónicas dun tempo escondido*. Vigo: Galaxia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 275-290
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 291-299
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.774

A COLECCIÓN BENITO SOTO, A PRIMEIRA AVENTURA POÉTICA NA GALICIA DA POSGUERRA (PONTEVEDRA 1949-1950/1951-1952): SOBRE O SEU INICIAL AGALEGUISMO E OUTRAS NOTAS

THE BENITO SOTO BOOK COLLECTION,
FIRST VENTURE AT PUBLISHING POETRY IN POST-WAR GALICIA
(PONTEVEDRA 1949-1950 / 1951-1952):
ON ITS INITIAL AGALEGUISM AND OTHER NOTES

Xesús Alonso Montero
Real Academia Galega

Resumo: O presente traballo repasa a ideoloxía política do grupo de mozos pontevedreses implicados na creación da colección Benito Soto. Dos catorce títulos publicados dentro desta colección, oito deles foron escritos en lingua galega. No ano 1951 verá a luz *Musa alemá*, volume de formato diferente que recolle a tradución galega dunha antoloxía de poemas de autores alemáns. A edición foi retirada pola censura e posteriormente queimada, e o seu responsable, o editor Sabino Torres, expedientado. O autor cuestiona a lenda sobre a clandestinidade da colección e sobre a suposta queima dos exemplares de *Musa alemá*.

Abstract: The present paper examines the political ideology of a group of Pontevedra boys who participated in the creation of the Benito Soto book collection. Eight out of its fourteen published books were writen in Galician. The book *Musa alemá*, a Galician translation of an anthology of poems by German writers, was published in 1951 but the edition was banned by the Spanish censorship. Apparently, all the books of *Musa alemá* were burned and Sabino Torres, the editor responsible, was penalized by the authorities. The writer of this paper questions the story about the clandestinity of the collection and the burning of the books of *Musa alemá*.

Palabras chave: colección Benito Soto, Sabino Torres, Celso Emilio Ferreiro, *Musa alemá*, censura.

Key words: Benito Soto book collection, Sabino Torres, Celso Emilio Ferreiro, *Musa alemá*, censorship.

Dedico este traballiño á miña grande amiga Carmen Blanco Ramos, que tamén o foi de Sabino Torres, protagonista destas páxinas.

PRIMEIRO ACHEGAMENTO: A POESÍA EN GALEGO DE 1939 (FIN DA GUERRA DE ESPAÑA) A 1949 (ANO INAUGURAL DA COLECCIÓN "BENITO SOTO")

Tense dito, nalgúns libros e en moitos traballos, que o único poemario en lingua galega deste longo período é *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, publicado en Vilagarcía de Arousa, na editorial Celta. "Acabouse de imprimir –reza o colofón– na véspera do día de Galicia e de Santiago..."; así pois, once anos despois do inicio da Guerra Civil. Cumpriría aclarar que o silencio das musas vernáculas, nese longo período, non foi tan grande. Téñanse en conta, cando menos, estes títulos: *Brétemas mariñás*, de Celestino Luís Crespo (Betanzos, 1946); *Soaces d'un abade*, de Mariano Piñeiro (Ponteareas, 1946); *D'o ermo*, de Antonio Noriega Varela (Lugo, 1946)[1]; e *Terra liñar*, de Angel Sevillano (Vigo, 1947). Non sendo desdeñable o libro de Sevillano, o poemario importante, verdadeiramente importante, foi *Cómaros verdes* (Alonso 2006).

Esta ficha bibliográfica proba que os libros galegos de "Benito Soto" apareceron, no bienio 1949-1950, despois dun período no que as musas vernáculas estiveron mudas non poucos anos. Moi ó final dese período falaron, só nunha ocasión, con voz sabia e forte: a de Aquilino Iglesia Alvariño.

A PRIMEIRA COLECCIÓN DE POESÍA EN GALICIA, POSTERIOR Á GUERRA CIVIL, FOI A EXPRESIÓN DUN AFÁN GALEGUISTA?

En principio, hai un nome clave na colección: o de Sabino Torres Ferrer (1924-2016), daquela un mozo de 25 anos con moitas inquedanzas literarias, sobre todo teatrais, desenvoltas estas no ámbito do Frente de Juventudes pontevedrés.

1 Recolle obra poética publicada con anterioridade.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 291-299
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Sen ser falanxista nin decididamente franquista, acolleuse a esta institución do Réxime para dirixir teatro, unha paixón para el. Nesta altura, non está mal visto polas autoridades políticas e mesmo goza da simpatía do gobernador civil, José Solís, aquel que, anos despois, sendo ministro –ministro de Franco– decretou, nunhas declaracións, "Más deporte y menos latín".

Sabino Torres non só achegou o seu entusiasmo a esta aventura poética pontevedresa senón a imprenta Gráficas Torres, propiedade de seu pai, quen, instado polo fillo e algún dos seus amigos, convértese, en 1949, en mecenas da causa literaria.

Á beira de Sabino está, desde o principio, Emilio [Álvarez] Negreira, dunha ilustre saga de escritores, que será o autor do primeiro libro da colección, *Madrigal*. Escribiuno ós 23 anos en castelán, como toda a súa obra posterior. Nin el, nin Sabino Torres tiñan preocupacións galeguistas, como tampouco as tiña o artista plástico da colección, Rafael Alonso, quen, nalgunha ocasión, manifestou a súa pouca simpatía polo galego como idioma literario. Nesta liña non galeguista, pero un pouco máis alá, estaba José Ruibal (1925-1999), décadas despois importante dramaturgo na escena española. A prensa viguesa daquela época recolle a polémica que provocou unha declaración súa sobre a lingua galega, "una lengua de criadas". Esta é a razón pola que Ramón Piñeiro, nunha carta a Fernández del Riego, fale da "escola castelá-pontevedresa" como un grupo de escritores que cuestionaban o galego como idioma para os altos mesteres literarios (7/XI/1952)[2].

Non eran galeguistas e ningún dos do grupo inicial tiña a menor veleidade socialista ou comunista[3]. Aínda así, apenas a colección apareceu na escena pública, unha representación da xente ben pensante de Pontevedra (quizais Filgueira Valverde, Sánchez Cantón...) entrevistouse co gobernador José Solís para facerlle saber que era intolerable que unha colección de poesía acollese na súa denominación o nome dun pirata, pois fórao o tal Benito Soto (executado en Xibraltar cando tiña 24 anos). Así o conta o propio Emilio Negreira:

> Su misión consistía en quejarse del inaudito desparpajo de los jóvenes iconoclastas. Habían mancillado el prestigio de Pontevedra al bautizar una colección poética con el nombre del pirata de dudosa conducta, motejado por la

2 Na carta, Piñeiro refírese á tradución galega do libro de Heidegger *Da esencia da verdade* nestes termos: "Eu estou ledo, pois penso que se Heidegger pode falar en galego (que ven ser como se falase Kant ou cousa así) xa non haberá motivos para que os da escola castelá-pontevedresa sigan dicindo que se trata dunha lingua de labregos."

3 José Ruibal fíxose militante comunista anos despois, na súa etapa de emigrante en Montevideo e Bos Aires.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 291-299
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> historia universal como "un milano de los mares". Benito Soto no estaba en el candelero[4].

É o propio Sabino Torres quen aclara que o mesmo Solís desestimou a denuncia dos persoeiros pontevedreses e non só isto: "ofreceume, a título persoal, unha subscrición de honra, co que deixaba saldada a cuestión" (Torres 1991: [5]).

DA PRESENZA DE CELSO EMILIO FERREIRO

Contra o que se ten dito nalgún traballo, non foi Celso Emilio o fundador (e director, ó comezo) da colección; foino, como conta o propio Sabino Torres, cando xa se publicaran os dous primeiros volumes, ambos en castelán (Negreira, Torres): "Fun eu quen o nomeou director, coa oposición de todo o grupo, porque ese feito mandaba a Negreira ó posto de secretario" (Torres 1991: [7]).

Celso Emilio comprométese coa singular aventura poética pontevedresa despois dos dous primeiros números da colección. Do 28 de xullo de 1949 é esta interesante carta a don Ramón Otero Pedrayo, que eu exhumei hai anos (Alonso 2000: 89-90):

> Meu querido don Ramón:
> O día de Sant-Yago non tiven xeito de falar con vostede para agradecerlle a súa carta e *voltar a supricarlle* [cursiva nosa] un orixinal para a nosa Colección. Estou seguro que ten material abondo para un interesantísimo libro de versos. Busque e rebusque por queixóns e gavetas, xa verá como é certo o que eu digo. Súa firma respaldaría a Colección, que, dito sexa de paso, comenzou con dous libros, non os máis adecuados, que xa estaban no prelo cando eu comencei a intervir na tarefa.
> Si non lle é posível compracernos, entoncias agradeceríalle moitísimo fixera un artigo comentando a colección recén nada.
> Seipra que me conta entre os máis fieles e devotos amigos seus.

O seguinte volume, obra de Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, é o primeiro en galego da colección[5]. O seguinte, tamén en galego, *Dona do corpo delgado*, é de Álvaro Cunqueiro, moi interesado en que a "Benito Soto" editase canto antes

4 "Evocación" [p. 4], na separata "La colección Benito Soto", que, cos 14 volumes de poesía, publicou nun estoxo en edición facsimilar a Deputación de Pontevedra no ano 1991.

5 Titúlase, significativamente, *Poemas de ti e de min*, unha parte de Xosé María e a outra, dándolle a volta ó volume, do seu irmán. Este volume aparece coa numeración III e IV.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 291-299
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ese título. En lingua galega publícanse senllos libros de poetas galegos coñecidos (Carballo Calero, Augusto Casas, Luís Pimentel), o primeiro volume de Manuel María (*Muiñeiro de brétemas*) e unha incursión no noso idioma do poeta alófono Juan Pérez Creus (*As cancións d'ise amor que se diz olvido*, con prólogo de Vicente Risco). Ese foi o último volume da colección "ordinaria", o XIV, tal como reza nun catálogo inserto nas páxinas finais deste volume e do anterior. Nese catálogo, no apartado de libros "en prensa", figura, como primeiro, *Orballo ispido*, de Manuel Casado Nieto, que a "Benito Soto" non chegou a publicar. Fíxoo a editorial Celta, de Lugo, anos despois, en 1955.

A DESAPARICIÓN DA BENITO SOTO. ENCONTRO COA POLÍTICA, COS POLÍTICOS

Cando Emilio Negreira e Sabino Torres publican, en 1990, na Deputación de Pontevedra, o conxunto da colección en edición facsimilar, só acollen os 14 volumes (en realidade 13), a serie que se coroa co libro do poeta alófono Pérez Creus. O certo é que un ano despois, en 1951, a colección "Benito Soto" publica, na mesma imprenta, un volume titulado *Musa alemá*, volume doutro formato e de maior tamaño que acolle, en versión galega, poemas de seis autores alemáns (Hölderlin, Heine, Dehmel, Rilke, Miegel e Werfel). Foron traducidos por Antonio Blanco Freijeiro, arqueólogo e prehistoriador que sabía alemán, e Celso Emilio Ferreiro, poeta que puxo o galego "con bastantes liberdades literarias" (confesión propia; Alonso 1982: 57-58). Sobre os problemas deste libro co poder político escribiu o propio Celso Emilio:

> La colección editaba con cierta periodicidad pequeños libros de poemas que, por el menguado número de páginas, no era obligado someter a la censura central de Madrid. Bastaba que le diese su visto bueno el Delegado de Cultura Popular, que así se llamaban entonces los pedáneos que representaban en cada provincia al Ministerio de Información y Turismo, del cual era titular el señor Arias Salgado, ministro vitalicio de la censura franquista. *Musa alemá* pasó el trámite del pedáneo censor, que dio (verbalmente nada más) permiso de impresión. Pero cuando, semanas más tarde, salió el libro de la imprenta con unas hermosas ilustraciones de Rafael Alonso, el pedáneo autorizante se había ido con sus lápices rojos a otra provincia y el que había llegado para sustituirle no aceptó el *nihil obstat* de su colega y mandó secuestrar la edición (600 ejemplares) invocando una circular del año 1937 que prohibía traducir libros extranjeros «a los dialectos regionales». No hubo indulto. El pedáneo fascista mandó recoger la edición y ordenó su quema inquisitorial. Solamente se salvaron de

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 291-299
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> la hoguera tres ejemplares, uno de los cuales es propiedad del autor. (Alonso 1982: 58-59).

De Sabino Torres, o editor, son estas palabras sobre a colección e *Musa alemá*:

> Na nosa idea non cabía ningún formalismo nin a máis pequena posibilidade de meter os nosos libros polo burato de ningún ventanil burocrático. Fariamos o que nos viñera en gana ó marxen de toda norma oficial, que había dabondo... (Torres 1991: [2] n. 6).

> O segundo encontro coa realidade foi a recollida da edición de *Musa alemá*..., con graves repercusións das que volveu a salvarme don José Solís. (Torres 1991: [5]).

Teño falado horas e horas con Sabino do *affaire* de *Musa alemá* porque nunca crin, na súa totalidade, a versión que el espallaba por algúns cenáculos. Mesmo no texto de 1990 non lembra que Emilio Negreira volvera á dirección da colección cando se publicou o libro de Manuel Fabeiro, o 13. Facendo uso, un pouco severo, da miña amizade, no ano 2002, no restaurante Lisboa de Vigo, ditoume este *Informe* que eu reproducín no meu libro *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na Unesco en 1954* (2003: 76):

Nunca se pediu permiso, para a publicación destes libros, á Vicesecretaría de Educación Popular, que pertencía á Dirección General de Propaganda.

I. Na tertulia do bar Niña Bonita (Pontevedra), Carlos Caba, subcomisario de Policía, instábanos para que solicitásemos o correspondente permiso.
II. Pedímolo para *Musa alemá*, que se nos denega, se ben cando xa estaba nas librerías.
III. Julián Álvarez Villar, o Delegado (que era catedrático de Xeografía e Historia no Instituto), comunica, "acojonado", a Madrid que o libro xa está nas librerías.
IV. Madrid responde, de contado, que se recolla a edición e que se multe ó responsable en función dos exemplares non recuperados. Procédase, se é preciso, ó envío da Garda Civil.
V. Recurro axiña a José Solís, o Gobernador, quen fala telefonicamente con Pedro Rocamora, o Director Xeral, e son liberado da multa.
VI. Un ou dous anos despois quéimanse tódolos exemplares da edición (menos 64 ou 65) e exemplares doutros libros. O pirómano quedouse cuns poucos, non moi poucos.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 291-299
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Sobre *Musa alemá* tamén se pronunciou Ramón Piñeiro na famosa *Denuncia ante a UNESCO...*, de 1954:

> Un joven editor de Pontevedra, Sabino Torres, creyendo que su condición de falangista y sus excelentes relaciones personales con diversas jerarquías del Estado le permitían la publicación de una breve antología alemana traducida al gallego [...], se dispuso a intentarla en 1951. Inmediatamente la censura ordenó que fuese intervenida e inició un expediente de responsabilidades contra el editor[6].

Hoxe, os documentos exhumados por Xosé Manuel Dasilva cuestionan boa parte do relato de Sabino Torres sobre a colección "Benito Soto". Este especialista en cuestións censorias escribe no ano 2008:

> Agora ben, o que acontece é que resulta posible confirmar a existencia nos arquivos estatais de expedientes de censura, tramitados pola Dirección General de Propaganda, para a práctica totalidade dos libros da Colección Benito Soto. Debemos citar, en primeiro termo, a solicitude de permiso referente ao libro *Como el río*, da autoría do propio Sabino Torres, presentada o 23 de xullo de 1949 na Delegación Provincial de Pontevedra e cinco días despois remitida a Madrid. Nesta instancia, Sabino Torres, "con domicilio en la calle Nueva de Abajo, 18, copropietario de los talleres tipográficos Gráficas Torres", declaraba o seguinte no concernente ao obxecto da publicación: "Dar a conocer mi obra poética".
>
> Outra solicitude é a do volume *Poemas de ti e de min*, de Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, esta incluso acompañada de galeradas, realizada o 15 de setembro de 1949 e aprobada pola Dirección General de Propaganda o día 26 do mesmo mes. Do 20 de outubro de 1950, por outro lado, son as peticións, tamén con galeradas, correspondentes a *El dios de los precipicios*, de José Ruibal, *Dona do corpo delgado*, de Álvaro Cunqueiro, *Gárgolas*, de Tomás Barros, *Anxo de terra*, de Ricardo Carballo Calero, *Triscos*, de Luís Pimentel, e *Cantos de cotovía*, de Eliseo Alonso. E do 14 de xullo de 1951 é a instancia para *As canciós d'ise amor que se diz olvido*, de Juan Pérez Creus, que merecía este pintoresco

6 *DENUNCIA diante da Unesco da perseguizón do idioma galego pol-o Estado Hespañol. Textos en galego, francés e inglés*, Buenos Aires, novembro 1954. Cando se repartiu en Montevideo este opúsculo trinlingüe ós compoñentes da asemblea da UNESCO, o folleto levaba dentro outro moito máis breve coa versión castelá, o texto de Piñeiro (Alonso 2003: [4]).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 291-299
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> ditame estético por parte do lector: "Colección de versos muy mal hechos. Nada censurable" (Dasilva 2008: 96).

E sobre o litixioso libro de Ferreiro/Blanco Freijeiro explica:

> Nos arquivos estatais tamén existe rexistro dun expediente de censura relativo ao volume *Musa alemá*, o que evidencia empiricamente que se solicitou autorización para publicalo. Por desgraza, o sobre que debía conter todo o procedemento está a día de hoxe baldeiro, a consecuencia dun extravío casual ou da intervención dunha man negra. En principio non habería moitas opcións, por conseguinte, de reconstruír a verdadeira historia da publicación de *Musa alemá* con probas documentais. O que si podemos sinalar, mesmo así, é que a partir dun determinado momento comezou a ser propagada unha lenda fabulosa arredor da natureza supostamente clandestina da Colección Benito Soto. E é que a verdade foi outra, como acabamos de expor, xa que a maioría dos libros desta editorial se someteron á fiscalización da censura. Hai que subliñar, en puridade, que a Colección Benito Soto resultaba inocua para as autoridades franquistas, xa que o que máis lles atraía aos seus fundadores era publicar poesía, en castelán ou en galego, sen ningún ánimo reivindicativo (Dasilva 2008: 96).

Sexa a fonte Sabino Torres ou sexa Celso Emilio, hoxe por hoxe cómpre ser moi cautelosos sobre o número dos exemplares requisados e, aínda máis, sobre o feito de que foron queimados. Por se fose pouco, a Benito Soto non desapareceu coa truculenta edición de *Musa alemá*, de 1951; un ano despois Sabino Torres, na mesma imprenta de seu pai, publicou o libro de Manuel Cuña Novás *Fabulario novo*, que, como a antoloxía xermana respondía a un formato e tamaño distintos dos catorce opúsculos da colección ordinaria. Con este volume, importante, finaliza a aventura poética da colección Benito Soto.

EPÍLOGO

A colección, obxectivamente, foi valiosa na historia da poesía galega de posguerra, pero os seus mentores e directores iniciais non viñeron ó mundo para escribiren unha páxina da cultura galega e, menos, para, conscientemente, crearen algún problema ó esquema intelectual e político franquista. Sendo certo que *Musa alemá* inquietou á burocracia do Réxime, este *affaire* nada ten que ver co antifranquismo e, si, moito, co espírito anarcoide de Sabino Torres, convencido, probablemente, de que o seu "falangismo" era un escudo eficaz ante o poder local e o central.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 291-299
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O que non se pode poñer en dúbida é o compromiso de Sabino Torres coa causa poética (poeta el mesmo). Demostrouno, de xeito preclaro, cando, anos despois da morte de Franco, fundou e dirixiu a colección Hipocampo amigo, que foi a meniña dos seus ollos nos últimos anos da súa vida. Home sensible, bautizou a nova colección co nome de Hipocampo, que é o cabaliño de mar, especie, nas nosas rías, en perigo de extinción. Tan ameazada –opinaba el– como a poesía mesma.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, Xesús (1982): *Celso Emilio Ferreiro*. Gijón: Ediciones Júcar.

———— (2000): *Oteriana.* Trasalba (Ourense): Fundación Otero Pedrayo.

———— (2003): *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na Unesco en 1954*. Vigo: Galaxia.

———— (2006): "Inventario de textos galegos publicados nos anos da Guerra Civil e nos primeiros da Posguerra", en *Os escritores galegos ante a Guerra Civil Española*. Vigo: Galaxia, 18-24.

Dasilva, Xosé Manuel (2008): "Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego", *Grial* 179, 86-97.

Iglesia Alvariño, Aquilino (1947): *Cómaros verdes*. [Vilagarcía de Arousa]: Edicións Celta.

Torres Ferrer, Sabino (1991): "Onde se conta como foi o nacemento da Colección 'Benito Soto' e canto lle aconteceu ata a súa desaparición", en *La Colección Benito Soto: Poesía*. Pontevedra: Deputación provincial, [sen paxinar].

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 291-299
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

IV

Traballos de investigación e estudo

Variación e cambio lingüístico no galego-portugués (s. XIII - s. XIV): os clíticos *me* / *mi* e *lle* / *lhi* e outras formas en <-e> final /
/ Henrique Monteagudo

De Eduardo a Eduarda: un poema inédito de Pondal á irmá morta /
Juan Félix Neira Pérez

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 303-395
© 2019. Real Academia Galega
https://doi.org/10.32766/brag.380.775

VARIACIÓN E CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO-PORTUGUÉS (SÉCULOS XIII-XIV): OS CLÍTICOS *ME* / *MI* E *LLE* / *LHI* E OUTRAS FORMAS EN <-E> FINAL

VARIATION AND LINGUISTIC CHANGE OF GALICIAN-PORTUGUESE (13TH AND 14TH CENTURIES): THE CLITIC PRONOUNS *ME* / *MI*, *LLE* / *LHI* AND OTHER FORMS IN FINAL <-E>

Henrique Monteagudo
Instituto da Lingua Galega
(Universidade de Santiago de Compostela)

Resumo: Na presente achega analízase a variación *-i* / *-e* en final de palabra no marco da evolución do sistema lingüístico galego-portugués durante o período 1250-1350. Chámase a atención sobre un trazo diferencial entre portugués e galego que non ten recibido atención: o mantemento no primeiro do [ī] final de palabra átono do latín como [i] nunha serie de vocábulos que en galego rematan en [e]. Colócase o foco sobre os clíticos de dativo, *me* (P1), *te* – *che* (P2), *lle(s)* (P3-P6) e *xe* (P3-P6ref) nos textos galegos, que nos portugueses alternan con *mi*, *ti*, *lhi(s)* e *xi* respectivamente. A variación entre *me* e *mi*, cos correspondentes alomorfos {m} e {mi̯}, é obxecto de especial atención. Igualmente, repárase nas desinencias da P1 do pretérito perfecto dos verbos con perfecto forte e mais da P2 do pretérito de todos os verbos: nos textos galegos as formas acaban en *-e* (*dixe*, *amaste* – *amasche*), mentres que nos portugueses adoitan rematar en *-i* (*dixi*, *amasti*). Con base nunha ampla mostra de textos de distinto tipo, en prosa e verso, literarios e documentais, analízase a distribución diatópica, a evolución diacrónica e a cronoloxía destes fenómenos de variación, que desembocaron na xeneralización das formas en *-e*.

Abstract: This paper analyses the variation *-i* / *-e* at the end of the words inside the evolution frame of the Galician-Portuguese linguistic system from 1250 to 1350. It focalises on one differential feature between Portuguese and Galician that didn't get enough attention in the past: the preservation in Portuguese of

the final [ĩ] in latin atonic words as an [i] in a series of Portuguese words, while they end with an [e] in Galician. The article also focuses on the clitic pronouns *me* (P1), *te – che* (P2), *lle*(*s*) (P3 and P6) e *xe* (P3-P6ref) found on the Galician texts, which in Portuguese are respectively *mi*, *ti*, *lhi*(*s*) and *xi*. There is a special attention put on the variation between *me* and *mi* with its pertinent allomorphs {m} e {mi̯}. Likewise, the article shows the importance of the desinence of P1 in the strong perfect tense of some verbs and of P2 in the perfect tense of all the verbs: in the Galician texts, the verbal forms end in *-e* (*dixe*, *amaste – amasche*), while Portuguese verbs tend to end in *-i* (*dixi*, *amasti*). Based on a broad selection of different kind of texts, prose and verse, literary and documentary, this article will show an analysis of the diatopic distribution, the diachronic evolution and the chronology of these variation, which lead into the generalitation of the forms ending in *-e*.

Palabras chave: galego-portugués, portugués medieval, galego medieval, gramática histórica, vogais finais, clíticos do dativo, cancioneiros trobadorescos, prosa literaria galego-portuguesa.

Key words: Galician-portuguese, medieval Portuguese, medieval Galician, historical gramar, final vowels, clitic pronouns, medieval Galician troubadour poetry, Galician-Portuguese literary prose.

En contributos anteriores témonos achegado a distintos aspectos da variación scriptolingüística no galego-portugués tal como se manifestan nos testemuños que transmiten a lírica trobadoresca de carácter profano, nomeadamente nos cancioneiros da Ajuda (*A*) e das bibliotecas Nacional de Portugal (*B*) e Apostólica Vaticana (*V*), ademais do pergamiño Vindel (*N*)[1]. Neses traballos a análise da variación estaba máis ben enfocada cara ao estudo do proceso de constitución da tradición manuscrita da devandita lírica. Na presente achega[2], imos examinar unha serie de variables relacionadas coa variación *-i* / *-e* en final de palabra, mais nesta ocasión temos que abrir o foco, xa que cómpre estudar este fenómeno no marco máis amplo da evolución do sistema lingüístico galego-portugués no seu conxunto durante o período 1250-1350, na medida, obviamente, en que este é

1 Véxase Monteagudo 2008a, 2008b: 269-310 e 369-392, 2013, 2015, 2018, 2019a e 2019b.

2 Desexamos a agradecer a colaboración de colegas que nos facilitaron materiais, responderon as nosas consultas ou nos axudaron de diversas maneiras. Nese sentido, é un privilexio citar a Rosario Álvarez, Mercedes Brea, Fernando Brissos, Maria José Carvalho, Ivo Castro, Américo Venâncio Lopes Machado Filho, Clarinda Maia, Rosa Marreiros, Ana M. Martins e Celeste Rodrigues. Obviamente, este agradecemento non os fai corresponsables dos contidos do presente artigo nin parceiros das observacións, análises ou valoracións que se verten nel.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767

accesible a través da documentación escrita dese período e esta se atopa editada nas debidas condicións. Dado que o estudo desta serie de fenómenos, tanto na xeneralidade da produción en galego-portugués dos séculos XIII e XIV, como, máis concretamente, nos testemuños da lírica trobadoresca, é bastante complexo, imos presentar o noso traballo en varias entregas. Nesta primeira imos considerar o asunto en xeral, abranguendo un amplo abano de textos; nas posteriores porase o foco nos testemuños da tradición trobadoresca e nos aspectos en que a análise dos fenómenos de variación vertentes nos aluman sobre o proceso de constitución desta. De todos os xeitos, o percorrido pola situación que presentan os testemuños medievais comezará pola lírica trobadoresca: por ela encetamos nós a presente investigación e a súa análise previa fornecerá claves imprescindibles tanto para entender a situación da época na súa complexidade canto para contemplar criticamente as achegas previas ao tema. Foi a análise coidadosa dos textos trobadorescos a que nos permitiu esclarecer algunhas confusións fundamentais que ao noso parecer viñeron toldando a maior parte das achegas anteriores.

Cómpre aclarar que no presente traballo se empregará o termo *galego-portugués* como denominación do romance autóctono da franxa occidental da península ibérica, orixinado no cuadrante norte-occidental desta, nos confíns da Gallaecia Magna, e estendido cara ao sur a partir do século X; un sistema lingüístico que emerxeu na escrita nos inicios do século XIII e que mantivo unha notable unidade ata os finais do século XIV. Ata onde os testemuños sobreviventes permiten coñecelo, o galego-portugués constituíu un sistema basicamente unitario, pero non uniforme. Así, diversos estudos teñen identificado unha serie de trazos que permiten distinguir, dentro daquel conxunto, dous subsistemas: o galego e o portugués[3]. Non obstante, na serie de trazos diferenciais entre o galego e o portugués dos séculos XIII e XIV non se ten chamado a atención sobre o mantemento no segundo, nunha serie de vocábulos, do [ī] final de palabra átono do latín como [i], mentres que neses mesmos vocábulos os textos galegos presentan como resultado da evolución daquela vogal un final en [e][4].

Tal fenómeno vén suxerido polas grafías <-i> (cos seus alógrafos <y>, <j>...) e <-e>, respectivamente, que ofrecen os testemuños da época. A interpretación fónica destas grafías e a realización concreta das vogais correspondentes ten sido obxecto de controversia, unha discusión revisada e retomada recentemente por Martins 2003-2006 e Carvalho 2005 verbo dos textos portugueses, e

3 Véxase Lorenzo 1975: 155-159, 1975-1977: I, XXVI-XXXVI; Maia 1986: 892-954; Mariño 1998: 102-129; Monteagudo 2012: 53-64.

4 A falta dunha distinción coidadosa entre a situación do galego e a do portugués e entre os distintos estratos cronolóxicos prexudica algunhas valiosas achegas ao asunto, como a que se ofrece en Mariño 2017: 225-228.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

por Mariño 2009 verbo dos galegos. Aquí imos abordar a cuestión desde unha perspectiva distinta aos investigadores e investigadoras que nos precederon. En primeiro lugar, cómpre expoñer a nosa hipótese de partida: ao menos ata 1350ca. nas series pronominais e nas formas verbais que estudaremos, na xeneralidade dos textos producidos en Portugal e nos producidos no extremo meridional de Galicia que se indicarán, as ditas grafías representan cadansúa vogal, unha delas con realización próxima a [i] e outra con realización próxima a [e], e en todo caso, ambas as dúas producidas e percibidas como distintas polos falantes das variedades do galego-portugués que foron tomadas como base para a escrita dos devanditos textos. Non imos entrar a discutir cales podían ser as realizacións fonéticas de cada vogal; o feito fundamental é que esas realizacións eran sistematicamente distintas para cada unha das dúas vogais.

Como veremos, os datos que iremos presentando son incompatibles coa hipótese de que a diferenza entre as dúas vogais fose puramente gráfica, isto é, carente de correspondencia na fala: para comezar, se así fose, a representación sistemática de *mi* dativo, en contraposición con *me* acusativo nunha ampla serie de textos portugueses só podería explicarse como unha etimografía, a memoria gráfica dun estadio lingüístico anterior (latino?), o cal resulta totalmente inverosímil, pois requiriría dos escribas un constante exercicio de análise sintáctica. Agora, se na gramática do subsistema portugués existiu unha oposición entre *mi* dativo e *me* acusativo ata as primeiras décadas do século XIV, tal oposición só se podía expresar mediante unha pronuncia distinta de *-*[i] e *-*[e] en posición átona final. Ao noso parecer, unicamente a devandita hipótese de que existiu esa pronuncia distinta e que esta se expresaba na escrita canxa non soamente no caso crítico de *mi* / *me*, senón co conxunto dos datos que presentamos.

En efecto, obsérvase que para os pronomes persoais átonos de dativo os textos producidos en Galicia no devandito período presentan *me* (P1), *te – che* (P2), *lle* e *lles* (P3-P6) e *xe* (P3ref), mentres que os textos producidos en Portugal ofrecen respectivamente *mi – me*, *ti – te* e *lhi*(*s*) e *xi*, ocasionalmente en alternancia coas formas en *-e*[5]. Canto á conxugación verbal, constátase unha situación semellante que afecta á desinencia da P1 do pretérito perfecto (IPret) dunha serie de verbos con perfecto forte e mais á desinencia da P2 do IPret de todos os verbos: por vía da regra, nos textos galegos as formas acaban en *-e* (*dixe*, *amaste – amasche*) (Mariño 2009: 85-90), mentres que o corrente nos textos producidos en Portugal é que acabaren en *-i* (*dixi*, *amasti*). Nunha situación similar se atopa a P2 do Imperativo,

5 Convencionalmente, empregamos o guión recto <–> entre dúas ou máis variantes que alternan entre si, e a barra inclinada </> entre formas que se opoñen.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

que non imos considerar no presente estudo (Huber 1986: 227; Mariño 2009: 82-83 e 2017: 228).

Este fenómeno de variación rexístrase tamén noutros vocábulos, desde nomes (como *alte* / *alti; sangue* / *sangui*), pronomes (*outre* / *outri*) e numerais (*viinte* / *viinti*) ata adverbios (*ameude* / *ameudi*, *longe* / *longi* ou *tarde* / *tardi*) (Mariño 2009: 82-85, 91). Non obstante, coidamos que, pola súa menor sistematicidade, estes casos deben ser tratados por separado, de xeito que na presente achega imos concentrar a atención nos pronomes persoais e nas formas do pretérito dos verbos, e só colateralmente nos referiremos a outras clases gramaticais.

Ademais dos aspectos ecdóticos máis ou menos problemáticos que habitualmente confronta un traballo das características do presente (como a datación e a localización dos testemuños que transmiten os textos, a determinación do seu carácter de copia ou traslado, as mans que interviñeron na súa elaboración), tivemos que confrontar tres dificultades de carácter moi distinto: unha é de tipo cuantitativo, pois houbo que manexar unha cantidade de datos considerablemente grande; outro é de tipo filolóxico, xa que se relaciona coas características das edicións dispoñibles e coas dificultades que presenta a lectura dalgúns treitos e vocábulos e a interpretación de certas grafías; o terceiro é de tipo lingüístico, e este radica nas complexidades gramaticais que presenta a análise dalgunhas formas, a determinación do réxime de certos verbos, o esclarecemento da estrutura sintáctica de determinadas construcións.

Canto ao primeiro, temos unha razoable confianza en que os datos e as cifras que ofrecemos son globalmente representativos e por tanto poden ser aceptados como bases sólidas para as hipóteses que presentamos. Non obstante, advertimos que en moitos casos non pretenden ser exactos, senón aproximados, e isto por dúas razóns básicas: dunha banda, o volume de datos manexados, considerablemente amplo, facilita os despistes, e por outra banda, non son raros os casos dubidosos, ben porque están abertos a distintas interpretacións, ben porque presentan problemas de lectura ou ben porque os criterios de cómputo non sempre son indiscutibles. Pénsese, por exemplo, no caso das formas contidas en frases ou versos repetidos literalmente ou con lixeiras variacións nunha cantiga, non soamente nos refráns. Á hora de calcular os cómputos, contamos como unha única ocorrencia os rexistros que aparecen repetidos no refrán das cantigas, pero non fixemos o mesmo coas ocorrencias reiteradas (ás veces en termos idénticos ou case) que se producen noutro tipo de estruturas iterativas, entre outras razóns, porque se rexistran casos de variación entre unha e outra. Por parte, de regra non tivemos en conta os poucos casos de lectura dubidosa nin as formas reconstruídas polos editores. Para unha análise más clara e doada da frecuencia relativa de certas variantes e da súa evolución, elaboramos uns índices que se calculan dividindo o

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

número de ocorrencias da variante máis frecuente (ou, nalgúns casos, de composicións ou textos en que aparece) polo da menos frecuente. Así, se falamos dun índice LHE 3 nun determinado corpus, isto significa que nese corpus as formas de tipo *lhe* son tres veces máis frecuentes cás de tipo *lhi*.

Canto ao segundo, cómpre advertir que, excepto nos lugares en que nos pareza conveniente actuar doutro xeito, ignoraremos a variación gráfica irrelevante para o noso asunto, que, entre outros grafos, nos textos máis antigos atinxe ao <lh> e no conxunto do período analizado ao <i>: como veremos, as grafías <ll> e <l> para a lateral palatal, correntes nos textos galegos, son as máis frecuentes en Portugal antes de 1270 e continúan aparecendo durante unhas décadas máis, mentres que, por outra banda, <i> pode aparecer tamén como <j>, <y> ou outras grafías máis insólitas, de xeito que as formas que nos interesan poden vir representadas nos textos como <lhi>, <lhj>, <lhy>, <mi>, <mj>~<mĩ>, <my>~<mỹ>... Igualmente, os vocábulos e textos que citemos serán presentados nunha forma gráfica simplificada e regularizada, salvo cando consideremos conveniente proceder doutro xeito. Cando o xulguemos oportuno, a efectos de clareza ou precisión, referirémonos ás formas gráficas tal como acabamos de facer, colocándoas entre parénteses angulares, e aos morfemas e alomorfos colocando as formas entre chaves: {me}, {m}, {mí}, {mi̯}... Cando for preciso por razón de clareza, referirémonos ao uso concorrente da forma *me* coa forma específica de dativo *mi* como me_{dat}. Por outra parte, salvo que nos pareza procedente actuar doutro xeito, imos tomar o par *dixe* / *dixi* como representante dunha serie de formas de P1 de IPret forte, na que se inclúen *figi* / *fige*, *ouvi* / *ouve*, *pudi* / *pude*, *pugi* / *puge*, *quigi* / *quige*, *soubi* / *soube*, *tivi* / *tive* e *trouxi* / *trouxe*.

Canto ao terceiro aspecto, é obvio que o fenómeno de variación que nos interesa ten ao mesmo tempo unha faceta fonética, relacionada coa evolución do vocalismo latino ao galego-portugués en posición postónica final, e outra morfosintáctica, como se bota de ver no caso dos clíticos de primeira e de segunda persoa, xa que as formas en *-e* son en principio formas de acusativo, mentres que as formas en *-i* son formas de dativo. A primeira faceta foi xa abordada con certa insistencia por distintos investigadores e máis recentemente revista polos xa citados Martins 2003-2006, Carvalho 2006 e Mariño 2009. Canto á faceta morfosintáctica, téñase en conta que este non pretende ser un traballo de morfosintaxe diacrónica. O noso asunto obrigounos a internarnos en cuestións gramaticais difíciles, algunhas das cales se atopan insuficientemente estudadas, pero nunca debe perderse de vista que as nosas incursións neste terreo teñen como único obxectivo establecer unha base coherente e axeitada para a análise filolóxica dos textos, por tanto, carecen da profundidade e o alcance que esixiría un estudo propiamente gramatical. De todos os xeitos, tanto as dificultades de tipo filolóxico canto as

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

complexidades de tipo gramatical teñen máis relevancia para próximas entregas do noso traballo do que para esta primeira.

Outra cuestión problemática radica na existencia no galego-portugués de formas tónicas {min} – {mí} de acusativo e dativo, con representacións gráficas de tipo <mi>, <mj>, <my> (ou incluso <mj̃>, <mỹ>), que poden ser idénticas ás do clítico dativo, sexa a forma plena {mi}, sexa o alomorfo ligado {mi̯}; ademais, o segundo pode ser tamén alomorfo do acusativo. Esta cuestión foi abordada nun artigo en que procuramos esclarecer ata onde nos foi posible estes casos confusos (Stengaard 2003; Monteagudo 2019b). Xa outras cuestións de orde sintáctica, como é a análise de certos verbos ditransitivos, dos verbos tradicionalmente denominados de "dobre acusativo" e doutros con réxime variable na época ou diferente ao galego actual, serán tocadas de xeito sumario nunha próxima entrega do traballo na medida en que o consideremos estritamente imprescindible.

En definitiva, o estudo dos fenómenos que imos considerar permitirá coñecer mellor a variación interna dentro do sistema lingüístico galego-portugués, concretamente a temperá definición no seu interior dos subsistemas galego e portugués e a dinámica evolutiva do conxunto, en que, como se verá, parece claro o carácter innovador do galego no punto en foco e a tendencia basicamente converxente cara a el do subsistema portugués durante o século XIV. Xa que logo, os dous obxectivos principais da serie de traballos en que se integra o presente son complementarios: o esclarecemento da distribución dialectal e da cronoloxía evolutiva das variantes indicadas e a análise do proceso de constitución da tradición manuscrita da lírica trobadoresca galego-portuguesa á luz dos resultados obtidos neses dous planos, o diatópico e o diacrónico.

1. O CORPUS. FONTES DOCUMENTAIS, BASES DE DATOS E OUTROS RECURSOS

En principio, o noso corpus ideal estaría constituído polo conxunto dos textos en galego-portugués producidos nos séculos XIII e XIV que chegaron a nós ben mediante testemuño orixinal (caso óptimo), ben mediante copia coetánea (tamén útil, pero máis problemático). É obvio que non é posible dispor de tal corpus ideal, por razóns que van desde a inaccesibilidade dalgúns testemuños (fontes sen editar ou en edicións inservibles) ata as dúbidas canto á datación de moitos deles[6]. En consecuencia, o que fixemos foi constituír un corpus que consideramos representativo, tratar de establecer unha cronoloxía segura dos cambios lingüísticos que

6 Para unha panorámica xeral véxase Neto 1956: 55-106, e máis sucintamente Mattos 1989: 15-35, Castro 2004: 92-94 e Cepeda 1995.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

nos interesan —sempre aproximada, claro está—, e a partir desta cronoloxía, datar os textos dubidosos.

No noso corpus documental figuran en primeiro lugar, obviamente, os textos da lírica trobadoresca, profana e relixiosa. A cronoloxía dos primeiros é bastante ampla, xa que ten o seu fito inicial nas últimas décadas do século XII ou nos comezos do XIII, e o seu fito final na metade do século XIV. As *Cantigas de Santa Maria* poden datarse con seguranza na segunda metade do século XIII, e máis en concreto, entre 1260 e 1280 aproximadamente. Para a lírica trobadoresca profana o uso das edicións facsimilares e paleográficas dos distintos testemuños foi obrigada, pero, ademais, puidemos contar con ferramentas de consulta utilísimas, como son o portal en rede do *Projeto littera* e sobre todo o glosario do portal *Universo Cantigas*. Para as *Cantigas de Santa Maria* (CSM) valémonos da edición de Walter Mettmann e da ferramenta de procura do TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*). Tamén é posible facer procuras sobre os textos dixitais das CSM e outros que ofrece o CIPM (*Corpus Informatizado do Portugués Medieval*), ben que este ten o inconveniente de presentar cada cantiga e cada texto en arquivo independente[7].

Polas razóns que se deducirán do noso estudo, o corpus de orixe galega foi de importancia relativamente menor para nós. En todo caso, tivemos moi presente a colección documental editada por Clarinda de Azevedo Maia (que inclúe tamén textos do noroeste de Portugal; véxase mapa 1) e botamos man, cando nos cumpriu, da consulta ao xa citado TMILG. Tamén a xeito de referencia comparativa coa situación do portugués, tivemos en conta a colección editada en Boullón/Monteagudo 2009. Entre os textos galegos de carácter literario é de especial interese o códice que o seu editor publicou baixo o título de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, ao que nos referiremos xenericamente como *Crónicas*. O interese especial deste texto radica na súa cronoloxía temperá (1295-1312 aproximadamente, como veremos), na súa probable localización, na mesma fronteira galego-portuguesa (bispado de Tui) e no seu aparente carácter híbrido, ao menos en parte. A exemplar edición e o magnífico glosario que a acompaña, ambos debidos a Ramón Lorenzo (1975-1977), fóronnos utilísimos. Outros textos literarios, como o fragmento do *Livro de Tristan*, foron tidos en conta por razóns específicas de orde basicamente comparativa. Unha panorámica resumida da situación do galego nos séculos XIII ao XV é tamén ofrecida en Mariño 2009, coas matizacións que se deducen do presente traballo.

O corpus de orixe portuguesa é especialmente relevante para o noso estudo, pero, por outra banda, ofrece dificultades maiores para o seu acceso e manexo,

7 Véxase ao final na Bibliografía o apartado "Recursos en rede".

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

entre outras razóns, porque para este non dispomos dunha base de datos e unha ferramenta de procura análogas ao *Projeto Littera* ou ao TMILG. Así e todo, fóronnos de grande utilidade os recursos que se ofrecen nos sitios web BITAGAP (*Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses*) e CIPM (*Corpus Informatizado do Portugués Medieval*). O corpus do portugués tivemos que construílo a partir das edicións que nos pareceron máis fiables e, en moitos casos, tivemos que traballar nel de xeito manual. Deixando á parte as cantigas trobadorescas, os textos que conforman este corpus pódense clasificar en dous grupos: 1) instrumentos notariais de carácter particular, escritos chanceleirescos, foros municipais e tratados en prosa de carácter xurídico-legal, 2) prosa literaria.

Canto aos documentos do primeiro tipo, a nosa pretensión foi obter unha mostra da evolución das ditas variables ao longo dos séculos XIII e XIV, en particular de 1250 a 1350, aínda que tivemos en conta algúns testemuños das décadas anteriores e posteriores. Concentramos a nosa atención no treito 1290-1350, durante o cal, segundo o consenso xeral, se debeu de producir o proceso de constitución da tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa tal como chegou a nós. Procuramos conseguir unha representación de diversos tipos de textos instrumentais, pero a fonte máis importante, en termos cuantitativos e cualitativos, corresponde ás chancelarías reais, nomeadamente ás de D. Denis (Gomes 1988, 2013; Marreiros 2012; Nogueira 2003) e Afonso IV (Marques 1990-1992); pola contra, non nos foi útil a edición dos fondos da chancelaría de D. Pedro (1357-1367), pois chegou a nós nunha copia posterior á metade do catrocentos (Marques 1984). Tamén nos preocupou conseguir que na mostra estivesen representadas as áreas da xeografía portuguesa máis relevantes, con particular relevo para Lisboa, Coimbra e Entre-Douro-e-Minho (véxanse mapas 2 e 3). Canto aos criterios de selección das fontes documentais, algunhas impúñanse polas súas propias características, como é o caso de Marques 1990-1992, Martins 2001a e sobre todo Martins 2001b, Souto 2008, Nogueira 2003, Brissos 2011, Marreiros 2013 e Carvalho 2017; noutros casos simplemente acudimos a fontes que tiñamos a man. Como se pon de relevo no corpo do noso estudo, a serie da chancelaría de Afonso IV, que cobre o crucial período de 1325 a 1344, foi especialmente valiosa para os nosos obxectivos.

En total, as coleccións documentais pescudadas recollen máis de dúas mil pezas documentais (segundo as nosas contas, o total é de 2 107). Foi preciso atinxir unha cifra tan elevada debido fundamentalmente a tres motivos: en primeiro lugar, moitos documentos non ofrecen ningún rexistro das variantes que nos interesan; en segundo lugar, os rexistros da variable *mi* / *me* neste tipo de textos son desesperantemente escasos, polas razóns que se indicarán (§5.1); finalmente, os cambios que conduciron á xeneralización de me_{dat} a custa de *mi* e á substitución de *lhi* e *lhis* por *lhe* e *lhes* presentan unha cronoloxía distinta, o cal obrigou a estender a

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

amplitude da franxa cronolóxica da nosa pescuda. Por outra banda, debe terse en conta que, como dixemos, esta se realizou manualmente en case todos os casos, de maneira que —cómpre insistir nisto— somos conscientes de que os datos que ofrecemos son aproximativos. Mesmo así, temos unha convicción razoable de que os nosos resultados teñen unha base empírica dabondo sólida, se ben que probablemente pesquisas máis amplas, demoradas e rigorosas introducirán matices no cadro que obtivemos. Inmediatamente antes da bibliografía final presentamos unha listaxe das principais coleccións documentais que nos serviron de base, coa indicación das abreviaturas que empregamos ao longo do presente estudo.

Dentro do sector documental do corpus de orixe portuguesa os textos forais son merecentes dun capítulo específico. Só tivemos en conta forais redactados en galego-portugués e descartamos os escritos en linguaxe mista, como a familia dos Foros de Castelo-Rodrigo. Dentro do dito conxunto, incluímos os foros de Portel / Évora (1262) e mais Garvão / Alcácer (1267) e Garvão / Montemor-o-Novo (1267), editados por Souto Cabo (2008: 297-300 e 316-318), os forais de Trás-os-Montes, editados por Costa/Santana (2006), e os foros e costumes da Guarda (1272-1282), pero, por razóns que explicamos máis adiante, colocamos o foco nos textos que forman parte da familia dos Costumes de Santarém, compilados e sucesivamente revisados nas últimas décadas do século XIII e nos comezos do século XIV, e que chegaron a nós nun caso mediante códice orixinal (Costumes de Oriola, de 1294), e nos outros mediante copias trecentistas (Costumes de Santarém, Alvito e Borba), como máis adiante explicaremos (Rodrigues 1993).

Outra compoñente relevante do noso corpus documental está constituída polos textos en prosa xurídico-legal. Incluímos nestes o *Foro Real*, *Flores de Dereito*, *Tempos dos Preytos*, as versións íntegras da *Primeyra Partida* e da *Terceyra Partida* e os fragmentos conservados da *Segunda* e a *Terceyra Partidas*, todos eles editados por José de Azevedo Ferreira (1980, 1987, 2001). Trátase de versións de orixinais casteláns producidos no escritorio real de Afonso X ou en ámbitos próximos a este, que foron trasladados ao galego-portugués en Portugal nas últimas décadas do século XIII ou primeiras do XIV, e que chegaron a nós mediante copias probablemente realizadas ao longo da primeira metade ou nos inicios da segunda metade do século XIV. En xeral, son textos en que abundan máis ou menos as formas da terceira persoa do pronome, pero, en troca, son moi escasas ou nulas as ocorrencias das formas da primeira persoa.

Finalmente, no sector da prosa literaria (na que incluímos os xéneros histórico e haxiográfico) producida en Portugal no século XIV, atopamos serias dificultades, xa que nos chegaron moi poucos textos en orixinal ou copia deste mesmo século, sendo que as copias do século XV ou seguintes son inservibles para o noso estudo, e ademais, a aqueles poucos manuscritos do século XIV asignóu-

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

selles unha datación un tanto vaga. De feito, como no seu lugar se argumentará, coidamos que o noso estudo permitirá adxudicarlles unha datación máis precisa do que vén sendo habitual. Ante ese panorama, na nosa opinión adquiren unha importancia capital o *Livro das aves* (Mota [*et al.*] 1965) e sobre todo os *Diálogos de San Gregorio* (a súa versión trecentista, dispoñible na Rede en edición semidiplomática, realizada a partir da lectura de R. Virgínia Mattos e Silva[8]) e o *Flos Sanctorum* trecentista (Machado 2009). Os dous últimos son importantísimos non só pola súa extensión, senón porque, ademais de amplos treitos narrativos, ofrecen textos dialogados, o que dá ocasión para o uso de numerosas formas verbais e pronominais da P3 e a P6 e, máis particularmente, da P1 e a P2. Ademais destes textos, consideramos o fragmento do *Livro de linhagens do Conde D. Pedro* que foi encadernado xunto co *Cancioneiro da Ajuda*, que ao parecer foi realizado por volta de 1380-1383 e foi recentemente obxecto dunha rigorosa edición (Brocardo 2006), e dous fragmentos de obras do ciclo artúrico que se consideran datables no século XIV: o fragmento do *Livro de Merlin* (Lorenzo/Souto 2001) e da *Estoria do Santo Graal* (Dias 2003-2006).

2.1. A VARIABLE *MI* / ME_{dat} NOS CANCIONEIROS TROBADORESCOS

A existencia de trazos distintivos que permiten caracterizar a *scripta* do antígrafo dos apógrafos italianos *B* e *V* en contraste coa do *Cancioneiro da Ajuda* é un fenómeno ben coñecido e xa estudado nalgúns aspectos, como pode ser o uso do <h> en grafías como <lh>, <nh>, <mh>, <bh>, <hy>, <hu>, <hũu> etc. Un destes trazos, ata agora pouco atendido, atinxe a un conxunto de formas que en *A* rematan en *-e*, mentres que en *B* / *V* rematan en *-i*. Como xa foi sinalado, nese conxunto entra a serie de formas átonas dos pronomes persoais (clíticos) de primeira e terceira persoa en caso dativo: *me*, *lle* e *lles* e mais *xe* en *A*, fronte a *mi*, *lhi* e *lhis* e mais *xi* en *B* / *V*[9]. O contraste entre as dúas tradicións manuscritas, a representada por *A* e a representada por *B*, ponse de manifesto nos seguintes exemplos[10]:

8 https://repositorio.ufba.br/ri/bitstream/ri/17923/1/Edi%C3%A7%C3%A3o%20semidiplom%C3%A1tica%20DSGA.pdf

9 Como decontado se verá, a ocorrencia de formas da serie de segunda persoa *ti* é moi infrecuente en *B* / *V* e completamente insólita en *A*, ao contrario do que acontece coa serie de segunda persoa *vós*, que non nos vai interesar.

10 Salvo indicación en contrario, a énfase en itálicas, maiúsculas ou subliñados nos exemplos é nosa.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

1. Se eu podesse desamar / a que ***me*** senpre desamou, / e podess' algun mal buscar / a quen ***me*** senpre mal buscou./ Assi **me** vingaria eu, / se eu podesse coita dar / a quen ***me*** senpre coita deu / [...] Mays rog' a Deus que desampar / a quen M' assi desanparou [*A* 289].

1bis. Se eu podesse desamar / a quen ***me*** sempre desamou, / e podess' algun mal buscar / a quen ***mi*** sempre mal buscou./ Assi ***me*** vingaria eu, / se eu podesse coita dar / a quen ***mi*** sempre coita deu [...] Mais rog' a Deus que desenpar / a quen MH-assi desemparou [*B* 980 / *V* 567].

2. Se Deus ***me*** leix' aver / dela ben e ***me*** mostr' o seu / bon parecer, que ***lle*** Deus deu / por ja senpr' a min mal fazer / [...] / E vedes que MI-ar fez poren: / fez-MI-a veer. [*A* 95].

2bis. Se Deus ***mi*** leix' aver / dela ben e ***mi*** mostr' o seu / bon parecer, que ***lhi*** Deus deu, / por ja sempre ***mi*** mal fazer / [...] / E veedes que M'-ar fez poren: / fez-MH-a veer [*B* 202].

3. Sennor, o mal que M' a min faz Amor / e a gran coita que ***me*** faz sofrer / a vó-lo devo muit' a gradecer / e a Deus que ***me*** vus deu por sennor, / ca ben-o faço desto sabedor / que por al non MI-o podia fazer [*A* 263].

3*bis*. Senhor, o mal que MH-a mi faz Amor / e a gran coita que ***mi*** faz sofrer / a vó-lo devo muit' a gradecer / e a Deus que ***mi*** vus deu por senhor, / ca ben-o faço desto sabedor / que por al non MH-o podia fazer [*B* 440 / *V* 52].

Comezaremos colocando o foco sobre as formas da P1. De primeiras, cómpre distinguir entre as formas plenas do clítico, autosilábicas, que son as que aparecen ante consoante ou pausa, das formas heterosilábicas, que aparecen ante vogal. Se se repara nas formas plenas dos tres exemplos, salientadas en cursiva, constatarase que en *A*, ao lado de *lle*, aparece *me*, mentres que en *B* / *V*, a lado de *lhi*, se rexistran *me* e *mi*. Pero repárese que a variación entre *me* e *mi* en *B* / *V* é funcional, xa que cada unha das formas corresponde a funcións sintácticas específicas. Así, *me* aparece tanto en *A* coma en *B* / *V* funcionando como complemento directo (acusativo), pero en *A* tamén funciona como complemento indirecto (dativo), mentres que en *B* / *V* existe unha forma específica para o segundo: *mi*. Pola contra, a variación entre *lle* e *lhi* é puramente formal, xa que a distribución do seu uso non responde a criterios funcionais: simplemente, en *A* úsase unha (*lle*) e en *B* / *V* a outra (*lhi*).

Poñamos agora o foco sobre os alomorfos heterosilábicos salientados en versaletas nos devanditos exemplos: así, en 2 rexístrase o alomorfo {mi̱} do pronome dativo, representado por <mi> ("vedes que mi-ar fez poren: / fez-mi-a

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

veer"), mentres que en *B* (2bis)aparecen en alternancia dous alomorfos, {m} e o {m̰i} −este representado por <mh>: "E veedes que m'ar fez poren: / fez-mh-a veer". O alomorfo {m̰i} ten unha semiconsoante que fai sílaba coa vogal seguinte, mentres que o alomorfo {m} é unha forma reducida por elisión da vogal final, de maneira que fai tamén sílaba coa vogal inicial da palabra seguinte. Ademais, no exemplo 1 constátase a aparición do alomorfo {m} de *me* acusativo, mentres que *B* / *V* en idéntico contexto e coa mesma función presenta o alomorfo {m̰i}, presentado novamente con <mh>: "a quen m'assi desanparou" − "a quen mh-assi desemparou". Finalmente, o exemplo 3 ilustra a aparición dos alomorfos {m} e {m̰i} para o dativo en *A*, mentres que nos mesmos contextos en *B* / *V* ocorre o alomorfo {m̰i}. Por tanto, temos dous alomorfos antevocálicos, {m} e {m̰i} −o segundo representado como <mi> en *A* e como <mh> en *B* / *V*−, que exercen, ambos os dous, as funcións tanto do dativo coma do acusativo. Este comportamento é unha fonte de confusións para os estudosos que se teñen achegado a este asunto, como decontado veremos.

Máis adiante habemos de referirnos a esta cuestión, agora cómpre recapitular sobre os tres contextos fonéticos aos que corresponden cadanseu alomorfo: a) ante pausa ou consoante aparecen as formas plenas, átonas e silábicas, {me} e {mi}; esta segunda, só en *B* / *V*; b) ante as vogais *a-* ou *o-* aparecen as formas heterosilábicas ligada {m̰i} e reducida {m}; c) ante as vogais *e-* ou *i-* aparece o alomorfo heterosilábico reducido {m}[11]. A partir de agora, referirémonos ás devanditas formas como "formas plenas" {me} e {mi}, "alomorfo ligado" {m̰i} e "alomorfo reducido" {m}. As formas plenas aparecen representadas nos cancioneiros como <me> e <mi> −coas súas alografías: «mj», «my»...−, o alomorfo ligado aparece representado como <mi> en *A* e como <mh> en *B* / *V*, mentres que o alomorfo reducido aparece representado sempre como <m>. A complexa alomorfía de {me} e {mi} e particularmente a representación gráfica de {m̰i} en *A* como <mi> −que erroneamente se considerou equivalente a <mi> de *B* / *V*, sendo que nos apógrafos italianos esta representa a forma plena do dativo−, desorientaron a boa parte dos estudosos que se achegaron a este asunto, como se mostrará máis adiante (§4)[12].

11 Deixamos fóra os moi contados casos en que o pronome se atopa ante vogal *u-*, en que, como mostraremos, poden aparecer calquera dos tres alomorfos.

12 Exemplo destas confusións son as observacións de dona Carolina Michaëlis nas entradas correspondentes a *me* e, sobre todo, a *mi*, no glosario do *Cancioneiro da Ajuda* (1920: 53 e 55), sobre as que máis adiante volveremos; ben que, en descargo da ilustre estudosa, hai que ter en conta que en *A* non se ofrece unha representación gráfica específica da forma átona asilábica {m̰i}, xa que neste cancioneiro non se rexistran formas de {mi} dativo átono ou son excepcionais, como se explicará no seu lugar. Véxase Monteagudo 2019b e o que alí se indica.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA.

A análise complícase cando se introduce outra variable máis: o feito de que no galego-portugués a forma tónica do pronome acusativo da P1, {mí}, non só podía aparecer rexido por preposición, coma no galego e o portugués actuais, senón que tamén podía aparecer sen preposición, isto é, ademais de forma de dativo rexida, podía ser unha forma de acusativo libre (Stengaard 2003; Monteagudo 2019b). Por iso, como noutro lugar argumentamos, para unha maior clareza é moi útil empregar representacións gráficas específicas: {mí} tónico libre como *mí*, {mi} átono silábico como *mi* e {mi̯} átono ligado como *mi̯*. Igualmente, coidamos que para unha boa práctica da edición dos textos de *B* / *V* sería altamente recomendable manter a representación específica gráfica do {mi̯} ligado (<mh->) e, menos importante pero tamén clarificador, dar unha representación propia ao {mí} tónico libre, utilizando o til, tal como faremos no presente estudo.

Formas tónicas: sistema común

Rexidas por preposición	Acusativo / Dativo	**MÍ** <mi> MIN
Libres (sen preposición)	Acusativo	**MÍ** <mi> MIN
	Dativo	**MIN** **MÍ**

Formas átonas: dous subsistemas

			S1 *Galego*	S2 *Portugués*
Plenas / Autosilábicas		Acusativo	ME	ME
		Dativo	ME	**MI** <mi> me
Hetero-silábicas	Ligadas	Acusativo	M **mi̯** <mi>	M **mi̯** <mh>
		Dativo	**MI̯** m	**MI̯** m
	Reducidas	Acus. / Dat.	M	M

Táboa 1. Sistema común das formas do P1 tónico e subsistemas 1 e 2 do clítico da P1.

Feitas as anteriores precisións, podemos describir sumariamente o subsistema 1 no relativo ao clítico de P1, correspondente ao *Cancioneiro da Ajuda*, do seguinte xeito (véxanse táboas 1 e 2):

a. Ante pausa e consoante, posúe unha única forma para o acusativo e o dativo {me}, foneticamente plena. Nos dous casos en que o pronome ocorre ante a vogal *u-*, aparece tamén esta forma plena (*A* 174, *A* 285); así mesmo, esta tamén aparece esporadicamente ante *e-* (*A* 10, *A* 28, *A* 235). En dez ocasións, as grafías do *Cancioneiro da Ajuda* suxiren a posibilidade de casos

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

excepcionais de presenza de {mi} dativo, que son discutidos noutro traballo (Monteagudo 2019b), e que estimamos seguros ou moi probables en *A* 15, *A* 95, *A* 176 e *A* 177, improbables en *A* 59, non descartables en *A* 53, *A* 59, *A* 78 e *A* 106 e descartable en *A* 305.

b. Ante as vogais *e-* ou *i-*, a forma que aparece é {m}, foneticamente asilábica e reducida por elisión da vogal, que, analogamente á plena {me}, se emprega de xeito indistinto para as funcións propias do acusativo e do dativo.

c. Ante as vogais *a-* ou *o-* iniciais de palabra seguinte aparecen as formas heterosilábicas {m} ou {mi̯}, a primeira reducida pola elisión da vogal [e], como xa vimos, e a segunda debilitada e ligada, pois nela a primitiva vogal se converteu nunha semiconsoante [j] que forma ditongo co *a-* ou *o-* seguintes, e que en *A* adoita vir representada por <i> (Ramos 2008: II, 227-286). Porén, aínda que calquera dos dous alomorfos {m} ou {mi̯} poden aparecer en calquera das funcións do acusativo ou do dativo, a distribución non é aleatoria (véxase táboa 1): {mi̯} é claramente a forma preferida para exercer a función de complemento indirecto (a súa frecuencia case sextuplica a de {m}) e, dun xeito menos rotundo, como dativo ético (case tripla frecuencia ca {m}); pola contra, {m} é lixeiramente máis frecuente ca {mi̯} como complemento directo e case o triplica como formante léxico. No caso dos frecuentes encontros do clítico dativo da P1 co clítico acusativo da P3, as formas de tipo *mi-o, mi-a* están practicamente fixadas (125 rexistros), pois en *A* non se rexistran variantes do tipo *m'o*, *m'a*.

Función / Forma	{me}	{m} + *o*, *a*	{mi̯} + *o*, *a*	total
Complemento directo	265	**27**	21	313
Complemento indirecto	443	35	**206**	684
Dativo ético / de interese	29	5	**13**	47
Formante léxico	165	**18**	6	189
total	902	85	246	1 233

Táboa 2. Frecuencia e distribución funcional das formas {me} e mais {m} e {mi̯} asilábico ante as vogais *a-* e *o-* no *Cancioneiro da Ajuda*. **Observación**: o subtotal refírese só a {m} e {mi̯}. **Fonte**: elaboración propia a partir da revisión e depuración dos datos de *Glossa*.

Xa que logo, neste sistema, {me} é a forma plena e xeral que pode exercer todas as funcións e a única que aparece ante consoante ou pausa; mentres que {mi̯} funciona basicamente como complemento indirecto —en concorrencia con {m}— nun contexto fonético definido (ante as vogais *a-* e *o-*), que é no que

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

aparece con maior frecuencia, pero pode exercer tamén outras funcións, nomeadamente dativo ético. Pola contra, o alomorfo {m} non está tan claramente definido no plano funcional, xa que exerce todas as funcións —de feito, é o único que aparece en calquera delas ante as vogais *e-* e *i-*, aínda que ante *a-* e *-o* é preferido a {m̰i} como complemento directo e mais como formante léxico.

En troques, o sistema 2, vixente no conxunto dos apógrafos italianos *B* / *V* –aínda que non en todos os seus textos e estratos, como veremos–, presenta unha situación distinta. Vexamos:

a. Ante pausa e consoante, posúe dúas formas átonas plenas, {me} e {mi}, parcialmente especializadas: {me} é acusativo e dativo, e acapara totalmente para si as funcións propias do primeiro caso (nomeadamente, a de complemento directo), que exerce en exclusiva, mentres que {mi} –representada como «mj», máis raramente como «mi» ou «my»– é dativo, alternando libremente con *me*. Deste xeito, as funcións correspondentes ao dativo son cubertas maioritariamente por *mi*, pero en concorrencia con *me*.

b. Ante as vogais *e-* ou *i-*, igual que acontece no sistema 1, a forma que aparece é a asilábica reducida {m} que funciona de xeito indistinto como complemento directo, indirecto, dativo ético ou formante léxico[13].

c. Ante as vogais *a-* ou *o-* iniciais de palabra seguinte aparecen as formas asilábicas reducida {m} ou ligada {m̰i}, a segunda representada habitualmente como <mh>. Porén, aínda que calquera dos dous alomorfos pode aparecer en calquera das catro funcións, a distribución non é aleatoria: a forma ligada {m̰i} é claramente preferida a {m} como complemento indirecto (máis que duplica a frecuencia da segunda), e sobre todo como dativo ético / de interese ({m̰i} sextuplica a frecuencia {m}). Pola contra, como complemento directo a frecuencia de {m} máis ca duplica a {m̰i} e como formante léxico a preferencia por {m} é tamén moi marcada, pois cuadriplica a {m̰i}.

Como máis adiante veremos, os resultados globais que acabamos de ofrecer precisan matizacións, pois no interior de *B* / *V* existen sectores que se apartan de xeito máis ou menos claro das medias xerais.

Xa que logo, no sistema 2 a forma *mi* está especializada como forma de complemento indirecto en posición de pausa e ante consoante, e algo semellante,

13 De xeito excepcional, neste contexto rexístranse cinco casos en que aparece a forma plena {me}, dos cales catro corresponden a composicións incorporadas á tradición manuscrita con posterioridade á realización da *Compilación xeral*, como no seu lugar veremos: *B* 172 (Martin Soarez), *B* 482 / *V* 65 (Afonso X), *B* 615 / *V* 216 (Estevan Fernandez d'Elvas), *B* 885*bis* / *V* 469 (Ayras Nunez). Tamén de xeito excepcional, ante *é-* tónico rexístrase {mi} en moi contadas ocasións: *B* 530 / *V* 133, *B* 681 / *V* 283 e *B* 1353 / *V* 961.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

pero menos rotundo, acontece coa forma ligada {mi̯} ante as vogais *a-* e *o-*. En definitiva, os subsistemas pronominais de *A* e *B* / *V* no relativo ás formas *me* / *mi* poderían describirse resumidamente do seguinte xeito (táboa 3):

	Sistema 1 (*Ajuda*)		Sistema 2 (*B* / *V*)	
	C. directo formante léxico	C. indirecto dativo ético	C. directo formante léxico	C. indirecto dativo ético
+ pausa e consoante	me		me	mi [~ me]
+ vogal *e-*, *i-*	m’		m’	
+ vogal *a-*, *o-*	m’ [~ mi̯]	mi̯ [~ m’]	m’ [~ mi̯]	mi̯ [~ m’]

Táboa 3. Comparanza dos sistemas 1 (*A*) e 2 (*B* / *V*) de pronome acusativo / dativo átono de primeira persoa do singular. As formas entre corchetes e en corpo menor corresponden a variantes menos frecuentes. **Fonte**: elaboración propia.

2.2. Formas dos clíticos do dativo da serie de segunda persoa *tu*[14]

Canto ás formas átonas correspondentes á P2, non podemos realizar unha comparanza entre *A* e *B* / *V*, pois faltan en *A*, pero si que podemos referirnos rapidamente á situación testemuñada polos apógrafos italianos. Na xeneralidade das cantigas de amor e de amigo, a forma de tratamento usual é *vós* (P2*vós*), tanto en referencia da voz poética á *sennor*, canto entre os amantes, da amiga coa súa nai e viceversa, entre as amigas etc. Nos apógrafos italianos, *tu* e as correspondentes formas oblicuas aparecen case exclusivamente en cantigas satíricas, en moitos casos tenzóns, que son as que dan ocasión para que apareza esta forma de tratamento, empregada polos trobadores para dirixirse aos xograres. Fóra destes casos, rexístranse en tres cantigas en que o interpelado é o Amor, noutra en que Afonso X se dirixe en ton de burla á divindade e pouco máis. En total, son soamente 27 as composicións que conteñen clíticos da serie *tu*, das cales unicamente seis ofrecen tamén rexistros da P2 do pretérito perfecto[15].

As formas pronominais de clíticos da P2 aparecen coas seguintes frecuencias (indicamos o número rexistros de cada forma): *te* 18, *t’* 18, *ti* 13, *ch’* 21, *che* 1 e *chi* 1. Como se ve, rexístranse 36 ocorrencias de formas propias do dativo (*ch’*, *ti*, *che* e *chi*) por 18 da forma común de acusativo e dativo *te*, e 19 ocorrencias de formas

14 Entenderemos por segunda persoa ou P2 a correspondente a *tu*; cando queiramos referirnos a *vós* como P2, indicarémolo explicitamente.

15 Deixamos fóra do cómputo o caso moi especial dunha Cantiga de loor de Santa Maria (*B* 467), que presenta unha situación moi curiosa, que comentaremos máis adiante (§3).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

en *-e* por 14 formas en *-i*. Téñase en conta que en once cantigas aparecen máis dunha forma: *te* e *ti* (1); *te* e *t'* (2); *ti* e *t'* (1); *ti* e *ch'* (1); *che* e *t'* (1); *t'* e *ch'* (1); *te, chi* e *t'* (1); *te, ti* e *t'* (1); *ti, t'* e *ch'* (2). Ante consoante aparecen, por orde de frecuencia, as formas *te*, *ti* e, esporadicamente, *che* e *chi*. Ante a vogal *-e*, a forma máis frecuente é {t} (7 ocorrencias), coa que alterna {ch} (3); nos encontros co clítico acusativo da P3, a máis frecuente é {ch} (*ch'o*, *ch'a* 13 ocorrencias, fronte a 6 de *t'o*, *t'a*); fóra deste caso, noutros contextos, ante as vogais *-a* e *-o*, son igualmente frecuentes {ch} (3) e {t} (3).

Como se pode ver, esta serie pronominal atopábase en pleno proceso de cambio, con variación libre entre distintas variantes e alomorfos, aínda que parte da aparente confusión pode deberse tamén ás circunstancias da transmisión manuscrita dalgunhas composicións. Finalmente, paga a pena chamar a atención sobre o feito de que en *A* soamente unha composición ofrece formas desta serie, a anónima *A* 278, que contén catro rexistros do alomorfo {ch}.

2.3. Formas dos clíticos de dativo da terceira persoa

Pasamos agora a referirnos aos casos de variación que presentan unha análise máis sinxela, que son os de *lle(s)* / *lhi(s)* e *xe* / *xi*. Os pronomes {lle} e {xe} presentan cadanseu alomorfo condicionado polo contexto fonético {ll} e {x} (esta última coa variante {x̱i̱}): as formas plenas realízanse ante consoante e pausa e as formas reducidas realízanse ante vogal. Pero este tipo de variación non é relevante para o noso asunto, de xeito que nos centraremos na variación entre as formas en *-e* e as formas en *-i*. Nunha primeira aproximación, constátase que en *A* as variantes *lle(s)* e *xe* son practicamente as únicas que aparecen (190 de *lle* máis 47 de *lles*; 13 ocorrencias de *xe* en 12 cantigas), sen excepción no caso de *xe* e con moi poucas excepcións no caso de *lle* (tres rexistros de <lli> e <lly>: *A* 119, *A* 167-168 e *A* 171, que serán discutidos no seu lugar). Pola contra, as variantes en *-i* son maioritarias en *B* / *V*, dun xeito esmagador no caso de *lhi(s)*, que presenta unha frecuencia que case decuplica a de *lhe(s)* —1 023 formas do primeiro tipo fronte a 109 do segundo—, mentres que *xi* ten unha frecuencia lixeiramente superior a *xe*: *xi* ofrece 52 rexistros en 45 cantigas, fronte a *xe*, con 38 rexistros en 38 composicións. Advírtase que a distribución das variantes en *-e* e *-i* en *B* / *V* non é aleatoria, senón que as formas de tipo *lhe(s)* están concentradas en determinados sectores e composicións, como mostraremos nunha entrega posterior do presente traballo.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

	Tónica rexida (preposición)	Tónica libre (sen prep.)		Átona plena (+ consoante)		Átona ligada (+ *-a*, *-o*)		Átona reducida (+ *-e*, *-i*)	
	ACUS = DAT	ACUS	DAT	ACUS	DAT	ACUS	DAT	ACUS	DAT
P1	mí, min	mí, min	min	me	mi, me	m', m̰i	mi, m'	m', m̰i	mi, m'
P2	tí	tí (*dat?*)		te	ti, te	t'	t', t̰i, ch', c̰hi	t'	t', ch'
P3	el, ela	el, ela		o, a	lle lhi	——	ll', lh'	——	ll', lh'
P3ref	sí	sí (*dat?*)		se, xe, xi	xe, se, xi, si	s'	x', s'	s', x'	s'

Táboa 4. Inventario de formas dos pronomes persoais de P1, P2, P3 e P3 reflexiva nos textos estudados. **Observacións**: non temos a constancia da ocorrencia de formas tónicas da P2 nin da P3 reflexiva como dativo. **Fonte**: elaboración propia.

2.4. A PRIMEIRA PERSOA DO PRETÉRITO NOS PERFECTOS FORTES E OUTRAS FORMAS

A comparanza de *A* con *B* / *V* noutra serie de formas que presentan o fenómeno de variación que nos interesa, como son as de primeira persoa do pretérito dunha serie de perfectos fortes (tipo *dixe* / *dixi*), dá un resultado semellante ao que acabamos de obter en relación cos clíticos de primeira e terceira persoa (Mariño 2009: 85-88). Así, se nos fixamos nas primeiras persoas do singular dos pretéritos de perfectos fortes, comprobamos que en *A* as formas en *-e* son absolutamente maioritarias (59 en *-e* por 11 en *-i*, o que dá un índice DIXE 5,4), mentres que en *B* / *V* a situación é a inversa, aínda que o predominio de formas en *-i* non é tan esmagador (185 en *-i* por 52 en *-e*, o que dá un índice DIXI 3,5). Das formas en *-e* de *A* que aparecen en cantigas que tamén están reproducidas en *B* / *V*, a maior parte presentan finais en *-i* nos apógrafos italianos. Véxase a táboa 5, no que presentamos as formas en aprezo e un índice que denominamos DIXE ou DIXI, tomando neste caso a forma *dixe* como representativa do conxunto de formas análogas[16].

16 As diferenzas dos nosos cálculos cos de Mariño, que non alteran substancialmente o que se afirma no texto sobre a frecuencia relativa das formas en *-e* e *-i*, poden deberse a distintos criterios de cómputo (lémbrese, por exemplo, que nós non contabilizamos as formas repetidas dos refráns ou versos), pero tamén se explican porque este estudoso conta os testemuños da lírica en conxunto, sen reparar na diferenza substancial entre *A* e *B* / *V*.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

A: 59 en *-e* / 11 en *-i* (índice DIXE 5,4) = 59 formas en total
dixe 19 – dixi 6, fige 2 / fize 1, ouve 11 – ouvi 4, pude 10 – pudi 1, puge 1, quige 4, soube 8, tive 3
B / *V*: 52 en *-e* / 185 en *-i* (índice DIXI 3,5) = 237 formas en total
dixe 15, estive 1, fize 1, ouve 18, pude 1, puge 0, quige 4, soube 5, tive 7
dixi 60, (e)stivi 1, figi 5, ouvi 59, pudi 39, pugi 3, quigi 5, sevi 2, soubi 12, tivi 1

Táboa 5. Frecuencia das formas en *-e* e *-i* da P1 dos IPret fortes en *A* e *B* / *V*.
Fonte: elaboración propia.

No tocante ás formas de P2 do pretérito perfecto, son plenamente válidas as observacións que antes fixemos ao referírmonos aos clíticos da P2, canto á súa ausencia de *A* e a súa escasa frecuencia en *B* / *V*. De feito, as formas que se rexistran aparecen en só seis cantigas, nas cales ocorren tamén as formas de te_{dat} e *ti* ás que acabamos de facer referencia. As cifras de frecuencia das formas son tan baixas que non deben tomarse como representativas: canto á P2 do pretérito perfecto, seis cantigas presentan formas con *-i* final (*sofresti, fezisti, fuisti*), fronte a outras tres que ofrecen formas con *-e* (*quiseste, ouveste, mataste, roubaste*).

2.5. Outros casos: *longe* / *longi*

Finalmente, un vocábulo que tamén permite facer unha comparanza entre *A* e *B* / *V* é o adverbio *longe* / *longi*, aínda que a súa frecuencia sexa moito máis baixa do que as formas que levamos comentado ata aquí. En efecto, en *A* só aparece a variante *longe* (tres ocorrencias en cadansúa cantiga), mentres que en *B* / *V* esta variante é claramente minoritaria fronte a *longi*: 5 ocorrencias da primeira en tres cantigas, fronte a 19 ocorrencias da segunda en once composicións.

A longe: 3 ocorrencias en cadansúa cantiga *A* 43 / *B* 155 (*longe*), *A* 120 / *B* 236 (*longi*), *A* 244 / *B* 432/ *V* 44 (*longi*)
B / *V longe*: 5 ocorrencias en 3 cantigas (*B* 473, *B* 515 e *B* 1161)
B / *V longi*: 19 ocorrencias en 11 composicións: *B* 59 (3), *B* 236 / **A 120** (*longe*), *B* 363, *B* 432 / *V* 44 / **A 244** (*longe*), *B* 706 / *V* 307, *B* 804 / *V* 388 (4), *B* 914 / *V* 501, *B* 954-955 / *V* 542, *B* 964 / *V* 551, *B* 1028 / *V* 618, *B* 1137 / *V* 728 (4)

Táboa 6. Frecuencia das variantes *longe* / *longi* en *A* e *B* / *V*. **Fonte**: elaboración propia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

En definitiva, constátase que en *A* as formas en *-i* final son excepcionais, mentres que en *B* / *V* son moito máis correntes. Por outra banda, parece claro que *A* presenta un texto moi uniforme, homoxéneo e regular —con escasas excepcións, que reclaman unha explicación, como veremos—, mentres que *B* / *V* ofrecen un texto bastante máis heteroxéneo e irregular. Non obstante, cando analicemos a variación dentro de *B* / *V*, veremos que nalgúns casos está concentrada en determinados sectores e composicións, aínda que é certo que algunhas seccións —nomeadamente, a final, que corresponde coas composicións de xénero satírico— presentan unha situación máis revolta.

3. AS CANTIGAS DE SANTA MARIA

A situación que mostran os manuscritos das *Cantigas de Santa Maria* en relación cos clíticos da primeira persoa do singular é, en liñas xerais, semellante á que se atopa no *Cancioneiro da Ajuda*: {me} é a forma plena de acusativo e de dativo, que aparece ante pausa e consoante, aínda que se rexistran uns poucos casos de {mi} dativo, aos que axiña nos referiremos; o alomorfo reducido {m} é a forma de acusativo e de dativo ante as vogais *e-* e *i-* (e, nas tres ocasións en que se rexistra, tamén ante *u-*); ante as vogais *a-* e *o-*, a forma de acusativo máis utilizada é {m}, pero hai algúns casos de {mi̯}, mentres que para o dativo {m} e {mi̯} teñen unha frecuencia similar. Esta situación é, salvo matices —a algúns dos cales nos referiremos—, común aos catro manuscritos —realmente, tres— da colección mariana[17].

Nas *Cantigas de Santa Maria* a ocorrencia da forma átona {mi} dativo é moi infrecuente, xa que se rexistran soamente 17 ocorrencias, polo que se pode dicir que o emprego de {me_{dat}} é practicamente xeral, xa que case decuplica a dita frecuencia (162 ocorrencias). Canto aos alomorfos ante *a-* e *o-*, a frecuencia de {m} dativo é case igual á de {mi̯}, se excluímos os casos de encontro entre este pronome e o átono acusativo de terceira persoa: {mi̯} presenta 24 ocorrencias, mentres que {m} rexistra 23. Non obstante, cando se produce o encontro cos clíticos acusativos *o*, *a*, a forma que se emprega é sempre {mi̯}, cunha única excepción, fronte a 42 ocorrencias de *mi-o(s)* e *mi-a(s)*. Verbos como *perdoar*, *valer* ou *prazer*, que rexen dativo, aparecen, salvo casos excepcionais, con *me* e non con *mi*. Igualmente, nas construcións causativas con verbo transitivo e obxecto directo expreso, en que o causado adoita aparecer en dativo, só aparece un caso con *mi*

17 Como é sabido, o manuscrito *To* (Toledo), carente de iluminacións, representa a colección máis antiga e máis reducida, mentres que o manuscrito *E* (Escorial) "dos músicos", ofrece a colección máis ampla, ao paso que os manuscritos *T* (Toledo) e *F* (Florencia), que representan a edición máis rica polas fastuosas ilustracións, constitúen o tomo primeiro e segundo dunha mesma colectánea.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

ante consoante ("meu fillo *mi* fezestes perder"), ben que se rexistran tres ocorrencias en que *mi* é utilizado ante vogal.

Entrando nalgúns pormenores de interese, cómpre salientar que o manuscrito reputado como máis antigo, *To*, presenta como única forma de dativo ante *a-* e *o-* o alomorfo {mi̯} (12 rexistros) e nunca {m}. Pola contra, non descoñece o emprego de {mi̯} ante ante os clíticos de acusativo *a* e *o* (7 rexistros)[18]. Estas observacións serán recollidas máis adiante, cando analicemos máis a fondo a situación que presentan os apógrafos *B* / *V*.

Canto á serie da P2, aínda que a comparanza con *A* non é posible e con *B* / *V* é de alcance limitado —pois, como xa indicamos, as formas desta serie están ausentes en *A* e son moi escasas nos apógrafos italianos—, de todos os xeitos é interesante analizala, porque ofrece pistas sobre a peculiar evolución do galego fronte ao portugués neste punto. O relevante neste aspecto é o que acontece coas formas de dativo. Ante consoante ou pausa, a forma máis frecuente é *te* (89 ocorrencias), fronte a *ti* (14) e *che* (12). Como se ve, a alomorfía é rica, e ademais, as formas exclusivas de dativo teñen unha frecuencia relativa superior ao que acontece na primeira persoa: o índice ME/MI é ME 9,5, mentres que o índice TE/TI - CHE é TE 3,4. Este fenómeno é aínda moito máis visible no caso dos alomorfos antevocálicos: ante *-e*, {ch} é a forma preferida, con 16 ocorrencias, fronte a {t} con 10 e {che} con 1; ante *-a* e *-o*, a máis frecuente volve ser {ch}, con 27 rexistros, fronte a {ti} con 5, e {t} con 4. É claro, por tanto, que as *Cantigas de Santa Maria* testemuñan un sistema lingüístico en que na P1 as formas distintivas de dativo tendían á obsolescencia, en favor das de acusativo, mentres que na P2 acontecía o contrario: tal distinción tendía a manterse e viña ser servida non tanto pola forma tradicional {ti}, como por formas innovadoras do dativo {ch} e {che}. En favor do mantemento da distinción puido xogar o feito de que as formas privativas do dativo aparecían non só ante as vogais *a-* e *o-*, senón tamén ante *e-*, cousa que non acontecía na serie da P1 (como vimos, {m} era forma de acusativo e dativo única ante a vogal *e-*).

18 Coas siglas CSM seguidas de número remitimos á numeración da edición de Mettmann; cando sexa preciso referirnos aos manuscritos, utilizaremos a sigla seguida do número da cantiga no respectivo códice. Débese ter en conta que a numeración de Mettmann por vía da regra coincide coa dos manuscritos *E* e *T* / *F*, mentres que a numeración de *To* é diferente.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

	P1 ACUSATIVO	P1 DATIVO	P2 ACUSATIVO	P2 DATIVO
+ Consoante	ME %	ME 162 MI 17	TE %	TE_{dat} 89 TI 14 CHE 12
+ E	M' %	M' %	T' %	T' 10 CH' 16 CHE 1
+ A, O (U)	M' 78	M' 23	T' %	T' 4
+ A, O	M̂I 15	M̂I 24 + 42 (pronome)	T' %	T̂I 5 CH' 27

Táboa 7. Frecuencia de formas e alomorfos de acusativo e dativo de segunda persoa nas *Cantigas de Santa Maria*. **Observación**: o signo <%> indica que esa é a única forma empregada. **Fonte**: elaboración propia.

No tocante ao clítico de terceira persoa en dativo, as *Cantigas de Santa Maria* presentan como forma xeral {lle}, co alomorfo antevocálico {ll} e para o plural {lles}. Ocasionalmente rexístranse grafías <le>, <les> (con sete e dous rexistros, respectivamente), que poden representar as variantes primitivas, sen palatalización da consoante inicial. A variante {lli} está practicamente ausente do manuscrito máis antigo, *To*, aparece moi de raro en raro en *E*, e aínda máis raramente, en *T*[19]:

To 4 *le* / *E* 4, *T* 4 *lli*
(*To* 5)? / *E* 6, *T* 6 *lli* (falta o testemuño de *To*, por atrito do manuscrito)
To 64, *E* 51 *lli* / *T* 51 *ll'* (a lectura correcta debe ser *ll'y*)
To 67, *T* 53 *lle* / *E* 53 *lli*
To 86, *E* 55, *T* 55, *lli*
To 97 *lle* / *E* 125, *T* 125 *lli*
E 193 *lli* / *T* 193 *lle*
E 311 *lli* / *F* 50 *lle*
To 100, *E* (12) *lli* [CSM 422] (a lectura correcta debe ser *ll'y*)

19 A nosa pescuda limitouse ás ocorrencias de *lli* no texto que ofrece Mettmann, que cotexamos co correspondente aparato crítico; non realizamos a operación inversa (revisión das variantes *lli* no aparato crítico para cotexalas co texto). Non obstante, existen instancias de variación entre *E* e *T* – *F* que non tivemos en conta, por exemplo, en *E* 125,18 aparece *lle*, mentres que *T* ofrece *lli*. A xulgar pola rápida revisión que realizamos, a frecuencia de variantes deste tipo entre *E* e *T* – *F* é moi baixa; porén, sería preciso realizar un estudo exhaustivo deste punto. Como é sabido, a numeración de *To* non corresponde coa de *E* e *T* – *F*, que foi a que adoptou Mettmann. Nalgúns casos, indicamos a numeración desta edición (CSM) para evitar equívocos ou porque non nos interesa cotexar os distintos manuscritos.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

En dúas das tres ocorrencias de *lli* en *To*, coidamos que a lectura correcta é *ll'y*, pois os contextos suxiren claramente unha referencia espacial:

> un dos gẽollos alçara / a omagen atan alte / que chegou preto da teta, / por guarda-lo baesteiro, / e feriu-*ll'y* a saeta" ('deulle no xeonllo') (*To* 64)
>
> U ao juyzo todos, per com'é escrito, / verran, di-*ll'y* como con el fugisti a Egipto ('dille alí') (*To* 100)

Na outra ocorrencia desta forma, *To* 86, é de notar que a forma *lli* aparece na rúbrica, pero non no texto.

Polo que se refire aos verbos, para a primeira persoa as formas correntes son en *-e*: *dixe* (16 ocorrencias), *fige* (4), *pude* e *puide* (7 e 2 ocorrencias respectivamente), *quige* (1), *tive* (1). Non obstante, tamén se rexistran unhas poucas variantes en *-i*: *dixi* (1 ocorrencia: *E* 196), *ouvi* (2 ocorrencias: *E* 25 / *T* 25 / *To* 38; *E* 38 / *T* 38 / *To* 41). Canto á segunda persoa do pretérito, as formas correntes nas *Cantigas de Santa Maria* son en *-ste*[20]: *feziste*, *escaeciste*, *dissiste* (6), *feziste* (15), *fuste* (16), *fuste*, *deste* (21), *fuste* (25), *partiste*, *leixaste*, *fuste* (42), *viste*, *seviste*, *entendiste* (75), *sofriste*, *feziste* (84), *fuste*, *creviste*, *concebiste*, *destroiste* (90), *diste* (105), *preçaste* (132), *pariste* (122), *valiste* (124), *partiste*, *mentiste*, *feziste* (132), *perdiste* (138), *feziste* (165), *dẽostaste* (174), *cuidaste* (216), *quisiste* (217), *ouviste*, *nodriste*, *viste* (241), *deitaste* (287), *negaste* (281), *faliste* (291), *fillaste* (299), *cobraste* (340), *feziste* (343), *ouviste*, *enchoiste*, *manteviste*, *quisiste* (350), *feziste* (361, 362), *sofriste* (407), *viste* (419), *ouviste*, *feziste*, *ficaste*, *pariste* (420), *sofriste*, *ouviste*, *sentiste*, *achaste*, *andaste*, *perdiste* (422). Ante vogal, aparece a variante reducida *-st'*: *criast'e*, *nodriste* (241). Así: *dest'* (42), *deitast'* (58), *parist'* (80), *fust'* 105), *servist'* (311), *parist'* (404), *ouvist'* (420). Ao menos nunha ocasión os manuscritos ofrecen variación entre a forma plena e a reducida: CSM 422: *E* 12 *achaste*, *andaste* / *To* 100 *achast'*, *andast'*. Máis ao raro, aparece a variante en *-sche*, que, porén, é descoñecida en *To*: *quisische* (*E*, *T* 125 / *To* 97: *quisiste*), *fezische* (216), *leyxasche*, *cuydasche* (274), *perdische* (281). Ante vogal, rexístrase *-sch'*: *cuidasch'* (216), *acabasch'* (274) *negasch'* (281).

Por outra banda, tamén se rexistran un mangado de formas en *-sti*: *fusti* (*T* 90, epígrafe, que falta en *E* 90), *fuste* (*E* 90 / *T* 90 *fusti*) e *fusti* (90), *gardasti* (*E* 236) *empregasti* (2), *perdisti*, *desti* (*E* 311 / *F* 50), *fugisti* ([CSM 422] *E* 12 / *To* 100: *fugist'*). Rexístrase algún caso puntual de variación entre tres manuscritos con cadansúa variante: *E* 84 *feziste* / *T* 84 *fezische* / *To* 98 *fizisti*. Ou tamén dentro

20 O número entre paréntese remite á numeración da edición de Mettmann.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

do mesmo texto e mais entre manuscritos: *T* 90: *fusti* (no epígrafe e con cinco rexistros no texto) / *E* 90 (que non ten epígrafe) / *fuste* (un rexistro no texto) / *fusti* (catro rexistros); porén, en ambos os manuscritos aparecen tres formas con *-e* (*creviste*, *concebiste* e *destroiste*) en posición de rima[21]. Por parte, como é sabido, excepcionalmente, unha das cantigas de loor, *To* 30 / *E* 40, está copiada tamén en *B* 467; pois ben, esta cantiga ofrece en cada un dos tres testemuños formas en *-ste* e en *-sti* en posición de rima e en interior de verso. En *To* rexístrase na primeira estrofa *concebiste*, *pariste*, *sobiste* e *quisiste* en rima, e en interior de verso *ficaste*; na segunda estrofa *enchoisti*, *fiziste*, *ouvisti* e *oisti* en posición de rima, pero, como sinala Schaffer (2010: 89) é claramente perceptible no manuscrito a corrección da última vogal de cada forma mediante borrado e sobre-escritura de *-i*. Xa nas dúas estrofas seguintes, as formas son todas en *-i* e aparecen en rima: *disti*, *trouxisti*, *remũisti*, *vencisti*, *tollisti*, *frangisti*, *metisti*, *vũsti*. Cómpre salientar que en *To* só se rexistra unha ocorrencias máis de variantes en *-sti*: a xa citada antes, *E* 84 *feziste* / *To* 98 *fizisti*.

Xa que logo, dun xeito análogo ao que acontece coas variantes que analizamos antes, para a segunda persoa do singular do perfecto, nos tres manuscritos das *Cantigas de Santa Maria* son maioritarias as formas en *-e* (nalgunhas ocasións, coa vogal elidida) e minoritarias as alternativas en *-i*, ben que estas se rexistran nos tres manuscritos.

Canto a outras voces con variantes en *-e* / *-i*, nos manuscritos das *Cantigas de Santa Maria* o adverbio *longe* só aparece con esa forma (ou coa reducida antevocálica *long'*), con rexistros en vinte cantigas, e o mesmo acontece con *alte* (catro ocorrencias). Pola contra, *outre* (seis ocorrencias) alterna coa minoritaria *outri* (tres ocorrencias); a primeira rexístrase nos catro manuscritos, mentres que a segunda en *To* só aparece con un rexistro e está ausente de *F*.

En definitiva, na marcada preferencia polas variantes en *-e* que acabamos de sinalar, as *Cantigas de Santa Maria* reflicten a situación máis común da variedade galega do romance occidental, mentres que as esporádicas, nos casos máis relevantes moi minoritarias, variantes alternativas en *-i* ou ben responden ás variedades do galego meridional, fronteirizo con Portugal (véxase §5.3 e §7), ben á situación máis común da variedade portuguesa do dito romance. Por tanto, parece indiscutible que o *Cancioneiro da Ajuda* e as *Cantigas de Santa Maria* seleccionan as variantes en *-e* propias do subsistema galego, mentres que, dentro dunha maior heteroxeneidade, *B* e *V* seleccionan as variantes en *-i* propias do subsistema portugués.

21 En posición de rima, ademais do exemplo que citamos antes (*CSM* 90), aparecen as variantes de tipo *-ste* en cantigas como *CSM* 75 ou *CSM* 350.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

4. A VARIACIÓN *-E* / *-I* ÁTONO FINAL NO GALEGO-PORTUGUÉS. ESTADO DA CUESTIÓN

Antes de continuarmos no estudo do noso asunto, imos facer un breve percorrido polas achegas a el que se levan feito nos estudos de gramática histórica. Non imos remontarnos ás aproximacións máis antigas nin pretendemos realizar un percorrido exhaustivo, senón recoller unha escolma das observacións e explicacións que nos pareceron máis dignas de nota, que serán comentadas criticamente. Seguiremos unha orde cronolóxica para presentar unha panorámica da evolución do coñecemento deste aspecto, de xeito que nas citas dos distintos traballos, ao lado da referencia bibliográfica correspondente que manexamos de xeito directo, remitiremos entre corchetes ás súas edicións máis antigas. En cada caso, escolleremos aquelas observacións, ben de carácter fonético, ben de carácter morfosintáctico, relativas ao fenómeno en aprezo.

Comezaremos por Oskar Nobiling, que ofrece dúas observacións moi atinadas en senllos traballos relativos aos cancioneiros trobadorescos, ambos os dous publicados en 1907, e que citaremos pola tradución portuguesa arranxada recentemente pola profesora Yara Frateschi Vieira (Nobiling 2007). Na súa edición d'*As cantigas de Joan Garcia de Guilhade* en nota á expresión "se Deus mi perdon", o devandito investigador dá unha explicación concisa e acertada: "*mi* (<*mihi*), forma átona com função de dativo, veio depois a ser substituída pela outra forma átona *me* (<*me*), que nos Cancioneiros já começa a acumular as funções de acusativo e dativo" (2007: 66). Por outra banda, no seu comentario á edición do *Cancioneiro da Ajuda* de Carolina Michaëlis, "Acerca do Texto e da Interpretação do *Cancioneiro da Ajuda*", discutindo o desenvolvemento da abreviatura <9> en formas do tipo <u9>, esténdese nunha exposición sobre as formas átonas e tónicas dos pronomes persoais e afirma:

> Não seria menos prática a diferenciação gráfica de *mi*, *ti*, *si*, átonos dos tónicos *mí*, *tí*, *sí*. Os primeiros encontram-se em todos os manuscritos ao lado de *me*, *te*, *se*, de maneira que *me*, *te*, *se* têm predominantemente função de acusativo e *mi*, *ti*, *si* átonos função de dativo, ou seja, são diretamente dedutíveis de *mī*, *tibī*, *sibī* (cf. *i* < *ibī*, *u* < *ubī*) (2007: 176-178).

Velaí non só unha atinada doutrina gramatical, senón unha hipótese sobre a orixe das formas en *-i*, sobre a que volveremos. Non obstante, este investigador é confuso nun punto concreto: o dos alomorfos asilábicos ligados de tipo {mi̯}: así, indica que "*mi, ti, si, xi, lhi, me, te, che, se, xe* e *lhe* átonos ao meu ver nunca constituem sílaba antes de vogal: os casos em que isso parece acontecer são tão poucos que devem originar de erros de escrita" (2007: 178). A primeira afirmación é

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

correcta, a segunda é errónea e provén de non ter en conta que as grafías de tipo <mi> no *Cancioneiro da Ajuda,* por vía da regra representan a forma ligada {mi̯} −non a átona plena {mi}−, que nos apógrafos italianos aparece representada como <mh>. Quer dicir, o que acontece é que Nobiling se engana ao interpretar os casos en que no *Cancioneiro da Ajuda* aparece o alomorfo {mi̯}, representado como <mi>, ao paso que as réplicas de *B* / *V* ofrecen o alomorfo reducido {m}, como se ve nos exemplos en que fundamenta o seu razoamento: "ei-*mi* assi mia coit'a endurar" (*A*) / "ei-*m*'assi mha coit'a endurar" (*B*); "que *mi* andan preguntando" (*A*) / "que *m*'andan preguntando" (*B*) (Nobiling 2007: 178-179).

Sexa como for, as observacións críticas de Nobiling á edición do *Cancioneiro da Ajuda* de Carolina Michaëlis neste aspecto concreto tiñan un bo fundamento. As confusións da ilustre editora en relación coas formas átonas (e os seus alomorfos) e as tónicas é patente nas entradas do Glossário do Cancioneiro que publicou anos despois de dar ao prelo a edición do texto (Michaëlis 1920, cito pola edición facsímile de 1987). Así, na entrada correspondente ao pronome *me* (1920: 53) sinala correctamente que esta forma é "empregada em regra como complemento directo", "mas também freqüentemente como complemento indirecto, expresso originàriamente por *mi* (respectivamente *min*) na linguagem trovadoresca", e referíndose aos alomorfos {m} e {mi} tamén atina ao observar que o primeiro é "forma abreviada de *me* antes de vogal (sobretudo antes de *e, ei, eu* [...], mas às vezes também antes de *a-* [...] e de *o-*)"[22], pero con respecto ao último contexto, matiza: "Mais freqüente é todavia o emprêgo da forma *mi*, produzindo-se então os ditongos *io* (*iu*), *ia*, sonoros, embora átonos" (1920: 50 e 53). Pola contra, ao tratar da forma *mi*, considéraa confusamente como "forma tónica do caso oblícuo" do pronome persoal, que pode funcionar como obxecto directo e como complemento indirecto, xa que pode aparecer "em companhia de outro pronome conjunto, em função de dativo". Pero o suposto carácter tónico da forma non parece compadecerse co que a propia editora afirma verbo do seu "valor prosódico", cando, despois de afirmar que "constitue sílaba antes de consoante" ou "antes de vogal acentuada", observa que "seguido de vocábulo que seja mero monosílabo (*a* ou *o*) ou cuja sílaba inicial comece com *a* ou *o* (respectivamente, *ou*; *oi*) forma com essa uma única sílaba métrica, pelo processo de sinizese" (1920: 55-56). Non se ve como un [í] tónico ía converterse nunha semiconsoante ante un [a] ou [o] átonos. Por outra banda, merece notarse que para a nosa estudosa, a variante *xi* sería unha "mera transformacção eufónica de *xe*" (1920: 95).

No tocante a José J. Nunes, no seu *Compêndio de gramática histórica portuguesa*, cuxa primeira edición é de 1919 (nós citamos pola oitava, de 1975), os asuntos

22 Por gralla evidente, no texto pon *-e* en lugar de *-o*.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

que nos interesan son tratados superficialmente. Así, canto ao *-i* final, fai unha observación moi de pasada (Nunes 1975: 73), indicando que se rexistra nalgúns vocábulos "na grafia do século XIV", botando unha sombra de dúbida sobre a verdadeira interpretación fonética desa representación. Xa nos pronomes persoais, ao lado dos que exercen a función de complemento directo, menciona dun xeito un tanto confuso os que exercen a de complemento indirecto, pois presenta na mesma serie as formas tónicas *mi*, *ti*, e a átona *lhe* (1975: 238-240). Sobre este último indica que "no português arcaico também se escrevia e decerto soava *lhi*, a sua forma mais antiga" (1975: 238). Canto á forma da segunda persoa, indica que "sofreu também influência da vogal seguinte o pronome *ti*, que se palatalizou, quando seguido de *a* ou *o*, em *cha* ou *cho*, donde se tirou depois *che*, forma que, no período arcaico, ocorre como equivalente do dativo chamado ético" (1975: 239). Novamente, a explicación é pouco clara, tanto porque non se especifica se ese *ti* era tónico ou átono, canto porque *che* non era empregado exclusivamente como dativo ético. En relación aos verbos, menciona sen máis explicacións a variación de certas formas do perfecto forte, nomeadamente na primeira persoa: *fizi*, *fize*, *figi*, *fige* ou *fix*, *pusi*, *puse*, *pugi*, *puge* ou *pux*, *quisi*, *quige* ou *quix* (1975: 312).

A diferenza do tratamento superficial de Nunes, Joseph Huber, na súa magnífica *Gramática do português antigo*, publicada orixinalmente en 1933 (citarei pola tradución portuguesa de 1986) considera a cuestión tanto desde o punto de vista fónico como desde o morfosintáctico, e ademais refírese non só aos pronomes, senón tamén aos verbos. Así, ao tratar da evolución do *-i* do latín vulgar en final de palabra (Huber 1986: 93) indica que esa vogal se mantivo "até ao princípio do século XIV", entre outros, nos seguintes casos: "*mihi* > *mi* (da mesma forma, muito provavelmente, *ti* < *tibi* e *si* < *sibi*)", "no imperativo dos verbos em *-ir* (e *-er*)", "na 1ª pessoa do singular dos pretéritos (fortes) acentuados no radical", para os que pon como exemplos "*estivi*, *ouvi*, *pudi*, *pugi*, *quigi*, *soubi*, *tivi*" e mais na segunda persoa do singular do pretérito perfecto (*cantasti, partisti*). A única precisión que se pode facer a estas observacións refírese á cronoloxía do fenómeno, pois o *-i* final se mantivo durante o primeiro terzo do século XIV, como veremos.

Por parte, ao tratar das formas átonas do pronome persoal, Huber recolle as formas que aparecen na táboa 8, onde se pode ver que ofrece un inventario completo e ben organizado no que se inclúen as principais variantes e alomorfos, aínda que non se ofrecen máis explicacións (1986: 174-175). Igualmente, ofrece tamén unha táboa completa das formas que se orixinan ao encontrárense dous pronomes átonos: *mi o* = *mh-o*, *m'o*; *mi a* = *mh-a*, *m'a* etc. (1986: 177). O que non se dá nesta obra, talvez polo seu carácter sintético, é unha mínima explicación sobre as variantes nin os distintos alomorfos (ao contrario do que acontece cos clíticos de

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

acusativo de terceira persoa), salvo no caso de *chi*, *che* e *ch'* que, segundo o seu parecer, "pertencem ao galego antigo" (1986: 178).

	Acusativo	Dativo
Primeira persoa	me, m', mh-	mi, me, m', mh-
Segunda persoa	te, t'	ti, te, t'; chi, che, ch'
Terceira persoa singular (P3)	...	li, lhi, lhe, lh'
Terceira persoa plural (P6)	...	lis lhis, lhes
Reflexo	se, s'; xe, xi	si, s'; xi, xe, x'

Táboa 8. Formas átonas do pronome persoal, segundo Huber 1986: 174-175.

Menos concreto e máis confuso ca o profesor alemán é Edwin Williams no seu sintético tratado *Do latim ao português*, publicado en 1938, e que citaremos pola tradución de 1961. Canto ao *-i* final, limítase a indicar que o *-i̯* final do latín vulgar, procedente do clásico *-ī*, evolucionou a *-e*, pondo de exemplos "*habuī* > *houve*; *amastī* > *amaste*" e "*illī* > *lhe*". Así e todo, esta afirmación é matizada sen máis esclarecemento: "Essa modificação não se completou até o início do século XIV" (1961: 61). Na mesma liña, na exposición sobre a evolución dos perfectos fortes non fai referencia ás formas en *-i*, salvo que pon o exemplo **sēduī* > *sevi* > *sive*, sen máis explicacións (1961: 200-202). Xa ao tratar das formas do pronome persoal do portugués arcaico recolle *mi*, *ti* e *si*, como derivadas dos pronomes *mī* (por *mihī*), *tibi* e *sibi*, no caso da segunda e a terceira por intermedio do latín vulgar *tī* e *sī*, pero refírese a estas como formas usadas "como objeto de preposições" e, por tanto, "sob acento tônico" (1961: 149). Porén, nas explicacións resulta confuso, ao afirmar "*mi* era apenas usado como dativo, mas nos cancioneiros primitivos encontra-se gradualmente tomando a função de dativo e acusativo conjuntivo". Interpretamos a expresión ao "acusativo conjuntivo" como referencia ao alomorfo ligado {mi̯} que aparece ante as vogais *-a* e *-o*, nomeadamente cando se producen os encontros cos pronomes *o*, *a* (representados, como sabemos, como <mio>, <mia> no *Cancioneiro da Ajuda*, e como *mho*, *mha* nos apógrafos italianos). En todo caso, volvemos detectar a mesma confusión que se rexistra noutros autores entre formas tónicas (con preposición) e formas átonas.

Por parte, é interesante a explicación que este autor ofrece sobre a xénese das variantes do pronome dativo átono de terceira persoa. Segundo el, debemos partir dunha forma primitiva *li* (reducida do latín *illī*) que ante vogal se converte nunha forma ligada con iode, **l̯i̯*, e de aí xurdiría a forma reducida con consoante palatal [ʎ]. Ata aquí, isto é doutrina común. O novidoso deste autor é que no plural

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

el parte do encontro do clítico dativo co acusativo, *illī-illu-*, que daría **l̂i-ello*, a partir do cal xurdiría [ʎelo]. Segundo a súa hipótese, a existencia de *lle-lo* viría reforzar por un lado a formación dun singular [ʎe], xurdido da forma reducida [ʎ], e por outro dun plural [ʎes], construído sobre esta forma do singular, e que viría substituír a primitiva forma de plural *lis* (< lat. illīs) (Wiliams 1961: 158). Williams pensa que [ʎi] tamén partiría do alomorfo antevocálico reducido {ʎ}, tomando o *-i* por analoxía con *mi*, *ti*, que define como "formas conjuntivas", ou sexa, alomorfos ligados. Destas explicacións, parécenos especialmente pertinente o que se refire á orixe de [ʎelo] e a súa influencia no mantemento das variantes [ʎe] e sobre todo [ʎes], que en Portugal conviviron coas maioritarias [ʎi] e [ʎis], pois isto axudaría a explicar o feito, a primeira vista chocante, de que *lhes* e *lhelo* aparezan con moita maior frecuencia ca *lhe* coexistindo con *lhi* e *lhis* nos mesmos textos (véxase máis adiante § 5.2.2).

No seu estudo sobre *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo*, dado a estampa en 1959, e que aquí será citado pola edición de 1984, Lindley Cintra refírese ao *-i* final que se rexistra en *mi*, *li* e formas verbais como *jurasti*, *firmasti* nos foros de Alfaiates e Castelo Bom, relacionándoas con formas análogas do asturleonés e chamando a atención sobre os Foros de Cáceres da primeira metade do século XIII, onde tamén ocorren abundantes formas *li* e, máis raras, *fezisti*, *firmesti* (Cintra 1984: 208-210, 387-388). Finalmente, volve sobre as formas átonas *mi*, *li*, sinalando que "o -i final é, tanto no dativo da 1ª pessoa como no da 3ª, corrente em português arcaico. As formas terminadas nesta vogal predominan nesta función durante todo o século XIII, sobre as formas en -e: *me, te, se*", mencionando a aparición de formas semellantes en textos leoneses e, esporadicamente, en casteláns setentrionais (soamente da terceira persoa *li*) que son moi abundantes na Rioxa alta e en falares navarro-aragoneses, onde perduran ata o século XV (Cintra 1984: 398-399; Menéndez Pidal 1999: 341-342). Especialmente interesante das observacións de Cintra é esta referencia a outras variedades hispánicas, que sitúan o fenómeno portugués no contexto románico peninsular.

Do maior interese para o noso asunto é o estudo lingüístico que realizou Rosa Virgínia Mattos e Silva sobre as versións portuguesas dos *Diálogos de São Gregório*, centrado na versión máis antiga. Esta versión vén testemuñada por un manuscrito que a estudosa considera sen dúbida do século XIV e, con menos seguranza, anterior ao último cuarto dese século (Mattos 1989: 56-60), texto este que constituirá unha referencia no noso traballo, como máis adiante se verá. Neste estudo ofrécese unha análise demorada de varias das cuestións en foco. Así, ao referirse á variación *-e* / *-i* átonas en final de palabra (1989: 73-75), menciónanse as variantes *tarde* / *tardi* e as formas *ameudi*, *sangui* e *alti*, pero sobre todo chámase a atención sobre o morfema de número-persoa da P2 do pretérito perfecto, que

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

na obra en estudo aparece sempre grafada como *-sti* (88 ocorrencias segundo a autora, que segundo os nosos cómputos se elevan a unha cifra un pouco máis alta: 94 rexistros). Canto ás formas de tipo *soubi*, *trouxi*, *ouvi*, *pudi* (ás que habería que engadir *dixi*), ofrécese unha descrición errónea, xa que son presentadas como formas da P3, en lugar da P1, e ademais, o fenómeno aparece definido no ámbito do "perfeito de indicativo da 2ª e 3ª conjugações" (1989: 74), cando en realidade se cinxe a algúns perfectos fortes. A autora tamén se refire ás segundas persoas do imperativo dos verbos da segunda conxugación, que no texto estudado aparecen sempre con *-i*: *avi*, *bevi*, *colhi*, *entendi*, *escolhi*, *meti*, *recebi*, *screvi*, *temi*, *verti*… (1989: 74). Sorprende un tanto que a investigadora se mostre indecisa sobre a interpretación das grafías con <i>, xa que dubida entre unha explicación de tipo etimolóxico (imitación do latín) e outra de tipo fonético (pronuncia alta da vogal), cando parece obvio que a segunda explicación é a máis lóxica.

Ademais, a autora refírese a serie de pronomes persoais átonos *me – mi*, *te – ti*, *se – si – xi*, *lhe – lhi* e *lhes – lhis*, volvendo expresar dúbidas sobre a posible interpretación do fenómeno:

> como esses pronomes continuam formas pronominais do acusativo ou do dativo latino pode ser que essa variação gráfica reflita as grafias em *e* do acusativo latino e as grafias em *i* do dativo latino. Por outro lado, tais grafias alternativas no códice podem também querer indicar uma articulação da vogal final que não seria nem a do *e* nem a do *i*, quando em posição acentuada. Essa especulação se torna impossível de ser comprovada, sobretudo tratando-se de um documento em prosa (Mattos 1989: 75).

Non obstante, cando volve sobre o asunto na sección dedicada á morfosintaxe dos pronomes persoais, ofrece unha explicación que obriga a descartar de plano a segunda hipótese, isto é, a de que a variación gráfica entre *-e* e *-i* nese contexto reflicta unha pronuncia da vogal intermedia entre [e] e [i]. Así, distingue as formas que exercen as funcións de complemento sen preposición das que van rexidas por preposición; pero, segundo explica agora, "as formas *mi* e *ti* ocorrem quase que exclusivamente correspondendo ao dativo latino com verbos tais como *dizer*, *rogar*, *contar*, *falar*, *demonstrar*, *demandar*, *dar*, *enviar*, *prazer*, *semelhar*; no entanto *me* e *te* também ocorrem com esses verbos, em variação livre" (1989: 215). Pola contra, sinala, como complemento directo úsanse sempre *me*, *te*, nunca *mi*, *ti*; ademais, segundo ela, *me* é a única que aparece con verbos pronominais e nos casos de reflexivización (*maravilhar-se, nembrar-se, converter-se*...). Xa que logo, conclúe acertadamente, *me* / *mi* "estão parcialmente em distribuição complementar, porque variam livremente em determinado contexto sintáctico" (dativo)

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA.

(1989: 216). Porén, dun xeito un tanto chocante, vólvese referir a estas formas como se se tratase de simples variantes gráficas: "Assim as grafias *me* / *mi* e *te* / *ti* estão parcialmente em distribuição complementar porque varian livremente em determinado contexto sintáctico [*dativo*], mas em outro [*acusativo*], *me*, *te* são exclusivos" (1989: 216). Canto ás formas que ela denomina apocopadas, especifica que o alomorfo {m} aparece ante a vogal *e-*, mentres que {mh} ocorre ante as vogais *-a* e *-o*.

Pasamos agora a referirnos ao traballo de Clarinda de Azevedo Maia, *História do galego-português*, concentrado no estudo lingüístico comparativo dunha ampla e representativa colección de documentos galegos —ata un total de 136, datados de 1255 a 1516— e dunha mostra máis reducida de documentos das provincias portuguesas do Minho e Douro Litoral —ata un total de 31, datados de 1281 a 1484 (Maia 1986). Ao tratar do vocalismo final, a autora asevera taxativamente "a região que nos ocupa conheceu inicialmente uma distinção entre os fonemas da série anterior /e/ e /i/", e especifica: "o fonema /i/ surge apenas nalgumas formas pronominais, nalgumas formas verbais e em algumas palavras invariáveis" (1986: 521-522). Os dous primeiros grupos son os que nos interesan aquí. Ao tratar dos pronomes persoais, a investigadora refírese ás formas átonas *me* e *mi*, sen distinguilas desde o punto de vista morfosintáctico e confundindo o *mí* tónico libre acusativo co *mi* átono dativo (Maia 1986: 668). As dúas formas aparecen nun mesmo documento do Minho (1317), datado en 1317: "por que ella ha de manteer mj [*mí* tónico acusativo] sobredicto Petro Dominguiz... asi como ella tever por ben et dar mj [*mi átono dativo*] de vestir". En descargo da ilustre estudosa cómpre ter en conta que na colección de documentos que publica as formas de *mi* átono dativo son moi escasas.

Canto ás formas átonas de dativo da P3, establece claramente a distribución territorial de formas en *-i* e en *-e*, distinguindo as "as formas que conservam -i e que surgem na província de Pontevedra e na região portuguesa estudada [Minho e Douro Litoral]", como *li*, *lli*, *lis*, *lhi e lhis* (simplificamos as grafías, sen termos en conta as alografías), e por outro lado as formas en *-e*, como *le*, *lle* e *lles* que aparecen desde o século XIII no territorio galego, particularmente das provincias da Coruña, Lugo e Ourense, mais tamén en Pontevedra, alternando nesta última coas formas en *-e* (1986: 521). As segundas, isto é, as finalizadas en *-e*, aparecen tamén en territorio portugués, pero con frecuencia escasa. En resumo, subliña: "Saliente-se que as formas com <i>, as mais arcaicas, ocorrem sobretudo durante o século XIII e a primeira metade do século seguinte na região portuguesa e na província galega de Pontevedra" (Maia 1986: 670). Interesa esa caracterización destas formas como máis arcaicas, pois vai na liña de considerar o *-i* como primitivo.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

No que atinxe ás formas verbais, Maia só rexistra ocorrencias da primeira persoa do IPret, xa que o tipo de textos que edita non dá ocasión para que se utilicen as de segunda persoa. Neste caso, volve constatarse unha distribución xeográfica semellante ao anterior (1986: 745-749): ao lado das formas que presentan a perda da vogal final (de tipo *fiz*), que aparecen no conxunto do territorio ao longo de todo período, as formas en *-i* son as únicas no territorio portugués nos séculos XIII e XIV, mentres que no territorio galego aparecen case exclusivamente no sur de Pontevedra e unicamente en documentos dos finais do século XIII e os primeiros anos do XIV, ata 1302; pola contra, as formas en *-e*, que non se rexistran nos documentos portugueses, son as que aparecen en todo o territorio galego ao longo do período analizado, coa excepción parcial indicada (Maia 1986: 522)[23].

A achega máis relevante para o estudo da variación nos pronomes *me* / *mi* e *lle* / *lhi* feita desde a análise dos textos galegos medievais débese a Rosario Álvarez (1994). Esta autora explica a orixe de *lli* a partir da palatalización de *li* ante vogal, e a forma *lle* a partir de *ll'* antevocálico, por analoxía con *me*, *te* propiciada "pola alomorfía destas [formas]", e engade: "no século XIII, xunto a *me* (<ME) e *te* (<TE), desenvolvéronse as variantes minoritarias *mi* e *ti* a partir de contextos antevocálicos; as equivalencias *quanto mi* / *ti achou* = *quanto me* / *te achou* abonda para explicar que se establecese por analoxía *quanto li – lli achou* = *quanto le – lle achou*, *quanto li – lli deron* = *quanto le – lle deron*" (Álvarez 1994: 141). Pola nosa banda, coidamos que unha análise coidadosa da situación nos Cancioneiros (véxase §2.1, 2.2 e 2.3) e dunha mostra de documentación enriquecida por edicións aparecidas en tempos recentes, e por tanto máis ampla cá que esta investigadora puido manexar (véxase §5.1 e 5.2), convida a considerar *mi* e *ti* como formas primitivas de dativo (non como variantes alomórficas contextualmente condicionadas), e por tanto derivadas directamente das formas de dativo latinas *mihī* > *mī* e *tibī* > **tī*, e , na mesma liña, *li* derivaría de *illī* > *lī*, e *lli* sería analóxica tanto de *li* (variante coa que conviviu durante un tempo) coma de *mi* e *ti*. En descargo da nosa colega hai que subliñar que non puido acceder a textos moi relevantes que se editaron en anos posteriores ao seu estudo e ademais, como ela mesma sinala "non expurgamos textos antigos portugueses [...] a pesar de sermos conscientes da importancia de coñece-la evolución da lingua irmá" (1994: 138). Por outra banda, coidamos que ela é a primeira en observar explicitamente: "Cómpre lembrar [...] que *lle* (con menor frecuencia *le*) é a forma do *Cancioneiro da Ajuda* e das *Cantigas de Santa Maria*, en tanto que nos *Cancioneiros* que parten ca compilación do Conde de Barcelos se recolle, agás excepcións, *lhi*" (1994: 141).

23 Véxase tamén Maia 1986: 771 (*ouve*), 781 (*dizi*), 793 (*figi – fige*), 804 (*pugi – puge*), 837 (*tive*), 842 (*trouxe*).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Por último, recolleremos a breve referencia de Martins (2016: 13) ao dativo *mi*: "a distinção entre o pronome acusativo *me* e o pronome dativo *mi* não se encontra senão nos primeiros textos, como o testamento de Afonso II, de 1214". A cita demostra ata que punto cómpre precisar a cronoloxía destas formas de dativo, cuestión esta que por outra banda se prende a outra moi espiñenta, cal é a da pronuncia das vogais palatal e velar átonas finais no galego-portugués, xeralmente representadas con <e> e <o>, e a datación das realizacións elevadas, como <i> e <u> respectivamente, propias das distintas variedades do portugués (Martins 2006). Volveremos sobre este asunto nas conclusións do presente traballo.

Recapitulando, da revisión que fixemos poden extraerse informacións parciais moi valiosas, pero vemos que é bastante habitual que se conxuguen análises firmes nalgúns aspectos con observacións confusas ou imprecisas noutros. Estas atinxen sobre todo aos pronomes persoais, nos seguintes aspectos, que xa foron precisados:

1. Distinción entre formas tónicas e formas átonas. Esta distinción vén dificultada porque, no marco dos hábitos gráficos do galego-portugués medieval, non se sinalaba graficamente o trazo de tonicidade / atonicidade, pero ademais, as formas tónicas como {mí}, {tí} e {sí} non só aparecían rexidas por preposición, senón que tamén eran formas libres, que podían exercer funcións propias de acusativo e dativo sen preposición (coa salvedade de que na P1 como dativo libre non se rexistra nunca *mí*, senón *min*; pola contra, como acusativo ocorren tanto *mí* como *min*). Isto introduce un elemento de confusión moi considerable, adoito difícil, ou mesmo imposible, de resolver (Monteagudo 2019b).
2. Identificación dos alomorfos das formas átonas. As formas átonas presentaban alomorfos, condicionados contextualmente: así, a carón das formas plenas, *me* / *mi*, *te* / *ti*, *lle* / *lhi*, ocorren alomorfos reducidos de tipo {m}, {t}, {ll}, que non presentan maiores complicacións, e alomorfos ligados, con semiconsoante. O caso de {se} é diferente, pois a forma primitiva {si} ante vogal deu lugar a {x}, de onde se orixinaron {xe} e {xi}, mentres que só excepcionalmente se rexistra {xi̯}. No caso da primeira e a segunda persoa, os alomorfos {mi̯} e {ti̯} poden ter unha representación gráfica indistinta das formas plenas, isto é, <mi> e <ti>, o cal é unha fonte de confusións: nomeadamente, o alomorfo {mi̯} da forma de acusativo {me}, representado como <mi>, pode ser interpretado como idéntico á forma plena de dativo {mi}, de maneira que parecería que {mi} pode exercer funcións de acusativo, inducindo á confusión.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

3. Explicación diacrónica das formas en *-i*: as formas tónicas indiscutiblemente remontan as formas de dativo do latín *mihī*, *tibī*, *sibī*, que no latín vulgar/protorromance xa foran reducidas a *mi*, *ti* e *si*. As formas átonas *mi* e *ti*, igual que *lhi*, deben ter tamén a súa orixe nas formas de dativo *mi*, *ti* e *li*, isto é, son orixinarias, e non formadas no romance a partir dos alomorfos reducidos {m}, {t}, {ʎ} por analoxía coas formas tónicas.
4. A distribución territorial e a diacronía destas formas comeza a aparecer delimitada: as formas en *-i* (tanto dos pronomes coma dos verbos) son orixinarias e as propias, de xeito maioritario ou case exclusivo, dos textos producidos ata os comezos do século XIV en Portugal e na franxa fronteiriza de Galicia.

5. A DOCUMENTACIÓN NOTARIAL E CHANCELEIRESCA

Para tentar situar cronoloxicamente —e, se for o caso, diatopicamente— os fenómenos lingüísticos que son obxecto da nosa atención, acudimos a testemuños de tipo documental (instrumentos públicos e privados) porque son especialmente útiles, xa que ofrecen unha información precisa de data e localización. Non obstante, se exceptuamos os procedentes da chancelaría real (moi reiterativos nas súas fórmulas), este tipo de documentos resultan pouco xenerosos en rexistros das variantes da P1, o cal nos obrigou a ter en conta un volume moi avultado de pezas para podermos reunir un número minimamente significativo de ocorrencias. A prosa xurídica, redactada en terceira persoa ou en estilo impersoal, ofrece tamén o inconveniente da práctica ausencia de variantes de *me* / *mi*. Os textos literarios son moito máis abundantes en rexistros das formas que nos interesan, pero a datación que se lles atribúe é bastante imprecisa; de feito, coidamos que o noso estudo ofrece algunhas pistas para axustala un pouco máis.

No que vén a seguir imos prestar atención especial aos textos producidos en Portugal, xa que son estes os que poden botar algo de luz sobre os mesmos fenómenos de variación que se rexistran nos cancioneiros trobadorescos. Como acabamos de subliñar, as modalidades discursivas que se rexistran neste tipo de textos permiten explorar unicamente o que acontece cos clíticos do dativo da P3 e, en moita menor medida, cos da P1; xa que raramente se empregan as formas de P2 pronominais ou verbais. Canto á P1 do IPret, unicamente aparecen as formas de tipo *pugi* / *puge*, moi empregadas durante un certo período nas fórmulas do escatocolo notarial dos instrumentos privados e algunha outra illada. Comezaremos pola variable me_{dat} / *mi* e posteriormente analizaremos a variable *lle(s)* / *lhis(s)*. Cómpre reiterar a advertencia de que ignoraremos a variación gráfica irrelevante para o noso asunto, que nos textos máis antigos atinxe ao <lh> e, no conxunto do período analizado, ao <i>: como veremos, a grafía <ll>, xeral nos textos

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

galegos, é a máis frecuente en Portugal antes de 1270 e continúa aparecendo durante unhas décadas máis, mentres que <i> pode aparecer tamén como <j>, <y> ou <ii> (<lhj>, <lhy>, <mj>, máis raramente, <my>...). Xa en relación ás formas da P1, no seu momento faremos as precisións necesarias verbo dos alomorfos asilábicos que poden rexistrarse nos nosos textos, tales como {mh} ou {m}.

O corpus de documentos con que traballamos está editado nas coleccións que presentamos na bibliografía. Lémbrense as observacións sobre a cronoloxía, xeografía e características dos textos que se ofreceron atrás (§1) Véxase tamén o mapa 2.

5.1. O CLÍTICO DATIVO DA P1. *MI* / *ME*$_{dat}$

Antes de máis, cómpre ter en conta que, a diferenza do que acontece nas cantigas, por vía da regra nos textos en prosa non adoitan aparecer representados os alomorfos heterosilábicos de tipo {mi̯} e {m} de xeito sistemático, ben que o primeiro si que aparece nos casos de encontro co clítico acusativo da P3 (<mho>, <mha>...) e o segundo aparece de xeito regular nalgunhas series de textos. Así, por exemplo, no *Livro segundo d'el Rey dom Denis*, *mi* aparece ante *-o*, *-a*, *-e* e consoante, pero ante *-e* aparecen tamén *m'* e mais *me*; no *Livro das lezírias d'el rei Don Dinis* (1305-1315), *mi* aparece tamén ante consoante e ante vogal ("deu-*mi* ende esta carta", "que *mi* ouvessem"), igual que *me* (nº 67: "que *me* avondara"), e só hai cadanseu rexistro de *m'* ("peitar-*m'*-iades") e *mh* ("os dictos juizes *mh*-aguardaron ende"). Nas cartas da chancelaría de Afonso IV, o alomorfo {m} aparece con maior asiduidade, o que seguramente está relacionado co incremento da frecuencia da forma plena {me$_{dat}$}, como decontado mostraremos.

Unha dificultade de partida para a nosa pescuda, xa previamente apuntada, radica en que na documentación que puidemos consultar non abundan os rexistros das formas *me*$_{dat}$ / *mi*. Isto débese a que, en moitos dos documentos redactados en rexistro documental ou xurídico-legal, as persoas gramaticais que se empregan con maior frecuencia –ben porque se refiren a participantes no negocio tratado, a destinatarios do documento ou beneficiarios das súas disposicións, ou ben porque son referidos dun ou outro xeito nos textos– son a primeira, segunda e terceira do plural (*nós*, *vós*, *eles*). Pero mesmo os textos redactados na P1 ou que conteñen referencias a ela, que son relativamente abundantes, mostran unha clara preferencia pola construción con preposición: [dar / ficar / pedir / mostrar...] *a min* (Maia 1986: 666). De máis a máis, non é raro o emprego doutra construción concorrente, coa forma tónica *min* sen preposición: "que *min* deron", "por tal que *min* pedissen", "que si *min* quitava dela"... Como resultado, na documentación instrumental de carácter privado (cartas notariais) os exemplos colleitados de *me*$_{dat}$/ *mi* son extremadamente escasos, como se pode comprobar na táboa 9. Así e todo,

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

temos un volume de documentación relativamente abundante da chancelaría de D. Denis, e sobre todo de Afonso IV, que nos permitirá obter unha visión aproximada da evolución desta variable durante o período que máis nos interesa, clave na evolución da variable me_{dat}/ *mi*: o segundo cuartel do século XIV.

Comezaremos a nosa revisión da traxectoria evolutiva da variable polos textos primitivos. Para a variable *mi* / *me* os documentos híbridos ofrecen un testemuño pouco útil, a diferenza do que acontece coa variable *lhi – li* / *lhe – le* que trataremos máis adiante. Así, en documentos latino-romances da segunda metade do século XII e primeira do XIII podemos rexistrar o uso de *mihi* como complemento indirecto (DG-P nº 18 e 275) fronte a *me* como complemento directo (DG-P nº 19 e 274), pero estes usos poderían explicarse polo carácter latinizante da *scripta*. Porén, nótense formas como m^i nunha carta de foro en escrita híbrida, da segunda metade do século XII (DG-P nº 275), ou *mi* (ao lado de *li*) na "Noticia da manda de Margarida Garcia", da primeira metade do século XIII (DPrim nº 11), mentres que na segunda persoa do singular *ti* aparece a carón de *li* nun documento híbrido de 1188 (DG-P nº 15).

Sexa como for, constatamos que na carta plenamente romance máis antiga labrada en territorio portugués, o testamento de Afonso II, datado en 1214, xa aparece a forma *mi*, a carón, como máis adiante veremos, das formas da terceira persoa *li(s)*: "todas aquelas cousas que deus *mi* deu en poder", "dos dineiros que *mi* remaserum" (DG-P nº 277). Igualmente, *mi* é empregada sistematicamente como complemento indirecto nos instrumentos en romance máis antigos saídos da chancelaría de Afonso III, datados en 1255 (DG-P nº 290-293), sen a concorrencia de *me*: seis ocorrencias da primeira forma en cada un dos tres documentos (nº 290, 291, 292) e cinco máis no cuarto (nº 293). O mesmo acontece nos outros documentos plenamente galego-portugueses de diversa orixe anteriores a 1280, como se pode comprobar nos que foron editados tanto por Souto Cabo (DG-P nº 307, de 1260, Lisboa[24]; nº 314, de 1262, Tarouquela; nº 338, de 1268, Arouca), canto por Ana Maria Martins (DPort nº 111, de 1263?, Chelas [Lisboa]; nº 15, de 1278, Pendorada, e nº 18, de 1279, Pedroso), e mais nos incluídos no *Livro dos bens de D. João Portel* (nº 192, de 1273, *Chancelaría*). Soamente se rexistran tres excepcións en que aparece me_{dat}, que corresponden a cadansúa carta: unha que, curiosamente, foi outorgada por un Domingo Martiiz, galego (DG-P, nº 305, de 1259), outra labrada en Sabugal, un lugar ben periférico, preto da fronteira coa Estremadura leonesa, como se pode comprobar no mapa 2 (DG-P nº 310, de 1261: "daren-*me* mja carta") e a outra no mosteiro de Cete (DPort nº 7,

24 Nesta carta aparece un rexistro de *me*, pero nun contexto en que pode representar o alomorfo reducido do pronome: "E rey vós *me* enviastes dizer". Doutra banda, rexístranse tres ocorrencias de *mi*, unha das cales nun contexto semellante: "vós *my* enviastes dizer".

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

de 1268: "que *me* non nembran"), ao norte do Douro, localización que talvez sexa relevante, pero non posuímos datos dabondo para confirmalo.

Canto a documentación do período 1280-1300, constátase que na chancelaría de D. Denis continúa de maneira xeral utilizándose *mi* como a única forma de dativo, co alomorfo {m} que aparece con frecuencia ante a vogal *e-*, ocasionalmente representado como <me>. Así o testemuñan as cartas da Santa Cruz de Coimbra, 11 delas con rexistro de *mi* dativo (15 ocorrencias en total), e só unha de *me*, "pectar-*me*-edes" (nº 28), que sen dúbida representa o alomorfo {m} (compárese, entre outros, cos nº 31 e 32: "peitar-*m*'edes", "pectar-*m*'edes"). De todos os xeitos, a fonte textual máis abundante é o *Livro segundo d'el Rey dom Denis* (1292-1297), onde se contan 73 documentos que rexistran unicamente *mi*, 3 en que esta forma alterna con *m'*, 7 en que *mi* alterna con *me* ante consoante, 10 en que aparece soamente *me* ante consoante e 2 soamente con *m'*, o que dá un total de 118 rexistros de *mi* fronte a 23 de *me*. A mesma situación de uso case exclusivo de *mi* no dativo na chancelaría se verifica nos foros de D. Denis dados en 1287-1288 a varias localidades de Trás-os-Montes (Costa/Santana 2006) ou na carta real de 1294 editada no Arquivo de Textos do Portugués Antigo da Universidade de Oxford (ATOX 027). Outra carta real máis, editada na mesma serie de Oxford, de 1287, ofrece un rexistro de *mjn* que nos parece dubidoso: "por serviço que *mjn* fez" (ATOX35)[25].

Completaremos a devandita información mediante o testemuño de dúas nutridas coleccións documentais da mesma chancelaría, unha anterior a 1300 e outra posterior a esta data. A primeira é un libro de rexistro que nos chegou en traslado realizado no século XV: o *Livro segundo d'el Rey dom Denis* (*Livro 2º*), no que se atopan copiadas 542 pezas documentais, ordenadas en secuencia cronolóxica e datadas desde febreiro de 1291 a xullo de 1297. A outra é un cartulario, o *Livro das lezírias d'el Rey dom Denis* (*Lezírias*), que recolle 74 traslados documentais realizados en dúas fases, 1305-1306 e 1315, que inclúen documentos de distintas épocas en latín, castelán e galego-portugués. Destes, interésanos reparar nas 46 pezas documentais escritas en romance do país, labradas nunha *scripta* considerablemente uniforme, e a maior parte redactadas por volta de 1305-1306 (vinte e nove), ou ben en anos próximos, posteriores (1307 a 1315: oito cartas) ou anteriores (1300 a 1304: sete cartas); as outras cartas, ata un total de oito, están datadas orixinalmente nas últimas décadas do século XIII a partir de 1271.

25 En documentos de finais do s. XIII e comezos do XIV, como os costumes de Oriola (1294) ou o *Livro das lezírias* (1306-15) ocorren grafías de tipo <mȷ̃> ou <mjn> que aparentan representar unha forma de dativo tónico, pero talvez sexan meras representacións do clítico, que testemuñan un uso superfluo e confuso do til de nasalidade.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

No tocante ao *Livro segundo d'el Rey dom Denis*, chama a atención o feito de que quince das dezasete cartas en que aparece *me* como dativo, ben só ou ben alternando con *mi*, se atopan entre o nº 188 (25 de novembro de 1292) e o nº 351 (19 de xaneiro de 1295), e sobre todo se concentran a partir do nº 232 (16 de maio de 1293): nº 240, 244, 248, 261, 270, 294, 297, 311, 313, 318, 347, 350 e 351. Como veremos, neste último treito tamén se concentra a ocorrencia das variantes de tipo *lhe(s)* en concorrencia coa maioritaria *lhi* (véxase §5.3.3). Significativamente, hai dous diplomas máis en que aparece unicamente *me* e estes áchanse contra o final do códice (nº 519 e 532), pois son de data máis tardía (1297), e tamén nese sector reaparece a variante *lhe* (nº 537d). A documentación privada dese período é pobre en rexistros: do norte de Portugal só temos os xa mencionados de Pendorada (1278) e Pedroso (1279), un pouco anteriores a 1280; do centro só rexistramos unha ocorrencia nun documento de Santarém de 1297 (Azevedo 2003: LXVIII, nº VI) e noutro de S. Vicente da Beira, de 1299 (Brissos 2001: 233, nº 20). De todos os xeitos, a escaseza desta documentación está en parte paliada polo testemuño doutro tipo de documentos, como os foros de Guarda, de 1280ca. ou os costumes de Oriola (1294), de que máis adiante falaremos, onde se rexistra *mi* como única forma do dativo.

Para o primeiro cuartel do século XIV dispoñemos dunha documentación chanceleiresca menos abundante; así e todo, é xa perceptible o avance da forma *me* a custa de *mi*, malia esta seguir sendo maioritaria: por caso, no *Livro das lezírias* rexístrase *mi* (11) e me_{dat} (4) (véxase táboa 9). A proporción favorable a *mi* tamén se reduce nos documentos non chanceleirescos do primeiro cuartel do século XIV, ben que a cantidade de rexistros é, novamente, moi exigua: só demos rexistrado a forma *mi* nun documento de Alcobaça (nº 13, de 1307, dúas ocorrencias)[26], noutro de Douro Litoral, de 1310 (ATOX038) e noutro mais da terra de Faria, de 1317 (DG-P nº 154). Podería completarse esta información coa que máis adiante damos sobre os foros de Santarém / Borba (§5.3). En definitiva, á luz dos devanditos datos, semella que durante o período dionisino *mi* se mantivo firmemente como forma específica de dativo, pero *me* foi gañando lentamente terreo no último cuartel do reinado de D. Denis.

26 Carvalho 2003: 50 menciona outras formas <mi> – <mj> – <my>, en documentos de 1289, 1297, 1315 e 1343, pero en todos estes casos se trata de formas {mí} tónicas rexidas por preposición.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

	Privados, municipais e outros			Chancelaría: D. Denis, Afonso IV	
	N.O.	Centro	*Subtotal*	Coimbra (Sta. Cruz)	Libros de rexistro
1280-1300	—	mi 2	mi 2	mi 11 [+4][27] mi / m' 2, m' 4 me [= m' 1]	mi 73, mi / m' 3 mi / me 7 me 10
1300-1325	mi 2 me 1	mi 1	mi 3 me 1	mi 10 mi / m' 1, m' 5 me 2	mi 11, m' 1, mh 1 mi / me 1 me 4
1325-1350	me 2	me 2	me 4	mi / m' 1 me 1 m' 4	mi 81, m' 47 mi / me 65 me 110
1350-1375	me 1	me 2 me / mi 1	me 3 me / mi 1	me	—
1375-1400	me 1	me 5	me 6	—	—

Táboa 9. Frecuencia de formas de tipo *mi* / *me* na documentación, por períodos temporais (1280-1400). As cifras indican número de documentos que rexistran a variante.
Observacións: N.O. inclúe os documentos editados por Maia e Martins (noroeste); a segunda columna, os editados por Martins (Lisboa), Carvalho (Alcobaça), Livro Portel –Notícia previa, nº VI– (Santarém), Brissos (Beira) e *Álbum de Paleografia*; na última columna, *mi* / *me* inclúe tamén *mi* / *m*' mentres que *me* inclúe tamén *me* / *m*'. Os datos dos documentos editados por S. Parkinson (CIPM) distribúense entre o NO e o centro-sur (5). **Fonte**: elaboración propia.

A partir de 1325, temos unha documentación máis abundante da chancelaría real, moi pertinente para o noso traballo, que analizamos a seguir. Os datos que ofrece a documentación da chancelaría de Afonso IV (1325-1344) son altamente reveladores, como se pode observar na táboa 10. Se comparamos as frecuencias de *me* / *mi* no período 1325-1336 coas do período 1336-1344, comprobamos o retroceso de *mi*: o índice ME / MI, calculado do xeito que xa se explicou atrás (pp. 293-294), pasou de MI 6 en 1280-1300, a MI 5,5 en 1300-1325, a MI 2,4 no período 1325-1336, e a ME 3,1 en 1336-1334, o último período de que dispoñemos documentación abundante da chancelaría do fillo de D. Denis. Isto quere dicir que nas dúas décadas e media previas a 1350 a variante innovadora *me* se impuxo rotundamente sobre a tradicional *mi*.

27 Sumamos aquí os tres forais de 1287-1288 e mais a carta real de 1294 que se mencionan no texto.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Esta mesma documentación ofrece tamén un elocuente exemplo da oscilación entre as variantes *me* / *mi* nas dúas versións dun mesmo documento (nº 295 e 296, de 1340-1341): *m'* = *m'* (3), *me* = *me* (1), *me* > *a mjn* (2), *me* > 0 (1), *me* > *mi* (5), 0 > *mi* (1). Isto quere dicir que na primeira versión, que corresponde á redacción da chancelaría real, rexístranse unicamente *me* (oito ocorrencias) e *m'* (tres ocorrencias), mentres que na segunda, copia realizada por un tabelión local da terra de Barroso, predomina *mi*, con cinco ocorrencias, por unha soa de *me*. Como observaremos máis adiante (§ 5.2.4), ao analizar a variación *lhe* / *lhi* en dúas versións dun mesmo instrumento, unha producida na chancelaría e a outra por un tabelión local do Porto, volvemos constatar o maior apego dos notarios locais ás variantes máis conservadoras, fronte ás innovadoras que van gañando curso na chancelaría rexia. Nesta mesma liña, as dúas cartas da chancelaría de Pedro I datadas en 1365 que se reproducen no *Livro das campainhas*, do mosteiro de S. Salvador de Grijó (Alarcão/Amaral 1986: 11-13), ofrecen cadanseu par de formas me_{dat} e ningunha ocorrencia de *mi*.

	MI	MI / ME [+ M']	ME [+ M']	M'	ÍNDICE
1325-1336	52	42	19	33	MI 2,4
1336-1344	29	23	91	14	ME 3,1

Táboa 10. Chancelaría de Afonso IV. Número de documentos con *mi*, *me* e *mi* / *me* en dous períodos. Índice *mi*/ *me*. **Fonte**: elaboración propia a partir de Marques 1990-1992.

Un documento privado datado en Lisboa en 1337, o testamento de Maria de Aboim, viúva de Johan Fernandez de Lima, interesante polo seu contido e pola súa extensión, mostra que naquela altura debía ser xa corrente o uso exclusivo de *me* (Azevedo 2003: 177-180). Os documentos do Arquivo Municipal do Porto tamén botan luz sobre esta evolución: no primeiro cuartel do século XIV rexístrase *mi* en AMPorto I nº 3 (1306?, *Chancelaría*), fronte a *me* no nº 10 (1324). Nas cartas do segundo cuartel soamente se rexistran *m'* (AMPorto I nº 15, de 1331) e *me* (nº 17, 21 e 22, de 1336, 1332 e 1347 respectivamente). Xa no terceiro cuartel, a variante *me* é esmagadoramente maioritaria (única en vinte e oito documentos), mentres que *mi* se rexistra unicamente en tres documentos –os tres, cartas reais–, nos cales alterna con *me* (AMPorto I nº 26, de 1352; AMPorto II nº 5, de 1363 e 11, de 1364) e non volve aparecer máis. Na documentación privada, a única ocorrencia de *mi* posterior a 1325, e última que rexistramos, aparece nun documento datado en 1367 Tentúgal (APal nº 22), en que a dita forma alterna con *me*.

En definitiva, a documentación estudada mostra que ata a década final do século XIII a forma *mi* foi a única de dativo en boa parte das variedades do subsistema portugués —ou ao menos, das variedades que atoparon expresión

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

escrita durante ese período—, ben que coexistindo con variedades periféricas —en senso non tanto xeográfico como sociolingüístico— en que alternaba con *me*. Na última década do século XIII anúnciase unha evolución que se consolidará durante o primeiro cuartel do século XIV, que supón que a forma *me* comeza a rivalizar con *mi*, ben que a segunda forma continúa a ser moito máis empregada. Na terceira e cuarta décadas do século XIV a forma *me* viu incrementada notablemente a súa frecuencia, ao tempo que a súa concorrente *mi* entraba nun rápido retroceso, ata impoñerse definitivamente no segundo terzo do século, varrendo a forma *mi*: desde mediados da década de 1330, *mi* é menos frecuente ca *me*, na década de 1340 a súa frecuencia decae drasticamente, despois de 1350 é rara e antes de 1375 desaparece.

5.2. O CLÍTICO DATIVO DA P3. A VARIACIÓN *LHI* / *LHE*

5.2.1. *Lle(s)* / *le(s)* e *lli(s)* en textos galegos


Pasamos agora ao estudo da variable *lhi* / *lhe* na documentación instrumental. No que atinxe aos textos galegos, as variantes de tipo *lle(s)* –nos máis antigos, *le(s)*[28]– son as únicas que se rexistran no conxunto do territorio, coa excepción dalgunhas cartas procedentes da franxa máis meridional, a que máis adiante nos referiremos (véxase mapa 1)[29]. Así, na documentación galega anterior a 1260, *le(s)* rexístrase en once documentos e *lle(s)* en tres, espallados por diversas zonas da xeografía galega, desde Caaveiro, Monfero e Betanzos ao norte (A Coruña) e Melón e Sobroso no sur (Pontevedra) polo occidente, ata San Martiño de Castañeira (Zamora) no oriente, pasando por Valdeorras, Búbal e Sobrado de Trives (no oriente de Ourense), Ferreira de Pallares e Monforte (Lugo). Pola contra, só se rexistra un caso de variante con <i>, una forma *lis* (Boullón/Monteagudo 2009: 63 e 65), nunha carta procedente do extremo sur-occidental de Galicia (A Ramallosa, Pontevedra)[30]. Á documentación editada por Boullón/Monteagudo podería engadirse a anterior a 1270 que publicou Souto Cabo (2008), onde *le(s)* e *lle(s)* se rexistran tamén en documentos de procedencias xeográficas diversas, datados en 1255 (nº 51), 1251-1256 (nº 60), 1257 (nº 61 e 66), 1258 (nº 79), 1260 (nº 135 e 138), 1261 (nº 139, 140, 151 e 154), 1263 (*lela*, nº 168), 1265 (nº 181), 1267 (nº 228), 1268 nº 242) e 1269 (nº 250). Nesa colección

28 Segundo datos do TMILG, *le(s)* documéntase en cartas galegas ata 1299.

29 Para unha visión de conxunto no galego medieval, véxase Álvarez 1994 e Mariño 2009: 84-85.

30 As variantes *li*, *lis* que aparecen nun documento de Ferreira de Pallares (Lugo), "convenol*is* e outorgol*is* que *li* siga semprj [...] e qui *lis* faza", non deben terse en conta, dado que neste texto <i> é empregado en moitos casos por <e>, como se pode ver no fragmento citado e noutros moitos casos: *vineren, in, pertijze, padri, cabiza, irdamento, aquestis, mi isti amor fazim...* (Boullón/Monteagudo 2009: 101-102).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767



Mapa 1. Localización dalgún dos lugares de onde procede a documentación de Galicia e das provincias portuguesas de Minho e Douro Litoral. Saliéntase o territorio da diocese de Tui e están subliñados os lugares de Galicia en que se documentan formas de tipo *lli*. **Fonte**: adaptado de Maia 1986.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

documental só se rexistra unha ocorrencia de *lli*, nun documento procedente de Monterrei, ao sur da actual provincia de Ourense (nº 196, de 1266).

Igualmente, nas cartas galegas incluídas na colección documental editada por Clarinda Maia (1986) as formas xerais son *lle* e *lles*, con algún rexistro esporádico de *le* en cartas do século XIII, mentres que *llj* se rexistra soamente en catro documentos producidos na Guarda (HG-P nº 96), Baiona (nº 99), Poio (nº 103) e Salvaterra (nº 1290), datados entre 1278 e 1290; mentres que as formas *lj* e *lis* aparecen nun documento de Baiona datado en 1281 (nº 99) e o plural *lis* noutro de Tebra datado en 1287 (nº 102). De máis a máis, segundo datos do TMILG, a variante *li* documéntase en varias cartas procedentes da rexión do Baixo Miño datadas en 1264, 1266, 1286 e 1288, e *lli(s)* tamén se rexistra noutras da mesma área datadas nos finais do século XIII ou na primeira metade do XIV (1291, 1293, 1310, 1325, 1326, 1332, 1344), coa derradeira atestación en 1363. Finalmente, na colección documental do mosteiro de Montederramo, editada por Ramón Lorenzo e María do Carme Pérez (2017), *lli* e *llis* rexístranse en instrumentos datados desde 1266 a 1296, sempre procedentes do sur da provincia de Ourense, todos eles da área de Verín agás un, localizado na vila de Allariz (mapa 1).

Isto vén confirmar, ampliar e matizar a información que ofrece Maia (1986: 521-522 e 669-670); e, con maior precisión, Álvarez/Xove (1998: 49), cando afirman, en referencia ás variantes en estudo (véxase máis adiante §6):

> A análise dos textos medievais revela que as formas en -i caracterizan a lingua da parte suroccidental da actual provincia de Pontevedra ata fins do séc. XIII [...]; no resto de Galicia, por contra, as formas en -e están xeneralizadas desde o comezo da documentación en galego.

En definitiva, é claro que no territorio galego, coa excepción de reducidas áreas meridionais, fronteirizas con Portugal, as formas correntes desde os inicios da tradición escrita eran do tipo *le(s)* nos textos primitivos e, xa nas últimas décadas do século XIII, *lle(s)*. Como xa mostramos, precisamente as formas de tipo *lle* / *lles* son as correntes no *Cancioneiro da Ajuda* e nas *Cantigas de Santa Maria*.

5.2.2. *Lhe(s)* / *le(s)* e *lhi(s)* / *li(s)* en textos portugueses. A evolución ata 1280

Na documentación producida en territorio portugués ata finais do século XIV atopamos a situación inversa, cun claro predominio das variantes máis correntes no conxunto dos cancioneiros *B* e *V*, isto é, de tipo *lhi(s)* –ou, nos documentos máis antigos *li(s)*–, ben que canto á distribución diatópica e á evolución diacrónica da variación *lhi* / *lhe* en Portugal ata o momento non se teñen ofrecido moitas

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

precisións[31]. Remontándonos á documentación máis antiga, editada por Ana Maria Martins (2001a =DPrim) e por José António Souto Cabo (2008 = DG-P), nos documentos híbridos da segunda metade do século XII rexístrase a forma *li* en varias cartas (DPrim nº 1, de 1175 e nº 4, sen data; DG-P nº 14, de 1184, nº 15, de 1188 e nº 276, da segunda metade do século XII?), e esta mesma variante, co seu plural *lis*, aparece no testamento de Afonso II datado en 1214 (DG-P nº 277), xa plenamente galego-portugués, cun total de seis ocorrencias, ao lado, como xa vimos, da forma de dativo *mi*: "rogo-*li* e prego-*lj* que os meus filios e o reino seian en sa comenda, e mando da dezima dos moravidiis e dos dineiros que *mi* remaserum da parte de meu padre". A "Noticia de torto" (1213-1216) rexistra *li* para o singular (con máis de vinte ocorrencias e cunha excepción de *le* corrixido a *li*) e *les* para o plural (dúas ocorrencias). De resto, na colección publicada por Souto Cabo, *li(s)* e *ly(s)* aparecen en documentos híbridos de 1225ca. (DG-P nº 280), 1245ca. (nº 283) e 1200-1250? (nº 284).

Pasamos agora a revisar os documentos plenamente galego-portugueses producidos en Portugal na segunda metade do século XIII. Neles constátase que na década 1250-1260 só se rexistran formas con <l->, con claro predominio da variante *li* sobre *le*. Nas *Inquirições* de Afonso III, realizadas en 1258, a xulgar pola sección referida ao xulgado de Valdevez, as formas que aparecen son *li(s)* (*Valdevez* nº 48). Ademais, nas cartas do terceiro cuartel do século XIII as variantes de tipo *le(s)* ocorren só en documentos procedentes da periferia do dominio lingüístico, próximos á fronteira nordoriental, de Mogadouro (DG-P nº 286, de 1252ca., nº 287, de 1253 e nº 288, de 1252-55). A forma *le-lo* rexístrase nun documento de 1259 (DG-P nº 306), dun outorgante galego, con *lys* ao lado de *me* para dativo da P1. Fóra disto, a variante <*l'*> rexístrase soamente nun documento, datado en 1269 (DG-P nº 349, Lisboa). A partir de 1262 documéntanse grafías de tipo <ll> e <lh>, que reflicten de xeito indubitado a palatalización da consoante inicial. A grafía <ll>, moi frecuente nos documentos máis antigos, irá diminuíndo a súa frecuencia a favor de <lh> ata 1280, despois desta data aparece de xeito esporádico, aínda que persiste durante décadas en documentos da área máis setentrional. Xa que logo, na documentación anterior á década de 1270 editada por Souto Cabo (DG-Port), xeralmente as formas teñen vogal [i], e as máis frecuentes son *li* e *lis*:

– *li* en 1255 (nº 289, Celorico de Basto), 1257 (nº 296 e 297, Arouca), 1259 (nº 304, Lorvão), 1262 (nº 313, Celorico de Basto), 1264 (nº 319, Arouca), 1266? (nº 328, Coimbra), 1267 (nº 331 e 332, Alcácer), 1269 (nº 351, Seia), 1270 (nº 363, Pombeiro e nº 365, Lafões)

31 Véxase Williams 1961: 158; Nunes 1975: 238-239; Huber 1986: 175-177; Maia 1986: 669-670 e 674-675 e Mattos 1989: 212-223.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

– *lis* en 1259 (nº 306, Tomar; nesa carta tamén se rexistra *lelo*), 1267 (nº 331), 1270 (nº 363)

Antes de 1270 as formas escritas con <ll> ou <lh> son aínda escasas:

– *lli* en 1266 (nº 325) e 1267 (nº 332)
– *lhis* en 1262 (nº 315, Évora), 1264 (nº 321, Coimbra), 1267 (nº 332) e 1268 (nº 341, Roriz)

Nos documentos do noroeste anteriores a 1280, incluídos na colección documental que edita Ana M. Martins (DPort), vemos *li* en cartas de 1268 (nº 7) e 1277 (nº 12 e nº 13), *li* e *lhi* en 1273 (nº 10), *lhi* en 1279 (nº 18), *les* en 1278 (nº 14). Nas cartas do mosteiro de Chelas (Lisboa) anteriores a 1280, editadas nesa mesma colección, rexístrase *li* (DPort nº 111, de 1263?) e *lis* (nº 115, de 1273). Nas cartas anteriores a 1280 editadas no *Livro dos bens de D. João Portel* [LBJPortel][32] rexístrase *lhi* (nº 148, de 1279 e nº 154, de 1280) e mais *lhis* (nº 119, de 1270; nº 192, de 1273; nº 195, de 1274; nº 243, de 1276), *lhislo* (nº 192, de 1273) e *lhes* (nº 248, de 1275, e nº 251, de 1277). Sobre a aparición da forma *lhes* ao lado de *lhi* e *lhis*, minoritaria pero temperá e persistente no tempo, pode ser válida a explicación de Williams (véxase §4).

Presentamos na táboa 11 un resumo da evolución das ditas variables nos documentos portugueses desde 1252 ata 1280. Aí pódese comprobar que as variantes en <-e> son minoritarias ao longo de todo o período e, dentro das maioritarias variantes en <-i>, as grafadas con <l-> son predominantes ata 1270, pero na década previa a 1281 pasan a abundar máis as formas en <ll-> ou <lh->.

Período					
1252-1259	6	3	–	–	8*
1262-1270	11	–	6	–	16*
1273-1280	3	1	7	2	12*
TOTAL	20	4	13	2	36*

Táboa 11. Variantes *li* / *le* / *lhi* / *lhe* no período 1252-1280 en documentos galego-portugueses do territorio de Portugal; as cifras expresan o número de documentos en que aparecen as formas. **Observacións**: tres documentos, un por cada período considerado, presentan variantes de dous tipos: un *li* / *le* e dous máis, *li* / *lhi*. Esta é a razón de que non coincidan as sumas das columnas co total da columna dereita. **Fonte**: elaboración propia.

32 No que vén a seguir, LBJPortel refírese aos documentos do propio códice, LBJPortel-E aos publicados no estudo preliminar.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

5.2.3. *Lhe(s)* e *lhi(s)*. Evolución de 1280 a 1325. A chancelaría de D. Denis

Pasamos agora a estudar a evolución das variantes *lhi* / *lhe* nos textos producidos en Portugal despois de 1280, unha etapa que interesa de xeito máis directo ao presente estudo. Inicialmente, imos considerar por separado a documentación chanceleiresca da non chanceleiresca, por mor de comprobar se existe un comportamento específico de cada un dos grupos e tendo en conta que a máis relevante para a nós é a primeira. Centramos a nosa atención na documentación de 1280 a 1350, límites aproximados do proceso de compilación das recollas maiores da lírica trobadoresca que directa ou indirectamente chegaron e nós e que corresponde *grosso modo* aos reinados de D. Denis (1279-1325) e o seu fillo Afonso IV (1325-1357). Así e todo, polas razóns que se verán, tivemos en conta documentación ata 1400 e recollemos algunha información da producida aínda no primeiro cuartel do século XV, aínda que este período cae xa fóra do noso foco. Para contemplar con máis detalle a evolución da variación *lhi* / *lhe*, dividimos o conxunto do período en cinco tramos, o primeiro correspondente ao reinado de D. Denis (1280-1325) e os seguintes cunha duración de vinte e cinco anos: 1325-1350, 1350-1375, 1375-1400 e 1400-1425 (táboa 12).

	Non chanceleirescos			Chancelaría real			Total		
	LHI	LHE	LHI / LHE	LHI	LHE	LHI / LHE	LHI	LHE	LHI / LHE
1280- 1325	66	8	4	247	35	13	304	39	17
1325-1350	36	2	2	437	7	5	473	8	7
1350-1375	63	8	6	16	4	8	79	12	14
1375-1400	29	5	5	4	16	2	33	21	7
1400-1425	–	16	–	3	2	–	3	18	–

Táboa 12. Número de documentos coas variantes *lhi* / *lhe* ou ambas, por períodos e distinguindo chanceleirescos / non chanceleirescos. **Fonte**: elaboración propia.

Comezaremos polo período dionisino. Por razóns obvias, a chancelaría real de D. Denis é o centro de produción textual máis importante para este estudo. Analizaremos primeiramente un conxunto de 47 diplomas que chegaron a nós en forma orixinal: dúas series de documentos orixinais referidos a Santa Cruz de Coimbra, editados por Saúl Gomes (DRCoimbra e DDenis[33]), e outros diplomas

33 Da primeira serie (Gomes 1988 = DRCoimbra) teremos en conta 46 documentos, datados entre 1283 e 1320. Ademais, para períodos subsecuentes, tivemos en conta 25 documentos chanceleirescos máis,

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

soltos, como os contidos na obra *Valdevez medieval* (un par de documentos datados en 1288), no *Álbum de Paleografia* (que edita catro diplomas, datados en 1290, 1293, 1302 e 1313) e no Arquivo Municipal do Porto[34]. Os 22 diplomas anteriores a 1300 que analizamos na dita mostra aboan a rotunda preferencia por *lhi(s)* (forma única en 16 deles), e a presenza minoritaria de *lhe(s)* (forma única en catro diplomas e alternando con *lhi(s)* en dous máis). Nos tres forais dionisinos de Trás-os-Montes, concedidos en 1287 (Costa/Santana 2006), as únicas formas que aparecen son, igualmente *lhi(s)*. De 1300 a 1320, as formas que aparecen son exclusivamente *lhi(s)*, documentadas en abundancia en 24 diplomas. Só hai unha excepción: unha carta de 1318 (DRCoimbra nº 51), que rexistra a variante *lhes*. En total, nesta mostra dos orixinais da chancelaría dionisina ao longo de todo o seu mandato temos 40 diplomas con *lhi*, cinco con *lhe*, e dous máis con ambas as dúas variantes[35].

Como fixemos antes en relación á variable me_{dat}/*mi*, completaremos a devandita información mediante o testemuño de dúas coleccións documentais da mesma chancelaría: o *Livro segundo d'el Rey dom Denis* (*Livro 2º*), e o *Livro das lezírias d'el Rey dom Denis* (*Lezírias*). Consonte os nosos cómputos, no primeiro as variantes de tipo *lhi(s)* son amplamente predominantes, pois aparecen en 159 diplomas, pero as minoritarias *lhe(s)* teñen unha presenza importante, ao rexistrárense en 30 cartas, mentres que 11 diplomas rexistran os dous tipos. O rechamante é que o segundo tipo de variantes, *lhe(s)*, aparece concentrado entre as cartas nº 218 (de febreiro de 1293) e 351 (de xaneiro de 1295), e máis densamente aínda a partir da nº 234 (maio de 1293). No tramo que vai desde esta última ata a nº 351 atópanse vinte e nove das trinta cartas que presentan a variante *lhe(s)* en todo o códice[36], mentres que a outra está contra o final do mesmo (nº 537d). Aínda máis, nese tramo, só nove cartas presentan as variantes *lhi(s)* —en tres delas ao lado de *lhe(s)*—, de xeito que aí *lhe(s)* é amplamente maioritario fronte a *lhi(s)*. Como vimos atrás, aproximadamente nese mesmo sector, a partir do nº 232 (de maio de 1293) ata o nº 351, se atopan catorce das dezasete cartas desa colección en que aparece *me* como dativo (§5.1).

As dúas explicacións máis obvias a este fenómeno serían que o uso de *lhe(s)* e *me* respondese ao *usus scribendi* singular dun copista que labrase as ditas cartas ou

de 1326 a 1410. Da segunda serie (Gomes 2013 =DDenis) teremos en conta doce cartas datadas entre 1292 e 1310.

34 Abreviaremos *Valdevez*, APal e AMPorto I, respectivamente.

35 Non computamos aquí os tres forais de Trás-os-Montes, copiados no *Livro I* da Chancelaría de D. Denis porque non son orixinais. En todo caso, o seu testemuño é meramente confirmatorio dos datos que ofrecemos.

36 En 3 desas 29 cartas aparecen variantes en *-e* e en *-i*, mentres que nas 26 restantes soamente aparecen as do primeiro tipo.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

ben ao do escribán que as trasladou ao códice. Canto ao primeiro, é certo que a maioría desas cartas (19) que presenta *lhe* e *lhes* foron escritas polo copista Johan André, pero tamén hai cartas labradas por outros escribas (Afonso Martiinz fixo cinco, por exemplo, pero aínda están involucrados catro copistas máis), e, por parte, Johan André escribiu, antes e despois das datas indicadas, cartas que conteñen unicamente as variantes *lhi(s)*. Por outra banda, este Johan André escribiu dous documentos con *me*, pero oito das cartas que presentan esta variante están subscritas por Francisco Eanes, quen antes e despois dese tramo aparece subscribindo cartas en que se rexistra unicamente *mi*. Canto ao segundo, comprobamos que a variante *lhes* se rexistra ao menos en dúas cartas da chancelaría datadas en 1293 que nos foron transmitidas de xeito independente (DRCoimbra nº 19, de febreiro do dito ano, e APal nº 8, de abril), labradas por escribáns distintos aos que subscribiron as cartas coa dita variante no *Livro* 2º (Stev'Eanes e Francisqu'Eanes, respectivamente). Xa que logo, parece razoable descartar que a responsabilidade de que aparezan as variantes anómalas sexa dos escribáns que fixeron as cartas ou do copista que as trasladou ao *Livro* 2º, e só nos resta a hipótese de que, por algunha razón que descoñecemos, durante os anos 1293 e 1294 na chancelaría de D. Denis se admitiu a forma *me* para o dativo da P1 e se deu unha certa preferencia á variante *lhe(s)* sobre a tradicional *lhi(s)*.

Ora, a maior parte das formas de tipo *lhe(s)* neses documentos aparece no escatocolo, na fórmula "en testemonho desto dey-lhes esta carta", o que nos fixo reparar nas variantes do vocábulo *testemonho* nesa fórmula, o cal nos deparou outra sorpresa. A variante máis corrente deste vocábulo na documentación da chancelaría dionisina, ata onde puidemos comprobar, é *testemoynho*: con variantes menos frecuentes (como *testemuynho*) é a que se rexistra na maior parte dos documentos desta chancelaría que puidemos analizar, nas dúas coleccións editadas por Saúl Gomes, no *Livro das lezírias* (onde tamén é moi frecuente o vocábulo *testemoynhas*) e no propio *Livro 2º*, fóra do sector en foco[37]. Pola contra, no *Livro 2º*, desde o documento nº 234 (maio de 1293) ata o 355 (xaneiro de 1295), aparece sistematicamente a forma *testemonho*, con variantes que afectan ao [e] intertónico (*testimonho*), á vogal tónica (*testemunho* ou *testemuyo*) ou á nasal palatal, pero que non implican o emprego do grafo <y>: *testemoⁿho* (transcrita de varias maneiras polos editores, tales como *testemõnho*, *testemoñho* ou *testemonhõ*), *testemoⁿho* ou *testemũnho*. Nótese que as formas a que nos estamos referindo non aparecen abreviadas, de xeito que as variantes de que estamos a falar son as que se atopan nos documentos; non son imputables aos editores.

37 Nos tres forais de 1287 que analizamos (Costa/Santana 2006) aparece a variante *testemoỹo*, tamén con <y>.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

A fórmula do escatocolo que nesa serie de documentos precede á que acabamos de comentar aínda nos depara outra sorpresa máis rechamante. Habitualmente, esta redáctase en termos semellantes aos seguintes:

> E vós non devedes vender nen dõar os dictos herdamentos a cavaleyro nen a moesteyro nen a clerigo nen a escudeyro nen a dona nen a nehũa *pessõa* religiosa, mays se os vender quiserdes vendede-os a tal *pessõa* que faça a min e a todos meus sucessores cada ano conpridamente os dictos foros.

Nótese que nese sector da fórmula aparece repetido o vocábulo *pessõa* (nunha versión máis breve da fórmula, este vocábulo aparece unha soa vez). Pois ben, a partir do documento nº 234, a variante máis frecuente no noso códice non é a corrente *pessõa*, senón *persõa*: 47 documentos presentan a segunda, fronte a 35 que ofrecen *pessõa* e 2 que teñen as dúas. Contando soamente ata o nº 318, 46 documentos teñen *persõa* fronte a 16 con *pessõa*. Certamente, a variante *persõa* non é insólita nin en textos galegos nin nos portugueses dos séculos XIII e XIV (véxase ao respecto Lorenzo 1975: II, 1005), pero, alén de ser xeralmente pouco empregada, si que é inusitada, ata onde puidemos verificalo, na documentación da chancelaría dionisina.

O feito é que no sector vertente do *Livro 2º*, a aparición das variantes de tipo *persõa* está fortemente asociada ás do tipo *testemonho*, o que non pode ser casual. Algo semellante podemos dicir da variante *me* do dativo: 13 documentos con *me* (só ou alternando con *mi*) rexistran tamén variantes do tipo *testemunho*. As variantes *me*, *testemunho* e *persõa* aparecen asociadas en cinco documentos (un deles, alternancia con *me* / *mi*, outro coa presenza das dúas variantes *pessõa* / *persõa*), só un documento con *me* / *mi* ten tamén *pessõa*. Canto a *lhe(s)*, a asociación con *persõa* é forte no treito en que esta forma é especialmente frecuente (ata o nº 318): 7 documentos presentan os dous tipos de variantes, fronte a 3 que asocian *lhe(s)* a *pessõa*.

En definitiva, parece obvio que a partir aproximadamente de maio de 1293 e ata mediados ou finais de 1294, na chancelaría dionisina se promoveron ou se toleraron variantes scriptolingüísticas antes desusadas (tales como *lhe(s)* e me_{dat}, mais tamén outras como *testemonho* ou *persõa*), aínda que semella que o "experimento" foi clausurado a comezos de 1295 e estas innovacións acabaron por non callar. Sabemos que o tal "experimento" se realizou estando Johan Perez de Alpran ao cargo da chancelaría real (foi chanceler desde 1291 ata 1296), pero descoñecemos se este tivo algo que ver. En definitiva, ignoramos completamente as razóns e as circunstancias deste fenómeno, certamente enigmático, pero en todo caso interesa telo en conta para tentar comprender mellor a variación que se verifica no tramo

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

inicial da *Compilación xeral* da lírica trobadoresca emprendida por D. Denis (a xulgar polo testemuño de *B*). Mesmo podería dar unha pista —altamente conxectural— para a datación do inicio da elaboración desta. Volveremos sobre isto.

Pola súa banda, no *Livro das lezírias d'el Rey dom Denis* soamente se rexistran, ben abundantes, as variantes *lhi* (39 documentos) e *lhis* (13 documentos). O *Livro das lezírias*, de que xa o seu editor salientou a uniformidade do texto dos protocolos e o "elevado grau de normalização" do escatocolo (Nogueira 2003: 12), serve como testemuño dos criterios scriptolingüísticos do tabelión responsable da súa copia, o notario lisboeta Lourenço Eanes, tal como foron aplicados na altura de 1305-1306 e 1315 (datas das dúas fases de realización do códice), pero é representativo da práctica corrente na chancelaría dionisina no primeiro cuartel do século XIV.

O conxunto de datos relativos a esta chancelaría cobran todo o seu sentido cando os contemplamos no cadro dos resultados obtidos para o período 1280-1325, a partir das cartas procedentes de fontes alleas a aquela (escritorios monásticos, oficinas municipais, privadas...): nos documentos editados en *Valdevez* labrados por notarios daquela área, todos eles datados en 1284, once presentan *lhi* por un con *lhe* (nº 88, pero sospeitamos que se trata dun traslado bastante posterior); nos diplomas do *Livro dos bens de D. João de Portel*, datados entre 1289 e 1306, oito presentan só *lhi*, por un que rexistra *lhe* (LBJPortel-E nº XI, de 1295) e un máis ambas as variantes (LBJPortel-E nº VII, de 1301); nos do Minho e Douro Litoral, editados por Maia 1986, cóntase un diploma coa variante *lhi* (HG-P nº 154, de 1317), por dous en que alternan *lhi* / *lhe* (nº 142 e 145, de 1309 e 1315 respectivamente); do Arquivo Municipal do Porto, tres presentan formas de tipo *lhi* (AMPorto I nº 5, 7 e 10b, datados en 1309, 1307 e 1324 respectivamente), por dous que rexistran *lhes* (nº 8 e 10a, de 1319 e 1314 respectivamente); dos editados por Martins (2001b), once diplomas do noroeste presentan exclusivamente as variantes *lhi(s)*, por un con *lhes,* mentres que nos de Lisboa só se rexistra *lhi(s)* (nove cartas); nos de Alcobaça (Carvalho 2017), entre 1289 e 1325, hai once diplomas con formas de tipo *lhi*, e a variante alternativa está ausente. Engádanse os datos dos documentos do sueste da Beira editados por Brissos (2011): tres con *lhi* no período 1280-1325, e os editados por S. Parkinson (Oxford) que proceden de distintos puntos de Portugal, desde Trás-os-Montes ao Algarve (Mogadouro, Val de Paço, Lamego, Viseu, Douro Litoral, Beira Litoral, Beira Alta, Leiria, Santarém, Estremadura, Ribatejo, Alentejo), que ofrecen o seguinte resultado: nove documentos con *lhi*, tres con *lhe* (1293, Benavente-Ribatejo ATOX003; 1309 Alcoentre-Estremadura, ATOX015; 1309, Silves, ATOX017a), e un con ambas as formas *lhis-lhes* e *lhe-las* (1289, Santarém, ATOX025).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

En total, dos 78 diplomas deste período de procedencia allea á chancelaría rexia, 66 rexistran unicamente a variante de tipo *lhi(s)*, oito a de tipo *lhe(s)*, e catro máis ambas as dúas. Isto dá para a documentación non chanceleiresca un índice global MI 6,0 (MI 8,5 se excluímos os documentos con rexistros das dúas variantes). O índice global da documentación chanceleiresca é MI 4,6 (MI 6,4 se excluímos os documentos con ambas as formas); se temos en conta só os documentos orixinais, sería MI 6,0 (MI 8,0 se excluímos os documentos con ambas as formas). Xa que logo, as frecuencias relativas de ambas as variantes son similares ás obtidas para a propia chancelaría rexia, co matiz de que probablemente nalgunhas áreas setentrionais, do centro do país e do extremo meridional, as variantes de tipo *lhe* eran máis frecuentes do que na área de Lisboa-Alcobaça.

En conclusión, como se bota de ver, antes de 1300 na chancelaría dionisina as variantes de tipo *lhe(s)* —sobre todo no plural— aparecen puntualmente cunha frecuencia baixa, aínda que ao menos nos anos 1293-1294 aparecen con maior frecuencia; non obstante, na mesma chancelaría, durante o período 1300-1325 dáse un absoluto predominio das variantes de tipo *lhi*. O predominio deste tipo de variantes na documentación chanceleiresca reflicte a situación xeral da documentación producida en territorio portugués, ben que nesta as formas en *lhe(s)*, sobre todo no plural, aparecen nalgúns puntos, ás veces ao lado das variantes de tipo *lhi(s)*.

A situación descrita para o primeiro cuartel mantense en liñas xerais durante toda a primeira metade do século XIV: as formas de tipo *lhi* son absolutamente predominantes –de feito, na maior parte do territorio son as únicas–, ben que as variantes minoritarias de tipo *lhe* non deixan de aparecer alternando libremente con aquelas. Así, por sinal, no fondo do Arquivo Municipal do Porto observamos no período 1325-1350 as variantes de tipo *lhi* son exclusivas en nove documentos, *lhes* é exclusiva só nun documento, mentres que en catro documentos máis aparecen variantes de ambos os tipos. Como exemplo significativo da ocorrencia de *lhe(s)*, podemos citar un documento privado a que xa fixemos referencia: o testamento de Maria de Aboim, datado en Lisboa en 1337, no cal se usan exclusivamente a forma me_{dat} e *lhe(s)* (Azevedo 2003: 177-180).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767



Mapa 2. Localización da procedencia dalgúns dos documentos e foros citados no texto. Sinálanse con número as localizacións que ofrece Martins 2001b. **Fonte**: Martins 2001b, adaptado.



Mapa 3. Indicación dos principais lugares de procedencia da documentación notarial e foral analizada. **Fonte**: elaboración propia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

5.2.4. Evolución de *lhi/ lhe* na documentación da segunda metade do século XIV

Pasemos agora a considerar a situación que presentan os documentos da segunda metade do século XIV, que, debemos advertir, conforman unha mostra documental moito máis reducida cá que compuxemos para a primeira metade do século. De 1350 a 1375 continúa o predomino de *lhi(s)*, pero a frecuencia de *lhe(s)* aumenta, sobre todo na documentación procedente da chancelaría real. É significativo o que acontece no *Livro 2º* do concello do Porto cun documento que se inclúe en orixinal (AMPorto II nº 6), un privilexio real realizado na propia cidade do Porto e datado en 1363, e o seu traslado, realizado por un tabelión local no mesmo ano: no orixinal as variantes de tipo *lhe(s)* son únicas (sete ocorrencias), no traslado son minoritarias, pois as tres formas *lhe* do orixinal foron convertidas en *lhi*, mentres que das catro formas *lhes* do orixinal, dúas foron mantidas e outras dúas pasaron a *lhis*. Á luz desta comparanza, diríase que as variantes de tipo *lhe(s)* comezaban unha notable circulación na chancelaría real, pero que naquela altura os tabelións locais preferían manter, con vacilacións, as formas conservadoras.

Entre 1370 e 1383 as formas de tipo *lhe(s)* continúan a espreitar timidamente nos documentos procedentes da chancelaría real ao lado das maioritarias de tipo *lhi(s)*: 14 documentos só con *lhi(s)*, fronte a dous só con *lhe(s)* e tres con formas de ambos os tipos. Significativamente, o predominio de *lhe(s)* iníciase en 1383, cos documentos expedidos pola chancelaría a nome da raíña rexente Leonor, que se se intitula "governador e regedor dos reinos de Portugal e do Algarve" (AMPorto II nº 61, 62 e 63), onde as únicas formas que se rexistran son *lhe(s)*. O mesmo acontece na maioría das cartas reais posteriores, en que D. Joham I aparece primeiro como "regedor e defensor" dos reinos (nº 64, de 1384) e despois xa como rei (nº 76, 80, 81 e 93, de 1385-1386), mentres que nos instrumentos labrados polos tabelións locais do Porto continúan aparecendo as variantes de tipo *lhi*.

Os resultados que ofrece o testemuño do Arquivo Municipal do Porto en relación coa chancelaría real son congruentes cos do mosteiro da Santa Cruz de Coimbra, xa que das oito cartas reais do período 1385-1398 que nesta colección presentan variantes en estudo, cinco rexistran exclusivamente variantes de tipo *lhe(s)* (de 1385, 1390, 1394 e 1398) e nas outras tres (todas de 1385), as variantes de tipo *lhi* son minoritarias. Por fin, da documentación producida en Portugal nas dúas primeiras décadas do século XV que consultamos, este último tipo de variantes aparece esporadicamente, mentres que as variantes *lhe(s)* son de uso xeral (Carvalho 2003: 52 para Alcobaça).

En conclusión, os datos colleitados mostran que no territorio portugués as variantes en <–i> do clítico dativo da P3 / P6 –*lhi(s)*– foron amplamente maioritarias desde as orixes da escrita romance ata os finais do século XIV e foron

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

claramente predominantes desde 1280 ata 1380. As variantes de tipo *lhe(s)* teñen unha presenza continua pero sempre moi minoritaria desde a segunda metade do século XIII, pero foron case totalmente varridas da escrita durante a primeira metade do século XIV, aínda que aparecen ao lado das maioritarias en documentos de varias rexións. A partir de arredor de 1350 as variantes de tipo *lhe(s)* comezan a incrementar timidamente a súa frecuencia e no último cuartel se impoñen sobre *lhi*(s) na documentación emanada da chancelaría real, mentres que no resto da documentación *lhi*(s) continúa a ser maioritario ata final de século. De todos os xeitos, cumpriríanos examinar un volume maior e de procedencia máis diversa de documentos da segunda metade do século XIV e primeiro cuartel do século XV para afinar mellor a cronoloxía da xeneralización de *lhe*(s) e a obsolescencia de *lhi*(s).

5.3. As formas *mi* e *lhi* nos "costumes forais" da familia de Santarém

As cartas municipais, sobre todo os chamados "foros extensos", e as compilacións normativas coñecidas como "costumes" ou "usos", ofrecen un material lingüístico de grande interese, en particular para o estudo da variación no espazo, pola súa elaboración local, e no tempo, pois foron transmitidos dunha localidade a outra e foron obxecto de sucesivas revisións e ampliacións acumulativas. A edición máis completa ata a data dun amplo corpus de textos deste tipo producidos en Portugal débese a Alexandre Herculano. Trátase dunha edición útil e en xeral fiable, a pesar de que non vai acompañada de observacións previas que, por sinal, dean indicación de fontes documentais, nin leva aparello de notas. Ademais, non é posible controlar as intervencións do editor —realizadas cun senso en xeral regularizador e modernizador— en aspectos tales como o tratamento do til e as plicas ou o desenvolvemento de abreviaturas. Pola nosa banda, para os costumes de Santarém, que centrarán a nosa atención, seguiremos o estudo e a coidadosa edición da profesora Maria Celeste Rodrigues (1992), quen xentilmente nos facilitou copia dixital do seu traballo, amabilidade que agradecemos vivamente. Pola súa banda, José A. Souto Cabo (2008: 297-300 e 316-318) editou catro textos forais da familia de Évora que xa foron considerados noutro lugar do presente traballo (§5): os de Portel / Évora (1262) e mais Garvão / Alcácer (1267) e Garvão / Montemor-o-Novo (1267). Tamén analizamos atrás os tres forais de 1287 concedidos por D. Denis a cadansúa localidade de Trás-os-Montes (Costa/Santana 2006) e mais os foros da Guarda (Coelho/Morujão 1999).

Os textos forais da familia dos Costumes de Santarém presentan un interese específico para o noso asunto, polas razóns que se verán. Como existe unha notable confusión sobre este conxunto de textos, antes de máis cómpre distinguir os "Costumes" da Carta foral de Santarém. Esta última ten unha tradición que

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

arrinca de 1179, cando foi outorgada por Afonso I (cunha redacción idéntica ás cartas outorgadas por este rei no mesmo ano a Coimbra e Lisboa), e continúa cunha versión ampliada dada por Sancho I, que foi confirmada por Afonso II en 1214 e 1217, e que en 1331 foi vertida *em linguagem*. Esta versión arromanzada chegou a nós en dous manuscritos, integrados en cadanseu códice, un deles conservado no Arquivo Nacional da Torre do Tombo (ANTT, Maço 3 de forais antigos, nº 2) e o outro na Biblioteca Municipal de Santarém (edición e estudo de ambos en Soares 2005). En ambos os códices, a Carta foral ou Foral antigo de Santarém vai acompañado por cadansúa copia de dúas versións dos Costumes de Santarém, que son os textos, ben diferentes ao anterior, que nos van interesar aquí. A versión transmitida polo códice do ANTT que corresponde aos Costumes de Santarém transmitidos á localidade de Borba, é mais antiga e de menor extensión. Referirémonos a ela como Santarém/Borba. A versión transmitida polo códice da Biblioteca Municipal de Santarém é máis recente e está considerablemente ampliada, polo que é tamén coñecida como "versión extensa": referirémonos a ela como Santarém/extensa[38]. Ademais destas dúas versións, interésannos outros dous textos da mesma familia, que son os Costumes de Alvito e, sobre todo, os Costumes de Oriola (véxanse gráficos 1 e 2 e máis mapas 2 e 3).

Na opinión de Viana (2002: 401-404 e 406), que desenvolve e precisa a proposta previa de Rodrigues (1991 e 1993), a xulgar polas referencias que se rexistran nos propios textos, os Costumes de Santarém remontan a unha tradición oral remota que talvez obtivo a súa primeira forma escrita durante o reinado de Afonso II (1211-1223), da que arrincaría unha redacción realizada probablemente entre 1268-1284 que está na base da familia de textos que nos ocupan. Esa familia está constituída polos Costumes de Alvito (redactados en 1280, transmitidos por unha copia do século XIV), os Costumes de Oriola (transmitidos en manuscrito orixinal, datado en 1294) e os Costumes de Borba, que chegaron a nós en copia realizada entre 1331-1347, pero recollen unha versión dos Costumes de Santarém ampliada e revisada en 1302. Esta última versión (de 1302) é a que acompaña a Carta foral de Santarém no códice custodiado no ANTT, como xa indicamos. Por último, os Costumes de Santarém aínda foron obxecto dunha nova revisión e ampliación realizada por volta de 1309, que deu lugar a unha versión que chegou a nós en copia posterior a 1347, que está integrada no códice da Biblioteca Municipal de Santarém a que antes fixemos referencia, e que tamén contén a Carta foral da cidade. Como xa sinalamos, esta serie de textos foi coidadosamente editado por Maria Celeste Matias Rodrigues: Alvito (1992: 64-81), Oriola (1992:

38 Edición de ambos os dous textos, o de Santarém/Borba e o de Santarém/extensa, en Rodrigues 1992: 109-155 e 155-251, respectivamente.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

81-109), Santarém/Borba (1992: 110-155) e Santarém/extensa (1992: 156-245). Esas edicións están dispoñibles en soporte dixital no sitio web CIPM (*Corpus Informatizado do Português Medieval*), ben que nunha versión lixeiramente adaptada.

Como se ve polas datas que acabamos de indicar, os momentos de elaboración, revisión e copia desta serie de textos coinciden *grosso modo* co período que nos interesa, en que se desenvolveu o proceso de constitución da tradición manuscrita da lírica trobadoresca galego-portuguesa. As versións que aquí máis nos importan son tres: a de Oriola e mais as de Santarém/Borba e a de Santarém/extensa. A primeira interésanos por ser a máis antiga e vir transmitida en manuscrito orixinal, a segunda e a terceira interésannos especialmente porque a carón de formas clíticas de dativo da P3 (que se rexistran en todas as versións), tamén conteñen algúns rexistros de formas da P1. Isto último acontece porque nestes dous textos (e só neles) algúns artigos están redactados en primeira persoa.




Gráfico 1. Stemma dos costumes da familia de Santarém, segundo Rodrigues 1993.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767




Gráfico 2. Stemma da familia dos Costumes de Santarém, segundo Viana 2003.

Entraremos en materia comezando por facer unha referencia breve aos foros da Guarda. Ao parecer, este texto remonta a unha redacción de 1223-1245, pero o que chega a nós é unha versión realizada en 1273-1282 (Ferreira 1987: 11-43), a través dun códice que as súas editoras recentes datan a inicios do século XV (Coelho/Morujão 1999: 16 e 38)[39]. Neste texto, o predominio das formas en *-i* do clítico dativo da P3 sobre as formas en *-e* é esmagador: 34 formas en *-i* (*lhy* 31, *lly* 1, *ly* 1) por 4 en *-e* (*lhe*). No plural, unicamente se rexistra unha ocorencia de *lhys* fronte a outra de *lhe-lo* (<lhe lho>) e dúas de *les*. Por parte, rexístranse

39 As informacións sobre a datación sexa do texto, sexa do manuscrito dos foros e costumes da Guarda, ou sexa do códice de que ese manuscrito forma parte, son bastante confusas. Sorprende que estas estudosas non ofrezan unha mínima recensión dos aspectos paleográficos e lingüísticos do texto e se limiten a referirse a unha "versão em português medieval [*do foral*] de inícios da centúria de Quatrocentos" (1999: 16) e a afirmar que "a tradução portuguesa do foral de D. Sancho e os foros e costumes encontram-se copiados num códice de pergaminho, datável do século XV" (1999: 38), mentres que a transcrición do texto dos foros e costumes vén precedida dunha nota que se limita a constatar "S[*en*] d[*ata*] [primeira metade do século XIII(?)]", cunha nota en que se di que "os diversos autores atribuem os foros e costumes uma data crítica entre finais do século XII e século XIII, sobretudo a primeira metade" (1996: 117). Existe un estudo monográfico, que inclúe edición, que non está publicado e non puidemos consultar: Almeida 1992. Ferreira, no lugar citado no texto, ofrece unha revisión da cuestión, con remisión á bibliografía precedente, pero co foco posto noutro texto que forma parte do mesmo códice: a versión portuguesa do *Foro Real* de Afonso X.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

dúas ocorrencias do clítico dativo da P1, ambas correspondentes a {mi} (*fugiu-my*, *tulleu-my mya herdade*), e unha de {*ch*} para o clítico dativo da P2 (*lidar-ch'o-ey*).

Entrando xa na familia dos Costumes de Santarém, comezaremos polo texto máis antigo, o de Alvito, redactado en 1280 pero transmitido en copia, aparentemente moi fiel, de 1340-1360. Este texto, composto por 66 artigos (segundo a numeración de Rodrigues 1992: 65-80), interésanos relativamente menos, non tanto pola súa menor extensión, senón porque soamente contén formas do dativo de terceira e sexta persoas, case todas elas en *-i* (35 de *lhi* e 3 de *lhis*; fronte a 1 de *lhe*). Non rexistra formas do dativo de primeira persoa.

O texto dos Costumes de Oriola —que, como dixemos, chegou a nós en orixinal datado en 1294—, composto de 143 artigos (Rodrigues 1992: 80-109), ofrece uns datos moi interesantes: para o clítico dativo de P1 unicamente se rexistra a ocorrencia de formas en *-i*, a maioritaria *mĩ* 9 e a ocasional *my* 1. Chama a atención a representación <mĩ> , pero entendemos que neste caso o til sobre o <j> non representa a nasalidade, pois, de ser así, estaríamos ante un uso case exclusivo de formas tónicas, o cal parece altamente inverosímil[40]. Unha situación semellante a esta verifícase no *Libro das lezírias* do rei D. Denis (véxase a nota 25, na páxina 326). Canto á terceira persoa, no singular o predominio das formas en *-i* é, novamente, abrumador: 40 de *lhi*, fronte a 2 de *lhe*. No plural, pola contra, rexístrase 1 de *lhis* e 1 de *lhes*.

Ademais do interese que presentan os seus propios datos, o texto orixinal dos Costumes de Oriola ofrece un punto de comparanza moi interesante en relación cos Costumes de Santarém/Borba, que, como dixemos, parecen recoller unha revisión de 1302, pero que veñen transmitidos por un traslado posterior (a súa editora dá as datas límite de 1331-1347). Eses "Costumes de Santarém comunicados a Borba" son considerablemente máis extensos ca os anteriores, pois constan de 197 artigos (Rodrigues 1992: 109-155) e ademais cada artigo vén precedido dunha rúbrica, o cal constitúe unha novidade en relación coas versións anteriores. Canto ás formas de terceira persoa, o predominio das formas en *-i* é total: no plural só se rexistra *lhis* (2 ocorrencias); no singular rexístrase *lhi* (69) fronte a *lhe* (2), pero estas dúas formas atópanse nas rúbricas dos nº 75 e 90, non no propio texto dos artigos[41]. Este último aspecto resulta relevante, se sen ten en conta o que acontece coas formas de dativo de primeira persoa, xa que no conxunto do texto, aínda que predominan as formas en *-i*, aumenta a proporción de formas en *-e*, pero a maior parte das segundas rexístrase nas rúbricas. Así, no total os

40 É de notar que teriamos un caso, moi infrecuente, de *min* tónico funcionando como dativo ético: "sse o eu non quiser uender como quer que mĩa cuba fique encetada nõn-o uenderej se *mjn* non quiser" (Monteagudo 2019b).

41 Seguimos a numeración de Rodrigues 1992: 126 e 129.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

datos son *mi* (30) fronte a me_{dat} (22), mais no texto do articulado a proporción é *mi* 29 / me_{dat} 10, xa que máis da metade das formas en *-e* (12) se rexistran nas rúbricas, que, en troques, só ofrecen un rexistro da forma *mi*: nº 122 "Como devo a defender cavalaria de entençon que *mi* aven"[42]. É especialmente rechamante o contraste que se constata en varios dos artigos entre as formas me_{dat} da rúbrica e as formas *mi* do corpo do artigo:

> nº 6 "se *me* alguen pormete mal e morte" [*rúbrica*]: "Se o homẽ que *mi* pormente mal e morte..."; nº 38 "Como me devo a chamar a outor de cousa que *me* venden" [*rúbrica*]: "Custume he que se *mi* alguen vende algúú herdamento..."; nº 55 "De como non devo tomar penhor de dano que *me* façan" [*rúbrica*]: "Custume he que des que for o vinho no lagar e o pan na eyra non lhy filharey penhor se *my* non quiser ergo pagar-*mi* logo aquisto acustumado".

Por outra banda, é de notar que a frecuencia de formas de P3 nas rúbricas é *lhi* (3) fronte a *lhe* (2), o que, unido aos datos sobre *mi* / me_{dat} fai pensar que as rúbricas corresponden a un estadio de lingua bastante máis tardío ca o que reflite o texto dos artigos.

Por parte, é de notar a distribución das formas *mi* e me_{dat} ao longo do texto: as do segundo tipo están concentradas nos artigos 38-65 (sete ocorrencias) ou ben se atopan ao final (artigos 135 e 183 e 186), mentres que despois do artigo 132 só hai tres formas *mi*. Esta distribución suxire que entre a redacción de 1302 e o traslado anterior a 1347 (o códice que chegou a nós) se produciron sucesivos engadidos / revisións do texto, o que daría ocasión á introdución das formas en me_{dat}. Así, o groso do texto do articulado podería corresponder a unha redacción realizada aos comezos do século XIV (1302), mentres que as rúbricas e parte do texto dos artigos 38-65 e 132-final serían ampliados e revisados entre 1331 e 1347: véxase a proposta de Rodrigues de distinguir dous estadios, *z* e *q*, que responderían a dúas revisións realizadas entre 1331 e 1347, previas á versión copiada antes de 1350, que é a que transmite o códice que hoxe coñecemos (compárense os gráficos 1, 2 e 3). Confírase o que dixemos atrás (§5.1) sobre a evolución do uso de me_{dat} / *mi* no conxunto da documentación instrumental, e en particular na emanada da chancelaría de Afonso IV durante as décadas de 1330 e 1340.

A comparanza aínda gaña interese cando se ten en conta o texto da versión extensa dos Costumes de Santarém, que, como dixemos, chegou a nós en copia

42 Véxase nº 6, 36, 38, 55, 65, 105, 114, 134 e 147 (2) —sempre segundo a numeración de Rodrigues 1992: 111-141. Probablemente esta única ocorrencia responda á variante asilábica {mi̯} que aparece ante a vogal *a-*.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

nun códice posterior a 1347 que, segundo Viana, como xa vimos, recolle unha revisión e ampliación realizada en 1309ca. Esta versión consta de 299 artigos (Rodrigues 1992: 156-251) e non só contén rúbricas para cada artigo, cunha redacción distinta e independente da versión Santarém/Borba, senón que tamén engade comentarios ou ampliacións a moitos deles. Por parte, a maioría dos artigos novos verbo da versión Santarém/Borba atópanse ao final, a partir do artigo 197, aínda que tamén hai un acrecento notable ao comezo do texto, desde o longo comentario ao artigo 10 ata o artigo 19 (Rodrigues 1992: 160-165).

No tocante ao clítico de terceira persoa, a proporción global de formas en *-i* e de formas en *-e* é moito máis equilibrada do que se constata nas versións previas que acabamos de analizar, tanto no singular canto no plural: as formas en *-i* suman 76 ocorrencias fronte a 69 das en *-e*; mentres que no plural temos 9 de *lhis* fronte 6 de *lhes*. O contraste co resto das versións ainda é máis rechamante no caso do clítico dativo da primeira persoa: as formas de tipo *mi* suman 9 ocorrencias, en canto que as formas de me_{dat} chegan ás 33. Vistos os datos globais, é interesante analizar separadamente o que acontece nas seccións comúns coa versión Santarém/Borba e nas seccións engadidas.

Formas	*Total*	*Sector común*	*Sector engadido*
LHI	76	41	35
LHIS	9	2	7
LHE	69	40	29
LHES	6	3	3
TOTAL	160	86	74

Táboa 13. Número de ocorrencias de formas tipo *lhi* / *lhe* nos "Costumes de Santarém", versión extensa, por sectores. **Fonte**: elaboración propia.

O que se verifica na taboa é que no sector común existe unha proporción case idéntica de variantes innovadoras en *-e* e conservadoras en *-i*, mentres que no sector engadido, contrariamente ao que se podería esperar, predominan lixeiramente as variantes conservadoras en *-i*, ben que a proporción entre ambas é bastante equilibrada; o índice *lhi* / *lhe* deita os seguintes resultados para o singular: sector común *lhi* / *lhe*: 1 – sector exclusivo LHI: 1,31. Na parte en que existe unha correspondencia máis ou menos literal entre a versión extensa e a versión Santarém/Borba, constátanse 40 casos de corrección de *lhi* en *lhe* (en singular ou en plural) fronte a 26 casos de mantemento de formas tipo *lhi*. Ao reparar con máis detalle no sector engadido, obsérvase que no bloque acrecentado ao inicio (artigos 10-20),

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

o predominio de formas en *-e* é completo, pois rexístranse 10 ocorrencias de *lhe* por unha soa de *lhi*, mentres que na extensa sección amecida ao final (artigos 197-299), o predominio das formas en *-i* é claro: 19 ocorrencias de formas en *-i* sobre 11 de formas en *-e*. Isto suxire que os dous engadidos se realizaron en momentos diferentes, quer dicir, a sección final foi integrada no texto nun momento bastante anterior á sección inicial.

Pasemos á análise das formas clíticas da primeira persoa. En total, no conxunto do texto rexístranse 9 formas do clítico *mi* por 33 de me_{dat}. Xa que logo, neste caso, en comparanza co que ocorre nas versións anteriores, as proporcións entre os dous tipos de formas invertíronse. En efecto, nos artigos coincidentes entre a versión extensa e a de Santarém/Borba compróbanse 19 casos de substitución da forma *mi* por *me*, fronte a un único de mantemento desta última (artigo nº 62, Rodrigues 1992: 178). Novamente, a sección común mostra unha situación máis innovadora cá sección exclusiva, pois na primeira soamente se rexistran dúas formas de tipo *mi* (ademais da que acabamos de indicar, outra no artigo nº 61), fronte a 28 de me_{dat}, mentres que no texto novo engadido se rexistran 7 formas do tipo *mi*, todas elas na sección final (artigos nº 234 (2), 242 (2) e 278; Rodrigues 1992: 233, 235-236 e 244). De feito, na sección engadida, malia a magreza das cifras de frecuencia, este tipo de variantes é máis frecuente que me_{dat}, xa que estas últimas só presentan cinco ocorrencias. Estes datos reforzan a impresión de que esta sección final foi acrecentada nun momento bastante anterior á integración do engadido inicial (artigos 10-20) e ao propio traslado do conxunto do texto.

Recapitulando a análise, e a partir das propostas de stemma de Rodrigues (1992) e as precisións de Viana (2002), se poñemos o foco sobre as tres pezas centrais da tradición que estamos considerando, poden distinguirse catro estratos textuais (gráfico 3): o estrato nuclear, máis antigo, que corresponde ao texto dos 143 artigos contidos na versión Oriola (1294) ou aos 197 da versión Santarém/Borba (1302); un estrato sobreposto ao anterior, que corresponde ás rubricas desta versión Santarém/Borba (1331-1347), un terceiro que corresponde aos comentarios, expansións e engadido final da versión Santarém/extensa (1320-1335?) e un cuarto que responde ao bloque engadido ao comezo desta última (1350-1360?).

1. Estrato nuclear ou primario: en Oriola (documento orixinal de 1294), rexístrase só *mĩj - my* na P1 (10 : 0) e na P3 / P6 un claro predominio de *lhj* fronte a *lhe*, *lhes* (41 : 3), o cal nos dá un testemuño moi firme sobre o estadio lingüístico da última década do século XIII naquela área e neste tipo de escrita. Na versión Santarém/Borba (redacción 1302 > copia 1331-1347), asoman as formas de me_{dat} pero predomina *mi* (30 : 9), e *lhi* non ten alternativa (71 : 0), o cal, ao noso parecer, dá un fiel testemuño da situación nos comezos do século XIV. Finalmente, na

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

versión Santarém/extensa (redactada en 1309, copia de 1350ca.), *me* impúxose para a P1, varrendo a *mi* (28 : 2), mentres que *lhe*, *lhes* igualou en frecuencia a *lhi-lhis* (43 : 43), o que ofrece un firme indicio de cal era o estadio da lingua na metade do século XIV. Isto é, segundo eses datos, nas décadas anteriores á metade do século XIV a forma *mi* do dativo cae na obsolescencia ata desaparacer e a forma *lhe* incrementou a súa frecuencia a custa de *lhi*.

2. Estrato secundario, das rúbricas e artigos revisados e ampliados da versión Borba (artigos 38-65 e 132-final): indicouse antes que nas rúbricas o predominio das formas *me* sobre *mi* é esmagador (12 : 1), e *lhi* ten unha frecuencia pouco superior a *lhe* (3 : 2). Tamén se chamou a atención sobre a abundancia de formas me_{dat} no sector comprendido entre os artigos 38 e 65 (7 rexistros) en comparanza con *mi* (12 rexistros) e na parte final, a partir do artigo 132 (3 rexistros de me_{dat} / 3 rexistros de *mi*), suxire sucesivas ampliacións e ao menos unha revisión parcial entre 1331-1347. Igualmente, a redacción das rúbricas é sen dúbida próxima á copia realizada antes de 1347 ou incluso foi efectuada ao tempo que se realizou este traslado, o cal parece congruente co feito de que as rúbricas da versión extensa non son copia destas, senón que foron redactadas de xeito independente.

3. Estrato terciario, da engádega final á versión extensa: como antes se sinalou, as formas en *mi* predominan lixeriamente sobre *me* (7 : 5) e as formas de tipo *lhi* son bastante máis frecuentes cás de tipo *lhe* (19 : 11). Isto podería interpretarse no sentido de que este engadido se realizou nun período intermedio entre a redacción inicial da versión extensa (1309) e a realización da copia que chegou a nós (1350ca.), aproximadamente entre 1320 e 1335. De todos os xeitos, á vista do contraste entre as dúas seccións, habería que supor que, por algunha razón que ignoramos —talvez porque se considerou que esta sección, ao ser máis recente, non precisaba de revisión—, no momento de realización do traslado que chegou a nós a presión "correctora" do orixinal foi menor sobre esta sección final do texto ca sobre a sección "nuclear".

4. Estrato cuaternario, engadido dos artigos 10-20 á versión extensa: esta sección non ofrece exemplos de clítico da P1, pero si bastantes de clíticos da P3, e chama poderosamente a atención o predominio abrumador de formas de tipo *lhe* sobre *lhi* (10 : 1), unha situación que corresponde máis ben á segunda metade do século XIV do que aos mediados —ben que temos exemplos de textos anteriores a 1350 en que predominan as variantes *lhe(s)*, véxase por caso o testamento de Maria de Aboim, antes mencionado—, e que, por tanto, podemos tomar como un adianto dunha evolución que aínda tardaría décadas en consumarse.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

FORO / FORMA	MI	ME	LHI (LI)	LHE	LHIS	LHES (LES)
GUARDA (1273-1282)	2	0	33 (1)	4	1	3 (1)
ALVITO (1280 > 1340-60)	–	–	25	0	3	1
ORIOLA (1294) *orixinal*	10	0	40	2	1	1
SANTARÉM / BORBA	31	20	69	2	2	0
Borba / articulado (1302)	30	9	66	0	2	0
Borba / rúbricas (1331-1347)	1	11	3	2	0	0
SANTARÉM	9	33	75	68	9	6
Santarém/común (1309 > 1350?)	2	28	41	40	2	3
Santarém/acrecento 1 (1309?)	7	5	19	11	–	–
Santarém/acrecento 2 (1350-1360?)	–	–	1	10	–	–

Táboa 14. Frecuencias das variantes do clítico dativo da P1 e da P3 nos forais da familia de Santarém. **Fonte**: elaboración propia.




Gráfico 3. Stemma dos foros da familia de Santarém. **Fonte**: elaboración propia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

5.5. A FORMA DO P3-P6REF E AS FORMAS VERBAIS DA P1 DOS PRETÉRITOS FORTES

A documentación instrumental é moi pobre en formas pronominais e verbais da P2, de clíticos da P3-P6ref e de formas verbais da P1 do IPret dos perfectos fortes. Por esta razón, renunciamos a realizar unha pescuda sistemática manual, que implicaría un enorme investimento de esforzo para obter uns resultados moi facareños, e decidimos axuntar os rexistros recollidos nas fontes documentais e forais. Ofrecemos a seguir unha sintética panorámica.

Canto á forma da P3-P6ref, os rexistros son moi escasos. De todos os xeitos, podemos deixar anotada a ocorrencia de formas de tipo *xi* en documentos da chancelaría dionisina: "xi mi queixaron" (en dous documentos de 1291 e 1293) e o relativo "qual-xi-quer". Tamén recollemos dúas ocorrencias de *xi* nos Costumes de Oriola ("o mayordomo deve a meter por seu sayon quen *xi* quiser", "non lho filhara o mayordomo se *xi* non quiser"), outro máis en nos de Santarém/Borba ("que o venda como *xi* quiser", artigo 94), e, neste último, unha forma *xe* no artigo 163 "e o moordomo tolheren-no quando *xe* quiseren" (este é o único rexistro de *xe* que recollemos neste tipo de textos, o que nos reafirma sobre o dito antes en relación coa posible datación entre 1331-1347 deste hipotético acrecento final). Ademais, na documentación de Alcobaça ocorre a forma *xi* nun documento de 1336 (nº 26): "que se temia de lhi morrer a dicta testemuña ou de *xi* lhi tolher o siso ou a fala". Semella, pois, que *xi* foi a variante que circulou en Portugal ao menos ata o segundo terzo do século XIV, pero, obviamente, para asegurar isto sería preciso ter un número maior de rexistros datados cun mínimo de precisión.

Canto á P1 e a P2 dos pretéritos, é interesante o testemuño dos foros da Guarda, pois ofrecen rexistros de variantes en *-i* da P1 do IPret do verbo *saber* (*soubi*) e da P2 do IPret doutros verbos (*fezisti – fezesti*, *feristi*, *mesasti*, *conselhasti – consellasti*, *jurasti*, *mandasti*), ben que para a P2 tamén se rexistran as formas *quiseste* e *feriste*. Por outra parte, en documentos da chancelaría dionisina recollemos formas como *figi*, *ouvi, podi*, *pugi, tivi* e *tevi*. En troques, non rexistramos ningunha ocorrencia de variantes en *-e*. Precisamente a forma da P1 do pretérito de *põer*, nas súas diversas variantes scriptolingüísticas (*pusi*, *pugj*, *pugy*, *pugi, puxi*...), chamou a nosa atención polo feito de que acostuma aparecer na fórmula de subscrición notarial dun gran número de documentos: "Et eu Pedro Gunçalviz publico tabalion de Celorico fui presente et escrevi esta cara et pugi en ela este meu sinal". O primeiro que podemos dicir ao respecto é que todos os documentos labrados en Portugal a partir de 1255 que empregan esta fórmula e que foron analizados por nós presentan formas terminadas en *-i*, isto é, non se documentan formas rematadas en *-e*. Uns poucos presentan formas de tipo *fizi – figi* ou *fiz*, ningún que nos viramos ofrece *puge*, *fige* ou *fize*.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Canto á cronoloxía, nas cartas do noroeste de Portugal incluídas na colección editada por A. M. Martins as formas de tipo *pugi* chegan a 1379, mentres que na área de Lisboa se documentan ata 1347. Na colección editada por C. Maia, a forma de tipo *pugi* máis recente no Douro Litoral aparece nun documento de 1315, mentres que no Miño o máis recente é de 1335. Na documentación da Beira editada por Brissos a forma máis recente deste tipo atópase nun documento de 1333. Na documentación do Arquivo Municipal do Porto a última ocorrencia de *pugi* está nun documento de 1364, ben que noutro de 1366 ocorre *dixi*. Na documentación de Alcobaça editada por Carvalho, a forma *pugi* máis recente é de 1346, mais nun documento de 1355 (nº 40) aparece a única ocorrencia que recollemos en toda a documentación analizada da forma *puge* (Carvalho 2003: 52).

A información que acabamos de ofrecer apunta claramente a que as formas en *-i*, tanto da P1 dos pretéritos fortes coma da P2 do IPret, eran as correntes en Portugal no século XIII e na primeira metade do XIV, pero non nos permite precisar a cronoloxía da aparición das formas en *-e* e, por tanto, verificar a evolución da concorrencia entre os dous tipos, xa que a desaparición das formas de tipo *pugi* do escatocolo dos documentos se debe a cambios nas fórmulas empregadas, non á obsolescencia deste tipo. Simplemente podemos conxecturar que a alternancia entre variantes en *-e* e variantes en *-i* puido comezar a mediados do século XIV e estenderse ata finais deste século ou comezos do seguinte, pero cómpre obter máis datos para poder confirmar isto.

5.6. O TESTEMUÑO DOS TEXTOS XURÍDICOS (1280-1350CA.)

A situación que presentan os textos xurídicos datables aproximadamente ao longo do período 1280-1350 corrobora o cadro que debuxan os documentos, con absoluto predominio de *lhi(s)* e a presenza minoritaria de *lhe(s)*, pero non ofrece información sobre as outras variantes analizadas:

– Na versión galego-portuguesa do *Foro Real* de Afonso X (Ferreira 1987) as formas de tipo *lhi* (que suman un total de 229) son as únicas (rexístranse tres de *li*); no plural, *lhis* ofrece 24 ocorrencias (máis 2 con <l->, *lis*), fronte a *lhes*, con 4.

– Na versión das *Flores de Dereito* (Ferreira 2001: 105-149 e 418-464) rexístranse 33 ocorrencias de tipo *lhi* (máis unha con <l->), e 4 de tipo *lhis*; 1 de tipo *lhe* (máis dúas con <l->), pero 10 de *lhes* (máis unha con <l->).

– Na versión galego-portuguesa dos *Tempos dos preitos* (Ferreira 2001: 339-375) rexístranse 3 ocorrencias de tipo *lhi*, e no plural, unha de *lhes* e outra de *les*.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

– Na versión galego-portuguesa da *Primeyra Partida* (Ferreira 1980; trad. 1320?; ms. da primeira metade do s. XIV?), son xerais as formas de tipo *lhi* e *lhis*, e rexístranse soamente dúas variantes de tipo *lles*.

– Da versión da *Segunda Partida* só chegaron a nós dous fragmentos, datables no século XIV, un custodiado na Torre do Tombo, de probable procedencia chanceleiresca, e o outro dunha versión probablemente realizada en Braga (Ferreira 2001: 291-317). No primeiro rexístrase 1 ocorrencia de *lhi* por 8 de *lhis*, no segundo, pola contra, predominan as variantes do outro tipo, con 4 ocorrencias de *lhe* e 12 de *lhes*, por só 1 de *lhis*. Talvez a versión de Braga sexa bastante máis tardía cá da Torre do Tombo, realizada esta antes da metade do século XIV e aquela contra finais do mesmo, pero véxase o que se di a seguir sobre a versión da *Terceyra partida*.

– Na versión completa da *Terceyra Partida*, datada en 1341, as variantes de tipo *lhi(s)* son as xerais (277 ocorrencias), e non puidemos comprobar se aparecen variantes de tipo *lhe, lhes* (Ferreira 2001: 231-247).

– En dous fragmentos máis desta *Terceyra partida*, tamén custodiados na Torre do Tombo (Ferreira 2001: 377-416), as variantes de tipo *lhi(s)* son as únicas rexistradas: no fragmento A, con 10 ocorrencias, no fragmento B, con 24 ocorrencias. É interesante constatar que, pola contra, en dous fragmentos de versións realizadas no ámbito bracarense, segundo o editor, unha delas probablemente anterior a 1341 e a outra aproximadamente coetánea, as variantes de tipo *lhe* son amplamente dominantes: *lhe* con 11 ocorrencias fronte a 2 de *lhi*, e 1 de *lhes* nun caso; *lhe* con 13 ocorrencias e *lhes* con 1, fronte a 7 de *lhi*, noutro caso. Talvez a datación sexa máis tardía do que propón o editor, ou talvez algún escritorio bracarense adiantou a evolución que se iría facendo xeral posteriormente no conxunto de Portugal.

6. A TRADUCIÓN GALEGA DA CRÓNICA XERAL E DA CRÓNICA DE CASTELA

Pasamos agora a considerar algúns textos en prosa literaria que chegaron a nós en manuscritos orixinais dos séculos XIII e XIV, e que poden alumar a análise dos fenómenos de variación que nos ocupan e simultaneamente ser alumados por ela. Consideraremos, en primeiro lugar, un manuscrito galego de prosa histórica, de finais do século XIII / comezos do XIV, que denominaremos *Crónicas*; a seguir tres manuscritos portugueses do século XIV, o *Livro das Aves*, os *Diálogos de S. Gregorio* e o *Flos Sanctorum*; e finalmente, un mangado de fragmentos de diversa orixe e tipo: do *Livro de Tristan*, do *Livro de Merlin*, da *Estoria do Graal* e do *Livro*

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

de Linhagens do conde D. Pedro. Todos estes fragmentos están reputados como do século XIV.

Comezaremos polas *Crónicas*. O manuscrito que nos interesa (custodiado na Biblioteca Nacional de España, cota ms. 8817) foi editado por Ramón Lorenzo (1975), que lle deu o título de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Como se acaba de dicir, referirémonos a el dun xeito máis breve como *Crónicas*. En conxunto, as *Crónicas* teñen tres partes principais (con anexos menores que non nos interesan arestora): a primeira, que o seu editor denomina "Traducción de *la Primera Crónica General*" e que nós denominaremos *Crónica de León* (fols. 1-88 do manuscrito actual), a segunda, *Crónica de Castela* (fols. 91-229) e a terceira, *Crónica de San Fernando* (fols. 230-265)[43]. Segundo o editor, o primeiro texto en ser compilado foi a *Crónica de Castela*, que constitúe a sección máis extensa do códice, mentres que os outros dous foron elaborados posteriormente para completar aquel, un para ser engadido ao comezo (*Crónica de León*) e outro para ser acrecentado ao final (*Crónica de San Fernando*). De feito, o manuscrito está composto por dous códices que inicialmente estiveron encadernados en cadanseu tomo, como a seguir mostraremos.

A primeira parte, *Crónica de León,* contén a historia do Reino de León-Galicia desde Ramiro II ata Vermudo III (anos 842-1037), e, como demostrou D. Catalán, traduce parcialmente a segunda parte da versión rexia da *Primera crónica general*, compilada no escritorio real de Afonso X. Esta primeira parte constituíu inicialmente un códice encadernado separadamente. A segunda parte, *Crónica de Castela*, abrangue desde Fernando I ata a morte de Afonso VIII de León e Galicia (anos 1037-1230). A *Crónica de San Fernando* refírese ao reinado deste soberano como monarca dos reinos unificados de León e Castela (1230-1252) e moi rapidamente, aos seus sucesores Afonso X e Sancho IV, ata Fernando IV, xa dacabalo entre o século XIII e o XIV. A segunda parte e a terceira estiveron encadernadas xuntas, formando un códice separado da primeira.

O editor demostra que, no plano lingüístico, o texto das *Crónicas* é galego e non portugués (Lorenzo 1975: I, XXVI-XXXVI) e, seguindo e ao mesmo tempo puntualizando os pareceres de Lindley Cintra e Diego Catalán, data o manuscrito no reinado de Fernando IV (1295-1312), conxecturando que a *Crónica de Castela* debeu traducirse nos finais do século XIII e que os outros dous textos que se lle engadiron foron traducidos nos comezos do seguinte (Lorenzo 1975: I, XXXVII-XLVI). Por parte, o texto da *Crónica de León* chegou a nós nun manuscrito posterior, de fins do século XIV (ms. 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca), que non nos vai interesar. Lamentablemente, ningún dos estudosos que

43 Corresponden a Lorenzo 1975: I, 1-304, 307-794 e 797-903, respectivamente.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

se achegou ao manuscrito das *Crónicas* ofrece pormenores canto ás mans que participaron na súa labra. En todo caso, trátese dun orixinal (hipótese máis probable) ou dunha copia, a súa datación temperá e a súa extensión convérteno no testemuño máis importante da prosa narrativa en galego-portugués do período dionisino. Os investigadores Álvarez/Xove (1998), con base no estudo dunha serie de variables lingüísticas, confirman a datación que propón R. Lorenzo e localizan o lugar de elaboración do códice, a cidade episcopal de Tui, situada na mesma fronteira galego-portuguesa, e daquela capital dunha diocese transfronteiriza, coa metade setentrional do seu territorio na Galicia sudoriental e a metade meridional en Portugal, abranguendo a comarca entre Miño e Lima (mapas 1 e 4).



Mapa 4. Diocese medieval de Tui, entre a ría de Vigo, a vila de Ribadavia e o río Limia. **Fonte**: adaptado de Pichel/Varela 2017.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Precisamente, un dos aspectos que estudaron os devanditos investigadores (Álvarez/Xove 1998: 36-37 e 49-50) foi o comportamento da variable *lle(s)* / *lli(s)* na *Crónica de León*. Segundo eles sinalan, este texto presenta grande abundancia de formas en *-i* no singular (ata sumar un terzo das ocorrencias, xeralmente grafadas *lli*, *llj*, e só en catro ocasións *lj*), "que conviven con *lle* e *le*, sen que se aprecien condicionantes contextuais da combinatoria, xa que ambas [*lle* e *le* dunha banda, *lli* da outra] se atopan en posición antevocálica e anteconsonántica" (Álvarez/Xove 1998: 49). Para o plural rexístranse as variantes con *-s* formadas sobre elas: *llis*, *lles* e, moi minoritariamente, *les*. Segundo os seus cómputos,

> a frecuencia de formas rematadas en -i redúcese no plural, pois só supoñen a sexta parte do total dos casos. Internamente, hai diferencias só de grao entre as tres partes do texto, con máis abundancia de *lli(s)* no segundo terzo, e sobre todo no terceiro, ca no primeiro (Álvarez/Xove 1998: 49).

Os mesmos investigadores colocan estes datos no marco da información que fornecen os documentos notariais producidos en Galicia nos séculos XIII e XIV (Maia 1986: 521-522 e 669-670; e §5.2.1). Así, segundo eles,

> a análise dos textos medievais revela que as formas en -i caracterizan a lingua da parte sur-occidental da actual provincia de Pontevedra ata fins do século XIII, e a da zona portuguesa contigua ata época máis tardía; no resto de Galicia, por contra, as formas en -e están xeneralizadas desde o comezo da documentación en galego (Álvarez/Xove 1998: 49).

Porén, eles mesmos salientan que:

> nuns poucos anos, co cambio de século, se produciu na lingua escrita da comarca unha substitución case total das formas en -i por formas en -e, con escasos testemuños illados da pervivencia de *lli*, *llis* na primeira metade do séc. XIV, e ningún na segunda metade deste século (Álvarez/Xove 1998: 49).

Das súas observacións conclúen que:

> conxugando a precisa localización xeográfica das formas en -i coa cronoloxía das primeiras formas en -e no mesmo territorio, podemos establecer que a lingua da *Tradución* [isto é, da *Crónica de León*] responde unicamente á da variedade do galego tudense e que a primeira parte da *Crónica Geral Galega* [isto é, a *Crónica*

> *de León*] é contemporánea da tradución da *Crónica de Castela*, contra fins do séc[ulo] XIII e primeiros anos do séc[ulo] XIV (Álvarez / Xove 1998: 50),

confirmando así a datación proposta por Cintra, Catalán e Lorenzo.

Pola nosa banda, ampliamos a análise da dita variable ao conxunto dos textos, aproveitando a copiosa información que ofrece R. Lorenzo no exhaustivo glosario que acompaña a súa edición (Lorenzo 1975: II, 768-771). Ofrecemos os datos na táboa 15, na cal pode comprobarse que as formas en *-i* son maioritarias, tanto no singular coma no plural, na *Crónica de Castela* e aínda máis na *Crónica de San Fernando,* mentres que na *Crónica de León* as formas en *-e*, sumando o singular e plural, duplican aproximadamente en frecuencia as formas en *-i*, tal como indicaban os investigadores que acabamos de citar.

	Crónica de León			*Crónica de Castela*			*Cr. de S. Fernando*		
Singular LLE / LLI	lle 253	lli 133	**lle** / lli **1,9**	lle 272	lli 453	**lli** / lle **1,7**	lle 25	lli 127	**lli** / lle **5,1**
Plural LLES / LLIS	lles 83	llis 12	**lles** / llis **6,9**	lles 68	llis 178	**llis** / lles **2,6**	lles 18	llis 78	**llis** / lles **4,3**

Táboa 15. Formas *lle* (*lhe*, *le*) / *lli* (*llj-lhi*, *lj-li*) e *lles* (*les*) / *llis* (*lljs-lhis-lis*), nas *Crónicas*. Número de rexistros e índice *lle / lli* (columna co fondo sombreado). **Fonte**: elaboración propia con datos de Lorenzo 1975: II, 768-771.

Por outra banda, puxemos o foco sobre as formas átonas do {mi} dativo, aproveitando novamente a información do glosario realizado polo editor (Lorenzo 1975: II, 825). Segundo isto, resulta que nas *Crónicas* as formas do dativo {mi} son relativamente pouco abundantes, 65 en total, e aparecen case exclusivamente na *Crónica de Castela*: na primeira parte do códice rexístrase unha soa ocorrencia (133.19)[44], mentres que na terceira parte aparecen dúas (812.203, 852.46). Dentro da *Crónica de Castela* a meirande parte das formas concéntranse nun treito que comeza aproximadamente na metade do texto e remata antes do final (Lorenzo 1975: I, 546-714). Nese treito rexístranse 54 das 63 ocorrencias do pronome {mi} no conxunto da *Crónica de Castela*, fronte a 28 ocorrencias de {me_{dat}}, sendo que na *Crónica de León* e na *Crónica de San Fernando* a segunda forma é case única (agás as tres ocorrencias de {mi} que antes sinalamos), e esta é tamén maioritaria no resto da *Crónica de Castela*.

44 Os números remiten á páxina e liña, conforme a notación do glosario da obra.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Por parte, no códice é constante o emprego das grafías <n>, <nn> e <ñ> para a nasal palatal e <l> e <ll> para a palatal lateral, pero tamén se rexistra un uso esporádico das grafías <nh> e <lh>. As escasas ocorrencias destas últimas aparecen concentradas nun tramo determinado da *Crónica de Castela* (1975: I, 528-633; véxase Lorenzo 1975: I, XXXIII-XXXIV). Precisando aínda máis, nesa zona concreta en que rexistran as grafías <nh> e <lh>, contabilízanse 39 formas {mi} por 14 formas de {me_{dat}}, o que dá un índice MI 2,8, moi superior ao do sector máis amplo que antes sinalamos (1975: I, 546-714), en que o índice *mi* / *me* é MI 1,8. Agora, naquela mesma zona de maior densidade de formas de *mi* dativo e de grafías <lh> e <nh> (1975: I, 528-633), as formas de tipo *lli* do clítico de terceira persoa atinxen a frecuencia absoluta de 121 por 5 de tipo *lle*, mentres que no plural se rexistran 86 ocorrencias do tipo *llis* por ningunha de tipo *lles*. Nesa mesma zona rexístranse tamén as escasas ocorrencias que aparecen nas *Crónicas* das formas *mjnha*, *minha* e *mha*, grafadas con <h>, do pronome posesivo (cinco en total: Lorenzo 1975: II, 855).

Canto ao clítico da P3-P6ref *xe* / *xi*, segundo a información do citado glosario (Lorenzo 1975: II, 1331)[45], na *Crónica de León* rexístranse doce formas da variante *xe* por tres de *xi* (estas aparecen ao final desta parte: 297.4, 298.49 e 299.9). Pola contra, na *Crónica de Castela* rexístranse catro ocorrencias de *xe* por oito de *xi*. Finalmente, na *Crónica de S. Fernando* só aparece a segunda variante, *xi*, con dezanove ocorrencias.

Canto ás formas do clítico dativo da P2 nas *Crónicas*, segundo os datos que ofrece Lorenzo, a frecuencia total das distintas variantes e alomorfos son: *te* (18), *che* (16), *chi* (10), *ti* (8), *ch'o*, *ch'a* (3). Como se ve, aínda que a elevada frecuencia de *te* reflicte a tendencia á xeneralización da forma orixinaria de acusativo a custa dunha expresión diferenciada do dativo, as distintas variantes de formas específicas de dativo alcanzan conxuntamente unha frecuencia que case duplica a de *te* (34 ocorrencias). Ademais, constátase que as formas en *-e* son maioritarias (34), ata case duplicaren as en *-i*. Non obstante, a distribución dunhas e outras non é aleatoria: compróbase de novo que as formas en *-e* son amplamente maioritarias na *Crónica de León*, con 20 rexistros fronte a 3 de formas en *-i*; mentres que na *Crónica de Castela* se incrementa o número de ocorrencias de formas en *-i*, de xeito que as frecuencias se aproximan considerablemente (14 en *-e* fronte a 11 en *-i*), e no sector caracterizado pola concentración de grafías en <lh> e <nh> e de predominio do uso de {mi} dativo, as formas {ti} e {chi} atinxen maior frecuencia (9) ca as concorrentes en *-e* (4).

45 No caso deste vocábulo, o glosario só é exhaustivo na referencia aos casos de próclise; pero tentamos completar esta información coa procura dos casos de énclise.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Formas	*me*	*mi*	*te*	*ti*	*che*	*chi*	*lle(s)*	*lli(s)*	*xe*	*xi*
Crónica de León	%	1	9	1	11	2	336	145	12	3
Crónica de Castela	—	63	9	6	5	5	340	631	4	8
CrónCast. sector <lh>, <nh>	28	54	4	4	—	5	<lh>	<lh>	—	—
Crónica de S. Fernando	—	2	—	1	—	3	43	205	—	19
TOTAIS	—	66	18	8	16	10	719	981	16	30

Táboa 16. Frecuencias das formas en *-i* / *-e* nos clíticos dativos de primeira, segunda (ti) e terceira persoas nas *Crónicas*. **Fonte**: elaboración propia, con datos de Lorenzo 1975: II.

No referente aos verbos, este manuscrito é máis xeneroso en formas da P2 do IPret ca nas da P1, así que comezaremos por aquelas. A desinencia da segunda persoa do pretérito perfecto presenta 4 variantes, cun total de 53 ocorrencias: as máis conservadoras {sti} e {ste} e as innovadoras e características do galego {schi} e {sche}. A distribución de frecuencias entre estas variantes no conxunto do texto é: {sti} 8 ocorrencias, {ste} 15 ocorrencias, {schi} 12 ocorrencias e {sche} 18 ocorrencias. As variantes innovadoras con consoante africada suman 30 ocorrencias, fronte as conservadoras con consoante dental, con 23 ocorrencias. Por outra banda, as rematadas en *-i* suman 20 ocorrencias, mentres que as rematadas en *-e* suman 33 rexistros. Como se pode comprobar na táboa 17, na *Crónica de León* as formas terminada en *-e* son absolutamente maioritarias, na *Crónica de Castela* as proporcións aproxímanse á paridade, mentres que na *Crónica de S. Fernando* só se rexistran formas en *-i*.

	SCHE	STE	SCHI	STI	Subtotal E / I	Subtotal CH / T	TOTAL
CronLeón	7	7	2	1	14 / 3	9 / 8	17
CronCastela	11	8	8	6	19 / 14	19 / 14	33
CSFernando	0	0	2	1	0 / 3	1 / 2	3

Táboa 17. Frecuencia das variantes da desinencia da segunda persoa do perfecto nas *Crónicas*: distribución por partes. **Fonte**: elaboración propia.

Asemade, as formas en *-i* da primeira persoa do pretérito de verbos con perfecto forte (*ouvi*, *figi*, *trouxi*) atópanse todas elas na *Crónica de Castela* (senón unha única de *soubi*, que aparece na *Crónica de San Fernando*). Ademais, no treito restrito que antes caracterizamos pola frecuencia das grafías <nh> e <lh> (1975: I, 528-633) aparecen as ocorrencias únicas de *dixi* e *quigi* e tres das catro de *ouvi* que se rexistran na dita *Crónica* (Lorenzo 1975: II, 205, 485 e 1090). Como se ve, a frecuencia destas formas é moi baixa, o que non dá lugar á aparición de variantes en *-e*.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

En ocasións, as variantes en *-i* de diverso tipo aparecen illadas no texto, pero con frecuencia vémolas agrupadas entre si. Así, nas pp. 132-133 rexístrase *amaschi*, *lli* e *mj*; nas pp. 240-241, *fezeschi*, *ti* e *lli*; na p. 315 *fezeschi*, *fezisti* e *sonaschi* con *ti* e *lli*,... O caso máis notable dáse nas pp. 624-626, con formas verbais como *ronpischi*, *ousaschi*, *volvisti*, *ouvischi*, *fezeschi*, *mestischi*, *foschi* e mais *dixi*, e formas pronominais *mi*, *ti* e *chi*, *lli* e *xi*.

En definitiva, os resultados son ben expresivos e apuntan claramente que a versión antiga das *Crónicas*, tal como chegou a nós, en efecto, foi elaborada no sur de Galicia e un ou varios treitos da *Crónica de Castela*, nomeadamente no sector que antes salientamos (1975: I, 546-633), con moita probabilidade foron realizados por un ou varios copistas portugueses, ou senón por un galego da zona tudense fortemente influído pola modalidade de *scripta* vixente ao sur do Miño. En todo caso, a distribución de variantes en *-i* e en *-e* non é en absoluto aleatoria e pode responder á intervención de distintos copistas en diferentes partes do manuscrito, aspecto este que debería ser obxecto de comprobación mediante unha análise paleográfica do mesmo.

7. *DIÁLOGOS DE SAN GREGORIO* E *FLOS SANCTORUM*

Os textos literarios producidos en Portugal no século XIV reflicten unha situación moi semellante á testemuñada por *B* / *V*. Así se comproba nos manuscritos do *Diálogos de San Gregorio,* o *Flos Sanctorum* e o *Livro das aves*, datados dun xeito ata agora pouco preciso no século XIV; de feito, son os códices máis extensos de carácter literario producidos en Portugal durante o dito século que sobreviviron ata os nosos días. Comezaremos pola versión máis antiga (A) dos *Diálogos de San Gregorio* (abreviaremos *Diálogos*), unha obra que tamén chegou a nós en versións máis tardías (B, C e D), de finais do século XIV e/ou do século XV (Mattos 1989: 32 e 54-60 e Machado 2008: 21-35). No texto desta versión, que a súa editora e estudosa Mattos e Silva considera anterior a 1380 (Mattos 1993), puidemos facer un espolio exhaustivo, grazas a que o seu editor recente, Américo Venâncio Machado Filho (2008), puxo dispoñible na rede un arquivo dixital coa súa edición[46]. Debemos agradecer a este investigador as facilidades que xentilmente nos ofreceu para a consulta e manexo dos seus traballos, en particular as edicións dos *Diálogos* e do *Flos Sanctorum*.

46 https://repositorio.ufba.br/ri/bitstream/ri/17923/1/Edi%C3%A7%C3%A3o%20semidiplom%C3%A1tica%20DSGA.pdf

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Nos *Diálogos*, para o dativo da P1 a forma claramente preferida é {mi} (151 rexistros) fronte a {me} (66 rexistros), cun índice MI 2.3[47]. Ambas as formas poden aparecer ante vogal ou ante consoante. Canto a isto, téñase en conta o feito xa apuntado de que os textos en prosa están moito menos atados á representación da pronuncia ca os textos en verso, de xeito que o alomorfismo non é reflectido na escrita con tanta precisión coma nestes. Así, nos *Diálogos* non se rexistra o alomorfo ligado {mi̯} do acusativo e en xeral a frecuencia na representación tanto deste alomorfo de dativo canto do alomorfo reducido {m} é moi baixa. Con todo, rexístranse 22 ocorrencias de {mi̯} dativo, escrito <mh>, ante *a-* e *o-*, das cales 19 corresponden aos encontros co clítico acusativo de terceira persoa (*mh-o*, *mh-a*...); tamén se rexistra unha ocorrencia do alomorfo {m} ante *e-*: "E huum miragre que *m'el* a min confessou".

Na P2, a forma preferida de dativo é {ti} (73 ocorrencias), que aparece en posición proclítica e enclítica, ante consoante e ante vogal, ben que neste último contexto este alomorfo é máis frecuente ante *-e* (14 ocorrencias) que non ante *-a* e *-o* (5 ocorrencias). A forma {te}, pola súa banda, presenta 4 rexistros, se descontamos os 41 que corresponden á frase formular *rogo-te*, tendo en conta que este verbo aparece nos *Diálogos* rexendo *me* na P1 e *o* / *a* P3[48]. A forma reducida {t} ofrece 2 rexistros, ambos enclíticos e ante a vogal *-e*. Pero, ademais, neste texto tamén aparecen as formas de dativo {che} (1 ocorrencia) e {ch} (8 ocorrencias, 6 delas ante as vogais *-o* e *-a*). En resumo, a forma máis frecuente é {ti}, tanto ante vogal como ante consoante e ademais é a preferida ante a vogal *-e*; a forma {te} aparece cunha frecuencia moi baixa, e {ch} é a preferida ante as vogais *-a* e *-o*, nomeadamente no encontro cos pronomes acusativos átonos de terceira persoa (*ch'o*, *ch'a*).

Finalmente, no que se refire aos clíticos da P3/P6, nos *Diálogos de San Gregorio* as variantes de tipo *lhi* e *lhis* son esmagadoramente maioritarias sobre *lhe* / *lhes*: 695 ocorrencias de *lhi* e 147 de *lhis* (ás que hai que sumar unha de *lhi-lo* e dúas de *lhi-la*), fronte a 63 de *lhe* e 26 de *lhes*. A frecuencia relativa de *lhi* fronte a *lhe* (índice LHI 11.0) é a dupla á de *lhis* fronte a *lhes* (índice LHIS 5.6). Canto á forma reflexiva de terceira persoa, *xi* ofrece cinco ocorrencias, mentres *xe* non se rexistra.

No que toca ás formas verbais que interesan ao presente estudo, na P1 do IPret as formas en *-i* son as únicas que aparecen, excepto no caso dos verbos *dizer* e *fazer*, en que de todos os xeitos as variantes en *-e* son ocasionais: *dixi* (16) / *dixe* (1), *figi*

47 As observacións de Mattos e Silva no estudo deste texto (1989: 73-75 e 214-222) xa foron comentadas previamente no presente traballo (§4).

48 Na P3 *rogar* rexe *o* / *a* (24 rexistros), pero tamén excepcionalmente *lhi, lhis* (4 ocorrencias).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

(16) / *fizi*(*-o*) (1) / *fige* (3), *ouvi* (4), *pudi* (4), *soubi* (11), *trouxi* (1). O mesmo acontece na P2, onde só se rexistran formas en *-i*, cun total de 94 ocorrencias.

A título ilustrativo, ofrecemos datos doutros vocábulos: *tardi* (4), *alti* (4), *sangui* (18) / *sangue* (12), *outrin* (6) / *outren* (4). Á vista destes datos, chama a atención o caso de *longe* (30).

A situación que presenta a versión galego-portuguesa trecentista do *Flos sanctorum* (Machado 2009) é moi similar á que acabamos de expoñer. Na primeira persoa, *mi* rexístrase cunha frecuencia moi superior a me_{dat} (táboa 18), cun índice MI 4,7, o mesmo que acontece co alomorfo ligado {mi̯} en relación co reducido {m}. Na segunda persoa, a forma *ti* é amplamente preferida fronte a *te* (índice TI 11,9), igual ca {ch} fronte a {t} (índice CH' 12), rexístrase ademais o alomorfo {chi}, que corresponde ao {che} dos *Diálogos,* con cadansúa ocorrencia. Na terceira e sexta persoas, o índice resultante é un esmagador LHI 31, na forma reflexiva o índice é XI 7,5. Á vista destes datos, parece que o *Flos Sanctorum* reflicte un estadio lingüístico un pouco anterior aos *Diálogos de San Gregorio*, no que, en todo caso, o dativo retiña claramente as súas formas propias e as variantes en *-i* da P3-P6 predominaban amplamente sobre as en *-e*.

	Diálogos	*Flos*
mi	151	288
me	66	61
m'	1	2
mi̯	22	24
ti	73	119
te	4	10
che	1	–
chi	–	1
ch'	8	25
t'	2	2
lhi(s)	842	1024
lhe(s)	89	33
xi	5	15
xe	–	2

Táboa 18. Frecuencia de distintas variantes e alomorfos nos *Diálogos de S. Gregorio* e o *Flos Sanctorum*. **Fonte**: elaboración propia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

O devandito é plenamente congruente coa situación que se verifica nas formas verbais de P1 e P2 do perfecto, nas cales non se rexistran variantes con *-e*. Na P1, as formas que se ocorren son as seguintes, coas correspondentes frecuencias: *dixi* (69), *estivi* (1), *figi* (7) / *fizi* (11), *ouvi* (26), *pudi* (6), *pugi* (3), *soubi* (1), *tivi* (2). Canto á P2, rexístranse 103 formas en *-sti*.

Rematamos cunha referencia rápida a outras formas: *tardi* (1), *alti* (3), *sangui* (14), *outri* (8) – *outrim* (1) / *outrem* (4), fronte a *longe* (25).

Finalmente, no *Livro das aves*, datado imprecisamente no século XIV, *lhi* é a única forma do clítico da P3 (11 ocorrencias) e é *lhis* amplamente maioritaria (6 ocorrencias), aínda que tamén se rexistra cadansúa ocorrencia de *lhes* e *lhe-lo*.

En resumo, a situación que presentan as variantes en *-i* de todos os vocábulos que consideramos, e moi particularmente o emprego maioritario de {mi} e {ti} −{ch'} como formas distintivas do clítico do dativo da P1 e da P2 respectivamente, é plenamente compatible cunha cronoloxía recuada tanto da versión do *Flos Sanctorum* canto da versión A dos *Diálogos de S. Gregorio*. Talvez un estudo máis demorado doutros trazos scriptolingüísticos dos textos permita afinar mellor a cronoloxía, pero co que xa sabemos, ao noso parecer podemos descartar cunha razoable seguranza que estes textos fosen redactados na segunda metade do século XIV, xa que reflicten o estadio da variedade portuguesa do romance galego-portugués no primeiro terzo do século XIV. Mesmo resulta altamente probable −especialmente no caso do *Flos*− que fosen producidos durante o período dionisino, isto é, no primeiro cuartel do século.

8. OUTROS TEXTOS LITERARIOS TRECENTISTAS: FRAGMENTOS DO *LIVRO DE TRISTAN, LIVRO DE MERLIN, ESTORIA DO GRAAL* E *LIVRO DE LINHAGENS DO CONDE D. PEDRO*

Para rematar, imos ofrecer unha rápida referencia ao *Livro d'Alveitaria* e a seguir faremos unha sumaria revisión doutros textos literarios trecentistas (ou tidos por tales), que nos chegaron de xeito moi fragmentario: os fragmentos do *Livro de Tristan* (galego), do *Livro de Merlin* (portugués), da *Estoria do Graal* (portugués) e do *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro* (portugués). Os dous primeiros están datados na primeira metade do século XIV (Lorenzo/Souto 2001: 25), o terceiro foi datado nos fins do século XIII ou comezos do XIV (Dias 2003-2006: 10, Ailenii 2009: 34), o cuarto e último é datado en 1380-1383 (Mattoso 1980: 34-35 e Brocardo 2006: 7-9). Os tres fragmentos producidos en Portugal constituirían, xunto cos textos que acabamos de analizar, os escasos textos literarios en galego-portugués anteriores ao 1400 que chegaron a nós en orixinal ou copia coetánea (Mattos 1989: 15-35; Castro 2004: 92-94).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Comezaremos polo *Livro d'Alveitaria*, que, segundo se declara no propio texto, foi compilado e traducido "em linguagem portugues" en 1318 polo mestre Giraldo, por orde de D. Denis, e chegou a nós mediante copia do século XV (Pereira 1909; Río 2010). A xulgar pola única edición existente deste texto (Pereira 1909), parece claro que o copista do século XV interveu no texto adaptando as formas que lle soaban arcaicas ás que lle resultaban máis familiares no seu tempo. Non obstante, paga a pena chamar a atención sobre a reprodución ocasional dalgunhas variantes en <-i> propias da scripta dionisina, como a forma *alty* (22.32, 50.22), o imperativo *saby* (11.8, 12.31, 16.31, 36.39, 43.13, 49.28, 58.41), o clítico da P3-P6ref *xi* (17.18, 22.16, 29.34, 50.40) ou as numerosas ocorrencias do clítico da P3 *lhy* (ben que *lhe* é amplamente maioritario).

Pasamos agora a comentar os fragmentos do *Livro de Tristan* e do *Livro de Merlin*. A análise lingüística do texto caracteriza o *Livro de Tristan* como galego, xa que presenta entre outros trazos inequívocos as grafías <ll> e <n> / <ñ> e formas verbais de P3 do IPret de perfectos fortes en *-o*, de tipo *disso* (Lorenzo/Souto 2001: 27-55). Outras formas que identifican o texto como galego son *fonda*, *senllos* e *nume* (Pichel/Varela 2017: 173-179). Con base a unha minuciosa análise lingüística e paleográfica —na que, non obstante, non se tiveron en conta os trazos que a seguir imos tratar—, propúxose datar o orixinal da tradución na última década do século XIII e a copia que chegou a nós na primeira metade do século XIV, probablemente nas terras de Toroño, na metade setentrional (galega) da diocese de Tui (Pichel/Varela 2017: 179). Canto ás formas que nos interesan, o clítico dativo da P1 é *me* (3 rexistros) e o das P3 e P6 son *lle* e *lles* respectivamente (21 rexistros en total), o cal sitúa a confección —de terse esta realizado no século XIV, como parece ser aceptado por todos os estudosos que se achegaron ao fragmento— sen dúbida en Galicia. Pola súa parte, o *Livro de Merlin* é caracterizado como portugués polas súas grafías de tipo <lh>, <nh> e <bh> e por formas como *saby* (imperativo) ou *ameudy*. Canto ás formas que nos interesan, chamamos a atención para os pronomes *lhy*, *lhys* (8 rexistros) e *me* dativo (3 rexistros), como se ve nos exemplos: "que *me* demandades?" (Lorenzo/Souto 2001: 165), "que *me* semelha que naceron da pena" (Lorenzo/Souto 2001: 170). Isto parece apuntar cara a unha datación no segundo terzo do s. XIV, por volta de 1350.

Máis problemática semella a datación do fragmento da *Estoria do Graal*, que as súas estudosas, con argumentos paleográficos, sitúan nos finais do século XIII ou comezos do XIV (Dias 2003-2006: 10, Ailenii 2009: 34). Que o manuscrito foi elaborado en Portugal non admite dúbida, á vista das grafías <lh> e <nh>, pero outras características lingüísticas do texto convidan a cuestionar unha datación tan temperá e, por outra banda, suxiren que tal vez existiu unha versión previa realizada en Galicia. Canto ás formas que nos interesan, só se rexistran *te* ("E por

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

esto *te* manda [que todo teu] coraçon seja de todo en Deus") e *lhe*, que se rexistra abundantemente (21 ocorrencias), sen que apareza ningunha ocorrencia da variante concorrente *lhi*, que sería a esperable nun texto realizado en Portugal nas datas propostas polas ditas estudosas. Canto ás variantes de formas verbais, nótese *entraste*. A presenza de variantes como as formas plenas do posesivo proclítico en *minha conpa[nha]*, *tua crença*, *sua corõa*, *sua terra*, *sua conpanha*, *sua molher*, *sua memoria*, son tamén dificilmente compatibles coa dita datación (Carvalho 1996: 103-122; Cardeira 2005: 247-248 e 282-285)[49]. O participio en *-ido*, *perdido* (e talvez a forma [?]*pendido*), parece tamén contradicir unha datación tan temperá (Carvalho 1996: 76-81; Cardeira 2005: 203-206). Por parte, formas como *despoys*, *moy*, *coydar* suxiren un orixinal feito en Galicia, ben que todas elas se rexistran esporadicamente en textos labrados en Portugal nos finais do século XIII e ao longo do XIV. Coidamos que, á luz do devandito, a data deste manuscrito debera ser obxecto dunha re-avaliación.

O fragmento do *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*, hoxe custodiado na Biblioteca da Ajuda a carón do *Cancioneiro da Ajuda* (Brocardo 2006), representa un "exemplar de trabalho utilizado pelo próprio refundidor em 1380-1383" (Mattoso 1980: 34-35). Non pescudamos o fragmento completo, vista a súa baixa rendibilidade para o noso asunto, senón unicamente os treitos narrativos, nomeadamente, os das páxinas 41 a 54, 64 a 66, 75 a 80 e 135 a 138 da edición de Brocardo. O resultado da nosa análise mostra que as variantes de tipo *lhi(s)* son abrumadoramente maioritarias: 65 ocorrencias destas fronte a só 4 de *lhe*. Por parte, a narración da batalla de Salado (Brocardo 2006: 41-54), en que se introducen diálogos, dá azo para a aparición doutras dúas variantes que nos interesan: *me* e *te* como formas de dativo (4 e 5 ocorrencias respectivamente) e a alternancia de finais en *-i* e *-e* na P2 do IPret con claro predominio das segundas: *entraste*, *naciste*, *resurgiste*, *mostraste… / desanparasti* (12 ocorrencias da segunda fronte a 2 da primeira). Semella, pois, que á altura de 1380ca., non só me_{dat} varrera a *mi*, e te_{dat} a *ti*, mais tamén na desinencia da P2 do IPret se estaba impoñendo a variante en *-ste*.

49 A xulgar polos datos que ofrece Maia (1986: 675-7), o uso das formas tónicas do adxectivo posesivo en posición pre-nominal comezou antes e se difundiu máis rapidamente en Galicia do que en Portugal. Véxase formas como *miña* (xa documentada en 1262), *miñas* (1262…), *mina* (1281, 1288, 1300, 1305, 1310…), *myna* (1290, 1307), *myña* (1292, 1308…), *minha* (1299) e *sua* (1257, 1262, 1281, 1282, 1300, 1302..), *suas* (1265, 1278, 1285, 1292, 1298, 1302, 1306…).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

9. DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS

Como conclusións máis importantes da presente achega, que terán continuación na seguinte entrega, salientamos as seguintes:

1. É indiscutible que no subsistema lingüístico portugués se mantivo unha oposición *me* (acusativo) / *mi* (dativo) e, analogamente, entre *te* / *ti* desde as orixes ata aproximadamente a década de 1340. No subsistema galego, nos clíticos da P1 esta distinción xa se perdera desde a etapa preliteraria, é dicir, antes do século XIII. O caso dos clíticos da P2 é máis complexo. Tanto en galego coma en portugués existiu vacilación entre a tendencia a manter a vella oposición —tendencia que triunfaría en galego— e a tendencia a neutralizala en favor de *te* —que se imporía no portugués. Así, durante a etapa galego-portuguesa, no subsistema portugués empregáronse como formas propias do dativo *ti* e *che* — *ch*', no galego deuse preferencia a *che* — *ch*'.

2. Mentres existiu unha oposición entre *me* acusativo e *mi* dativo, e analogamente entre *te* e *ti* en portugués —isto é, ata o segundo terzo do século XIV—, necesariamente tiña que manterse vixente na posición átona final a antiga oposición fonolóxica entre /e/ (< lat. /ē, ĕ, ĭ/) e /i/ (<–/ī/), unha oposición que en galego se neutralizara xa no período preliterario (Mariño 2009). Xa que logo, segundo o parecer xa adiantado, entre outros, por Huber (1986: 93) e Williams (1986: 61), a dita oposición existiu na fase máis antiga do portugués escrito, pero a súa neutralización xeneralizouse en Portugal non ao comezos do século XIV, como estes autores propoñen, e moito menos antes deste período, como sosteñen Maia (1986: 523) e Martins (2003-2006), senón, como pronto, durante o segundo terzo da dita centuria, ao paso que se neutralizaba a oposición *me* / *mi* e *te* / *ti*, a favor das formas escritas con <-e>.

3. Canto a interpretación fónica das grafías con <-e> e <-i> en final de palabra, parece obvio que, nas variedades lingüísticas en que se producía a oposición fonolóxica entre /e/ e /i/ e mentres esta se mantivo, cada unha destas grafías remitía ao seu correspondente fonema. Poden darse casos puntuais de variación, na medida en que estaba en marcha unha evolución tendente á súa neutralización, unha evolución facilitada polo seu escaso rendemento, e visto que, precisamente por isto, en moitos contextos tal variación non resultaba disfuncional[50], pero este fenómeno sería restrinxido porque o funcionamento regular do sistema esixía mantela. Unha vez neutralizada a oposición, o emprego dunha ou outra grafía nalgúns casos pode ter significación fonética

50 Pode ser o caso de formas como *longi*, que comenta Martins (2003-2006: 310) ou das variantes de tipo *fiqui* que aparecen nos textos galegos.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

e por tanto remitir a realizacións máis altas ([i] ou próximas) ou máis baixas ([e] ou próximas), pero non necesariamente a esixe: desde que nesa posición deixara de estar vixente a oposición entre /e/ e /i/, a variación entre distintas realizacións da vogal final —máis elevadas ou máis abaixadas— non perturbaban o funcionamento do sistema, e por tanto é de esperar unha marxe máis ampla de variación fonética entre [e] e [i] e de variación gráfica entre <-e> e <-i>, e ademais xa non é obrigado que exista unha correspondencia estrita entre <-e> e [e] nin entre <-i> e [i].

En contra da interpretación do grafo <-e> como representación dun son [e], que contradiría a hipótese que ela mantén, hipótese segundo a cal a neutralización entre /e/ e /i/ e a elevación a [i] son fenómenos temperáns, Martins propón:

> Alternativamente, poder-se-á interpretar a substituição gráfica de <i> por <e>, que se acentua a partir do século XIV, como um processo de regularização ortográfica numa altura em que, dada a elevação -[e] > [-i], <-e> está a caminho de tornar-se a representação gráfica usual de -[i] (2003-2006: 311).

Tal proceso de "regularização ortográfica" consistiría pois "em representar por <-e> todos os -[i] finais, quer proviessem diretamente de -[ī] latino, quer resultassem da elevação de [e] com origem em -[ē, ĕ, ĭ] latinos" (2003-2006: 314-315). Pola súa banda, Carvalho, ao comprobar que na documentación de Alcobaça, editada por ela mesma, as formas escritas con <i> etimolóxico (tipo *lhi(s), mi, pugi ou viinti*) eran as correntes na primeira metade do século XIV, en canto que na segunda metade todas elas pasan a ser grafadas con <e>, salvo as do clítico *lhi* (aínda así, estas en co-variación coas formas de tipo *lhe*), e que aos inicios do século XV todas as grafías en <-i> desaparecen completamente, interpreta este fenómeno "as a result of normative orthographic pressure by central powers" (2005: 51).

Esta interpretación da xeneralización das grafías en <-e> ao longo do segundo e último terzos do século XIV nos vocábulos que anteriormente se viñan escribindo sistematicamente con <-i> nos textos portugueses, non se compadece cos datos, especialmente se introducimos no cadro a información que nos fornecen os textos galegos. A xulgar pola evidencia documental, dificilmente pode discutirse que en galego a dita neutralización se completara xa no período literario. Como tal neutralización se resolveu a favor de [e], esperablemente, a grafía xeral nos textos galegos é <-e>. Non se acaba de enxergar por que a xeneralización desta grafía <-e> nos textos portugueses desde a metade do século XIV e sobre todo desde os inicios do século XV,

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

representaría unha realización [i] e non [e], aínda admitindo que o [e] final do galego e o [e] final do portugués non necesariamente presentaban realizacións idénticas. Precisamente, tal como sinala Maia, nos séculos XIII e XIV —sobre todo no XIII— as formas rematadas en <-i> anti-etimolóxico, de tipo *fiquy*, *firmy*, *nomj*, son máis frecuentes en documentos galegos do que nos portugueses (1986: 375). Isto ten lóxica se se pensa que en galego non existía a oposición fonolóxica entre /e/ e /i/ en posición átona final, de maneira que a realización da vogal podía variar entre sons máis elevados ou máis abaixados (e o feito de que os exemplos de <i> procedan sobre todo do sur de Galicia suxire que nesta área as realizacións eran máis elevadas do que no resto do territorio galego), mentres que en portugués, existindo tal oposición, as realizacións de cada un dos fonemas —e por tanto as súas representacións gráficas—se distinguían con máis clareza. Precisamente, nos textos portugueses comezan a verificarse grafías anti-etimolóxicas con <-i> contra os mediados do século XV, isto é, unha vez consumada a neutralización (Carvalho 2005: 52-55). En conclusión, de ser acertada a hipótese que defenden estas estudosas, segundo a cal a elevación do [e] final a [i] en portugués se xeneralizou nun período anterior ao século XVIII —hipótese verosímil, sobre a que non procede pronunciarse no presente traballo—, o dito proceso tivo que se producir despois da metade do século XIV.

4. En coherencia coas observacións e conclusións precedentes, parece razoable concluír que as formas *lhi* e *lhis* do clítico dativo da P3 e da P6, as de tipo *dixi* da P1 dos pretéritos fortes, as de tipo *-sti* da P2 do IPret, en que a grafía <-i> é etimolóxica (pois corresponde con [ī] latino), se pronunciaban con -[i]. As devanditas formas son características dos textos portugueses, aínda que ocasionalmente nestes aparecen formas en *-e* (sobre todo, *lhes*). Ao contrario, nos textos galegos —coa excepción parcial dos da franxa meridional fronteiriza de Galicia, sobre todo no século XIII e comezos do XIV—, as formas deses vocábulos aparecen xeralmente escritas con <-e> (*lhe* e *lhes*, *dixe*, *-ste*), que con certeza era unha grafía fonética, e só moi ocasionalmente se rexistran grafías en <-i>. Novamente, a distribución desas grafías e o seu carácter sistemático en cada un dos dous subsistemas (galego e portugués) son incompatibles cunha interpretación non fonética das grafías en <-i> e <-e> dos textos portugueses e da súa evolución, e, xa que logo, non se pode atribuír ao <-e> deses vocábulos unha pronuncia [i], ao menos antes da segunda metade do século XIV. No que atinxe á cronoloxía da evolución desas formas, parece claro que o paso de -[i] a -[e] se produciu ao longo do segundo e último terzos do século XIV. Só posuímos unha información abundante para *mi* > me_{dat} e *lhi(s)* > *lhe(s)*, que estiveron en co-variación desde o segundo terzo do século XIV, pero parece que a definitiva xeneralización de *me* xa se produciu

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

por volta de 1350, mentres que a de *lhe(s)* se produciu aproximadamente a partir de 1385, e só se consumou no primeiro cuartel do século XV.

5. Finalmente, as devanditas conclusións permiten abordar a análise da variación entre as ditas formas nos cancioneiros trobadorescos cunha base suficientemente firme, tarefa que nos ocupará na seguinte entrega do presente traballo.

Táboa das abreviaturas das coleccións documentais máis citadas

Afonso IV = Marques 1990-1992
Alcobaça = Carvalho 2017
AMPorto I, AMPorto II = Jorge/Lopes/Caldas 1967-1974
APal = Dias/Marques/Rodrigues 1987
ATOX = Parkinson (s.d.)
Castelo Branco = Brissos 2011
Crónicas = Lorenzo 1975-1977
DDenis = Gomes 2013
DG-P = Souto 2008
DPort = Martins 2001b
DPrim = Martins 2001a
DRCoimbra = Gomes 1988
HG-P= Maia 1986
LBJPortel e LBJP-E = Azevedo 2003
Lezírias = Nogueira 2003
Livro 2º = Marreiros 2012
PMH = Herculano 1868
Valdevez = Andrade/Krus 2000

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Os Cancioneiros. Fontes e edicións

A = *Cancioneiro da Ajuda*. Véxase *Fragmento do nobiliário do conde dom Pedro. / Cancioneiro da Ajuda. Edição facsimilada do códice existente na Biblioteca Nacional.* Lisboa: Távola Redonda / Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico – Biblioteca da Ajuda, 1994.

Michäelis de Vasconcellos, Carolina (1990 [1904]): *Cancioneiro da Ajuda. Edição crítica e comentada*. 2 vols. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.

Carter, Henry (1975): *Cancioneiro da Ajuda. A diplomatic edition*. New York: Klaus Reprint.

B = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*. Véxase *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci Brancuti). Cod. 10991. Reprodução facsimilada*. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional / Casa da Moeda, 1982.

Molteni, Enrico (1880): *Il Canzoniere Portoghese Colocci-Brancuti, pubblicato nelle parti che completano il Codice Vaticano 4803*. Halle: Max Niemeyer.

Machado, Elza Paxeco e José Pedro Machado (1949-1964): *Cancioneiro da Biblioteca Nacional. Antigo Colocci-Brancuti.* 8 vols. Lisboa: Revista de Portugal.

Tavani, Giuseppe (1999): *«Arte de Trovar» do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Lisboa: Colibri.

V = *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*. Véxase *Cancioneiro português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.

Monaci, Ernesto (1875): *Il Canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*. Halle: Max Niemeyer.

N = Pergamiño Vindel. Véxase Monteagudo, Henrique (ed.) (2017): *Martín Codax. Cantigas*. Vigo: Galaxia / Consello Social da Universidade de Vigo.

CSM= Mettmann, Walter (ed.) (1981): Afonso X, o Sabio. *Cantigas de Santa Maria.* 2 vols. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

To = Monteagudo, Henrique (ed.) (2003): *Afonso X o Sabio. Cantigas de Santa Maria*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición facsimilar do códice de Toledo (*To*), Biblioteca Nacional de Madrid, ms. 10 069.

Schaffer, Martha E. (ed.) (2010): *Afonso X o Sabio. Cantigas de Santa Maria. Códice de Toledo (To)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

E = Anglés, Hygini (1943-1964): *La Música de las Cantigas de Santa María del Rey Alfonso el Sabio.* 4 vol. Barcelona: Diputación Provincial, Biblioteca Central. T. 1: *Facsímil del Códice j.b.2 de El Escorial*.

T = Fidalgo Francisco, Elvira (ed.) (2011): *Alfonso X el Sabio. Las Cantigas de Santa María: Códice Rico, Ms. T-I-1, Real Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo de El Escorial.* 3 vols. Madrid: Patrimonio Nacional / Testimonio.

F = Afonso X o Sabio (1989-1991): *Cantigas de Santa Maria. T.I. Edición facsímil del códice B.R. 20 de la Biblioteca Nazionale Centrale de Florencia: siglo XIII.* Madrid: Edilán.

Hernández Serna, Joaquín (1993): *Cantigas de Santa María: Códice B.R. 20 de Florencia: estudio, transcripción, situación y variantes*. Murcia: Universidad.

Recursos en Rede. Edicións dixitais

Askins, Arthur L-F. (dir.) (1997-): *BITAGAP (Bibliografia de textos antigos galegos e portugueses)*. Berkeley: The Bancroft Library. University of California. http://vm136.lib.berkeley.edu/BANC/philobiblon/bitagap_en.html

Brea, Mercedes e Pilar Lorenzo Grandín (dirs.) (2019): *MedDB. Base de datos da lírica profana galego-portuguesa. Versión 3.6.1.* Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. http://www.cirp.gal/meddb

Domingues, José (coord.) (2012-): *CLIMA. Corpus legislativo da Idade Media anotado*. Porto: Universidade Lusíada. http://www.ulusiada.pt/clima/

González Seoane, Ernesto (coord.) (2006-2018): *Dicionario de dicionarios do galego medieval.* Vigo: Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega. http://sli.uvigo.es/DDGM/

Ferreiro, Manuel (dir.) (2014-): *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa.* A Coruña: Universidade. http://glossa.gal/

———— (dir.) (2018-): *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. A Coruña: Universidade. https://universocantigas.gal/

Lopes, Graça Videira, Manuel Pedro Ferreira [*et al.*] (2011-): *Projeto littera. Cantigas medievais galego-portuguesas.* Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA. http://cantigas.fcsh.unl.pt/

Reis, António Matos (s.d.): *Forais extensos* [web]. [Viana do Castelo]: [edición do autor] https://sites.google.com/site/foraisextensos/abertura

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2007-): *Tesouro medieval informatizado da lingua galega 2.1. (TMILG)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. http://ilg.usc.es/tmilg/

Xavier, María Francisca (dir.) (2002-): *Corpus informatizado do português medieval, o CIPM*. Lisboa: Universidade Nova. https://cipm.fcsh.unl.pt/gencontent.jsp?id=92

Outros textos e documentos. Edicións e estudos

Ailenii, Simona (2009): "O arquétipo da tradução portuguesa da *Estoire del Saint Graal* à luz de um testemunho recente", *Revista Galega de Filoloxía* 10, 11-38.

Alarcão, Jorge de e Luís Carlos Amaral (1986): *Livro das campainhas. Códice da segunda metade do século XIV. Mosteiro de São Salvador de Grijó*. Vila Nova de Gaia: Câmara municipal.

Ali, Manuel Said (1966): *Gramática histórica da língua portuguesa* (6ª edición). São Paulo: Melhoramentos.

Almeida, Maria L. Alves Ferreira de (1992): *Foral e foros da Guarda. Edição e estudo linguístico do manuscrito português*. Viseu: Universidade Católica Portuguesa. Trabalho de síntese elaborado no âmbito de História da Língua Portuguesa para as Provas de Aptidão Pedagógica e Capacidade Científica.

Álvarez, Rosario (1994): "As formas de dativo e a expresión do número no galego medieval",*Verba* 21, 133-166.

Álvarez, Rosario e Xosé Xove (1998): "Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*", en D. Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, I, 29-58.

———— (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Andrade, Amélia Aguiar e Luís Krus (dirs.) (2000): *Valdevez medieval. Documentos I (950-1299)*. Arcos de Valdevez: Câmara municipal. [Valdevez].

Azevedo, Pedro A. (2003): *Livro dos bens de D. João de Portel. Cartulario do seculo XIII*. Lisboa: Colibri. [LBJPortel].

Boullón, Ana I. e Henrique Monteagudo (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Santiago de Compostela: Universidade.

Brissos, Fernando J. Costa (2011): *Linguagem do sueste da Beira no tempo e no espaço*. Lisboa: Universidade. Dissertação de doutoramento inédita. [Castelo Branco].

Brocardo, Teresa (2006): *Livro de linhagens do Conde D. Pedro. Edição do fragmento manuscrito da Biblioteca da Ajuda (século XIV)*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.

Cardeira, Esperança (2005): *Entre o português antigo e o português clássico*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Carvalho, Maria J. (1996): *Do português arcaico ao português moderno. Contributos para uma nova proposta de periodização*. Coimbra: Universidade. Dissertação de mestrado apresentada à Faculdade de Letras.

———— (2005): "On the origin of the final unstressed [i] in Brazilian and other varieties of Portuguese. New evidence in an enduring debate", en Jens Erik Mogensen, Eva Skafte Jensen, Michael Fortescue e Lene Schøsler (eds.), *Historical linguistics 2003. Selected papers from the 16th International Conference on Historical Linguistics (Copenhagen, 11-15th August 2003)*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 47-60.

———— (2017): *Documentação medieval do mosteiro de Santa Maria de Alcobaça. Edição, com introdução e notas de aparato crítico. Verba*. Anexo 74. Santiago de Compostela: Universidade. [Alcobaça].

Castro, Ivo (2004): *Introdução à história do português*. Lisboa: Colibri.

Cepeda, Isabel Vilares (1995): *Bibliografia da prosa medieval em língua portuguesa*. Lisboa: Instituto da Biblioteca Nacional e do Livro.

Cintra, Luís F. Lindley (1984): *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo: seu confronto com a dos foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre: contribuição para o estudo do leonês e do galego-português do século XIII*. [Lisboa]: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.

Coelho, Maria Helena da Cruz e Maria do Rosário Barbosa Morujão (1999): *Forais e Foros da Guarda*. A Guarda: Câmara municipal.

Costa, Ana L. Pereira e Maria O. Rodrigues Santana (2006): "Documentação foraleira dionisina de alguns concelhos do Alto Trás-os-Montes", *Revista Galega de Filoloxía 7*, 117-141.

Dias, Aida Fernanda (2003-2006): "A matéria da Bretanha em Portugal: relevância de um fragmento pergaminháceo", *Revista Portuguesa de Filologia* 25, 145-222.

Dias, Epiphanio da Silva (1970): *Sintaxe histórica portuguesa* (5ª edición). Porto: Livraria Clássica.

Dias, João J. Alves, António H. de Oliveira Marques e Teresa F. Rodrigues (1987): *Álbum de Paleografia*. Lisboa: Estampa. [APal].

Domingues, José e Pedro Pinto (2015): "Os foros extensos na Idade Média em Portugal", *Revista de Estudios Histórico-Jurídicos* 37, 153-174.

Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Ferreira, José de Azevedo (1980): *Alphonse X. Primeyra Partida. Édition et étude*. Braga: Instituto Nacional de Investigação Científica.

———— (1987): *Afonso X. Foro Real.* 2 vols. Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica.

———— (1993a): "Flores de Direito", en Lanciani/Tavani 1993: 278-279.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

———— (1993b): "Foro Real", en Lanciani/Tavani 1993: 281.
———— (1993c): "Partidas", en Lanciani/Tavani 1993: 511-512.
———— (2001): *Estudos de história da língua portuguesa. Obra dispersa*. Braga: Universidade do Minho / Centro de Estudos Humanísticos.
Gomes, Saul António (1988): "Documentos medievais de Santa Cruz de Coimbra", *Estudos Medievais* 9, 3-167. [DRCoimbra].
———— (2013): "A chancelaria régia de D. Dinis: Breves observações diplomáticas", *Fragmenta historica. Revista do Centro de Estudos Históricos da Universidade Nova de Lisboa* 1, 9-38. [DDenis].
Herculano, Alexandre (1868): *Portugaliae Monumenta Historica. Vol. III (2). Leges et consuetudines*. Olisipone: Typis Academicis. Dispoñible en http://purl.pt/12270. [PMH].
Huber, Joseph (1986): *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
Jorge, Ricardo, José C. Lopes e José Caldas (1967-1974): *Corpvs codicvm latinorvm et portvgalensivm eorvm qvi in Archivo Mvnicipali Portvcalensi asservantvr antiqvissimorvm ivssv cvriae mvnicipalis editvm. Vol. VI: Livro 1º de pergaminhos, fasc. I e II; Livro 2º de pergaminhos, fasc. III, fasc. IV e V* [Porto]: Câmara municipal, Gabinete de Historia da Cidade. [AMPorto I, AMPorto II].
Lanciani, Giulia e Giuseppe Tavani (coords.) (1993): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*. Lisboa: Caminho.
Lorenzo Gradín, Pilar e José A. Souto Cabo (coords.) (2001): *Livro de Tristan e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
Lorenzo, Ramón (1975): "Gallego y portugués: algunas semejanzas y diferencias", en *Filología y didáctica hispánica. Homenaje al Profesor Hans-Karl Schneider*. Hamburg: Helmut Buske, 155-175.
———— (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo". [Crónicas].
———— (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza. Versión dixitalizada do manuscrito en http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000046143
———— (2004): *Miragres de Santiago = Milagres de Santiago = Milagros de Santiago*. 2 v. [Valencia]: Scriptorium Ediciones Limitadas.
Machado Filho, Américo V. Lopes (2008): *Diálogos de São Gregório. Edição e estudo de um manuscrito medieval português*. Salvador: Edufba.
———— (2009): *Um «Flos Sanctorum» trecentista em português*. Brasília: Universidade.

———— (2015): *Diálogos de São Gregório. Edição semidiplomática*. Bahia: Universidade Federal. Dispoñible en http://repositorio.ufba.br/ri/handle/ri/17923

Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referência á situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica. [HG-P].

Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

———— (2009): "A vogal /i/ en posición átona final de palabra no galego medieval", *Revista de Filología Románica* 26, 71-98.

———— (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Marques, António H. de Oliveira (1984): *Chancelaria de D. Pedro I (1357-1367)*. Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica.

———— (1990-1992): *Chancelarias Portuguesas. D. Afonso IV.* 3 vols. Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica / Centro de Estudos Históricos da Universidade Nova de Lisboa. [Afonso IV].

Marreiros, Rosa (2012): *Chancelaria de D. Dinis. Livro II*. Coimbra: Terra Ocre. [*Livro 2º*].

Martins, Ana M. (1994): *Clíticos na história do português.* Lisboa: Universidade. Dissertação de doutoramento inédita.

———— (2001a): "Emergência e generalização do português escrito. De D. Afonso Henriques a D. Dinis", en M. H. Mira Mateus (coord.), *Caminhos do Português.* Lisboa: Biblioteca Nacional, 23-71. [DPrim].

———— (2001b): *Documentos portugueses do noroeste e da região de Lisboa. Da produção primitiva ao século XVI*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda. [Dport].

———— (2003-2006): "Para a história do vocalismo átono português: a propósito do testamento de Afonso II de 1214", *Revista Portuguesa de Filologia* 25, 295-319.

———— (2016): "Introdução: O português numa perspetiva diacrónica e comparativa", en Ana Maria Martins e Ernestina Carrilho (eds.), *Manual de linguística portuguesa*. Berlin: De Gruyter Mouton, 1-39.

Mattos e Silva, Rosa V. (1989): *Estruturas trecentistas.* 2 vols. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.

———— (2008): *O português arcaico. Uma aproximação.* 2 vols. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Mattoso, José (1980): "Introdução", en José Mattoso (ed.), *Livro de Linhagens do Conde don Pedro*. 2 vols. Lisboa: Publicações da Academia das Ciências, I, 7-54.

Menéndez Pidal, Ramón (1999): *Orígenes del español. Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI*. Madrid: Espasa.

Michaëlis de Vasconcellos, Carolina (1920): "Glossário do *Cancioneiro da Ajuda*", *Revista Lusitana* 23, 1-95.

Monteagudo, Henrique (2008a): "Ortografía *alfonsí*? Para a análise grafemática dos testemuños poéticos en galego da segunda metade do século XIII", en Manuel Ferreiro, Carlos P. Martínez Pereiro e Laura Tato Fontaíña (eds.), *A edición da poesía trobadoresca en Galicia*. A Coruña: Baía Edicións, 141-160.

———— (2008b): *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

———— (2012): "Galego, portugués e brasileiro no tempo. Achegas para unha diacronía comparada", en Xoán C. Lagares e Henrique Monteagudo (orgs.), *Galego e portugués brasileiro. História, variação e mudança*. Rio de Janeiro: Universidade Federal Fluminense, 37-104.

———— (2013): "«*Cuita* grand'e *cuidado*» (*A* 32) / «*Coita* grand'e *coydado*» (*B* 174). Estratigrafía da variación lingüística nos cancioneiros trobadorescos", *Boletín da Real Academia Galega* 374, 207-299.

———— (2015): "Variación scriptolingüística e estratigrafía comparada de *A* e *B*. Achegas á proto-tradición manuscrita dos cancioneiros galego-portugueses", *Diacrítica* 29, 471-496.

———— (2019a): "Variación scriptolingüística e tradición manuscrita da lírica trobadoresca: As variables <nh/n> e <ss/s>", en Ernestina Carrilho, Ana M. Martins, Sandra Pereira e João P. Silvestre (eds.), *Estudos linguísticos e filológicos oferecidos a Ivo Castro*. Lisboa: Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, 859-959.

———— (2019b): "Os pronomes tónicos oblicuos libres *min* e *mí* nos cancioneiros trobadorescos", *Revista Galega de Filoloxía* 20, 91-118. https://doi.org/10.17979/rgf.2019.20.0.5921

Mota, Jacira Andrade, Rosa Virginia Matos, Vera Lúcia Sampaio e Nelson Rossi (1965): *Livro das aves*. [Rio de Janeiro]: Instituto Nacional do Livro. Ministério da Educação e Cultura.

Neto, Serafim da Silva (1956): *Textos medievais portuguêses e seus problemas*. Rio de Janeiro: Ministério de Educação e Cultura.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Nobiling, Oskar (2007 [1907]): "Acerca do texto e da interpretação do *Cancioneiro da Ajuda*", en *As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos*. Niterói: Universidade Federal Fluminense, 173-218.

Nogueira, Bernardo Sá (2003): *O Livro das lezírias d'El Rei Dom Dinis*. Lisboa: Universidade. [*Lezírias*].

Nunes, José Joaquim (1975): *Compêndio de gramática histórica portuguesa. Fonética e morfologia* (8ª edición). Lisboa: Livraria Clássica.

Parkinson, Steven (ed.) (s.d.): *Arquivo de textos notariais em português antigo, Oxford*. Edición dixitalizada cedida polo editor ao *Corpus informatizado do português medieval*. [ATOX].

Pereira, Gabriel (1909): "*Livro d'Alveitaria* do mestre Giraldo", *Revista Lusitana* XII, 1-60.

Pichel, Ricardo e Xavier Varela Barreiro (2017): "O fragmento galego-portugués do *Livro de Tristam*. Nova proposta cronolóxica e diatópica", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, 159-214.

Pizarro, José A. de Sotto Mayor (2005): *D. Dinis*. Lisboa: Círculo de Leitores.

Ramos, Ana M. (2008): *O cancioneiro de Ajuda. Confecção e escrita*. 2 vols. Lisboa: Universidade. Dissertação de doutoramento inédita. Dispoñible en http://repositorio.ul.pt/handle/ 10451/553.

Río Riande, Maria G. del (2010): "El surgimiento de la prosa científica en Portugal: el *Livro d'Alveitaria* del Mestre Giraldo", en Pierre Civil e Françoise Crémoux (eds.), *Actas del XVI Congreso de la Asociación Internacional de Hispanistas. Nuevos caminos del hispanismo*... Madrid: Iberoamericana. Dispoñible en https://www.aacademica.org/gimena.delrio.riande/138.pdf

Rodrigues, Maria C. Matias (1992): *Dos costumes de Santarém*. Lisboa: Universidade. Dissertação de mestrado, *pro manuscrito*.

———— (1993): "Nova proposta de datação de três manuscritos medievais", en *Actas do IX Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*. Coimbra: Universidade, 363-376.

Rodríguez Guerra, Alexandre e Xavier Varela Barreiro (2007): "As grafías no *Cancioneiro da Ajuda*", en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Na nosa lyngoage galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 473-556.

Soares, Lina M. Marques (2005): *Foral antigo de Santarém. Edição crítica e estudo*. Lisboa: Colibri.

Souto Cabo, José António (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. Monográfico nº 5 da *Revista Galega de Filoloxía.* A Coruña: Universidade. [DG-Port].

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 303-395
ISSN: 1576-8767

Stengaard, Birte (2003): "El uso libre de los pronombres personales tónicos oblicuos en el gallego-portugués medieval: características sintácticas e implicaciones diacrónicas", en Fernando Sánchez Miret (ed.), *Actas del XXIII Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románica*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. II, 425-433.

Viana, Mário (2002): "Um testemunho de direito consuetudinário (1281)", *Arquipélago. Historia* (2ª série) 6, 399-415.

Williams, Edwin B. (1986): *Do latim ao português*. Rio de Janeiro: Tempo brasileiro.

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 397-405
© 2019. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.380.776

DE EDUARDO A EDUARDA: UN POEMA INÉDITO DE PONDAL Á IRMÁ MORTA

FROM EDUARDO TO EDUARDA: UNPUBLISHED POEM BY PONDAL TO HIS DEATH SISTER

Juan Félix Neira Pérez
IES Eduardo Pondal (Ponteceso)
UNED A Coruña

Resumo: Exhumamos neste artigo un poema inédito de Eduardo Pondal, composto en recordo da súa irmá Eduarda, morta en Muxía cando pasaba uns días en compañía de Rosalía de Castro, co gallo da romaría da Barca.

Abstract: This article presents one unpublished poem by Eduardo Pondal, composed in memory of his sister Eduarda, who died in Muxía when she was spending some days in company of Rosalía de Castro at the time of the religious pilgrimage of A Barca.

Palabras chave: Eduardo Pondal, Eduarda Pondal, Rosalía de Castro, poema inédito.

Key words: Eduardo Pondal, Eduarda Pondal, Rosalía de Castro, unpublished poem.

1. A MORTE EN MUXÍA, "A AREOSA, A SECA, A TRISTE"

Con estes tres adxectivos, evoca Pondal no poema 26 de *Queixumes dos pinos* (1886) a fermosa vila atlántica, connotada aquí baixo sombrío verniz. Tiña motivos o Bardo. No mes de setembro de 1853, na romaría da Barca de Muxía, quixo o destino preservar a vida da que chegaría a ser unha gloria das nosas letras, en tanto que sacrificaba outra vinculada a outro futuro prócer da literatura galega. A peripecia destas dúas mulleres en Muxía foinos contada, cada unha á súa maneira, por outros tantos homes que, co tempo, chegarían ao cumio da historia

e da literatura: a de Rosalía de Castro, polo que sería o seu esposo, Manuel Murguía; a da malfadada Eduarda, polo seu irmán Eduardo Pondal.

Ao final do capítulo dedicado a Eduardo Pondal en *Los precursores* (1885: 153-154), Murguía narra o ocorrido na romaría muxiá, "aquel año espléndida y concurrida":

> Dos de esas jóvenes, tocadas por la terrible enfermedad, cayeron como heridas por el rayo. Fue un verdadero duelo en aquella villa llena de fiestas. Aun no contaban sus dieciseis años y ya la muerte se sentaba á la cabecera de su lecho; no habían vivido y las cercaban ya las tinieblas eternas. Poco se necesitó para que una de ellas diese su ¡adios! á cuanto amaba. Era la hermana del poeta. La otra… el cielo la guardaba sin duda para que gustase toda pena, y conociese la desgracia que no tiene fin, por que vive todavía y es autora de unos versos que, como los de Pondal, durarán eternamente en su país, mientras aquí se hable y entienda la lengua de nuestros padres.

Afondando na relación entre Rosalía e Eduarda, Carballo Calero afirma que a amizade entre ambas, que Bouza Brey consideraba probada (1955: 227-228), "é só unha hipótese baseada nun testo de Murguía (*Los precursores*, páx. 154) no que literalmente só se afirma a concurrencia das dúas mozas á mesma festa" (1981: 245).

Coñecemos outras circunstancias da estadía das dúas mulleres en Muxía. Carballo (1981: 245) engade:

> A morte ocurríu na casa do médico don Leandro Abente, irmán da nai de Pondal. Iste don Leandro é o abó do poeta Gonzalo López Abente, e pai de Victorino Abente Lago, poeta tamén. Na mesma casa de don Leandro Abente, que tiña moitas fillas, pasóu Rosalía a festa da Barca, e a doenza subseguinte. Non sei decir se coñecéu daquela a Eduarda, ou a tiña coñecido denantes. O certo é que era invitada dos Abente. As lembranzas daquil ano 1853 inspiráronlle sen dúbida a súa novela *La hija del mar* (1859), que ten a Muxía por esceario, e o VI poema dos *Cantares*, "Nosa Señora da Barca".

Moi estreita foi a relación entre os Pondal e os Abente de Muxía. De feito, temos escrito que Pondal, cando marchou a cursar os seus primeiros estudos á reitoral muxiá de Vilela de Nemiña, co párroco don Cristóbal de Lago, parece que se aloxou nunha casa que o médico don Leandro Abente posuía no lugar de Queiroso, moi preto da reitoral (Neira 2015: 174).

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 397-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

2. EDUARDA GONZÁLEZ PONDAL, "HERMANA QUERIDA"

Eduarda Francisca González Pondal Abente naceu en Ponteceso, o 23 de decembro de 1828. Recibiu as augas bautismais na igrexa parroquial de San Tirso de Cospindo. Apadriñárona Francisco García e dona Juana Abente, tía da nena, ambos veciños da vila de Laxe[1]. Como quedou dito, Eduarda morreu en Muxía, en cuxo libro de defuntos o párroco José Fondevila asenta o 26 de setembro de 1853 a morte de "Dª Eduarda Pondal", e sinala que ocorreu o día anterior; engade que non fixo testamento e que foi soterrada na vila da Barca[2]. Aínda que morreu en Muxía, tamén no libro de defuntos da súa parroquia natal quedou constancia do seu pasamento, coa data concreta da defunción, o 25 de setembro de 1853, e indícase "muerta en Muxía"[3]. Anos máis tarde, os seus restos serían trasladados ao chan nativo, onde hoxe descansan, no panteón familiar do camposanto de Cospindo na aldea do Couto, a carón da sede da Fundación Eduardo Pondal que tantos frutíferos servizos está a prestar á cultura galega.



Sepultura de Eduarda Pondal en Cospindo

É mágoa que o reitor muxián non indique a causa do pasamento de Eduarda. Nos falecidos arredor desa data tampouco se aprecia unha mortalidade excesiva nin causa ningunha anormal que indicase que a presunta causa da morte de Eduarda e da enfermidade de Rosalía puidera ser un brote de tifo. Ora ben, tamén é verdade que se percibe certo desleixo no apuntamento das defuncións, xa que o único asento de setembro é o de Eduarda, e ademais ningunha defunción hai rexistrada nos meses de agosto, outubro e novembro, feito imposible de imaxinar. Que os párrocos desatendesen ás veces a súa obriga de levar ao día os libros parroquiais entraba dentro do relativamente habitual, pero non deixan de ser curiosas tan evidentes omisións. Padeceuse en verdade un andazo de tifo e o reitor viuse desbordado?

1 AHDS: San Tirso de Cospindo. Bautizados 1828-1851, nº 1.

2 AHDS: Santa María de Muxía. Bautizados 1851-1860. Casados 1851-1860. Difuntos 1851-1860, nº 7; Difuntos 1779-1856, nº 19.

3 AHDS: San Tirso de Cospindo; San Vicente da Graña. Difuntos 1852-1906, nº 10.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 397-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Por outra banda, sabemos por unha carta que a morte da irmá foi en parte a causante dunha ausencia de Pondal como estudante en Santiago[4]. Di así:

> Sr. Rector de esta Universidad literaria de Santiago
>
> D. Eduardo Pondal y Abente alumno matriculado en tercer año de filosofia elemental á Us. con el debido respeto espone: que por hallarse en la convalecencia de una enfermedad que ha padecido y por acaecerle al mismo tiempo la muerte de una hermana no ha podido llegar á tiempo oportuno para matricularse en lengua griega; y conviniendo al que espone probar el presente curso en dha. asignatura á Us. rendidam^te^
>
> Suplica se digne disponer se le admita como alumno de ella en lo que recibira especial favor de la justificada rectitud de Us.
>
> Santiago y octubre cinco de mil ocho cientos cincuenta y tres.
>
> Eduardo Pondal

3. A OFRENDA POÉTICO-FLORAL, "ESE RAMO QUE FORMÉ"

Afortunadamente, no poema consta o lugar e a data completa da súa escritura: Muxía, 13 de outubro de 1879. Estas coordenadas espaciais e temporais permiten ademais contextualizar a creación dos versos, xa que o 13 de outubro é, en efecto, o día de Santo Eduardo, e Pondal estaba tamén ese mesmo día en Muxía, onde morrera Eduarda. É doado imaxinar como ao maxín do Bardo puido afluír entón, en tan sinalado lugar e día, o recordo da infortunada irmá, de aí a composición. Como poeta que é, Pondal non pode evitar regalarlle á irmá unha mostra do seu estro. Escrito nun papel lixeiramente inferior a unha cuartilla (13,2 x 20,3 cm), o poema autógrafo foi regalado por un descendente do vate á persoa que nos informou del, polo cal lle reiteramos a nosa gratitude. Sen dúbida, a letra é de Pondal:

> *A mi hermana Eduarda en su día*
>
> Ese ramo que formé
> de mirto y dalias vistosas
> y de malvas olorosas
> a ti te lo consagré.

4 AHUS: Expedientes persoais: Eduardo María González Pondal Abente (1848-1860, 1872), Medicina. 579, nº 7, 1-2.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 397-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Quiero que emisario sea
de mi ternura entretanto,
no corro a abrazarte que…
¡hoy es día de tu Santo!

Presente insignificante
para aquel que desconoce
que las flores son mi goce
y que las busco anhelante.

Pero tú, hermana querida,
así no te lo imaginas
pues conoces el valor
de esas flores ¡sin espinas!

Mugía Octubre 13 de 1879

Na obra poética en castelán do Bardo que editamos e comentamos n'*A outra maleta de Pondal. Poesía castelá esquecida: a forxa dun poeta* (2017), non faltan pezas encomiásticas e agarimosas dedicadas a mulleres da súa familia, como "A mi joven prima Emilia Pondal", "A su primita Elvira Abente" ou "A mi sobrinilla Matilde Pondal". Outras foron escritas con motivo do pasamento de persoas queridas, nomeadamente as compostas baixo o impacto da morte de dous benqueridos amigos: Aurelio Aguirre e Rosalía de Castro. Por certo, un lustro despois da morte de Eduarda, o de Ponteceso publica en *El País* de Pontevedra o poema "Adiós, mi hermana, no es por siempre, adiós", do que achegamos varias interpretacións dado que, malia a aparente claridade do título, a lectura non é unívoca no sentido de identificala coa irmá falecida (Neira 2017: 149-152).

A peza amosa o estilo de Pondal nos poemas en castelán destes anos, cando está moi influído polo romanticismo. Nestes versos que queren ser tamén como flores que se ofrendan á irma, o tan manido tópico presenta aquí certa oportunidade, na medida en que ese "ramo que formé" constitúe o obsequio á desventurada irmá nun día e lugar tan sinalados; ora ben, a antítese flores/espiñas nada ten de orixinal, como tampouco o son moitos outros trazos da creación lírica do de Ponteceso na lingua cervantina. Algunha vez emerxe na poética pondaliana o ton humorístico, apreciable na segunda estrofa, que pode resultar en certo modo estraño ou sorprendente nun poema *in memóriam*, pero que contribúe eficazmente a desdramatizar a lembranza da irmá, ou incluso a estragala.

Desde o punto de vista métrico, Pondal acode a esquemas tradicionais que observamos noutros poemas seus en castelán. Aquí combina dous tipos de estrofas de catro versos octosilábicos: as redondillas (abba) primeira e terceira coas

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 397-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

estrofas segunda e cuarta nas que só riman os versos pares (-a-a). As rimas son consonantes, salvo nos versos impares da primeira redondilla. Todos os versos, iso si, conteñen oito sílabas métricas.

Con esta pequena achega contribuímos a exhumar máis versos descoñecidos do Bardo, que habería que engadir ao corpus recollido n'*A outra maleta de Pondal*, obra na que xa apuntamos que irían aparecendo novas creacións do poeta. A tarefa debe continuar.

FONTES DOCUMENTAIS

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS):

Santa María de Muxía. Bautizados 1851-1860. Casados 1851-1860. Defuntos 1851-1860, nº 7.
Santa María de Muxía. Defuntos 1779-1856, nº 19.
San Tirso de Cospindo. Bautizados 1828-1851, nº 1.
San Tirso de Cospindo; San Vicente da Graña. Defuntos 1852-1906, nº 10.

Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS):

Expedientes persoais: Eduardo María González Pondal Abente (1848-1860, 1872), Medicina. 579, nº 7, 1-2.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Bouza Brey, Fermín (1955): "La joven Rosalía en Compostela (1852-1856)", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 10, 201-257.

Carballo Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Galaxia.


Murguía, Manuel (1885): *Los precursores*. Coruña: Latorre y Martínez, editores.

Neira Pérez, Juan Félix (2015): "Pondal, estudante de latín. Achegas biográficas a propósito duns inéditos", *Boletín da Real Academia Galega* 375, 171-192. Dispoñible en http://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/BRAG/article/view/449/463

———— (2017): *A outra maleta de Pondal. Poesía castelá esquecida: a forxa dun poeta*. A Coruña: Deputación.


Pondal, Eduardo (1995): *Poesía galega completa I. Queixumes dos pinos*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco. Edición de Manuel Ferreiro.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 397-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680




Carta de Eduardo Pondal escusando a súa ausencia en Santiago (anverso). Fonte: AHUS

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 397-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680



Carta de Eduardo Pondal escusando a súa ausencia en Santiago (reverso). Fonte: AHUS

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 397-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680



A mi hermana Eduarda
en su día

Ese ramo que forme
De mirto y Dalias vistosas
Y de malvas olorosas
Ati te lo consagro.
Quiero q' sumisario sé.
De mi ternura entretanto.
No corro á abrazarte que...
¡Hoy es dia de tu Santo!

Pequeño mui insignificante
Para aquel q' lo conoce
Que las flores son mi goze
Y q' las busco anhelante,
Pero tu hermana querida.
Asi no te lo imagines
Pues conoces el valor
De esas flores, sin espinas!

Mugia Octubre 13 de 1871

Poema autógrafo de Eduardo Pondal "A mi hermana Eduarda en su día".
Fonte: colección particular.

VI

Vida oficial da RAG

A Academia na actualidade

Crónica da Academia (2019)

Necrolóxicas:

Giuseppe Tavani (1924-2019) / Ramón Lorenzo

Andrés Fernández-Albalat Lois, a morte do home xusto / Xosé Ramón Barreiro Fernández

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 409-412
© 2019. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.380.777

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2019)

Dende o 28 de marzo de 2017, a Comisión Executiva da Real Academia Galega está formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Víctor Fernández Freixanes
- Secretario: D. Xosé Henrique Monteagudo Romero
- Vicesecretario: D. Andrés Torres Queiruga
- Arquiveira-Bibliotecaria: D.ª Fina Casalderrey
- Tesoureira: D.ª Marilar Aleixandre

Relación dos actuais membros numerarios

1. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
2. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
3. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
   Ingreso: 25 de novembro de 1992.
4. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
5. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
6. Excma. Sra. D.ª Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
7. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
   Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
8. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
9. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández.
   Ingreso: 24 de outubro de 1998.
10. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
11. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
    Faleceu o 29 de decembro de 2019.
12. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
13. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira.
    Ingreso: 28 de setembro de 2002.
14. Excma. Sra. D.ª Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
15. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
16. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
17. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.
18. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yanes. Ingreso: 22 de abril de 2006.
19. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
20. Excma. Sra. D.ª Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.

21. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.
22. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar. Ingreso: 12 de xuño de 2010.
23. Excmo. Sr. D. Xosé Henrique Monteagudo Romero.
    Ingreso: 25 de febreiro de 2012.
24. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández. Ingreso: 2 de xuño de 2012.
25. Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández.
    Ingreso: 14 de setembro de 2013.
26. Excma. Sra. D.ª Fina Casalderrey Fraga. Ingreso: 22 de novembro de 2013.
27. Excma. Sra. D.ª Marilar Aleixandre. Ingreso: 14 de xaneiro de 2017.
28. Excma. Sra. D.ª M.ª Xesús Pato Díaz. Ingreso: 23 de setembro de 2017.
29. Excma. Sra. D.ª Ana Romaní. Ingreso: 6 de abril de 2019.

Relación dos actuais membros de honra

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
   Faleceu o 22 de marzo de 2019.
2. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
3. Excmo. Sr. D. Carlos Alberto Zubillaga Barrera.
   Ingreso: 21 de abril de 2012.
4. Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova. Ingreso: 9 de novembro de 2013.
5. Excma. Sra. D.ª Nélida Piñon. Ingreso: 27 de setembro de 2014.
6. Excmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 3 de outubro de 2015.
7. Excma. Sra. D.ª Marina Mayoral. Ingreso: 2 de decembro de 2017.
8. Excma. Sra. D.ª María Rosa Lojo. Electa: 21 de decembro de 2019.

Relación dos actuais membros correspondentes por orde de ingreso:

1. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
2. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
3. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
4. Ilmo. Sr. D. Carlos Compairé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
5. Ilmo. Sr. D. Daniel D. Vidart. Ingreso: 5 de xullo de 1970.
6. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo.
   Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
7. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende.
   Ingreso: 17 de novembro de 2001.
8. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López.
   Ingreso: 17 de novembro de 2001.
9. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
10. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
11. Ilma. Sra. D.ª Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 409-412
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

12. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
13. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
14. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
15. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
16. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
17. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
18. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
19. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
20. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
21. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira.
    Ingreso: 27 de marzo de 2004.
22. Ilma. Sra. D.ª María Dolores Sánchez Palomino.
    Ingreso: 27 de marzo de 2004.
23. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo.
    Ingreso: 27 de marzo de 2004.
24. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
25. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
26. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
27. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández.
    Ingreso: 9 de outubro de 2004.
28. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
29. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
30. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
31. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
32. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.
33. Ilmo. Sr. D. Farruco Sesto Novas. Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
34. Ilma. Sra. D.ª Débora Campos Vázquez. Ingreso: 25 de marzo de 2011.
35. Ilma. Sra. D.ª Ana Isabel Boullón Agrelo. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
36. Ilmo. Sr. D. Xosé Henrique Costas González.
    Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
37. Ilmo. Sr. D. Gonzalo Navaza Blanco. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
38. Ilmo. Sr. D. Antón Palacio Sánchez. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
39. Ilmo. Sr. D. Francisco Cerviño González. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
40. Ilma. Sra. D.ª Alba Nogueira López. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
41. Ilmo. Sr. D. Xavier Vence Deza. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
42. Ilma. Sra. D.ª Olivia Rodríguez González. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
43. Ilmo. Sr. D. Fernando Ramallo Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
44. Ilmo. Sr. D. José Manuel González Herrán. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
45. Ilma. Sra. D.ª Luz Méndez Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 409-412
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

46. Ilma. Sra. D.ª María Goretti Sanmartín Rei. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
47. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Fraga Vázquez. Ingreso: 18 de xaneiro de 2013.
48. Ilmo. Sr. D. Clodio González Pérez. Ingreso: 5 de novembro de 2016.
49. Ilmo. Sr. D. Jorge Mira Pérez. Ingreso: 16 de decembro de 2016.
50. Ilmo. Sr. D. Carlos Xabier Rodríguez Brandeiro.
    Ingreso: 16 de decembro de 2016.
51. Ilmo. Sr. D. Takekazu Asaka. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
52. Ilmo. Sr. D. Marcos Bagno. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
53. Ilma. Sra. D.ª Olga Castro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
54. Ilma. Sra. D.ª Helena González Fernández. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
55. Ilma. Sra. D.ª Kirsty Hooper. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
56. Ilma. Sra. D.ª Helena Villar Janeiro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
57. Ilma. Sra. D.ª Helena Zernova. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
58. Ilma. Sra. D.ª Carme Pazos Balado. Ingreso: 17 de marzo de 2018.
59. Ilmo. Sr. D. Afonso Vázquez Monxardín. Ingreso: 26 de outubro de 2018.
60. Ilma. Sra. D.ª Mercedes Queixas Zas. Ingreso: 14 de decembro de 2018.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 409-412
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, 413-453
© 2019. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.380.777

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2019)

Xuntas Académicas

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante o ano 2019, nas seguintes datas:

Xuntas ordinarias

- 16 de marzo de 2019.
- 22 de xuño de 2019.
- 18 de outubro de 2019.
- 21 de decembro de 2019.

Xuntas extraordinarias

- 6 de abril de 2019.
  Recepción de Ana Romaní como académica numeraria.
- 17 de maio de 2019.
  Día das Letras Galegas dedicado a Antonio Fraguas Fraguas.

INGRESO DE ACADÉMICAS

De número:

Excma. Sra. D.ª Ana Romaní



Lugar e data de ingreso: Teatro Coliseo Noela, en Noia. 6 de abril de 2019.

Título do discurso: *Táctil resonancia.*
Da derrota dun esplendoroso veleiro, as voces flotantes e os cantos das baleas.

Resposta da Excma. Sra. D.ª Margarita Ledo Andión.

Retrato de Ana Romaní.
Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2019



Fot.: Museo do Pobo Galego

No plenario celebrado pola corporación o 7 de xullo de 2018 elixiuse a Antonio Fraguas Fraguas (Loureiro de Cotobade, 1905 – Santiago de Compostela, 1999) como personalidade literaria a celebrar o Día das Letras Galegas de 2019.

Membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos (SEG) na mocidade, historiador, etnógrafo, director e presidente do Museo do Pobo Galego, profesor depurado polo franquismo e querido polo alumnado, narrador oral excepcional e intelectual cunha popularidade pouco común, Antonio Fraguas Fraguas dedicou a vida ao estudo da cultura e do territorio galegos desde distintos eidos, con especial atención e mestría á antropoloxía. O plenario da Real Academia Galega considerou tamén o feito de que cos seus traballos e conferencias contribuíu a defender o galego como lingua de expresión válida para calquera coñecemento, unha idea cuxa reivindicación segue a ser necesaria.

A biografía de Antonio Fraguas é un percorrido por boa parte da historia galega do século XX. Entrou en contacto desde moi novo co galeguismo, cando estudaba bacharelato en Pontevedra, unha etapa decisiva no rumbo que seguiría. Alí empezou a xermolar, como alumno no Instituto Xeneral e Técnico, o seu interese pola cultura galega da man de docentes como Antón Losada Diéguez, Castelao e Ramón Sobrino Buhigas. Foi, de feito, un dos fundadores, en 1923, da Sociedade da Lingua, nada co obxectivo de defender o galego e de elaborar un dicionario. Xa na etapa universitaria en Santiago, ingresou, en 1924, nas Irmandades da Fala e colaborou co Seminario de Estudos Galegos, do que logo sería membro numerario.

Nesta institución inaugurou en Galicia, baixo a dirección de Ramón Otero Pedrayo, os estudos de xeografía histórica, e realizou diversos estudos etnográficos sobre a súa terra. Nestes tempos de mocidade publicou con asiduidade en *Nós* e *A Nosa Terra*. Comezaba unha obra, ampla e curiosa, con máis de trescentos libros e artigos de revistas, ademais de incontables anacos de xornais, nos que Galicia era o seu motivo esencial.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Antonio Fraguas escribiu sobre xeografía, cunha proposta de comarcalización da que aínda se pode seguir tirando proveito; cultivou a historia, deixando biografías de personaxes ilustres como Murguía ou Castelao e a que foi a súa tese de doutoramento, sobre o Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela; e fixo tamén achegas á arqueoloxía. Pero o campo no que quizais máis destacou foi o do estudo da cultura campesiña, e en especial da súa parte espiritual. Festas, crenzas, romarías, cantigas, usos e costumes, dicires etc., aparecen nos seus ensaios e conferencias, que eran, en palabras do profesor Eiras Roel, non só amenos relatos, senón unha manifestación temperá e adiantada para Galicia do que hoxe se deu en chamar a historia das mentalidades.

Tras exercer como profesor auxiliar de xeografía e historia na Universidade de Santiago de Compostela, en 1933 incorporouse como docente ao instituto da Estrada, posto do que foi separado ao comezar a Guerra Civil. Por este motivo tivo que dedicarse ao ensino privado, que exerceu nunha academia propia, a Menéndez Pelayo, aberta en 1938 na rúa Algalia de Abaixo de Santiago. A partir de 1942, unha vez revisado o seu expediente de depuración, compatibilizou a dirección desta escola coa docencia na Facultade de Filosofía e Letras, que reclamara os seus servizos, ata que en 1950 gañou unha praza de catedrático de instituto. Ensinou primeiro no Instituto Masculino de Lugo e en 1959 acadou o traslado ao daquela Instituto Feminino Rosalía de Castro de Santiago, onde compaxinou o ensino medio co universitario ata a súa xubilación forzosa en 1975.

Compaxinou tamén o ensino coa investigación en contacto con distintas institucións como o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento ou a Real Academia Galega, na que ingresou en 1956 co discurso *Coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade*. En 1963 foi nomeado director do Museo Municipal de Santiago en Bonaval e en 1976 participou na creación do Museo do Pobo Galego, do que foi director e presidente. Foi tamén, xa na Autonomía, coordinador da Sección de Antropoloxía cultural do Consello da Cultura Galega. Desde estas palestras organizou e colaborou en congresos e xuntanzas científicas que serviron de foro de discusión e de posta ao día do universo da etnografía galega.

Recibiu, entre outras distincións, o Pedrón de Ouro, a Medalla Castelao, o Premio Trasalba, a Medalla ao Mérito Cidadán e Cultural do Concello de Santiago, o Premio de Investigación e o Premio das Letras e das Artes da Xunta de Galicia, ou o nomeamento de cronista xeral de Galicia.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

SESIÓN ACADÉMICA

A sesión extraordinaria e pública da Real Academia Galega do 17 de maio tivo lugar na carballeira de Famelga, en Cotobade, ás 11:30 horas, segundo o seguinte programa:



Orde das intervencións:

Ilmo. Sr. D. Clodio González Pérez
Excma. Sra. D.ª Fina Casalderrey
Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega

D. Víctor Fernández Freixanes



O académico correspondente Clodio González Pérez e os numerarios Fina Casalderrey e Francisco Díaz-Fierros durante as súas intervencións. Fot.: Xosé Castro.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

"Estamos na carballeira de Famelga, que é como dicir que estamos no corazón primeiro das cousas, porque aquí, nesa casiña baixo os carballos, estaba a escola onde o neno Fraguas, guiado por un mestre que se chamaba coma el, descubriu as primeiras razóns do mundo, as primeiras chispas da curiosidade polo coñecemento, que habían de marcar toda a súa vida". O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, presentou con estas palabras o pleno extraordinario do Día das Letras Galegas dedicado a Antonio Fraguas, unha xornada de recoñecemento do labor de todos os mestres e mestras que, como logo faría el mesmo, "puxeron as pedras do futuro".

A mañá arrincou coa inauguración dunha placa conmemorativa na fachada da vella escola de Famelga, onde Fraguas coñeceu o seu primeiro gran mestre.

Víctor F. Freixanes presidiu a sesión na carballeira de Famelga, un pleno público ao que asistiron numerosos representantes da vida cultural, social e política e a veciñanza de Cerdedo Cotobade, que quixeron sumarse á celebración da Academia. O acto contou con tres achegas arredor da vida e obra do homenaxeado, a cargo do académico correspondente Clodio González Pérez, quen trazou un percorrido pola súa biografía; a académica de número Fina Casalderrey, que profundou no labor docente deste "mestre de mestres"; e o académico de número Francisco Díaz-Fierros, que realizou unha análise da paisaxe na obra de Fraguas. A sesión concluíu coa interpretación do Himno por parte de integrantes da banda de gaitas e percusión Foula de Cerdedo Cotobade.




A Asociación Cultural Foula de Cerdedo Cotobade á actuou tamén antes da sesión plenaria. Foto: Xosé Castro



Foto de familia na carballeira de Famelga. Foto: Xosé Castro.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

SIMPOSIO ANTONIO FRAGUAS



O *Simposio Antonio Fraguas* púxolle o ramo á celebración das Letras Galegas 2019 cun programa que arrincou o martes 26 de novembro na sede da Real Academia Galega (A Coruña) e continuou os días 27 e 28 no Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela). Ambas as institucións, o Consello da Cultura Galega (CCG) e a Fundación Antonio Fraguas organizaron conxuntamente este encontro, que xuntou unha vintena de voces para profundar na pegada de Antonio Fraguas na cultura galega e no seu legado nos estudos de etnografía e folclore, xeografía e arqueoloxía.

O secretario da RAG, Henrique Monteagudo; o académico correspondente e membro do padroado do Museo do Pobo Galego, Clodio González; e a antropóloga Luzia Oca González, membro da Comisión de Igualdade do CCG, coordinaron o simposio, que se desenvolveu co apoio da Xunta de Galicia, seguindo o seguinte programa:

Martes, 26 de novembro. Real Academia Galega

19:00 h Inauguración / **Víctor F. Freixanes**

19:15 h **Antonio Fraguas na cultura galega**

Sesión de relatorios. Coordina: Víctor F. Freixanes

Antonio Fraguas, de Insuela á Real Academia Galega / **María Xosé Fernández Cerviño**

Algúns seres fantásticos da Galicia máxica de Antonio Fraguas / **Antonio Reigosa**

Territorio e paisaxe na obra de Antonio Fraguas / **Francisco Díaz-Fierros Viqueira**

20:15 Concerto

Cancioneiro de Cotobade
Oscar Ibáñez

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A Real Academia Galega acolleu a primeira das tres xornadas do simposio. Na inauguración interviñeron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; a presidenta do CCG, Rosario Álvarez; o presidente do padroado do MPG, Justo Beramendi; e o secretario da Academia, Henrique Monteagudo, en representación da coordinación do programa.

Tras a apertura do simposio, María Xosé Fernández Cerviño afondou na traxectoria vital do homenaxeado. A historiadora mantivo un estreito contacto co homenaxeado desde a fundación do Museo do Pobo Galego. Antonio Fraguas foi o primeiro director e logo presidente desta institución, da que máis adiante a propia María Xosé Fernández Cerviño sería subdirectora. A relatora incidiu na pegada que deixou a infancia en Cotobade no Fraguas investigador, moi evidente no interese especial que sempre amosou pola tradición oral que tanto documentou, na que se centrou Antonio Reigosa desde a perspectiva da mitoloxía popular. Este recreou algunhas das achegas de Antonio Fraguas ao coñecemento e á intepretación do rico repertorio de mitos, ritos e figuras sobrenaturais da cultura popular tradicional galega.

Francisco Díaz-Fierros afondou noutra disciplina que cultivou don Antonio, a xeografía, na que foi seguidor de Ramón Otero Pedrayo. O científico centrouse nas súas achegas ao estudo do territorio e da paisaxe, centradas nos anos 50 do século pasado e moi adiantadas ao seu tempo.

A música e as coplas da terra natal do protagonista do Día das Letras Galegas 2019, Cotobade, soaron da man do gaiteiro Oscar Ibáñez e da súa banda, dando por finalizada a sesión.



Intervenientes na xornada inaugural, representantes das institucións organizadoras do Simposio Antonio Fraguas e familiares do protagonista do Día das Letras Galegas.
Fonte: RAG



Concerto de Oscar Ibáñez e a súa banda.
Fonte: RAG

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Mércores, 27 de novembro. Museo do Pobo Galego

Xeografía e Arqueoloxía

16:30 h **A xeografía e o seu ensino antes e despois de Antonio Fraguas**
Sesión de relatorios. Coordina: Clodio González Pérez

Os estudos de xeografía na primeira metade do s. XX en Galicia /
Francisco Durán

A xeografía en/de Galicia con e despois de Antonio Fraguas /
Valerià Paül

O profesor Antonio Fraguas /
Camiño Noia Campos

18:40 h **A arqueoloxía galega antes e despois de Antonio Fraguas**
Sesión de relatorios. Coordina: Henrique Monteagudo

Os antecedentes e o papel de Fraguas na arqueoloxía do SEG /
Francisco Calo Lourido

Fraguas e a arqueoloxía galega na segunda metade do s. XX /
Felipe Arias Vilas

A prehistoria e a arqueoloxía galegas desde os tempos de Antonio Fraguas á actualidade. Novas orientacións /
María Pilar Prieto Martínez

O simposio continuou no museo que dirixiu dende a súa fundación, en 1977, e do que foi logo presidente, tras o pasamento de Xaquín Lorenzo.

O programa arrincou coas intervencións de Francisco Durán e Valerià Paül, profesores do departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, que achegaron o público á situación da xeografía e do seu ensino antes e despois de Antonio Fraguas e ás contribucións do homenaxeado neste campo.

Valerià Paül referiuse, entre outros aspectos, á súa relevancia no estudo comarcal e da paisaxe. A súa *Geografía de Galicia* (1953) introduciu ademais o problema da emigración, sinalando os novos destinos europeos e tamén incorporando a perspectiva das mulleres que ficaban no país, "as viúvas dos vivos", engadiu Francisco Durán.

As achegas de Fraguas á arqueoloxía e a situación actual da disciplina centraron a segunda parte da xornada, que contou cos relatorios de Francisco Calo Lourido, patrón do Museo do Pobo Galego e académico correspondente; Felipe Arias Vilas, exdirector do Museo do Castro de Viladonga e profesor *ad honorem* da Facultade de Humanidades da USC; e María Pilar Prieto Martínez, profesora da Facultade de Xeografía e Historia da mesma universidade.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Pola esquerda, Valerià Paül, Clodio González, Camiño Noia e Francisco Durán. Fonte: RAG



Mesa dedicada á arqueoloxía. De esquerda a dereita: Francisco Calo, Felipe Arias, Pilar Prieto e Henrique Monteagudo. Fonte: RAG



Xoves, 28 de novembro. Museo do Pobo Galego

Etnografía e Folclore

16:30 h **A etnografía antes e despois de Antonio Fraguas**
Sesión de relatorios. Coordina: María Concepción Losada Vázquez

A etnografía galega ata os tempos de Antonio Fraguas / **Manuel Mandianes Castro**

Antonio Fraguas, etnógrafo / **Clodio González Pérez**

A etnografía en Portugal no tempo de Antonio Fraguas / **António Medeiros**

18:40 h **Etnografía e antropoloxía no contexto galego do século XXI. Situación e perspectivas de futuro**

Sesión de relatorios. Coordina: Luzia Oca

A etnografía en Galicia na actualidade: novas orientacións e retos / **Cristina Sánchez Carretero**

Problemas e perspectivas da patrimonialización dos bens etnográficos na Galicia do s. XXI / **Xosé C. Sierra Rodríguez**

Os vínculos entre as antropoloxías galega e portuguesa; perspectivas para a colaboración no s. XXI / **Xerardo Pereiro**

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O programa da última xornada foi presentado pola vicepresidenta do MPG, Concepción Losada, e por Luzia Oca, membro do comité organizador do simposio.

A primeira mesa redonda, sobre a antropoloxía antes e despois de Fraguas, contou cos antropólogos Clodio González, membro correspondente da RAG e patrón do Museo do Pobo; Manuel Mandianes, do CSIC; e António Medeiros, do Instituto Universitário de Lisboa. A tarde continuou cunha mesa sobre a situación actual e as perspectivas de futuro da etnografía e da antropoloxía con Cristina Sánchez Carretero, coordinadora de antropoloxía do Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC; e Xerardo Pereiro, da Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro. Xosé Carlos Sierra, quen ocupou, entre outros cargos, as direccións do Museo Etnolóxico de Ribadavia e do Museo de Peregrinacións de Santiago, e a Subdirección Xeral de Museos e Patrimonio Histórico e Documental, non puido sumarse, tal e como estaba previsto, a esta parte do programa.

O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes; o presidente do padroado do Museo, Justo Beramendi; e a subdirectora xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, María Elvira Casal García encargáronse de clausurar o simposio.



Pola esquerda, Cristina Sánchez Carretero, Xerardo Pereiro e Luzia Oca. Fonte: RAG



Clausura do Simposio: De esquerda a dereita, María Elvira Casal García, Xusto Beramendi, Víctor F. Freixanes, Manuel Vilar Álvarez, Luzia Oca e Cristina Sánchez Carretero

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

PRIMAVERA DAS LETRAS DEDICADA A ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



Cotobade foi a primeira fiestra ao mundo para Antonio Fraguas. Nestas terras da provincia de Pontevedra naceu e medrou, e a elas dedicou os seus primeiros traballos como antropólogo. E nelas comezou este ano a *Primavera das Letras* que a Real Academia Galega lle dedicou a quen elixiu como protagonista do Día das Letras Galegas 2019.

O 28 de febreiro de 2019, a institución presentou o proxecto web que ofrece material lúdico e didáctico arredor da vida e obra de Antonio Fraguas da man da comunidade educativa de Cotobade. O alumnado do CEIP de Carballedo e do veciño CEIP de Tenorio ofreceron a súa propia visión da traxectoria do intelectual cunha representación dramatizada da súa biografía e un vídeo. A directora do CEIP de Tenorio, Ana Porto Magariños, conduciu o acto, que se desenvolveu na biblioteca do CEIP de Carballedo. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e a académica Fina Casalderrey foron os encargados de presentar o proxecto.

Os nenos e nenas de ambos os colexios implicados protagonizaron a parte central do acto. Fixérono cunha representación *kamishibai* (teatro de papel) na que participou alumnado de todos os niveis, cun texto redactado nos primeiros cursos de primaria e ilustracións de cativos e cativas de infantil. Pechou a súa quenda a proxección dun vídeo elaborado en 5º e 6º de primaria coa técnica *stop motion*.



Un pequeno caracterizado como Antonio Fraguas nunha escena compartida cunha compañeira que representou o papel da súa dona, Teresa Martínez Magariños. Fonte: RAG

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Tras as actuacións do alumnado, Avelino Martínez Cimadevila, sobriño de Antonio Fraguas, pechou a celebración, que contou tamén coa participación do alcalde de Cercedo-Cotobade, Jorge Cubela, e de membros da Fundación Antonio Fraguas.

No marco do proxecto Primavera das Letras, a Real Academia Galega convocou a terceira edición do concurso Contádenos o voso Día das Letras, que premia proxectos desenvolvidos en centros de educación infantil e primaria arredor da celebración dedicada a Antonio Fraguas. Todos os traballos foron difundidos a través da web *Primavera das Letras*, creada pola institución para achegar dun xeito lúdico o público máis novo á figura homenaxeada o 17 de maio.

Un total de 83 centros de educación infantil e primaria de toda Galicia concorreu este ano ao concurso. As iniciativas dos CEIP de San Roque de Darbo (Cangas), da Ponte do Porto (Camariñas) e do CPI de Bembibre (Val do Dubra) foron as merecedoras dos tres galardóns. O CEIP de San Roque de Darbo presentou unha regueifa sobre Antonio Fraguas construída coa contribución do alumnado cangués. Os nenos e nenas do CPI de Bembibre profundaron no perfil do intelectual homenaxeado pola RAG nunha obra de teatro e os do CEIP da Ponte do Porto, ademais de celebrar un festival, emularon as súas investigacións etnográficas e recolleron nun libro exemplos do patrimonio inmaterial da súa contorna.

Os premios entregáronse o 15 de outubro de 2019, nun acto celebrado na sede da institución. Máis dun cento de alumnas e alumnos dos tres centros gañadores puxo en escena unha pequena mostra dos seus traballos.

O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, abriu e pechou o acto, acompañado de Fina Casalderrey, quen tamén interveu , e de Avelino Martínez, sobriño de Antonio Fraguas, que agradeceu en nome da familia esta nova homenaxe ao etnógrafo, xeógrafo e docente.



Alumnado, profesorado, familiares de Antonio Fraguas, membros da RAG e os demais participantes na entrega dos premios do concurso Contádenos o voso Día das Letras. Fonte: RAG

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

HORAS DE COMPOSTELA
HOMENAXE DA REAL ACADEMIA A SALVADOR GARCÍA-BODAÑO



A Real Academia Galega dedicoulle ao escritor e académico Salvador García-Bodaño o Día Mundial da Poesía cun recital público no que voces das letras galegas de distintas idades leron e comentaron poemas do autor.

Baixo o título *Horas de Compostela*, a institución homenaxeou a quen, "como poucos, soubo erguer a voz e, en tempos ben miserentos, facer do canto un abeiro liberador, autentificador". Son palabras do académico de honra Arcadio López-Casanova, compañeiro da chamada xeración das Festas Minervais xurdida "naqueles anos escuros" de finais dos 50, e autor da laudatio coa que arrincou o acto.

O serán, conducido pola poeta e música Andrea Porto, avanzou entre os versos escolmados e comentados para a ocasión por Dorés Tembrás, Xulio López Valcárcel, Alba Cid, Baldo Ramos e os membros da Academia Luz Pozo Garza, Margarita Ledo Andión, Xosé Luís Franco Grande, Darío Xohán Cabana, Helena Villar Janeiro e Marilar Aleixandre. Páxinas de *Ao pé de cada hora* (1967), *Tempo de Compostela* (1978), *Obra poética* (1993), *Pegadas no alcatrán* (1994), *Cidade virtual* (2003), *Cantos de ausencia. Elexías* (1959 -2002) e a achega de Salvador García-Bodaño a *Poetas con Rosalía I* (2006), son boa mostra todas elas da evolución de quen é unha das figuras máis destacadas da súa xeración.



Miro Casavella interpretou "Adeus", "Compostela" e "Se uas a compostela". Fonte: RAG

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A parte musical correu a cargo de Miro Casabella, que converteu versos do homenaxeado en cancións.

O acto foise achegando á fin coa intervención do director da Sección de Literatura da RAG, Xesús Alonso Montero. O ramo púxoo o propio Salvador García-Bodaño, con palabras de agradecemento aos intervenientes, "membros de distintas xeracións que aseguran as letras da nosa cultura e o porvir da nosa fala".



Cuberta de *Horas de Compostela*

Todas as contribucións están recollidas nunha *plaquette* con limiar do presidente Víctor F. Freixanes, dispoñible en versión dixital na web da Academia.



Os participantes no acto. Fonte: RAG

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

II CONCURSO DE MICRORRELATOS DA REAL ACADEMIA GALEGA E A ASOCIACIÓN PUNTOGAL



Neste ano 2019 a Real Academia Galega e a Asociación PuntoGal convocaron a segunda edición do certame de microrrelatos que crearon en 2018 co obxectivo de reforzar a presenza da lingua e a identidade propias no mundo dixital.

A nova edición presentouse o 30 de xaneiro de 2019 nunha conferencia de prensa na que estiveron presentes o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o presidente de PuntoGal e académico de número Manuel González así como o director xeral de PuntoGal Darío Janeiro. Nesta presentación tamén se lanzou unha promoción para o rexistro de novos dominios .gal.

Na segunda convocatoria do concurso participou case medio milleiro de textos de ata 200 palabras. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o presidente de PuntoGal e académico Manuel González; a escritora e académica correspondente Mercedes Queixas Zas; o director xeral de PuntoGal, Darío Janeiro; e a xornalista e coordinadora de *Luzes*, Valeria Pereiras, conformaron o xurado que avaliou os relatos presentados ao certame. O 22 de abril de 2019 anunciáronse os gañadores: a psicóloga e logopedista Jessica Rodríguez Sánchez fíxose co primeiro premio na modalidade de adultos cun relato titulado "A fiestra". O mellor texto na modalidade xuvenil foi "Cacería nocturna", de Óscar Fernández Freire, alumno de primeiro de bacharelato do Colexio Eirís da Coruña; e o primeiro premio de infantil mereceuno Claudia Martínez Asenjo, alumna de sexto de primaria no CEIP Monte dos Postes de Santiago de Compostela, co relato "O valor dos nomes".

Na modalidade de adultos, o segundo premio foi para "A primeira palabra", un texto presentado pola química e divulgadora científica Ángela Arnosa Prieto, veciña de Naraío (San Sadurniño), de 22 anos; e o terceiro foi para "Black Friday", de Eduardo Cameselle Iglesias, vigués de 75 anos e enxeñeiro técnico xubilado.

Na modalidade xuvenil, Martina Lois Cuns, estudante de bacharelato do Colexio La Salle de Santiago de Compostela, fíxose co segundo premio por "Un día máis"; e Cristina Fojo Rubio, alumna do Colexio Calasanz Padres Escolapios da Coruña, gañou o terceiro con "O amigo mar".

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O xurado tamén premiou co segundo e o terceiro premio da modalidade de infantil os relatos "A fada Every", de Alba Díaz Mera, alumna de sexto de primaria do CEIP A Gándara de Narón; e "O can enxesado", de Pablo Mirás Sánchez, estudante do mesmo curso no CEIP de Rebordáns de Tui.

O 27 de maio entregáronse os galardóns no salón de actos da RAG, onde Jessica Rodríguez e as demais persoas galardoadas foron convidadas a ler cadansúa narración. Participaron tamén no acto os responsables da Academia e da asociación PuntoGal, así como o resto dos membros do xurado.

Os relatos gañadores están recollidos nunha publicación dixital dispoñible na web da Academia.



Boa parte dos premiados amosan os seus diplomas, acompañados de Víctor F. Freixanes, Manuel González e Darío Janeiro. Fonte: RAG.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

CURSOS DE VERÁN DE LINGUA E CULTURA GALEGAS

GALEGO SEN FRONTEIRAS. XXXII EDICIÓN

A Real Academia Galega organiza os Cursos de lingua e cultura galegas "Galego sen fronteiras", destinados a persoas de fóra de Galicia, da man do Instituto da Lingua Galega e co apoio da Deputación da Coruña e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Baixo a dirección do secretario da RAG, Henrique Monteagudo, e o director do ILG e tamén académico, Xosé Luís Regueira, o programa, organizado en distintos niveis, permite que o alumnado goce dunha experiencia de inmersión no idioma e na sociedade galega.

A trixésimo segunda edición desenvolveuse do 2 ao 24 de xullo de 2019 en Santiago de Compostela e contou con preto de 70 estudantes procedentes de máis de vinte países de catro continentes. Representantes de todas as institucións implicadas recibiron o alumnado na inauguración dos encontros, que tivo lugar o 2 de xullo na Facultade de Filosofía.

Como nas anteriores edicións, o alumnado dividiuse en tres niveis, elemental, medio e superior. Ademais das aulas teóricas e prácticas que se desenvolveron de luns a venres, organizáronse relatorios de diversos persoeiros do mundo cultural galego e excursións para coñecer o patrimonio natural e artístico de Galicia. Nesta edición o programa de palestras e actividades complementarias foi o seguinte:

4 de xullo: Víctor F. Freixanes, Presidente da RAG, impartiu a conferencia inaugural "A Real Academia Galega e os retos do idioma galego", na sede da Academia. Nesta xornada o alumnado tamén tivo a oportunidade de visitar a Torre de Hércules.



O alumnado, no salón de actos da Academia xunto ao presidente, Víctor F. Freixanes. Fonte: RAG.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

8 de xullo: Antón Reixa, "A produción audiovisual como promoción da normalización lingüística". No ano 2019 cumpríronse trinta anos da estrea das tres primeiras longametraxes comerciais galegas, *Sempre Xonxa*, *Urxa* e *Continental*. Nos anos seguintes a produción audiovisual estenderíase conquistando para a lingua propia territorios como o da creación de ficcións televisivas. Antón Reixa, nome esencial desta industria en Galicia, analizou o impacto destes avances no ámbito sociolingüístico



9 de xullo: Paulina Ceremuzynska, "As cantigas medievais galegas". A cantante e musicóloga Paulina Ceremuzynska achegou o alumnado dos cursos á lírica medieval nunha conferencia-concerto que afondou nalgúns dos textos das *Cantigas de Santa María* de Afonso X O Sabio ou de Martin Codax.



11 de xullo: Acto coa Fundación Rosalía, "Unha experiencia multilingüe arredor de Rosalía de Castro". O Colectivo de Poetas en Bruxelas é o responsable de *Rosalía en camiño. Diálogos literarios multilingües*, volume que recolle os poemas de oito autores nas súas respectivas linguas –francés, árabe, neerlandés, español e galego– en diálogo coa obra rosaliana. Os seus protagonistas, De Crits, Taha Adnan, Geert ven Istendael, Serge Meurant, Silvia Vainberg, Bart Vonck e os galegos Ramón Neto e Xavier Queipo visitaron os Cursos "Galego sen fronteiras".

13 de xullo: Excursión a Fisterra con paradas en Carnota, Lira, Muros e Noia.

15 de xullo: María Yáñez, "O galego nos medios de comunicación: oportunidades e desafíos no mundo dixital". A directora da revista dixital *Vinte*, analizou as oportunidades e os desafíos para a lingua galega nos medios de comunicación do mundo dixital. A xornalista ofreceu ao alumnado un breve percorrido pola historia do xornalismo en galego.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680



O alumnado diante da fervenza do Ézaro, no Pindo. Fonte: RAG

16 de xullo: Celso Fernández Sanmartín, "Contar". O narrador aprendeu a arte de contar escoitando "contadores naturais" que se criaron sen televisión . Na súa palestra abordou a actualidade e o valor da narración oral tradicional e compartiu cos estudantes exemplos deste modo de comunicación tanto falados como cantados, historias, contos e cantares todos eles da súa terra.

18 de xullo: Quico Cadaval, "Figuras do Demo. A procura dun teatro popular". O dramaturgo, director e narrador escénico Quico Cadaval impartiu un relatorio sobre a historia do teatro galego.



19 de xullo: José Suárez Otero, "As orixes do camiño". O arqueólogo investigador do Grupo de Análise Territorial da USC propuxo unha lectura da ruta xacobea dende as fontes arqueolóxicas.

17 de xullo: Encontro de confraternidade, Parque de Bonaval. Ademais de probar petiscos de produtos da terra, compartiron cancións galegas aprendidas nas clases e melodías populares e versos dos seus respectivos países.





aCentral Folque foi a responsable da organización duns obradoiros de música galega, celebrados os días 8, 11 e 16 de xullo, da man de Xurxo Souto ("Océano para terrícolas"), Sergio de la Ossa ("Ouvir e cantar a música tradicional de Galicia") e Mercedes Prieto ("Que se baila no serán?").

Os XXXII Cursos de lingua e cultura galegas "Galego sen fronteiras" concluíron o 24 de xullo de 2019 cun acto de entrega de diplomas celebrado na Facultade de Filosofía.



Clausura da XXXII edicións dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Fonte: RAG.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

IV XORNADA DE ONOMÁSTICA GALEGA: OS NOMES DAS RÚAS



O 19 de outubro de 2019, no Museo de Pontevedra, a Real Academia Galega celebrou a *IV Xornada de Onomástica Galega*. O encontro, organizado pola Academia coa colaboración da Deputación de Pontevedra e o propio museo, e coordinado polas académicas correspondentes Ana Boullón e Luz Méndez, estivo dedicado aos nomes das rúas e contou con catorce especialistas que profundaron no seu sistema de conformación nos centros urbanos de Galicia.

O programa prestou atención ao compoñente social, histórico e político que subxace nestes nomes e forneceu os participantes de exemplos de experiencias sobre esta temática desenvolvidas nos centros de ensino. Presentouse ademais unha proposta de modelo para as novas denominacións baseada na premisa de recorrer primeiro ás formas tradicionais previas antes ca ás conmemorativas.

O programa decorreu como segue:

Sesión de mañá

9:45 h	Inauguración
9:45 h	**A conformación dos nomes das rúas na Idade Media** Primeira sesión. Presenta: **Antón Palacio**
	Santiago de Compostela / **Gonzalo Hermo** (Universitat de Barcelona) Baiona / **Gonzalo Navaza** (Universidade de Vigo)
12:00 h	Segunda sesión. Presenta: **Antón Santamarina**
	Apropiación do espazo público e memoricidio: do golpe de 1936 ás políticas públicas da memoria / **Antonio Míguez Macho** (Universidade de Santiago de Compostela)

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

13:00 h **Modelos de intervención didáctica**

Terceira sesión. Presenta: **Xulia Marqués**

A toponimia urbana como recurso didáctico:
un proxecto do IES Dionisio Gamallo de Ribadeo /
Suso Fernández Acevedo (IES Ribadeo)

Hai rúas nas aldeas?
Unha experiencia didáctica no Concello de Valga /
Pilar Buela e Carlos Montejano (IES Valga)

Sesión de tarde

16:10 h **A salvagarda da toponimia tradicional fronte á hodonimia conmemorativa: a práctica da denominación das rúas nos espazos urbanos**

Mesa redonda. Modera: **Luz Méndez**

Pontevedra / **Conchi Cochón** (SNL do Concello de Pontevedra)

Vigo / **Marta Souto** (SNL do Concello de Vigo)

A Coruña / **Iván Méndez** (Real Academia Galega)

Lalín / **Marta Negro Romero** (ILG)

18:45 h Proposta para un modelo de denominación hodonímica / **Gonzalo Navaza** (Universidade de Vigo)

19:30 h Clausura

Os traballos presentados nesta IV xornada recolléronse no volume *Estudos de Onomástica Galega IV: os nomes das rúas*, en edición das académicas correspondentes Ana Boullón e Luz Méndez.



Intervenientes na IV Xornada de Onomástica Galega.



Cuberta da publicación que recolle os traballos da Xornada.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

TOPONIMÍZATE. FALÁMOSCHE DOS NOMES DA TÚA TERRA



A campaña de divulgación da toponimia *Toponimízate. Coñece os nomes da túa terra* chegou a dezaoitos localidades nesta súa terceira edición. A Real Academia Galega coordina esta iniciativa, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, que se enmarca dentro dos proxectos Toponimia de Galicia e GeoArpad.

Entre os meses de novembro e decembro o especialista en toponimia Vicente Feijoo, membro do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega (RAG), impartiu charlas nas que, alén de profundar nos nomes dos lugares habitados, as persoas asistentes puideron coñecer a aplicación colaborativa *Galicia Nomeada* que permite participar na preservación e difusión da microtoponimia a través da súa xeolocalización. Ademais, explicáronse con exemplos prácticos as utilidades desta información xeolocalizada e normativizada para as distintas actuacións sobre o territorio dos técnicos municipais (PXOM, catastro...), para a promoción turística de elementos de interese cultural de cada concello ou mesmo para o ensino, polo carácter transversal e multidisciplinario dos contidos toponímicos.

Estas intervencións contaron coas achegas, na parte relativa á orixe e significado dos nomes dos concellos, parroquias e aldeas, do académico correspondente e profesor da Universidade de Vigo Gonzalo Navaza.

A axenda desta actividade foi a seguinte:

Monterroso, 12 de abril, IES de Monterroso.
Mazaricos, 4 de novembro, Casa da Cultura.
Manzaneda, 6 de novembro, CEIP de Manzaneda.
Ribadavia, 8 de novembro, Centro social de Ribadavia.
Cambados, 12 de novembro, IES Francisco Asorey.
Beariz, 15 de novembro, Casa do Concello.
Ordes, 18 de novembro, Casa da Cultura.
Guitiriz, 27 de novembro, Aula Cemit - Telecentro.
Lalín, 28 de novembro, Biblioteca Varela Jácome.
Taboada, 29 de novembro, Casa da Cultura.
Muxía, 4 de decembro, Biblioteca municipal.
Noia, 5 de decembro, Casa da Cultura.
As Neves, 11 de decembro, Centro de atención a persoas maiores.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Folgoso do Courel, 16 de decembro, CPI Poeta Uxío Novoneyra.
Cerdedo Cotobade, 17 de decembro, IES de Cotobade.
Pazos de Borbén, 19 de decembro, Auditorio do Concello.
Vilalba, 27 de decembro, Casa da Cultura.

Fóra do territorio galego, o programa chegou a Carucedo. Na Casa consitorial de Carucedo, o 30 de novembro, Vicente Feijoo profundou na riqueza toponímica do país e explicou a orixe e o significado dos nomes de Galicia.

O 20 de decembro na sede da Real academia Galega presentouse, en conferencia de prensa, a ferramenta *Galicia Nomeada*, que pretende facilitar a cooperación cidadá interxeracional para a recolleita da microtoponimia. O espazo virtual permite aos usuarios xeorreferenciar os nomes do territorio da súa contorna e acompañalos de fotografías, textos e gravacións coa súa pronuncia, lendas asociadas ou descricións.

Galicia Nomeada conta cunha versión de escritorio e tamén está dispoñible nunha aplicación para móbiles Android e iOS. Os topónimos introducidos polos usuarios son supervisados por un equipo de especialistas do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, responsable dos contidos da plataforma, desenvolvida ao abeiro dun acordo coa Xunta de Galicia no que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) asumiu a parte tecnolóxica. A plataforma chega acompañada da actualización do portal *Toponimia de Galicia*, no que colaboran igualmente a Academia e a Xunta de Galicia.



Vicente Feijoo na xornada celebrada en Pazos de Borbén. Fonte: RAG



Interface da web *Galicia nomeada.*

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

CONMEMORACIÓN DO 70 ANIVERSARIO DA COLECCIÓN BENITO SOTO



O venres, 22 de novembro, a Real Academia Galega celebrou os 70 anos da aparición da colección Benito Soto no Edificio Sexto do Museo de Pontevedra.

O proxecto co nome do pirata da Moureira, a primeira colección de poesía que publicou literatura en galego tras a guerra civil, naceu en Pontevedra en 1949 e editou con Sabino Torres á fronte, ata a súa desaparición en 1952, máis dunha ducia de libriños de versos de autores como os irmáns Álvarez Blázquez, Manuel María, Luís Pimentel, Manuel Fabeiro Gómez, Ricardo Carballo Calero ou Álvaro Cunqueiro.

A conmemoración arrincou coas intervencións do presidente da Academia e a presidenta do ente provincial, Carmela Silva, e contou tamén con tres participacións nas que se analizaron diferentes aspectos relacionados coa colección. O académico Xesús Alonso Montero detívose na propia historia da Benito Soto, "un capítulo valioso da causa da lingua e da poesía galegas"; a investigadora Ana Acuña profundou na súa relación con outros proxectos arredor da poesía impulsados por Sabino Torres moito tempo despois: a colección Hipocampo Amigo (1992) e *Olga*, a *Revista de poesía galega en Madrid*, un soño do académico correspondente que se presentou ao público en xuño de 2016, pouco despois do seu pasamento; e a investigadora Patricia Arias Chachero defendeu a "importante influencia" de Aquilino Iglesia Alvariño na viraxe da colección Benito Soto cara ao galego.

Os versos acubillados polo selo soaron no Edificio Sexto nas voces de familiares de Xosé María Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Cuña Novás e Manuel Fabeiro —parte do catálogo de Benito Soto—, Eva Mejuto, Antón Sobral, Xaime Toxo e os académicos Xosé Luís Franco Grande e Marilar Aleixandre. O programa, conducido pola académica Fina Casalderrey, incluíu ademais a interpretación musical de poemas a cargo de Ánxeles Ruibal, filla de José Ruibal, outro dos poetas da colección Benito Soto.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

OUTROS ACTOS E INFORMACIÓNS

10 de xaneiro de 2019. A Real Academia Galega e a Academia Brasileira de Letras asinaron un acordo de amizade e colaboración. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o seu homólogo brasileiro, Marco Lucchesi, rubricaron o documento na sede da RAG, tras unha xuntanza en que coincidiron na importancia de estreitar os lazos entre as dúas linguas irmás e no potencial da lusofonía.

11 de xaneiro de 2019. 160 aniversario do nacemento de Alfredo Brañas. O Padroado Alfredo Brañas, coa colaboración do Concello de Carballo e da Real Academia Galega, organizou unha xornada de homenaxe na que participaron o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e o académico Xosé Ramón Barreiro.

14 de xaneiro de 2019. Inauguración do ano Antonio Fraguas na casa natal do autor. Nun acto conducido polo alcalde de Cerdedo Cotobade, Jorge Cubela, interviñeron o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o presidente do Museo do Pobo Galego e a Fundación Antonio Fraguas, Xusto Beramendi; o deputado de cultura da Deputacion de Pontevedra, Xosé Leal; o director xeral de Políticas Culturais da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo; e o sobriño de Antonio Fraguas, Xosé Martínez. Logo das intervencións inaugurouse na fachada da casa natal unha placa conmemorativa, deseñada por un canteiro do lugar.

18 de xaneiro de 2019. No marco do congreso internacional celebrado en Pamplona para conmemorar o centenario da Euskaltzaindia, a Real Academia Galega, o Institut d'Estudis Catalans, a Real Academia da Lingua Vasca - Euskaltzaindia, a Fryske Akademy, Lo Congrès Permanent de la Lenga Occitana e EURAC - Institute for Applied Linguistics presentaron un protocolo de colaboración co propósito de promover o coñecemento e o respecto da diversidade lingüística do continente.

21 de xaneiro de 2019. Presentación da obra *Guía dos elementos químicos. Historia, propiedades e aplicacións*. No acto, celebrado na sede da Real Academia galega, estiveron presentes Manuel Rafael Bermejo Patiño, Ana González Noya e Marcelino Maneiro Maneiro, profesores de química inorgánica da Universidade de Santiago de Compostela e autores da guía, acompañados polo presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e Manuel González González, académico e coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), que edita a obra.

21 de xaneiro de 2019. IV Xornada de Normalización da Deputación de Pontevedra. O secretario da Real Academia Galega e coordinador do Seminario de Sociolingüística, Henrique Monteagudo, participou na xornada presentando un

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

avance do estudo sobre o galego na mocidade que está a desenvolver o seminario da Academia.

28 de xaneiro de 2019. Visita do alcalde de Cerdedo Cotobade á Real Academia Galega. Co propósito de ir perfilando os detalles da celebración do Día das Letras Galegas, o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, o secretario, Henrique Monteagudo, e a arquiveira-bibliotecaria, Fina Casalderrey, así como o vicesecretario, Andrés Torres Queiruga, reuníronse con Jorge Cubela nunha xuntanza na sede da Academia na que tamén participaron a técnica de cultura de Cerdedo Cotobade, Mónica González, e Ana Porto Magariños e Francisco Javier Guimarey Mariño, directora e director do CEIP de Tenorio e do CEIP Plurilingüe de Carballedo, os dous colexios de Cotobade.

29 de xaneiro de 2019. Presentación de *La letteratura galega. Autori e testi,* antoloxía en italiano dedicada ás figuras homenaxeadas no Día das Letras Galegas. A obra é unha coedición de Giovanni Borriero, director do Centro de Estudos Galegos de Padua, e Gemma Álvarez Maneiro, exlectora do mesmo centro; está prologada polo académico Xesús Alonso Montero e conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Real Academia Galega. A presentación tivo lugar no Pazo de San Roque de Santiago de Compostela, e nela estiveron presente os autores acompañados do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e a subdirectora xeral de Política Lingüística, Lurdes Batán.

22 de febreiro de 2019. Presentación do calendario de actos do Ano Antonio Fraguas. O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes; o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez; o presidente da Fundación Antonio Fraguas, Justo Beramendi; a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez; o alcalde de Cerdedo Cotobade, Jorge Cubela; a concelleira de Acción Cultural do Concello de Santiago, Branca Novoneyra; e o director da área de contidos da CRTVG, Fernando Ojea, participaron na presentación, que tivo lugar no Museo do Pobo Galego.

22 de febreiro de 2019. Sinatura do convenio entre a Real Academia Galega e o Concello de Ames para o desenvolvemento do proxecto *I Mapa Sociolingüístico Escolar de Ames 2019-2020.* O Seminario de Sociolingüística analizará a situación da lingua entre a infancia e a mocidade do concello e proporá posibles liñas de intervención para os distintos grupos de idade, co propósito de recuperar terreo para a lingua nun segmento de poboación fundamental para o seu futuro. No acto de sinatura estiveron presentes o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o alcalde de Ames, José Miñones, acompañados da concelleira de Normalización Lingüística de Ames, Isabel Vaquero, e do secretario da RAG e coordinador do Seminario de Sociolingüística, Henrique Monteagudo.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

11 de marzo de 2019. Presentación do II Premio Morales. Este galardón, que naceu co propósito de promocionar o galego no Bierzo e a figura de Antonio Fernández Morales, lévase a cabo grazas á colaboración do Consello Comarcal do Bierzo, o Instituto de Estudos Bercianos, a Real Academia Galega, Edicións Positivas, o Grupo As Médulas para a Lingua e Cultura galegas do Bierzo, o Concello de Lubián, o Concello de Corullón e os gobernos de Galicia e Castela e León. A nova edición foi presentada no Concello de Vilafranca, no transcurso da XI Xornada Martín Sarmiento, nun acto no que interveu en nome da RAG o académico correspondente Héctor Silveiro.

12 de marzo de 2019. Encontro do presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, co presidente e o director da Fundación Celso Emilio Ferreiro, Xavier e Luís Ferreiro Loredo, e Alicia Ribas, membro do seu padroado, no que agasallaron a Academia con exemplares de *Miña Matria Galicia*. A edición desta obra, feita en papel artesanal, é unha pequena xoia con deseño e estampación asinados polo pintor e editor José Noriega, de tiraxe numerada. A xuntanza tivo lugar na sede da Real Academia Galega.

15 de marzo de 2019. Presentación da edición en galego da táboa periódica. No marco dunha xornada de conmemoración do seu 150 aniversario, o Consello da Cultura Galega, o grupo de investigación da USC CienciaNOSA, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Real Academia Galega de Ciencias e a propia Real Academia Galega distribuíron entre a comunidade científica e educativa 13.000 exemplares da edición galega da táboa periódica dos elementos.

22 de marzo de 2019. Visita á Real Academia Galega de Mario Vargas Llosa. O escritor, que se atopaba na Coruña para participar nun seminario internacional sobre a súa obra na UDC, foi recibido na rúa Tabernas polo presidente da institución, Víctor F. Freixanes, e a tesoureira e académica Marilar Aleixandre.

26 de marzo de 2019. "O teatro popular de monicreques na cultura galega de posguerra. Barriga Verde como forma de resistencia simbólica", conferencia de Comba Campoi e Santi Prego na véspera do Día Mundial do Teatro. O acto, coorganizado pola Academia e a Asociación Morreu o Demo, celebrouse no salón de actos da Academia e foi presentado por Henrique Monteagudo. Contou tamén coa participación do xornalista Raimundo García.

4 de abril de 2019. Presentación de *Toponimia de Ames*, de Xosé Ramon López Boullón, quinto título da colección Terra Nomeada da Real Academia Galega. No acto, celebrado no Pazo da Peregrina de Bertamiráns, o autor estivo acompañado polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; o coordinador do Seminario de Onomástica da Academia, Ramón Lorenzo; a presidenta da Asociación Galega de Onomástica (AGOn) e académica correspondente, Ana Boullón; o alcalde de

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Ames, José Miñones; e a concelleira de Normalización Lingüística e Comunicación, Isabel Vaquero.

8 de abril de 2019. Semana Cultural do IES Antonio Fraguas de Santiago de Compostela, dedicada ao intelectual que lle dá nome ao centro. O presidente da Real Academia Galega participou na xornada inaugural pronunciando unha conferencia, acompañado na mesa pola conselleira de Educación, Carmen Pomar Fraguas e o alcalde de Santiago, Martiño Noriega, entre outros representantes institucionais. Tras o relatorio, a comunidade educativa e as autoridades plantaron un carballo na memoria de Antonio Fraguas.

9 de abril de 2019. Presentación de catro números da colección Terra Nomeada: *Toponimia de Trabada* de Xulia Marqués Valea, *Toponimia de Begonte e Rábade* de Paulo Martínez Lema, *Toponimia da Estrada* de Fernando Cabeza Quiles e *Toponimia de Ames* de Xosé Ramón López Boullón. No acto, celebrado na sede da Academia, o seu presidente, Víctor F. Freixanes; a presidenta da Asociación Galega de Onomástica e académica correspondente, Ana Boullón; e o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, acompañaron a Xulia Marqués, Fernando Cabeza Quiles e Xosé Ramón López Boullón.

11 de abril de 2019. Presentación de *Historia da Literatura Galega IV. De 1936 a 1975. A "longa noite"*, de Xosé Ramon Pena. No salón de actos da Real Academia Galega, o autor, acompañado do director de Edicións Xerais, Fran Alonso, e do académico Xesús Alonso Montero, presentou a cuarta entrega da súa historia da literatura galega.

15 de abril de 2019. Exposición *Antonio Fraguas, memoria dun soño. Viaxe a unha Galicia orgullosa de si mesma*. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, participou na biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela, na inauguración da mostra, organizada pola Xunta de Galicia.

6 de maio de 2019. Presentación d'*Os nove anos de Fraguas en Lugo*, proxecto desenvolvido por amigos e antigos alumnos do profesor no Instituto Masculino de Lugo, que pretende botar luz sobre a pegada que o mestre Fraguas deixou na cidade das murallas. O proxecto está composto por un libro, un espazo web e unha exposición itinerante. O académico de número Darío Xohán Cabana participou no acto en representación da RAG.

11 de maio de 2019. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e a académica Fina Casalderrey participaron na 37 edición do Festiletras impartindo senllos obradoiros de literatura a alumnas e alumnos de ESO do instituto de Ponteceso na sede da Fundacion Eduardo Pondal.

11 de maio de 2019. Constitución da Sociedade da Lingua no IES de Cotobade. No acto, en homenaxe a Antonio Fraguas e á sociedade constituída en

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

1924, alumnos e alumnas do centro presentaron o manifesto "Desde Cotobade para o mundo", no que reivindican medidas para frear a perda da transmisión interxeracional do galego. A académica de número Fina Casalderrey interveu na celebración en representación da Real Academia Galega.

15 de maio de 2019. Presentación de *Antonio Fraguas Fraguas. Estancias vitais dun mestre sabio*, de María Xosé Fernández Cerviño e editado por La Voz de Galicia. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, presidiu o acto de presentación do libro, no que tamén interviñeron xunto á autora o director de La Voz de Galicia, Xosé Luís Vilela, e o presidente do padroado do Museo do Pobo Galego, Justo Beramendi. A cantante Sabela púxolles voz a dous poemas de Rosalía, "Adiós, ríos" e "Quíxente tanto, meniña". O acto tivo lugar na sede da Academia.

15 de maio de 2019. Club Faro, do Faro de Vigo, dedicado a Antonio Fraguas. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, compartiu mesa redonda con Malores Villanueva e Héctor Cajaraville, biógrafos de Antonio Fraguas, e o editor e profesor Manuel Bragado.

16 de maio de 2019. Presentación de *Amantes da Terra*, curtametraxe documental que recolle diversos testemuños sobre a figura de Antonio Fraguas. No acto, celebrado na sede da vicerreitoría do campus de Pontevedra, participou a académica Fina Casalderrey en representación da RAG.

28 de maio de 2019. Entrega de premios do I Certame Escolar de Podcasts en galego Xosé Mosquera. O concurso foi promovido polo IES Rosalía de Castro e Arraianos Producións, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a colaboración da Real Academia Galega, a Fundación Antonio Fraguas, a Radio Galega, o colectivo Ponte nas Ondas, a Fundación Rosalía de Castro e a Escola Superior de Arte e Deseño Mestre Mateo. O xurado premiou, entre case 40 traballos finalistas, o presentado polo alumnado do IES de Foz baixo o título "Antón Fraguas en directo". O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, participou na entrega dos galardóns, celebrada no Museo do Pobo Galego.

30 de maio de 2019. Os académicos Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos presentaron na Casa da Matanza *Cartas a Murguía III (1886-1923)*, penúltimo volume do epistolario do primeiro presidente da Academia, editado pola Fundación Rosalía de Castro. Na presentación participaron tamén Anxo Angueira, presidente da Fundación, e Antonio Fernández Angueira, alcalde de Padrón.

4 de xuño de 2019. Visita institucional da Real Academia Galega ao Brasil. O presidente, Víctor F. Freixanes, o secretario e coordinador do Seminario de Sociolingüística, Henrique Monteagudo, e a directora da Sección de Lingua, Rosario Álvarez, participaron nun coloquio na Universidade Federal do Rio de

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Janeiro dedicado á lingua e á cultura galegas. O presidente impartiu despois unha conferencia na xornada inaugural do *I Seminário Internacional Galego e Português: O Passado Presente*. Os académicos foron tamén recibidos pola académica de honra da RAG Nélida Piñon no seu domicilio particular.

6 de xuño de 2019. Visita institucional da Real Academia Galega ao Brasil. Encontro co plenario e a directiva da Academia Brasileira de Letras (ABL). Marco Lucchesi, presidente da ABL, presentou a Víctor F. Freixanes, Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo no tradicional "chá dos académicos" que a institución celebra todos os xoves.

9 de xuño de 2019. Día Internacional dos Arquivos. Para conmemorar esta data, o Arquivo da Real Academia Galega presentou unha escolma de cartas históricas en galego. Entre elas están unha das primeiras escritas no Rexurdimento na lingua do país, a que Camilo Álvarez de Castro lle dirixiu a Rosalía de Castro en 1863; unha carta en galego de Alfredo Brañas ao presidente da Liga Gallega da Coruña, Salvador Golpe, de 1898; ou outra de Losada Diéguez a Antón Villar Ponte, de 1918, que reflicte a época das Irmandades da Fala.

13 de xuño de 2019. Congreso Internacional de Onomástica de Euskaltzaindia *Onomastika-ondarea babestu eta gizarteratu: han-hemengo esperientziak* (*Preservación e divulgación do patrimonio onomástico: diversas experiencias*), organizado no marco dos actos de celebración do centenario da institución. O académico Antón Santamarina participou co relatorio "O patrimonio toponímico de Galicia; traballos realizados e tarefas pendentes para preservalo e facelo dispoñible".

20 de xuño de 2019. Encontro da Real Academia Galega e o Camões - Instituto da Cooperação e da Língua I.P. (CICL). O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o presidente do instituto portugués, Luís Faro Ramos, acompañados do secretario da RAG, Henrique Monteagudo, e a coordinadora de ensino portugués do Instituto Camões en España e Andorra, Filipa Soares, reuníronse en Santiago de Compostela e acordaron explorar vías de colaboración permanente para organizar actividades conxuntas e compartir no futuro en Galicia un encontro centrado nas literaturas galega e de expresión en lingua portuguesa.

21 de xuño de 2019. A directora da Biblioteca da Real Academia Galega participou na xornada técnica *Bibliotecas especializadas e Centros de documentación* organizada pola Bilblioteca de Galicia. Ana María Menéndez repasou brevemente a orixe e os principais fondos da colección e presentou a intervención de Paz García Ordóñez e José Santos Cobo, da Biblioteca da Real Academia Española.

22 de xuño de 2019. Plenario ordinario da Real Academia Galega, no que se elixiu a Ricardo Carballo Calero como figura á que se dedicará o Día das Letras Galegas de 2020.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

25 de xuño de 2019. Visita de Javier Losada, delegado do Goberno de España en Galicia, á Real Academia Galega. O presidente Víctor F. Freixanes mantivo con el unha xuntanza na que abordaron as necesidades da RAG e a importancia de apoiar as linguas do Estado.

11 de xullo de 2019. *Gramatikak XXI. Mendean* (*As gramáticas no século XXI*). Xornada de presentación do texto *Euskararen Gramatika*, organizada no marco dos actos de celebración do centenario da Euskaltzaindia. A directora da Sección de Lingua da Real Academia Galega, Rosario Álvarez, participou na mesa redonda "As gramáticas do noso contorno", cun relatorio titulado "A lume lento. A ansiada gramática da RAG".

5 de setembro de 2019. Visita institucional do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, á alcaldesa da Coruña, Inés Rey. O encontro tivo lugar no pazo de María Pita.

12 de setembro de 2019. *Ingurune digitala, hizkuntzen estandarizazioa eta euskara* (*O contorno dixital, a estandarización das linguas e o éuscaro*). Congreso organizado no marco dos actos de celebración do centenario de Euskaltzaindia. O director do Dicionario da Real Academia Galega e académico de número Manuel González, participou co relatorio "O aproveitamento das novas tecnoloxías no Dicionario da Real Academia Galega".

23 de setembro de 2019. Visita do alumnado do Instituto Santiago Apóstolo de Buenos Aires á Academia. O presidente da institución, Víctor F. Freixanes, foi o encargado de lles dar a benvida á vintena de mozos e mozas, estudantes dos últimos cursos, e ás profesoras Beatriz Caldas e Daniela Maldonado, que os acompañaban.

26 de setembro de 2019. Presentación de *Alfredo de la Iglesia. O intelectual, o educador e o autor do primeiro manual de Literatura Galega para escolares de Instituto (1919)*, de Xesús Alonso Montero. Este volume da colección Letras da Academia foi presentado nun acto público na Casa das Campás, en Pontevedra, polo académico. Acompañarano o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o director de área de dinamización cultural, educativa e integración da Universidade de Vigo, Manuel Morquecho Barral; e Carlos López Font, deputado da Deputación de Pontevedra.

1 de outubro de 2019. Visita do presidente da Academia á Deputación de Ourense. Víctor F. Freixanes, e o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, mantiveron unha xuntanza no pazo provincial para abordar a colaboración entre ambas as institucións.

5 de outubro de 2019. Clausura dos actos de celebración do centenario de Euskaltzaindia. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

secretario da institución e coordinador do Seminario de Sociolingüística, Henrique Monteagudo; e o coordinador do Seminario de Lexicografía, Manuel González, participaron no acto de clausura celebrado na sede da Deputación Foral de Gipuzkoa coa presenza dunha ampla representación das principais institucións do País Vasco e os membros do Padroado de Honra do Centenario de Euskaltzaindia, do que forma parte o presidente da RAG.

7 de outubro de 2019. VI Xornada "Educación e linguas en Galicia": *10 anos do Decreto do Plurilingüismo*, organizada polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. O técnico do Seminario de Sociolingüística, Xaquín Loredo, participou nunha mesa dedicada ás experiencias na educación infantil na que se referiu ao primeiro mapa sociolingüístico escolar de Ames, un proxecto no que a Academia está a traballar en colaboración con este concello coruñés.

8 de outubro de 2019. Presentación na sede da Real Academia Galega da edición bilingüe castelán-galego de *Lazarillo de Tormes*, publicación froito da colaboración entre o grupo de investigación Dilec (Didáctica das Linguas e Culturas) da Universidade da Coruña e do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. O acto celebrouse dentro do programa do simposio internacional *El Lazarillo de Tormes y sus continuadores*, e nel estiveron presentes o académico e director do CRPIH, Manuel González, o secretario científico do CRPIH, Armando Requeixo, o catedrático da UdC e presidente do Simposio, Alfredo Rodríguez López-Vázquez, e o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García Gómez.

14 de outubro de 2019. Presentación do espazo web publicacions.academia.gal. O portal foi presentado na sede da Academia polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; o secretario, Henrique Monteagudo; e os responsables dos departamentos de publicacións e informática, Nélida Cosme e Juan Montenegro.

21 de outubro de 2019. Visita da alcaldesa da Coruña, Inés Rey, á Real Academia Galega. A comisión executiva da Real Academia Galega recibiu á rexedora do Concello da Coruña acompañada polo concelleiro de Cultura, Jesús Celemín. Ambas as partes ratificaron a vontade compartida de profundar na colaboración institucional.

22 de outubro de 2019. Visita á Academia dun grupo de docentes de gaélico escocés. A visita tivo lugar no marco do proxecto *Languages for Education*, do programa de mobilidade na educación Erasmus, e ten como obxectivo coñecer a situación do galego e experiencias para o seu fomento que poidan inspirar medidas para a promoción da súa propia lingua. Os profesores estiveron acompañados polos

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

asesores do Centro Autonómico de Formación e Innovación da Consellería de Innovación Carlos Rodríguez e Ana Lorigados.

5 de novembro de 2019. Homenaxe a Antonio Fraguas no cemiterio compostelán de Boisaca, no seu vixésimo cabodano. A Fundación Antonio Fraguas, o padroado do Museo do Pobo Galego e a Asociación do Traxe Galego realizaron unha ofrenda floral ante a súa sepultura. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, participou no acto en representación da institución.

21 de novembro de 2019. Presentación de *Toponimízate. Coñece os nomes da túa terra*, a campaña de divulgación da toponimia coordinada pola Real Academia Galega en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Os responsables de ambas as entidades, o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e o secretario xeral Valentín García, presentaron na sede da RAG a campaña xunto a María Luísa Pena Babío, en representación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, e Vicente Feijoo, o especialista en toponimia do Seminario de Onomástica da RAG que impartirá as charlas.

25 de novembro de 2019. Presentación de *Rosalía de Castro: obra poética e manuscritos,* de Boreal Ediciones. O acto tivo lugar na sede da Real Academia Galega. O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, acompañou na presentación o editor Manuel Mariño, a artista Gosia Trebacz, autora das nove obras gráficas que completan esta tiraxe, e o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, que editou e revisou os textos da escritora.

30 de novembro de 2019. Presentación de *Cartas e composiciois autógrafas de Antonio Fernández Morales a Mariano Cubí. Transcrición dun legado inaugural berciano do Rexurdimento*, do académico correspondente Héctor Silveiro. O acto tivo lugar no local social do Concello de Corullón, dentro do programa da xornada de entrega do II Premio Morales para a promoción da lingua galega no Bierzo e Sanabria. Interviron na presentación O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes e o autor.

9 de decembro de 2019. Encontro entre o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o alcalde de Ferrol, Ángel Mato, no pazo municipal, con motivo da celebración en 2020 do Día das Letras Galegas dedicado a Ricardo Carballo Calero. Na xuntanza tamén participaron o secretario da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo; o concelleiro de Cultura, Antonio Golpe; e a concelleira de Economía e Facenda, María Teresa Deus.

20 de decembro de 2019. Presentación da plataforma *Galicia Nomeada*, froito da colaboración da Real Academia Galega e a Xunta de Galicia. Víctor F. Freixanes, presidente da Academia, interveu na presentación de *Galicia Nomeada* e do novo *Portal da Toponimia* canda o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Admi-

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

nistracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda; a directora xeral da AMTEGA, Mar Pereira; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o director do Instituto de Estudos do Territorio, Guillermo Ramón Evia; e Vicente Feijoo, coordinador do equipo técnico de toponimia da RAG.

21 de decembro de 2019. Pleno ordinario da Real Academia Galega no que se elixiu a María Rosa Lojo como membro de honra.

27 de decembro de 2019. Elixida "sentidiño" como Palabra do Ano 2019. O termo sumou o maior número de apoios na iniciativa promovida polo Portal das Palabras, o proxecto web da Real Academia Galega e a Fundación Barrié para a divulgación do léxico galego. "Feminicidio" foi a segunda palabra máis votada nun ano no que as rúas volveron encherse de voces contra a violencia de xénero e "narcosubmarino, apenas semanas despois de irromper na linguaxe cotiá de Galicia, acadou o terceiro posto.

28 de decembro de 2019. Clausura do Ano Antonio Fraguas. O Museo do Pobo Galego clausurou a exposición dedicada ao etnógrafo, xeógrafo e historiador. O acto, no que participou o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, serviu de peche do programa de actividades celebradas nos últimos doce meses para divulgar o seu legado.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680



Inauguración do ano Antonio Fraguas en Famelga, na casa natal do autor.
14 de xaneiro de 2019.



Manuel Lorenzo, Santi Prego, Comba Campoi, Henrique Monteagudo e Raimundo García cos bonecos orixinais da barraca de José Silvent.
26 de marzo de 2019



Presentación da colección Terra Nomeada. Henrique Monteagudo, Ana Boullón, Víctor F. Freixanes, Xulia Marqués Valea, Fernando Cabeza Quiles e Xosé Ramón López Boullón.
9 de abril de 2019.



Geraldo Holanda Cavalcanti, Henrique Monteagudo, Rosario Álvarez, Nélida Piñon e Víctor F. Freixanes, na reapertura da biblioteca da Academia Brasileira de Letras. Fonte: ABL
6 de xuño de 2019.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ACTIVIDADES DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN

A Casa-Museo recibiu, no ano 2019, 6.638 visitantes. 3.663 destes visitantes realizaron a visita en grupo. Vistárona tamén 56 grupos de escolares, na súa maioría de 4º de ESO (16 anos), e 41 grupos de persoas adultas. De maneira individual acudiron á Casa-Museo 2.975 persoas, das que 1.699 foron mulleres e 1.276 homes. O rango de idade maioritario quedou establecido entre 40 e 60 anos.

Actividades realizadas en 2019

30 de xaneiro de 2019. Conferencia "La Marineda de Emilia Pardo Bazán". No marco do ciclo de intervencións "Tribuna pública", organizado polo Concello da Coruña na praza de Tabacos para debater sobre a fachada marítima da cidade, a conservadora da Casa-Museo impartiu unha conferencia sobre a relación da escritora coa Coruña.

14 de marzo de 2019. Presentación de *Emilia Pardo Bazán* (Taurus, 2019), biografía da escritora galega asinada por Isabel Burdiel. A historiadora estivo acompañada polo presidente da Academia Víctor F. Freixanes, a académica Marilar Aleixandre, o historiador e tamén académico Ramón Villares e a profesora de literatura española da Universidade de Santiago de Compostela, Cristina Patiño Eirín. A presentación tivo lugar no salón de actos da RAG.

11 de abril de 2019. Inauguración da praza Emilia Pardo Bazán, situada na planta baixa do interior do centro comercial Marineda City, no marco do acordo de colaboración entre a Real Academia Galega, a través da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, e este espazo comercial, para difundir a figura e a obra de quen foi unha das escritoras europeas máis destacadas do seu tempo. Na celebración presentouse un libriño editado para a ocasión, que contén unha escolma oito contos da autora protagonizados por mulleres, ás que lles deron vida outras tantas actrices. No acto interviñeron a xerente de Marineda City, Ana López e a conservadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Xulia Santiso.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

18 de maio de 2019. Día Internacional dos Museos.

Un ano máis a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán abriu as portas ata a medianoite para celebrar o Día Internacional dos Museos. O público que acudiu puido participar nunha serie de actividades especiais, desde as 18 ata as 24 horas, que abrangueron diferentes artes. O programa da xornada foi o seguinte:



18:00 h. Dona Emilia dálles a benvida (familiar). Intervención dramatizada da man da actriz María Louro que, caracterizada como a Pardo Bazán, mergullou os participantes na figura da escritora inmersa na atmosfera do seu propio fogar, relatando a súa vida persoal e profesional.

18:45 h. Música inclusiva e participativa (familiar). Robert Pier, artista local, ofreceu un recital acústico no que o público puido participar con instrumentos pequenos e coa súa propia voz, creando un "cadáver exquisito" musical.

19:30 h. Protagonista do conto "La Manga". Lectura dramatizada a cargo dunha actriz, que fixo cobrar vida a personaxes de contos de dona Emilia.

20:00 h. Dona Emilia dálles a benvida (adultos).

20:45 h. Acompaña a protagonista do conto "Sí, señor". Lectura dramatizada.

21.30 h. Casa Hamlet. Teatro.

22:45 h. Vístete de conto e posa no photocall.

23:15 h. Música inclusiva e participativa.

Obradoiro de chapas.

Vídeo confesionario.

Fai o teu sombreiro. Vencellado á lectura dramatizada do conto "La Manga", instalouse un espazo para xogar a través de manualidades.

A entrada foi libre e acudiron arredor de 350 persoas ao longo de toda a xornada.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

27 e 28 de maio de 2019. Obradoiro de escritura terapéutica e creativa, impartido por Andrea Pazos. Actividade desenvolvida dentro do ciclo *Elas son artistas. II Festival Metropolitano de Música e Artes pola Igualdade*.

30 de maio de 2019. Mari Muriel. Charla sobre a súa serie pictórica baseada no relato "El revolver", de Emilia Pardo Bazán. Actividade desenvolvida dentro do ciclo *Elas son artistas. II Festival Metropolitano de Música e Artes pola Igualdade*.

2 de setembro de 2019. Visita á Casa-Museo de Paul O'Prey, tradutor ao inglés de *Los pazos de Ulloa*. Foi recibido pola profesora da Universidade de Santiago de Compostela e especialista pardobazaniana Cristina Patiño e pola conservadora do museo, Xulia Santiso.

27 de setembro de 2019. "Emilia Pardo Bazán: contextualización do seu papel na historia e na literatura", conferencia de Xulia Santiso, conservadora da Casa-Museo, na *I xornada de mulleres relevantes na Reserva de Biosfera MCeTM: Emilia Pardo Bazán, unha muller adiantada á súa época*, organizada polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

8 de novembro de 2019. Participación de Xulia Santiso na mesa redonda "La España Moderna, una aventura intelectual y un proyecto editorial de José Lázaro Galdiano, respaldado por los autores ilustres que admiraba", dentro do *I seminario Epistolarios de escritores: la relación del editor con los autores en La España Moderna,* organizado pola Universidad Rey Juan Carlos e o Museo Lázaro Galdiano.

20 de novembro de 2019. *Mullericidio e lei*. Conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Conferencia de Sandra Piñeiro Vilas, titular do xulgado de instrución nº 2 de Lugo, e dramatización da actriz María Louro, apoiada en textos de Emilia Pardo Bazán.



Cristina Patiño, Ramón Villares, Isabel Burdiel, Víctor F. Freixanes e Marilar Aleixandre, na Casa-Museo. 14 de marzo de 2019.



Robert Pier durante a súa intervención. 18 de maio de 2019.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

DECLARACIÓNS

DECLARACIÓN DA REAL ACADEMIA GALEGA VERBO DOS ACORDOS DO COMITÉ DE MINISTROS DO CONSELLO DE EUROPA SOBRE A CARTA EUROPEA DE LINGUAS REXIONAIS E MINORITARIAS

16 de decembro de 2019

O Comité de Ministros do Consello de Europa, na súa xuntanza do pasado 11 de decembro, aprobou as seguintes recomendacións ás autoridades españolas en relación co cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias:

1. Modificar a Lei Orgánica do Poder Xudicial para garantir o uso das linguas cooficiais nos procedementos xudiciais a pedimento dunha das partes.
2. Mellorar o uso das linguas cooficiais na Administración do Estado nas Comunidades Autónomas.
3. Eliminar as limitacións do ensino en galego en Galicia.

Estas recomendacións están na liña das demandas reiteradamente expresadas pola Real Academia Galega nos tres aspectos que considera ese acordo e concretamente nas manifestadas no informe que esta institución presentou no seu día ante o Comité de Expertos do Consello de Europa. Neste informe, a Real Academia Galega instaba a que o Comité de Ministros do CE aprobase unha recomendación específica para que "o goberno galego remova os obstáculos normativos que impiden o establecemento dunha oferta educativa completa ou principalmente en lingua galega".

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias é un tratado internacional impulsado polo Consello de Europa co obxectivo de protexer os dereitos dos falantes das linguas europeas rexionais e minoritarias. En 2001, o Estado español adheriuse a esta Carta e no momento da súa ratificación comprometeuse a cumprila no conxunto das súas previsións e nos seus termos máis amplos. Así, o seu artigo 8 compromete as autoridades a ofrecer unha liña de educación preescolar e de ensino primario, secundario, técnico e universitario en lingua galega. Este compromiso non só foi incumprido, senón que a normativa sobre o uso do galego no ensino vixente no noso país desde 2010 (Decreto 79/2010 , do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia) se atopa en flagrante contradición con el, ao restrinxir este uso a un máximo do

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

50% do currículo (e a unha porcentaxe menor nos centros plurilingües), excluíndoo totalmente de materias como as matemáticas, a física e a química. Os datos sociolingüísticos recollidos en Galicia nos últimos anos, ao igual que os estudos feitos sobre a evolución do coñecemento e uso da lingua galega, mostran un alarmante retroceso do noso idioma na poboación infantil e na mocidade, poñendo de relevo os negativos efectos das limitacións ao uso do galego no sistema educativo.

A Real Academia Galega congratúlase do acordo do Comité de ministros do Consello de Europa sobre a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias e insta as autoridades do Estado español e, nomeadamente, da Comunidade Autónoma de Galicia, a seguir as recomendacións expresadas nel. É hora de honrar os compromisos incluídos na Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias para que Galicia se dote dun modelo educativo que garanta os dereitos dos galegofalantes e asegure a vitalidade do noso idioma.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 413-453
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680



Giuseppe Tavani / Xosé Castro

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 455-464
© 2019. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.380.777

GIUSEPPE TAVANI (1924-2019)

Ramón Lorenzo

O 22 de marzo de 2019 morreu en Roma Giuseppe Tavani, un día despois de chegar ós 95 anos e catro meses despois de que tamén falecese a súa dona Giulia Lanciani, e con el desaparece unha das figuras máis sobranceiras da filoloxía italiana e románica.

Tavani naceu en Roma e fixo os estudos universitarios nesta cidade. Rematada a carreira, doutorouse cunha tese sobre as gramáticas bilingües italo-portuguesas (cf. o artigo "La prima grammatica italiana pubblicata in Portogallo", en *Filologia Romanza* IV, 1957) e polos mesmos anos elaborou unha gramática portuguesa de carácter científico (*Grammatica portoghese. Elementi di fonetica, morfologia, sintassi*, Roma, 1957) e con Luciana Stegagno Picchio o *Corso pratico di lingua portoghese* (Sezioni per la "Radiotelevisione Italiana", Torino, 1957), ós que debemos engadi-lo artigo "Grammatiche portoghesi ad uso degli italiani. Contributo alla bibliografia degli studi portoghesi in Italia" (1958). Estes traballos e outros ensaios de carácter filolóxico sobre o xudeoportugués de Livorno (1959, 1961), Sá de Miranda (1959) e os cancioneiros (de 1958, 1959 e 1961) levárono a conseguir no ano 1961, por concurso nacional, unha praza de docente universitario de lingua e literatura portuguesas. No ano seguinte pasou a ser profesor encargado de cátedra na Universidade de L'Aquila e xa en 1963 foi nomeado profesor encargado da cátedra de Lingua e Literatura Portuguesas na Facultade de Maxisterio da Universidade de Roma, posto que ocupou ininterrompidamente ata o ano 1970. Neste ano gañou por concurso a cátedra de Lingua e Literatura Portuguesas da Universidade de Venecia, onde estivo ata 1973, primeiro nesta cátedra e despois na de Filoloxía Románica, e nese mesmo ano pasou á Universidade de Siena. Xa en 1974 foi chamado á Universidade de Roma "La Sapienza" como catedrático de Filoloxía Románica na Facultade de Letras, onde permaneceu ata a súa xubilación.

Debido á súa alta capacidade e á relevancia das súas publicacións, Tavani desenvolveu cursos, seminarios e conferencias, especialmente de crítica textual, en numerosas universidades europeas, entre elas as de Santiago de Compostela e Lisboa, e recibiu numerosas distincións, como son en Portugal o título de Grande-Oficial da Ordem do Infante Dom Henrique (1989) e o nomeamento como membro correspondente da Academia das Ciências de Lisboa; en Cataluña o Premi Internacional Catalònia (1986) do Institut d'Estudis Catalans, o

Premi Joan-Baptista Cendrós (1995) do Òmnium Cultural, a Creu de Sant Jordi (1997) da Generalitat, o Premi Internacional Ramon Llull (2004), o de membro correspondente do Institut d'Estudis Catalans (1992), así como a presidencia da Associació Internacional de Llengua i Literatura Catalanes (1979-1994, vogal de 1973 a 1979 e vicepresidente de 1979 a 1988); e en Galicia o Premio da Crítica Galicia (1987), o Pedrón de Ouro e a Medalla Castelao (1988), así como o nomeamento de Membro de Honra da Real Academia Galega, na que leu o discurso de entrada o 22 de maio de 2004. Súmase a isto a consecución do grao de *Dr. Honoris Causa* polas Universidades de Barcelona, Lisboa (pola Clássica e a Nova) e Santiago (nesta en 1991). Ademais, publicáronse na súa honra sete libros de homenaxe, empezando polos *Estudios galegos en homenaxe ó Profesor Giuseppe Tavani* (Santiago de Compostela, 1994) e continuando con *Cantarem d'aquestz trobadors. Studi occitanici in onore di Giuseppe Tavani* (Alessandria, 1995), *Per via. Miscellanea di studi in onore di Giuseppe Tavani* (Roma, 1997), *Serena ogni montagna. Studi di ispanisti amici offerti a Giuseppe Tavani* (Roma, 1997), *Miscel·lanea Giuseppe Tavani* (Barcelona, 2002), *Memória dos afectos. Homenagem da cultura portuguesa a Giuseppe Tavani* (Lisboa, 2001) e *Il nome dell'autore. Studi per Giuseppe Tavani* (Roma 2015).

Tavani foi un grande emprendedor e creou as coleccións de textos traducidos Poeti e prosatori catalani e Poeti e prosatori galeghi, e fundou e dirixiu a colección de estudos filolóxicos e edicións críticas Quaderni di Romanica Vulgaria (do 1 ó 13/14, 1979-1994) e dentro desta serie editou varios volumes: *Studi francesi e provenzali 79* (L'Aquila, 1979); *Studi francesi e provenzali 84/85* (L'Aquila, 1986); *Studi provenzali e francesi 86/87* (L'Aquila, 1989); *Studi provenzali e galeghi 89/94* (L'Aquila, 1994); *Studi catalani e provenzali 88* (L'Aquila, 1990); *Studi portoghesi e catalani 83* (L'Aquila, 1983) e *Studi sulla traduzione 95/97* (L'Aquila, 1997). Tamén foi codirector da revista *Teoría e Critica* e redactor das revistas *Cultura Neolatina* e *Rassegna Iberistica*, así como membro do comité científico de varias revistas e do comité editor da revista *Estudis de Llengua i Literatura Catalanes*.

Se pasamos xa á súa produción científica, a súa bibliografía comprende, desde 1956 ata hoxe, máis de 330 títulos, entre libros, traducións, artigos, notas, introducións, voces enciclopédicas, recensións e noticias bibliográficas, e esténdese a diversos sectores da Filoloxía Románica, pois as súas publicacións tratan os temas máis heteroxéneos, correspondentes á maior parte das linguas e literaturas románicas (italiana, francesa, española, pero especialmente occitana, catalá, galega e portuguesa) e abarcan desde a época máis recente ata a época máis primitiva das linguas. Nela atopamos moitísimas investigacións universalmente recoñecidas e da máxima relevancia. Tavani ocupouse, por exemplo, dos problemas relacionados coa evolución do latín ás linguas románicas, sobre todo daqueles referidos á Península Ibérica (*Preistoria e protostoria delle lingue ispaniche*, L'Aquila, 1968), e

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 455-464
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

tamén puxo a punto un método novo e orixinal de aproximación á lectura dos textos poéticos, tanto modernos como medievais, ofrecéndonos numerosas aplicacións prácticas, con importantes análises "ritmémicas" dos textos de poesía –"Per una lettura 'ritmemica' dei testi di poesia", en *Teoria e Critica* 1 (1972), 19-70; tamén en *Teoria e Critica* 2-3 (1973), 3-12 e noutros traballos de 1973, 1976, 1980, 1981 etc., así como nos libros *Poesia e Ritmo. Proposta para uma leitura do texto poético* (Lisboa, 1983), e *Lezioni sul testo* (L'Aquila, s. d. [1983], con outra edición en 1997)–, e ideou criterios ecdóticos específicos para a preparación de edicións de textos literarios latinoamericanos do século XX, que, amais de seren elaborados criticamente, desen conta dos momentos esenciais do proceso xenético (*Asturias y Neruda. Cuatro estudios para dos poetas*, Roma, 1985, e artigos de 1976, 1981, 1984, 1985 e 1986).

Dedicouse á análise puntual de numerosos textos medievais románicos, pertencentes a tódalas áreas lingüístico-culturais da Europa occidental, e fixo edicións críticas moi apreciadas polos especialistas. Tamén tratou a fondo cuestións de métrica románica, aplicada tanto a textos medievais como modernos e estudou os problemas da intertextualidade e do bilingüismo e multilingüismo nas literaturas románicas desde as orixes ata o século XVI (cf. *Bilinguismo e plurilinguismo romanzo dal XII al XVI secolo*, L'Aquila, s. d. [1969]; *Il mistilinguismo letterario romanzo tra XII e XVI Secolo*, L'Aquila, s. d. [1980]; *Restauri testuali*, Roma, 2001, ou nos artigos "Il plurilinguismo nella lirica dei trovatori" de 2000, "O provenzal dos trobadores galego-portugueses e o problema da heterodoxia expresiva" de 2002, "O galego de Raimbaut de Vaqueiras e o provenzal de Airas Nunes" de 2004) ou a comicidade nos "fabliaux" franceses e nas nosas "cantigas d'escarño e maldizer". Por outra parte redactou un inventario completo das fórmulas métrico-estróficas usadas polos poetas galegos e portugueses dos séculos XIII e XIV e cataláns do século XIV, especialmente no seu monumental *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese* (Roma, 1967, nova ed. en 1997), un volume clave para o estudo da métrica medieval, e estudou a fondo a poesía peninsular do século XIII, sobre todo a occidental.

Desde o punto de vista da cultura galega, o que máis nos interesa das publicacións do profesor Tavani son os seus traballos sobre a literatura medieval, tanto as edicións críticas como os estudos sobre a métrica ou as interpretacións de conxunto de toda a lírica, posto que foi un dos máximos especialistas da nosa cultura medieval. Debido á redacción dun artigo sobre os xograres italianos, colleu interese polos temas xograrescos e volveu a vista cara á nosa literatura medieval, preparando a edición do xograr Lourenço (primeiro na revista *Cultura Neolatina* XIX, 1959 e XXII, 1962, e despois en Lourenço, *Poesie e tenzoni*, Modena, 1964). A esta seguiu o estudo dos problemas léxicos que presentaba a forma *ler*

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 455-464
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

en dúas cantigas (*BRAG* 327-332, 1958, e *Cultura Neolatina* XIX, 1959), un novo ordenamento das cantigas de Joam Nunes Camanés (1961), unha magnífica interpretación da *alba* de Nuno Fernandez Torneol (1961) e a referencia ós versos provenzais atribuídos a Airas Nunez (1962), para continuar máis tarde co estudo do cancioneiro deste trobador, do que nos ofreceu unha edición modélica (*Le poesie di Ayras Nunez*, Milano, 1964; con tradución de Rosario Álvarez Blanco en *A poesía de Airas Nunez*, Vigo, Galaxia, 1992).

Despois comezou a interesarse polos problemas da transmisión textual, pola tradición manuscrita e polos problemas da edición crítica (con numerosos artigos de 1963, 1967, 1968, 1974, 1979, 1983, 1986, 1990, 1993, 1997, 1998, 2000 etc.), pola relación entre o texto poético e o texto musical (1975, 1978, 1984) e xa non deixou de publicar traballos sobre a lírica medieval, moitos deles recollidos en libros. Nestes libros e artigos ofrécenos unha visión nova e orixinal, e chega en moitas ocasións a interpretacións dos textos que ninguén antes soubera facer tan acertadamente. El parte sempre dos manuscritos e alá en Roma, instalado na súa casa, coa súa cachimba sempre ó lado, dedicouse a le-los textos sen deixarse influír polas lecturas precedentes. Lembremos *Poesia del Duecento nella Penisola Iberica. Problemi della lirica galego-portoghese*, Roma, 1969 (cf. tamén "Sul Duecento letterario in Spagna: il problema della poesia lirica" de 1967); *Ensaios portugueses. Filologia e Linguística* (Lisboa, 1988); *La poesia lirica galego-portoghese* (L'Aquila, s. d. [posterior a 1970], tamén desenvolvida no *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*. Vol. II, t. 1, fasc. 6, Heidelberg, 1980, e no fasc. 8, Heidelberg, 1983), coa tradución ó galego de Rosario Álvarez Blanco e Henrique Monteagudo (*A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, 1986) e ó portugués de Isabel Tomé e Emídio Ferreira (*A poesia lírica galego-portuguesa*, Lisboa, 1990). Despois temos *Trovadores e jograis. Introdução à poesia medieval galego-portuguesa* (Lisboa, 2002), e a *Arte de Trovar do cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* (Lisboa, 1999), así como *A Cantiga de escarnho e maldizer*, libro feito en colaboración con Giulia Lanciani e traducido ó portugués por Manuel G. Simões (Lisboa, 1998; tema que xa tratara, xunto ó da sátira moral e literaria no *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, vol. VI, tomo 1, 1968, e tomo 2, 1970, e despois en 1984). Froito do interese de Tavani e da súa muller pola literatura medieval é a organización e coordinación do *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa* (Lisboa, 1993), para o que el mesmo redactou 30 artigos.

A publicación de artigos sobre a lírica medieval foi incesante e chegou ata os últimos anos, como se pode ver en "A muller na literatura hispana medieval: ¿protagonista ou autora?" (2007), nun artigo sobre un dístico de Martin Perez Alvin (2008), en "As apostilas de colación no Cancioneiro Portugués da Vaticana" (2008), en "Copistas, cancioneiros, editores" (2010), en "Au commencement

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 455-464
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

était la route et le sanctuaire" (2010), en "Alla ricerca del Canzoniere del Conte" (2013) e artigos sobre as Cantigas de Martin Codax (2011 e 2014 e xa en 1981, 1998), sobre unha cantiga de Afonso X (1997, 2002 e 2016) ou sobre a lectura "abondanha" que fai Rodrigues Lapa dunha cantiga (2016; tamén fala do "reconstrutivismo" de Lapa en 2000).

Tamén en Roma foi madurando a súa idea sobre as orixes da lírica medieval para chegar á conclusión de que a lingua da poesía trobadoresca primitiva era o galego e non o galego-portugués, que o camiño de Santiago tivo moito que ver na xénese da nosa poesía medieval e que Santiago de Compostela foi o centro difusor desta cultura trobadoresca, como indicou en varios estudos, como en *Tra Galizia e Provenza. Saggi sulla poesia medievale galego-portoghese* (Roma, 2002) ou en *Unha Provenza hispana. A Galicia medieval, forxa da poesía lírica peninsular* (A Coruña, 2004. Discurso de ingreso na RAG que despois publicou en francés na revista *Romania*, 2008) e nos artigos "A poesia lírica galego-portuguesa: o problema das orixens" (1988) e "Il cammino di Santiago nella genesi della poesia medievale galega" (1989).

Sobre o dominio portugués, alén de todo o dito sobre a lírica medieval, escribiu numerosos estudos, desde a xa citada *Grammática portoghese* de 1957 (que repetiu máis tarde con Giulia Lanciani, na *Grammatica portoghese*, Milano, 1993) ata a época recente. Entre eles podemos citar traballos sobre os *Lusíadas* (tres de 1980, 1981; tamén un dos *Cinco ensaios circum-camonianos*, Coimbra, 2012), Sá de Miranda (1959) e Fernando Pessoa (1975-1976, 1990), a edición dunha obra de Gil Vicente (*Comédia de Rubena*. Introduzione, testo e note, Roma, 1965), a tradución ó italiano de textos modernos (*Da Pessoa a Oliveira. La moderna poesia portoghese: modernismo, surrealismo, neorealismo*, Milano, 1973; Fernando Pessoa, *Il poeta è un fingitore*, L'Aquila-Roma, 1988), un deles de poesía africana de revolta (*Poesia africana di rivolta: Angola, Mozambico, Guinea, Capo Verde, São Tomé,* Bari, 1969), a referencia ós problemas da expresión lingüístico-literaria nos países africanos de independencia recente (1975-1976, 1976, 1987), a análise dalgúns termos náuticos (1976), a ortografía do portugués (1956, 1987), sobre a grafía e pronuncia do portugués medieval (1963), sobre os máis recentes estudos italianos sobre literatura portuguesa medieval (1966) e a información sobre a lingua dos xudeus portugueses de Livorno (1959, 1961), moitos deles recollidos nos citados *Ensaios portugueses* de 1998.

Tavani sempre tivo interese polas culturas minoritarias e iso levouno a entrar en contacto coa cultura galega actual (coa tradución de *Il Grifone* de Alfredo Conde e *Tempo di Compostela* de Salvador García-Bodaño, os dous en 1989) e tamén coa cultura catalá, que difundiu de maneira especial en Italia e á que lle deu proxección internacional. En 1978 foi socio fundador da Associazione

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 455-464
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Italiana di Studi Catalani (e vicepresidente ata 1989) e formou parte do Comité Científico da *Rivista Italiana di Studi Catalani* desde a súa fundación, en 2001. O primeiro que fixo foi publicar unha antoloxía da poesía catalá de protesta contra o réxime franquista (*Poesia catalana di protesta*, Bari, 1968), á que seguiron a tradución das cancións de Raimon (*Canzoni "contro"*, L'Aquila, 1971), a *Cronaca del giorno ripetuto* de Pere Calders (1989) e máis tarde *Dove finisce il blu* de Carme Riera (1997), *Amore fatale* de Jesús Moncada (2008), cinco obras de Mercè Rodoreda entre 2008 e 2013 e dúas de Blanca Busquets en 2013 e 2014. Xunto a todo isto están xa numerosos artigos sobre temas de historia da lingua (1989), historia cultural (1971, 1980, 1988, 1990), o espazo literario catalán (1974), os estudos da literatura catalá en Italia (1980, 1982), léxico (sobre termos mariñeiros no "Libre de Consolat de Mar", 1970), relacións entre a cultura árabe-islámica e a cultura catalá (1991), Valencia entre Occidente e Oriente (1993), o pluralismo lingüístico e cultural na Confederación catalano-aragonesa (1993), relacións literarias de Cataluña coa Provenza (1989) e Italia (1988), sobre o alguerés (1988, 1990), literatura catalá (1986, 1990), literatura moderna (sobre Salvador Espriu en 1970 e 1982 e sobre Foix, Pere Quart e Espriu en 1976) e medieval, tanto de autores que escribiron en catalán como en occitano (Cerveri di Girona en 1968 e 2001, Andreu Febrer en 1979, Bernat Metge en 1980, Gilabert de Próixita en 1981, 1982, Lluís Icart en 1988, Jordi de Sant Jordi en 1988, Raimon Vidal en 1974, 1992, 1994, 1996 e en *Raimon Vidal. Il Castia-Gilos e i testi lirici*, Milano-Trento, 1999), literatura comparada (sobre a *Griseldis* de Petrarca e a *Griselda* de Bernat Metge en 1979, 1981). Lembremos tamén os libros *Per una història de la cultura catalana medieval* (Barcelona, 1996), e *Breu història de la llengua catalana* (Barcelona, 1994; e un longo artigo en 1989). Ademais, editou con Jordi Pinell as *Actes del sisè col·loqui Internacional de Llengua i Literatura Catalanes* (Montserrat, 1983).

A todo isto hai que engadi-los traballos sobre autores provenzais: *Per un'edizione critica di «Chantarai d'aquests trobadors» di Peire d'Alvernha* (L'Aquila, s. d. [1978]); *Introduzione alla poesia trobadorica*. Vol. I: *Guglielmo IX, Jaufre Rudel, Marcabru* (L'Aquila). Vol. II: *Peire d'Alvernha. Appendice: Tre lezioni sul testo* (L'Aquila, s. d. [1983]); Folquet de Lunel, *Le poesie e il Romanzo della vita mondana* (Alessandria, 2004); "Peire de Blai *En est son fas chansoneta novelha*" (2010); varios artigos sobre Raimbaut de Vaqueiras de 1984, 1986, 1989, 1990, 2004, 2008 e aínda en 2017 "Una o trina? Le epistole de Raimbaut de Vaqueiras al Marchese Bonifacio" ou o artigo "Inserti abusivi e attribuzioni indefendibili. Spigolando tra gli *unica* del canzoniere provenzale S^g" de 2015.

Como era de esperar nun investigador italiano, non deixou de lado a cultura do seu país e realizou numerosas investigacións sobre a época medieval, clásica ou moderna, como a edición de *Rosana* (*Storia della regina Rosana e di Rosana sua figlia*. Introduzione, testo e note, Cortona, 1970), o tema de *Griselda* en Italia e na

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 455-464
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Península (artigos de 1979, 1981 e 1988), sobre a poesía para música no *Trecento* (1993), sobre "metrica cantata, metrica recitata" (1994), Dante no séc. XVII (*Dante nel Seicento. Saggi su A. Guarini, N. Villani, L. Magalotti*, Firenze, 1976), o estudo do *incipit* do *Orlando furioso* (1989), reflexións sobre "Niccolò Machiavelli e Francesco Vettori" (1978), a análise da poesía de Pavese (artigos de 1978, 1979-1980, 1980, 1981), sobre Vittorio Bodini tradutor (1984) e Silvio Pellegrini lusitanista (1985) e outros moitos artigos, entre eles sobre "Funzione comunicativa e azione ipnotica" nos textos xograrescos (1978), o léxico mariñeiro medieval en Sicilia (1976, 1978) e sobre textos dos Abruzzos (a "Cronaca" de Buccio en 1967, texto e contexto da "Rosana abruzzese" en 1971, sobre o teatro medieval en 1976) e introdución a un libro de Arpanore del Gaudio en 1981).

Tampouco deixou de lado os temas referentes ó francés e ó castelán, aínda que lles dedicou menos estudos. Lembremos sobre o período medieval francés *I più antichi testi letterari gallo-romanzi* (L'Aquila, s. d. [anterior a 1978]; con L. Rossi e E. Finanzi-Agrò); *Appunti sui fabliaux* (L'Aquila, s. d. [1984]); *Per una tipologia dei fabliaux* (L'Aquila, s. d. [1984]); *Quattro fabliaux*. Edizioni critiche, con introduzione, note e glossario complessivi (L'Aquila, c. 1997), ademais dun artigo sobre o cómico e o carnavalesco nos *fabliaux* en 1988 e dous sobre Guillaume de Machaut en 1984 e 1991. Finalmente sobre asuntos de literatura castelá e hispanoamericana, alén dos citados traballos sobre Miguel Ángel Asturias e Neruda, e de once entradas na *Enciclopedia dello Spettacolo* (vol. VI, 1959; VII, 1960; VIII, 1961 e IX, 1962), escribiu diferentes artigos, entre eles sobre a *Razon feyta d'amor* (1964), sobre as orixes da "arte mayor" (1965), Cernuda (1966) e Quevedo (1992), así como sobre lingua hexemónica e linguas minoritarias no estado español (1977).

Tavani foi un investigador extraordinario e incansable, un dos grandes mestres da filoloxía románica, e son admirables a súa sabedoría e o rigor, a profundidade e a meticulosidade no estudo dos temas que tratou, tan numerosos e referentes a tantas linguas. Xunto a todo isto, o ilustre profesor tamén destacou polo seu compromiso social, pola defensa das linguas minorizadas, polas súas extraordinarias calidades humanas, polo seu carácter afable e pola súa enorme simpatía, características que se puxeron de manifesto sempre que visitou a nosa terra e nas numerosas ocasións en que acolleu cos brazos abertos a tódolos incipientes investigadores que se achegaron á súa casa para pedirlle consello e maxisterio. Beppe Tavani sempre quedará como un autor de referencia para tódolos que se interesen pola nosa cultura medieval.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 455-464
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680



Andrés Fernández-Albalat Lois / Xosé Castro

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 455-464
© 2019. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.380.777

ANDRÉS FERNÁNDEZ-ALBALAT LOIS, A MORTE DO HOME XUSTO

Xosé Ramon Barreiro Fernández

O 29 de decembro de 2019, presente a súa ampla familia, faleceu na Coruña Andrés Fernández-Albalat Lois; perdía Galicia un excepcional arquitecto e un profesional xeneroso. Andrés Fernández-Albalat sempre acudiu ás necesidades de amigos e ás demandas civís das institucións galegas.

Naceu na Coruña o 23 de xuño de 1924. Estudou o bacharelato na cidade herculina, dous cursos de Ciencias Exactas en Santiago de Compostela e finalmente na Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid onde obtén o título en 1956. Dende o primeiro momento optou pola longa carreira de arquitecto.

Aproveitou Andrés a súa estancia en Madrid para ampliar o número de amigos, preferentemente os compañeiros de curso, con Chillida, Fisac (co que sempre mantivo unha íntima amizade), Vázquez Molezún, Oíza ou Mariano García Benito.

Rematados os estudos en Madrid, obtén unha bolsa non para perfeccionar o estudo da ciencia práctica da carreira senón en Arte, para completar a súa formación artística. Cómpre salientar que Andrés era, ao tempo, un importante seguidor das correntes pictóricas máis avanzadas. Estivo daquela en Venecia, Florencia, Roma e Asís. Cadrando nunha ocasión os dous de paso en Venecia e mirando con emoción para as augas que se moven sen saber cara a onde, díxome que eran a metáfora da vida, que vén, desaparece e só deixa a escuma. Coma a vida.

A OBRA DE ALBALAT

Era a súa arquitectura humanista porque estaba ao servizo das persoas, dos grupos sociais, en definitiva, ao servizo da sociedade. Como galego coñecía perfectamente o espírito do noso pobo, que é tan fondamente local como ao mesmo tempo disposto a participar en accións comúns. Tan dono do seu destino como impulsor do ben común, pero sobre todo dono e señor dunha relixión e dunha teoloxía que lle serve para cumprir as súas demandas máis próximas.

Sen pretender ser exhaustivo, podemos salientar algunhas das súas obras: colexio dos Escolapios (A Coruña, 1962); parroquia de San Fernando (Santiago de Compostela, 1968); convento e igrexa dos PP. Pasionistas (A Coruña, 1965); fábrica e oficinas de Coca-Cola (A Coruña, 1960); fábrica de Sargadelos (Cervo, 1967); filial de Seat (A Coruña, 1964); sede da Sociedade Recreativa Hípica (A

Coruña, 1967); rehabilitación do castelo de Monterrei (1986-1996); centro de cálculo e servizos de Caixa Galicia (A Coruña, 1983); residencia escolar de Benquerencia (San Cosme de Barreiros, 1972); vivenda unifamiliar en Montecelo (1976); vivendas en Oleiros (1974); vivendas na avenida da Mariña (A Coruña, 1969); casas en Vilalba (1975); Estadio Multiusos de San Lázaro (Santiago de Compostela, 1990); Complexo deportivo Santa Isabel (Santiago de Compostela); Conservatorio de música (A Coruña, 1985); Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña (1993); Escola Oficial de Idiomas (A Coruña, 1980); Facultades de Matemáticas e Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (1978)

Era consciente Albalat de que as leis económicas de España impedían o desenvolvemento dunha arquitectura máis humana e social. En canto puido, apoiou a construción de vivendas familiares, novos espazos de convivencia social, que preanunciaban a liberdade artística.

O ENCONTRO COA GALEGUIDADE

Non nacera Albalat nunha familia galeguizada e ademais formárase lonxe de Galicia. E, non obstante, non mantivo posturas irredutibles e foise achegando á cultura galega, especialmente ao seu idioma. Dous foron os motivos da súa conversión: a amizade e colaboración con Isaac Díaz Pardo, para o que traballou en Sargadelos construíndo a fábrica, que é un modelo de construción en Galicia, e o edificio do Castro, en Sada, e quen se arrimaba a Isaac saía *ipso facto* galeguizado.

Por outra parte, cómpre ter en conta a forza coa que se organiza a arquitectura galega que forma parte da agrupación de León e Asturias e da que se separa para constituír a súa propia unidade. Profesor da Escola e decano do Colexio de Arquitectos de Galicia, Albalat foi asentándose na cultura galega: foi nomeado director do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, académico de número da Real Academia Galega e outros honores que o foron cosendo á cultura galega.

A FAMILIA

Nunha entrevista que lle realizaron fóra de Galicia sobre a súa visión dos problemas da arquitectura do momento, Albalat, que respondía coma quen repite unha música moitas veces interpretada, ve que un dos presentes lle preguntaba pola familia, e subitamente aparece o verdadeiro Albalat: con ollos acendidos e coma se pasasen pola súa mente os nomes da muller e dos fillos, viviu un momento de plenitude. A súa familia formaba parte do seu amor máis íntimo e lembreime das veces que me fora informando sobre a súa muller e os seus fillos.

Morreu como un home xusto e así o lembrarei sempre.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 455-464
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 380, pp. 465-466
© 2019. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680

NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN

1. O *Boletín da Real Academia Galega* (BRAG) é unha publicación anual que recolle traballos de investigación centrados en distintos aspectos da lingua, cultura e a literatura galegas, e mais outros contributos arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas.
2. A lingua de publicación é o galego.
3. Os traballos deberán conter material non publicado nin presentado para a súa publicación en ningún outro medio de difusión. A secretaría do *Boletín* comunicará a recepción dos orixinais.
4. De cada traballo presentarase unha copia ben papel, ben en soporte dixital. A copia en papel debe ser enviada ao seguinte enderezo:

   Real Academia Galega. Boletín
   Rúa Tabernas, 11
   Apartado 557
   15001 A Coruña

   A copia en soporte informático, pola súa banda, remitirase a:

   publicacions@academia.gal
5. A partir da recepción do traballo, solicitaranse informes de avaliación a expertos externos e/ou membros do comité científico. O seu ditame será decisivo para a súa inclusión no *BRAG*. O proceso de avaliación desde a recepción do orixinal ata a resposta ao autor ou autora non durará máis de dous meses. No caso de que o traballo precise correccións, á vista dos informes, o autor ou a autora disporá do prazo de un mes para devolver o orixinal corrixido.
6. A entrega dos traballos para a publicación no *BRAG* implica a cesión do seu dereito de explotación e copia. Esta cesión ten por finalidade a protección do interese común de autores e editores.
7. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez recibidos os orixinais non se permitirá facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición.
8. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 12, con entreliñamento sinxelo e cunha extensión dun mínimo de 20.000 e un máximo de 50.000 caracteres por artigo.
9. O artigo virá acompañado dun resumo (que non debe exceder as duascentas palabras) e das palabras chave (máximo oito) ambos en galego e en inglés.
10. As referencias á bibliografía no texto faranse conforme o modelo de citación internacional:
    - Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989: 47), (Ferreira/Amoedo 1999: 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservarase para a bibliografía final.
    - Ao final, incluiranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto. Exemplos:

      Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.

Rodríguez Fer, Claudio (1980): "O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra", *Grial* 68, 144-160.

Cochón, Iris (2003): "Lois Pereiro", en Arturo Casas (ed.), *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*. Lugo: Editorial TrisTram, 661-682.

Suquet Martínez, Mirta (2011): "Da topoloxía do corpo á utopía da escrita: *Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995)* de Lois Pereiro", *Revista de Poesía* 1, 22-41 (http://www.poesiagalega.org/revista_de_poesia/revista/f/199).

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (2006 -): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. http: //www.ti.usc.es/TILG/ [consulta en maio-setembro 2011].

11. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas, irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas; as citas máis longas poñeranse en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se empregarán as cursivas.
12. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluirán aquí as referencias bibliográficas por extenso, para evitar a proliferación de notas no rodapé.
13. Táboas/cadros. Realizaranse utilizando o comando específico de "edición de táboas". As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2 etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Vid. táboa 1).
14. Gráficos. Presentaranse orixinais con calidade para seren dixitalizados. No seu caso, tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2 etc.). Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1).
15. Fotografías, ilustracións, mapas, planos. Poderán presentarse orixinais con calidade para seren dixitalizados. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:
    - *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en "modo liña" ou "mapa de bits" (non se recomenda o modo "escala de grises"); a resolución será de 1200 ppp.
    - *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 300 ppp non son recomendables.

    Recoméndanse os seguintes formatos de arquivo: .TIFF, .EPS, .JPG.

    Irán numerados de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2 etc.) con números arábigos.

    Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. Fig.1).
16. Os materiais complementarios (táboas, gráficos, imaxes, mapas...) deben acompañarse do recoñecemento da fonte e da autoría, e, no seu caso, dos correspondentes permisos de uso e reprodución.
17. Os autores poden solicitar que se lles envíen as primeiras probas para corrixir. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten á maqueta da publicación.
18. Os orixinais que non se suxeiten ás anteriores normas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección.

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 465-466
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Índice Xeral

5
Limiar

I Simposio Antonio Fraguas Fraguas

Antonio Fraguas na cultura galega

13
Antonio Fraguas, de Insuela á Real Academia Galega /
/ *María Xosé Fernández Cerviño*

23
A Galicia máxica de don Antonio Fraguas /
/ *Antonio Reigosa Carreiras*

43
A paisaxe na obra de Antonio Fraguas /
/ *Francisco Díaz-Fierros Viqueira*

A xeografía e o seu ensino antes e despois de Antonio Fraguas

57
Os estudos de xeografía na primeira metade do s. xx en Galicia /
/ *Francisco Durán*

79
A xeografía de Galiza con e após Fraguas /
/ *Valerià Paül Carril*

105
Antonio Fraguas. O profesor / *Camiño Noia Campos*

A arqueoloxía galega antes e despois de Antonio Fraguas

125
Os antecedentes e o papel de Fraguas
na arqueoloxía do Seminario de Estudos Galegos /
/ *Francisco Calo Lourido*

145
Fraguas e a arqueoloxía galega na segunda metade do s. xx /
/ *Felipe Arias Vila*

A etnografía antes e despois de Antonio Fraguas

159
A Galicia de Fraguas / *Manuel Mandianes Castro*

165
Antonio Fraguas, etnógrafo / *Clodio González Pérez*

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 468-470
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Etnografía e antropoloxía no contexto galego do século XXI.
Situación e perspectivas de futuro

187
Antropoloxía(s) en Galiza na actualidade /
/ *Cristina Sánchez-Carretero*

199
A patrimonialización e a musealización dos bens etnográficos en Galicia.
Pasado, presente e porvir / *Xosé Carlos Sierra Rodríguez*

223
Os vínculos entre as antropologias galega e portuguesa:
perspetivas para a colaboração no século XXI /
/ *Xerardo Pereiro*

II Alocucións académicas sobre Antonio Fraguas Fraguas

239
Antonio Fraguas Fraguas:
fitos senlleiros dunha vida dedicada a Galicia /
/ *Clodio González Pérez*

249
O mestre que explorou a cara oculta da Lúa /
/ *Fina Casalderrey*

259
Sentimentos da paisaxe en Antonio Fraguas /
/ *Francisco Díaz-Fierros Viqueira*

III Conmemoración do 70 aniversario da colección Benito Soto

267
Baixo o peito a ferida: da colección Benito Soto a *Olga* /
/ *Ana Acuña*

275
A aventura de editar na primeira posguerra e dalgunhas relacións
de Aquilino Iglesia Alvariño cos homes da Benito Soto /
/ *Patricia Arias Chachero*

291
A colección Benito Soto, a primeira aventura poética
na Galicia da posguerra (Pontevedra 1949-1950/1951-1952):
sobre o seu inicial agaleguismo e outras notas /
/ *Xesús Alonso Montero*

IV Traballos de investigación e estudo

303
Variación e cambio lingüístico no galego-portugués (s. xiii - s. xiv): os clíticos *me/mi* e *lle/lhi* e outras formas en <-*e*> final /
/ *Henrique Monteagudo*

397
De Eduardo a Eduarda: un poema inédito de Pondal á irmá morta /
/ *Juan Félix Neira Pérez*

VI Vida oficial da RAG

409
A Academia na actualidade

413
Crónica da Academia (2019)

Necrolóxicas:

455
Giussepe Tavani (1924-2019) / *Ramón Lorenzo*

463
Andrés Fernández-Albalat Lois, a morte do home xusto /
/ *Xosé Ramón Barreiro Fernández*

465
Normas de entrega de orixinais para a publicación

© 2019. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 380, 468-470
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O número 380 do *Boletín da Real Academia Galega*
dedicado a Antonio Fraguas Fraguas
rematouse de imprimir no mes de outubro de 2020.





DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA